

Carlos Búa

***Toponimia
prelatina
de Galicia***

Verba
Anexo 78

2018

CARLOS BÚA

Toponimia prelatina de Galicia

Verba
Anexo 78

2018

Universidade de Santiago de Compostela



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2018

Maquetación

Antón García

Edita

Servizo de Publicacións
e Intercambio Científico
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
www.usc.es/publicacions

DOI <https://dx.doi.org/10.15304/9788417595074>

ISSN 2341-1198

ISBN 978-84-17595-07-4

ÍNDICE

1. A lingua galega entre as románicas, itálicas e indoeuropeas	9
a. Galego e indoeuropeo	9
b. Lingua latina	11
c. Linguas itálicas	12
d. Linguas indoeuropeas	12
e. Linguas célticas.	15
2. Latinización de Callaecia	24
a. Pronta introducción do latín	24
b. Uso escrito público da lingua indíxena.	25
c. Desaparición da lingua indíxena	26
d. Impronta deixada no latín	26
3. Linguas prelatinas hispánicas.	28
a. Linguas prelatinas foráneas.	28
b. Linguas prelatinas indíxenas	28
c. Lusitano.	29
4. Lamas de Moledo	31
a. Localización	31
b. Lectura	31
c. Descrición xeral	31
d. Grafías	32
e. Texto	32
f. Problemas de lectura	32
g. Interpretación do texto	34
h. Especulacións	36
5. Code-switching.	38
6. Lingua residual onomástica.	42
a. Léxico común.	42
b. Onomástica.	49
c. Limitacións da etimoloxía na onomástica	49
d. Nomes celtas.	51
e. Nomes preceltas	52

7. Celta con *p inalterada	54
a. *p en celta e celta P/Q	54
b. As grafías <F> e <H>	60
8. A hidronimia antigoeuropea	71
a. Consideracións xerais	71
b. Paleohidrónimos da área lingüística céltica	78
c. Virtudes e problemas desta onomástica	83
d. Vocalismo.	87
9. Teoría da continuidade paleolítica	98
10. Datación e diacronía da documentación.	106
11. Pureza da documentación.	111
a. Nomes no contexto dun code-switching	111
b. Nomes completamente latinizados	115
c. Excursus: antroponimia	133
d. Excursus: teonimia	152
12. Área <i>brig</i> e os <i>Celtici</i>.	155
a. Consideracións xerais e nomes característicos	155
b. Excursus: antrop. Celtius, etn. Celtici	174
13. Etimoloxía	180
14. Xeolingüística	194
14.1 Consideracións xerais	194
14.2 O noroeste	195
a. Nomes do noroeste	195
b. Excursus: Callaecia	210
c. Excursus: subáreas onomásticas dentro de Callaecia.	214
14.3 Especial relación do noroeste co sur e co leste	220
a. Nomes occidentais	220
b. Nomes compartidos cos veciños orientais	233
15. Consideracións finais	248
Bibliografía.	249

Presentación

A LINGUA GALEGA no seu conxunto, incluída por tanto tamén toda a súa onomástica, é un ben único e insubstituíble. Non o digo por chauvinismo. O mesmo se pode dicir tanto da lingua tolowa, que pertence á familia atabascana, da que tamén fai parte por exemplo o apache, que se falaba na zona fronteiriza entre California e Oregón (EEUU) e á que a National Geographic Society e mailo Living Tongues Institute for Endangered Languages xa só lle atribuían no ano 2007 un único falante, coma do chino cos seus impresionantes máis de 1300 millóns de falantes, coma de calquera outra das arredor de 7000 linguas que se falan no mundo e teñen un número de falantes maior ou menor entre estes dous extremos. Tódalas linguas son algo máis ca un puro sistema de comunicación, que como tal non habería ningún problema en substituír cando se considerase oportuno e conveniente. Son un produto e un ben cultural humano herdado e modelado ao agarimo e aos martelazos da particular historia e experiencias do conxunto dos seus falantes ao longo de innumerables séculos e xeracións. Cando desapareza o último falante da lingua tolowa ou de tantas outras que están nunha situación semellante, non só se deixará de usar un sistema de comunicación, senon que se perderá para sempre e irreparablemente o que fora un pilar e nó central de toda unha cultura e da historia dun grupo humano sostido e unido polo feito de compartir unha mesma lingua.

Aquí interésanos a lingua galega non como sistema de comunicación, senon como tesouro cultural, no aspecto concreto de ser portadora en si mesma, no seu léxico comun e na súa onomástica, especialmente na toponimia, dunha valiosísima información tanto sobre a súa propia historia, como sobre a historia lingüística do noso territorio antes da súa chegada na súa primitiva forma latina.

Galicia ten a sorte de ser un El Dorado toponímico pola súa inigualable densidade de microtopónimos que hai uns anos se empezou a recoller exhaustivamente e espero e desexo que se sigan recollendo. Moitos dos nosos topónimos, hoxe incom-

prensibles, son preciosísimas pezas arqueolóxicas que nos achegan unha información fundamental e indispensable sobre o noso pasado do mesmo xeito que o pode facer calquera outro sitio ou resto arqueolóxico material como unha mámoa, un castro, unha *villa* romana ou calquera obxecto que neles saía á luz. O toponimista alemán Andreas Schöneboom deixounos un fermoso pensamento referido aos topónimos menores que el estudaba con especial interese, pero que é perfectamente extensible a toda a toponimia no seu conxunto: *Alte Flurnamen mit dunklem Sinn sind wie Münzen aus Edelmetall, die in der Erde gelegen haben. Wenn sie sorgsam behandelt werden, leuchten sie* (“Os vellos nomes de predios que co paso do tempo se foron escurecendo ata deixar de ser comprensibles son coma moedas de ouro que quedaron enterradas. Cun coidadoso tratamento volven a mostrar todo o seu esplendor”)¹.

O lector atopará nas seguintes páxinas unha especie de introducción ao estudio da onomástica, sobre todo da toponimia prelatina de Galicia. Son moitos os temas escollidos e moitos tamén os excluídos. Tanto a súa escolla como a dos exemplos aducidos é inevitablemente subxectiva e podo entender que poida resultar insatisfactoria, polo que pido disculpas de antemán. A maioría dos datos epigráficos citados carecen de referencia bibliográfica, co fin de evitar que o texto fose aínda máis voluminoso, pero practicamente todos se poden comprobar na base de datos *online* de *Hispania Epigraphica*, onde se ofrece a lectura completa das epígrafes, as principais referencias bibliográficas e moitas veces tamén unha ou varias fotografías do texto. Tamén os datos procedentes de fontes medievais se presentan sen indicación da súa fonte documental. A maioría das referentes a Galicia debe poder comprobarse e documentarse coa axuda das ferramentas electrónicas correspondentes: *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*, *Biblioteca Dixital da Galicia Medieval*, *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*, *Inventario Toponímico da Galicia Medieval*.

Introducireime na nosa temática situando o galego entre as linguas indoeuropeas, ás que tamén pertence a lingua céltica prelatina do noso territorio (capítulo 1) que foi progresivamente desprazada da vida pública e acabou por ser completamente eliminada pola latina (cap. 2). Dado que este texto non vai dirixido a especialistas en lingüística indoeuropea, exporei e explicarei ás veces conceptos e datos que para estes serían básicos e por tanto de referencia e explicación innecesaria. Fronte ao que ocorre noutras partes da Península Ibérica no noroeste temos a mala sorte de que de momento non se coñece ningún texto en lingua indíxena (cap. 3). O máis próximo

¹ Como exemplo dun excelente estudo da onomástica de substrato como fonte para o coñecemento do pasado pode lerse Nicolaisen 1990 a propósito de *Aberdeen*. No título e na conclusión do traballo destácase o enorme valor deste resto arqueolóxico lingüístico para o coñecemento da prehistoria da zona: “The name *Aberdeen*, then, a splendid toponymic ruin in the modern linguistic landscape, can therefore serve well as a remarkable toponymic key to the history and prehistory of this region”.

xeograficamente e que de feito penso que se pode considerar escrito nunha variedade lingüística galaica meridional é o de Lamas de Moledo (cap. 4). Compensa nalgunha medida a súa ausencia o fenómeno relativamente frecuente do *code-switching* en textos votivos latinos (cap. 5), pero esto non modifica a triste realidade de que a lingua prelatina do noroeste só nos sexa coñecida a través de nomes con tódalas limitacións que esto implica (cap. 6). Esta onomástica pertence a distintos estratos cronolóxicos, pero non aparece secuenciada en sucesivos estratos sedimentarios, como ocorre nunha excavación arqueolóxica, senon completamente mesturada. É algo así coma se sobre unha grande mesa tivesemos unha pequena parte das pezas descompostas e remexidas de distintos puzzles xigantes, sendo obxecto do noso interese os dous máis antigos, que son tamén os progresivamente máis incompletos e de cores e cantos máis desgastados e alterados polo paso do tempo. O avance será inevitablemente moi lento e moi limitado, con máis posibilidades dun éxito parcial no puzzle superior do que se perderon a maioría das pezas ca do inferior do que se perderon practicamente todas. En calquera caso haberá que evitar buscar atallos onde non os hai e non deixarse guiar por ideas preconcebidas nin concebir ideas prematuramente, xuntando unhas pezas con outras a presión ou aproveitándonos das frouxedades. Escollín comentar tres ideas (pre)concebidas no pensamento de distintos investigadores que condicionan decisivamente a interpretación, clasificación e/ou datación deste material e ao que por tanto, como todo, de ningún modo hai que adherirse de partida dun xeito se cadra excesivamente crédulo, senon en todo caso despois dunha valoración crítica dos posibles argumentos e contraargumentos e unha boa dose de sano escepticismo: a presunta imposibilidade de clasificar como céltico o material lingüístico no que o **p* indoeuropeo se conserva inalterado (cap. 7), a presunta existencia tanto fóra como dentro do noso territorio dunha antiquísima lingua indoeuropea convencionalmente chamada “antigoeuropeo” da que só se conservarían restos no ámbito da hidronimia (cap. 8) e a presunta celtización do noso territorio en época paleolítica (cap. 9). Unha vez liberados do perigo de asumir calquera destes ou de outros prexuízos discutibles sen telos sometido previamente a discusión, podemos pasar á análise do material. Trátase de nomes documentados en época romana ou posterior e por tanto correspondentes á última etapa da lingua indíxena na que xa convivía coa latina (cap. 10) e que ademais están na súa maioría latinizados ou, en caso contrario (cando hai *code-switching*), integrados nun contexto oracional latino (cap. 11). O noroeste forma parte dunha grande área onomástica e lingüística coñecida como área *brig*. Moitos dos nomes documentados no seu seo son claramente célticos, de onde se deduce que tanto no noroeste coma no resto deste territorio se falou polo menos unha lingua céltica (cap. 12). Pero a pesar desto a interpretación etimolóxica de todo este material non vai moito máis alá do que practicamente resulta evidente á primeira vista, se non queremos caer na pura especulación e nos círculos viciosos

que dela se derivan (cap. 13). Non hai que perder o tempo con semellantes elucubracións completamente inútiles, cando hai tanto por facer doutro xeito e dende outras perspectivas, como por exemplo e moi especialmente a xeolingüística na que aquí me centrarei. No seo deste inmenso material e grande espazo xeográfico atopamos nomes que coinciden en ter áreas de dispersión máis reducidas. O noroeste conforma unha rexión cunha notable personalidade propia, aínda que estea perfectamente integrada na área *brig* e teña uns lazos moi estreitos cos territorios veciños inmediatos, especialmente ao longo da faixa atlántica occidental. Pero no seu interior atopamos tamén nomes cunha localización aínda máis reducida e particular que apuntan á posibilidade de poder establecer subáreas onomásticas internas que eventualmente se van poder asociar a algúns dos pobos que as nosas fontes antigas sitúan no noroeste, como é o caso dos nomes típicos da provincia da Coruña e zonas costeiras inmediatas nas que as fontes antigas coinciden en situar aos célticos (cap. 14). Despois de todas estas consideracións chegamos á conclusión de que queda aínda moito por facer na recollida e publicación do material e que hai aínda toda unha investigación moi fructífera por realizar sen necesidade de perderse en fantasías etimolóxicas e linguas imaxinarias que permiten darlle a todo a súa explicación (cap. 15).

Para rematar, quero manifestar o meu agradecemento a Ana Boullón polo seu impulso, apoio e axuda, a Sybille Große por terme permitido traballar na Universidade de Heidelberg dun xeito tan favorable para a investigación e ao meu querido mestre Jürgen Untermann *in memoriam*. Dedico este libro aos socios e amigos da Asociación Galega de Onomástica, con especial e sentida lembranza dos que xa non están.

1. A lingua galega entre as románicas, itálicas e indoeuropeas

a. Galego e indoeuropeo

A lingua galega é unha das moitas variedades lingüísticas actuais do protoindoeuropeo, que non é outra cousa ca o estadio evolutivo no que se atopaba a nosa lingua en data prehistórica e territorio difíciles de determinar, posiblemente hai uns cinco ou seis mil anos non lonxe da outra Galicia que hai en Europa, hoxe dividida entre os estados de Polonia e Ucraína².

Na lingüística diacrónica adóitase falar de linguas nais e fillas. Así dicimos, por exemplo, que a lingua galega é filla da latina, que esta é filla da protoindoeuropea, quen pola súa parte sería filla dunha nai anterior descoñecida e así sucesivamente a través dunha morea imprecisa de milenios nos que se perde a inmensa e escura prehistoria da humanidade. Esta terminoloxía tomada das relacións familiares humanas é por suposto moi práctica, pero tamén algo desafortunada, debido a que pode levar a algún malentendido fundamental. Nas familias nais e fillos son seres ou obxectos vivos diferentes, mentres que as linguas nais e fillas, ou avoas e netas como se podería clasificar o protoindoeuropeo con respecto ao galego, son en perspectiva lingüística puramente diacrónica a mesma lingua (o mesmo ser ou obxecto, digamos) en momentos diferentes da súa vida.

Pero esta comparación da vida dunha lingua coa vida dunha persoa ou de calquera outro ser vivo tampouco resulta plenamente satisfactoria: primeiro, porque pode levar a crer que o protoindoeuropeo e mailo galego sexan estadios equivalentes á infancia e madurez ou ancianidade do curso vital da nosa lingua e que por tanto o protoindoeuropeo sexa un sistema lingüístico recién nacido nun estadio inicial de desenvolvemento que co galego acada o seu estadio de perfección ou decadencia, cando en realidade non se trata máis ca de dúas etapas moi recentes e igual de desenvolvidas no contexto da pequena historia e xigantesca prehistoria da nosa lingua. Por outra parte, mentres que o corpo e a vida dunha persoa é por natureza individual e (polo

² A homonimia destes dous corónimos é casual. Unha Galicia non tena nada a ver coa outra. O nome da nosa terra, como é ben sabido, é unha forma semiculta galega que ven do lat. *Gallaecia*, mentres que no caso da *Galicia* eslava se trata dunha forma latinizada medieval a partir do nome da primeira capital deste territorio situada no oeste da actual Ucraína no curso alto do río Dnjestr: *Gálich*, que actualmente se pronuncia *Hálich* coa espirantización do *g* típica do ucraíno (grafías modernas: *Halicz* en polaco, *Галич* en ucraíno) de etimoloxía descoñecida.

menos de momento) indivisible en dous ou máis individuos en plena función de tódolos seus órganos, o das linguas é un corpo colectivo, unha especie de enxame, que co tempo se vai escindindo en diferentes enxames ou colectivos que se poden volver a escindir sucesiva e en principio ilimitadamente e que ao vivir por separado e en circunstancias diferentes se van diversificando cada vez máis, de aí que a historia do galego só sexa súa particular dende a Baixa Idade Media, mentres que é compartida polo portugués ata esa época, polas demais linguas románicas ata a desintegración do latín vulgar tardío e por tódalas demais linguas indoeuropeas ata a desintegración do protoindoeuropeo común, que, como acabo de dicir e insisto, non é o comezo de nada, senon simplemente o estadio máis antigo coñecido da etapa máis recente do longo pasado da nosa lingua. Por último, mentres que a vida humana experimenta unha degradación física que inevitablemente conduce á morte, as linguas están en perpetua mudanza e renovación e teñen unha vitalidade potencialmente eterna, aínda que esto, como é ben sabido, non significa que estea asegurada a súa supervivencia. Nesto último si que podemos dicir que as linguas son tremendamente humanas: poden suicidarse, poden morrer por abandono e desamparo e tamén as poden matar con diáfana brutalidade ou ben disimulada aleivosía.

Cando unha lingua ten unha historia (e prehistoria) tan longa e etapas lingüística e culturalmente tan marcadas como no noso caso, pode suceder que as sucesivas etapas na súa evolución se desinen dun xeito moi diferente (*galego, latín, protoindoeuropeo*). En caso contrario recórrese a variacións do mesmo nome. Así, por exemplo, na historia do vasco fálanse do *vasco moderno, vasco clásico, vasco medieval, vasco común* e *vasco arcaico*. Esta práctica terminolóxica tamén pode conducir a ideas completamente absurdas como por exemplo a crer que o vasco ou calquera outra lingua sexa máis antiga ca o galego ou ca calquera outra do planeta. O certo é que, coa excepción dos pidgins e creoulos, tódalas linguas naturais do mundo son igual de antigas. Todas son sucesivos produtos evolutivos dun estadio anterior ata remontarnos ao nebuloso momento no que hai polo menos uns douscentos mil anos (tempo que se pensa que leva o home moderno vagando por este planeta dende a súa ancestral patria africana) se desenvolveu a linguaxe humana. Agora ben, o que si é certo é que non todas as linguas do mundo teñen unha historia e prehistoria coñecida tan longa. A historia do vasco remonta á Idade Antiga, época correspondente ao que agora se chama ou algúns chaman *vasco arcaico*, coñecido a través de restos onomásticos, sendo máis ben pouco o que se pode penetrar na súa prehistoria polo único procedemento restante da reconstrución interna. A historia do galego en cambio non empeza coa *Noticia de Fiadores* ou calquera outro texto medieval de Galicia ou Portugal ao que se lle queira poñer a etiqueta de primeiro documento da nosa lingua, senon cos textos epigráficos latinos máis antigos dos séc. VII-VI aC. e pasa pola inmensidade en cantidade e calidade da literatura latina antiga. A súa prehistoria coñecida remonta ao protoindoeuropeo no terceiro-cuarto milenio antes de

Cristo, estadio evolutivo que se coñece dun xeito relativamente preciso, aínda que por suposto incompleto, podéndose chegar por reconstrución interna a datas aínda máis recuadas. O galego non é máis novo nin máis vello, mellor nin peor ca calquera outra lingua do mundo, pero por ser unha lingua indoeuropea ten a sorte de pertencer a unha familia lingüística amplísima, de longuísima historia e prehistoria coñecidas e que é ademais sen dúbida a mellor estudada do planeta.

b. *Lingua latina*

O galego atopábase hai uns dous mil anos nun estadio evolutivo que denominamos latín. A *lingua Latīna* recibe este nome por ter sido nun primeiro momento a lingua dun pequeno territorio itálico ao sur do río Tíber que recibía o nome de *Latium*, h. Lacio (it. *Lazio*). Podemos distinguir dúas fases no seu primeiro desenvolvemento, onde aplicamos o mesmo termo *lingua latina* a dúas realidades diferentes e sucesivas³. No século VI a.C. a variedade latina de Roma podemos dicir que aínda non saíra da casa. Non era máis ca o dialecto ou fala propia dunha cidade sen maior distinción nin relevancia ca o doutras deste territorio como *Praeneste* (h. Palestrina), *Satricum* (h. Le Ferriere) ou *Tibur* (h. Tivoli), dos que nos quedan escasísimos testemuños epigráficos e/ou literarios. A *lingua Latīna* que se falaba neste momento só existía en forma desas distintas falas locais. A uns 50 km ao norte de Roma na banda dereita do Tíber atopábase a cidade de *Falerii* (h. Civita Castellana), que era un reducto lingüístico indoeuropeo en territorio polo demais etrusco no que se falaba o falisco⁴, un dialecto moi semellante e intimamente emparentado coas variedades do Lacio. Ao conxunto destes dialectos e falas déuselle o nome convencional de latino-falisco.

Tanto o galego coma tódalas demais linguas románicas que hoxe se estenden por todo o planeta proceden en última instancia daquela variedade concreta que a *lingua Latīna*, ou se se prefire o latino-falisco, presentaba en Roma. Esta cidade, privilexiada pola súa posición xeográfica fronteiriza, nunha encrucillada de rutas fluvial e terrestres, foi gañando peso e relevancia a partir do séc. V a.C. ata conseguir impoñer a súa hexemonía e, como habitual compañeira do poder, estender a súa variedade lingüística por todo o Lacio, xerándose así pouco a pouco unha nova *lingua Latīna* entendida agora como lingua común dese territorio con base na variedade local de Roma e algunhas pequenas achegas das outras variedades dialectais locais e linguas veciñas.

Os séculos posteriores son de vertixinosa expansión. Na segunda metade do século II a.C. xa temos a Bruto ás portas da nosa terra, quen tralas súas vitorias

³ Outras linguas, como o alemán, distinguen entre *latinisch* “correspondente ás primitivas variedades lingüísticas do Lacio” e *lateinisch* “correspondente á variedade lingüística de Roma convertida en lingua común do Lacio”.

⁴ *Falerii* nom. pl. do tema **Fales-jo-* é un derivado da mesma base que temos no adxectivo *Falis-cus* < **Fales-ko-* con rotacismo do *-s-* intervocálico, do mesmo xeito que ocorre por exemplo en *Etruria* < **Etrus-ja* vs. *Etrus-cus*.

no ano 137 a.C. contra os calaicos meridionais engadiu aos seus *tria nomina* o sobrenome honorífico de calaico, pasando así a chamarse *Decimus Iunius Brutus Callaecus*. Milenio e medio máis tarde as linguas románicas e mailos seus falantes lanzáronse á súa expansión por todo o mundo, cunha variedade da nosa lingua, o portugués, á cabeza de todas elas.

A historia das linguas románicas é realmente espectacular entre as indoeuropeas. Naceron nunha especie de *big bang* a partir dunha diminuta comunidade humana e lingüística asentada nun minúsculo territorio entre sete outeiros que favorecían a súa defensa e onde a *insula Tiberina* facilitaba a travesía do Tíber, e acabaron por xerar un xigantesco universo que, a pesar de distintas fluctuacións, aínda hoxe podemos dicir que segue en expansión (agora sobre todo co español nos Estados Unidos).

c. *Linguas itálicas*

Pero falar de *nacemento* e *big bang* voltan a ser metáforas pouco afortunadas, porque a nosa lingua (sempre nese sentido puramente diacrónico) nin naceu nese momento nin ese *big bang* constitúe unha barreira de coñecemento infranqueable como ocorre coa historia do universo. Os conxuntos dialectais latino-falisco e sabélico (antes chamado osco-umbro: osco, umbro, sudpicénico e outras poucas variedades máis escasamente documentadas e de clasificación concreta máis ou menos problemática) constitúen unha subfamilia indoeuropea que convencionalmente chamamos linguas itálicas (a pesar de que non todas as linguas antigas de Italia pertencen a este grupo⁵), de xeito que entre o latín e mailo protoindoeuropeo en realidade aínda podemos establecer unha lingua nai intermedia, o protoitálico, do mesmo xeito que entre o galego e portugués modernos e mailo latín podemos situar o galego medieval ou galego-portugués. Tendo en conta estes (e outros posibles) estadios intermedios o protoindoeuropeo non sería en realidade a lingua avoa, senon bisavoa ou tataravoa (ou máis ca tataravoa) da galega.

d. *Linguas indoeuropeas*

Á grande familia indoeuropea tamén pertencen as linguas célticas das que falaremos máis abaixo con máis detalle, as xermánicas (inglés e outras), bálticas (lituano e o.), eslavas (ruso e o.), indo-iránias (hindi, persa e o.), o armenio, o grego e mailo albanés. De entre as que hoxe xa non se falan tamén eran indoeuropeas as anatólicas (hetita e o., na actual Turquía), o tocario (na cunca do río Tarim, actual Rexión Autónoma Uigur de Sinqián, China) e unhas cantas europeas e anatólicas antigas máis documentadas dun xeito moi fragmentario ou residual. Dende Noruega, Illas

⁵ As variedades célticas do norte e mailo mesápico do sureste pertencen a outras subfamilias indoeuropeas. O venético, falado no noreste, non está claro se debe clasificarse como itálica ou como subfamilia propia. E aínda hai distintas linguas non indoeuropeas, entre as que destaca o etrusco pola súa importancia histórica e ampla documentación epigráfica.

Feroe, Islandia, Groenlandia e, como agora se sabe, tamén Canadá [L'Anse aux Meadows, Terranova] (linguas xermánicas) no extremo noroccidental de Europa ata a India (con Assam como estado federal máis oriental e o distrito de Tinsukia no seu extremo), Nepal, sur de Bután, Bangladés, Sri Lanka e Illas Maldivas (linguas indias) faláronse (xa antes da expansión colonial europea a partir do século XV) e séguense falando centos de linguas emparentadas entre si e que por referencia aos extremos macroxeográficos dese territorio ou a eses dous grupos de linguas máis extremos denominamos convencionalmente linguas indoeuropeas (“linguas dende India ata Europa”) ou indoxermánicas (“linguas dende as indias ata as xermánicas”)⁶.

A partir do século XV moitas desas linguas acabarán espallándose por todo o mundo (portugués, español, inglés, francés, ruso, etc.), polo que actualmente as linguas indoeuropeas conforman a familia lingüística con máis falantes de todo o planeta. É naquel século cando Vasco da Gama chegou á India e os xitanos, orixinarios do noroeste da India e nordeste de Paquistán, chegaron por certo tamén á Península Ibérica, entrando así en contacto as linguas do extremo occidental europeo, románico neste caso, coas do extremo oriental indio despois duns cinco mil anos de separación, se deixamos de lado o breve precedente dos alanos⁷. Ninguén podía sospeitar naquel momento que entre pobos tan distantes, culturas tan diferentes e linguas tan dispares poidese haber un primitivo vencello histórico. Pero será precisamente na Goa indoportuguesa onde Thomas Stephens nunha carta de 1583 nos deixe a primeira manifestación escrita da observación das grandes semellanzas entre a lingua india e mailas europeas⁸. Marcus Zuerius van Boxhorn nunha carta de 1637 será o primeiro en manifestar despois a opinión de que esas semellanzas se deben a unha

⁶ Os dous termos foron introducidos a comezos do séc. XIX: “langues indo-germaniques” aparece usado por primeira vez polo xeógrafo franco-danés Conrad Malte-Brun (1810), “Indo-European languages” polo médico e físico inglés Thomas Young (1813).

⁷ Os alanos, lat. *Alānī*, eran un pobo iranio da Europea oriental que chegou á Península Ibérica no século V en compañía dos suebos, vándalos e visigodos. O seu nome **alāna-* procede de **ariāna-* “ario” que temos por exemplo en **Aryānām xšaθram* “o reino dos arios” > pers. med. *Ērān-šāhr* → pers. mod. *Īrān* (Alemany 2000: 1-5). Non temos practicamente ningún testemuño da súa lingua. O nome dun dos seus reis aparece en Hidacio e Isidoro como *Addace / Atace* de onde se reconstrúe un tema **Addaka-* ou **Attaka-*, diminutivo en *-aka-* de **adda-* ou *atta-* “pai” (Alemany 2000: 77). No ano 418 os alanos e mailos vándalos silingos sobreviventes á campaña de Valia atoparon refuxo na nosa terra, acollidos polos vándalos hasdingos. Tralas posteriores confrontacións bélicas vándalos, alanos e outras xentes que se lles uniron acabarían por pasar no ano 429 ao norte de África.

⁸ Basta con tomar un pequeno exemplo da lingua romani dos xitanos para ver como se manifesta con claridade a súa indoeuropeidade: *me tut kamam* “quérote”. O pronome *me* “eu” nominativo está relacionado cos nosos *me* e *min*; *tut* “te” acusativo cos nosos *tu*, *te*, *tí*; na forma verbal *kamam* temos unha terminación de 1. pers. sing. *-m* que tamén está detrás do *-n* da nosa forma verbal *son* < lat. *sum* (tamén en lat. *eram*, *amābam*, etc.) e unha base *kāma-* “amor” ben coñecida tanto polo *Kāmasūtra* “Tratado sobre o amor” como polo seu derivado *camelar* “enamorar, engatusar” do calón hispánico que comparten a mesma raíz ie. **kah₂*, “amar” que temos no noso adxectivo *caro* (lat. *cārus*) “querido”.

orixe común. Pero é a William Jones a quen se lle atribúe a primeira defensa relevante desa relación xenética nunha conferencia de 1786 na sede da recentemente fundada *Asiatick Society* de Calcuta, publicada en 1798⁹. 1786 non pode considerarse sen embargo a data de nacemento, como se afirma ás veces, senon máis ben en todo caso do pistolazo de saída da lingüística indoeuropea. William Jones estaba moi lonxe de saber qué outras linguas pertencen ou non a esta mesma familia e sobre todo qué criterios demostran realmente ese parentesco (Campbell 2006). A obra fundacional da lingüística indoeuropea é propiamente o *Über das Conjugationssystem der Sanskritsprache in Vergleichung mit jenem der griechischen, lateinischen, persischen und germanischen Sprache* de Franz Bopp, publicada en 1816. Outro grande fito marcarao despois o *Grundriß der vergleichenden Grammatik der indogermanischen Sprachen* de Karl Brugmann e Berthold Delbrück, publicado entre 1886 e 1900, onde se recollen os inmensos avances acadados pola lingüística indoeuropea ao longo do século XIX. O século XX estará despois marcado polo descubrimento de novas linguas que achegaron e seguen achegando unha chea de información nova: o hetita e outras linguas anatolias, que son con diferenza as máis antigas desta familia lingüística e alteraron en moitos aspectos o concepto da lingua protoindoeuropea ao que se chegara no século anterior; o tocario, que resultou ser unha lingua *centum* (é dicir, sen asibilación das oclusivas palatais indoeuropeas) onde menos se esperaba, no extremo oriental do territorio lingüístico indoeuropeo¹⁰; o micénico, como

Na Península Ibérica, onde o romani xa non se fala, non é posible escoitar un *me tut kamam*, pero moitos coñecerán seguramente a súa versión caló, *yo te camelo* ou *tú me camelas*, que foron títulos de grandes éxitos dos Rumberos Catalanes e da Niña Pastori respectivamente. Os calóns (port. *calão*, esp. *caló* coa perda andaluza do *-n* final) son as variedades románicas faladas polos xitanos e que se caracterizan sobre todo por unha forte influencia romani no seu léxico. O calón galego non recibe por certo toda a urxente atención que merece como parte que é do noso máis ameazado patrimonio lingüístico.

⁹ “The Sanscrit language, whatever be its antiquity, is of a wonderful structure; more perfect than the Greek, more copious than the Latin, and more exquisitely refined than either; yet bearing to both of them a stronger affinity, both in the roots of verbs and in the forms of grammar, than could possibly have been produced by accident; so strong indeed, that no philologist could examine them all three without believing them to have sprung from some common source, which, perhaps, no longer exists. There is a similar reason, though not quite so forcible, for supposing that both the Gothic and Celtick, though blended with a very different idiom, had the same origin with the Sanscrit; and the old Persian might be added to the same family, if this were the place for discussing any question concerning the antiquities of Persia” (Jones 1798: 422-423).

¹⁰ A protolingua indoeuropea posuía fonemas oclusivos palatais **k̑*, **g̑* e **g̑h* (ademais dos velares **k*, **g*, **gʰ* e labiovelares **kʷ*, **gʷ*, **gʷh*), por exemplo nas palabras **k̑ntom* “cen” ou **poȓkō* “porco”. Nas linguas indoeuropeas occidentais (por exemplo, latín, celta, xermánico ou grego) houbo unha despalatalización destas palatais que confluiron así coas velares (lat. *porcus*, gal. *porco*; lat. *centum* con /k/ que aínda se conserva no sardo *chéntu* con <ch> = /k/, mentres que en galego *cento* e noutras linguas románicas temos unha palatalización secundaria). Nas linguas orientais (por exemplo, báltico, eslavo, iranio e indio) en cambio as oclusivas palatais converterónse en sibilantes (por exemplo no ámbito iranio: avést. *satəm* “cen”, *pərəsō* “porco”). Aten-

variedade máis antiga da lingua grega, moi anterior aos textos homéricos; ou o celta hispánico, entendido non como sinónimo de celtibérico, senon como un conxunto de variedades moi especial (e problemático) das linguas célticas no suroeste de Europa.

e. Linguas célticas

As linguas célticas, que para a Galicia prelatina teñen unha importancia moi especial, o que por suposto non impide que as nosas universidades carezan dunha Filoloxía ou polo menos dun Instituto ou Seminario que se ocupe delas especificamente, ocuparon un espazo enorme na Europa centro-occidental, dende onde tamén se estenderon cara ao leste, cos gálatas na zona de Ancara (Turquía) como comunidade céltica antiga estable máis oriental e que conservou por certo a súa lingua ata polo menos o séc. VI dC, segundo unha referencia de Círiilo de Escitópolis, tanto ou máis por tanto ca na nosa terra. Lamentablemente a posterior expansión das linguas xermánicas dende o norte, das eslavas polo leste e das románicas polo sur fixo que o seu primitivo dominio tan extenso se acabase por reducir á súa actual extrema marxinalidade coa completa desaparición de tódalas variedades célticas continentais, das que se coñecen sobre todo o lepóntico (con textos dos séc. VI - I aC.¹¹), o galo (con textos dos séc. IV aC. - III dC.¹²) e mailo celtibérico (con textos dos séc. II-I aC.¹³), e coa única supervivencia actual de catro variedades insulares: dúas linguas gaélicas (irlandés, escocés) e dúas britónicas (galés e bretón).

O celtibérico é a variedade céltica hispánica mellor documentada e coñecida, pero non é a única. No noroeste falouse (polo menos) unha lingua ou dialecto

dendo a este fenómeno e tomando como exemplo as palabras latina e avéstica para “cen” ao conxunto das linguas occidentais sen asibilación déuselle o nome de linguas *centum*, mentres que as demais se denominaron *satəm*. Pero dende que coñecemos o tocario, onde temos por exemplo na variedade do toc. A *kānt* ou na do toc. B *kante* “cen”, o claro reparto xeográfico deste fenómeno veuse abaixo por completo e de feito agora esta antiga clasificación baseada nun único fenómeno fonético perdeu toda a súa relevancia.

¹¹ Con centro na área de Lugano (Suiza), nunha variante local do alfabeto etrusco. Por exemplo a inscrición de Prestino (Como, Lombardía, Italia) do séc. V e a do vaso abuxainado de Ornavasso (Piemonte, Italia) do séc. II aC.

¹² Os máis antigos en alfabeto grego, por exemplo a inscrición de Vaison-la-Romaine (dép. Vacluse, Francia) do séc. II/I aC.; despois en latín, por exemplo a de Alise-Sainte-Reine (dép. de la Côte-d’Or) de arredores do séc. I dC. Entre os máis extensos están o prato de Lezoux (dép. Puy-de-Dôme), as láminas de chumbo de Chamalières (dép. Puy-de-Dôme) e de L’Hospitalet du Larzac (dép. de l’Aveyron) e maila tella de Châteaubleau (dép. Seine-et-Marne). Do galo en Italia destacan as inscricións bilingües galo-latinas de Todi (Umbria) e de Vercelli (Piemonte). Máis ao leste temos aínda a inscrición da lousa de Grafenstein (Carintia, Austria) do séc. II dC. que tamén pode ser céltica.

¹³ A maioría en alfabeto ibérico, por exemplo os tres bronzes de Botorrita (Zaragoza) ou o de Luzaga (Guadalajara) entre os máis extensos; algunhas en alfabeto latino como a inscrición de Peñalba de Villastar (Teruel).

céltico¹⁴ distinguíble e por tanto en maior ou menor medida diferente do celtibérico, segundo se deduce dos restos onomásticos locais indiscutiblemente célticos (p. ex. o teónimo *Lugubo* de Sober, Lugo, con terminación de dativo *-bo* diferente da correspondente celtibérica *-bos*). A existencia dunha celticidade (é dicir, de [polo menos] unha comunidade lingüística céltica) prelatina no territorio da actual Galicia debe considerarse fóra de toda dúbida¹⁵, como tamén é indiscutible que se trata dunha celticidade perdida, tan perdida como por exemplo a latinidade do norte África¹⁶. Que non se chamen pois a engano os celtomaniacos máis teimosos e recalcitrantes, sexan celtófobos ou celtofanáticos: houbo celticidade e xa non a hai. Os primeiros deben saber que asumir a celticidade prelatina de Galicia é unha consecuencia necesaria da análise obxectiva dos datos lingüísticos prelatinos de que dispoñemos, non da súa falsa interpretación ou interesada terxiversación por parte de individuos incapaces de ser obxectivos pola súa ignorancia e/ou cega paixón céltica ou de calquera outro tipo. Os segundos deben ter claro, en cambio, que a galegitude (é dicir, a romanidade diferenciada) da nosa lingua e cultura é nin máis nin menos ca o resultado da eliminación e substitución desa primitiva celticidade por unha realidade nova de orixe itálica. O único que actualmente admite discusión é, por unha banda, se no noroeste da Península Ibérica só había esa lingua céltica ou tamén había algunha máis (fose tamén céltica ou non) e, por outra, se a lingua convencionalmente chamada lusitana,

¹⁴ Digo “(polo menos) unha lingua céltica” no sentido de que está asegurada a presenza de unha e non é posible descartar por completo que houbera algunha máis (céltica ou non), sen que eu favoreza ou deixe de favorecer a idea de que houbera máis de unha.

¹⁵ Falo aquí dunha celticidade lingüística. Fóra da lingua *sensu stricto* haberá en cambio moita, pouca ou ningunha celticidade na medida en que haxa máis ou menos elementos comúns co que neses outros ámbitos culturais e/ou científicos se adoite clasificar e denominar como céltico. Así por exemplo que os arqueólogos clasifiquen como célticos ou non (e por unanimidade ou non) os restos materiais do mundo galaico prerromano é unha cuestión que non ten a máis mínima relevancia lingüística.

¹⁶ O único que os galegos contemporáneos conservamos desa nosa primitiva celticidade lingüística son un caudal bastante importante de topónimos e uns cantos préstamos de substrato, cousa que por suposto non nos fai especialmente celtas, como non nos fai tampouco especialmente xermánicos a máis abundante aínda onomástica suébrica e visigótica. Por outra parte deben quedar tamén tradicións, lendas e contos populares de raíces prerromanas, pero aquí hai que andar con moita cautela. Deixando xa de lado todo o que puido e debeu circular e trasladarse dunha zona a outra en época romana, para a configuración do folclore galego tal como o documentamos modernamente foron sen dúbida moi determinantes os Camiños de Santiago que durante séculos funcionaron como unha especie de vías de acceso a unha internet paneuropea que permitiu que se descargase, mesturase e refixese aquí un potentísimo caudal cultural popular da orixe máis diversa. As nosas lendas e contos de posible ou segura orixe céltica, como sen dúbida tamén as procedentes doutras áreas lingüísticas e culturais europeas (románica, xermánica, etc.), non son necesariamente autóctonas prerromanas. Tratar de distinguir aquí entre o que é primitivo e todo o que se foi sumando posteriormente parécese un *desideratum* urxente, pero tamén de difícil satisfacción.

da que só se coñecen unhas poucas inscricións en alfabeto latino, posteriores por tanto á conquista romana, tamén é céltica e estaba presente ou non no noroeste¹⁷.

O tartésico, do que nos quedan restos onomásticos (top. *Iponoba*¹⁸, h. Cerro del Minguillar, preto de Baena, Córdoba, e outros top. cos elementos *ipon*, *uba/oba* e *igi* como *Olisipo -onis*, *Corduba*, *Onoba* e *Onigi*) e mais un pequeno corpus epigráfico no suroeste da Península, adoita considerarse lingua non indoeuropea sen parentesco determinable. John Koch lidera non obstante unha liña de investigación coa convicción e obxectivo de demostrar que se trata en realidade dunha lingua céltica.

De entre as linguas gaélicas o irlandés (*goidhealg* en irlandés clásico, *gaeilge* en irlandés moderno) escribiuse en alfabeto ogámico entre os séc. IV-VI dC., período coñecido como irlandés primitivo ou arcaico, pasando despois por distintas fases denominadas irlandés antigo (séc. VII-IX), medio (séc. X-XII), clásico (séc. XIII-XVIII) e moderno. Hoxe conta con aproximadamente millón e medio de falantes, dos que en realidade só uns 50.000 o teñen como lingua materna, sobre todo nos condados occidentais de Dún na nGall/Donegal, Maigh Eo/Mayo, Gaillimh/Galway e Ciarraí/Kerry. Nesta lingua temos unha riquísima produción literaria medieval¹⁹

¹⁷ As principais opcións son por tanto as tres (ou seis) seguintes: que en Galicia só houbera unha única lingua céltica asociable ou non ao lusitano, que houbera dúas linguas célticas das que unha sería especialmente asociable ou non ao lusitano e, por último, que houbera dúas linguas de dous gallos lingüísticos indoeuropeos diferentes, só unha delas céltica, a outra asociable ou non ao lusitano. Ampliar o xogo especulativo á eventual coexistencia de tres ou máis linguas xa me parece rizar o rizo innecesariamente.

¹⁸ Neste caso parece terse imposto a variante gráfica con *-o-* en lugar de **Iponuba*, probablemente favorecida por unha interferencia pseudoetimolóxica co lat. *nova*. Na tradición manuscrita de Plinio este topónimo aparece de feito como *Hippo Nova*.

¹⁹ A literatura irlandesa conservada é posterior á introducción da escritura latina da man do cristianismo. Quedan algúns textos poéticos que ademais do seu contido tamén presentan aínda unha forte pegada formal da tradición literaria druídica anterior, por exemplo o *Cétnad nAise* “Conxuro por unha longa vida” (tamén coñecido como *Admuiniur secht n-ingena trethan* “Invoco as setes fillas do mar” a partir do seu primeiro verso) atribuído ao séc. VIII, aínda que documentado moi posteriormente. Especial mención merecen as numerosas sagas coa súa característica mestura de prosa, prosa rítmica e poesía que adoitan agruparse en distintos ciclos temáticos ou materias: os dous máis antigos e interesantes son o ciclo heroico ou do Úlster co *Táin Bó Cuailnge* “O roubo do touro de Cuaille/Cooley” [nome dunha península no condado de Lú/Louth, no sureste de Irlanda do Norte], o *Togail Bruidne Da Derga* (“A destrución da palloza de Da Dergas”) ou o *Táin Bó Froích* “O roubo do gando de Froech” e mailo ciclo mitolóxico co *Cath Maige Tuired* “A (segunda) batalla de Mag Tuired” [nome dun lugar xunto ao lago Loch Arbhach/Lough Arrow, no condado de Sligeach/Sligo, Irlanda], no que se relata a loita entre os Tuatha Dé Danann e os demoníacos Fomoir, ou o *Tochmarc Étaíne* “O cortexo de Étaín”; os outros dous son o ciclo de *Finn* (ou *Find* nunha forma máis antiga do nome [= galés *Gwynn*], unha especie de bandoleiro) ao que pertence o *Tóraigheacht Dhiarmada agus Ghráinne* “A escapada de Diarmuid e Gráinne” ou o *Acallam na Senórach* “A conversa cos vellos” e mailo ciclo dos reis ou histórico co *Buile Shuibhne* “A tolemia de Suibne” ou o *Fingal Rónáin* “O exterminio da familia de Rónán”, por poñer algúns exemplos especialmente relevantes e coñecidos de cada unha desas materias.

que influiu na literatura doutras linguas e culturas europeas, tamén na galega²⁰ que dende o séc. XIX se reinventa como “fogar de Breogán”²¹ con tódalas luces e sombras deste desenvolvemento²². A creación literaria irlandesa moderna segue a ser moi productiva²³ e o irlandés é actualmente a única lingua céltica que, ademais da

²⁰ Na narrativa fantástica destacan, como unha variedade dos *echtraí* (plural de *echtrae*) “saídas [≈ aventuras]” (por exemplo o *Echtrae Chonnlaí* “A aventura de Connla”), os *immrama* (plural de *immram*) “viaxes por mar” ou “navegacións”, como por exemplo o *Immram Brain* “A navegación de Bran” ou o *Immram Curaig Maíle Dúin* “A viaxe do *curragh* [un tipo de barca de remos recuberta de coiro] de Mael Dúin”, que tiveron continuidade moderna de especial éxito nas *Viaxes de Gulliver* do irlandés Jonathan Swift. Na literatura medieval europea tivo grande acollida o *immram* de Bréainnd, abade de Cluain Fearta / Clonfert (no condado de Gaillimh/Galway, Irlanda) no séc. VI, coñecido en versión latina como *Navigatio sancti Brendani*, o noso *San B(a)randán*.

²¹ Na literatura historiográfica irlandesa medieval sobresa o *Lebor Gabála Érenn* “Libro das tomas de Irlanda” do séc. XI no que se conta a historia de Irlanda dende a creación do mundo. Como non podía ser doutra maneira, para narrar unha historia que vai dende os fillos de Noé ata os irlandeses de carne e óso e por tanto tamén dende o antigo Oriente Próximo ata a Irlanda medieval o autor deste texto (literario!) non tivo máis remedio ca forxar un relato con condimentos históricos e mitolóxicos varios e grandes doses de fantasía propia, procurando ser o máis verosímil posible alí onde non estaba na súa man nin na súa vontade ser verídico. Asonancias como *Brigantium* ≈ *Breoghan* coa torre/faro de *Brigantium* ≈ torre de *Breoghan*, *Hibernia* ≈ *Iberia*, etc. permitían imaxinar e darlle verosimilitude a unha ruta que pasase por Galicia, de aí que algúns dos protagonistas, tomados probablemente dunha verdadeira tradición mitolóxica irlandesa, se situasen no noroeste da Península Ibérica, do mesmo xeito que *mutatis mutandis* os autores grecolatinos trouxeran heroes gregos á nosa terra sobre a base de asociacións onomásticas similares. Todo apunta dende logo claramente a que a relación de Breogán con Galicia non sexa en realidade nada máis ca unha achega persoal do autor do *Lebor Gabála Érenn*.

²² O máis positivo atópase no ámbito da creación artística (especialmente literaria e musical), o negativo en ámbitos máis ideolóxicos coa substitución da [real] romanidade pola [suposta] celticidade da nosa cultura en [suposto] contraste coas outras culturas de noso contorno (moi especialmente de Castela), a súa instrumentalización política e no peor dos casos a argumentación de tipo racista con que algúns autores sostiveron estas ideas de seu completamente desacertadas, innecesarias e contraproducentes para demostrar e defender a identidade galega.

²³ No séc. XX destacan Pádraic Ó Conaire coa súa novela *Deoraíocht* “O exilio” de 1910; os relatos autobiográficos de ámbito rural como, por exemplo, *An tOileánach* “O illego” de Tomás Ó Criomhthain de 1929, e moi especialmente *An Béal Bocht* “A pobre boca” de 1941 de Brian Ó Nualláin, que é unha reacción satírica a este xénero; Seosamh Mac Grianna coa novela *An Drumma Mór* “O gran tambor” e mailo relato autobiográfico *Mo Bhealach Féin* “A miña propia portela” dos anos 30 e Máirtín Ó Cadhain coa novela *Cré na Cille* “Terra de cemiterio” de 1949. Na creación poética pode salientarse a Mícheál Ó hAirtnéide con por exemplo *An Muince Dreoilíní* “Un collar de carrizos” de 1987 ou Máire Mhac an tSaoi, da que *Ceathrúintí Mháire Ní Ógáin* “As cuartetas de Mary Hogan” de 1956 é un dos seus poemas máis salientados. No teatro merece especial mención Breandán Ó Beacháin coa súa peza *An Giall* “O refén” de 1957. Esta é por suposto só unha selección minimamente ilustrativa de todo o que hai e ten continuidade nos numerosos autores actuais. O primeiro filme en irlandés é *Oidhche Sheanchais* “Unha noite de contar contos” de Robert J. Flaherty de 1935, pero será a partir dos anos 70 que se vai ir incrementando a produción con directores como Roibeard Ó Cuinn (*Poitín* [un tipo de augardente de fortísima graduación alcohólica] de 1977), o seu fillo Robert Quinn (*Cré na Cille* de 2007), Aine O’Connor (*Draíocht*

oficialidade no seu propio territorio, ten o estatus de lingua oficial e lingua de traballo da Unión Europea.

O escocés (*gàidhlig* en escocés²⁴), documentado dende o séc. XII, conta hoxe cuns 50.000 falantes sobre todo nas illas Hébridais exteriores. Na súa produción literaria sempre sobresaíu a poesía²⁵. Enorme influencia tanto na literatura europea en xeral como tamén na galega (especialmente en Eduardo Pondal) tiveron as pseudo-traducións publicadas por James Macpherson baixo o título de *The Works of Ossian, the Son of Fingal* no ano 1765.

O manés (*gaelg* ou *gailck* en manés), que se falaba na illa de Man, xa non ten falantes nativos. O derradeiro, Eduard “Ned” Maddrell, morreu en decembro de 1974²⁶.

De entre as linguas britónicas o galés (*cymraeg* en galés), do que se distinguen as etapas de galés primitivo ou arcaico (séc. VI-VIII), antigo (séc. IX-XI), medio (séc. XII-XIV) e moderno, conta actualmente cuns 700.000 falantes sobre todo no

“Meigallo” de 1996) ou Tommy Collins (*Kings* de 2007, *An Bronntanas* “O agasallo” de 2014). O irlandés por suposto tamén está presente nos distintos medios de comunicación. O documental *No Béarla* “Non inglés” presentado por Manchán Magan de 2007, emitido por televisión e accesible na rede, mostra dun xeito moi contundente o pouco que se coñece e usa o irlandés en Irlanda, realidade que tamén tematiza a curtometraxe *Yu Ming Is Ainm Dom* “O meu nome é Yu Ming” de Daniel O’Hara de 2003.

²⁴ Adaptado ao inglés como *gaelic*, de onde o noso termo *gaélico* que aplicamos ás tres linguas modernas deste grupo: *gaélico irlandés*, *gaélico manés*, *gaélico escocés*. En irlandés antigo dicíase en cambio *goidelc*, de onde o noso *goidélico* co que se designa tanto ao conxunto ou rama céltica destas linguas como a súa protolingua.

²⁵ Na literatura máis antiga pode destacarse a colección de baladas heroicas, poemas amorosos, etc. atribuídos entre outros a 44 poetas escoceses recollidos no *Leabhar Deathan Lios Mòir* “Libro do deán de Lios Mór / Lismore” [unha illa das Hébridais Interiores] de comezos do séc. XVI, entre os que se atopa por exemplo a poetisa Aithbhreac Nighean Coirceadail co seu coñecido lamento pola morte do seu home *A Phaidrín do Dhúisg mo Dhéar* “Oh, rosario que espertaches a miña bágoa”. No séc. XVIII sobresaíe o *Birlinn Chlann Raghnaill* “O birlinn [un tipo de navío a remo e vela] do Clan Ranald” do poeta Alasdair Mac Mhaghstir Alasdair. Entre os autores modernos pode destacarse a Aonghas Pádraig Caimbeul poeta e autor de contos e novelas (por exemplo a colección de poemas *Aibisidh* “Abecedario” de 2011 e maila novela *An Oidhche Mus do Sheòl Sinn* “A noite antes de saírmos a navegar” de 2003) ou a poetisa Meg Bateman con por exemplo *Aotromachd* “Lixeireza” que dá título a unha colección de poemas de 1997. O cine en gaélico escocés iníciase en 1982 con *Hero* de Barney Platts-Mills e ten certa continuidade dende os anos 90: a primeira curtometraxe é *Sealladh* “A visión” de Douglas Mackinnon de 1992, seguida por *As an eileand* “Procedente da illa” de Mike Alexander de 1995 ou *An Iobairt* “O sacrificio” de Gerda Stevenson de 1996; Simon Miller dirixiu *Foighidinn – The Crimson Snowdrop* (“Paciencia”) de 2005 e a longametraxe *Seachd – The Inaccessible Pinnacle* (“Sete”) de 2007.

²⁶ Na súa literatura merece especial mención a coñecida como *Traditionary Ballad*, unha historia versificada da Illa de Man, probablemente do séc. XVI. Rodáronse dúas curtometraxes en manés: *Ny Kirree fo Niaghtey* “As ovellas baixo a neve” de George Broderick de 1983 e *Solace in Wicca* “Consolo na bruxería” de Andy North de 2012.

norte de Gales²⁷. É a lingua céltica actual máis falada e con mellores expectativas de supervivencia a longo prazo. A súa literatura medieval tivo unha influencia enorme en toda a europea²⁸, acadando moi especialmente as figuras do rei Arturo²⁹ e do mago

²⁷ No séc. XIX fundáronse na cunca do río Chubut, que eles chamaron *Afon Camwy* “río [afon] Río [wy] Torto [cam]”, na Patagonia arxentina, as chamadas Colonias Galesas cuns 5.000 falantes actuais.

²⁸ Destacan en primeiro lugar os poemas dos *cynfeirdd* (plural de *cynfardd*), é dicir, dos “primeiros bardos/poetas” ata o séc. XI, aínda que só coñecidos en versións moi posteriores: o poema *Y Gododdin* “Os Gododdin” atribuído a Neirin ou Aneirin do séc. VI, no que se relata o ataque e derrota duns guerreiros do pobo británico dos *gododdin* (lat. *Votadini*) fronte aos saxóns, recollido no *Llyfr Aneirin* “Libro de Aneirin” do séc. XIII; os poemas atribuíbles a Taliesin, poeta coetáneo do anterior, recollidos no *Llyfr Taliesin* “Libro de Taliesin” do séc. XIV, no que tamén se conserva o posterior o *Armes Prydein* “A profecía de Bretaña” do séc. X no que se manifesta a esperanza de que os pobos británicos e nórdicos unidos logren expulsar aos saxóns. Máis tarde sobresaie o extraordinario poeta Dafydd ap Gwilym do séc. XIV, influído pola literatura trobadoresca, aínda que sen deixar de ser enormemente persoal na temática e tono escollidos, con poemas como *Morfudd fel yr haul* “Morfudd coma o sol” [Morfudd era unha amante coa que mantivo unha longa relación] ou o poema erótico *Cywydd y gal* “Cywydd [tipo de poema con pareados heptasílabos] do carallo”. A poetisa medieval máis relevante é Gwerful Mechain de finais do séc. XV na que conviven relixión e erotismo, con poemas como *Cywydd y Cedor* “Cywydd do pelo púbico”. Na narrativa destacan os doce relatos traducidos e publicados por Charlotte Guest no séc. XIX baixo o título de *The Mabinogion* “Os Mabinogion”, tradución que tivo grande acollida e influencia, aínda que o título fose dobremente inadecuado. Por unha parte, adóptase a forma *Mabinogion*, documentada nunha única ocasión e que en realidade é unha recaracterización mediante a desinencia de plural *-on* da forma normal *Mabinogi* que de seu xa é un colectivo ou plural en *-i*. O significado etimolóxico deste nome ven a ser algo así como “as cousas [≈ aventuras] dos (nosos) grandes [heroicos] fillos/mozos”. Trátase dun derivado dunha antiga palabra **mapono-*, documentada como téonimo en epígrafes de época romana (*Apollo Maponus* “Apolo Fillo/Mozo Divino”) e como nome do personaxe mitolóxico galés *Mabon fab Modron* “Maponos, fillo [da deusa] Matrona”, formada a partir de **mapo-* “fillo, rapaz, mozo” mediante un sufixo para a formación de nomes de persoas ou seres excelentes e/ou sobrenaturais, como temos por exemplo tamén en galés *gwron* “heroe” < **uirono-* “gran home” ou noutros téonimos galos como *Matronā* “gran/divina nai”, *Equonā* “gran/divina égoa”, etc. (**mapo-* → **mapono-* → adx. posesivo **mapon-āko-* → colectivo/plural **maponāk-ijī* > *mabinogi*). O segundo problema consiste en ter incluído baixo ese título textos de moi variada procedencia. *Mabinogi* só son en realidade os catro contos coñecidos como *Pedeir keinc y Mabinogi* “As catro ramas do Mabinogi” dos séc. XII-XIII unidos pola figura de Pryderi fab Pwyll “Pryderi, fillo de Pwyll”, rey de Dyved (antigo pobo dos *Demetae* no suroeste de Gales): *Pwyll Pendeuig Dyued* “Pwyll, príncipe de Dyfed”, *Branwen uerch Lyr* “Branwen, filla de Llŷr”, *Manawydan uab Llyr* “Manawydan, fillo de Llŷr” e *Math uab Mathonwy* “Math, fillo de Matthonwy”. Guest engade os relatos *Cyfranc Lludd a Llefelys* “O conto de Lludd e Llefelys”, *Breuddwyd Macsen* “O soño de Macsen” e cinco contos do ciclo artúrico: *Culhwch ac Olwen* “Culhwch e mais Olwen”, *Breuddwyd Rhonabwy* “O soño de Rhonabwy” e mais *Y Tair Rhamant* “Os tres romances” (*Iarlles y Ffynnawn* “A dama da fonte”, *Peredur fab Efwraig* “Peredur, fillo de Efwraig” e *Geraint uab Erbin* “Gereint, fillo de Erbin”) xa influídos polas novelas de cabalerías continentais e relacionados co *Yvain*, *Perceval* e *Erec* de Chrétien de Troyes respectivamente.

²⁹ A figura de Arturo aínda aparece con certos tintes de realismo en calidade de xefe militar que loita por frear o avance saxón cara a occidente na *Historia Brittonum* de comezos de séc. IX, mentres que Geoffrey de Monmouth o converte nun poderoso señor feudal totalmente idealizado na súa

Merlín³⁰ unha fama mundial a través da literatura primeiro e tanto do cine como da televisión en datas máis recentes. A súa literatura actual segue a ser tamén moi productiva³¹.

Do primitivo picto no norte da illa só nos quedan restos onomásticos. O cúbribo falado no norte de Inglaterra e sur de Escocia xa se perdeu na Idade Media e apenas está documentado. Neirin e Taliesin, os primeiros poetas britónicos dos que temos coñecemento, tiñan probablemente esta variedade de lingua como lingua materna, que no séc. VI en calquera caso non debía ser aínda moi diferente da contemporánea de Gales na que máis tarde se nos transmitiron os seus textos.

O córnico (*kernowek* ou *kernevek* en córnico), falado en Cornualles, do que se distinguen as etapas de córnico primitivo (séc. VII-VIII), antigo (séc. IX-XII), medio (séc. XIII-XVI) e tardío (séc. XVII-XVIII), xa non ten falantes nativos. A derradeira, da que se ten constancia, foi Dolly Pentreath que morreu en decembro de 1777³².

Historia Regum Britanniae do séc. XII e Chrétien de Troyes na segunda metade deste mesmo século o acaba por redebuxar como un cabaleiro cortés nun reino fantástico que xa non ten absolutamente nada que ver nin coa figura histórica nin coa súa primitiva literarización británica.

³⁰ Na versión máis antiga, que non ten nada que ver coa saga de Arturo, *Myrddin* (latinizado como *Merlinus* para evitar a incómoda cacofonía dun lat. ***Merlinus*) era un bardo que trala derrota e morte do seu rei Gwenddoleu fab Ceidiaw na batalla de Arfderydd do ano 573 se retirou ao Coed Celyddon (Bosque Caledonio, Escocia), onde viviu illado, asilvestrado e medio entolecido entre os animais salvaxes, adquirindo así o don de facer profecías. No séc. XII Geoffrey de Monmouth convérteo na súa *Historia Regum Britanniae* no Merlín que todos coñecemos asociado a Arturo, mentres que na súa outra obra, *Vita Merlini*, menos coñecida e recibida pola literatura posterior, se mantivo máis fiel á saga orixinal.

³¹ No século XIX destaca Daniel Owen coas súas novelas *Rhys Lewis* de 1885 e *Enoc Huws* de 1891. No séc. XX temos entre outros ao poeta Robert Williams Parry que en 1924 publicou a súa colección de poemas *Yr Haf a cherddi eraill* “O verán e outros poemas” entre os que se atopa por exemplo o coñecido *Y Llwynog* “O raposo”; a Kate Roberts, autora de contos (por exemplo *Te yn y grug* “Té na uceira” de 1959) e novelas (por exemplo, *Traed mewn cyffion* “Pés en cadeas” de 1936) e a Saunders Lewis que escribiu sobre todo teatro (destaca *Siwan* de 1956), pero tamén novela (*Monica* de 1930 e *Merch Gwern Hywel* “A filla de Gwern Hywel” de 1964), poesía e numerosos artigos e ensaios. Entre os autores máis recentes pode destacarse a Mererid Hopwood coa súa novela *O Ran* “Con respecto a” de 2008. O cine en lingua galesa empeza con *Y Chwarelwr* “O pedreiro” de Ifan ab Owen Edwards de 1935, pero só se vai desenvolver a partir dos anos 70 con directores como Wil Aaron (*Gwaed ar y Ser* “Sangue nas estrelas” de 1975, *O'r Ddaear Hen* “Dende a vella terra” de 1981), Stephen Bayly (*Rhosyn a Rhith* “A chegada das rosas” de 1986), Paul Morrison (*Solomon a Gaenor* “Salomon [un mozo xudeu] e Gaenor [unha moza galesa]” de 1999), Karl Francis (*Yr Alcoholig Llon* “O alcohólico feliz” de 1983, *Milwr Bychan* “O mozo soldado” de 1986), Paul Turner (*Hedd Wyn* “Bendita paz” de 1992, *Cwm Hyfryd* “O meu fermoso val” de 1993), Endaf Emlyn (*Un Nos Ola' Leuad* “Unha noite de lúa chea” de 1991, *Gadael Lenin* “Deixando a Lenin” de 1993, *Y Mapiwr* “O deseño de mapas” de 1995) ou Marc Evans (*Ymaddawiad Arthur* “A saída de Arturo” de 1994, *Patagonia* de 2010).

³² Ten literatura relixiosa dende o séc. XIV, da que o poema *Pascon agan Arluth* “A pasión do noso Señor” constitúe o seu primeiro testemuño. A obra latina *Prophetia Merlini* “A profecía de Merlín” de John de Cornualles do séc. XII está probablemente baseada nun texto perdido en córnico antigo.

O bretón (*brezhoneg* en bretón), do que se distinguen as etapas de bretón antigo (séc. VI-XI), medio (séc. XII-XVII) e moderno, conta na actualidade cuns 200.000 falantes na Baixa Bretaña francesa, sobretudo do dialecto cornuallés. Hai varias obras literarias destacables en bretón medio³³, pero será sobre todo a partir do século XX cando pasamos a ter unha chea de autores, moitos deles enormemente interesantes e polifacéticos³⁴. O cine en lingua bretona está en cambio dando aínda os seus primeiros pasos en pleno século XXI³⁵.

Algúns britóns chegaron a instalarse cara a comezos do séc. VI no norte de Galicia (top. *Britonia* > h. *Bretoña* no concello da Pastoriza), quedando só algún nome, como o do bispo *Mahiloc*, como único resto da súa lingua no noso territorio (v. Tovar 1972 155-158)³⁶.

Dende comezos do séc. XXI existe tamén cine en lingua córnica: a longametraxe *Hwerow Hweg* “Agridoce” de Antal Kovacs de 2001 e unhas poucas curtametraxes como *Blight* de Bill Scott de 2003, *Darralla Jooan Choy an Horr* “O conto de Xoán de Chyannor” de 2004, *Tamara* de 2011 de Will Coleman ou *An Jowl yn Agas Kegin* “O demo na túa cocíña” de Brett Harvey de 2007.

³³ Por exemplo, o fragmento dun lai de Ivonet Omnès do séc. XIV e mais *An dialogue etre Arzur roe d’an Breitounet ha Guynclaff* “O diálogo entre Arturo, rei dos bretóns, e (o sabio) Guinclaff” do séc. XV. Xa no séc. XVII temos fragmentos da peza teatral cómica *Amourousted eun den coz* “Os amores dun vello”.

³⁴ Por exemplo, Youenn Drezen (novela: *Itron Varia Garmez* “Nosa Señora do Carmo [Pont-’n-Abad/Pont-l’Abbé, Cornualles]” de 1941, teatro: *Youenn Vraz hag e leue*, “O gran Youenn e mailo seu becerro” de 1947), Tanguy Malmanche (teatro: *Gurvan, ar marc’hek estranjour* “Gurvan, o cabaleiro estranxeiro” de 1923 ou *Ar Baganiz* “Os pagáns” de 1931), Jakez Riou (novela: *Geotenn ar Werc’hez* “A herba paxareira” [lit. “herba da Virxe”] de 1928; teatro: *Nomenoe oé!* de 1941), Zavier Langleiz (poesía: *Kanoù en noz* “Cantos na noite” de 1932; teatro: *Koroll ar vuhez hag ar maro* “Danza da vida e da morte” de 1938; novela: *Enez ar Rod* “A illa da roda” de 1949), Yeun Ar Gow (conto: *Marc’heger ar Gergoad* “O cabaleiro de Kergoad” de 1939; memorias: *E Skeud tours bras Sant Jermen* “Á sombra do gran campanario de San Xermán” de 1955), Roparz Hemon (novela: *Mari Vorgan* “María Morgana [unha especie de serea]” de 1962 ou *Nenn Jani* de 1974), Pêr Jakez Helias (memorias: *Marh al lorh* “O Cabalo de orgullo” de 1986; teatro: *Mével ar Gosker* “O capataz [da granxa] de Kosker” de 1959; poesía: *Ar men du* “A pedra negra” de 1974), Ernest ar Barzhig (novela: *Loeiz Lezongar* de 1968, *Buhez ha Faltazi* “Vida e fantasía” de 1970), Pêr Denez (novela: *Glas evel daoulagad c’hlas na oant ket ma re* “Azul como os ollos azuis que non eran os meus” de 1979 ou *Hiroc’h eo am anzer eget ar vuhez* “O tempo é máis longo ca a miña vida” de 1981). Entre os poetas destacan Yann-Ber Kalloc’h (recolla póstuma dos seus poemas: *Ar en deulin* “De xeonllos” de 1921 co célebre poema *Me zo ganet e kreiz ar mor* “Nacín no medio do mar”), Roparzh ar Mason (*Chal ha dichal* “Enchente e devalo” de 1944), Maodez Glanndour (*Imram* “Navegación” de 1941, *Vijilez an deiz diwezhañ* “Nocturno do derradeiro día” de 1979), Anjela Duval (*Kan an douar* “O canto da terra” de 1973), etc.

³⁵ Iniciouse da man da directora Soazig Daniellou coa curtametraxe *Distro Gwenn* “O regreso de Gwenn” de 2011 e a longametraxe *Lann Vraz* de 2013. Outras curtametraxes salientables son *Gant Dale* “Con retraso” de Goulwena an Henaff de 2013 ou *An dianav a rog ac’hanon* “Devórame o descoñecido” de Avel Corre de 2014. Nicolas Leborgne rodou *Fin ar Bed* “O fin do mundo” en 2012 como capítulo piloto dunha futura serie de TV de dez episodios.

³⁶ *Mahiloc Britoniensis ecclesiae episcopus* no segundo concilio bracarense do ano 572. Esta forma, cun <h> puramente gráfico e por tanto sen ningún valor fonético, é moi semellante e etimoloxica-

Recomendacións bibliográficas:

Información xeral sobre a lingüística histórica indoeuropea: Meier-Brügger 2012 e Tichy 2006. Para a historia e lingüística histórica do latín: Clackson 2011, Meiser 1998, Weiss 2009; das linguas célticas: Ball - Müller 2010, Gibson - Wodtko 2014, Koch 2006 e 2007, Lewis - Pedersen 1974, Zair 2012; sobre os gálatas: Strobel 2007; sobre os pictos: Nicolaisen 1996, Rhys 2015.

Dicionarios etimolóxicos do indoeuropeo: Pokorny 1959-1969 (anticuado, pero aínda útil), Rix 2001 (*Addenda et corrigenda* en Kümmel 2016, que vai actualizando periodicamente), Wodtko - Irslinger - Schneider 2008; do latín: Walde - Hoffmann 1938-1954, Ernout - Meillet 1959-1960, de Vaan 2008; do celta Matasović 2009; do irl. ant. Vendryes dende 1959.

mente idéntica ao galés moderno *Maelog* < **Magl-āko-*, que é un hipocorístico en *-āko-* de nomes compostos co substantivo **maglo-* “príncipe” (irl. *mál*, galés *mael*, frecuente na antroponimia insular antiga, por exemplo **Cuno-maglo-* “príncipe dos cans [≈ guerreiros]”: *Maglus Conomagli filius* na *Vita Sancti Wingualoei* do séc. IX, galés *Cynfael*, irl. *Connál*), aínda que en realidade se atopan en dous estadios evolutivos completamente diferentes. Na nosa forma antiga *Mahiloc* temos unha latinización mediante <o> (/ɔ/ aberto do latín vulgar) do **ā* etimolóxico que xa se atopaba nun estadio máis ou menos avanzado de velarización (*ā* > *ō*), mentres que na forma galesa moderna nos atopamos no estadio final dun longo proceso evolutivo que pasa por unha posterior ditongación e monoptación final (*ā* > *ō* > *aw* > *o*).

2. Latinización de Callaecia

a. *Pronta introducción do latín*

A finais do século I a.C. rematan as Guerras Cántabras e tanto o noroeste como o resto da Península Ibérica quedan definitivamente sometidos ao dominio romano. Despois da conquista os romanos estruturaron o territorio noroccidental en pequenas *civitates*³⁷ con cadansúa capital administrativa, agrupando e conservando no seu seo (polo que parece ata finais do séc. I dC.) pequenas comunidades rurais de tradición autóctona que designaron co nome latino de *castella* (nom. pl.) que debemos entender no sentido de “pequenas localidades rurais (cun único ou varios lugares habitados)”, típicas das zonas montañosas, algo semellante por tanto, *mutatis mutandis*, ás nosas actuais parroquias. Tanto *castellum* como *castellānī* aparecen con frecuencia representados nos textos epigráficos latinos noroccidentais mediante un *C* invertido. Así, por exemplo, o *castellum Aviliobris* e mailos *castellani Quelediani* (é dicir, os habitantes dun *castellum* que se chamaba **Queledia* ou similar) figuran como dedicantes de cadanseu altar a Xúpiter baixo a forma de \mathcal{C} *Aviliobris* (nunha inscr. de Ponteceso, A Coruña) e \mathcal{C} *Quelediani* (noutra de San Andrés de Montejos, León) respectivamente.

Os nomes dos *castella* tomábanse a partir dun núcleo de poboación que na súa maioría probablemente era un castro, pero en calquera caso non debemos reducir o significado de *castellānus* a “habitante dun castro”, dado que o *castellum*, como acabo de dicir, abranguíu un pequeno territorio rural onde a poboación vivía dun xeito seguramente bastante disperso e non concentrada nun único núcleo máis ou menos fortificado³⁸.

³⁷ Algunhas non tan pequenas, como a dos cóporos que segundo Ptolomeo incluían no seu territorio tanto a Iria Flavia como a cidade de Lugo.

³⁸ Que os castros nunca se chamaron *castellum*, senon *castrum*, demóstrao a abundantísima toponimia románica: *Castro* e mailos seus diminutivos *Castrelo*, *Castriño*, etc. con tódalas súas respectivas variantes. Os *castella* como demarcacións administrativas internas das *civitates* tiveron unha vida relativamente efímera. A presenza desta palabra na toponimia latina e románica (por exemplo *Triacastela* < *tria castella* na prov. de Lugo ou o relativamente frecuente *Castelo*) ten a súa orixe noutros usos latinos ou románicos do termo. A idéntica área xeográfica dos *castella* e do teónimo *Coso* (coas súas múltiples variantes formais) e maila coincidencia entre o nome do *castellum Vacoeci* (no texto epigráfico *Popillius Hirsutius Flavi Vendieci f(i)lius Lanci(ensis) \mathcal{C} domo Vacoeci an(norum) XXXII h(ic) s(itus) e(st)* de Trives, Ourense) e mailo epíteto de *Cosei Va[c]*

A conservación e integración destas comunidades prerromanas na estrutura administrativa das novas *civitates* facilitou que as élites rurais locais atopasen un acomodo minimamente satisfactorio ás novas circunstancias impostas, nas que naturalmente pasou a ser imprescindible coñecer e usar o latín, o que probablemente provocou que esta lingua se instalase moi cedo como lingua de uso necesario e de prestixio por todo o territorio noroccidental. A concesión do *ius Latii* polo emperador Vespasiano a todo o territorio hispánico no ano 74 dC., escasamente un século despois do remate da conquista, permitiu que estas élites e mailas súas familias accedesen á cidadanía romana a través do *ius adipiscendae civitatis Romanae per magistratum* só unhas poucas xeneracións máis tarde e se integrasen así definitivamente no sistema de valores e cultura romanos. As grandes cidades, as capitais de cada *civitas*, os portos, as mansións e demais lugares habitados próximos ás vías de comunicación, os campamentos militares, as explotacións mineiras foron sen dúbida os principais focos de implantación e irradiación da lingua latina. Pero a relativamente rápida extinción da lingua autóctona neste recuncho tan distante e illado do Imperio resulta máis facilmente comprensible se temos en conta que o latín debeu lograr poñer un pé firme e crear unha incipiente e progresiva situación diglósica dende o primeiro momento en todas e cada unha das pequenas comarcas rurais (*castella*) do territorio.

b. Uso escrito público da lingua indíxena

O ámbito relixioso foi o único no que nos consta que a lingua indíxena chegou a ter algún uso escrito público no occidente da Península Ibérica, coa excepción das inscricións tartésicas do suroeste naturalmente. Os seis textos epigráficos que se conservan escritos na lingua convencionalmente chamada lusitana (Lamas de Moledo, Cabeço das Fráguas, Arroyo de la Luz 1-3 e Arronches) son deste tipo, non sendo a súa escaseza actual outra cousa máis ca un fiel reflexo da infrecuencia coa que se produciron. No ámbito territorial da actual Galicia aínda non temos ningún texto deste tipo.

oaico permiten barallar a posibilidade de que o teónimo **Cosu-* estea directamente relacionado con eso que os romanos deron en chamar *castellum*, podendo ser por tanto algo semellante ao que en latín sería un *genius* ou *tutela castelli* (cf. as dedicatorias ao *Genio castelli* de Ponteceso, A Coruña, e á *Tuteila Berisi* “Tutela de *Berisum*” de Paderne de Allariz, Ourense, que aparece como nome dun *castellum* dos cabarcos en Salas, Asturias), como propuxen en Búa 2005. Só se trata sen embargo dunha posibilidade a ter e conta e que os futuros achados permitirán reforzar ou rexeitar definitivamente. As reflexións etimolóxicas que alí ofrecía parécenme agora en cambio completamente estériles e innecesarias, como todas aquelas que sexan puramente especulativas, sexan propias ou alleas.

c. Desaparición da lingua indíxena

Por latinización, que se pode ver como a cara ou vertente lingüística da romanización, poden entenderse tres fenómenos diferentes e sucesivos: a chegada e implantación da lingua latina como lingua de poder e prestixio, a influencia da lingua latina sobre a indíxena que debeu ser progresivamente maior e, por último, a extinción da lingua indíxena e completa substitución pola latina, extremo ao que chegan tódalas linguas prelatinas hispánicas coa única excepción do vasco. Descoñécese o momento no que se deixou de falar a lingua autóctona do noroeste. De momento non hai ningún indicio de que sobrevivise á fase final da Idade Antiga ou inicial da Alta Idade Media, polo que debemos pensar que uns 600 anos despois da conquista romana debía estar practicamente consumada a súa desaparición, aínda que por suposto novos achados ou unha análise da onomástica especificamente orientada a esta cuestión poderían modificar esta visión dos feitos á que se chega a partir do simple silencio das fontes. A cristianización³⁹ e as circunstancias da época xermánica foron seguramente determinantes na consumación deste proceso. O territorio vasco experimentou en parte unha cristianización máis retrasada e lenta e foi practicamente libre durante o período visigodo, estando aí probablemente a clave da conservación e mesmo expansión (euskaldunización dos territorios veciños occidentais hispanocélticos) da súa lingua.⁴⁰

d. Impronta deixada no latín

Pero toda adopción lingüística trae consigo unha alteración máis ou menos profunda da lingua adoptada en boca dos que a adoptan, se se me permiten as redundancias. Ao falaren latín, os falantes nativos da lingua indíxena noroccidental introduciron nel numerosos cambios (na fonética, na morfoloxía, na sintaxe e no léxico) que o acabaron por transformar en grao suficiente como para que (coa axuda doutros factores internos e externos) a súa evolución futura fose diverxente da que se produciu noutros lugares. A nosa lingua indíxena puxo así unha pequena semente na latina da que se xerarían posteriormente as variedades ou conxuntos de variedades que chamamos galego e portugués, como sistemas lingüísticos distanciados e diferenciados das demais linguas románicas.

³⁹ García y Bellido (1976: 29): “El último y más decisivo golpe sufrido por las lenguas primitivas de la Península, el golpe que acabó definitivamente con ellas, fue la propagación del cristianismo”.

⁴⁰ Sobre este aspecto da lingua vasca v. Gorrochategui 2000; sobre a cristianización do territorio vasco Sayas Abengoechea 1985.

Recomendacións bibliográficas:

Información xeral sobre as inscricións lusitanas: Untermann 1997 (sobre a máis recente de Arronches: Encarnação - Oliveira - Carneiro - Teixeira 2008, Encarnação - Oliveira - Teixeira 2008); de Hoz 2013; Wodtko 2017.

Panorama sobre a latinización do noroeste: Díaz y Díaz 1983, Mercedes Brea 1994, Mariño 1999: 7-53 e 2008: 7-24 (sobre distintos aspectos da influencia do substrato no galego: Lorenzo 2009⁴¹). Sobre os *castella*: Pereira Menaut 2005 e 2015, Santos Yanguas 2009.

⁴¹ Aquí tamén sobre a espirantización do /g/ que vulgar e despectivamente se denominou gheada e que dende Zamora Vicente 1952 conta con partidarios dunha explicación substratística. No material lingüístico de época romana, sexa de orixe prelatina ou latina, non hai sen embargo o máis mínimo indicio de que o /g/ se articulase ou presentase calquera tipo de alteración semellante ao fenómeno galego moderno en calquera das súas variedades, polo que esta hipótese non ten a máis mínima defensa nin verosimilitude.

3. Linguas prelatinas hispánicas

a. *Linguas prelatinas foráneas*

Na Península Ibérica conservamos textos en distintas linguas prelatinas. No ano 201 aC. os romanos saíron vitoriosos da Segunda Guerra Púnica e obtiveron así un extenso territorio ao longo da costa oriental e meridional no que xa había comunidades lingüísticas estables de fala grega dende había uns 400 anos (fundación de Ἐμπόριον “asentamento/praza comercial”, lat. *Ampuriae*, h. Empúries, Girona, cara ao 600 a.C.) e de fala fenicia dende polo menos 600 (fundación de *Gadir* “muro, lugar protexido por un muro”⁴², gr. τὰ Γάδειρα < *Γάδειρα, lat. *Gades*, h. Cádiz, non despois do 800 a.C.). Non debemos pasar páxina excesivamente rápido sobre estas cifras sen pararnos a pensar o que esto debeu supoñer lingüisticamente tanto para a propia zona como para as demais áreas de contacto. É certo que o noroeste está relativamente lonxe de todo isto, pero sabemos que os fenicios/púnicos ou xentes do suroeste fortemente influenciados por eles mercaban e vendían os seus produtos nas nosas costas, polo que é lóxico pensar que polo menos este comercio marítimo teña dado pé ao intercambio dalgúns ou eventualmente moitos préstamos, aínda que lamentablemente nada desto se poida comprobar, polo menos de momento (v. González - Rodríguez - Ayán 2010).

b. *Linguas prelatinas indíxenas*

Sabemos que o fenicio, o grego e mailo latín son linguas que viñeron de fóra. Por contraste con elas consideramos autóctonas e adoitamos chamar indíxenas a tódalas demais linguas hispánicas prelatinas das que temos coñecemento, a pesar de que tamén sabemos que a Península Ibérica non é o berce dos indoeuropeos nin moito menos da humanidade e que por tanto máis tarde ou máis cedo todas estas viñeron tamén de fóra. No suroeste temos un conxunto epigráfico no que se documenta unha lingua que convencionalmente chamamos tartésico e deixou pegada toponímica nos nomes locais cos elementos *ipon*, *uba/oba* e *igi*, como vimos anteriormente. Dende a Andalucía central ata o sureste de Francia espállanse as inscricións en lingua ibé-

⁴² Avieno, *Ora marítima* 267-269: *Gadir hic est oppidum: nam punicorum lingua conseptum locum Gadir vocabat.*

rica⁴³. Estas dúas linguas seguen sendo inintelixibles, pero mentres que o ibérico se considera unanimemente como non indoeuropeo, no caso do tartésico hai unha liña de investigación aberta que, fronte á opinión tradicional e maioritaria, considera e se esforza por demostrar que se trata en realidade dunha lingua céltica (Koch). Moi plausible é en todo caso que a onomástica persoal tartésica tivese un compoñente de orixe céltico: o nome do rei Ἀργανθώνιος que lles ofrece aos focenses asentarse no seu territorio ante a ameaza persa da súa cidade a mediados do séc. VI a.C., segundo nos informa Heródoto 1,163, coincide formalmente co antropónimo *Argantonius* que temos en *Flaccus Arganton(i) Magilanicum Mirobrigensis* de Garrovillas de Alconétar, Cáceres, ao que se poden engadir outros derivados da mesma base **argant(o)-*; secuencias como *anbatia* (J.16.2) ou *tirtos* (J.1.2) na epigrafía tartésica (séculos VII-V aC.) coinciden tamén cos máis tarde tan frecuentes *Ambatus -a*, *Tritius -ia* e demais formas emparentadas, o que polo menos implicaría unha presenza ou veciñanza céltica moi antiga no suroeste (v. Untermann 1995, Koch 2009). Na área dos cursos altos dos ríos Douro e Texo e curso próximo do Ebro documéntase o celtibérico que hai consenso en clasificar como lingua céltica e por tanto indoeuropea. Sobre o lusitano trataremos a continuación.

c. Lusitano

No seo da provincia romana Lusitania temos por último as seis inscricións mencionadas anteriormente (todas breves, todas incompletas, dúas delas [Arroyo de la Luz 1-2] desaparecidas e de lectura transmitida parcialmente insegura) nunha lingua que convencionalmente chamamos lusitano. Está claro que se trata dunha lingua indoeuropea, pero a súa documentación e os datos útiles que dela se desprenden son tan escasos que a súa clasificación resulta imposible de establecer con seguridade, o que por suposto non impide que entre os especialistas haxa xa partidistas e partidarios de calquera das opcións imaxinables. Entre as poucas palabras de interpretación segura que aparecen nestes textos están *porcom* “porco” e *taurom* “touro” en acusativo singular que aparecen unidas a teónimos en dativo e por tanto se deben interpretar con toda probabilidade como animais que se sacrifican a eses deuses. A palabra *porcom* mostra que a lingua lusitana conservou o **p-* indoeuropeo fronte ás linguas célticas que neste e noutros contextos fonéticos adoitan perdelo (cf. irlandés *orc* “porco”), coa única dúbida do lepóntico, onde é posible, aínda que inseguro, que se conserve nun estadio evolutivo intermedio como fricativa bilabial (Eska). Tovar considera que o lusitano non pode clasificarse como lingua céltica tanto polo manifesto mante-

⁴³ De Hoz considera que o ibérico era en realidade unha lingua franca, de xeito que o territorio da súa documentación sería en realidade notablemente máis amplo ca o seu territorio lingüístico propiamente dito (v. de Hoz 1993, 1995 e 2009; Velaza 2006, Untermann 2001: 197-198 e 2003).

mento do **p* como por outros argumentos especulativos e (precisamente por seren especulativos) de menor peso, entre os que destaca a presunción de que o fonema ie. **b^h* se transforma espontaneamente en lus. *f* a partir da súa interpretación de *taurum ifadem* como “touro fodedor” (semántica subxacente á súa proposta, aínda que sen verbalizala de forma tan cruda e literal, v. máis abaixo) que, segundo el, sería a maneira lusitana de designa-lo touro semental. Untermann considera en cambio que aínda non saiu á luz ningún obstáculo insalvable que impida a clasificación do lusitano como lingua céltica, dado que a conservación do **p* pode ser un arcaísmo fonético perfectamente imaxinable e asumible nunha variedade diatópica marxinal, como de feito ocorre e se coñece en tantas outras linguas⁴⁴, e que os demais argumentos aos que se recorre para negar a celticidade do lusitano son de natureza puramente especulativa e por tanto non decisivos nesta discusión.

Recomendacións bibliográficas:

Linguas prelatinas hispánicas e concretamente variedades célticas: Untermann 1985-86, 1997, 2003 e 2010, Wodtko 2003, de Hoz 1991, 1992, 2010b e 2011, Moralejo Álvarez 1999, Wodtko 2010 (a proposta etimolóxica de Tovar para *taurum ifadem* en Tovar 1966-1967 e 1985). Sobre a problemática do lepóntico: Uhlich 1999 e 2007, Eska 2009. Sobre a posible celticidade do tartésico: Koch 2009, 2009b e 2013, Untermann 1997, 2003, 2010b.

⁴⁴ Pensemos no *f*- conservado (por exemplo *fijo* /fiʒo/ “fillo”) en determinadas variedades do xudeoespañol ou no *h* < *f* conservado no ámbito do andaluz (por exemplo *hambre* /hambre/) fronte ao que ocorre na inmensa maioría das variedades do español, nas que o *f* > *h* se perde por completo e esa perda se toma precisamente como un dos principais trazos fonéticos distintivos do español fronte ás demais linguas iberrománicas e case tódalas románicas.

4. Lamas de Moledo

Calquera inclinación que se teña en canto á clasificación do lusitano está inevitablemente pendente de revisión en espera de que aparezan máis textos e sobre todo máis textos perfectamente comprensibles. Como mostra das dificultades interpretativas e escaseza de datos útiles que se poden obter a partir dos que de momento se dispón, presentarei a continuación o texto máis septentrional, coñecido como inscrición de Lamas de Moledo (ou inscrición do Penedo de Lamas [de Moledo]).

a. Localización

Trátase dunha epígrafe rupestre bilingüe que consta dunha breve parte inicial en latín seguida do corpo principal do texto en lingua prelatina, gravada sobre un penedo redondo que fai parte dun predio pertencente a Manuel Rodrigues Simões, na aldea de Lamas, freguesía de Moledo, concello de Castro Daire, distrito de Viseu, Portugal.

b. Lectura

Pequenas partes do texto resultan hoxe parcial ou totalmente ilexibles, polo que é imprescindible ter en conta as lecturas máis antigas. Temos unha de Manuel Botelho Ribeiro Pereira de comezos do séc. XVII, recollida nos seus *Diálogos moraes e políticos* (ms. de 1630, v. <<http://purl.pt/24848/1/index.html#/162/html>>) e reproducida en CIL II 416, e outras dúas do séc. XIX: unha de José de Oliveira Berardo, recollida nas súas *Memórias sobre algumas inscrições encontradas no distrito de Viseu* (1857 2) e outra de Wilhelm Gurlitt que foi ver o monumento o 09.11.1867 e enviou despois a Emil Hübner dous informes con data do 13.11. e 21.12. respectivamente dese mesmo ano, aos que se fai referencia en Hübner 1868 8, quen tralas dúbidas anteriores e sobre a base destes novos datos chega á conclusión definitiva de que se trata dun texto na lingua indíxena local. No século XX hai que destacar as lecturas e comentarios de Hernando Balmori 1935, Vaz 1989 e Untermann 1997.

c. Descrición xeral

O texto consta de 11 liñas. Abundan os nexos (parcial sobreposición de letras que comparten algún dos seus riscos) e encadeamentos (unións de letras polos seus extremos) que máis abaixo marcarei mediante guión interposto e suliñado respectiva-

mente, sendo ás veces difícil ou mesmo imposible determinar con seguridade se hai nexo, encadeamento ou ámbolos dous fenómenos simultaneamente. A erosión impide unha lectura segura no final das liñas 9 e 10.

d. Grafías

A forma das letras é moi variada. O A adoita presentar un risco horizontal interno, pero o primeiro da liña 10 teno vertical (A trípode). O G substitúe ás veces o trazo vertical inferior por un punto adxacente⁴⁵. Tamén merece especial comentario o -I final de PETRA[n]IOI que presenta un ápice inferior cara á dereita precedendo aos restos doutra letra, o que deu pé a que algúns autores restituísen o final da liña á latina como *Petranio et* (CIL II p. 695 ad 416).

e. Texto

As tres primeiras liñas parecen corresponder á mensaxe publicitaria do obradoiro de lapicidas que recibiu o encargo de gravar o texto: *R-u-fi-n-u-s · et* |² *Ti-ro scri-p*|-³*ser-u-nt*, “*Rufinus & Tiro* escribiron [é dicir, gravaron esta inscrición]”, onde se observa como nesta sociedade a lingua dos negocios e da publicidade (a que vai dirixida a todos e non só aos falantes nativos) é o latín. As oito liñas seguintes que constitúen o texto propiamente dito e vai dirixido á comunidade lingüística indíxena aparecen na variedade local da lingua prelatina. No texto que se dá a continuación as letras minúsculas cursivas representan opcións de lectura ou de resolución de nexos inseguros, mentres que [...] indica que hai unha letra de lectura insegura:

|⁴ VEAMi-NICORI |⁵ DOEnTI |⁶ anGOM |⁷ LAMATIGOM |⁸ CROVGEAI MAGA |⁹
 REAIGOI · PETRA-nIOI · [...] |¹⁰ ADOM PORGOM IOVEA [...] |¹¹ CAe-iLOBRIGOI

f. Problemas de lectura

Son varias as palabras que se poden ler de dúas ou máis maneiras diferentes:

⁴⁵ Así o advertiron correctamente distintos autores: “C cum puncto G esse videtur” (CIL II p. 695 ad 416); na liña 6 “está efectivamente un ponto” (Vaz 1988 282), na liña 10 hai “ponto entre o C e o O que, tal como o da liña 6 se situa no fondo da liña” (Vaz 1988 283). Este fenómeno tamén se coñece noutras epígrafes, como por exemplo no F do altar dedicado a *Bandi Saisabro* de Avis, Portalegre, ou nos As da estela funeraria de *Caeleo Cadroiolonis* de Santa Comba, A Coruña, ou da inscrición rupestre de Pinhel, Guarda. Tamén a alternancia no uso de puntos e riscos conta con paralelos: no altar dedicado a *Togae* de Martiago, Salamanca, o A inicial carece de risco interno, os tres seguintes teñen punto e o último un risco horizontal.

- VEAMI-NICORI ou VEAMNICORI, debido a que a prolongación superior do primeiro risco vertical do N pode indicar un nexo I-N ou ser, como tamén ocorre outras veces, unha simple prolongación gráfica carente de relevancia fonética⁴⁶. A mesma secuencia VEAM- (ou talvez *VEAMN-, se a lectura transmitida VEAMV- fose incorrecta) aparece ao comezo da liña 2 dun texto de Freixo de Numão, Vila Nova de Foz Côa, Guarda (CIL II 430), perdido e transmitido sen dúbida con varios erros de lectura como IVNO | VEAMVAEARVM | TARBOU-V-MAN | CNVNARVM | SACRVM | CIRI | CVR. O mesmo segmento reaparece baixo a forma *Viam-* no patrónimo abreviado dun altar de Nieva de Cameros, Logroño: *Silvano Titullus Calaedico(m) Viam(...)*f*(ilius) v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito)* (v. *HispaniaEpigraphica Online Database* n. 14640). Cf. tamén *Vi[.]miola* de Yecla de Yeltes, Salamanca, e mailo nome familiar *Viancior(um)* de Cármenes, León, que podería ser forma sincopada de **Viamiciorum* ou **Vianniciorum*. Ademais coñécense uns *Veaminii* entre os pobos alpinos (nom. pl. *Veamini* en CIL V 7817, xen. pl. *Veaminiorum* en CIL V 7231).
- DOENTI ou DOEN-VTI, debido a que o N de riscos inclinados e moi abertos se pode interpretar como N ou nexo N-V.
- ANGOM ou A-V-NGOM, A-M-VGOM, A-N-VGOM, debido a que a grafía enlazada das letras iniciais se pode interpretar como nexos ou encadeamento de distintas maneiras⁴⁷.
- PETRA-NIOI ou PETRA-VIOI, debido a que o nexos se pode resolver de calquera destas dúas maneiras⁴⁸.
- Ao final da liña 9 Pereira (a. 1630) leu un I, mentres que Berardo (a. 1857) e Gurlitt (a. 1867) leron un T. No calco de Untermann aparecen uns riscos en forma de T en nexos cunha especie de B aberto por baixo, o que permite entender que

⁴⁶ Así por exemplo na inscrición de *Medamus Camali Bormanico v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito)* de Caldas de Vizela, Braga, onde temos varias M de feitura moi diferente, a segunda delas cos dous riscos verticais prolongados cara arriba.

⁴⁷ A opción **Aungom*, que podería ter xurdido por síncope de **Aunicom*, sería relacionable co antropónimo *Aunia* que temos por exemplo varias veces nos dist./prov. de Castelo Branco e Cáceres (v. Vallejo 2005 198-200). En *Corne(lius) Vicanus Aunigainu(m) Cesti f(ilius)* da ara santanderina dedicada ao *deo Erudino* temos un xen. pl. que podería ser un derivado en *-aino-* dun antropónimo **Aunico-*, do mesmo xeito que en *Aemili Semproni Elesigainum* de Sobrelapeña, Santander, se trata dun derivado de *Elaesico-* (Vallejo 2005 316), aínda que a existencia do topónimo moderno *Ongayo* < a. 1112 *Onnegayo* < **Aunigaio-*, próximo ao lugar de achado do monumento, invita a pensar máis ben que se trata dun derivado dese nome de lugar (**Aunigaio-* → **Aunigai-no-*).

⁴⁸ En Lara de los Infantes, Burgos, temos documentado un antropónimo *Petraioici* (xen.), que podería proceder de ***Petraioico-* con perda do *-y-* intervocálico, pero a opción máis sinxela e por tanto en principio preferible é que sexa simplemente un derivado de **Petraio-*, como tantas outras formacións en *-aio-* (*Alaius, Ambaius, Caucaius, Cloutaius, Dovaius, Pintaius, Turaius*, etc.), polo que este nome non serve para favorecer a opción interpretativa do nexos como A-V.

algúns autores interpretasen aquí un R (Hernando Balmori, Vaz). A fin de contas o único que me atrevo a considerar indiscutible é a presenza do risco vertical, sen que de momento se poida determinar con certeza de qué letra se trata realmente.

- Ao final da liña 10 tamén hai unha letra de lectura moi insegura. Pereira (a. 1630) leu aquí un I, mentres que Berardo (a. 1857) pon un interrogante e Gurlitt (a. 1867) ve unha liña lixeiramente ondulada que discorre cara un punto, sen que a partir das súas propias palabras quede claro onde estaría ese punto e como debemos imaxinarnos por tanto tamén esa ondulación (v. Hübner 1868 8). No calco de Untermann aparece un pequeno risco vertical con breves remates ondulados en forma de \int , o que confirma a existencia do trazo vertical visto por Pereira e as ondulacións das que fala Gurlitt. Os investigadores modernos barallan e admiten calquera das posibilidades imaxinables: un trazo vertical, un S ou mesmo só unha interpunción. De momento tampouco hai xeito de decidirse aquí por ningunha opción.
- CAE-ILOBRIGOI ou CAI-ELOBRIGOI, debido a que o nexa se pode resolver indistintamente como E-I ou I-E e na onomástica prelatina occidental se documenta de feito tanto *Cael-* (por exemplo nos antropónimos *Caelio* [dat.] *Aucieicu(m)* *Serani f(ilio)* de Talavera de la Reina, Toledo, ou *Caeleo* [nom.] *Cadroiolonis* de Santa Comba, A Coruña) como *Caiel-* (secuencia CAIELONIC na quinta liña do altar dedicado a *Arasei* de Fornos de Algodres, Guarda).

g. Interpretación do texto

Temos un teónimo *Crougeai* en dat. sg. que de momento só se coñece no noroeste o que nos sitúa por tanto no ámbito relixioso noroccidental. O feito de que a lingua deste texto se denomine lusitana non é máis ca un convencionalismo que obedece á momentánea circunstancia de que tódalas poucas inscricións en lingua prelatina indíxena occidental de que de momento dispoñemos apareceron no ámbito territorial da provincia romana Lusitania, pero é evidente que ese territorio administrativo romano non ten nada que ver coas áreas lingüísticas prelatinas, motivo polo que eu persoalmente preferiría denominar esta lingua hispano occidental. Esta é a máis septentrional de todas elas e queda no ámbito xeográfico da onomástica galaica que non ten como límite meridional o Douro, como veremos máis abaixo, senon que se estende ata o Mondego, polo que se trata máis ben dunha inscrición e variedade de lingua galaica meridional interior.

O teónimo *Crougea-* < **kroukiā* está probablemente relacionado coa palabra celta **kroukā* “morea, monte” (irl. *crúach*, galés *crug*; latinizada como **crūca* entre outras variantes, v. o *Französisches Etymologisches Wörterbuch* de Walther von Wartburg s.v. **krouka*, p. 1366-1367). A mesma formación en *-ia* aparece no topó-

[.]*adom* que, deixando de lado outras opcións que eu considero menos plausibles, pode ser un adxectivo anteposto a *porgom* ou, tendo en conta a súa especial posición sintáctica, unha conxunción copulativa ou outro tipo de palabra en función similar.

Nas dúas liñas iniciais do texto prelatino aparecen unhas terminacións completamente diferentes. Tradicionalmente interprétase *Veam[i]nicori* como nome dalgún tipo de comunidade humana en nom. pl. e *doenti* como 3. pl. do pres. ind. act. do verbo “dar”. Esta hipótese resulta moi convincente pola súa semántica e tamén á primeira vista pola súa forma, pero presenta en realidade dous problemas importantes que non hai que barrer para debaixo da alfombra: non se espera a monoptongación en *-i* do nom. pl. a partir de **-oi* ou **-ioi*, cando na terminación de dat. sg. atemática constatamos reiteradamente que **-ei* se transforma en *-e* e **-iei* en *-ie* (cf. *Reve* e *Trebarune* < **-ei*, *Munitie* < **-i-ei*, *Bandue* < **-u-ei*, etc.); e tampouco se espera o ditongo da forma verbal *doenti* no caso de significar “dan”, senon en todo caso un simple **donti* a partir dunha primitiva flexión atemática **-dh₃-onti* (< **-dh₃-enti*) ou temática **-dh₃-o-nti* do paradigma verbal, supoñendo en ámbolos dous casos que se tivese producido a perda da súa reduplicación orixinal, como efectivamente sucede noutras linguas (cf. lat. *dare* vs. véd. *dádāti* con **de-* ou gr. δίδωμι, celtib. *đidonti* con **di-*). *Veam[i]nicori* tería que ser unha representación gráfica irregular de **Veam[i]nicore* ou **Veam[i]nicorie* con *-e* pechado final ou o froito dun evolución fonética particular da variedade de lingua deste texto no que *-e* ou *-ie* se pechou en *-i*, cousa posible, pero que se tería que admitir *ad hoc*. *Doenti* tería que ser unha refección formal de ***donti*, a pesar de que esta forma esperable sería coincidente coa terminación **-o-nti* previsiblemente maioritaria e por tanto regular da lingua (a dos temas en *-o-*), refección que se tería producido segundo o modelo das incomparablemente menos frecuentes formas verbais con terminación atemática en *-enti* ou, como alternativa, froito dunha evolución fonética **donti* > **dointi* que tamén habería que admitir *ad hoc*. Só unha maior e mellor documentación da variedade lingüística local nos permitirá determinar se aquí se produciron realmente estas alteracións fonéticas e/ou morfolóxicas ou se trata en realidade dalgo completamente diferente. De momento resulta tan desaconsellable unha absoluta credulidade como un completo descrédito cara a esta hipótese interpretativa.

h. Especulacións

Nun texto coma este pódense facer especulacións a dous niveis. Por unha parte, podemos favorecer ou optar por algunha das distintas opcións de lectura, cando en realidade calquera das alternativas son de entrada igualmente viables. Por outra, non necesariamente desligada da anterior, podemos decantarnos por determinadas hipóteses etimolóxicas, cando a maioría delas non pasan de simples posibilidades máis ou menos plausibles que non deixan de selo por seren as propias, as de persoeiros ilustres ou as únicas (ou únicas minimamente viables) lanzadas de momento.

Se analizamos con espírito crítico e cunha máis ca recomendable boa dose escepticismo todas e cada unha das propostas dos distintos autores que se animaron a lanzar algunha hipótese interpretativa, veremos que a argumentación tanto no que difiren como en parte tamén no que todos están de acordo se basea en boas doses de suposicións e manifestas querenzas. O lector que sexa pouco dado á credulidade, despois de ler a xa abundante bibliografía pertinente, chegará inevitablemente á conclusión de que o que se sabe con certeza é mínimo. Pero isto en realidade non debe sorprendernos: é lóxico entender pouco duns textos escritos nunha lingua da que só conservamos seis pequenas epígrafes fragmentarias e problemáticas, por moito que se trate dunha lingua indoeuropea. O realmente sorprendente sería o contrario.

Recomendacións bibliográficas:

Epigrafía lusitana: Untermann 1997: 723-758, 2010 (sobre o Cabeço das Fráguas: Correia Santos - Schattner 2010 e en xeral tamén Gonçalves Miguel 2013 con boas fotografías); Wodtko 2017. Sobre as novas inscricións de Arroyo de la Luz 3: Almagro - Ortega - Villar 1999; Villar - Pedrero 2001, 2001b, Almagro 2003: 221-222; e Arronches: Encarnação - Oliveira - Carneiro – Teixeira 2008, Encarnação - Oliveira - Teixeira 2008, Cardim Ribeiro 2010.

5. Code-switching

Máis ao norte de Castro Daire non temos ningunha inscrición en lingua indíxena, pero temos varias epígrafes votivas latinas con cambio de lingua (cambio de código, ing. *code-switching*) no apartado teonímico.

Falar pasando dun xeito máis ou menos inconsciente dunha lingua á outra é o que en maior ou menor grao inevitablemente se produce en todo individuo ou colectivo nos que coexisten dúas ou máis linguas. Do mesmo xeito que na Galicia actual creamos e consumimos innumerables produtos lingüísticos transxénicos galego-casteláns, outro tanto nos podemos ou debemos imaxinar que pasaba *mutatis mutandis* na *Gallaecia* antiga entre a lingua indíxena e mailo latín. Unha importante diferenza entre a mestura actual e aquela está sen embargo no feito de que o galego e mailo castelán carecen de flexión nominal (declinación) máis alá da distinción de número e (no adxectivo e participio) xénero e por tanto non teñen grande posibilidade de interferirse e mesturarse neste ámbito, como si ocorre en cambio con máis frecuencia no paradigma verbal (*andar – andei / anduven, saber – saiba / sepa*, etc.). Entre a lingua prelatina do noroeste e mailo latín as interferencias na flexión nominal eran en cambio moi frecuentes e constituían unha problemática moi particular e especialmente complexa debido a que a lingua indíxena tiña (previsiblemente) unha flexión nominal moi diferente da latina (que reducira a moi variada flexión nominal indoeuropea dun xeito moi drástico e *sui generis* a cinco tipos flexivos básicos) e presentaba ademais notables diferenzas dialectais nalgúns tipos flexivos⁴⁹, mentres que no latín vulgar, pola súa banda, parte dos primitivos modelos paradigmáticos se estaban refacendo e perdendo e parte das terminacións flexivas dos paradigmas subsistentes se estaban alterando, confluindo foneticamente e sendo substituídas progresivamente por preposicións dotadas de novas funcións sintácticas (*de* coas funcións do xenitivo, *ad* coas funcións do acusativo, etc.).

En principio, toda palabra de orixe indíxena que se utilizase en latín tería que pasar a ser declinada segundo algún dos modelos flexivos latinos dispoñibles e facendo uso das terminacións correspondentes, pero esa atribución estaba en moitos casos lonxe de ser obvia, polo que (entre outros posibles motivos) na lingua falada se optaba moitas veces polo cambio de lingua. Este problema afecta por suposto

⁴⁹ Especialmente no dat. sg. dos temas en *-u-* (teón. *Bandu-*, *Cosu-/Cusu-*) do que se documentan as variantes *Bandue*, *Cossue / Cusue*; *Bandei*, *Cosei/Cusei*; *Bandi*, etc.

tamén aos nomes propios, que teñen a particularidade natural engadida de identificar e estar indisolublemente ligados a un (único) obxecto, co que pasan a formar parte da súa esencia e identidade, cousa especialmente transcendente na esfera relixiosa, pois neste ámbito tan sagrado e digno de máxima veneración e respecto se considera o obxecto de culto como o nome que o designa. Isto explica ou é polo menos unha das causas que se poden aducir para explicar que sexa precisamente (e de momento exclusivamente) no ámbito da teonimia onde se manifestan as alternancias de código, que se dan por certo cunha frecuencia moi notable⁵⁰. Menos claro é por qué este fenómeno, que adoita documentarse só dun xeito moi esporádico (cf., por exemplo, [Δις] Μανιβους [Κλαυ]δίου Δημη[τριού στ]ρατ(ιώτου) στόλου [πραιω]ρίου Μισην[---] “Aos deuses Manes de Claudius Demetrius, soldado da frota praetoria de Miseno”, nunha placa funeraria de Miseno, golfo de Nápoles, Italia, do séc. II-III dC., AE 1929 149, co dat. pl. latino [Δις] Μανιβους = *dis Manibus* nun texto grego), se produce con especial intensidade en determinadas áreas, como no occidente hispánico ou na zona renana de Colonia e arredores, onde temos textos votivos latinos con teónimos con flexión xermánica⁵¹.

Exemplos:

Lugubo Arquiobobo *C(aius) Iulius Hispanus v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito)* (Sober, Lugo). A forma latina (latinizada) do apartado teonímico témola en *Lugubu[s] Arquiensis* (con nexo N-S e I sobrescrito) de Lugo, que os seus primeiros editores leron como *Lugubus Arovieis* (Herves - Rodríguez Colmenero 2007: 223) e *Luccubu[s] Arquiens[s]* (con segundo C inscrito no primeiro) de Outeiro de Rei, Lugo, tradicionalmente lido como *Lucoubu[s]*, pero que á luz das novas formas luguesas con -GG- e -CC- é preferible ler desta outra maneira. Cf. *Lucc[u]bo Arqui(en)obo* *v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito)* RV[----] *Apana* de Lugo, que González Fernández - Rodríguez Colmenero 2001: 243-244 interpretaron como unha dedicatória a *Lucubo Arousa(ego)*.

Deibabo Nemucelaigabo *Fuscinus Fusci filius v(otum) l(ibens) a(nimo) s(olvit)* (Chaves, Vila Real; lectura presentada en Búa 2000: 396). Na súa forma latinizada podería usarse por exemplo *Deabus Nemucelaecis*.

⁵⁰ Na onomástica persoal das áreas veciñas orientais temos unha alternancia de código nos nomes familiares que adoitan aparecer coa terminación de xenitivo indixena. Por exemplo en *Aiae Quemiae Boddi filiae Celtigun e Aiae Caravancae Boddi filiae Celtigun* de Monte Cildá, Palencia, onde a forma *Celtigun* < **Celticōm* sería en latín normal e corrente *Celticorum* ou, coa sonorización incorporada, *Celtigorum*. Vertido ao galego o nome destas dúas irmás sería *Aia Coemia* e *Aia Caravanca*, fillas de *Boddus*, [da familia] dos *Celtici* (≈ dos descendentes de *Celtius*).

⁵¹ Por exemplo, *Matronis Aflims M(arcus) Iullionius Agilis v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito)* CIL XIII 8157 (coa terminación de dat. pl. xermánica -ī-ms) vs. *Matronis Aflibus* en CIL XIII 8211 (coa terminación latina -ia-bus).

**Crougiae Toudadigoe Rufonia Sever*[-----] (Xinzo de Limia, Ourense)⁵². Coas terminacións flexivas latinas correspondentes teríamos *Crougiae Toudadigo*, onde **Crougia* é un tema en *-a-* masc.

Tongoe Nabiagoi (Braga). Esta secuencia en dativo aparece illada e non integrada nun contexto oracional latino, pero os outros textos deste monumento rupestre están en latín. A súa forma latinizada tería sido *Tongo Nabiago*.

Reve Marandigui Albinia Albina a(nimo) l(ibens) v(otum) s(olvit) (Vila Real). O teónimo latinizado sería *Reo Marandigo*.

O cambio de código dáse sobre todo entre os temas de adaptación máis problemática, de aí que sexa moi frecuente entre os temas en *-u-* e menos en cambio entre os temas en *-o-* ou *-a-* que en principio non ofrecen ningún problema de adaptación. Isto dá lugar a que ás veces dentro do apartado teonímico só apareza suicheado o teónimo, mentres que o epíteto, que adoita ser un tema en *-o-* ou *-a-*, se latiniza de forma regular.

Por exemplo:

Reve Anabaraego T(itus) Flavius Flavinus de Ourense. A súa forma completa en lingua indíxena sería ***Reve Anabaraigo*, en latín ***Reo Anabaraego*⁵³.

A latinización flexiva do epíteto dunha designación teonímica suicheada non implica que o epíteto estea polo demais completamente latinizado. En *Bandi Malumrico Cuntius Mf*[.....] *Junt(...)* *f(ilius) s(olvit) l(ibens) m(erito)* dunha epígrafe procedente dun lugar descoñecido da provincia de Badajoz temos un apartado teonímico que en forma puramente indíxena pode ter sido **Bandi Malumricui* e en forma puramente latina probablemente **Bandui Malumbrico*. O teónimo aparece aquí por tanto latinizado dun xeito moi superficial, coa simple substitución da terminación *-ui* por *-o*. E isto convérteo para nós nunha auténtica xoia onomástica, dado que podemos así observar como o grupo *-mr-* extraño ao latín, pero normal nunha lingua céltica antiga (cf. **mrog-* “territorio” > irl. ant. *mruig*, en fontes latinas antigas *Brogi-*) se conservaba inalterado na lingua indíxena, mentres que na nosa documentación maioritariamente latinizada sempre atopamos *-mbr-* coa epéntese do *-b-* (*Conimbriga*, med. *Calambria*, etc.). Os que en vez de *Malumrico* len ***Malunaico*,

⁵² Coñecemos o texto desta inscrición perdida a partir dunha lectura de Sarmiento que leu CROVGIN. Gorrochategui 1987: 87 tivo o acerto de restituír **Crougiai*, aínda que o máis probable é que a forma fose **Crougiae*, dado que nos textos latinos as terminacións latinizadas ou coincidentes coas latinas se escriben regularmente á latina (cf. os teónimos *Oipainciae*, *Iunoni Lineaigae* e *Mumidi Eberobrigae Toudopalandaigae* dos dist./prov. de Castelo Branco e Cáceres con *-ai-* / *-oi-* no tema, pero sempre *-ae* na terminación), e de feito no epíteto temos *-oe*.

⁵³ Temos por exemplo un apartado teonímico completamente latinizado en [-----] *nis f(ilius) Meducenus Uxsamensis Reo Bormanico v(otum) s(olvit) l(ibens) ...* de Vizela, Braga. A súa forma completa en lingua indíxena tería sido neste caso **Reve Bormanicoi* e a súa forma mixta **Reve Bormanico*.

considerando que o *-r-* é en realidade un *-a-* mal feito, deixándose levar pola obvia tentación de ver aquí a típica terminación en *-aeco* dos epítetos, non se decatan de que non hai a menor necesidade de forzar a súa lectura e de que, forzándoa, se nos priva dun testemuño lingüístico extraordinario.

Grazas a este fenómeno temos unha información modesta, pero valiosísima sobre a forma que presentaban diferentes clases flexivas en dativo singular e plural en distintas variedades (diatópicas e diacrónicas, dado que os textos proceden de distintos lugares e datas) da lingua indíxena.

Recomendacións bibliográficas:

Contacto entre latín e outras linguas do imperio: Adams 2003. Sobre a alternancia de códigos nas inscricións votivas hispanooccidentais: Búa 2000, 2011; Wodtko 2017.

6. Lingua residual onomástica

a. Léxico común

No léxico común noroccidental consérvanse palabras tomadas do substrato local, é dicir, da lingua prelatina falada no noroeste da Península Ibérica. Agora ben, coa mesma rotundidade con que o podemos afirmar debemos tamén recoñecer que non é fácil identificalas con seguridade.

As palabras das que temos unha documentación antiga que nos garanta a súa procedencia local son escasas. Unha delas é *páramo*, que en Castela e en castelán designa unha chaira enorme, pelada, inhospita, estéril e case deshabitada. Segundo a impresionante descrición que nos dá Miguel Delibes nas súas *Viejas historias de Castilla la Vieja* é “una inmensidad desolada, y el día que en el cielo hay nubes, la tierra parece el cielo y el cielo la tierra, tan desamueblado e inhospito es”. No Noroeste tamén temos lugares que reciben o nome de *Páramo*, pero aquí non hai chairas coas características xeomorfolóxicas e climáticas de Castela. Aínda que habería que facer un estudio exhaustivo para comprobalo, parece que este topónimo vai asociado a chairas non necesariamente moi grandes en zona montañosa, sexa no alto ou no baixo, o que explica a posibilidade da súa pluralización na toponimia menor. Cf. por exemplo *O Páramo* no concello de Lugo; *O Páramo* na parroquia de San Miguel do Páramo, Castroverde, Lugo; *Os Páramos* na parroquia do Bo Pastor de Castiñeiras, Ribeira, A Coruña, etc. En Teberga, Asturias, *Parmu* < a. 1122 *Paramo*, cabeza da antiga pequena comarca independente de El Privilexu, é o nome que recibe unha pequena chaira á entrada e por tanto no fondo dun val moi estreito entre altos cumios polo que se abre camiño o río homónimo ou Valdesampedo, afl. do Teberga → Trubia → Nalón (v. García Arias 1991 67). Nos cumios da escarpada Serra da Barbanza, nunha zona coñecida como As Chans do Iroite, temos diversos restos megalíticos entre os que destaca o dolmen *A casota do Páramo*. O feito de que en galego, portugués e asturiano se use *páramo* cos sentidos máis ben propios dos grandes páramos de Castela débese probablemente a que o seu uso moderno é un castelanismo⁵⁴. A este respecto paréceme moi significativo que na páxina web oficial do concello de Castroverde, cando se describen as características da parroquia de San Miguel do Páramo, se nos diga expresamente que este lugar é tan idílico que de “páramo” en realidade

⁵⁴ Segundo Piel 1947: 176-178, *páramo* non existe na toponimia portuguesa, mentres que no seu léxico común só aparece como forma literaria que considera importada de España.

só ten o nome⁵⁵. Esta palabra está amplamente documentada tanto na onomástica prelatina (cf. top. Σεγοντία Παράμικα de Ptol. 2,6,65 entre os várdulos, h. *Cigüenza del Páramo*; teón. *Reo Paramaeco* dat. sg. “para (o deus) Reus do Páramo” en Lugo, etc.) coma nos textos latinos epigráficos e literarios antigos, onde aparece claramente co significado de “chaira” sen que a partir deles se poida definir esa chaira dun xeito máis específico: *CIL* II 2660 é unha inscr. poética de León na que se nos fala da caza duns cervos *in parami aequore* “na chaira do páramo”; Iulius Honorius *Geographica* 5 (s. V dC.) describe o percorrido do Douro do seguinte xeito: *Durius ... currit per campos Hispaniae inlustrans paramum; deinde dirumpere loca montuosa dividens Galliciam et Lusitaniam ... occidit in oceano*, onde o páramo é a “terra cha” mesetaria contraposta orograficamente á zona montañosa. Sobre a etimoloxía desta palabra tense discutido moito, pero o certo é que segue sendo completamente descoñecida.

A maioría das palabras consideradas de orixe prelatina clasifícase así por simple exclusión, o que lamentablemente non permite excluír a posibilidade de que nos equivoquemos. Ao non poder ser explicadas segundo a evolución fonética regular ou admitindo algún duns cambios irregulares máis comúns, cunha perfecta adecuación semántica ou, no seu defecto, cunha alteración do seu significado facilmente comprensible e en conxunto sen grandes especulacións a partir do latín ou de calquera outra lingua posterior, entra naturalmente en consideración que teñan esa orixe, pero non por iso e sen máis se pode dar por segura e necesaria a súa prelatinidade. Da pura imposibilidade de darlle unha explicación etimolóxica a unha determinada palabra só se deriva con certeza a necesidade de clasificala como de orixe descoñecida. Por suposto é lóxico pensar que parte ou mesmo a maior parte das palabras de orixe descoñecida sexan realmente tomadas do substrato prelatino, pero non é menos razoable ter en precavida consideración que non todo o que non somos capaces de explicar satisfactoriamente ha de ser sistemática e necesariamente unha herdanza do substrato.

Así, por exemplo, parece claro que a palabra galega *leira* (a. 931 *laria*) non é latina. No DRAG aparece brevemente definida como “terreo de labranza”, deixándose fóra un aspecto semántico básico desta palabra e introducíndose unha restricción que me parece secundaria e para o galego moderno aínda non xeneralizable. As leiras son parcelas nas que se divide temporal ou permanentemente a superficie dun terreo, que pode ser de labranza ou de calquera outro tipo. Tamén se fan leiras no monte, por exemplo cando os veciños se reparten entre eles o toxo ou a rama despois dunha corta no monte comunal. A idea da división ou parcelación parécese fundamental nesta palabra, mentres que a súa restricción ás terras de labranza só se pode ver en todo caso como unha tendencia de uso. Pola forma entraría en consideración como posible étimo o lat. *glarea* “grixo, pedregullo”, conservada no arag. *glera*

⁵⁵ <http://concellodecastroverde.com/municipio/parroquias/paramo-san-miguel>.

“gándara”, pero a semántica desta palabra é dificilmente reconciliable coa de *leira*, por moi boa vontade que se teña. En asturiano-leonés coexisten dúas acepcións de *llera* ou, mellor dito, dúas palabras *llera* claramente diferenciabes: *llera*¹ aplícase a unha “porción de terreno destinada al cultivo y principalmente a huerta”, mentres que *llera*² é un “lugar donde hay mucha piedra, pedregal” (Le Men 2002 1353-1354). Está claro que esta segunda *llera* se debe asociar ao arag. *glera* e que ambas veñen do lat. *glarea*. A primeira en cambio correspóndese coa *leira* do galego que nunca significa “gándara” nin “lugar pedregoso” de ningún tipo e debe ter por tanto outra orixe (Le Men 2002 1353-1354: “muy posible que ambas tengan también dos orígenes etimológicos distintos”). Xa no REW 4911 se recolle a posible relación de *leira* co celta *(p)lāro- “chan, piso, pavimento” (airl. *lár*, galés *llawr*), cognato indoeuropeo do alem. *Flur* f. “campo” < aaa. *fluor* m. < xerm. **flōra*- < **plāro*- < ie. **plah*₂-ro-, pero Meyer-Lübke non deixa de rexistrar como dubidosa esta asociación. O principal obstáculo está na diverxencia semántica, dado que no significado de *leira* a idea de “parte, parcela” parece fundamental e ter por tanto relevancia etimolóxica, cousa que non xoga en cambio ningún papel no celta *(p)lāro-. *Leira* pode ser por tanto unha palabra prelatina, pero o certo é que carece dunha interpretación etimolóxica que sustente esta idea claramente, así que tamén podería ter outra orixe. De feito tamén hai varias opcións etimolóxicas xermánicas que me parecen máis ou menos dignas de ser tidas en consideración. A idea de “límite” ou “división” invita a reflexionar por exemplo sobre unha posible relación co alem. *Gleis* “vía” (< alem. med. *geleise*) emparentado co lat. *līra*, etc.: unha primitiva forma románica **laira* podería ter a súa orixe nun xermánico occidental **lairō* fem. < **laizō* < **loisá* “marca, risco no chan; suco”, substantivo que non vexo conservado en ningunha lingua xermánica con este significado primitivo (alem. *Lehre* ten esta orixe, pero asociouse por completo á semántica adquirida polo verbo causativo *lehren* “facer que outra persoa siga as indicacións / adquira coñecemento, ensinar”), como si ocorre en cambio entre as linguas eslavas (rus. лѣха *lechá* “leira de cultivo; suco”). Hai por tanto varias opcións etimolóxicas para esta palabra, ningunha libre de toda sombra de dúbida. A súa non latinidade non implica necesariamente a súa prelatinidade. É posible que a súa orixe sexa realmente prelatina, pero de momento é incerta e por tanto descoñecida.

O mesmo lle ocorre, á inversa, a algunhas palabras presuntamente xermánicas, como gal. *ripa*, *ripia* “taboa estreita (usada para facer divisións, tellados, ladrais)”, port. *ripa* “pedaço de madeira” (*rripia* a. 1209). Non pode relacionarse co xermánico **rebjō* > xerm. occ. **ribbjō* > alem. *Rippe* “costela”, como defende Corominas seguindo a Figueiredo, debido a que o enxordecemento que presenta o alemán moderno é inadmisíbel no século V dC., época anterior á segunda mutación consonántica do alemán na que habería que situarse no caso de ser un préstamo do suebo. A partir dunha forma xermánica **rebjō* ou xerm. occ. **ribbjō* só cabe esperar en

galego ***reb(i)a*, ***rib(i)a*, ***reiba* ou algo similar, en calquera caso sempre con *-b-*. A palabra galega atopa en cambio unha posible conexión etimolóxica indirecta e tanto formal como semanticamente máis satisfactoria no xermánico **rēfa-* “pau, cangro, ripa” (cf. aisl. *rāfr* m., *rāf* n. “tellado sobre unha estrutura de cangros e ripas”, asax. *rāva*, aaa. *rāvo* “pau, cangro”, aam. *rāve*, alem. sup. *Rafe*) que se pode retrotraer regularmente a unha protoforma ie. **rēpo-* (v. IEW 866). Neste caso habería que partir dunha forma prelatina **rēpiā* ou (**rēpiā* >) **rīpiā* latinizada con *-pp-*, como ocorre noutros casos⁵⁶, que en latín vulgar xa só debía ser un *-p-* forte, mentres que o primitivo *-p-* simple intervocálico estaba en proceso de lenición e sonorización.

Por outra parte non todo o que na nosa lingua ten unha clara orixe substratística debe proceder concretamente do noso propio substrato local. Os celtismos do latín vulgar galaico foron incorporados en distintas épocas e teñen distintas orixes. Os máis antigos e estendidos por toda a Romania, como por exemplo gal. *carro* (fr. *char*, ital. *carro*, rum. *car*, etc.) ← celt. **karro-* (irl. ant. *carr*, galés *car*), proceden dun primeiro contacto dos romanos cos galos cisalpinos do norte de Italia. Outros moito máis recentes son froito dunha difusión léxica ao longo da Romania occidental dende a Galia transalpina, como por exemplo gal. *cervexa* (port. *cerveja*, fr. *cervoise*, friul. *cervéze*⁵⁷) ← *cervēsia* (helenizado en κερβησία e con variantes antigas documentadas como *cervisia*, *cerevesia*, tamén *cervesa* e *cervisa*, v. Kramer 1997), que é un dos nomes célticos desta bebida que nos consta que se estendeu dende Galia por todo o occidente, substituindo a distintas designacións locais preexistentes, entre elas as hispánicas *caelia* e posiblemente tamén *cerea* das que nos dan noticia distintos autores antigos⁵⁸. A forma *caelia*, que nos textos antigos só aparece en relación coa toma de Numancia no ano 133 aC. e pode ser por tanto unha palabra celtibera, reaparece en textos medievais do ámbito anglosaxón e alemán. Podería tratarse dunha difusión transpirenaica dunha palabra céltica hispánica, pero estas linguas xermánicas máis ben a terán tomado de calquera variedade céltica europea septentrional na que esta palabra tamén estivese presente (v. Nelson 2001 47-50). A existencia da palabra *cerea* é en cambio máis dubidosa. Só reaparece nun único texto epigráfico problemático de Tréveris (Alemaña) no que se menciona unha tal *[Ho]sidia Materna negotians artis cervesariae sive ceriariae* “que ten un negocio na *ars cervesaria* ou

⁵⁶ A adaptación do **-p-* prelatino mediante *-pp-* latino parece darse tamén no gal. *lapa* “pedra sobre-sainte” (a. 907 *de illa lapa ad illa fonte de lodares*, a. 1141 *per illud sarreirum de super lapas*) < lat. **lappa*, que atendendo aos testemuños doutras linguas probablemente emparentados (lat. *lapis*, gr. *λέπας*) debeu ser na lingua indíxena **lapa* cun *-p-* simple etimolóxico.

⁵⁷ It. *cervogia* tomouse en cambio do francés, v. Benincà 1995 46.

⁵⁸ Plinio nat. hist. 22,164: *Ex iisdem [leguminibus] fiunt et potus, zythum in Aegypto, caelia et cerea in Hispania, cervesia et plura genera in Galia aliisque provinciis [...]*.

ars ceriaria”, é dicir, no “ramo da cervexería”, segundo hipótese de lectura de Binsfeld (1972), onde *ars cervesaria* e *ars ceriaria* serían sinónimos.

Este material lingüístico de substrato estendido pola Romanía occidental presenta ás veces particularidades formais ou semánticas rexionais, o que non debe levarnos a considerar que se trate sempre e necesariamente de adquisicións múltiples e paralelas da mesma palabra a partir dos distintos substratos das distintas zonas. As diverxencias tanto formais como semánticas poden ser bastante antigas e ter non obstante unha orixe secundaria, froito da particular historia e contexto destas palabras dende o momento que se introduciron e expandiron polo latín vulgar occidental, fose cal fose a súa (se cadra única) zona de orixe.

Así, por exemplo, a antiga palabra galega *olga* que designaba un tipo de ‘horta’ aparece en ast. e cast. ant. como *huelga* (a. 814 *olga*, variantes: *(h)olga*, *(h)uelga*, *güelga*, *buelga*, etc.; tamén a. 897 *orga*, probablemente por contaminación con *(h)orta*, de onde as formas modernas bastante estendidas *huerga*, *güerga*, etc.), o que leva a postular unha protoforma románica **ōlga*, mentres que Gregorio de Tours nos informa de que na Galia se dicía *olca*⁵⁹, forma que de feito se conserva no prov. *olca*, francés *ouche* ‘horta, pomar’ e no alem. dial. de Tréveris *olke* ‘viña, chousa’. Por outra parte, os cognatos doutras linguas indoeuropeas permítennos reconstruír unha forma protoindoeuropea **polk̑ah₂-* (ing. ant. *fealg*, alem. med. *valge*, báv. *falg* “terra labrada [deixada a barbeito]”), así que non cabe dúbida de que se trata dunha palabra con *-k-* etimolóxico e que por tanto no étimo hispánico se tivo que producir a súa sonorización. Pode e adoita pensarse que a causa desta peculiaridade formal debe estar no noso substrato. Tería que estar concretamente no celtibérico, onde sabemos que o **p-* inicial se perde. Se isto fose así, habería que admitir que o mesmo termo fose introducido no latín occidental a partir do galo na Galia e do celtibérico en Hispania, dun xeito paralelo e independente, hipótese que sen ser por suposto imposible, non deixa de ter o defecto de esixir precisamente a intervención de máis actantes neste proceso, de non ser por tanto a opción máis económica á hora de dar explicación á introducción deste préstamo. O problema segue sendo en calquera caso que a sonorización do *-k-* precedido de líquida non é precisamente algo típico do celtibérico (lémbrese por exemplo o relativamente frecuente top. *Arcobriga* sempre con *-rc-*, nunca con ***-rg-*), co que a anomalía fonética seguiría sen recibir unha explicación satisfactoria. Na miña opinión non é necesario nin recomendable recorrer a múltiples substratos para explicar este fenómeno, senon máis ben á complexidade diso que dun xeito simplificado chamamos latín vulgar. Non debemos ver o latín falado de época imperial de calquera lugar ou zona do norte e noroeste da Península

⁵⁹ Gregorio de Tours glor. conf. 78: *erat autem non procul a basilica campus tellure foecundus – tales enim incolae olcas vocant.*

Ibérica (nin de calquera outro sitio) como unha única variedade oral uniforme a partir da que se xeraron o galego, o asturiano e mailo castelán. Como ocorre en calquera lingua, no ámbito da oralidade debían coexistir diferentes variedades diatópicas e diastráticas ou sociolectais con particularidades tanto fonéticas como de calquera outro tipo máis ou menos diverxentes e acentuadas, de entre as que algunhas se acabarían por impoñer e outras irían quedando cada vez máis illadas ou marxinas e acabarían por desaparecer. Nos textos epigráficos de época romana documentamos sonorizacións de todo tipo, tamén en circunstancias incongruentes co que as linguas románicas posteriormente nos mostran, moi especialmente na onomástica indíxena latinizada que é propensa a manifestar (é dicir, a non ocultar por presión ortográfica) a súa realidade fonética, dándonos así testemuño das múltiples peculiaridades da fala latina no ámbito da poboación rural indíxeno-romana⁶⁰. A variante **olga*, sendo un termo do campo semántico da agricultura, puido xurdir nunha desas primitivas variedades latinas do ámbito rural nas que o *-k-* do grupo *-lk-* tamén se sonorizaba e ser despois tomada en préstamo por outras variedades, probablemente urbanas, nas que o *-k-* neste mesmo contexto permanecía inalterado, variedades que (coa incorporación deste préstamo) serían as que se acabaron por estender e impoñer.

En canto ás particularidades semánticas, son ilustrativas as nosas palabras *tona* e *cheda*. A palabra céltica **tunnā* ‘pel, superficie’ (irl. galés *tonn*)⁶¹ tamén aparece estendida ao longo da Romania occidental, conservando gal. *tona* ‘pel da froita, do leite, etc.’ o significado máis próximo ao orixinal, mentres que no fr. *tonne* se observa unha especialización en ‘pelello, odre’ → ‘barril’ (de onde indirectamente o noso *tonel*) que se alonxa moito del. A palabra celta **klētā* ‘obxecto que se pode arrimar para obstaculizar o paso’ (irl. *clíath* ‘obstáculo’, galés *chwyd* ‘barreira, porta’, etc., v. Schrijver 1995: 230 para os problemas formais en galés) remonta a unha forma protoindoeuropea **k̑lei-tah₂-* ‘arrimo’ (abstracto da raíz **k̑lei* ‘arrimarse’ que está por exemplo no lat. *cliens* ‘cliente’ < ‘o que se arrima’ e tamén nos nosos termos lingüísticos de orixe grega *proclítico*, *enclítico*, etc.). Conservouse designando distintos tipos de cancelas ou cerrados en arag. *clela*, cat. *cleda*, fr. *claie* < med. *cloie*, mentres que en galego *cheda* se especializou na terminoloxía da carpintería do carro como ‘cada un dos largueiros que cerran lateralmente o leito do carro’. As diverxencias semánti-

⁶⁰ Así, por exemplo, fronte á regular estabilidade do grupo *-nt-* nas linguas iberorrománicas occidentais (pensemos en galego *dente*, *fonte*, *monte*, *ponte*, *vinte* e un longo etcétera) atopamos a súa sonorización en casos como os teón. *Reve Marandigui* < **Maranticōi* (cf. o inmediato **Marante* [a. 1115 *montem Marantis*] > **Marán*, h. serra do *Marão*) de Vila Real, Portugal, ou *Candiedoni* < *Cantibedoni* (dat.) dun lugar descoñecido de Galicia, ou por exemplo tamén no antrop. *Alio Pentdiegino* < **Pentiaecino* (dat.) de Prioro, León.

⁶¹ As formas célticas permiten restituír un étimo con vocalismo *-u-* ou *-o-* e un consonantismo *-nn-* ou *-nd-*, de aí que ás veces apareza reconstruído como **tondā*, pero **tunnā* é a única protoforma compatible coas formas célticas e románicas.

cas poden chegar a ser por tanto enormes, como vemos nestes casos. Pero nada obsta para explicalos como desenvolvementos románicos ou en parte se cadra xa do propio latín vulgar, sen necesidade de recorrer a unha polixénese ou multiprestación.

A verosimilitude dunha orixe local refórzase cando se trata de palabras que só se documentan nas linguas occidentais da Península Ibérica ou, mellor aínda, só no noroeste, aínda que tamén neste caso se debe advertir que a nosa situación marxinal tanto dentro da Romania en xeral como tamén da Romania occidental e máis en concreto aínda da Iberorromania favorece a posibilidade de que aquí se conserven palabras que se puideron perder nas demais áreas.

Como exemplo de palabra carente de documentación antiga e, non obstante, atribuíble con toda verosimilitude ao substrato hispánico occidental pode servirmos gal. *laxe*, *laxa*, port. *lage*, *lagem*, *laja*, *lágea* ‘pedra grande plana’, ast. *lláxina* (Salas) ‘pedra pizarrosa de color escuro’⁶². A palabra está hoxe especialmente viva no noso territorio, pero a toponimia móstranos que tamén estaba moi estendida pola área asturiano-leonesa: en Galicia temos *A(s) Laxa(s)*, *A(s) Laxe(s)*, *As Laxelas -ielas*, *Laxedo -endo*, etc. entre outras variantes (Santa Baía de *Lañas* < a. 830 *ecclesia Sce. Eulalie in Laginas*, A Baña); en Asturias *La Cháxina* (Valdés) e un hodónimo *El Llaxineiru* na parroquia de Villamar (Salas) equivalentes dos galegos *A Laxa/Laxe* e *Laxeiro* respectivamente (García Arias 1997b 335-336); en Zamora *Las Lláginas* (Fornillos de Fermoselle), en Salamanca *La Lágina* (Pereña) (Riesco 2013 139), en Cáceres *Arroyo de Lágina* (Acebo). Na documentación medieval temos a. 775 *lagenam* acus. sg. (Diploma do Rei Silo), a. 841 *per ipsas lagenas* (docum. de Lugo), a. 934 *lagine* (Sahagún), a. 1010 *ilas laginas planas* (Portugal), a. 1289 *lagena* (Oviedo) (Hubschmid 1947/48 267, García Leal 2003 157-159) e todos estes datos levan a postular unha protoforma **lagīna* que atopa unha correspondencia formal exacta no galés med. *llain* < **laginā* ‘folla da espada ou da lanza’ [probablemente < ‘lámina de metal’] (v. Zair 2012 61). Trátase seguramente dun derivado da raíz **plag* (< **plh₂g* ?) que temos no adxectivo xermánico **plago-* > xerm. **flaka-* > aaa. *flah* > alem. *flach* ‘chan, liso’ e no lat. *plaga* ‘superficie plana’, de xeito que nos atoparíamos aquí ante un caso de perda do **p-* no grupo inicial **pl-*. A ausencia de calquera testemuño desta palabra fóra do territorio galaico-portugués e asturiano-leonés invita a considerar pouco probable unha orixe celtibérica, onde sabemos que todo **p-* indoeuropeo inicial se perde regularmente. En occidente o **p-* tende a conservarse, pero é precisamente no grupo **pl-* onde tamén aquí hai claros testemuños da súa perda. Non lonxe

⁶² A variante leonesa *llágana* ‘pedra grande, lisa y plana’ é seguramente froito dunha contaminación con *lábana*, *llábana* de significado similar. Cast. *laja* ten probablemente a mesma orixe etimolóxica e debe ser por tanto préstamo de orixe galaico-portugués.

de Santiago temos o topónimo *Ledesma* < *pletisamā-. Nada se opón, por tanto, a que esta palabra poida ser un préstamo tomado do substrato céltico noroccidental.

b. Onomástica

Fóra deste léxico común de orixe prelatina coa súa especial problemática que tratei de ilustrar cos exemplos anteriores, dun xeito naturalmente moi parcial e incompleto, os únicos datos de que dispoñemos sobre a lingua indíxena noroccidental son onomásticos. Jürgen Untermann, que foi un dos grandes especialistas nas linguas antigas de escasa documentación da Europa occidental, especialmente itálicas e hispánicas, estableceu unha distinción terminolóxica entre linguas fragmentarias (alem. *Trümmersprachen*), que serían aquelas que tiveron unha ampla produción epigráfica que só chega ás nosas mans dun xeito moi fragmentario, e linguas residuais (alem. *Restsprachen*), que serían aquelas outras que tiveron escaso ou nulo uso escrito e das que se conservan hoxe moi poucos textos ou ningún, como ocorre por exemplo no caso do lusitano cos seus escasísimos restos epigráficos rupestres. Entre estas últimas atópanse as linguas residuais onomásticas (alem. *Eigennamenrestsprachen*), que serían aquelas das que non conservamos ningún resto epigráfico, pero unha cantidade importante de nomes que se constitúen así na nosa principal ou única fonte de información, como é precisamente o caso da lingua prelatina falada no noroeste.

c. Limitacións da etimoloxía na onomástica

A investigación no ámbito das linguas residuais onomásticas ten por natureza unhas limitacións enormes. Aínda que cada caso teña as súas especificidades, danse dous posibles escenarios básicos. Por unha parte, pode tratarse dun conxunto de nomes que atopen correspondencias claras e abundantes nunha lingua ou grupo de linguas ben documentadas, de onde se poderá deducir que eses nomes corresponden a unha ou distintas variedades desa lingua ou grupo de linguas. Iso é o que ocorre, por exemplo, na antiga Aquitania, no suroeste da actual Francia, onde temos un conxunto de nomes claramente asociables á onomástica e léxico común da lingua vasca e que se deben atribuír por tanto a (unha variedade diacrónica e diatópica de) esa lingua. O caso contrario estaría constituído por un conxunto de nomes que non atopan correspondencias claras nin son asociables por tanto a ningunha lingua documentada. Neste caso, toda interpretación etimolóxica é por natureza especulativa e está por tanto condenada ao fracaso, como nos veñen advertindo dende hai moitos anos distintas voces ben acreditadas que non sempre reciben a atención que merecen:

Quand on n'a pas d'autre moyen d'information, quand les témoignages historiques manquent, que les langues ne sont pas transmises et qu'on n'a pas le moyen de faire

de la gramática comparada, on recourt à l'examen des noms propres, à l'onomastique. Mais les conclusions qu'on peut tirer de cet examen sont toujours vagues et incertaines. (...) en matière de noms propres, on ne peut en bonne méthode utiliser que des interprétations évidentes; personne ne doute que *Ritu-magos* (Radepont) ne soit le «champ du gué» parce que le sens obtenu est naturel, et que la rencontre de deux mots celtiques sur un sol ou l'on sait qu'il y a eu des Gaulois ne peut pas être fortuite. (...) Mais des conditions aussi favorables sont rares. Un nom propre n'ayant en général aucun sens par définition, l'interprétation en est arbitraire; la sûreté relative que donne à l'étymologiste le concours d'une identité de sens et d'une identité de forme en matière de noms communs manque dès qu'il s'agit de noms propres: une étymologie de nom propre ne repose que sur des ressemblances de forme. De plus, les noms propres sont sujets à être transportés au loin, et il arrive constamment que des noms ne répondent pas aux règles du parler local; rien n'est plus sujet à des transports arbitraires, à des variations fortuites qu'un nom propre (...) L'onomastique peut quelquefois apporter des confirmations curieuses à des faits connus; mais ce serait un défi à toute méthode que de fonder sur des études de noms propres l'affirmation d'un fait historique. Le linguiste qui sait à quel prix on peut établir une preuve linguistique doit résister à la tentation de rien fonder sur quelques ressemblances de noms propres. (Meillet 1920 38-39)

“Só se soubésemos algo do léxico da lingua que creou os nomes (coma no caso dos nomes celtas antigos), disporíamos dun contexto ou referente para a interpretación etimolóxica dos elementos que os integran. En calquera outro caso, a etimoloxía onomástica convértese en pura especulación”.

(...) “A investigación no campo do ilirio fíxonos comprender que unha lingua documentada exclusivamente a través de nomes propios non é realmente un obxecto (de estudio) da lingüística indoeuropea”.

(...) “[sc. No caso de que non se poidan asociar a ningunha lingua coñecida] ... os nomes son de entrada como achados fósiles (...) permitindo obter información sobre a existencia de distintos grupos de poboación e determinar se cada, aínda que non necesariamente, se a cada un deses grupos lle correspondía unha lingua propia. Pero este procedemento está máis próximo dos métodos da prehistoria ca dos da lingüística, e o lingüista só se distingue do prehistoriador en que sabe mellor ca el que do traballo con este material non se pode obter ningunha información que permita determinar as súas características, cohesión e clasificación lingüísticas” (Untermann 1983 23, 24, trad. Búa).

Estas consideracións deben ser tidas moi en conta á hora de tratar da chamada hidronimia antigoeuropea, na que me centrarei máis abaixo.

d. Nomes celtas.

No noroeste temos restos onomásticos que en calidade e cantidade máis ca suficiente atopan correspondencias claras nas linguas célticas (hidrón. *Dubra* < a. 1110 *Dubria*, *Camba*; top. *Brigantia*, *Nemetobriga*; etn. *Celtici*, *Nemetates*; teón. *Lugubo*, *Suleis*, *Toudadi*- e un longo etcétera). Debemos partir por tanto da base de que aquí se falou polo menos unha lingua prelatina céltica. A opción contraria, consistente en imaxinar e defender que todos eses nomes son en realidade préstamos tomados por unha lingua non céltica noroccidental a partir dunha céltica veciña, sería máis rebuscada, dificilmente demostrable e, mentres se carecese de demostración, puro capricho. Na miña opinión non hai nada que fale a favor desta hipótese alternativa, que por tanto de ningún modo pode tomarse como principal hipótese de traballo.

Pero, naturalmente, non todo o material lingüístico prelatino conservado ten que ser céltico. Galicia non é o berce das linguas indoeuropeas, así que toda lingua indoeuropea que se teña falado aquí tivo que vir nalgún momento de fóra e á súa chegada tivo que atopar polo menos unha lingua precedente, pois sabemos que este territorio estaba habitado por seres humanos modernos dende polo menos o 30.000 a.C. (datación aproximada á que se chega no xacemento da Cova de Eirós, Triacastela). É lóxico pensar que a lingua céltica non eliminase toda a onomástica precéltica, do mesmo xeito que a latina non eliminou toda a prelatina, así que debemos partir da base de que entre o material lingüístico prelatino se atopan restos de polo menos unha lingua céltica e polo menos tamén unha lingua precéltica (en boa lóxica menos abundantes). Por outra parte, non cabe dúbida de que non podemos nin debemos descartar que no momento da conquista romana se falase ademais da céltica algunha outra ou incluso outras da mesma familia lingüística ou non neste mesmo territorio. Agora ben, non todo o que é posible e imaxinable se pode e debe converter en hipótese de partida, senón que polo contrario debemos tomar como base o noso coñecemento mínimo seguro e progresar despois do xeito máis cauteloso posible, chegando a admitir a coexistencia de calquera outra lingua só cando realmente se poida demostrar dun xeito indiscutible, e procedéndose así sucesivamente tanto para a época prerromana inmediata como para os eventuais estratos máis profundos. A investigación debe avanzar, por tanto, abríndose primeiro camiño a través do material céltico e profundizando despois progresiva e selectivamente no material restante.

Neste texto, por simplicidade e comodidade falo frecuentemente da lingua prelatina indíxena noroccidental en singular co que me refiro á lingua céltica da que temos constancia, pero sendo moi consciente da problemática que acabo de comentar.

e. Nomes preceltas

En canto ao(s) estrato(s) máis profundo(s), unha cousa é partir da idea lóxica de que tamén teña que haber nomes precélticos e outra moi distinta chegar a identificar algún con seguridade. Unha lingua céltica como calquera outra ten préstamos (v. Campanile 1999b) e unha lingua céltica que non coñecemos, como é o caso da que se falou en Galicia, puido ter moitos ou poucos préstamos, como tamén sucede en calquera outro caso. De feito todo o que de precéltico poida haber en Galicia conservouse e só puido conservarse grazas a que a lingua céltica o tomou en préstamo. Pero esa lingua loxicamente non empezou a tomar préstamos cando chegou a Galicia, abandonando de súpeto a súa pureza e castidade previa. Parte dos seus préstamos foron sen dúbida tomados anteriormente e no estado actual dos nosos coñecementos carecemos de criterios que nos permitan discernir se un determinado nome prelatino carente de etimoloxía céltica recoñecible e por tanto de posible orixe última non céltica foi traído ou atopado en Galicia polos celtas.

Sirva de exemplo a palabra *gándara* (a. 916 top. *Gandara*), coas súas variantes *gandra* e *granda*, coñecida por todo o norte peninsular con distintos significados que xiran sempre arredor da idea básica de lugares pedregosos por efecto da erosión (especialmente caeiras dos montes) ou dos aluviós (especialmente chans nas proximidades de correntes fluviais), non aptos para o cultivo e coa vexetación silvestre correspondente a cada caso concreto. En leonés úsase tamén co significado de ‘en las casas antiguas, conjunto de piedras del tejado que formaban el deslinde del techo, también las que se colocaban en los muros exteriores formando escalera e impedían el paso de la lluvia’ (Le Men 2002 935-936). Na toponimia aparecen abundantemente numerosas variantes e distintos derivados como *Gandaroa*, *Gandarela* / *Grandela*, *Grandiella*, *Gandarina*, *Gandarica* e distintas aglutinacións como *Gandarouta* (< *gándara outa*), etc. dende o noroeste ata Cantabria onde tamén temos *La(s) Gándara(s)*, *Gandarilla*, *Garandilla*, etc. Esta palabra é inseparable de *ganda* ‘acumulación de pedras ou rocas; lugar, caeira chea de pedras ou rocas’ que aparece en distintos dialectos alemáns e románicos dos Alpes⁶³. É posible que a nosa palabra sexa un derivado seu en *-ra* ou *-ara* cun significado de tipo local-abundancial semellante ao románico *-eiro*, *-eira* en palabras como *areeiro*, *lameira*, etc., co que *ganda-ra* ou *gand-ara* significaría ‘lugar ou terreo onde hai unha grande acumulación de pedras ou rocas’. A palabra *ganda* carece dunha etimoloxía indoeuropea minimamente fide-

⁶³ Nos dialectos alemáns desa zona temos *Ganda*, *Gand* e outras moitas variantes formais; entre as variedades románicas nas que tamén se dá unha enorme variación formal temos por exemplo *ganda* na Engadina e na Valtelina.

digna, polo que é moi posible que se trate dunha palabra de orixe non indoeuropea⁶⁴, pero da súa presenza no norte da Península Ibérica non debemos deducir necesariamente un estrato preindoeuropeo cántabro-alpino. Esta palabra puido ser tomada en préstamo e introducida na Península Ibérica polos celtas, que viñeron de Centroeuropa, e que ademais poden ser os responsables da creación do derivado en *-(a)ra*.

Todo canto se atribúe ao mundo lingüístico precéltico ou preindoeuropeo de Galicia é (de momento) especulativo e carente de toda fiabilidade. Para acceder a esas profundidades necesitamos primeiro ter un coñecemento moi claro do material céltico, obxectivo que non sei se será atinxible, pero que en todo caso aínda estamos lonxe de acadar. Non se trata sen embargo dunha barreira teoricamente infranqueable no ámbito onomástico: se se dese a circunstancia de que un grupo de nomes idénticos (nomes enteiros idénticos, non diferentes nomes que compartan segmentos radicais ou sufixais presuntamente idénticos!) presentase unha dispersión xeográfica similar, minimamente densa e de contornos claros, xerando así entre todos eles unha área onomástica propia e inconfundiblemente diferente das áreas e subáreas onomásticas previamente establecidas polo material lingüístico claramente céltico, daquela habería que concluír que ese material onomástico en razón da súa especificade xeográfica (e non en razón de especulacións etimolóxicas de ningún tipo) non corresponde á lingua céltica nin por tanto puido ser traído por ela. Pero, como digo, estamos aínda moi lonxe de poder chegar a unha conclusión deste tipo.

Incomprensiblemente, hai moitas máis publicacións dedicadas á onomástica presuntamente precéltica (especialmente a chamada “antigoeuropea”) ca a céltica, e é moi de lamentar que liñas de investigación abertas nas universidades do noroeste (Martín Sevilla en Oviedo, Moralejo pai e fillo en Santiago) tivesen pouco desenvolvemento e continuidade, mentres que outras (especialmente Villar en Salamanca e discípulos/as e seguidores/as) nos inundaron, a pesar das claras, e ás veces mesmo duras críticas recibidas case dende un primeiro momento.

Recomendacións bibliográficas:

Linguas fragmentarias e residuais e maila súa problemática: Untermann 1983b, 1989b. Sobre os celtas en Galicia: Untermann 1993, 2007b e 2009, Moralejo Álvarez 2010, de Hoz 1997.

Sobre o léxico románico de substrato: Jungemann 1955, Hubschmid en Alvar e outros 1960: 27-66 e 127-149, Baldinger 1963, García Arias 2004, Kremer 2009. Sobre o substrato preindoeuropeo: Búa 2016.

⁶⁴ Cf. *gandadia* en Plin. nat. hist. 33,72: *terra ex quodam argillae genere mixta -gandadia vocant-prope inexpugnabilis*, de onde ast. *gandaya* ‘mineral que no vale para nada, de desecho (que no es carbón o es carbón de mala calidad)’ (Le Men 2002: 936-937).

7. Celta con *p inalterada

a. *p en celta e celta P/Q

Unha cuestión fonética moi importante e debatida no ámbito do lusitano e da onomástica prelatina occidental en xeral é a evolución do *p indoeuropeo. A lingüística indoeuropea do século XIX e principios do XX, que traballaba cun descoñecemento case completo das singularidades do ámbito hispanocéltico, estableceu como unha das principais características das linguas célticas a desaparición do *p en distintas posicións, por exemplo en inicial de palabra e intervocálica: ie. *por̥kō-s > *orkos > irl. *orc* ‘porco’, *nepot-s > *neots > irl. *nia* ‘sobriño (fillo da irmá)’. Este cambio considérase moi antigo, aínda que está claro que algún dos outros igualmente célticos tiveron que ser precedentes: a asimilación *p-kʷ > *kʷ-kʷ que temos por exemplo no numeral ie. *penkʷe > celt. *kʷenkʷe ‘cinco’ (> galés ant. *pimp*, irl. ant. *cóic*) é necesariamente anterior a perda do *p-. Obsérvase, para evitar malentendidos, que a distinción entre celta P e celta Q non ten nada que ver co tratamento do *p indoeuropeo, senón co feito de que algunhas linguas célticas converten tanto o fonema labiovelar *kʷ como a secuencia de fonemas *kʷ do protocelta (ou, se se prefire, o produto da súa neutralización) nun novo *p (linguas celtas P: britónico, galo, lepóntico), mentres que outras non o fan (linguas celtas Q: goidélico, celtibérico). Sirvan de exemplos, ademais do anterior, celt. *kʷenno- ‘cabeza’ > galés *pen*, irl. ant. *quenn* e celt. *ekʷo- ‘cabalo’ > galo *Epo-*, irl. *ech*.

O celtibérico é unha lingua céltica na que o *p ie. parece perderse nas circunstancias típicas que o fan tódalas demais linguas célticas extrapeninsulares, mentres que nas inscricións lusitanas atopamos a palabra *porcom* / *porgom*, que sen dúbida se debe interpretar a partir de ie. *por̥kō- ‘porco’ e conserva por tanto o *p ie. inalterado. Pero, sendo isto así, o certo é que tanto nos propios textos lusitanos coma na onomástica dos restantes territorios peninsulares con indubidable presenza lingüística céltica, como é o caso do noroeste, as cousas non son tan sinxelas.

Na parte occidental peninsular temos dous testemuños claros dunha tardía inestabilidade específica do fonema *p- en posición inicial. A cidade salmantina de *Ledesma* chamábase en época romana *Bletisama* (cf. *Bletisam(am)* en CIL II 859 de Ledesma, Salamanca; *senatus [populusque] Bletisamen[sis]* no bronce de El Picón, Pino del Oro, Zamora), nome que procede moi probablemente dunha forma primitiva *pletisamā ‘moi espaciosa’, un superlativo formado sobre a raíz en grao pleno

(**pleth₂*-) do adxectivo **p_lth₂-nó*- ‘ancho, amplo’ > celt. *(*p*)*litano*-, que se conserva no irl. ant. *lethan*, galés med. *litan*, bret. med. *ledan* e en distintos topónimos galos como *Litanobriga* no dép. Oise, Francia, ou *Litana silva* na Galia Cisalpina (cf. gr. *πλάτανος* ‘plátano, pradairo’). O mesmo nome reaparece por exemplo en *Louesme* < a. 1101 *Leesma* < **Letisama* no dép. Côte d’Or, Francia (v. Nègre 1990 133). A forma latina do topónimo salmantino é sorprendente polo feito de que, mentres que o *-*t*-intervocálico se conserva inalterado, o **p*- inicial aparece aparentemente sonorizado, cando de haber algunha sonorización se esperaría máis ben todo o contrario. O máis probable é, sen embargo, que non se trate realmente dunha sonorización, senón dun problema de adaptación mediante un /b-/ latino dun alófono do fonema /p/ da lingua indixena que probablemente era un *p* lene máis ou menos fricativo que en contacto coa consoante sonora /l/ os romanos percibían como algo máis semellante ao seu /b/ ca ao seu /p/. Preto de Santiago tamén temos unha *Ledesma*, na que igualmente falta todo resto do **p*- inicial, e lémbrese tamén o caso da palabra occidental *laxe* (< *(*p*)*laginā*) comentada anteriormente.

O segundo testemuño procede da inscrición lusitana de Arronches, onde o teónimo **Proineia* que temos co seu /p-/ orixinal no segundo epíteto teonímico de *Lari Circeiebaeco Proeneiaeco* do Pereiro de Aguiar, Ourense, aparece escrito como *Broeneiae* (v. Búa 2011). No texto de Arronches tampouco hai sonorización das oclusivas xordas intervocálicas, de xeito que tampouco neste caso o *B*- de *Broeneiae* debe estar representando unha sonorización de ningún tipo, senón máis ben unha mutación alofónica do /p/ semellante á de *Bletisama*.⁶⁵

Fóra destes dous casos, do caso especial e problemático do hidrónimo *Florius* de Plin. nat. 4.111 que veremos máis abaixo e dalgúns outros máis dubidosos e en contraste con eles temos moitos exemplos do mantemento do **p*. Entre as *civitates* romanas noroccidentais temos aos *Celtici Praestamarci* dos que tras diversos cambios románicos (síncope vocálica, perda disimilatoria do -*r*- e labialización da vogal pretónica en contexto labial) se conserva o seu nome baixo a forma actual de (*Pres-tamarcos* > *Pres(t)marcos* > *Pesmarcos* >) *Posmarcos*. A súa localización na zona do curso baixo do *Tambre* (< *Tamari*-) invita a segmentalo en **prais-tamar-iko*-, onde o primeiro elemento **prais*- debe significar ‘diante’ (cf. lat. *prae*). *Prismos* na parr. San Salvador de Maniños, Fene, A Coruña, pode ser un antigo **Prīsmo*-, cognato do lat. *prīmus*, ou, no caso de ter experimentado unha síncope vocálica, **Prīsamo*-, superlativo que podería relacionarse co adx. bret. ant. *rid*, galés *rhydd* ‘libre’ < **prijo*- < ie. **prih₂ó*- (xerm. **frija*- ‘propio, querido, libre’ [alem. *frei* ‘libre’], ind. ant. *priyá*-

⁶⁵ Se algún dos topónimos modernos en -*rdo* procede dun primitivo **-pritu*- < ie. **p_rtu*- ‘porto, (lugar de) paso’ que temos no galés *rit*, lat. *portus*, alem. *Furt*, etc. (por exemplo, *Baiordo* < a. 1481 *Bayordo*, a. 1481 *Boordo* da parr. de San Paio de Coristanco, Coristanco, A Coruña, v. Aira 2004 466-467), como propuxen en Búa 2007, teríamos o mesmo fenómeno en interior de palabra.

“propio, querido”, lat. *proprius*). *Priañes* < a. 1176 *Prianes* na parr. San Pedro de Nora, Oviedo, está situado nunha península rodeada polos ríos Nalón e Nora, de aí que me pareza atractiva, a idea de interpretalo como un ablativo fosilizado **Priamnīs* de **Priamnios* < **Pri-abn-io-* “as persoas que viven ou os terreos que están fronte aos ríos” (cf. ie. **pr(e)i* “diante, ante(s)”, que está na base por exemplo do lat. *prior* e *prīmus*, e **ab-(o)n-* “río” > irl. ant. *aub* < **abu* < **abō(n)* nom. sg.). O arcipresbitero de *Pruzos* e mailo top. *Pruzos* da parr. San Martiño de Churío, Irixoa, A Coruña, conservan o nome dun antigo grupo humano que aparece como a. 569 *Prucios* no Parroquial Suevo e a. 830 *Plutios* no documento de Tructino. O Parr. Suev. menciona ademais uns *Prutencos*. O problema é que estes testemuños tardíos non permiten reconstruír con seguridade a forma primitiva, pero en calquera caso non cabe dúbida de que estamos ante un antigo grupo consonántico inicial **Pr-* ou **Pl-*. A opción de partirmos de **Plūt-* ← **Plout-* < **Pleut-* atoparía unha posible conexión etimolóxica nos pleutauros mencionados por Estrabón (Πλευτάυρους en Str. 3,3,8) e a situar sen máis precisión entre os pobos do norte. *Partovia* < med. *Pertovia* no Carballiño, Ourense, pode ser un derivado **perteu-ia* “(terra/lugar/castro) do porto” de **peltu-* “porto, lugar de paso” (cf. xerm. **ferpu-* > isl. ant. *fjorðr* “fiordo”), do mesmo xeito que *Segovia* (O Corgo, Lugo) < **segeu-ia* “(lugar/castro) da victoria, victorioso” o é de **segu-* “victoria”, hipótese que recibe apoio do feito de que a súa poboación veciña se chame precisamente *Porto (de Eguas)*, que podería ser a súa versión ou tradución románica. En *Pontoibo* (Pontes de García Rodríguez, A Coruña), que, se non é o mesmo lugar, é polo menos o mesmo nome ca o famoso *Pontubio / Pontuvio* da Crónica de Alfonso III, podemos ter un antigo **Pontovio-* < **ponteui-*, sexa un derivado en **-eui-* de **ponth₂-* “camiño” (de onde en latín secundariamente “ponte”), sexa un derivado en **-io-* de **pontu-*, que nese caso tería substituído a súa complexa e aínda escura flexión orixinal pola dos temas en *-u-*. No topónimo medieval *Obo-briga* temos unha posible antiga **Upo-briga* ‘monte/castro de abaixo’ con sonorización románica do *-p-* intervocálico, antigo núcleo de poboación que, segundo Jorge Cardoso no *Agiologio Lusitano* II 1657 547, estaba situada nun lugar próximo a Río Caldo, Terras de Bouro, Braga, comparable co topónimo suízo *Vouvry* ([vœvri] na fala local) < c. 1018 *Wovregium, Wubregium* < **uobrigio-* < **u(p)o-brig-io-* (v. Müller 2001 343-389, Greule 2007 208). *Oberdón* de Cangues d’Onís, Asturias, fai pensar nun posible primeiro elemento **uper-* “arriba”, pero o restante *-dón* (que non pode vir de **-dūnum*) quedaría sen explicación satisfactoria⁶⁶ e outros topónimos, como

⁶⁶ Lémbrese en todo caso unha terminación similar no celtibérico *sanctum Buradonis ilicetum* “sagrado aciñeiral de *Buradon-*” de Marcial (Epigr. 4.55.23), a situar na zona da súa Bilbilis natal, próxima á actual Calatayud, Zaragoza, e por tanto non identificable con Bordón, Teruel, como propoñía Galmés de Fuentes 2000 150, e que Ares 2001 327-328 nunha proposta moi especulativa tamén considera posible étimo da *Proba de Burón* < a. 1397 *Prova de Buroon* da Fonsagrada, Lugo.

Lliberdón < a. 803 *Liuerdonem* (Colunga, Asturias), invitan a considerar outras posibles segmentacións e interpretacións⁶⁷. Na zona de Bembibre (León) documentamos uns *Paemeiobrigenses*, que toman o seu nome dun topónimo **Paemeiobriga* (cf. top. moderno *Pimiango* en Colombres, Ribedeva, Asturias, posiblemente < **Paemeianico*), onde **brig(a)*- aparece unido a un primeiro elemento con **p*- inicial, como sucede reiteradamente na toponimia de documentación medieval e moderna como *Pantiñobre* (Arzúa, A Coruña), *Pezobre* (Santiso, A Coruña) ou *Pombriego* (Benuza, comarca do Bierzo, León). Entre os compostos con primeiro elemento *Coro-* tipicamente occidentais atopamos *Calaetus Coropoti f(i)lius* de Torrejón el Rubio, Cáceres, e *Cumelius Corobulti f(i)lius* do Sabugal, Guarda, que probablemente se deben interpretar como **Coro-potio*- “señor da guerra” (ie. **koro*- “guerra” e ie. **poti*- > ind. ant. *pati*- “señor, xefe”, gr. πόσις “marido”) e **Coro-bolt(i)o*- “valente na guerra” (ie. **b^holto*- > xerm. **balpa*- “valente, ousado”, tan frecuente na onomástica xermánica)⁶⁸, con conservación do **-p*- intervocálico e cambio **b^h* > *b* respectivamente. Tamén ten *p*- a base toponímica *Palant-* que se documenta dende *Palantucio*, que o Parr. Suev. 1,27 sitúa na diocese de Braga ata a *civitas Palantina* (CIL II 5763), h. *Palenzuela*, Palencia; o substantivo románico *páramo*, do que tratei anteriormente e está documentado na onomástica antiga dende o noroeste ata as proximidades do territorio lingüístico vasco (teón. *Reo Paramaeco* en Lugo, Σεγοντία Παράμικα de Ptol. 2,6,65 entre os várdulos); o top. Πιντία de Ptol. 2,6,49 = *Pintiam* do IA 440,4 entre os vacceos e Πιντία de Ptol. 2,6,22 entre os calaicos; os hidrón. *Pisorgo*, afl. do Navia en Asturias, e *Pisuerga* < *Pisoraca*, afl. do Douro en Palencia/Valladolid; os *Paesici* (Plin. nat. 3,28) = *Pesicos* (Parr. Suev., sede asturicense) no litoral ástur e mailos *Paesuri* (Plin. nat. 4,113) = *Paesures* (CIL II 760) entre Douro e Vouga;

⁶⁷ O *Lliberdón* asturiano reaparece en Galicia como *Libredón*, nome dunha antiga fraga na zona da igrexa de San Fiz de Solovio, Santiago de Compostela, onde a tradición sitúa o descubrimento do sepulcro do apóstolo Santiago. A forma literaria medieval *Liberum Donum* non é por suposto nada máis ca unha refección pseudoetimolóxica. Trátase con toda probabilidade dun diminutivo en *-ón* de *Lebredo*, do mesmo xeito que *Castañedón* (Ribeseya, Asturias) e *Castadón* < *Castedón* (Pereiro de Aguiar, Ourense), *Lloredón* (Amieva, Asturias), *Penedón* (A Veiga, Asturias), *Robledón* (prov. Madrid), *Salcedón* (prov. Segovia, Madrid), *Texedón* (Grandas de Salime, Asturias), etc. o son de nomes coma *Castañedo* / *Castedo*, *Louredo*, *Penedo*, *Robredo*, *Salcedo*, *Teixedo*, etc. No concello asturiano de Bual temos un *Llobredo*, variante de *Llebrede*, coa mesma velarización do *-e-* átono ante labial que presentan *Curral de Lobredo* (Cabril, Montalegre, Portugal) e *Lobredo* (Sandoval de la Reina, Burgos), se como parece se trata dos mesmos nomes. A orixe etimolóxica resulta evidente ante o testemuño de a. 569 *Leporeto* no Parroquial Suevo < **leporetum* “lugar no que abundan as lebres”. Tendo isto en conta, é posible que *Oberdón* proceda en realidade de **Loberdón* < **Lobredón* < **Lebredón* con perda do *L-* por reinterpretación e falso corte como artigo.

⁶⁸ A grafía con *-u-* do xenitivo *Corobulti* pode deberse á metafonia latina do *-i* final (**Corobolti* > *Corobolti*).

e moitos antropónimos como *Paugenda*; *Peico*, *Peicanus -a*; *Peidurtia*; *Peinucae*, *Peinuga*; *Pellus*, *Pellius*; *Pentius*, *Pentovius*, etc.; *Pistirus -a*; *Pucius*, etc.

O mellor e único exemplo minimamente serio dunha posible perda dun **p* antevocálico en occidente sería o *castello Olca* dunha inscrición sepulcral de Rodeiro, Pontevedra, que se podería interpretar a partir de ie. **polkah*₂, palabra que, como vimos anteriormente, se conserva en gal. port. *olga* e ast. cast. *huelga*. A capacidade probatoria deste exemplo é sen embargo moi relativa, dado que se pode ofrecer facilmente unha hipótese etimolóxica alternativa, na miña opinión preferible para o nome dun castro: ie. **h₂olkah*₂ ‘defensa, fortificación, fortaleza, castro’, da raíz ie. **h₂elk* ‘defender, resistir/rexeitar o ataque enemigo’ (gr. ἄλαλκε aor. reduplicado).

Debemos preguntarnos por outra parte se na Península Ibérica existía algunha variedade lingüística ou dialectal na que **k^u* e **k_u* se transformasen en *p*. Os exemplos da súa conservación son claros e abundantes: (**h₂ak^uah₂*- >) **ak^uā* ‘auga’ (cf. lat. *aqua*) no teón. *Aquiae* de Conimbriga, no epíteto de *Mercurio* [*A*]ugustor(um) [*A*]guaeco dos baños de São Pedro do Sul, Viseu, ou nos hidrónimos *Aguenza* < **Aquentia* e *Aguianza* < **Aquilantia* de Cabo de Vila, Pantón, Lugo, e mais no top. *Iguanzo* < **Eguanzo* < **Aguanzo* < **Aquantio*- de Llorío, Llaviana, Asturias; (**h₂ek^uo*- >) **ek^uo*- ‘cabalo’ (cf. lat. *equus*) no epíteto de *Arentiae Equotullaicensi* do Sabugal, Guarda, no etn. *Equaesii* (Plin. nat. 3,28, CIL II 2477 na zona fronteriza galego-portuguesa) e antrop. *Equaesius*; o seu derivado celt. **ek^uālo*- (> protobrit. **epālo*- > galés med. *ebawl*, córn. ant. *ebol*, bret. *ebeul* ‘poldro’) no antrop. *Equalius*; **perk^u-(e)u*- > celt. **k^uerk^u-(e)u*- ‘carballo’ (cf. lat. *quercus*) no etn. *Querquerni* (Plin. nat. 3,28), *Aquis Querquennis* (It. Ant. 428,2), h. Os Baños (Bande, Ourense). Outros exemplos serían os teón. *Quanceio* documentado varias veces en Lusitania e nun único caso tamén en Castrelo do Val, Ourense, *Genio Laquinie(n)si* de Vizela, Braga; os antrop. *Alluquius* coas súas diferentes variantes formais, *Arquius*, etc.

Temos un testemuño incuestionable de *p* < **k^u* no teónimo *Epona* < **Ek^uona*, documentado varias veces na Península Ibérica, pero neste caso está claro que se trata dun nome e culto foráneo estendido por distintos territorios do imperio e que ten a súa orixe na lingua e relixión galas (celta P). Na onomástica propiamente hispánica non hai ningún exemplo de calidade similar no que poida observarse este cambio. Na antroponimia hai ou había uns poucos nomes que empezaban por *Ep-* (*Eparus*, *Epeici* xen., *Eponeilus*) e que Vallejo (2005: 320-322), como xa fixeran outros antes, se sente na necesidade de asociar aos que empezan por *Equ-*, aínda que sen deixar de manifestar certas dúbidas ao respecto. Pero o simple feito de que estes nomes sexan tan poucos (un deles de lectura moi insegura: *Eponeilus*), todos diferentes na súa morfoloxía, todos documentados nunha única ocasión e todos procedentes de distintas zonas xa fai sospeitar de antemán que podemos estar xuntando cousas que en realidade poden ter moi distinta casuística e orixe. De feito, o presunto ***Eponeilus*

foi lido e interpretado dun xeito completamente diferente como *Ero[ph]ilus* (= *Herophilus*) por Hernando Sobrino (2005), proposta que o propio Vallejo dá despois por boa⁶⁹. O presunto *Epeici* tampouco me parece completamente seguro. Aparece nun altar de Santa María da Feira, Aveiro, onde creo que en realidade se pode e máis ben debe ler *Deo | Tueraeo | volenti | Arcius | Epelci · B|racarus | s(olvit) · l(ibens) · m(e-rito)*, asociable a *Aepelgius Titai f(ilius)* de Coria, Cáceres (Vallejo 2005: 426). E con respecto a *Vulcanius Eparus* de Chiclana de la Frontera, Cádiz, é posible que Fidel Fita (1905: 77) tivese razón en consideralo variante formal (con vocalismo vulgar e *-p-* hipercorrecto) de *Aibarus* que comparte raíz con *Aeburo* e *Aebura*, idea que non recolle Vallejo (2005: 108-109 e 313), resultando así máis ca dubidoso que calquera destes nomes poida ter algo que ver con **equo-*.

Outros nomes con *p* que diferentes autores interpretan a partir de **kʷ* ou **kʷ* son simples elucubracións, carentes por natureza da máis mínima garantía de certeza. Así, por exemplo, interpretar *Pezobre* a partir de **kʷeitio-bri(g)-* ‘monte branco’, como se ten proposto, ten a virtude e o defecto de non ser máis ca unha posibilidade e opción etimolóxica, dificilmente acorde por certo coa paisaxe local (os “montes brancos” adoitan ter unhas características físicas que xustifican o seu nome como neves perpetuas ou grandes paredes de roca branca), sendo igualmente sostible, e na miña opinión dende logo non menos preferible, a hipótese de que o primeiro membro do composto sexa un antropónimo **Peicio-*, derivado da mesma base que temos en *Aveilius Peiconis f(ilius)* de Coria, Cáceres, ou *Peicanae Pintami f(iliae)* de Felgueiras, Porto (Vallejo 2005: 367) e para o que non hai necesidade de partir dun **kʷ-* inicial.⁷⁰

Na miña opinión nada hai de momento que impida aceptar a idea máis sinxela de que tódalas variedades lingüísticas hispanocélticas son do tipo Q e que por tanto tódolos abundantes *p* que aparecen no seu material lingüístico autóctono son orixinais e non froito dun cambio **kʷ* ou **kʷ > p*. Creo que tamén se debe admitir que boa parte ou a maioría delas, de momento coa segura excepción do celtibérico, manteñan o **p* ie. inalterado, coa importante matización de que en contacto con líquida tamén se constata a súa alteración ou mesmo completa desaparición fóra do celtibérico, tamén en textos lusitanos (teón. *Broeneiae* < **Proeneia-* de Arronches, nunha variedade de lingua lusitana que como no caso de *Bletisama* < **Pletisama* con *-t-* altera o **p* ao mesmo tempo que aínda non coñece a sonorización das oclusivas). Na liña de pensamento de Jürgen Untermann, considero por tanto que os datos invitan a decantarse pola hipótese de que a desaparición do **p*, a pesar de estar moi estendida entre

⁶⁹ Vallejo 2006 441: “Gracias a los análisis de R[osario] H[ernando] la lista de hápax en la epigrafía abulense se ha reducido enormemente: (...) *Eponeilus* es *Ero[ph]ilus*”.

⁷⁰ Na inscrición de Arroyo de la Luz 3 aparece unha forma *puppid* que algúns investigadores, sen que o contexto semántico ou sintáctico do fragmento textual o pida ou favoreza de ningún xeito, propoñen interpretar como pronome e reconstruír como **poppid* < **podpid* < **kʷodkʷid*.

as linguas célticas, non é un cambio atribuíble ao protocéltico ou polo menos a todo o protocéltico, se vemos esa protolingua non como algo plenamente homoxéneo, senon como un conxunto de variedades dialectais moi estreitamente emparentadas, tal como adoitan ser as linguas reais⁷¹.

b. As grafías <F> e <H>

Tanto nas inscricións lusitanas como tamén na onomástica prelatina do occidente da Península Ibérica documentada en epígrafes latinos aparecen esporadicamente as grafías <F> e <H>. Cabe preguntarse se algunha delas podería ter a súa orixen nun **p* etimolóxico, pero o certo é, como veremos a continuación, que, cunha única posible excepción con motivación pseudoetimolóxica, en xeral nada apunta claramente nese sentido e que a súa problemática vai por camiños completamente diferentes.

A excepción consitúea o hidrónimo *Florius* que Plin. nat. 4.111 sitúa na área dos célticos noroccidentais. Este nome pode etimoloxizarse a partir dunha base **plu-ró-* “corrente” derivada da raíz ie. **pleu* “fluir” que temos no topónimo antigo *Complutum* “confluencia” e eventualmente tamén nos hidrónimos *Loenzo* de Carballo, A Coruña, e de Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, e *Loentia* < a. 1031 *Luentena* de Castro de Rei, Lugo, que poden vir de **ϕluentio-* e **ϕluentīna* (< **pluent-*) respec-

⁷¹ Eska non cre que o **p* se perdera por completo en protocéltico: “Other changes, such as the loss of proto-IE **p/* between vowels, seem to have been well along towards completion prior to the break up of proto-Celtic. It mostly is continued by Ø throughout the attested languages, but was not fully complete in view of early Cisalpine Celt. uvamo- ‘highest’ (CIS 65 = CIM 180) < **upamo-*, in which <v> represents a labial fricative” (v. Eska 2009: 23 e 2013). De acordo con este autor o verdadeiramente común das linguas célticas non sería a desaparición, senon unha iniciada alteración do **p* que por vía fricativa desemboca na súa posterior eliminación. Debemos imaxinarnos por tanto a lingua protocéltica tardía, previa á súa desmembración nas posteriores distintas variedades ben diferenciadas que conducirán ás distintas linguas célticas históricas, como unha lingua non homoxénea en canto ao estadio evolutivo no que se atopaba o **p* indoeuropeo: en moitas delas teríamos xa a súa perda completa, mentres que algunhas máis conservadoras aínda o conservaban como fricativa. Se isto é ou pode ser así, igualmente se poderá admitir que algunhas desas variedades protocélticas desprazadas moi cedo e situadas en áreas moi periféricas fosen aínda máis conservadoras, mantendo o **p* practicamente inalterado, posiblemente como un **p* forte aspirado **[pʰ]*, que se tería conservado ata datas históricas. A súa presumible articulación forte non se manifesta graficamente, pero permite comprender por exemplo que nalgúns casos o material prelatino hispanooccidental con **-p-* se adapte ao latín con *-pp-* (**lapā* → lat. *lappa* > gal. *lapa*). Pero incluso nestas variedades tan conservadoras temos tamén mostras da súa posterior fricativización e incluso perda en determinadas circunstancias: **pʰl*, **pʰr* > **ϕl*, *ϕr* representado mediante BR, BL (*Broeneia* < *Proeneia-*; *Ledesma* < *Bletisama* < **pletisama*), con perda **ϕl*, *ϕr* > **l*, *r* constatada polo menos no caso de *Ledesma*. Nunca saberemos como acabaría todo este proceso en occidente, dado que a lingua latina eliminou a indíxena cando a transformación do **p* se atopaba *in fieri*. Tendencialmente parece a mesma ca nos demais territorios célticos, coa única particularidade dun notable retraso.

tivamente coa ben documentada perda do $*\varphi$ - no grupo $*\varphi l$ -. En *Florius* teríamos en cambio a mesma lenición $*pl$ - > $*\varphi l$ -, pero a particularidade de que $*\varphi l$ - se tería latinizado neste caso excepcionalmente mediante *fl*-, o que se pode explicar como unha interferencia pseudoetimolóxica popular latina: $*Plur$ -io- > $*\Phi lur$ -io- → *Florius* con vocalismo latino vulgar. Este hidrónimo non se documenta en fontes posteriores nin chega aos nosos días, pero creo que é moi posible que se trate do *Río Grande* da Terra de Soneira (A Coruña). O motivo para esta proposta de identificación é que no concello de *Zas* (< *Salas* “pazos”) atopamos un afluente que modernamente chaman *Río de Zas*, pero do que a parroquia de *Loroño* pola que flúe conserva probablemente o nome antigo (cf. río *Lloroñi* en Colunga, Asturias < a. 1347 *Fuentes de Loroñi*, a. 1380 *Fuentes de Loroño*). Pois ben, dado que a denominación de afluentes e cursos altos dos ríos mediante derivados do nome do curso principal é algo moi frecuente e esperable, resulta moi atractiva a hipótese de que *Loroño* proceda de $*Luronio$ - ← $*\Phi luronio$ - e sexa un derivado do primitivo nome do río $*\Phi lurio$ -. A derivación teríase producido naturalmente antes da latinización de $*\Phi lurio$ - en *Florius* e o derivado resultante non se tería visto despois afectado por esta refección, presentando a evolución fonética que parece máis habitual en occidente da perda do $*\varphi$ - inicial.

Aqueles que consideran que o lusitano non pode ou non debe clasificarse como lingua céltica engaden á conservación do $*p$ outros cambios fonéticos que serían igualmente incompatibles con este grupo de linguas, entre os que merece especial atención o presunto cambio incondicionado $*b^h > f$ ⁷². Principal punto de amarre desta hipótese é o (*taurom*) *ifadem* do Cabeço das Fráguas, forma que se atopa ante fractura, pero que grazas á súa recente reaparición como *ifate* en Arronches se pode e debe considerar agora como moi probablemente completa. Este novo testemuño ten unha gran importancia, porque mostra que o lusitano coñece un son (alófono ou fonema) que se representa non dun xeito excepcional, senón reiterado mediante <F>

⁷² A lingua protoindoeuropea tiña ademais de oclusivas xordas e sonoras unha serie de oclusivas sonoras aspiradas $*b^h$, $*d^h$, $*g^h$, $*g^h$, $*g^{uh}$. O indio consérvaa ata a actualidade (lémbrese por exemplo que o nome oficial da *India* en hindí é *Bharat*), mentres que outras linguas experimentaron alteracións moi diversas xa en data moi recuada. Un $*b^h$ - inicial, por exemplo, aparece como *bh*- en ind. ant., como *ph*- (φ -) en gr. ant., como *en*-*f* en lat. ou como *b*- en celt. ou xerm.: ie. $*b^her$ “levar” > ind. ant. *bharāmi*, gr. φέρω, lat. *fero*, irl. ant. *-beir*, got. *bairan*. O propio das linguas célticas é a desaspiración e confusión por tanto das aspiradas coas oclusivas sonoras, salvo no caso de $*g^{uh}$ que tamén se desaspira, pero non conflúe co primitivo $*g^u$, dado que este se transformara previamente en $*b$, senon que segue o seu propio camiño (v. Koch 1992; na base do noso río *Bermaña* < a.1229 *Vermania*, que se xunta co Umia na localidade termal de Caldas de Reis, Pontevedra, temos probablemente o adxectivo $*\muermo$ - < ie. $*g^{uhermo}$ - “quente” [gr. θερμός]). Se o lusitano fose realmente unha lingua na que $*b^h$ se transforma dun xeito espontáneo e incondicionado en *f*, non podería ser clasificado efectivamente como lingua céltica. Non estaríamos aquí ante un simple arcaísmo, como ocorre no caso do $*p$ conservado, senón ante un cambio fonético dos máis básicos diverxente. Pero isto non é necesariamente así.

pero seguimos sen poder tomar este único exemplo (pois é certo que o <F> reaparece, pero reaparece na mesma palabra!) como proba de que o lusitano sexa unha lingua na que o **b^h* se transforma espontánea e incondicionadamente en *f*, dado que carece de toda lóxica pretender chegar a esta conclusión a partir dunha única palabra e un único contexto fonético, e máis aínda cando esta idea se basea en simples especulacións etimolóxicas ás que se lle concedeu un precipitado e infundado exceso de confianza. O simple feito de que o lusitano teña un fonema /f/ ou un alófono [f] por suposto non ten nada de anticéltico ou incompatible co céltico (cf. por exemplo irl. ant. *fer* < **uiros* ‘home’).

Vexamos en primeiro lugar a proposta de Tovar (1966-1967) que moitos deron explícita ou implicitamente por segura. Tovar parte da raíz ie. **jeb^h* que en protoindoeuropeo significaba ‘entrar, penetrar’, tal como se conserva en tocario (v. Kümmel 2016 s. v. con material iranio que en parte é de pertenza dubidosa a esta raíz), mentres que o indio, o grego e mailo eslavo presentan unha especialización semántica secundaria de tipo sexual. Naquelas linguas nas que o verbo adquiriu e se usa co novo significado de ‘foder’ deixou de usarse no seu sentido etimolóxico, como é perfectamente comprensible e esperable, e lle sucedeu por exemplo tamén ao cast. *coger* en distintas variedades hispanoamericanas. O feito de que en tocario en cambio se siga usando co sentido de ‘entrar’ (e só con este sentido!) demostra que este verbo aínda non estaba tabuizado nin tiña motivos para estalo na protolingua, e que por tanto o seu uso con valor especificamente sexual só pode ser en todo caso unha innovación semántica do protoindoeuropeo dialectal. Intentar explicar por tanto o lus. *ifadem* no extremo occidental do dominio lingüístico indoeuropeo a partir dunha innovación (non dun arcaísmo!) dialectal, por moi antiga que sexa, de certas linguas indoeuropeas orientais é xa de boas a primeiras un obstáculo importante para a súa credibilidade. Pero máis importante é o feito de que a estrutura morfolóxica de *ifadem*, que segundo a semántica atribuída sería un *nomen agentis*, resulta incomprensible. A interpretación de Tovar como derivado en **-adyo-* xa era insostible dende un primeiro momento, dado que tales formacións teñen en realidade un valor e uso completamente diferentes, pero debe quedar agora definitivamente descartada unha vez que a nova variante *ifate* de Arronches nos mostra que se debe partir dun étimo con *-t-*, sonorizado por tanto na variante *ifadem* que era a única que antes se coñecía. Poderíamos intentar mediosalvar a proposta de Tovar partindo por exemplo dun tema en *-at-* ou *-ati-* derivado da mesma raíz, pero pártase do sufixo que un queira o certo é que esta opción segue a ser moi problemática. O motivo é que non se espera que un derivado deverbal recente (pois nada apoia a idea de que poida tratarse dunha formación primaria herdada do protoindoeuropeo) a partir dun verbo que, polo que sabemos, presentaba un tema de presente **jeb^h-e-* (ai. *yábhati*, ucr. *jebú*) e un aoristo sigmático (véxase Kümmel 2016 s. v. **jeb^h-* → **h₃jeb^h-*, que postula un primitivo

presente $*h_3i\acute{e}b^h-$ / $*h_3i\acute{e}b^h-$) presente a raíz en grao cero $*ib^h-$ que na flexión verbal segundo os datos de que dispoñemos non sae á luz por ningunha parte⁷³. Para “solucionar” este problema sería por suposto suficiente con admitir *ad hoc* calquera lei fonética que a un se lle ocorra (por exemplo $*i\acute{e}b^h-$ > $**i\acute{e}f-$ > $**i\acute{i}f-$ > $**if-$) ou calquera combinación de sufixos, raíces e graos apofónicos que a un se lle antolle, pero tales “solucións” non teñen moito sentido nin alcance cando en realidade non temos a máis mínima garantía de que aquí se trate realmente dun ‘touro semental’.

Prósper (2004: 169-179) ofreceu a hipótese alternativa de partir de $*en-b^hat-i\acute{o}$ - que tería que significar etimoloxicamente algo así como ‘que bate ou peta en algo’ ou ‘que bate ou peta moito’, segundo lle deamos ao prefixo un valor de referencia espacial ou intensivo respectivamente. Do seu significado etimolóxico teríase pasado, se seguimos á autora, a ‘salvaxe, bravo’. O *taurom ifadem* sería así un ‘touro bravo’. Para soste esta hipótese sérvese de catro leis fonéticas aducidas *ad hoc* ($*b^h > f$, $*enf > *ēf$, $*ēf > īf$, $-i\acute{o}m > -em$), cousa bastante admirable nunha palabra de tres sílabas, e precisa ademais dun hipotético cambio semántico (‘batedor, petador’ > ‘bravo, salvaxe’) que, sen ser imposible, tampouco cae plenamente de caixón (para empezar os touros non se defenden batendo nin petando, que é máis ben un verbo de acción humana). O nivel especulativo no que aquí, no plano estritamente lingüístico, nos movemos, dificilmente pode ser máis alto. Pero no plano textual, social e relixioso no que o texto se integra estamos aínda peor: mentres que o sacrificio dun boi ou touro doméstico das características ou funcións que sexan (sexo, idade, cor, castrado ou enteiro, etc.) ten pleno sentido nunha sociedade rural da que sen dúbida procede o noso texto, o sacrificio dun ‘touro salvaxe’ ou dun “touro de lidia” en cambio só tería sentido entre profesionais ou afeccionados da caza de touros ou da tauromaquia, cousa que non se desprende e dificilmente se pode atribuir a este texto nin ao seu contexto sen unha boa dose de imaxinación.

⁷³ Gr. οἴφω explicábase tradicionalmente como un derivado de $**i\acute{f}\omega$ mediante un hipotético preverbio \acute{o} -, a pesar de que non haxa ningún apoio externo para reconstruír semellante formación temática con raíz en grao cero e de que o presunto preverbio carecería de todo significado recoñecible, como polo demais adoita suceder sempre que se recorre a el, o que fai dúbida a súa propia existencia (cf. Beekes 1992: 172-173). Ultimamente ofreceuse unha interpretación diferente, admitindo que se trate dunha raíz con laringal inicial $*h_3i\acute{e}b^h$ e partindo dun tema reduplicado $*h_3e-h_3ib^h-e-$ > $*h_3o-h_3ib^h-e-$ (Cheung 2007: 175, van Beek 2011: 135, Kümmel 2016 s. v.), proposta que ten a vantaxe de que nos permite evitar o recurso ao presunto preverbio \acute{o} -, pero tamén a desvantaxe de que tanto o $*h_3-$ inicial como o tema proposto se han de postular *ad hoc* (Kümmel 2016 s. v. admite en apoio desta idea que gr. ζόφος “occidente” proceda de $*h_3i\acute{o}b^ho-$ “metemento [do sol]”, seguindo unha proposta de Janda 2000: 206, pero nin esta interpretación etimolóxica nin sequera o presuposto teórico de que ie. $*h_3iV-$ e $*iV-$ se transformen por evolución fonética regular en gr. ζV- e hV- diferenciada e respectivamente é algo completamente seguro). En calquera caso, aínda que esta hipótese fose acertada, o presunto tema verbal $**oib^h-$ < $*h_3oib^h-$ tampouco serviría para explicar comodamente o *if-* de *ifadem* carente de ditongo.

Untermann 2010: 84 considera que pode tratarse dun nome raíz con prefixo (**en-* >) *in-* da raíz ie. **u(a)h₂d^h-* “dar grandes pasos; andar, correr ou pasar por un sitio a grandes pasos (especialmente a través dun lugar que dificulta o seu paso, como o vao dun río)” > **uād-* ou **uād-* (cf. lat. (*in*)*vādere* e *vādum*, alem. *waten*). Habería que partir dun acus. sg. **en-u(a)h₂d^h-ŋ* > **en-uād-ŋ* para chegar a un lus. *ifadem*. O seu significado podería ter sido, de acordo co autor, tanto “asaltante, atacante” como “introducor, penetrador”, na mesma liña por tanto de cada unha das propostas anteriores. O problema fundamental que dende un primeiro momento invalida esta hipótese é que se parte dun étimo con *-*d-* (< ie. *-*d^h-*) incompatible coa variante *ifate* de Arronches. Pero polo demais non sería menos problemática ca as vistas anteriormente. Tamén aquí se admiten catro cambios fonéticos *ad hoc* (**en-* > **in-*, *-*nu-* > *-*nf-*, *-*nf-* > *-*f-*, *-*ŋ* > *-*em*) nun espazo mínimo e se opera cunha semántica collida polos pelos. A hipótese de “atacante” recolle o componente de agresividade que observamos no latín *invādere*, pero que non é atribuíble á semántica orixinal da raíz e por tanto non debe presupoñerse para o lusitano. A opción de chegar a “semental” a través de “penetrador” tamén me parece difícil, dado que se trata dun verbo de movemento ou desprazamento que expresaba concretamente o feito de que as persoas (ou os animais) “pasen (entren ou saian) a grandes e forzados pasos por un sitio”, algo dificilmente relacionable co acto da inseminación dos animais domésticos, aínda que tal vez a través da idea de “montar”.

Temos que concluír, pois, que seguimos sen coñecer o significado e etimoloxía de *ifadem*, que por suposto non ten que ter necesariamente unha etimoloxía indoeuropea, senón que podería ser un préstamo, polo que do <F> documentado nesta única palabra resulta por completo imposible de determinar cal é o tratamento incondicionado do **b^h* indoeuropeo en lusitano, como moitos xa deron por sentado dun xeito que a min me parece a todas luces excesivamente prematuro.

O <F> tamén aparece de vez en cando na onomástica prelatina latinizada coa que por suposto hai que ter outro tipo de precaucións, de entrada e moi especialmente a de deixar fóra de consideración todos os testemuños de lectura insegura ou procedentes de epígrafes perdidas, unha vez que a experiencia nos demostra que, ao reapareceren e poder comprobarse as lecturas, non adoita haber nin o menor rastro dos presuntos <F>⁷⁴. Debemos limitarnos por tanto aos poucos testemuños dignos de

⁷⁴ *Lari Sefio* nun altar perdido de Braga é un exemplo típico de lectura problemática, segundo manifesta expresamente Vasconcelos 1905: 335, que viu e editou a peza, e interpretación insegura, o que non impide que algúns parezan depositar nela toda a súa confianza e a utilicen como soporte de especulacións etimolóxicas e das súas teorías. De acordo coas claras indicacións de Vasconcelos serían barallables tres opcións de lectura: LARISEFI|O, LARISEFF|O e LARISEFI|D (unha cuarta opción LARISEFF|D queda excluída por carecer de toda plausibilidade lingüística e textual). Vasconcelos prefería ler e interpretar *Larisefio*, sen descartar *Lariseffo* nin tampouco com-

toda confianza entre os que algúns apuntan claramente á idea de que unha das orixes do fono representado mediante <F> está na labiodentalización dun *u* ou *-β-* (xurdido este por betacismo, é dicir, pola previa confluencia de *-u-* e *-b-* internos nunha bilabial aproximante/fricativa sonora) especialmente en contacto con vogal palatal que, casualmente ou non, tamén está en *ifadem*.

En Paços de Ferreira, Porto, temos unha inscrición rupestre que marca o ‘límite do santuario das *Fidueneae*’: (*finis*) *nimidi Fidueneorum*, onde *nimidi* é sen dúbida unha variante do xenitivo *nemedi* de *nemedum* < *nemetum* con grafía <I> para o peche metafónico dos *-e-* internos provocado polo *-i* < *-ī* final⁷⁵, mentres que *Fidueneae* se pode etimoloxizar a partir de **vidu-injā-* que temos en galés *gwydden*, córn. ant. *guiden*, bret. *gwezenn* ‘árbore’, derivado de **uidu-* < ie. **uid^hu-* ‘arborescente, bosque’ (irl. ant. *fid*, galés *gwydd*, bret. *gwez*; ing. ant. *widu*, etc.; *Biobra* < a. 1252 *Vio-bra* de Rubiá, Ourense, < **Vidu-briga*, *Vitudurum*, h. Oberwinterthur, Winterthur, Suíza), tratándose por tanto probablemente dun ‘santuario das árbores’, é dicir, dun arboredo sagrado (cf. tamén os compostos irl. ant. *fidnemed* < **widu-nemeto-* ‘santuario do arboredo ou do bosque’, gálata top. *Δρυνέμετον* < **dru-nemeto-* ‘santuario das árbores / dos carballos’). En Las Cuevas de Soria, Soria, temos un altar dedicado ao deus *Eburo*, é dicir, ao deus “Teixo”⁷⁶.

Por outra parte, na onomástica persoal temos varios exemplos nos que parece haber unha alternancia de grafías V : F, especialmente en contacto con vogal palatal: o teón. *Reve*, que se documenta frecuentemente como *Revve*, apareceu hai uns anos como *Reffe* nun altar de Vila Verde, Braga, que Rodríguez Colmenero - Cunha 2010: 231 leron como *Flavinus votu(m) refferet o(ptimo) deo Belso*, pero debe lerse en realidade como *Flavinu|s · votu(m) | Reffe | ret(ulit)* [·|-----], estando moi desgastado o final do texto, onde ou ben continúa a fórmula votiva ou se indica o motivo da dedicatoria; *Avelia* / *Avelea* aparece como *Afelia* en Abertura, Cáceres ([-----] | XVI h(ic)

pletamente *Lari Sefio* ou *Lari Seffo*. O certo é sen embargo que, habendo unha dedicatoria a *Senaico* en Braga, outra opción interpretativa do texto moi a ter en conta sería *Lari Se(naico) Fid(ius) Comes pro salute sua et suoru(m)*. No mesmo concello de Braga temos ademais unha dedicatoria a *Reo Se[.]*, que tamén podería ser *Reo Se[n](aico)*.

⁷⁵ Outros exemplos de cambio metafónico *-e- > -i-* (grafía <I>, ás veces <EI>) son por exemplo *Boutio Matugini f(ilio)* de Vila Nova Bragança, fronte á forma normal do nome *Matugenus*, ou *Cumelius Medueini* de Cárquere, Resende, Viseu, fronte á forma normal *Meduenus* / *Meiduenus*. A grafía <EI> para un /e/ pechado do latín vulgar aparece tamén en material lingüístico latino como por exemplo en *Lareibus Vealbus* de Buriz, Lugo, onde temos *Lareibus* = lat. vulg. [lareβus] < *Lariβus*.

⁷⁶ Sobre o culto ás árbores e arboredos entre os celtas v. Demandt 2002, Arenas 2010, Hofeneder 2010. Lémbrense os altares dedicados a *Fago deo* (CIL XIII 33, 223-225), a *Deo Robori et Genio loci* (CIL XIII, 1112); o *sanctum Buradonis ilicetum* de Marcial (Epigr. 4.55.23) e as referencias no *De Correctione Rusticorum* de Martin von Braga: *Nam ad petras et ad arbores et ad fontes et per triuia cereolos incendere, quid est aliud, nisi cultura diaboli?*

· *s(itus, -a) · e(st) · s(it) · t(ibi) · t(erra) | l(evis) · A-felia · a-via | d(e) · s(uo) · f(ecit)*; v. foto en *Hispania Epigraphica online* 20637) que Gamallo - Gimeno (1990: 280) propoñen identificar co gr. *Aphelea*, a pesar de que este nome, como eles mesmos aseguran, non está documentado na Península e só moi raramente noutras partes do Imperio; o xenitivo *Tavi* de Pinhovel (Laboena | Cilurni | uxoris | Tavi | Canci “Laboena Cilurni, esposa de Tav(i)us Canci”; Redentor 2002: 120⁷⁷) reaparece como *Tafi* en Abertura, Cáceres (*Cabura | Bouti f(ilia) | h(ic) s(ita) e(st) | Caturo | Tafi f(i-ilius) d(e) s(uo) f(ecit)*); v. excelente foto en *Hispania Epigraphica online* 20666) que Vallejo (2005: 509) tamén pretende explicar como nome de eventual orixe grega documentado en Roma e Dalmacia, pero que en realidade máis ben haberá que relacionar cos antrop. galos *Tavillius* CIL XII 3938, *Tavillia* CIL XII 3938 que pola súa parte (con ou sen razón) se adoitan aproximar ao adxectivo celta **tauso-* (< ie. **th₂auso-*) “silencioso, calmo, quedo” (irl. med. *tó*, substantivado en galés med. *taw* m. “silencio”). A presunta *Coriana Fiti f(ilia)* de Villamesías, Cáceres, supoñendo que a lectura do patrónimo sexa correcta (e non *Titi*) e a grafía non sexa hipercorrecta por *Fidi* (de *Fidius*), podería ser en realidade **Coriaii Afiti*, onde **Afiti* sería unha variante do frecuente *Avitus*. As variantes gráficas con F non se reducen sen embargo ao contacto con vogal palatal e poden ter motivacións moi variadas: o nome **Abulo-* (documentado indirectamente a través dos derivados *Abulaius* en Trujillo, Cáceres, e celtib. *abulokum*, Vallejo 2005: 163) aparece como *Afuli* xen. en Nisa, Portalegre (*Duatius | Aviti f(ilius) | ann(or)um XX | h(ic) s(itus) e(st) s(it) | t(ibi) t(erra) l(evis) | Ullea | Afuli f(ilia) | mater | et Avitu|s p(ater) (...)*; Vallejo 2005: 458, IRCP 644, Encarnação 1986: 99-109, 107-108); fronte a varios testemuños de *Afrunus* temos un *Afrunus Matigenus Aleoni f(ilius)* en Lara de los Infantes, Burgos (v. excelente foto en *Hispania Epigraphica online* 25720; Vallejo 2005: 99-100). En parte poden ser simples grafías hipercorrectas provocadas pola sonorización do *-f-* interno en latín vulgar (lémbrense os consabidos resultados modernos *proveito* < *profectu*, *devesa* < *defensa*, *ravo* < *raphanu*, *Estevo* < *Stephanu*, etc.). No caso concreto de *Afrunus* é moi probable que houbera unha asociación pseudoetimolóxica ou contaminación co nome latino *Afer* e mailos seus derivados.

As grafías do *u* ou *-β-* interno especialmente en contacto con *-i-* mediante <F> non deben sorprender excesivamente. Aparecen esporadicamente en material lingüístico latino por todo o imperio: *fixit* = *vixit* en varias ocasións no norte de África (CIL VIII 3521, 20505, 27992, alternándose *fixit* / *vixit* en CIL VIII 20505), *fixsit* = *vixit*

⁷⁷ Sorprende neste texto a forma *uxoris*. Non se trata dun xenitivo, senon dunha refección vulgar do nominativo *uxor*, como ocorre por exemplo tamén en *Nicer Clutosi* ∩ *Cariaca principis Albionum* de Vegadeo, Oviedo, ou en *Rufus Rufini f. arospicis anorum L...* de Aguiar da Beira, Guarda, onde *principis* e *arospicis* substitúen a *princeps* e *haruspex* respectivamente. Lémbrese a corrección *pecten non pectinis* do Appendix Probi.

en Dalmacia (CIL III 14975); *Fictorinus f(ecit) = Victorinus f(ecit)* en Hanau (Hessen, Alemaña; Schuermans 1867 2227, Froehner 1858 2127, Pirson 1901 64), *cacafit = cacabit* fut. nun grafito sobre unha tégula de Moesia Superior de lingua e temática vulgar (CIL III 14599). No latín medieval os exemplos multiplícanse en tódolos contextos: *finia = vinea*, *fita = vita*, *fitiatum = vitiatum*; tamén *referentia = reverentia*, *adprofemus = adprobemus*, *deformamur = devoramur*, *proflema = problema*, etc. (Stotz 1996: 272).

A deslabialización e consecuente labiodentalización de \underline{u} ou $-\beta-$ en contacto con vogal palatal (articulada por natureza con labios estirados e por eso mal compatible co redondeamento propio de \underline{u} ou $-\beta-$) é un cambio natural e perfectamente comprensible como asimilación no modo de articulación. O resultado esperado é unha fricativa labiodental sonora, sendo tamén lóxico e natural que, ao tratarse dun fono novo, houbera certa inseguridade e variación na súa representación gráfica e que dun xeito máis ou menos esporádico se recorra ao F, como fan tamén outras linguas nas que se dan circunstancias semellantes⁷⁸.

Por outra parte, se, como parece, esta labiodentalización pode afectar tanto ao $*\underline{u}$ en xeral como ao $-\beta-$ intervocálico resultante da neutralización de $*-b-$ e $*-\underline{u}-$ (betacismo), *ifadem* podería vir de $*[i\betaatem]$, cun $*-\beta-$ que en última instancia podería ter moi distintas orixes ($*-\underline{u}-$, $*-b-$, $*-b^h-$, etc.), de xeito que en realidade esta palabra, sexa cal sexa a súa etimoloxía (é dicir, mesmo se algunha das pouco plausibles propostas de Tovar, Prósper ou Untermann fose certa), non só non tería a capacidade de probar que ie. $*b^h$ se transforme dun xeito xeralizado e incondicionado en lus. /f/ por tratarse dun caso único, como xa sinalei anteriormente, senon que nin sequera serviría para demostrar que ese cambio se teña producido polo menos neste único caso sen posible intermediación dun primeiro paso evolutivo $*b^h > b$, dado que unha cadea evolutiva $*-ib^hV- > *-ibV-$ (perda da aspiración) $> *-i\beta V-$ (fricativización intervocálica) $> *-ivV-$ (labiodentalización en contacto con vogal palatal) sería perfectamente admisible e na miña opinión non só tan plausible, senon mesmo claramente preferible, ao termos en conta que por todo o occidente atopamos abundantes nomes nos que con toda seguridade se produciu un cambio $*b^h > b$ (*brig-* $< *b^h\gamma\tilde{g}^h-$, *-bo(r)* dat. plur. $< *-b^ho(s)$, *Alb-* presente abundantemente en tódolos ámbitos onomásticos a partir do adxectivo $*h_2alb^ho-$ “branco” ou da súa raíz, hidrónimos *Barv-/Berv-/Borv-* como *Barbanza* $<$ med. *Barvanza* $< *barvantia$ $< *b^h\gamma\tilde{u}\tilde{t}j^h-$ “fervenza”, etc.) e ningún que demostre o contrario. Nin hai nin na miña opinión en boa lóxica se espera que por occidente aparezan formas correspondentes con *f*, que, de habelas, deberían ser xa igual e incontestablemente claras e abundantes (imaxinemos $**Ferh-$ en lugar

⁷⁸ No dialecto panfilio do grego antigo represéntase ás veces o \underline{u} ante $-i-$ mediante φ : $\varphi\kappa\alpha\tau\iota$ (GDI 1260,5; 1261,5) = $\varphi\kappa\alpha\tau\iota$ “vinte” (Schmitt 1977: 96, Schwyzer 1939 225).

de *Berg-* < **b^herǵ^h*-, ***-fo(s)* en lugar de *-bo(r)* < **-b^ho(s)*, ***Alf-* en lugar de *Alb-* < **h₂alb^h*-, ***Forv-* en lugar de *Borv-* < **b^horv-*, etc.).

En canto á grafía <H>, debemos empezar por observar que o seu uso tamén é moi esporádico e que en parte son ou poden ser malas lecturas, polo que tamén aquí nos debemos limitar a traballar cos testemuños procedentes de textos conservados e de lectura por tanto comprobable e perfectamente segura. Así por exemplo o teónimo ***Laho Paraliomego* de Lugo, lido de moi distintas maneiras e que mesmo deu pé a barallar unha posible relación coa divindade aquitana *Lahe* do Alto Garona (CIL XIII 145, 147, 443: *Lahe deae*, 144: *Lahe*, 442: *Lahe nu[mi]ni*) e a especular así coa posibilidade de que por Lugo houbera un substrato ou adstrato aquitano, debe lerse máis ben, segundo creo despois dunha segunda autopsia do monumento, como LAIO, o que permite poñelo en relación co teónimo *Aiio* e interpretalo como **L(ari) Aiio* PAR|A[.]IO[.]EGO. A lectura ***Laho* con H, que parecía clara e indubidable, estaba motivada pola existencia dun trazo que se estende en horizontal non só entre os trazos verticais do dobre II, conformando un H (que outros en cambio preferían interpretar como N), senón dende o centro do A precedente, polo que me parece claro que en realidade se trata dun risco espurio.

Entre as lecturas seguras, pola súa parte, tamén hai que deixar de lado tanto as grafías pseudoetimolóxicas, como por exemplo no caso dos *Helleni* bracarenses, segundo escribe Plinio nat. 4,112 en lugar de **Eleni* por asociación co nome grego dos gregos (gr. Ἑλλήνες, lat. *Hellēnes*), como as ornantes ou carentes de toda xustificación recoñecible, que son ben coñecidas tanto en material latino (cf. *Iovi Hoptumo M(axumo)* nunha ara de Montalegre, Vila Real, Portugal) como indíxena (cf. *Anna Doidena An(...)* *filia Horgenomescum* de Vega de Riacos, Respenda de la Peña, Palencia, fronte á grafía normal sen H que temos por exemplo en *cives Orgnom(es-cus) ex gent(e) Pembelor(um)* de Cangues d'Onís, Asturias), limitándonos por tanto ao material restante, que xa é máis ben escaso.

Así, por exemplo, o teónimo noroccidental *Cossue*, *Cusue* (entre outras variantes) aparece nunha área que se estende dende o sur da capital luguesa en dirección a Ferrol como *Cohue* e *Cuhue*⁷⁹, co que non cabe dúbida de que neste caso se produciu unha aspiración do *-s-* intervocálico da que non hai constancia tan clara en ningún outro lugar. Un posible exemplo onomástico de época románica podería ser o hidrónimo *Xario* < med. *Iario*, afluente do Baxoi que pola súa parte desauga na ría de Betanzos, A Coruña, que se podería interpretar a partir de **Ihar-* < **Isar-*. Pero tamén temos o *Xares* < med. *Iares*, afluente do Bibei → Miño, no noreste da prov. de Ourense, que se atopa moi lonxe da zona onde de momento se documenta a aspiración do *-s-* e dá así apoio á existencia dun *Iar-* independente de *Isar-*. Na costa coru-

⁷⁹ O *-ss-* dobre é excepcional entre as distintas formas documentadas e trata de reproducir sen dúbida o carácter xordo do *-s-* da lingua indíxena, equivalente ao /s/ xordo do latín vulgar < lat. *-ss-*.

ñesa, máis a oeste da ría de Betanzos, *-isamo* conserva o seu *-s-*: *Sésamo* (Culleredo), *Sísamo* (Carballo) < **Segisamo-*.

Na inscrición lusitana de Arronches temos un uso gráfico enigmático do <H> que non permite chegar a ningunha conclusión definitiva sobre o seu valor fonético. Entre as distintas formas teonímicas mencionadas no texto aparecen *Harasei*, que contrasta coa grafía *Arasei* de Fornos de Algodres, Guarda, e tanto *Aharacui* como *Haracui* en contraposición a *Araco Arantoniceo* de Cascais, Lisboa. A variante *Aharacui* parece indicar que o <H> non se pronunciaba: o lapicida debeu empezar a escribir **Aracui* sen <H> e decidiu, despois de ter gravado o *A-* inicial, empezar de novo con *H-*, esquecéndose ou parecéndolle innecesario despois eliminar ese primeiro *A-*. Se isto é así e se trata realmente dun <H> mudo que na documentación externa a este monumento nunca aparece, é posible que neste texto só esteamos ante a propensión do individuo que redactou o texto a introducir un <H> na secuencia inicial *Ara-* por motivos descoñecidos.

Por outra parte, tamén é posible que nesta mesma inscrición *oila X e tau[r...]* *ifate X* signifiquen “10 *oilas*” e “10 touros *ifates*” respectivamente e que tanto *oila* como *ifate* sexan por tanto acusativos de plural. Se as grafías están completas e son fieis á realidade fonética teríamos un cambio fonético **-s* > **-h* con posterior enmudecemento ou eventualmente unha perda directa do *-s* final: *oila* sería acus. pl. de tema en *-ā-* cunha evolución ie. **-ās* (> **-āh* ?) > *-ā*, mentres que no caso de *ifate* non podemos entrar en detalles ao non sabermos se se trata dun tema en vogal ou consoante.

Se isto fose así, teríamos en occidente moi distintos tratamentos do *-s* final. En Arronches teríamos a súa perda (con ou sen aspiración intermedia). No fragmento grande perdido de Arroyo de la Luz temos en cambio *secias* e *as* con *-s*, aínda que descoñecemos o significado e función sintáctica destas palabras e por tanto tamén a orixe deses *-s* que eventualmente poderían non ser *-s* finais postvocálicos primarios e ter así unha historia completamente diferente. En *deibabor igo deibobor Vissaieigobor* de Viseu temos rotacismo do *-s* final (*-bor* < *-bos*), mentres que nas demais formas teonímicas occidentais con terminación de dat. pl. *-bo* (*deibabo Nemucelaigabo*, etc.) entraría en consideración que se tratase en realidade dunha evolución *-bo* (< **-boh* ?) < **-bos* en lugar dunha forma primitiva sen *-s*, como en principio se considera.

A aceptación dun cambio *-s* (> *-h* ?) > *-Ø* en Arronches tería, como vemos, unhas consecuencias moi profundas, o que nos obriga a ser extremadamente cautelosos e reticentes a dar posibles pasos en falso ata que se dispoña de testemuños irrefutables. Obsérvase que na línea 6 do mesmo texto aparece a secuencia de nomes *Apinus Vendicus Eriacainuș* sen que nada nos indique que se teña producido un cambio á lingua latina. Parece por tanto que na variedade diatópica e diacrónica da lingua desta epígrafe se produciu un cambio **-os* > *-us* no nom. sg. dos temas en *-o-* idéntico ao que experimentou o latín no séc. III aC. A opción alternativa, de que se trate de antropó-

nimos indíxenas en forma latinizada nun texto en lingua indíxena, non é por suposto plenamente descartable, pero tampouco me parece a hipótese máis plausible. Sendo esto así, teríamos o -s final perfectamente conservado, o que implicaría que as formas anteriores *oila* e *ifate* ou son grafías defectivas ou presentan unha perda condicionada do -s (só tras vocal longa?) ou deben interpretarse doutra maneira. A imposibilidade de poder establecer nada con certeza obríganos a quedar á espera de novos achados que poidan contribuír ao esclarecemento destes problemas.

Recomendaciones bibliográficas:

Sobre **p* en celta e lepóntico: Eska 2009; nas variedades hispanocélticas: Untermann 1985-1986. Sobre o **p*, as grafías F e H, *ifadem* e a clasificación do lusitano ademais: Tovar 1966-1967 e 1985, Albertos 1985-1986b, Gorrochategui 1987, Prósper 2004, Untermann 2010; sobre -*bo(r)*, *Proeneia-/Broeneiae* e temas relacionados: Búa 2000, 2007b e 2011.

8. A hidronimia antigoeuropea

a. Consideracións xerais

No contexto desta reflexión sobre o material lingüístico non céltico e precéltico é inevitable tratar tamén do conxunto paleohidronímico europeo coñecido dende os estudos de Hans Krahe na súa etapa posterior á II Guerra Mundial como *hidronimia antigoeuropea* (alem. *alteuropäische Hydronymie*), despois de romper co modelo explicativo anterior que lle atribuíu unha orixe iliria (panilirismo)⁸⁰, sostido entre outros tamén por Julius Pokorny, e que xurdira na escola alemá en contraposición á precedente tese panligurista da escola francesa de M. Henri d'Arbois de Jubainville.

Este conxunto dos chamados por Krahe *alteuropäische Gewässernamen* e que adoitamos traducir por *hidrónimos antigoeuropeos* (outras opcións poderían ter sido *hidrónimos da Europa primitiva*, *primitivos hidrónimos de Europa* ou *paleohidrónimos europeos*), resulta da recollida de nomes de todo tipo de acuíferos, sobre todo ríos, por todo o espazo xeográfico europeo baixo o dobre criterio de non ser explicables a partir do léxico coñecido das linguas historicamente documentadas nas respectivas zonas (a maioría delas indoeuropeas) e de ser non obstante divisibles en segmentos idénticos ou semellantes a raíces e sufixos indoeuropeos. A pesar de que esa segmentación morfolóxica só se basea na forma e obedece ao propósito do observador de tratar de segmentar esas formas dunha determinada maneira preconcebida, sendo, por tanto, unha actividade por natureza especulativa e tendenciosa, e a pesar tamén de que os hidrónimos máis curtos e os pequenos segmentos (presuntamente radicais e sufixais) resultantes da segmentación dos longos reaparecen tanto en Europa coma en calquera outro continente no que se busquen⁸¹, o certo é que despois de máis dun século de recollida se conseguiu reunir unha grande cantidade de nomes con segmentos reco-

⁸⁰ “Eu mesmo me deixei tamén arrastrar por algún tempo por ese *panilirismo*” (Krahe 1964b: 206, trad. Búa).

⁸¹ Untermann 1999, 2009b e 2009c mostra que as mesmas raíces e sufixos aparecen polo Mediterráneo. Os nosos ríos *Miño* (< *Minius*), *Aranza* (< **Arantia*), *Tambre* (< *Tamari-*), *Sar*, etc. comparten forma por exemplo cos ríos *Min* da provincia de Sichuan (China), *Ara* e *Tama* de Tokio ou *Saru* da illa de Hokkaidō (Xapón), cos que en boa lóxica nada teñen que ver. O noso frecuente *Camba* reaparece como río *Kamba* da República Democrática do Congo. O *Iguanzo* (< **Aquantio-*) de Llaviana, Asturias, é case idéntico ao famoso *Iguazú* brasileiro-arxentino. E a asociación do *Potomac* no noreste dos Estados Unidos co grego *potamós* “río” xa é todo un clásico da etimoloxía de sonsonete.

rentes e efectivamente interpretables como estruturas morfolóxicas indoeuropeas e que, precisamente por procederen de territorios que polas linguas históricas alí documentadas nos consta que nalgún momento prehistórico foron indoeuropeizados⁸², non parece ter moito sentido dubidar radical e sistematicamente da súa indoeuropeidade, por moito que se deba admitir e ter en conta que parte deles, especialmente os máis curtos e por tanto tamén menos caracterizados, poderían ser casualmente idénticos aos verdadeiros morfemas e lexemas indoeuropeos e que en xeral ese aspecto tan indoeuropeo de calquera deles, tanto dos pequenos como dos grandes, tamén podería ser froito dunha asimilación formal e/ou derivación morfolóxica secundaria de nomes preindoeuropeos por parte das linguas indoeuropeas que eventualmente os adoptaron e adaptaron. Nos territorios non indoeuropeizados ou de indoeuropeización recente, como poden ser as zonas de Hispania que non foron indoeuropeizadas ata a chegada de gregos e romanos, deixa de ser en cambio especialmente plausible que as coincidencias formais, sexan moitas ou poucas, se deban a unha orixe lingüística común, senon que a hipótese de partida debe ser máis ben a contraria.

Krahe, xunto cos seus predecesores e continuadores, entre os que se debe destacar ao seu discípulo W.P. Schmid, conseguiu por tanto mostrar dun xeito convincente que na hidronimia da maioría das linguas indoeuropeas de Europa⁸³ hai unha capa máis profunda (aínda que non necesariamente a máis profunda⁸⁴) que, a pesar de non ser interpretable a partir do seu léxico histórico, segue sendo indoeuropea.

Máis problemático e discutible é sen embargo tratar de etimoloxizar cada nome concreto de todo ese inmenso material que Krahe, abandonadas as teses paniliristas anteriores, xa non podía crer que fose produto dunha única lingua⁸⁵. A observación

⁸² Outra cousa é buscar e xuntar eses segmentos en áreas nas que non saibamos por outras fontes independentes e fidedignas que fosen indoeuropeizadas e pretender que o material así reunido sexa precisamente a proba da súa indoeuropeización.

⁸³ A recollida e estudo da hidronimia europea están moito máis avanzados en Europa ca nos territorios indoeuropeos asiáticos (Krahe traballaba sobre todo con material centroeuropeo occidental que despois foi sendo completado por outros investigadores como por exemplo de Hoz para a Península Ibérica ou W. P. Schmid e mailo seu discípulo J. Udolph para os territorios báltico e eslavo respectivamente), polo que aínda é cedo para emitir un xuízo sobre eses outros territorios. Nas zonas asiáticas de indoeuropeización máis antiga é en todo caso lóxico pensar que se dea un fenómeno semellante.

⁸⁴ Schmid (1977: 314): “debemos contar con que no seo deste territorio [sc. da hidronimia anti-goeuropea] tamén se conservaron nomes non indoeuropeos. [...] Pero o recoñecemento desta posibilidade non equivale á súa demostración. Este asunto estivo ata agora sempre dominado por presuncións moi ousadas e etimoloxías moi dubidasas”. Schmid (1972: 6): “A nosa recollida do material está aínda moi lonxe de ser tan exhaustiva que permita afirmar nin negar con seguridade a existencia de nomes non indoeuropeos no territorio da hidronimia antigoeuropea” (trad. Búa).

⁸⁵ Krahe (1970: 71): a “idea obvia de que non hai ningunha lingua indoeuropea individual que en calquera época tivese dominado tódolos territorios nos que aparecen os nomes do tipo do que aquí estamos a falar leva á conclusión de que non se lle pode atribuir a súa creación a un único pobo

de que moitos nomes se deixan segmentar coma se fosen estruturas morfolóxicas indoeuropeas é unha realidade obxectiva que se ofrece e impón por si mesma. A suposición de que a maior parte deses nomes documentados nun territorio que por outras fontes plenamente fidedignas nos consta que foi indoeuropeizado en época moi antiga teña efectivamente unha orixe indoeuropea entra por suposto dentro do perfectamente imaxinable e admisible. Pero isto non impide que pretender darlle unha interpretación etimolóxica concreta a todas e cada unha desas estruturas sexa algo completamente irrealista e que, se ademais ousamos entrar na dinámica de considerar que sexan nomes de hipotéticas ramas lingüísticas indoeuropeas perdidas e diferentes das historicamente documentadas, nos lanzamos xa á práctica dunha actividade puramente especulativa, carente de todo control obxectivo e por tanto completamente inútil⁸⁶. Lamentablemente, nin Krahe nin os seus sucesores, tanto os que se mantiveron na mesma liña como os que a partir dela seguiron un camiño propio, souberon superar a adición etimoloxicista aínda hoxe reinante.

O nivel de inseguridade no que nos movemos é tal que, para empezar, en realidade nin sequera temos a máis mínima certeza de que eses nomes, ou polo menos a inmensa maioría deles, teñan existido realmente como tal no léxico común da lingua que os creou, fose esta cal fose. Calquera nome que presente un sufixo frecuente (e lamentablemente hai que dicir que practicamente todos son moi frecuentes: *-antia*, *-ara*, *-isa*, etc.) puido ser unha palabra do léxico común dunha determinada lin-

indoeuropeo”. Krahe (1970: 76): “Sirva o seguinte para evitar malentendidos: o antigoeuropeo tal como nós o coñecemos sufriu xa unha enorme transformación e aparece moi diversificado. A súa variedade interna é tal que nin sequera sería equiparable á do indo-iranio ou á das linguas románicas. Mentres que para o primeiro resulta relativamente fácil reconstruír un “protoindoiranio” e para o segundo se pode partir tamén dun latín vulgar relativamente unitario, non entra en consideración a reconstrución dun “protoantigoeuropeo” (trad. Búa, os suliñados son meus).

⁸⁶ Sobre o fácil e inútil que é fabricar etimoloxías a esgalla coa onomástica prelatina xa se nos ven advertindo dende hai tempo. Gaidoz (1876-1878: 459): “Cela est si séduisant et si aisé de choisir dans le répertoire des racines et des suffixes indo-européens comme dans un trousseau de clés qui ouvrent toutes les portes, quand il s’agit de mots dont on ne sait absolument rien, ni à quelle époque ils ont paru, ni dans quelles circonstances ils ont pris naissance, ni surtout à quelle langue ils appartiennent!”. Schulze (1904: 419): “Coa etimoloxía que só opera coas coincidencias formais non se chega a ningures, case nunca dá pé ao máis mínimo avance, o que demostra que non serve para nada” (trad. Búa). A proba de que tecer etimoloxías ao gusto do consumidor é facilísimo témola no feito de que non son poucos os non lingüistas, sobre todo historiadores, que sen ter nin a máis remota idea desa ciencia que chamamos lingüística se cren na necesidade e na capacidade de tecer teorías sobre a base das súas propias elucubracións etimolóxicas, cousa por outra parte tan censurable como perfectamente comprensible, dado que en realidade non fan máis ca seguir o modelo de moitos lingüistas para os que buscar a etimoloxía dun nome redúcese a buscar unha raíz do Pokorny (ou do Rix ou de calquera outro dicionario etimolóxico) e un sufixo do Brugmann (ou de calquera outro repertorio) que encaixen ou se poida facer encaixar coa axuda dalgunha teoría propia sobre o vocalismo ou sobre calquera aspecto onde se precise limar asperezas.

gua e/ou un derivado dehidronímico, que son en tódalas linguas variadísimos e abundantísimos, e neste caso, por tanto, non ter existido nunca fóra da hidronimia. *Ulloa*, *Sarela*, *Barbantiño*, etc., por poñer algúns exemplos románicos ilustrativos e ben coñecidos do noso territorio, son derivados dehidronímicos (diminutivos) en *-oa* < *-ula*, *-ela* < *-ella* e *-iño* < *-ino* dos hidrónimos *Ulla*, *Sar* e *Barbante(s)* respectivamente. Nin no léxico común do romance galaico nin do latín existiu nunca unha palabra ***uliola*, ***sarella* ou ***barvantino* que significase “auga”, “corrente” ou calquera outra das acepcións típicas do campo semántico dos acuíferos que se nos ocorra. Neste caso sabémolo perfectamente porque nos movemos no ámbito do galego e do latín, que son linguas que coñecemos estupendamente. Pero cando pasamos ao mundo prelatino acabóusenos a ciencia e a moitos parece que tamén a conciencia deste problema fundamental.

Temos que ser conscientes de que a derivación dehidronímica é un fenómeno extremadamente frecuente. Velaquí algúns exemplos:

- derivados en *-iño* / *-inho*, *-iña* / *-inha* (ast. cast. *-ín/-ino*, *-ina*): a. 1069 *flumen Arango* → hoxe *Aranguín* (afl. do Nalón, Pravia, Asturias), *Aranza* → top. *Aran-ciña* (afl. do Verdugo, Pontevedra), *Arganza* e *reguera Argancina* (afluentes do Cúa → Sil → Miño, León), *Barbantes* (hoxe top. nos concellos de Vilamarín, Punxín e Cenlle) → *Barbantiño* (afl. do Miño), *Barrantes* → *Barrantiños* (afl. do Umia, Ribadumia, Pontevedra), *Búbal* → *Bubaiño* (afl. do Miño, Ourense), a. 1002 rivulo *Cambar* (h. Alfusqueiro → Águeda → Vouga → ría de Aveiro, pasa pola freg. *Cambra*, Vouzela, Viseu) → top. *Cambarinho* (onde nace o Alfusqueiro, freg. Ventosa, Vouzela), *Cañedo* → *Cañedino* (afl. do Tormes, Topas, Salamanca), *Cervaña* → *Cervañiña* ou *Cervañiño* (afl. do Deza → Ulla, Silleda, Pontevedra), *Mondego* → curso inicial *Mondeguinho*, *Selho* → *Selinho* (afl. do Ave, Guimarães, Braga), *Tedo* → *Tedinho* (afl. do Douro, Viseu), *Vouga* → *Vouguinha* (→ ría de Aveiro).
- derivados en *-elo*, *-ela* (cast. *-illo*, *-illa*): *Ambía* → *Ambiela* (afl. do Arnoia → Miño, Ourense), *Armea* < a. 977 *amnis Armena* → *Armiela* (afl. do Neira → Miño, Láncara, Lugo), *Búrdalo* → *Burdalillo* (afl. do Guadiana, Cáceres), *Jarama* → curso alto *Jaramilla* (afl. do Texo, Madrid), *Jaranda* → *Jarandilla* (afl. do Tiétar → Texo, Cáceres), *Lúzara* → *Louzarela* (afl. do Lor → Sil → Miño, O Courel, Lugo), *Miera* → *Merilla* (Cantabria), *Miñoto* → *Miñotelo* (afl. do Miño, Lugo), *Nájera* < a. 1080 *Naiela* / a. 1076 *Naiera flumen* → *Najerilla* < a. 1054 *flumen Naialiellam*, a. 1060 *flumen Naiariella* (afl. do Ebro, La Rioja), río *Odra*, tamén chamado *Odrilla* (afl. do Pisuerga → Douro, Castrojeriz, Burgos), *Sar* → *Sarela* (A Coruña), *Sárdoma* (h. Lagares, Vigo) → *Sardomela*, *Tambre* → med. *Tamarella* (h. río do Batán, A Coruña), *Távora* < med. *Tavara* → *Tavarela* (afl.

- do Douro, Tabuaço, Viseu), *Tea* → *Tiela(s)* (afl. do Miño, Pontevedra), *Tua* → *Tuela* (afl. do Douro, Bragança), *Vouga* → *Vouzela* (h. río *Zela* con top. *Vouzela*, → ría de Aveiro).
- derivados en *-ón, -ão*: *Águeda* < a. 1434 *Agada* → curso alto *Agadón* (afl. do Douro, Salamanca), *Águeda* < med. *Agada* → *Agadão* (afl. do Vouga, Aveiro), *Avia* → *Avión* (afl. do Miño, Ourense), *Deza* → med. *Dezon*, h. río Asneiro que nace en *Dozón* (afl. do Ulla, Lalín, Pontevedra), *Nailo-* (Ptol. 2,6,59: Ναίλου ποταμοῦ ἐκβολαί) → **Nail-on-* > med. *Nelón* (a. 1070 *Nelonis*, *Nilonis*, a. 1078 *Nalonis*), h. *Nalón* (Asturias), *Omaña* → *Omañón* (+ Luna → Órbigo → Esla → Douro, León), top. *Rágama* con río *Regamón* (afl. do Trabancos → Duero, Salamanca), *Táliga* → top. *Talegón* (afl. do Guadiana, Olivenza, Badajoz).
 - derivados en *-celo, -cela* (cast. *-cillo, -cilla*): *Ave* → *Vizela* < med. *Avicella* (Porto) (a. 926 *inter ambas aves*, de onde se deduce que daquela o *Avicella* tamén se chamaba aínda *Ave*), *Avia* → *Avión* → *Avioncillo* (afl. do Ucero → Douro, Soria).
 - derivados en *-ello, -ella* (ast.-leon. *-e(y)o, -e(y)a*; cast. *-ejo, -eja*): *Armea* (a. 977 *amnīs Armena*) → a. 997 *Armenelia* (afl. do Neira → Miño, en Láncara, Lugo), a. 1005 *flumine Elenia* → hoxe r. *Ella* (< **Elenelia*, afl. do Arnoia → Miño, Cartelle, Ourense), *Este* < med. *Aliste* → a. 1127 *Alistelio* (Braga), *Huebra* < **Obla* → *Oblea* (< **Obleya*, afl. do Douro, Salamanca), *Jarandilla* → *Jarandilleja* (afl. do *Jaranda* → Tiétar → Texo, Cáceres), top. *Lándraves* → *Landravejos* (h. Trifón, afl. do Ebro, Burgos), *Yeltes* (< a. 1184 *Eltes*) → **Eltejos* > *Altejos* (afl. do Douro, Tamames, Salamanca).
 - derivados en *-oa (-oá), -ó* (cast. *-uelo, -uela*): med. *Arauzo* → a. 1251 *Arauzuelo* (h. *Aranzuelo*, afl. do Arandilla → Douro, Burgos), *Valdavia* (< **Val de Avia*, afl. do Pisuerga → Douro, Palencia) → *Ayuela* < a. 1079 *Aviola*, top. *Bogajo* con río *Bogajuelo* (afl. do Yeltes, Salamanca), *Caima* → *Caimó* (afl. do Vouga, zona de Aveiro), *Douro* → *Duruelo* (afl. no curso alto, Soria), a. 909 *ribulo Laragie* → parr. *Laroá* < med. *Laragiola* (Xinzo de Limia, Ourense), *Loña* < a. 886 *flumen Laonia* (→ Miño en Ourense) → top. *Loñoá* < a. 1175 *Laoniola* (Pereiro de Aguiar, Ourense), top. *Mirueña de los Infanzones* → con río inmediato *Miriñuela* (afl. do Almar → Tormes → Duero, Ávila), *Naraia* → top. *Naraiola* (afl. do Cúa → Sil → Miño, Camponaraia, León), *Neiva* → top. *Navió* (en Barcelos e en Ponte de Lima) → *Nevoinho*, *Omaña* → *Omañuela* (+ Luna → Órbigo → Esla → Douro, León), *Paiva* → *Paivó* (afl. do Douro, Aveiro), *Selho* → med. *Seliolo* (afl. do Ave, Guimarães, Braga), *Ulla* → *Ulloa* < med. *Ulliola* (A Coruña).

E outros moitos sufixos de moi distintas orixes e épocas: *-año*: *Sella* → top. *Sellaño* [*Seyañu* en pronunciación local] (á beira do Ponga, preto da súa confluencia

co Sella, en Ponga, Asturias); *-eño*: *Nora* → *Noreña* (afl. do Nalón, Asturias); *-oño*: ant. *Tagus* → *Tagonius* (Plut. *Sert.* 17,2); *-uña*: *Tajo* → *Tajuña* (afl. do Jarama → Texo nas prov. de Guadalajara e Madrid); *-oil*: *Ladra* → *Ladroil* (afl. do Parga → Ladra → Miño, Guitiriz, Lugo); *-ego*: **Arno-* (conservado no top. a. 1122 *Arnobre* adxacente ao río) → *Arnego* (nome actual do río, afl. do Ulla, A Coruña), *Munda* → hoxe *Mondego* (Portugal); *-io-*: *Sar* → *Seira* < **Saria* (A Coruña); *-ico*: *Barbaña* → *Barbañica*, nome alternativo do río dos Muíños (afl. do Miño, Ourense); *-oco*: *Alva* (a. 1122 *Aluia*) → *Alvoco* (afl. do Mondego, Coimbra), *Ceira* (a. 1122 *Seira*) → top. *Ceiroco* → *Ceiroquinho* (afl. do Mondego, Coimbra); *-eta*: *Piloña* (a. 926 *Pialoniam*) → top. *Piloñeta* (a. 1252 *Pieloneta*) (afl. do Sella, Asturias); *-ete*: *Sever* → *Severete* (afl. do Texo, entre Cáceres e Portalegre); *-oto*: *Miño* → *Miñoto* (afl. do Miño, Lugo); *-atón*: *Duero* → *Duratón* (Madrid); *-ellón/-illón* (cast. *-ejón*): *Tormes* → *Tormejón* (nome do lugar no que nace o Tormes, afl. do Douro, Salamanca; cf. río e top. *Tormón*, Teruel); *-eira*: a. 953 *Doronia* → top. *Doroñeira* (afl. do Eume, A Coruña); cast. *-erilla*: *Yeltes* → *Yelterillas*, tamén chamado Río Chico (afl. do Douro, Castraz, Salamanca); *-eronza*: *Avia* → *A Veronza* < séc. XIII *Ueyga da Ueronza* < **Averonza* (Ourense); *-ude*: *Cabe* → afl. e top. *Cabude* na cabeceira do río, tamén *Fonte Cabude*, polo que podería ser un antigo xenitivo (O Incio, Lugo); *-uxo*: *Lambre* → *Lambruxo* (A Coruña); *-uzo*: *Mera* → *Maruzo* (med. *Maruzu*, segundo Moralejo 2009a 78) probablemente < **Meruzo* (afl. do Tambre, A Coruña), etc.

Se moitos deses paleohidronimos en *-antia*, *-ara*, *-isa*, etc. son ou poden ser dehidronímicos, daquela tamén nos movemos nun nivel de grande incerteza á hora de tratar de determinar a relación que pode haber entre os distintos nomes idénticos, tanto no territorio dunha mesma lingua ou grupo lingüístico como, con máis razón aínda, entre territorios de linguas distintas. Os hidronimos *Cambilla* (afl. do Saja) en Cantabria e *Cambela* (afl. do Rabagão → Cávado) de Montalegre, Portugal, como os topónimos *Morañuela* na *Moraña* de Ávila e *Morañó* (< **Morañoa* < **Morañola*) na parroquia de San Miguel do Campo, Campo Lameiro, veciña do concello de *Moraña*, Pontevedra, foron creados por linguas diferentes, o español, o portugués e mailo galego, e non son cognatos, é dicir, non son nomes que proceden dunha palabra que teña existido no léxico común de ningunha desas linguas ou na súa protolingua. Son formacións dehidronímicas (derivados do hidronimo *Camba*) e detoponímicas paralelas e independentes. O mesmo se pode dicir do *Agadón* (curso alto do *Águeda* < a. 1434 *Agada* → Douro) de Salamanca e do *Agadão* (afl. do *Águeda* → Vouga) de Aveiro, Portugal, ou do *Avión* (afl. do *Avia* → Ucero → Douro) de Soria e do *Avión* (top. no curso alto do río *Avia* → Miño) de Ourense. Na paleohidronimia europea as frecuentes homonimias entre formas extraídas dos lugares, épocas e circunstancias máis dispares son en cambio con frecuencia ou por algúns autores mesmo sistematicamente identificadas entre si e interpretadas como cognatos,

cando en realidade nada garantiza que non sexan máis ca simples coincidencias e/ou confluencias formais e formativas a partir de linguas, realidades e historias diferentes. Así, por exemplo, o curso alto do río **Isa*, hoxe *Oise* (afl. do Sena) en Francia, conservou ata a Idade Media o seu primitivo nome **Isara*⁸⁷. É de supoñer por tanto que neste caso **Isara* sexa un derivado dehidronímico de **Isa* (a non ser que **Isa* sexa retroformación de **Isara*, opción máis improbable, pero non imposible) e que por tanto non proceda dunha palabra do léxico común de ningunha lingua nin sexa cognato de calquera dos outros moitos **Isara* documentados, senon unha formación propia e independente e en todo caso paralela a outras moitas homónimas. O noso *Seira* < **Saria*, afluente do *Sar* no concello de Rois, A Coruña, é un homónimo do hidrónimo báltico *Saria* (afl. do Žeimena → Neris → Nemunas, en Lituania), pero isto tampouco debe levarnos a pensar que teñan que ser cognatos. O noso **Saria* é sen dúbida tamén unha formación dehidronímica local: trátase do nome dun afluente do *Sar* formado mediante o sufixo de relación *-io-* na súa forma feminina *-iā* e por tanto non ten nada que ver directamente con calquera outro **Saria* de calquera outro lugar. Pretender que tódolos homónimos en *-ara*, *-ania*, *-antia*, etc. etc. que aparezan por Europa adiante sexan a mesma palabra do léxico dunha presunta lingua (real ou hipotética), porque son idénticos ou moi semellantes, non é máis ca unha brutal simplificación dunha realidade que é inmensamente complexa e que require para a súa correcta interpretación calquera cousa menos a actitude máis simplista.

Tendo en conta as dimensións temporais e espaciais nas que nos movemos, a multiplicidade de linguas e dialectos modernos, medievais e antigos implicados e a complexidade e ao mesmo tempo limitacións das fontes de información de que dispoñemos, non parece esaxerado afirmar que a correcta análise da hidronimia antigoeuropea no seu conxunto é algo estremadamente ou se cadra mesmo excesivamente difícil. Pero xa se sabe que non hai neste mundo nada que sexa tan complicado que o ser humano non sexa capaz de o complicar aínda máis innecesariamente. A investigación e discusión científica actual está lastrada pola nova (ou renovada) teoría de que parte deste conxunto onomástico correspondería en realidade a unha lingua indoeuropea diferente e independente de tódolos demais grupos lingüísticos coñecidos e da que non quedarían máis restos ca eses hidrónimos, cousa xa de seu bastante sorprendente, lingua que pasa a considerarse o verdadeiro antigoeuropeo, facendo por tanto oídos xordos ás advertencias dos que dende hai tempo nos veñen dicindo que non se pode facer etimoloxía científica con nomes non asociables directamente a ningunha

⁸⁷ Gamillscheg 1938: 103-104 lembra que está comprobado que *Isara* (a. 600 *Isera*, a. 742 *Esera*) era o nome do curso alto do río ata a confluencia do Serre, mentres que o curso restante aparece como *Esia* en Vibius Sequester *De fluminibus fontibus lacubus nemoribus paludibus montibus gentibus per litteras*, autor dos séc. IV-V, *Hisa* no ano 880, etc. de onde ven o nome actual *Oise*.

lingua ou grupo de linguas documentadas, porque o único que así se consegue é caer nun círculo vicioso argumentativo.

Esta liña de investigación de máis presenza e predicamento nacional ca internacional⁸⁸ ten o inevitable e notorio defecto de basearse en especulacións etimolóxicas sistemáticas e sistematicamente tecidas sobre a base de leis fonéticas creadas *ad hoc* e regras derivativas admitidas *ad libitum* e ter creado ademais unha confusión terminolóxica tan innecesaria como prexudicial ao usar o termo “antigoeuropeo” de Krahe nun sentido diferente ao que el lle dera. Na miña opinión, mentres que a análise da hidronimia antigoeuropea do gran mestre alemán, que acabou por poñer o acento sobre a complexidade, diversidade temporal e espacial e heteroxeneidade deste conxunto onomástico, se debe ver como unha superación dos anteriores simplismos panlingüistas (panligurismo, panilirismo) e por tanto, a pesar de tódolos seus defectos, como un avance na dirección correcta do estudo desta onomástica, o novo panlingüismo que atopamos en Villar Liébana e outros non é outra cousa ca un retroceso á visión simplista anterior, coa única diferenza de que os panliguristas ou paniliristas tiñan polo menos un referente lingüístico real (aínda que minimamente coñecido, dado que só se trata de linguas residuais onomásticas), mentres que Villar Liébana ten como referente unha lingua que el mesmo concibe, constrúe e diseña ao seu gusto e conveniencia.

b. Paleohidrónimos da área lingüística céltica

Algúns dos hidrónimos da zona céltica que seguindo os criterios de Krahe habería que clasificar como antigoeuropeos reaparecen con especial frecuencia e son por tanto un constituínte onomástico típico, aínda que non necesariamente exclusivo, desta área. Así, por exemplo, os nomes **Alisantia*, **Arantia*, **Argentia* ou **Isara*, que tamén están representados no noroeste da Península Ibérica, presentan unha concentración moi notable en territorio céltico:

a. a. 775 *Alesancia* < **Alisantia*, h. río Grande (afl. do Eo, Ribadeo, Lugo, con top. a. 1124 *Asanza*; a súa pluralización **Asanzas* consérvase como top. *As Anzas* con artigo deglutinado; v. Moralejo Álvarez 2010: 101) é homónimo por exemplo dos extrapirenaicos *Auzance* < a. 929 *fluvius Alsancia* (afl. do Clain → Vienne → Loira), *Alrance* < a. 1228 *Alsanza* (afl. do Tarn → Garona), etc.

Entra en consideración a posibilidade de que se trate do feminino dun adxectivo de relación ou pertenza **alisa-ntjo-* ‘(río) dos amieiros / que ten amieiros’ derivado de **alisā* ‘amieiro’, palabra que non se conserva no léxico común coñe-

⁸⁸ Entre os que para o noso ámbito podemos destacar especial e moi positivamente a Edelmiro Bascuas, que tamén se perde en inútiles especulacións etimolóxicas, pero fronte a outros de máis renome resulta ser en cambio moi fiable e útil pola súa abundante e rigorosa documentación.

cido das linguas célticas, pero que en cambio está ben documentada noutras linguas indoeuropeas como alem. *Erle* (< aaa. *erila*, *elira* < xerm. **alizō*) ou rus. *olbcha* (v. Bertoldi 1928, Krahe 1946: 92)⁸⁹, pero calquera dos *Alisantia* pode ter xurdido tamén como derivado do hidrónimo **Alisa* que tamén se documenta con bastante frecuencia: por exemplo *Alze* < **Alisa* (afl. do Alzou → Aveyron → Tarn → Garona, en Francia); a. 983 *Alisa*, h. Pfungstbach (afl. do Rin, en Östrich, Hessen, Alemaña), etc., e non ter por tanto existido no léxico común de ningunha lingua. Unha opción por suposto non exclúe a outra.

Cf. tamén o top. *Alesga* < **Alesica* (Teberga, Asturias) e mailo río e top. *Esgos* < a. 1299 *Aesgos*, a. 1007 *rivulo Alesgos* < **Alesicos* (Ourense) que igualmente poden ser tamén derivados de **alisā* ‘amieiro’ ou formacións dehidronímicas.

b. *Aranza* (afl. do Verdugo, en Soutomaioir, Pontevedra) é o mesmo nome que temos por exemplo na base do *Arancilla* (diminutivo románico, afl. do curso alto do Texo) ou fóra da Península no *Ernz Branco* e *Negro* < a. 847 *Arantia* (afluentes do Sauer → Mosela → Rin, en Luxemburgo), *Ernzen* < a. 895 *Arenza* (topónimo que conserva o antigo nome do r. Gutenbach, afl. do Sauer → Mosela → Rin, no Eifelkreis Bitburg-Prüm, Renania-Palatinado, Alemaña), etc.

Tampouco neste caso a explicación é necesariamente unívoca. Por unha parte, podemos interpretar o celta *Arantia* como cognato do hidrónimo xermánico *Urunda* (Buskerud, Noruega) e facelos remontar a unha protoforma indoeuropea que tería tido unha estrutura tipo raíz *(H)r̥(H)- + suf. -*nt-iah*₂-, fose cal fose a raíz concreta que estivese detrás dela (entrarían en consideración por exemplo ie. **h₁erH* ‘meter na auga, lavar, bañar’, **h₂er* ‘facer ruido’ ou **h₃er* ‘moverse’)⁹⁰. Pero, por outra parte, tamén é posible que estes nomes ou unha parte deles sexan derivados dehidronímicos do tamén frecuente **Ara* que temos por exemplo en a. 1140 *Ara fluvius* (h. *Le Layon* < dim. *l’Arayon*, afl. do Loira nos dép. Maine-et-Loire e Deux-Sèvres, Francia), *L’Ar* (pequeno afl. do Mosela en Pierre-la-Treiche, dép. Meurthe-et-Moselle, Francia), *Ahr* (afl. do Rin, preto de Bonn, Alemaña), *Oare Water* < a. 1086 *Are*

⁸⁹ O valor de pertenza ou relación do sufixo -*nt-(i)ā* pode observarse en nomes célticos como o do río *La Briance* < a. 889 *Brivantia flumen* (afl. de La Vienne → Loira, dép. Haute-Vienne, Francia) que podemos interpretar como “río da ponte” (galo **brīvā* “ponte”). Non se descarta, con todo, que nestes e noutros casos semellantes se trate en realidade dun sufixo diminutivo (“río Pontella”). Véxase Krahe 1946 97, seguindo a P. Kretschmer, con exemplos como gr. *Tάραξ* [tema *Tarant-*] / lat. *Tarentum* “lugar á beira do río Tara”, etc.

⁹⁰ Do mesmo xeito que por exemplo **Brimantia* (h. *Prims*, afl. do Saar → Mosela → Rin) se pode asociar a *Brumunda* (Hedmark, Noruega) < **b^hrm-nt-iah*₂- ‘ruxente, ruidosa’ (da raíz **b^hrem* ‘facer ruido, berrar’: lat. *fremere*), **Albantia* (h. *Aubance*, afl. do Loira) a *Ulvund* (top. en Møre og Romsdal, Noruega) < **h₃alb^h-nt-iah*₂- ‘reluciente, clara’ (da raíz **h₃alb^h* ‘relucir, brillar’: lat. *albus*) ou na toponimia *Brigantia* a *Burgund* < **b^hrg^h-nt-iah*₂- ‘eminente, alta’ (da raíz **b^herǵ^h* ‘erguerse’: alem. *Berg* ‘monte’).

(en Somerset, Inglaterra), etc.⁹¹ Nin se descarta tampouco que poida haber algún derivado dehidronímico en *-ia* de **Arant-* (cf. San Pedro de *Arante*, Ribadeo).

c. *Arganza* < a. 1085 *Argancia* (afl. do Narcea en Asturias), con variante *Arganzo* (afl. do Sor en Mañón, A Coruña), é un hidrónimo especialmente frecuente. Temos, por exemplo, outro *Arganza* afluente do Maniel → Huebra → Douro na prov. de Salamanca, outro río con top. *Arganza*, afl. do Navaleno → Ucero → Lobos → Douro na prov. de Soria, e fóra da Península por exemplo *Ergolz* < a. 1318 *Ergenzen* < **Argantia* (afl. do Rin, en Basilea, Suiza), *Arianell* < **Argantella* (diminutivo en *-ella*, en Gales), etc.

O adxectivo verbal **argant-* < **h₃rǵ-nt-* (ou **h₂arǵ-nt-*) ‘claro, relucinte, brillante’ está na base de distintos antropónimos hispánicos, como por exemplo *Arganto* (nom.) de Riba de Saelices, Guadalajara (tema *Argant-on-*) e **Argant-io-* do que se deriva o nome familiar de *[T]outoni Argantioq(um) Ambati f(ilio)*, de Palencia. Os hidrónimos *Argantia* proceden probablemente da súa forma feminina **h₃rǵ-nt-iah₂-*, aínda que tampouco aquí se poida nin deba descartar por completo a posibilidade dalgunha formación dehidronímica en *-ia* ou *-antia*. Á mesma familia etimolóxica pertence o nome celta da ‘prata’: **arganto-* < **h₃rǵnto-* (irl. ant. *argat*, galés ant. *argant*, córn. ant. *argans*, galo *arganto-*; avést. *arəzata-*, lat. *argentum*) da raíz ie. **h₂arǵ* ‘brillar, relucir’ (cf. **h₃rǵi-* > het. *harki-* ‘branco, claro’).

d. O *Īsāra* de Lucano (Farsalia 1,399: *Hi vada liquerunt Isarae qui gurgite ductus /...*), que debe identificarse probablemente co *Isère*, afl. do Ródano, no sureste de Francia, tamén é un hidrónimo moi frecuente: *Ijzer* < a. 1173 *Isara* (Francia e Bélxica), *Aire* < **Isara* (afl. do Ouse + Trent → Humber; en Yorkshire, Inglaterra), etc. O nome medieval *Esar* (sen variante ***Esara* na documentación de que dispoño) do actual Xallas na prov. da Coruña parece proceder dunha variante **Isar(i)-* (cf. *Tamara* / *Tamar(i)-*, h. *Tambre*)⁹². Nestes nomes podemos ter o adxectivo ie. **h₁ish₂ró-* ‘rápido, lanzado’ (ind. ant. *iširá-*, da raíz **h₁eish₂*, ‘poñer en movemento, impulsar, botar’, da que se forma o presente **h₁isn(e)h₂-* > véd. *iṣṇāti* ‘impulsa, envía’, gr. ἰβάω ‘deitar un líquido, baleirar’, v. García Ramón 1992) que deixou outra posible pegada na onomástica persoal do irlandés ogámico, onde temos un *Iari*, xenitivo singular dun antropónimo **Iaro-*, que Ziegler 1994 39 etimoloxiza

⁹¹ Na Península Ibérica temos tamén os derivados *Eria* < a. 1058 *Aria* (afl. do Órbigo → Esla → Douro), *Arão* < **Aron-* (afl. do Alver, Porto), etc.

⁹² A non ser que se trate dun xenitivo **Isarae*, extraído dalgún antigo topónimo ribeirego tipo **Ripa Isarae*. En Búa (2009: 147) admitía a posibilidade de que *Esar* viñese do xenitivo **Isari* da forma masculina *Ēzaro* /*esaro*/ que temos como topónimo na desembocadura do río. Martínez Lema (2010: 181) mostra, sen embargo, que o nome medieval deste lugar tamén era *Esar*, de onde se deduce que a forma moderna é produto dun *-o* paragóxico máis ou menos recente, co que quedamos sen necesidade de postular a existencia de ningún tema antigo **Isaro-*.

precisamente a partir de **Isaro-*. Sen embargo tamén aquí se debe contar sen dúbida coa posibilidade de que polo menos en parte se trate de formacións dehidronímicas a partir de **Isa*, que tamén é un hidrónimo bastante frecuente: por exemplo, *Ise* < a. 1096 *Isa* (dép. Ille-et-Vilaine, Bretaña); *Aïse* (curso baixo: *Hise*) < a. 1113 *Isa*, afl. do Ariège (→ Garona, dép. Haute-Garonne, Francia), etc. Así o temos de feito documentado no caso citado anteriormente do med. *Isera* < **Isara* usado como designación do curso alto do *Oise* < **Isa*. Cf. na nosa toponimia *Láncara* (Lugo) vs. a *Segontia Lanca* celtibérica e as distintas *Lancia* antigas centrooccidentais (cf. tamén *Lancaño* en Rates, parr. San Cosme de Outeiro, Outes, A Coruña).

Na toponimia ribeirega do noso *Esar* atopamos o topónimo *Ribadeza* /*ribadesa*/ (a. 1380 *Ribadessa*) que á primeira vista fai pensar que tamén aquí houbese antigamente un nome principal **Isa* e un derivado **Isar(i)-*. Cf. o caso do río *Tuéjar*, afl. do Cea → Esla → Douro, en Valdetuéjar, León, fronte aos testemuños medievais a. 1153 *Ual de Toia*, a. 987 *riuulo Tolia*. Pero entre as variantes documentais de *Ribadeza* aparece *Ryba de Sar*, que debe estar por **Ribadésar* (= *Riba d'Ésar*), con deglutinación gráfica da sílaba *-de-* a pesar da acentuación, polo que parece que no noso caso **Ribadésar* pasou a *Ribadesa* por perda disimilatoria do *-r* final.

Estes poucos exemplos son suficientes para mostrar que entre os hidrónimos antigoeuropeos da área céltica, incluída Galicia, hai nomes que están xeograficamente moi ligados a este territorio lingüístico (por exclusividade ou non) e que non mostran máis “incompatibilidade” coas linguas célticas ca o feito de non atoparen correspondencias no seu léxico coñecido. Pero este argumento ten en realidade un peso moi relativo, dado que por un lado parte dese material pode ser dehidronímico e por outro o noso coñecemento do léxico céltico dista moito de ser completo e plenamente satisfactorio. O certo é que só se coñece ben o insular, e este só dende a Idade Media, de aí precisamente que tanto na onomástica continental coma mesmo na británica antiga atopemos palabras de significado dubidoso ou mesmo descoñecido, sen que isto impida que haxa consenso sobre a súa celticidade (por exemplo **duro-*, **bona* ou **varia* en numerosos topónimos como por exemplo **Nemetodurum* > s. VI *Nemptodoro*, hoxe *Nanterre*, dép. des Hauts-de-Sein, Francia; *Vindobona*, h. Viena, Austria; *Argentovaria*, h. Ödenburg, Biesheim, dép. du Haut-Rhin, Alsacia, Francia). A hidronimia non ten por qué comportarse dun xeito diferente, máis ben todo o contrario dado o seu carácter especialmente conservador: o río galés *Donwy* (< **Dānou-īā*) e mailo *Danuvius* ou o noso *Xuvia* < a. 868 *Iubia*, a. 997 *Iuvia* (con variante a. 1300 *Joyba*, 1400 *Joyva*) que desauga na ría de Ferrol, asociable por exemplo ao *Iuvarus*, h. Salzach, en Salzburg, Austria (a. 798-800 *ad fluvium Iuvarum, qui alio nomine dicitur Salzaha*), tampouco son interpretables a partir do léxico céltico coñecido, pero atopan unha vía explicativa moi plausible en conexión co léxico indoeuropeo conservado nas linguas indoeuropeas

orientais: cf. avést. *dānu-* “río” (osét. *don* “auga, río”), ind. ant. *dānu-* “pingueira” (raíz ie. **dah₂* “fluir”?); véd. *yavyā* f. “corrente, río”, persa ant. *yauviyā* (= /yavyā/) f. “canle” (raíz **(h₁)jeu* “andar, correr, fluir”?). Pode tratarse por tanto dun antiqüísimo léxico indoeuropeo que as linguas célticas nunha etapa moi antiga aínda utilizaban e despois se foi perdendo.⁹³

Na miña opinión non hai motivo para dubidar de que unha parte dos hidrónimos recollidos na zona céltica e clasificados ou clasificables como antigoeuropeos segundo os criterios establecidos por Krahe, como é o caso dos anteriores, non é outra cousa ca unha paleohidronimia céltica, de onde se deduce inevitablemente que parte da paleohidronimia céltica presenta as mesmas características formais ou estruturais observables na hidronimia antigoeuropea en xeral. Sendo isto así, resulta innecesaria e indemostrable a presunción da existencia de paleohidrónimos indoeuropeos precélticos, alí onde por outros medios fidedignos non esteamos informados da existencia de ningunha lingua indoeuropea precéltica. Dos hidrónimos, por si mesmos e sen máis, nunca poderá deducirse tal cousa sen caermos nun círculo vicioso argumentativo.

Pode resultar sorprendente que unha parte da paleohidronimia dunha determinada lingua indoeuropea presente tantas similitudes coa das outras (é dicir, que parte da paleohidronimia indoeuropea da zona céltica se asemelle tanto, por exemplo, a parte da da zona xermánica ou eslava) e moitos nomes mesmo coincidan plenamente na súa forma (**Arantia* abunda na primitiva zona céltica e reaparece esporadicamente por exemplo en territorio eslavo), cando polo demais se trata de linguas con diferenzas máis ca notables, por moi indoeuropeas que sexan todas elas. Pero se temos en conta que as semellanzas desta hidronimia son de natureza formal e estrutural, é dicir, son coincidencias que se observan na forma e na segmentabilidade desas formas, sen que deste único feito se poida deducir nin moito menos que se trata das mesmas palabras (cognatos) de ningunha lingua pretérita, e que os hidrónimos antigoeuropeos son por definición os correspondentes aos estratos prehistóricos máis profundos desas linguas, en realidade non deixa de ser lóxico que entre os paleohidrónimos desas linguas existan grandes paralelismos formativos e coincidencias, ao mesmo tempo que tamén se dan diferenzas e especificidades

⁹³ Aproveito para insistir en que ninguén debe estrañarse de que se pretenda explicar cousas da nosa onomástica ou da onomástica indoeuropea occidental en xeral a partir do léxico de linguas como o hetita, o persa, o indio ou o tocario, tan diferentes e tan distantes no tempo e no espazo. Do mesmo xeito que un romanista non se vai estrañar porque unha palabra latina só se conserve nalgún retirado recuncho da Rumania, como poden ser o galego ou o rumano, tampouco se debe un sorprenden que certo léxico protoindoeuropeo só se documente nas linguas indoeuropeas máis antigas (por exemplo o hetita ou o védico) ou máis afastadas (como poden ser o indio e mailo tocario). As áreas marxinais tenden, como é ben sabido, a ser precisamente máis conservadoras no seu léxico.

rexionais ás que se adoita prestar menos atención⁹⁴. Tamén os hidrónimos *Cambilla* - *Cambela* e *Agadón* - *Agadão* de España e Portugal ou os *Avión* de Soria e Ourense proceden de linguas diferentes e son, sen embargo, “idénticos”, pero insisto en que se trata dunha identidade formal e estrutural (nomes creados do mesmo xeito a partir de bases casualmente ou non idénticas ou moi semellantes) non dun mesmo léxico común. As linguas románicas por moito que se teñan diferenciado unhas das outras poden crear e seguir creando nomes de forma moi similar. As antigas linguas indoeuropeas, especialmente nas súas fases máis primitivas, por suposto tamén, ao que se engade a dificultade de que na inmensidade do territorio europeo houbo moitos movementos de linguas durante os últimos milenios que o mesturaron todo dun xeito que agora resulta moi difícil, senon imposible recompoñer.

c. Virtudes e problemas desta onomástica

Nas áreas da Europa centro-occidental de indoeuropeización máis antiga nas que se foron cristalizando as linguas célticas a partir dunha primitiva variedade dialectal protoindoeuropea é lóxico pensar que haxa camadas de hidrónimos cada vez máis profundas ata chegarmos a aquelas que habería que clasificar como protodialectais indoeuropeas ou protoindoeuropeas tardías. Noutras áreas marxinais do territorio lingüístico céltico, celtizadas en boa lóxica máis tarde, como é o caso de Galicia, deben faltar loxicamente esas camadas inferiores, pero non necesariamente, aínda que pareza contradición, os hidrónimos procedentes delas, dado que calquera hidrónimo existente na área céltica primitiva (sexá de etimoloxía céltica ou non céltica), puido ser trasladado e reproducido polos celtas en Galicia ou en calquera outro territorio lingüístico de expansión céltica secundaria.

A (paleo-) hidronimia é unha onomástica moi valiosa pola súa perdurabilidade e abundancia, como xa é un tópico sinalar, pero non está exenta de problemas, como xa se adoita recoñer e comentar menos e en parte xa comentei anteriormente. Trátase sen dúbida dun xigantesco depósito no que máis e mellor se conservan os restos lingüísticos máis antigos do continente, pero non a mitifiquemos: a súa potencialidade informativa é moi limitada, primeiro, por ser minimamente etimoloxizable (refírome á posibilidade de estarmos seguros sobre a orixe de cada nome concreto, non á de ofrecer especulacións etimolóxicas, sempre posibles nas direccións máis dispares) e, segundo, pero non menos importante, porque os hidrónimos son efectivamente moi estables no sentido de perdurables, pero por desgraza nada estables no sentido

⁹⁴ A hidronimia antigoeuropea non é homoxénea no seu conxunto, como xa insistía o propio Krahe e corrobora posteriormente Schmid: “A medida que se incrementa e se profundiza no material vírase cada vez máis claro que as raíces e os sufixos non están repartidos homoxeneamente por todo o territorio” (Schmid 1981: 8, trad. Búa).

de estáticos, irreproducibles e inalterables, senon que polo contrario teñen unha marcada tendencia tanto á súa reiteración (con reprodución íntegra ou frecuentemente tamén modificada)⁹⁵ como por tanto tamén ao seu traslado⁹⁶.

En canto ás modificacións é sobradamente coñecida a tendencia á formación de derivados (diminutivos, de proximidade, posesivos ou pertinentes e individualizadores ou desambiguadores⁹⁷) a partir dos nomes dos cursos baixos ou principais

⁹⁵ No curso alto do *Rin* (alem. *Rhein*) na zona alpina atopamos, por exemplo, unha chea de afluentes que se chaman igual e son diferenciados (desambiguados) mediante distintos complementos ou compostos: *Rein da Curnera* (co seu afluente *Rein da Maighels*), *Rein da Medel*, *Rein da Nalps*, *Rein da Tuma*, *Averser Rhein*, *Madrisher Rhein*, *Hinterrhein*. Na Cuerda Larga madrileña nacen catro ríos que leva(ba)n o mesmo nome de *Guadarrama* (do ár. *wādī-r-ramal* “río da area”) e que para evitar confusión se distinguían mediante un complemento ou sufixación: *Guadarrama de Calatalifa* ou *Calatalia* que era o nome medieval do actual río Guadarrama, *Guadarrama de Mayrit* ou *Maydrit* (*Guadarrama de Madrid* ata o séc. XVI) correspondente ao actual Manzanares e mailas cabeceiras do Lozoya e do Eresma que aínda hoxe se chaman *Arroyo de las Guarramillas* (antes *Guadarramillas*). En Galicia temos o *Miño* co seu derivado *Miñoto* que é un hidrónimo completamente illado no contexto peninsular, mentres que na costa pontevedresa aparece de súpeto tres veces nun espazo relativamente pequeno: o *Miño* maior e principal, o río *Riomíño* a. 1752, h. *Remiñoto* en Marín, e mailo río *Miñoto*, afl. do actual Gafos en Pontevedra. Nun documento de Celanova do ano 922 podemos observar a reiteración do hidrónimo *Omano* (e penso que non a existencia dun apelativo ***omano* “río”, como ás veces se pretende): *per pinna que dicitur Burgaria et per archam et deinde in omano qui discurrit de Verduzedo et ubi ipse omano in alio omano intrat* (“pola pena chamada Burgaria e por Arca e dende alí cara ao *Omano* que discorre desde Verducedo e ata onde ese *Omano* entra no outro *Omano*”). Hai que ter en conta sen embargo tamén o feito de que a reiteración é ás veces froito dunha asimilación ou contaminación secundaria. Así por exemplo *Eslonza* en Gradefes, León, é unha alteración de **Elsonza* / **Alsonza* < a. 1050 *Alisonza*, por influencia do río *Esla* do que é subafluente; o río *Aranzuelo* < a. 1251 *Arauzuelo* mudou de forma por contaminación co *Arandilla* no que desemboca ao sur de Quemada, Burgos; o río *Rednitz* (< **Radantia*, afl. do Meno → Rin, Alemaña) chámase *Regnitz* a partir da confluencia do *Pegnitz* (< **Bagantia*).

⁹⁶ Sirvan como exemplos ben ilustrativos da súa desprazabilidade o *Guadalquivir* de Tarija, Bolivia (nome dun tramo do río que máis abaixo se chama r. Tarija e despois r. Grande de Tarija, afl. do Bermejo → Río de la Plata), o *Mondego* no Mato Grosso do Sul, Brasil (afl. do Paraguay, de nome indíxena Mbotetey, foi chamado Corrientes polos españois, Mondego polos portugueses, h. Miranda) ou o *Thames River* en New London, Connecticut, EEUU (aínda que pronunciado /θeimz/ fronte ao londinense /temz/).

⁹⁷ Non resulta fácil determinar se un determinado sufixo se usa ou usou orixinariamente como diminutivo (indicando que se trata dunha corrente homónima próxima máis pequena ou do curso superior do propio río que por natureza é menos ancho e caudaloso e por tanto tamén máis pequeno), pertinente (indicando que se trata dun afluente) ou desambiguativo (tratando de establecer unha distinción formal entre dous nomes idénticos preexistentes ou de evitar dende un primeiro momento a súa hominimia [no primeiro caso modifícase unha reprodución preexistente, no segundo xérase dende un primeiro momento unha réplica desambiguada, é dicir, parcialmente diferenciada na súa forma]), dado que os sufixos adoitan ser polivalentes e os distintos valores poden darse simultaneamente.

Lebel 1933-1935: 408 considera que o frecuente uso de diminutivos para designar correntes próximas deu lugar á súa reinterpretación como sufixos de vecindade ou proximidade: “En topony-

para designar os cursos altos, afluentes e ríos veciños. Lamentablemente son poucos os casos nos que se conserva ou se pode reconstruír e medio observar a situación primitiva con toda a súa riqueza de derivados: o *Sella* (ast. *Seya*) < a. 921 *Selia* de Asturias, que pode vir dun antigo **Salia*⁹⁸, por exemplo, ten un afluente *Salón*⁹⁹, un curso alto denominado *Sajambre* < **Sajamne* < **Saliameni*- (con suf. átono *-eni-* en vez do máis frecuente *-ena*, no caso de que non se trate en realidade deste mesmo sufixo a pesar das aparencias) e un topónimo *Sellaño* < **Saliano*- inmediato ao río Ponga, nas proximidades da súa confluencia co Sella, en Ponga, Asturias. O *Nora* < med. *Naura*, afl. do Nalón, Asturias, ten un afluente *Noreña* < med. *Naurenia* e un orónimo adxacente que adoptou e conservou o nome antigo doutros dous pequenos regatos: o medieval monte *Naurantio* ou *Naurancio* e maila súa designación actual *Naranco*, dous regatos nados por tanto no mesmo monte e que formaron o seu nome a partir do *Nora* < *Naura*, desambiguados entre si mediante os sufixos *-anzo* e *-anco* respectivamente.

Nomes prelatinos coma estes, que son derivados mutuos e pertencen a unha mesma cunca fluvial son os restos de familias hidronímicas constituídas polo

mie, je relève deux sortes de diminutifs, les uns «de grandeur», les autres «de voisinage». Les premiers furent employés pour désigner des localités ou des cours d'eau de moindre importance que leurs voisins. (...) Mais une évolution sémantique s'est produite, à laquelle nous devons les diminutifs du second groupe. Dans la formation de ces noms, l'idée de petitesse étant associée à celle de voisinage, on a créé par la suite des diminutifs ne comportant que la seule idée de voisinage".

A desambiguación é un efecto colateral da tendencia xeral á reiteración dos nomes. Sobre os distintos modos en que se manifesta tratarei máis abaixo.

⁹⁸ Cunha pronta palatalización do *-a-* ante *i/u + a* que aparece esporadicamente sobre todo na área centroseptentrional da Península: **Ulatico*- > *Uledico* de Rasillo de Cameros, Logroño (cf. con *-a-* inalterado: *Maxum[u]s Ulat[i]ci* de Brozas, Cáceres, *Ulad[-?]* de San Amaro, Ourense, e teón. *Iov(i) Oladico* da Pobra de Trives, Ourense), **Abli-* > *Ebli-* en *Dovilo Ebli[?]*vi de Carrascalejo, Cáceres (cf. *Aplidovi* xen. de Casar de Palomero, Cáceres; *Ablicus* de Salvatierra de Santiago, Cáceres), **Palantia* > *Palencia*, probablemente tamén en *Entrimo* < a. 938 *Interimio* (Ourense) < **Enteremio* < **Enteramio* (cf. etn. noroccidental *Interamicus* ben documentado na epigrafía antiga); *Astura* > *Esla* con *E-* xa en a. 883 *Estoram* (de onde posteriormente: a. 907 *Estola* [con *-l-* seguramente por disimilación *r-r* > *r-l* no sintagma *río Estora* > *río Estola*] > a. 1041 *Estla* > h. *Esla*), **Pasueña* > **Pesueña* > *Pisueña*, afl. do *Pas* en Cantabria, **Aquantio-* > **Aguanzo* > **Eguanzo*, h. *Iguanzo* de Llorío, Llaviana, Asturias; tamén no léxico común e onomástica románicos da zona: *aqua* > *egua*, *aquila* > *éguila*, *lacrima* > *llégrima*, *lapida* > top. *Llevia*, etc. (v. García Arias 1997: 34). As variantes teonímicas *Arentiae* e *Arentio* de *Arantiae* e *Arantio* tamén poden ser froito dunha palatalización similar, dado que un primitivo **-ent-* debería aparecer en Lusitania como *-int-* (cf. antrop. *Pint-* < *Pent-*), polo que ese cambio parece terse dado en distintas épocas e lugares da Hispania indoeuropea.

⁹⁹ O feito de que non sexa ***Sallón/Sayón* ou ***Sellón/Seyón* mostra que non se trata dun derivado latino ou románico en *-on-* de *Sella/Seya* < *Selia* < **Salia*, senon dunha formación prelatina. *Salón* pode terse formado a partir dun primitivo nome do río **Sala*, máis tarde substituído por **Salia*, pero tamén é posible que a denominación dehidronímica se producise mediante substitución dun sufixo por outro (**Sal-ia* → **Sal-on-*).

conxunto de todos aqueles nomes que se xeraron no ámbito territorial dun mesmo río e a partir dun mesmo hidrónimo inicial (dunha mesma “nai”, *Matra* ou *Matrona*, como en ámbito celta con frecuencia se chama o curso principal). A súa recollida e estudo sería fundamental para intentar comprender como funcionaba aquela primitiva derivación dehidronímica. Por desgraza a maioría dos hidrónimos prelatinos conservados aparecen hoxe sos, como únicos supervivintes das súas respectivas familias e non designando necesariamente o mesmo curso de auga que designaban na súa situación familiar orixinal, ás veces nin sequera designando xa directamente acuífero de ningún tipo, senon un lugar próximo, co que resultan máis difíciles ou imposibles de identificar con certeza.

É moi común que os ríos teñan varios nomes, propios de distintos tramos¹⁰⁰, un dos cales pode acabar por xeralizarse e por tanto estenderse a unha zona que, dependendo da lonxitude do río, pode estar moi distante do seu lugar de orixe (lémbrese, por exemplo, o caso do *Danuvius* [curso alto] + *Istros* [curso baixo] que hoxe chamamos *Danubio* ata a súa desembocadura [bulg. Дунав/Dunav, rum. *Dunăre* < **Donaris*]). Pero sobre todo debe terse en conta que os ríos, fontes, etc. tiñan en época precristiana (e en menor medida tamén cristiana, como testemuñan numerosas tradicións que perduran ata a actualidade) unha importante dimensión relixiosa. Os ríos eran deuses ou, entre os celtas, máis frecuentemente deusas, o que explica que moitos deles se chamen precisamente “Deusa” (**Deiṷā* → lat. *Dēva*, hoxe ríos *Deva* e *Deba*; tamén **Deiṷonā* → lat. *Dēvona* [con var. gráfica *Divona*] “gran deusa”: por exemplo o río *Divonne* < a. 1164 *Divona*, afl. do Ródano ao seu paso por Divonne-les-Bains na fronteira franco-suíza; na zona de Aberdeen, en Escocia, temos os ríos *Dee* < **Deiṷā* e *Don* < **Deiṷonā*). Esta dimensión relixiosa, evidente e incuestionable a partir de numerosos testemuños arqueolóxicos, históricos, folclóricos e onomásticos, confírelle á hidronimia unha natureza moi particular, ao convertila en realidade nunha variedade ou subtipo de teonimia con todo o que eso comporta.¹⁰¹

¹⁰⁰ Aquí habería que distinguir en realidade entre nomes dados a distintos tramos de río e distintos nomes do río (é dicir, de todo o río) dado polos falantes que habitan en distintos tramos do seu percorrido, que non é a mesma cousa. Así por exemplo o río da cidade da Coruña non ten nome común, senon distintas denominacións dos seus sucesivos treitos: dende as súas fontes a Feáns chámase *Rego de Beneirón*, de aquí ata Mesoiro *Rego de Campos*, a partir de aquí *Río Mesoiro* e no treito final ata o peirao de San Diego *Río de Monelos*. En Moraña en cambio o río *Umia* é coñecido como río *Grande*, sendo este para nós o nome do río, é dicir, de todo o río e non só da parte que pasa polo noso concello. En Norteamérica o *Río Grande*, nome que recibe nos EEUU, chámase *Río Bravo* en México.

¹⁰¹ Pokorny 1950: 430: “Que segundo as crenzas dos celtas e doutros pobos toda a natureza está habitada por seres divinos é algo dificilmente discutible despois de botarlle unha ollada ás obras de P. Sébillot (*Le Folklore de la France*), E. Hull (*Folklore of the British Isles*) e Fr. Panzer (*Handwörterbuch zur deutschen Volkskunde IX 1*, s. v. Wassergeist). Se os hidrónimos e topónimos [refírese aos topónimos de orixe hidronímico] se deben considerar teónimos, haberá que darlle

Os acuíferos na súa esencia divina e os seus nomes na súa cualidade de teónimos eran un elemento constitutivo tan importante coma calquera outro das crenzas, mitos e ritos relixiosos dos pobos precristianos. Os que nun determinado lugar vivían á beira do río/deusa **Arantia*, por poñer un exemplo ilustrativo puramente imaxinario, ao se desprazaren a outros lugares e se instalaren á beira dun novo río seguían ou podían seguir venerando e honrando esa mesma deusa fluvial do seu lugar de orixe, sexa conservando o nome (coa consecvente reprodución do hidrónimo), sexa dirixíndose a ela simplemente como “Deusa” (coa posible consecuencia de que esta designación se acabase convertendo en hidrónimo) ou sexa adoptando o nome local do río. Desta maneira os hidrónimos de calquera lugar e xurdidos en calquera época e lingua podían ser trasladados (de golpe ou progresivamente) a lugares moi alonxados, cousa que por certo tamén sucede, aínda que máis esporadicamente, sen que medie dimensión relixiosa ningunha. Lembremos o exemplo xa citado do *Guadalquivir* de Tarija (Bolivia), que sen dúbida foi introducido e reproducido alí polo fundador da cidade, que foi o sevillano Luis de Fuentes y Vargas, ou os ríos canadenses *Thames River* de London (Ontario), e *Don River* da antiga York, hoxe Toronto, bautizados así polo fundador destas cidades, John Graves Simcoe, en lembranza do *Thames* londinense e do *River Don* de Yorkshire respectivamente, aos que máis tarde Thomas Mercer Jones aínda engadiu o *Avon River*, afluente do *Thames*, e mailo topónimo Stratford por onde pasa, en lembranza da cidade inglesa Stratford-upon-Avon, próxima a Birmingham, e do seu río *Avon*. Sobre o vínculo sentimental do ser humano cos acuíferos do seu lugar de orixe danos un impresionante testemuño poético Rosalía de Castro no seu poema “Adiós ríos, adiós fontes, adiós regatos pequenos...” de todos coñecido.

A área de dispersión dos hidrónimos non representa por tanto necesariamente o territorio da lingua na que inicialmente se crearon. Só lle poderemos atribuir un valor neste sentido cando coincida coa área de dispersión doutros tipos de nomes, creando entre todos eles unha verdadeira área onomástica. Se só traballamos cos hidrónimos, nunca chegaremos a poder establecer con seguridade área onomástica e lingüística de ningún tipo.

d. Vocalismo

Entre os nosos paleohidrónimos atopamos formas con vocalismo /a/, /e/ e /o/, que ás veces se alternan no núcleo dun (presunto) mesmo morfema (por exemplo, *Barba*,

toda a razón ao autor [refírese a J.U. Hubschmied] en que eses nomes non designan primariamente ao río, senon á divindade que leva dentro de si” (trad. Búa).

*Barbaña, Barbeira, Barbanza; Berbia; Borba, Borbón*¹⁰²) ou na vogal de unión entre a base e o morfema derivativo (por exemplo, *Aranza* < **Arantia*, *Aguenza* < **Aquentia*, *A Veronza* posiblemente < **Avirontia*¹⁰³). Esta variación vocálica non ten en principio nada de caprichoso nin problemático, senon que no primeiro caso é perfectamente comprensible como herdanza da morfoloxía e en concreto da apofonía indoeuropea. Os morfemas indoeuropeos (raíces e morfemas derivativos ou flexivos) poden aparecer baixo (un máximo de) cinco variantes formais básicas en canto ao seu vocalismo (graos): dúas nas que o núcleo silábico presenta un *e* ou *o* en cantidade longa (graos longos \bar{e} , \bar{o}), dúas con esas mesmas vogais en cantidade breve (graos plenos \check{e} , \check{o}) e unha última sen ningunha desas vogais (grao cero). Así por exemplo o tema da palabra grega πατήρ “pai” aparece baixo as seguintes variantes formais: nom. sg. πατήρ (-*tēr*), acus. sg. πατέρ-α (-*tēr-*), xen. sg. πατρ-ός (-*tr-*), o seu composto εὐ-πάτωρ “persoa que ten un bo pai” presenta ademais: nom. sg. εὐπάτωρ (-*tōr*), acus. sg. εὐπάτορ-α (-*tōr-*). De acordo con isto, os nosos hidrónimos con segmento inicial *Barb-*, *Berb-*, *Borb-* poden vir das variantes radicais ie. **b^hry-*, **b^herū-*, **b^horū-* da raíz **b^herū* “ferver” respectivamente (obsérvese que as raíces adoitan citarse no grao pleno \check{e} e sen guión). No caso das terminacións a alternancia vocálica pode ter que ver coa apofonía do sufixo e/ou coa terminación do tema nominal ou verbal das bases das que se derivan e que pola súa parte poden ter moi distintas orixes. Así por exemplo *-antia* pode vir de **-nt-i(a)h₂-* ou ser un derivado en *-ntiā* dun tema (nominal ou verbal) en *-ā-*, *-entia* de **-ent-i(a)h₂-* e *-ontia* de **-nt-i(a)h₂-* engadido a un tema (nominal ou verbal) en *-e/o-*, entre outras posibilidades.

O vocalismo pasou a ser un problema dende o momento en que o propio Krahe, sobre a base de determinadas especulacións etimolóxicas ás que el tamén era moi dado, admitía que nalgúns hidrónimos antigoeuropeos de linguas como por exemplo as célticas, nas que ie. **a* e **o* non se confunden, se producía en cambio ás veces unha evolución fonética **o* > *a* (non admitindo en cambio **e* > *a*, que en principio sería igualmente imaxinable), concesión teórica herdada o condicionada polo pasado ilirio da súa teoría, dado que nesta lingua o vocalismo *o/a* ten unha problemática moi especial da que non soubo ou quixo desprenderse. Se nalgúns hidrónimos se tivese producido realmente esta evolución, sen ningunha circunstancia especial que a condicione, non poderíamos clasificar eses nomes como célticos e serían así a proba de

¹⁰² *Barba* (afl. do Sor no Vicedo, Lugo; cf. tamén top. *Reibarba* [< **rio Barba* ?] de Folgoso do Courel, Lugo), *Barbaña* (afl. do Miño, Ourense), *Barbeira* (afl. do Verdugo, na Lama, Pontevedra), *Berbia* (afl. do r. Grande de Baio, en Zas, A Coruña) e med. *Beruaia* (afl. do Deza → Ulla), *Borba* < med. *Borva* (afl. do Támega → Douro), *Borbón* (afl. do Arnego → Ulla).

¹⁰³ *Aranza* (afl. do Verdugo, Soutomaior, Pontevedra), *Aguenza* (probablemente h. rego de Atán, afl. do Miño, en Pantón, Lugo), *A Veronza* (afl. do Avia → Miño na parr. de San Miguel de Carballeda, Carballeda de Avia, Ourense).

que parte dos hidrónimos antigoeuropeos da zona céltica efectivamente non son célticos, senon dunha indoeuropeidade previa e diferente, pero as cousas non son nin moito menos tan claras nin doadas.

Para adentrarnos neste problema hai que ter en conta en primeiro lugar que no ámbito céltico se produciu un incremento regular do fonema /a/ tanto no léxico común como na onomástica que non ten nada que ver co presunto cambio $*o > a$ do que aquí se está a falar, ampliando así unha tendencia que xa dera os seus primeiros pasos na propia lingua protoindoeuropea, onde xa se producira un cambio $*e > a$ en contacto con $*h_2$ ¹⁰⁴. Nas linguas célticas súmanse moitos novos /a/ a partir dos alófonos vocálicos das laringais e sonantes en diferentes contextos e circunstancias. Por exemplo: $*ph_2tēr > *(p)atēr > *atīr >$ irl. ant. *athir* (lat. *pater*), $*k_2rso- > *karro-$ “carro” (galés, irl. *carr*; cf. lat. *currus*), $*(d)k̑ntom > *kantom$ “cen” (galés *cant*, irl. *cét*; lat. *centum*, lit. *šim̃tas*), $*h_2ȓnto- > *arganto-$ “prata” (irl. ant. *argat*, galés *aryant*, galo *arganto-*; lat. *argentum*), etc.; na nosa hidronimia, como vimos anteriormente, temos *Arganza* < ie. $*h_2ȓntiah_2-$ “brillante, relucinte” ou o med. *Esar* (h. Xallas na prov. da Coruña) que pode estar relacionado co adx. ie. $*h_1sh_2ro-$ “rápido, lanzado”.

Nas linguas célticas deuse por tanto un notable incremento da presenza do /a/ (como ocorreu tamén na maioría das outras grandes linguas indoeuropeas de Europa, onde tamén temos un novo e abundante /a/ xerado de moi distintas maneiras), ao que no ámbito específico da hidronimia se sumou o feito de que algúns dos substantivos, adxectivos e participios de uso máis frecuentes tivesen casualmente un /a/ etimolóxico¹⁰⁵: $*h_2akw-$ (cf. lat. *aqua*), $*h_2ap-$ (cf. *ap-* “río” en indio e iranio¹⁰⁶; co seu derivado deriv. $*h_2ab-h_3on-$ (con cambio regular $*p > *b$ en contacto con $*h_3$) do que proceden o irl. ant. *aub* < $*abu$ < $*abō(n)$ e mailo galés *afon* < $*abonā$ “río” (cf. río *Aboño* < a. 1053 *Abonnum* entre Carreño e Xixón, Asturias, mentres que a forma orixinal $*abon(ā)-$ se perde inevitablemente por automática reinterpretación románica como *bo(n)* / *boa*, *buen(o)* / *buena*, tan frecuente na hidronimia), $*h_2auh_1-$ (cf. galés *aw* “corrente” e mailo noso frecuente hidrónimo *Avia*, derivados da raíz ie. $*h_2auh_1$

¹⁰⁴ Por exemplo $*h_2enti > *h_2anti$ “en fronte” (> lat. *ante*), locativo do substantivo $*h_2ent- > *h_2ant-$ “fronte” conservado no het. *hant-*; $*neueh_2ti > *neuah_2ti$ “renova” (> lat. *novat*) 3. sg. pres. ind. act. do tema factitivo $*neue-h_2- > *neua-h_2-$ “facer novo, renovar” conservado no het. *neuahh-*.

¹⁰⁵ Na literatura científica máis antiga falábase dun *a aquale* ou *aquale a*, pensándose que a frecuencia do fonema /a/ na hidronimia se debía a que ese fonema tiña algo de hídrico ou acuoso en si mesmo. Esta idea xa era de seu ben difícil de compartir, pero co desenvolvemento da fonoloxía (fonema como unidade carente de significado propio) e o descubrimento das laringais (agora sabemos que este /a/ é maioritariamente un antigo $*e$ en contacto con $*h_2$) deixou por completo de ter o pouco sentido que poidese ter tido algunha vez.

¹⁰⁶ O paradigma deste nome raíz presentaba distintas variantes apofónicas. Así temos en avést. nom. sg. *āfš* < $*āp-s$ < $*h_2ōp-s$, acc.sg. *āpəm* < $*h_2op-ṃ$, gen.sg. *apō* < $*h_2ap-os$ (en substitución de $*h_2ap-s$ < $*h_2ep-s$), etc.

“correr” conservada no het. *h̥uwai-* / *h̥ū(i)ya-*, v. Melchert 2015 48); **h₂alb^h-* (cf. lat. *albus*), **h₂arġ-* (cf. lat. *argentum*) “claro, relucinte”, etc., ocorrendo o mesmo no ámbito sufixal, onde temos *-ant-* (< **-ah₂-nt-*, **-h₂-ant-*), *-(i)ā-* (< **-(i)ah₂-*), etc., polo que se acabaron por xerar formas (moitas delas dehidronímicas e por tanto non existentes no léxico común, como xa sinaléi anteriormente) nas que todo o vocalismo resultaba ser en /a/: **Ak^uantġā*, **Apantġā*, **A_uantġā*, **Alb^hantġā*, **Argantġā*, etc.

Pero o vocalismo /a/ utilizouse ademais tamén como recurso na frecuente marcación distintiva dos nomes que ao mesmo tempo que se reiteraban profusamente necesitaban tamén ser diferenciados ou desambiguados dalgunha maneira.

A desambiguación é un procedemento normal e corrente que podemos atopar e documentar en calquera ámbito onomástico (*Paco de Lucía* é un antropolónimo desambiguado dos outros *Pacos* alxecireños mediante a indicación do nome da nai do que despois sería famoso guitarrista, este e outros tipos de desambiguación están detrás do sistema dos nosos apelidos; *Cangas do Morrazo* é un topónimo desambiguado doutros *Cangas* noroccidentais mediante a indicación da comarca na que se atopa; o *San Benitiño de Lérez* é un “teónimo” desambiguado doutros Santos Bieitos mediante a indicación do lugar, a parroquia pontevedresa de Lérez, no que se atopa o seu templo e se celebra a súa famosa romaría). Na hidronimia tamén é necesaria, e é de feito frecuente, debido á profusa reiteración dos nomes. Os procedementos en xeral máis comúns neste ámbito son os seguintes:

- mediante un referente toponímico ou coronímico: p. ex. *Guadarrama de Calatalia* (actual Guadarrama) vs. *Guadarrama de Madrid* (actual Manzanares, Madrid) ou *Sächsische Saale* “o Saale de Saxonia” (afl. do Elba) vs. *Fränkische Saale* “o Saale de Franconia” (afl. do Meno → Rin) en Alemaña. Este fenómeno é especialmente frecuente entre os afluentes superiores dos ríos, que con tanta frecuencia comparten o mesmo nome: p. ex. o *Valira d’Ordino* xúntase co *Valira d’Encamps* para formar o *Valira* (afl. do Segre → Ebro, Andorra e Lleida), o *Zwickauer Mulde* “o Mulde de Zwickau” co *Freiberger Mulde* “o Mulde de Freiberg” para formar o *Mulde* (afl. do Elba en Saxonia).
- mediante unha referencia situacional ou espacial mutua: p. ex. *Corgo de Cima* vs. *Corgo de Baixo* (Anadia, Aveiro, Portugal), *Cabuçu de Cima* vs. *Cabuçu de Baixo* (afl. do Tietê, São Paulo, Brasil); *Vorderer Bauna* e *Hinterer Bauna* “o Bauna anterior e posterior” que conflúen para formar o *Bauna* (afl. do Fulda que se une ao Werra para formar o Weser, Alemaña), *Vordere Frenke* e *Hintere Frenke* que forman o *Frenke* (afl. do Ergolz → Rin, Suíza), *Hinterer Haselbach* e *Vorderer Haselbach* afluentes do Brend (→ Fränkische Saale → Meno → Rin, Alemaña); o *Hintere Schwarzach* é o curso alto do *Schwarzach* (afl. do Altmühl → Danubio), mentres que o *Vordere Schwarzach* é un afl. do *Rednitz* que está

na mesma zona, pero pertence a outra cunca fluvial (→ Regnitz → Meno → Rin, Alemaña); o *Hinterrhein*, que en retorrománico se chama *Rein Posterieur*, é un dos afluentes alpinos do *Rin*. O *Valira d'Ordino* e *Valira d'Encamps* citados anteriormente tamén se chaman *Valira del Nord* e *Valira d'Orient* e o *Zwickauer* e mailo *Freiberger Mulde* son tamén chamados *Westliche Mulde* “Mulde occidental” e *Östliche Mulde* “o Mulde oriental” respectivamente.

- mediante un adxectivo calificativo que ás veces só corresponde á realidade duns dos acuíferos, mentres que o outro recibe a designación oposta ou alternativa por pura desambiguación complementaria. Son frecuentes as referencias ao tamaño (lémbrense os famosos *Río Grande* e *Misisipi* de Norteamérica ou o *Guadalquivir* de España): río *Pequeno*, afl. do río *Grande* (→ Eo en Ribadeo, Lugo), *Rego Pequeno* afl. do *Río Maior* (Porto do Son, A Coruña); *La Petite Saône* (ata a confluencia co Doubs) e *La Grande Saône*, afl. do Ródano (Francia); o *Agadón Chico*, afl. do Agadón, que por contraste se coñece no lugar como *Agadón Grande* (→ Águeda → Douro, en Monsagro, Salamanca); o *Guadiana Menor* (afl. do Guadalquivir) fronte ao *Guadiana*; o *Große Erlauf* e mailo *Kleine Erlauf* “o Erlauf grande e pequeno” conflúen para formar o *Erlauf* (afl. do Danubio), *Große Enz* e *Kleine Enz* conforman o *Enz* (afl. do Neckar → Rin), *Großer Regen* e *Kleiner Regen* conforman o *Schwarzer Regen* “o Regen negro” (subafl. do Danubio), o *Valira d'Ordino* e *Valira d'Encamps*, vistos anteriormente, forman o *Valira*, tamén chamado *Grand Valira*, o *Schwarze Röder* e *Weiße Röder* “o Röder negro e branco” forman o *Große Röder* “o Röder grande” (afl. do *Schwarze Elster*); *Kleine Bauna* é o curso alto do *Hinterer Bauna*. Tamén son moi frecuentes as referencias á cor, especialmente a oposición entre escuro e claro/limpo: *Río Negro* e *Río Branco*, afl. do Amazonas (Brasil); *Black River* e *White River* conforman o *Salt River* (→ Gila River → Colorado, Arizona, EEUU); *Schwarzbach* e *Weißbach* “río negro e branco” afluentes do Brend (→ Fränkische Saale, Alemaña), *Weißbachbach* afluente do *Schwarzach* (→ Naab → Danubio, Alemaña), *Schwarzer Regen* e *Weißer Regen* conforman o *Regen* (afl. do Danubio, Alemaña), *Schwarze Ern* e *Weißer Ern* afluentes do Sauer (→ Mosela → Rin, Luxemburgo), *Schwarze Elster* (afl. do Elba) e *Weißer Elster* (afl. do Saale → Elbe, que pasa por Leipzig, con afl. *Schwarzbach*) están próximos, pero a unha relativa distancia; *Schwarzer Kocher* e *Weisser Kocher* conforman o *Kocher*, pero en mapas de 1705 e 1804 o actual “negro” era *Rot Kocher* “o Kocher vermello” e o actual “branco” era *Schwarz Kocher* “Kocher negro”; *Guadalaviar* “río branco” (curso superior do Turia) con afluente *Alfambra* “río vermello” (Teruel); *Weißer Main* / *Weißmain* e *Roter Main* “o Meno branco e vermello” conforman o *Main* (afl. do Rin, Alemaña). Tamén hai referencias á salinidade (por exemplo río *Dulce* vs. río *Salado*, afluentes do curso alto do Henares → Jarama, Madrid), á

temperatura (por exemplo río *Agua Caliente* e río *Frío*, afluentes do río Paz, San Lorenzo, El Salvador), etc.

- mediante a consolidación de distintas variantes históricas do mesmo nome: o río *Porma*, afluente do Esla (→ Douro, Cofiñal, León) presenta a forma ditongada *Puerma* no seu top. *Zampuerta* < **Fuanpuerma* (*Fuente Puerma* en documentos máis antigos, parr. Tarna, Caso, Asturias), mentres que como nome do río mantivo a forma primitiva sen ditongo, posiblemente porque este arcaísmo permitía desambiguar este río dos outros *Puerma*. O río *Aviougá* (afl. do Ibias → Navia, Asturias) que ten un subafluente homónimo con top. Folgueiras de Aviougá chámase no seu curso alto *Biougá* con aférese da vogal inicial e grafía *B-* (a grafía tamén é un recurso desambiguador). O *Werra* < *Wirraha* e mailo seu curso alto *Weser* < *Wisera* no norte de Alemaña son resultado da fixación de dúas das numerosas variantes usadas indistintamente para os cursos alto e baixo deste río en época medieval *Wisara*, *Wisera*, *Wisura*, *Wisra*, *Wirra*, frecuentemente combinadas, como no caso de *Wirraha*, co segundo elemento de composto *-aha* “río”; o *Fränkische Rezat* (ca. 1340 *Redentz*) e mailo *Schwäbische Rezat* (a. 1377 *Redentz*) que conflúen para formar o *Rednitz* (< ca. 1310 *Redentz*), presentan distintos nomes (*Rezat* vs. *Rednitz*) que, como mostran as formas medievais, remontan a un mesmo *Redentz* < **Radantia*, sendo a forma moderna *Rezat* < a. 1504 *Rētzach* un composto de *Rētz*, forma contracta de *Redentz*, e mailo mesmo *-aha* anterior.
- mediante distintos sufixos: na hidronimia románica temos casos nos que o sufixo non parece que se estea usando (exclusivamente) co seu valor propio (xeralmente diminutivo), senon (tamén) como puro mecanismo distintivo: os ríos *Arlanza* (160 km) e *Arlanzón* (131 km) que conflúen pouco antes de alcanzar o Pisuerga (→ Douro, Burgos e Palencia) son practicamente iguais, polo que non ten moito sentido ver en *Arlanzón* un verdadeiro diminutivo de *Arlanza*. En Escocia temos os dous ríos próximos *Dee* (140 km) < **Deiṽā* “deusa” e *Don* (131 km) < **Deiṽonā* “gran deusa” (con top. *Aberdeen* < s. XII *Abberdeon* “desembocadura do Don”), sendo a *Deusa* “grande” en realidade, aínda que tamén neste caso dificilmente perceptible para os seus ribeiregos, algo máis curta. O río malagueño *Guadalhorce*, tamén se chamou *Guadalquivirejo*, hidrónimo que ten unha historia un pouco enrevesada. Os árabes chamaron a este río *Guadalquivir* “río grande”, como fixeron con outros ríos (por exemplo o Tiétar, afl. do Texo ou por suposto o máis famoso de todos eles, antigo *Baetis*), pero vían o río dun xeito diferente a como se ve actualmente. No concello de Cártama recibe as augas do seu principal afluente, o río *Grande*. Pois ben os árabes consideraban que ese afluente era a continuación do curso principal do río, de aí que chamasen *Guadalquivir* ao que hoxe é baixo *Guadalhorce* e río *Grande* (que pola súa parte

conserva o nome en versión románica), mentres que *Guadalhorce* se reservaba para actual curso superior deste río, visto daquela como afluente. Para distinguilo do Guadalquivir maior e máis importante recibiu despois o sufixo diminutivo *-ejo* (tamén o río Maro de Málaga, aparece no ano 1534 como *Guadalquibilejo* e aínda existe tamén un *Pozo Gualquivilejo* en La Campana, Sevilla). Non cabe dúbida de que este sufixo ten e conserva a súa semántica de diminutivo, pero a súa verdadeira función é distintiva.

- máis raro é o recurso a un prefixo ou unha prótese xerada de distintas posibles maneiras. Por exemplo, entre as formas románicas o río *Retuerto*, afluente do río *Tuerto* (→ *Esla* → *Duero* en Burón, León). Entre as prelatinas o río *Besaya* < a. 962 *flumine Besagie* / *aque Vesagia*, afluente do *Saja* < *Salia* en Cantabria, dá a impresión de presentar un elemento inicial adicional *Be-* con respecto ao nome do curso principal, pero o seu propio afluente *Bisueña*, mostra que debe tratarse en realidade de derivados en *-aia* e *-onia* da mesma base que temos por exemplo en *Viseu* < **Visaio-*, do que se deriva o epíteto **Visai-aico-* que temos na dedicatoria a *Deibabor igo Deibobor Vissaieigobor* “ás deusas e deuses de *Visaio-*”, *Visuña* < a. 1086 *rivulum Vesunia*, afluente do *Sil* → *Douro* por *Folgo* do *Courel*, *Lugo*, ou nos tamén hidrónimos *Besaña* < med. *Uesania* e *Beseña* < med. *Uesenia*, afluentes do *Ulla* na *Coruña*, *Vesga* < a. 1076 *Vesica*, h. *Oca*, afl. do *Ebro* en *Burgos*, etc. (con *B-* antiga en cambio *Bezoucos* < med. *Bisau-cos*, arciprestado entre *Ferrol* e *Pontedeume*, *A Coruña*; *Viceso* < med. *Besecio*, *Besezo*, *Brión*, *A Coruña*; *Visantoña* < a. 747 *Besantonia*, *Santiso*, *A Coruña*).
- a solución máis radical é por último a substitución dun nome por outro: así por exemplo o *Guadarrama de Madrid* acabou desambiguándose por completo ao transformarse en *Manzanares*; *Guadalquivirejo* deixou de usarse polos séculos XVII-XVIII, consolidándose a partir dese momento o seu nome actual *Guadalhorce*.

Pero na hidronimia prelatina atopamos ademais un procedemento morfolóxico consistente en diferenciar e diversificar os nomes mediante variantes vocálicas, combinables con distintos interfixos consonánticos, dunha mesma terminación (cf. o río **Brigina* [> a. 1291 *Brigen*, h. *Brigach*] que se xunta con **Brigōna* [xermanizado como **Brigana* > a. 1311 *Bregen*, h. *Breg*] antes de desaugar no *Danuvio* por *Donauenschingen*, *Alemaña*). Temos, por exemplo, hidrónimos en *-aña*¹⁰⁷, *-eña*

¹⁰⁷ Por exemplo: *rio da Baña* < a. 1153 *Avania* (+ *Suevos* → *Albariña* → *Tambre*, na *Baña*, *A Coruña*), *Barbaña* < **Barvania* (afl. do *Miño*, *Ourense*), *Bermaña* < a. 1229 *Vermania* (afl. do *Umia*, en *Caldas de Reis*, *Pontevedra*), *Caraña* < **Carania* (afl. do *Mandeo*, en *Betanzos*, *A Coruña*), a. 936 *ribulo que uocitant Luania*, h. río *Pedriña* (afl. do *Arenteiro* → *Avia* → *Miño*, en *Boborás*, *Ourense*), *Omaña* (xúntase co *Luna* para formar o *Órbigo* → *Esla* → *Douro* en *León*), etc.

(< *-enia ou *-inia)¹⁰⁸, -iña¹⁰⁹, -oña¹¹⁰, -uña¹¹¹ e mailas súas respectivas parellas en -o¹¹². Estas terminacións teñen orixes etimolóxicas moi distintas, pero sincronicamente, ao apareceren aplicadas a nomes similares ou mesmo idénticos, acabaron por verse como simples variantes alomórficas, é dicir, variantes equivalentes dunha mesma terminación que poderíamos representar como -Vña / -Vño, onde o V simboliza calquera vogal, motivo polo que os hidrónimos homónimos se podían desambiguar dun xeito moi sinxelo e espontáneo substituíndo unha desas variantes por outra. É desta maneira que xurdiron, por exemplo, probablemente os tres nomes idénticos e reiterados, pero desambiguados dos afluentes do Ulla: *Besaña* < med. *Uesania* (con top. *Besaña* e *Ponte Besaña*, San Breixo de Foxás, Touro, A Coruña), *Beseña* < med. *Uesenia* (Santiso, A Coruña) e *Beseño* (afl. do Lañas → Ulla con top. *Beseño de Abaixo* e *de Arriba*, na parr. de San Cristovo de Beseño, Touro, A Coruña). O *Saja* < *Salia* (Cantabria) ten pola súa parte un afluente e subafluente *Besaya* (< **Vesaia*) e *Bisueña* (< **Vesonia*) respectivamente. No caso do río a. 970 *Sarmenia*, h. *Sarmenha* ou *Sermenha* (tamén *Seromenha*), afl. do Douro, en Vila Real, Portugal, recorreuse á variación sufixal -eña → -aña para marcar distintivamente o curso alto, que conserva o seu nome no topónimo adxacente *Sermanha* (nome que modernamente tamén se usa como designación alternativa de todo o río, onde podemos ver como estes nomes con frecuencia se acaban contaminando mutuamente e embarullando así a situación

¹⁰⁸ Por exemplo: a. 1067 rivulo *Armenia* (derivado en -ja coexistente con a. 977 *amnis Armena*, aos que aínda hai que engadir a. 997 *Armenelia*), h. r. *Armea* ou *Armiela* (afl. do Neira → Miño, en Láncara, Lugo), a. 1005 *Elenia*, h. r. *Ella* [< **Elenella*, formación románica semellante ao anterior *Armenelia*, co suf. -ella de *pontella*, non -ela de *portela*] (afl. do Arnoia → Miño, en Cartelle, Ourense), *Noreña* < a. 1048 *Naurenia* (afl. do *Nora* < s. XII *Naura* → *Nalón*, en Asturias), tal vez sexa tamén de orixe hidronímica o top. *Abanceña* (Cangas del Narcea, Asturias), etc.

¹⁰⁹ A terminación -iña resulta problemática en ámbito galego-portugués por poder vir de *-ina ou *-ñia e ser por si mesmo indiferenciable do sufixo diminutivo románico. O río *Louro*, afluente do Miño na prov. Pontevedra, presenta por exemplo un top. *Val da Louriña*. En principio parece máis probable que non se trate dun diminutivo románico de *Louro*, senon dun derivado dehidronímico prelatino, porque o sufixo románico adoita ser moi consecuente na formación de derivados masculinos en -iño a partir de bases en -o e femeninos en -iña a partir de bases en -a.

¹¹⁰ Por exemplo: *Carantoña* (afl. do Río Grande, en Vimianzo, A Coruña), a. 1159 *Boronia* (afl. do Tambre, con top. próximo *Broño*), a. 953 *inter duos riuulos uocitatos Eume et Doronia* (sen identificar, pero con nome conservado na parr. *Santa María de Doroña* < a. 1101 *Sancte Marie hic in Doronia*, Vilarmaior, A Coruña, con top. *Doroñeira*), *Loña* < a. 886 *flumen Laonia* (afl. que desemboca no Miño en Ourense), top. *Mirueña de los Infanzones* < **Mironia* ou **Meronia* (con río inmediato *Miriñuela*, afl. do Almar → Tormes → Duero, Ávila), *Pigüeña* (afl. do Narcea → Nalón, Asturias), *Pisueña* (afl. do Pas, Cantabria), *Sionlla* < a. 1237 *Siaonia* < a. 747 *Salaonia*, *Silaonia* (afl. do Tambre, Santiago de Compostela, A Coruña), etc.

¹¹¹ Por exemplo: *Visuña* < a. 1086 *rivulum Vesunia* (afl. do Sil → Douro, Folgoso do Courel, Lugo), *Tajuña* (afl. do Jarama → Texo nas prov. de Guadalajara e Madrid).

¹¹² Por exemplo: *Caraño* (afl. do Tea, Covelo, Pontevedra), *Beleño* (afl. do Piloña → Sella, en Parres, Asturias), *Coroño* (Boiro, A Coruña) ou *Samuño* (afl. do Sella, Samartín, Asturias).

primitiva). Da non menos rica paleta de variantes da terminación *-Vnza*, con distintos vocalismos e interfixos¹¹³, extraéronse, por exemplo, os formantes utilizados para desambiguar dous pequenos ríos inmediatos de Pantón, Lugo: med. *Aguenza* < **Aqu-entia* (probablemente h. rego de Atán) e mod. *Aguianza* < **Agueanza* < **Aguelanza* < **Aqu-ilantia*¹¹⁴.

Este fenómeno permite comprender a existencia das tan frecuentes alternancias formais observables tanto na nosa paleohidronimia coma fóra dela. Cf. por exemplo *Arganza* vs. *Arganzo*, *Carranza* vs. *Carranzo*; **Aquantia* vs. **Aquantio-* vs. **Aquentia*, *Obanza* vs. *Ovenza*; *Alisantia* vs. *Alisontia*; **Averenza* vs. **Averonza*, etc.¹¹⁵

Máis problemático resulta determinar se esa variación desambiguadora se restrinxía ao ámbito sufixal ou podía afectar tamén ao morfema radical. Na paleohidronimia europea máis antiga xa había algunhas variantes radicais con ou sen *-a-* nas raíces que contiñan un **h₂*, como por exemplo **h₂lb^h-* (nor. *Ulvund* < **h₂lb^h-nt-iah₂-*) vs. **h₂alb^h-* (numerosos ríos *Alba* < **h₂alb^h-ah₂-*, forma feminina do adx. **h₂alb^h-o-* < **h₂elb^h-o-* [lat. *albus*, gr. ἀλφός], a partir do que pola súa parte se podía xerar un derivado dehidronímico *Alba-ntia*). Os hidrónimos célticos *Albantia*, como por exemplo o *Aubance* afl. do Louet → Loira en Francia, poden ter de feito calquera destas dúas orixes e proceder por tanto de calquera destas dúas formas radicais (**h₂lb^h-* ou **h₂alb^h-*). Pero máis tarde engadíronse todas aquelas raíces nas que por posterior evolución fonética regular xurdía un novo alomorfo con *-a-*, como por

¹¹³ Por exemplo, *Arganzo* (afl. do Sor, Mañón, A Coruña), *Turienzo* (afl. do Tuerto → Órbigo → Esla → Douro, Astorga, León), *Rubionzo* < **Río Abionzo* (afl. do Llerana → Pisueña → Pas) con top. *Abionzo* (Villacarriego, Cantabria). *A Veronza* (afl. do *Avia* → Miño en Ribadavia, Ourense) pode vir de **Averonza* < **Avirontia* e tratarse dun derivado en *-ronza* de *Avia* ou eventualmente dunha cadea derivativa *Avia* → **Avira* → **Avirontia*, da que se perdeu o elo intermedio.

¹¹⁴ Non se conserva ningún outro **Aquilantia* seguro dentro nin fora da Península. En Tréveris (Alemaña) hay un hidrónimo *Ehlenzbach* con top. *Ehlenz* (afl. do Nims → Prüm → Sauer → Mosela → Rin) que Krahe retrotrae a **Aquilantia*, pero a documentación medieval (a. 1233 *Elesezze*) mostra que a súa orixe non pode ser esa, senon máis ben **Alisantia*.

¹¹⁵ *Arganza* (afl. do Narcea, Asturias; afl. do Cúa → Sil → Miño no Bierzo, León, etc.), *Arganzo* (afl. do Sor, con top. *Arganzo*, San Mamede das Grañas do Sor, Mañón, A Coruña); *Carranza* < ca. 900 *Carrantia* (afl. do Asón, entre Cantabria e Biscaia), *Carranzo* (Llanes, Asturias); *Alisantia* (a. 775 *ribulum Alesancia*, a. 969 *Asanza*, h. Río Grande → Eo, Vegadeo, Lugo; *Auzance* < a. 929 *fluvius Alsancia* (afl. do Clain → Vienne → Loira en Francia), *Alisontia* (top. *Eslonza* < a. 1050 *Alisonza*, h. Río Moro, afl. do Porma → Esla → Douro en Santa Olaja de Eslonza, Gradefes, León; a. 968 *Alsoncia*, h. *Alzette*, afl. do Sauer → Mosela → Rin, Luxemburgo; *Elz* < a. 371 *Alisontia* [Ausonio, *Mosella* 377], afl. do Mosela → Rin, Alemaña); **Aquantio-* > **Aguanzo* > **Egvanzo* > *Igvanzo* (Llorío, Llaviana, Asturias) e *Ingvanzo* (Cabralas, Asturias), **Aquantia* > med. *Achenz* > h. *Echatz* (afl. do Neckar → Rin, Alemaña), **Aquentia* > *Aguenza*; *Obanza* (afl. do Porcía, en Castropol, Asturias), *Ovenza* (San Paio de Loeda, Piñor, Ourense); **Averenza* aparece como a. 1222 *Aurenza*, a. 1220 *Averenze* (tamén a. 1187 *Aberenti*, a. 1479 *Abrençeo*) > *Abrence* (Pobra de Brollón, Lugo), **Averonza* > *A Veronza* (Ribadavia, Ourense).

exemplo **b^heru-*, **b^horu-*, **b^hru-* “ferver” > celt. **beru-*, **boru-*, **baru-* “ferver” (cf. *Berbia*, *Borba* e *Barba* ou *Barbanza* vistos anteriormente). Todas estas variantes dun mesmo nome ou de nomes semellantes convivían e interactuaban ademais entre si, afectándose mutuamente, como nos mostra o caso do río *Alba*, afl. do Lérez en Pontevedra, que foi *Elba* ata datas relativamente recentes (a. 1141 *Elva*), pero acabou por mudar o seu vocalismo (a pesar de ser tónico!) sen dúbida por influencia doutros topónimos e hidrónimos nos que *Alba* / *-alba* aparece con frecuencia, o que neste caso puido ser facilitado por un falso corte no nome da parroquia (a. 1019 *Sancta Maria de Elua*, a. 1347 *Sancta Maria delva*, onde **Santa María d’ Elva* se puido reanalizar como **Santa María de ‘Iva* e reinterpretar como *Santa María de Alba*). O mesmo ocorreu no caso de *San Xoán de Albeos* < a. 1071 *Eluenos* de Crecente, no sureste da prov. de Pontevedra. É posible por tanto que nomes como *Berbia*, *Borba* e *Barbanza* sexan resultados evolutivos regulares, mentres que outros como por exemplo *Barba* poderían ser productos secundarios (por acortamento de formas como *Barbanza*, por contaminación, etc.). En calquera caso, a partir deste cúmulo de formas vellas e novas, primarias e secundarias, sometidas a ulteriores derivacións e reiteracións (**Barva* → **Barvania*, **Barvenia*, **Barvonía*; **Borva* → **Borvania*, **Borvenia*, **Borvonía*; etc.) acabou por xerarse un cúmulo de variantes sincronicamente equivalentes con alternancia vocálica non só no sufixo, senón tamén na raíz ás que de igual maneira se podía recorrer, cando fose necesario facer distincións entre dous ou mais homónimos cercanos ou evitar xa de entrada que resultasen homónimos, non habendo motivo para pensar que a tan sinxela desambiguación por alteración vocálica se tivese que limitar ao ámbito sufixal. Do mesmo xeito que a partir dun hidrónimo **Borva* se podían crear, por exemplo, os nomes de afluentes desambiguados **Borvania* e **Borvenia*, tamén podían xurdir **Borvania* e **Barvania*. O problema para analizar e documentar con claridade este fenómeno é que a inmensa maioría dos nomes cos que traballamos sae por primeira vez á luz en época románica recente e que nestes derivados a raíz adoita ser átona e o seu vocalismo por tanto non necesariamente antigo. Así por exemplo os ríos *Mera* e *Maruzo* (med. *Maruzu*, segundo Moralejo 2009a: 78), afluentes do Tambre, distínguense tanto polo sufixo como polo vocalismo radical, pero *Maruzo* podería proceder dun máis antigo **Meruzo*. Fronte a *Saramillo*, afl. do Pas, San Vicente de Toranzo, Cantabria, temos a pouca distancia o *Seramilla*, afl. do Pisueña → Pas, Saro, desambiguados tanto pola terminación como polo vocalismo radical, onde **Ser-* debe ser secundario, dado que se trata moi probablemente de derivados románicos de **Saramba*. Os nomes *Sarmenha* (a. 970 *Sarmenia*) e *Sermanha*, vistos anteriormente e que posiblemente designaron o curso baixo e alto do mesmo río, tamén presentan distinto vocalismo radical, pero neste caso houbo seguramente unha vacilación *Sarm-* / *Serm-* que afectaba inicialmente por igual ás dúas formas e que despois acabou por consolidarse

en *Sarm-* vs. *Serm-* (aínda que sen plena firmeza por contraefecto da analoxía) por razóns distintivas. Outro exemplo con variación vocálica é o *Mandeo* < a. 803 *flumen Mandeuum* que desemboca na ría de Betanzos, A Coruña, con afluente *Mendo*, pero neste caso só se trata dun espellismo de data recente, dado que os dous nomes son historicamente completamente distintos. *Mendo* aparece nas fontes medievais como a. 978 *Menuete*, a. 964 *Minuete*, de onde se espera **Mëoede* que por asimilación da vogal pretónica puido pasar despois a **Mëede*. O seu derivado **Menuetello* pasou en cambio a **Mëoedelo*, onde tamén se perdeu a vogal pretónica e resultou neste caso **Mëodelo*, h. *Miodelo* na parr. de San Salvador de Bergondo, Bergondo, A Coruña. O resultado final de **Mëede* debería ter sido **Mede*, pero á beira do río, na parroquia de San Salvador de Colantres, Coirós, A Coruña, atopamos un topónimo *Mende* que debe vir de **Mëende* < **Menendi*, xenitivo do antropónimo *Menendo*. Esta coincidencia debeu dar pé a confusións e favorecer a refección do hidrónimo **Mëede* en **Mëende*, estando o propio río de feito documentado no ano 1138 como *Menendi*. A etimoloxía popular completouse despois coa transformación final de **Mëende* en **Mëendo* > *Mendo*.

Se temos todo isto en conta, resulta que a presenza do vocalismo *-a-* na paleo-hidronimia galega e céltica en xeral pode terse xerado de múltiples e moi variadas maneiras e explicarse sen necesidade de recorrer a ningún presunto cambio regular **o* > *a* incompatible coas linguas célticas. Os que optan incondicionalmente por esta explicación e renuncian á posibilidade de calquera alternativa vense na obriga de admitir *ad hoc* unha nova lingua, que para eles sería o auténtico (pan-)antigoeuropeo. Pero o certo é que nada obriga a que as cousas fosen como eles xa cren ter demostrado que tiveron que ser así necesariamente.

Bibliografía recomendada:

Sobre os hidrónimos antigoeuropeos na Península Ibérica: de Hoz 1963, Untermann 1999, 2009a, 2009b, Moralejo 2005 e 2009, Búa 2009, Bascuas 2002, 2006 e 2014. Sobre Vennemann: Baldi - Page 2006, Lakarra 1996 e 2013.

9. Teoría da continuidade paleolítica

Non podo entrar aquí a debater en detalle a Teoría da continuidade paleolítica de Mario Alinei, Francesco Benozzo e outros seguidores que pretenden retrotraer a presenza lingüística céltica no noso territorio a datas paleolíticas, así que me limitarei a facer algúns comentarios sobre algúns dos argumentos utilizados por estes autores, esperando poder mostrar como se chega xustamente ao polo oposto do que eles defenden, se se analizan dende unha perspectiva diferente, na miña opinión máis xuízosa e comedida. Empezarei por dicir que estou de acordo con eles en que ningún dos intentos precedentes de facer encaixar os datos arqueolóxicos co que sabemos ou cremos saber sobre a prehistoria lingüística de Europa (Marija Gimbutas, Colin Renfrew, etc., v. por exemplo Meid 1989) resultou plenamente satisfactorio e convincente e que por tanto está máis ca xustificada a exploración doutras posibles vías de análise e explicación, pero o certo é que a súa proposta tampouco achegou unha mellor solución do problema.

A lingüística indoeuropea conseguiu despois de dous séculos de investigación e desenvolvemento obter algunha información segura sobre a lingua protoindoeuropea. No ámbito do léxico non son poucos os étimos que se poden reconstruír e atribuír a esa protolingua co mesmo grao de fiabilidade (e mesma problemática) coa que se reconstrúen por exemplo étimos protorrománicos a partir dos distintos cognatos románicos correspondentes. A lingüística románica ten sen embargo a vantaxe enorme de poder contrastar e complementar a información obtida a través da reconstrución cos datos que lle achegan os textos literarios e epigráficos latinos que existen en abundancia dende a Antigüidade. Só grazas a esas fontes e á tradición escrita se pode saber, por exemplo, que a palabra latina *hōrta* tivera un *h-* inicial, que *manus* se flexionaba como tema en *-u-* ou que os significados orixinais de palabras como *casa* ou *civitas* non eran “casa” e “cidade” respectivamente. A lingüística indoeuropea ten en cambio que limitarse ao que se deixa reconstruír polo único camiño e procedemento do método histórico-comparativo e só pode acadar información sobre a lingua protoindoeuropea por tanto dun xeito moito máis limitado. Igual que a partir das linguas románicas sen a axuda dos textos latinos resultaría moi difícil determinar a previa existencia do fonema /h/ e saber qué palabras o levaban, tamén na lingüística indoeuropea hai (segundo o estado actual dos nosos coñecementos e visión máis comunmente aceptada) tres fonemas sen identificar con claridade, denomina-

dos por tradición e actualmente pura convención terminolóxica “laringais” e representados mediante os símbolos h_1 , h_2 e h_3 , que non sempre podemos estar seguros da súa presenza e lle dan ademais á representación dos étimos indoeuropeos ese seu típico e estraño aspecto de fórmula matemática (por exemplo, $*ph_2ter-$ “pai, xefe de familia” ou $*h_2auh_2o-$ “avó”). E igual que a partir das linguas románicas resultaría moi difícil determinar a existencia de determinados modelos flexivos latinos e saber qué palabras os seguían (por exemplo *sēdēs -is* [3. declin.: tema en *-i-* con nom. sg. longo], *diēs -ēī* [5. declin.], *femur feminis* [3. declin.: heteróclito]), tamén na lingüística indoeuropea hai paradigmas dos que aínda non nos facemos unha idea clara. Pero unha vez admitidas e tidas en conta estas limitacións inherentes á materia e ás súas circunstancias, a lingüística indoeuropea opera polo demais igual ca a románica e por suposto chega a uns resultados de idéntico rigor e fiabilidade. Así por exemplo tanto o étimo protorrománico $*patre$ (= lat. *patrem* acus. sg.) como o seu precedente protoindoeuropeo $*ph_2tér̥m$ acus. sg. (> gr. *πατέρα* acus. sg.; lat. $*patērem$ > $*pāterem$ > *patrem* acus. sg.) son palabras que sen a menor dúbida (ou, se se prefire, sen o menor motivo para a dúbida) existiron nas respectivas (proto)linguas ás que se asignan, por moito que no caso da palabra indoeuropea teñamos o pequeno problema engadido de que estamos parcialmente inseguros das características fonéticas do fonema representado polo símbolo h_2 .

Sempre problemática é por suposto a cara do significado. A existencia e identificación de regularidades (“leis”) na evolución fonética permite reconstruír a forma primitiva dos étimos mesmo naqueles casos nos que dela non se conserve practicamente nada inalterado (por exemplo, gal. *cheo* < lat. *plēnum* acus. sg.). No ámbito do significado en cambio as alteracións non son reconducibles dun xeito sistemático e regular e por tanto garantizado a un estadio anterior. Se do significado primitivo non queda nada inalterado é moi posible que só nos poidamos facer unha idea aproximada, incompleta ou mesmo falsa del (por exemplo, gal. *casa* e mais tódolos seus cognatos nas restantes linguas románicas coinciden en significar “casa” e nada permite sospeitar que o seu significado primitivo [o máis antigo do que temos constancia documental] fose en realidade un tipo de casa moi especial, unha “choza, cabana, barraca ou sim.”; a partir do gal. *libro* e do resto dos testemuños románicos non podemos en cambio chegar nunca ao significado orixinal do lat. *liber* “membrana vexetal debaixo da casca de distintas árbores [que se utilizou como soporte para escribir]”. Por outra parte, non debemos esquecer que a reconstrución lingüística opera coa semántica etimolóxica de signos lingüísticos e só ten por tanto un alcance intralingüístico. A realidade extralingüística designada por ese léxico reconstruído está en realidade fóra do noso alcance (v. Campanile 1999). Por exemplo, gal. *cidade* e tódalas demais formas modernas e medievais do léxico común e onomástica correspondentes conservadas no conxunto das linguas románicas permiten chegar a saber que

proceden dun étimo latino *cīvitāte(m)* acus. sg. e o noso coñecemento sincrónico e histórico da morfoloxía derivativa románica permítenos ademais recoñecer que esta palabra debeu ser un abstracto en *-dade* < *-tāt-* derivado dunha base nominal *cīvi-*. Se non tivesemos máis información sobre o latín ca a extraíble das linguas románicas teríamos que buscar posibles correspondencias deste *cīvi-* noutras linguas indoeuropeas e de feito íámolas atopar, o que nos permitiría chegar a saber da existencia dun primitivo nome ie. **kēiyo-* co significado de “membro do mesmo grupo (familiar ou social)”. Chegariamos así á imprecisa conclusión de que o lat. *cīvi-tāt-* puido ter significado xa “cidade” coma nas linguas románicas e/ou presentar aínda o seu significado etimolóxico orixinal de “pertenza a un determinado grupo social”. Todo isto está en liñas xerais moi ben encamiñado, pero o certo é que coa profundización puramente intralingüística na morfoloxía e etimoloxía desta palabra estamos moi lonxe de sospeitar o que era realmente aquilo que os romanos chamaban *civitas*, que nin era “cidade” no noso sentido (lat. *urbs*) nin tampouco unha designación xeral e imprecisa de “pertenza a calquera grupo social”. Retomemos agora a nosa palabra protindoeuropea **ph₂ter-*. Atendendo ao testemuño de moitas das linguas indoeuropeas, podemos atribuírle o significado de “persoa que ten a autoridade superior no ámbito familiar” (cf. lat. *pater familias*)¹¹⁶. Atendendo á súa morfoloxía parece tratarse dun *nomen agentis* en *-ter-* formado a partir da raíz verbal **pah₂* “coidar, protexer” que temos por exemplo nos compostos véd. *go-pā-* “o que coida das vacas, vaqueiro” ou iran. ant. **xšaθra-pā-* “coidador do reino, sátrapa”¹¹⁷. De ser así, o seu significado etimolóxico sería “coidador, protector”, designando por tanto a unha persoa que ten a vontade e/ou obriga de coidar ou protexer aos membros dun determinado grupo social (familiar ou eventualmente doutro tipo), función da que se deriva ou derivou a partir dalgún momento o poder ou mando sobre o grupo. Podemos admitir que todo isto sexa probablemente correcto, pero mentres non saibamos cal era o contexto ou estrutura social no que se integraba orixinariamente este termo e cales eran os seus dereitos e obrigas e estatus orixinais, non saberemos cál era o significado “real” [extraetimolóxico, por así dicir] da palabra do que se cadra só nos facemos unha idea moi aproximada, parcial e imperfecta.

¹¹⁶ Tamén o xefe dos deuses é un **ph₂ter-* (lat. *Iūpiter* / *Iuppiter*, gr. Ζεύς πατήρ), sexa porque o conxunto dos deuses se consideraba unha “familia”, sexa porque **ph₂tér-* tamén se aplicaba orixinalmente a outro tipo de agrupacións non estritamente familiares.

¹¹⁷ Adóitase ter en conta tamén a posibilidade de que se trate dunha palabra do balbuceo infantil para “pai” tipo *papa*, *tata*, etc. e por tanto sen verdadeira estrutura morfolóxica, pero todo fala en contra desta posibilidade: a palabra ten unha estrutura fonética complexa, unha estrutura morfolóxica claramente recoñecible e de feito interpretable (raíz **ph₂-* + suf. *-ter-*) e un significado técnico moi específico: Xúpiter/Zeus é o **ph₂ter-* dos deuses, non o seu “papá”.

Non é ningunha esaxeración asegurar que coñecemos ben unha parte moi importante do léxico da lingua protoindoeuropea, a pesar de tódalas limitacións coas que inevitablemente hai que contar e ás que me acabo de referir dun xeito moi breve e puramente ilustrativo. A través dese léxico conservado e coñecido podemos tratar de saber algo sobre a sociedade que utilizou esa lingua, aínda que, como acabamos de ver, tamén hai que ser moi conscientes de que isto só é posible dun xeito moi parcial, dado que só está na nosa man penetrar na historia da dimensión máis intralingüística da semántica, non da dos obxectos reais. No léxico máis básico da lingua isto non é moi problemático (por exemplo partes do corpo como “man”, “pé”, etc., verbos como “ver”, “durmir”, “vivir”, “morrer”, etc.), porque “as realidades” son sen dúbida as mesmas que eran, pero sobre todo no léxico de tipo cultural hai que ter moito coidado de non proxectar cara ao pasado prehistórico os obxectos e actividades designados en época histórica.

Do léxico perdido, e do que por tanto nin sequera sabemos se existiu o non, non hai naturalmente nada que extraer. Así, por exemplo, como estamos seguros de que o verbo **vedere* “ver” (= lat. *vidēre* inf.) e mailo substantivo **oclu* (= lat. *oculum* acus. sing.) existiron no vocabulario protorrománico, podemos ter neste caso a plena seguridade e tranquilidade de saber tamén que non todos os falantes desa lingua protorrománica eran cegos, pero do feito de que non haxa palabra románica común para “falar” (unhas linguas parten de **fabulare* [gal. *falar*], outras de **parabolare* [fr. *parler*]) ou “cabeza” (unhas linguas parten por exemplo de **capitia* [gal. *cabeza*], outras de **testa* [fr. *tête*]) non se pode deducir que todos fosen mudos ou pouco faladeiros e lles faltase a cabeza, e levasen por tanto a lingua e mailos ollos metidos noutro sitio. As ausencias lexicais no ámbito das protolinguas reconstruídas polo método histórico-comparativo non son significativas nin probatorias de nada, dado que sempre poden ser simples ocos no noso coñecemento inevitablemente incompleto desa lingua que estamos tratando de reconstruír ou, mellor dito, da que estamos intentando recuperar a maior cantidade posible de información.

Sendo isto tan obvio, sorprende que a argumentación lingüística da teoría da Continuidade Paleolítica vaia precisamente por este camiño intransitable, como pode ilustrarse cos dous seguintes exemplos:

a. “Se palabras indo-europeas para ‘morrer’ (que vem do indo-europeu **mer-*) pertencem ao léxico proto-indo-europeu, e para ‘enterrar’ há palabras diferentes na maioría das línguas indo-europeas, isto deve interpretar-se como uma prova de que, quando teve início o ritual de enterramento, no Paleolítico Superior, os grupos já estavam diferenciados” (Alinei 2008: 17). O autor estaría acertado se dixese que isto “se pode interpretar como un argumento a ter en conta”, pero engánase completamente ao dicir que se “debe interpretar como unha proba” e outorgarlle así unha seguridade que a imposibilidade de reconstruír un étimo indoeuropeo para “enterrar”

non ten nin pode ter. O verbo “enterrar” non ten nada de especial que o faga especialmente resistente á súa eventual substitución. De feito non creo que ningunha palabra do léxico de ningunha lingua teña o don da perdurabilidade ou insubstituíbilidade. Menos aínda neste caso concreto, dado que o enterramento é un acto (físico, psicolóxico, social e relixioso) moi polifacético e complexo ao que nos podemos referir de distintas maneiras, poñendo a atención sobre o ritual fúnebre ou sobre o enterramento físico propiamente dito ou expresándonos dun xeito máis culto ou técnico e libre así de eventuais connotacións indesexadas (lémbrense os nosos cultismos *defunción* ou *óbito* en lugar de *morte*) ou eufemístico (*pasamento* en lugar de *morte*, *finado* en lugar de *morto*, etc.), opcións paralelas que co tempo se poden perder ou substituír mutuamente. O latín utilizaba o termo *sepelire* que etimoloxicamente significa “honrar” (cf. indio ant. *saparyāti* “honra”, da raíz ie. **sep* “tratar con coidado, atención ou respecto”, v. Meiser 1998: 195 e lémbrense as nosas *honras fúnebres*), palabra que posteriormente caeu en desuso e foi substituída por *enterrar* na transición do latín ao galego (o seu derivado *sepultar* é un cultismo de uso un pouco especial). Da diversidade románica para designar o “enterramento” non pode deducirse naturalmente que os romanos non enterrasen os seus mortos. Daquela é evidente que da diversidade nas distintas linguas indoeuropeas tampouco pode derivarse ningunha conclusión (negativa nin positiva) sobre o que facían ou deixaban de facer a(s) sociedade(s) falante(s) da súa protolingua cando morría algún dos seus membros.

b. “Qualquer análise minuciosa e sem preconceitos da riqueza de dados indo-europeus aponta para um fundo paleolítico em relação aos estratos mais antigos do vocabulário proto-indo-europeu e para uma muito mais primitiva diferenciação linguística dos Proto-Indo-Europeus, vinda do Paleolítico Superior e do Mesolítico. É esta a razão pela qual a terminologia neolítica indo-europeia, tal como é admitida agora até por acadêmicos tradicionais (...), é nitidamente diferenciada de grupo para grupo: um facto que colide com a própria ideia de os Indo-Europeus serem os inventores da agricultura” (Alinei 2008: 8). Pouco importa que sexa pouco o léxico técnico agrícola reconstruíble para o protoindoeuropeo, porque -insisto- non temos xeito de saber se as ausencias son propias da lingua protoindoeuropea ou do noso coñecemento. O importante non é o que falta e do que por tanto non estamos informados, senon o que se pode reconstruír con seguridade, que non ten que ser moito para ser importante. E dentro do que se pode reconstruír non só son relevantes aspectos de realía, senon tamén e moi especialmente os argumentos máis puramente lingüísticos: a propia morfoloxía e características fonéticas dunha palabra pode ser un argumento decisivo á hora de atribuíla a un momento máis antigo ou recente da historia das linguas indoeuropeas e da súa protolingua.

Se lle quitamos o seu inmerecido protagonismo ao descoñecido e en lugar de especular con iso nos centramos no que se coñece, resulta que o léxico patrimonial

indoeuropeo mostra que os falantes da lingua común protoindoeuropea xa tiñan que coñecer algunhas das innovacións neolíticas antes da súa disgregación. Sirvan de exemplos ilustrativos os seguintes poucos termos:

A raíz indoeuropea **jeug* significa “xuntar, unir” (tema de presente con infixio nasal **jun(e)g-*: lat. *iungere*). O seu derivado **jug-ó-* (neu.) conservouse en case todas as linguas indoeuropeas: het. *iuka-*, véd. *yugá-*, lat. *iugum*, etc., pero en ningunha delas presenta o seu significado etimolóxico primitivo, fose un *nomen actionis* “xunción, unión” ou un *nomen instrumenti* “xuntador, unidor”, senon que todas presentan e presupoñen por tanto tamén a súa primitiva especialización semántica nun obxecto concreto do tecnolecto da agricultura e do transporte que é o “xugo”. Obsérvase que esta palabra non pode ser un préstamo que fose viaxando dunha lingua indoeuropea para a outra, senon que se trata dunha palabra patrimonial que como tal presenta as evolucións fonéticas regulares do protoindoeuropeo a cada unha das distintas linguas indoeuropeas. Tampouco poden ser designacións creadas paralela e independente á medida en que os falantes dos distintos grupos lingüísticos indoeuropeos presuntamente xa separados fosen adquirindo esta innovación técnica, dado que a morfoloxía desta palabra é primitiva e improductiva nas posteriores linguas indoeuropeas. De todo isto dedúcese inevitablemente que a innovación tecnolóxica do “xugo” (fose como fose o obxecto real) xa tiña que ser coñecida en data protoindoeuropea.

Pero o xugo non se inventou para que dous animais se fixesen amigos para sempre, senon para que poidesen tirar xuntos dalgo sumando as súas forzas, por exemplo moi probablemente dun arado, dado que tamén hai designación patrimonial indoeuropea para a labranza: a raíz verbal **h₂arh₃* presenta o significado técnico de “arar, labrar a terra co arado”¹¹⁸ (pres. **h₂árh₃-je-*: lat. *arō* 1sg < **arājō*, gr. ἀρόω 1sg < **arājō*, irl. med. *airid* 3sg < **arjēti*, altoalem. ant. *erien* / *erren* inf. < **arjānan* [no alem. mod. *e(h)ren* ou *ä(h)ren*, hoxe anticuado e dialectal, foi substituído por *pflügen* e *ackern*], lit. *ár̃ti* inf. < **h₂árh₃-ti-*, etc.); o seu derivado **h₂árh₃-tro-* (neu.) designa especificamente o “arado”, é dicir, o “instrumento co que se fai a actividade agrícola de arar” (gr. ἄροτρον, irl. ant. *arathar*, isl. ant. *arðr*¹¹⁹). Non parece moi razoable presumir que todo isto sexa froito dunha pura coincidencia por formación morfolóxica e evolución semántica paralelas nas distintas linguas indoeuropeas ou por calquera outro motivo.

Tamén a roda, xa coñecida en distintas culturas centroeuropeas do IV milenio aC. (v. Häusler 2003: 65), está representada no léxico patrimonial indoeuropeo a

¹¹⁸ O significado primitivo da raíz parece ter sido “cavar”, se, como propón McCone 1996 52, irl. ant. *ráith* “sistema defensivo consistente nun muro de terra e foxo” < **rāti-* está relacionado con esta raíz e procede por tanto dun abstracto ie. **h₂arh₃-ti-* “excavación”.

¹¹⁹ Lat. *arātrum* con *-ā-* (en lugar dun esperable **h₂árh₃-trom* > **arātrom* > ***aretrum*, cf. Meiser 1998: §53.1) é unha neoformación sobre o verbo *arāre*.

través de diferentes termos. Un deles é ie. **róto-* “roda” (irl. *roth* m., alem. *Rad* n., lit. *rãtas* m.; o alb. *rreth* “anel, círculo”, tamén prep. “arredor de”, pode ser un diminutivo en *-th* dun primitivo **rret* “roda”, singularización dun antigo plur. protoalb. **rrati*)¹²⁰. Trátase dun primitivo substantivo abstracto “movemento/desprazamento rápido” ou dunha substantivización mediante retrotracción do acento dun primitivo adxectivo **rotó-* “que corre, corredor” derivado da raíz verbal **ret* “correr” que se conserva no irl. ant. *rethid*, galés *rhed* “corre”, pero tódalas linguas que conservan esta palabra só presentan e coñecen (ou presupoñen no caso do albanés) o significado técnico de “roda”, un obxecto que serve para e se caracteriza por o seu rápido movemento. A palabra latina *rota* < **rot-ah₂-* é probablemente un antigo colectivo derivado dela, designando por tanto orixinariamente o “conxunto das (dúas ou catro) rodas do carro” ou, por así dicir, o “rodamento”. O seu derivado **roth₂-ó-* “dotado de rodamento ou de rodas”, de acordo cunha xa antiga e convincente proposta de Kuryłowicz, aparece substantivado mediante retrotracción do acento (→ **róth₂o-* “vehículo rodado”) en indoiranio co significado de “carro (de combate)” (indio ant. *rátha-*, avést. *raṭa-*). A formación do derivado **roth₂-ó-* debe situarse, atendendo ás súas características morfolóxicas e fonéticas (paso ao grao cero do sufixo en posición átona: **roteh₂-* [paradigma mesostático e por tanto sen ablaut] → **roteh₂-ó-* > **roth₂-ó-*), nunha fase relativamente antiga da lingua protoindoeuropea na que o acento aínda era de intensidade, o que implica a previa e por tanto aínda máis antiga existencia da base nominal **rot-ah₂-* que pola súa parte esixe a preexistencia de **roto-* “roda”. Todo isto lévanos a datas moi recuadas do protoindoeuropeo.

Roda e carro son dúas realidades inseparables: quen inventou a roda inventou simultaneamente o carro e viceversa. A palabra galega *carro* é un préstamo que o latín vulgar tomou do celt. **karro-* (irl. ant. *carr*, galés *car*). A forma patrimonial latina correspondente era o tema en *-u-* *currus* que pola súa parte é un *aequabile* do toc.A *kursär*, toc.B *kwarsär* que significa tanto “acción de correr, carreira” como tamén “carro”¹²¹. A palabra latina e mailas tocarias poden vir dun mesmo étimo ie. **k₁sru-*, co que teríamos aquí un termo do tecnolecto dos medios de transporte conservado nos extremos occidental e oriental do territorio lingüístico indoeuropeo. Non sabemos cal era a forma orixinal do vehículo designado por este termo, pero atendendo á semántica da súa raíz (ie. **kers* “correr” que temos precisamente no noso

¹²⁰ Cf. tamén ing. ant. *hwēol* “roda” < xerm. **hweula-* < **hwegwla-* que reaparece no ind. ant. *cakrá-* “roda” < ie. **k^uek^uló-* ou het. *hurki* “roda” < **h₂urg-i-* formado sobre a base da mesma raíz do toc.A *wärkánt* “roda” < **h₂urg-unt-*.

¹²¹ O cambio semántico de abstracto a concreto é un fenómeno moi común. Sirva de exemplo ilustrativo a nosa palabra *defensa* “acción ou capacidade de defender(se)” → “persoa que en distintos deportes de equipo se encarga da defensa” (por exemplo un defensa no fútbol) ou “obxecto que serve para defender ou protexer” (por exemplo, a defensa do coche).

verbo *correr*) non debía tratarse dun carro de carga, senon máis ben para un desprazamento rápido.

Estas e outras moitas palabras e todo o que a súa existencia implica (domesticación de gando maior, aproveitamento continuado da terra e por tanto sedentarismo, transporte e almacenaxe da colleita, propiedade colectiva ou individual do gando, das terras de cultivo, da colleita e dos excedentes...) é incompatible coa idea dunha disgregación das linguas indoeuropeas en época paleolítica ou preneolítica.

Recomendacións bibliográficas:

Sobre a Teoría da Continuidade: Adiego 2002, de Hoz 2009: 12-13. Sobre aspectos pertinentes da lingua protoindoeuropea: Raulwing 2000, Häusler 2003, García Trabazo 2014. En xeral: Mallory - Adams 1997 e 2006.

10. Datación e diacronía da documentación.

Non existe documentación prerromana da lingua prelatina falada no noroeste. Os primeiros datos de que dispoñemos proceden de fontes literarias ou epigráficas latinas e gregas de época romana e corresponden por tanto á etapa final da súa historia na que xa convivía e interactuaba coa latina. Sendo isto así, convén evitar falar en primeira instancia dunha lingua prerromana ou polo menos matizar o uso deste termo, para non caer en equívocos. Non cabe dúbida de que a onomástica conservada desta lingua foi en parte (posiblemente na súa maior parte) creada en época anterior á chegada dos romanos, pero, aínda así, o certo é que a documentamos e coñecemos no seu estadio evolutivo correspondente á época na que xa convive coa latina e ademais maioritariamente na súa forma latinizada.

Este período de coexistencia duns 600 anos (por lanzar unha cifra redonda hipotética) non pode considerarse ademais como un período de estancamento na evolución interna da lingua indíxena. É o espazo de tempo que separa por exemplo os últimos séculos do alemán antigo dos primeiros do alemán moderno, quedando polo medio todo o esplendoroso período literario do alemán medio. Un falante do alemán moderno carente da formación específica necesaria sería incapaz de entender un texto en alemán antigo (por exemplo o *Hildebrandslied*) e isto pode servir de referencia para facérmonos unha idea de cómo se pode (aínda que non necesariamente se debe) transformar unha lingua ao longo dun espazo de tempo similar. Debemos ter en conta por tanto a posibilidade de que a lingua indíxena de finais do séc. V dC., alá onde sobrevivise e no suposto de que aínda sobrevivise, fose bastante diferente da de finais do séc. I aC., non só por ter incorporado un número progresivamente maior de elementos latinos, senon pola súa propia evolución interna. Por outra parte é de supoñer que a progresiva redución do seu uso ao ámbito familiar e veciñal favorecese unha dialectalización cada vez máis profunda.

A historia do topónimo salmantino *Ledesma* ofrécenos un posible exemplo da progresiva evolución da lingua indíxena ao longo do período romano, se a seguinte análise dos feitos é correcta. O seu étimo é moi probablemente a forma feminina do superlativo **pletisamo-* “moi extenso ou espacioso”, como vimos anteriormente. A *civitas* romana recibiu o nome de *Bletisama*, o que nos mostra que no momento da súa latinización o **p-* inicial xa non era un /p/, senon que se transformara nunha realidade fonética susceptible de latinizarse mediante o /b/ latino. Por outra parte, o feito de que

o nome actual da cidade non sexa ****Bledesma** ou ****Bredesma**, senon *Ledesma* mostra que a partir dun determinado momento o seu nome debeu existir baixo dúas variantes latinas: a forma oficial *Bletisama* e unha popular ***Letisama** que foi a que finalmente se conservou. Son moitos os lugares que teñen un nome oficial e unha variante formal popular máis ou menos diverxente. Pensemos por exemplo en gal. *Vilagarcía* vs. *Vilagharsía*, esp. *Cádiz* vs. *Cai* ou alem. *Leipzig* vs. *Laibdsch*. Agora ben no caso de *Ledesma* a forma ***Letisama** non pode entenderse como simple variante latinovulgar de *Bletisama*, dado que no latín vulgar non se espera a perda do /b/ inicial. A transformación que está detrás destes feitos resulta en cambio perfectamente admisible nunha lingua céltica na que o ***p-** inicial estaba en proceso de desaparición: (a) ***pletisamā** > (b) ***ϕletisamā** > (c) ***letisamā**. *Bletisama* e *Letisama* deben ser por tanto latinizacións sucesivas de dúas variantes diacrónicas da lingua indíxena: no momento da creación da *civitas* romana a lingua indíxena aínda se atopaba no estadio evolutivo (b), sendo adaptado o grupo inicial ***ϕl-** (cunha fricativa bilabial xorda que en contacto con **-l-** puido ser percibida como sonora polo oído romano, descoñecedor deste fono) mediante lat. *bl-*; máis tarde a lingua indíxena pasa ao estadio evolutivo (c) o que provoca que na lingua latina dos falantes bilingües locais a forma latinizada se actualice en ***Letisama** que finalmente acabará por sobrevivir.

Como se pode ver e tratei de ilustrar con este exemplo, a latinización da onomástica indíxena non é algo que se produciu de golpe e simultaneamente, senon en momentos diferentes tanto de cronoloxía absoluta como de evolución interna da lingua indíxena. Mentres que algúns nomes foron adoptados e adaptados moi pronto polos romanos recén chegados, outros menos relevantes ou de zonas nas que a lingua latina tardou en penetrar ou a indíxena en desaparecer foron seguramente latinizados (mesmo latinizados por segunda vez) moitas xeracións máis tarde por falantes bilingües. Só cando se chegou á súa completa extinción, se acadou tamén a completa latinización da súa onomástica. Se temos en conta que tanto a lingua indíxena como a latina do século I aC. se foron modificando ao longo dos cinco ou seis séculos posteriores de convivencia, é moi probable que as latinizacións máis tardías presenten particularidades formais distinguibles das máis antigas e poidan ser así identificadas. Creo que paga moito a pena explorar este camiño e ver a onde nos pode levar.

Na toponimia non son infrecuentes os nomes con características fonéticas semicultas. Así temos por exemplo o topónimo *Compludo* < ***Complūtum** ← ***kom-plouto-** “confluencia” en Ponferrada, León, onde se xuntan os ríos Miera e Meruelo, en lugar de ****Conchudo** como se esperaría por evolución fonética regular. O semicultismo está neste caso plenamente xustificado por tratarse dun lugar cun antigo mosteiro e por tanto cunhas circunstancias favorables para a súa tradición e conservación culta. Outros topónimos, en cambio, non ligados a ningún condicionante semellante a este e de escasa ou nula relevancia histórica, poderían deber a súa completamente ines-

perada forma aparentemente semiculta a unha latinización moi tardía, de xeito que a ausencia de determinados cambios moi antigos non se deberían a ningunha influencia conservadora, senon a que a súa adopción e adaptación se tería producido nun momento en que tales evolucións xa quedaban atrás no tempo, xa se produciran e non se voltaban a producir.

Son consciente sen embargo de que esta idea é máis manexable en abstracto ca de aplicación práctica cando nos enfrontamos a cada caso concreto e individual, como se pode mostrar mediante o topónimo *A Coruña* (a. 1399 *Corunia*, a. 1295 *Curuna*) < *Cruña* (sec. XII *Crunia* no libro IV do Códice Calixtino, a. 1208 *in loco qui dicitur Crunia apud turrim de Faro*, a. 1228 *villam de Clunia*)¹²², á falta doutro

¹²² O territorio no que hoxe se atopa a cidade da Coruña era coñecido na Idade Media como *Faro* (antes *Farum Brigantium*), cobrando relevancia o topónimo *Cruña* a partir dos novos foros concedidos polo rei Afonso IX no ano 1208 ao núcleo de poboación inmediato á torre de *Faro* que nos últimos tempos se fora convertendo nunha pequena vila. O único documento de lectura e data segura anterior a estes feitos no que se menciona este topónimo é o libro IV do Códice Calixtino, manuscrito datado por criterios paleográficos na segunda metade do séc. XII. Navaza 2016 considera que no texto orixinal desta obra literaria na que se mencionan distintas cidades galegas presuntamente conquistadas por Carlomagno non ten sentido a presenza de *Crunia*, que naquel momento, de ter existido xa, carecería en todo caso de toda relevancia e notoriedade. Cre que podería tratarse máis ben de *Cauria*, que non é unha vila galega, pero puido ser incluída por terxiversación interesada por parte do autor do texto. De ser así, cousa moi posible, pero tamén meramente hipotética, teríamos na copia catedralicia unha substitución de *Cauria* (ou eventualmente doutro nome) por *Crunia*, sexa porque o copista non puido ler ben o orixinal, sexa porque non lle parecía aceptable que *Cauria* figurase entre as cidades galegas. Navaza chega así á conclusión de que *Crunia* debe ser un simple erro de copista e de que iso o invalida como único testemuño anterior a 1208. A min paréceme, sen embargo, que unha cousa non implica a outra. Aínda que admitamos a hipótese de que a súa presenza non se deba ao autor do texto, senon a un copista posterior, a súa introducción só parece ter sentido se ese copista soubese que hai unha vila galega con ese nome, sendo pouco verosímil a idea de que se poidese ter substituído ou deformado a presunta *Cauria* (ou calquera outro nome) en *Crunia* por pura casualidade ou por un motivo que nada tivese que ver coa casual existencia do emerxente núcleo urbano en Faro que poucos anos despois da realización da copia do texto se documenta como tal. Non creo por tanto que *Cruña* sexa un nome introducido polo rei *ex novo* en substitución de *Faro*, como propón Navaza de acordo coa súa interpretación dos feitos, senon que máis ben se debe tratar dun nome preexistente. O documento real de 1208 di *in loco qui dicitur Crunia apud turrim de Faro* “no lugar que se chama *Crunia* xunto á torre de *Faro*”, sen substituír por tanto nada na onomástica local: hai un territorio que se chama *Faro* e no seo deste territorio atópase a torre e mais un núcleo de poboación inmediato chamado *Cruña*. O que cambia con este documento é sen dúbida a condición ou estatus xurídico-administrativo dos obxectos designados por eses nomes: unha realidade do pasado, a antiga *terra* ou *territorio* de *Faro*, deixa paso a unha realidade nova, a vila da *Cruña*. Creo ademais que tamén así se entenden mellor as variantes gráficas do nome con *Cl-*. A máis antiga con data segura de que teño coñecemento é *villam de Clunia* do ano 1228 (Sobrado). Se *Cruña* fose realmente un nome introducido polo rei, vinte anos máis tarde os monxes debían ser aínda moi sabedores da novidade desa designación, resultando moi sorprendente que andivesen recorrendo a grafías arcaizantes con *Cl-* que nese caso non poderían estar motivadas pola forza da tradición.

exemplo ilustrativo máis claro. Temos outra *Cruña* correspondente ao xacemento da antiga *Contrebia Léucada* en Inestrillas (Aguilar del Río Alhama, La Rioja) e maila máis coñecida *Coruña del Conde*, antes *Cruña del Conde* (Burgos), documentada en época romana como *Clūnia*, que é unha latinización da palabra celta **klouni-* “prado, campo” (cf. **kolounioku** A67, *Clounioq(um)* xen. pl. “dos Clunienses” en letreiros monetais celtibéricos) que temos en irl. ant. *chlúain* m. (Bréinaind, o noso San B(a) randán, era abade de *Cluain Fearta* [lit. “campo de enterramento”] / Clonfert no condado de Gaillimh/Galway, Irlanda), galés *clun* ou no top. *Clunia*, h. Feldkirch, no extremo occidental de Austria¹²³. Sorprende que tódolos nomes modernos hispánicos manteñan o grupo consonántico antigo baixo a forma *Cr-* en vez de terse palatalizado e transformado en gal. ***Chuña* ou cast. ***Lluña*, coincidencia que sen embargo pode deberse a distintas circunstancias. A *Cruña* rioxana pode ter a súa orixe no primitivo mantemento do grupo *cl-* propio do dialecto rioxano anterior á castellanización da zona. A *Cruña* burgalesa é nome dunha importante cidade antiga co que neste caso resulta especialmente invocable a posibilidade de que se trate dunha tradición culta que a lingua popular, carente de *cl-* inicial, adopta e adapta con *Cr-*. A *Cruña* galega non parece obedecer en cambio a ningún cambio lingüístico regular nin ter unha xustificación extralingüística, pois parece tratarse dun microtopónimo que só en datas relativamente recentes se converte en nome dunha vila¹²⁴, así que, tendo en conta que o cambio fonético *cl, pl, fl > cr, pr, fr* xa aparece en palabras e nomes incorporados en data moi antiga¹²⁵, podería ser un caso de latinización tardía.

De ser así, habería que considerar que a lingua indíxena se seguiu falando nos arredores do faro brigantino ata polo menos unha data moi avanzada da Idade Antiga (non teño argumentos para establecer unha data absoluta nin aproximada máis precisa) na que o primitivo *cl-* da lingua latina local tardía xa se modificara (por vía palatalizante, aínda que fose nun estadio evolutivo aínda moi incipiente) e os novos

¹²³ O nome prelatino conservouse traducido ata hoxe. Trala construción dunha igrexa dedicada a San Pedro temos unha referencia medieval a ela como *ecclesia sancti Petri ad Campos*. O nome actual *Feldkirch* significa “Igrexa dos Campos”.

¹²⁴ Debía ser o nome co que se designaba unha parte da rocosa península coruñesa que, de acordo coa súa probable etimoloxía, era “campo” e onde, deixados xa moi atrás os perigos que viñan polo mar, se foron asentando cada vez máis familias.

¹²⁵ Este cambio xa está no léxico común e nomes propios de ámbito cristiano introducidos a finais da Idade Antiga (*eclesia > igrex, eirexa, clericu > crego*; entre os santos de veneración máis antiga *sanctu Claudiu > san Croio, sanctu Clementiu > san Cremenzo*, v. Piel 1931, Lüdtke 1986, López Alsina 2009, Navaza 2009b). Invócase con frecuencia a posibilidade de que *Clunia* non palatalizase por disimilación preventiva ante palatal, o que tamén sería invocable para algúns dos casos anteriores. Nese caso non habería necesidade de recorrer a unha explicación por semicultismo nin por hipotética latinización tardía. Recórrese sen embargo así a unha explicación irregular *ad hoc* que, sen dúbida merece ser tamén tomada en consideración, pero non está tampouco libre de toda sospeita.

c/l- que se incorporasen ou houbera que incorporar xa non confluían cos antigos, senon que seguían o seu propio camiño (por vía da rotización). Pero está claro que un único exemplo, que neste caso ademais está lonxe de falar claramente neste sentido por toda a problemática que a el vai asociada, ou mesmo varios exemplos illados e moi espallados carecen de todo valor probatorio. Os semicultismos son sen embargo por natureza fenómenos esporádicos e excepcionais, que non se espera por tanto que se reiteren e acumulen en zonas moi determinadas. Se na área da Coruña ou en calquera outra zona se atoparan varios nomes prelatinos que coincidisen en presentar unha fonética aparentemente semiculta sen que ningunha circunstancia histórica o xustifique, a súa explicación como froito dunha extinción tardía da lingua indíxena pasaría a ser realmente a principal hipótese de traballo.

Recomendacións bibliográficas:

Sobre a perduración das linguas indíxenas en época romana: Díaz y Díaz 1960, Mariner 1989, Gorrochategui 2000.

11. Pureza da documentación

En canto á súa pureza e orixinalidade podemos agrupar os nomes en dous grandes conxuntos:

a. Nomes no contexto dun code-switching

O primeiro grupo, máis valioso e comparativamente máis escaso, está constituído por aqueles nomes que, aínda que aparecen en textos latinos (epigráficos), presentan a súa estrutura morfolóxica completa (tema e terminacións flexivas) en lingua indíxena. Estes nomes aparecen cando nun texto latino se produce un cambio de lingua ou código (*code-switching*), o que no noroeste só se documenta por agora en textos votivos¹²⁶. Así ocorre, por exemplo, e como xa vimos anteriormente, no seguinte altar procedente de Sober, Lugo: *Lugubo Arquienobo C(aius) Iulius Hispanus v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito)*. O teónimo *Lugubo Arquienobo* presenta a forma do dat. plur. propia da lingua indíxena en lugar da súa latinización, que se podería ter realizado por exemplo como (nom. pl. **Lugoves Arquieni* →) dat. pl. **Lugovibus Arquienis*, deixándonos así testemuño de que na variedade local da lingua indíxena os temas en *-u-* e *-o-* presentaban as terminacións de dat. plur. *-u-bo* e *-o-bo* respectivamente. Nun altar de Viseu aparece en cambio *Deibabor igo Deibobor Vissaieigobor Albinus Chae-rae f(ilius) v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito)*, onde o apartado teonímico tamén está en lingua indíxena e se podería verter ao latín por exemplo como *Deabus Dibusque Visaiensibus* “ás deusas e deuses de Viseu [*Visaio-*]”. Neste caso temos unhas terminacións de dat. plur. *-ā-bor* e *-o-bor* (< **-ā-bos*, *-o-bos* con rotacismo) dos temas en

¹²⁶ Na parte central e oriental do territorio céltico hispánico os nomes de persoa van con frecuencia acompañados dun nome familiar en xenitivo plural, como por exemplo no caso de *C(aius) Iulius Barbarus Medutticorum C(ai) f(ilius)* “Gaius Iulius Barbarus, (da familia) dos *Meduttici* [≈ dos descendentes de *Meduttus*], fillo de Gaius” nunha epígrafe de Burgo de Osma, Soria. O nome familiar adoita aparecer sen embargo coa terminación flexiva indíxena *-ōm* (variantes *-ūm*, *-ūn*, etc.), como ocorre por exemplo en *C(aius) Iulius Labeo Crastumonis f(ilius) Medutticum* no mesmo texto anterior, sendo tamén moi común a súa abreviación gráfica, como por exemplo no caso de *Nice Atilie Meduttiq(um)* de San Esteban de Gormaz, Soria. Alternancias como a de *Medutticorum* : *Medutticum* nun mesmo epígrafe mostran que as terminacións *-om*, *-um*, etc. non son simples fosilizacións, senon que os falantes eran perfectamente sabedores e conscientes de que se trataba dunha terminación de xenitivo plural, que, se querían, podían converter ao latín (→ *-orum*), aínda que por costume non o fixensen. Naqueles casos nos que se usa a terminación indíxena, que son maioría, temos por tanto tamén unha alternancia de códigos.

-*ā*- e -*o*- respectivamente, o sufixo derivativo -*eigo*- < -*aico*- equivalente do lat. -*ensi*- unha conxunción copulativa *igo* equiparable ás latinas *et* ou -*que*.

Mentres non haxa textos escritos integramente en lingua indíxena, estes nomes suicheados constitúen a base máis pura e valiosa para o seu coñecemento, dado que se trata dos testemuños presumiblemente menos contaminados e alterados polo latín. Pero non debemos caer no engano de crer que son datos libres de toda afectación externa. Son nomes introducidos nun contexto latino, representados mediante o alfabeto propio da lingua latina (con toda a súa problemática e as súas convencións) e postos por escrito por individuos que só coñecían e utilizaban o alfabeto latino para escribir e ler textos igualmente latinos.

Vexamos algúns exemplos ilustrativos dos problemas fonéticos, gráficos e morfolóxicos cos que hai que contar:

a. Fonética. Como se coñece doutras situacións de contacto, na alternancia de códigos a palabra ou secuencia de palabras introducidas na lingua matriz non conserva necesariamente intacta a súa fonética orixinal. Téñase en conta por exemplo o que ocorre ou pode ocorrer en galego cando se introducen elementos ou secuencias en castelán, como podería ser o caso seguinte: *atopeino na rúa e non me deu nin os buenos días*. En Moraña diríamos [or βwenor días], sen sermos en absoluto conscientes de estarmos modificando dun xeito moi notable a fonética orixinal do segmento lingüístico castelán suicheado ao introducirmos nel tanto o rotacismo propio do noso dialecto como o máis marcado grao de apertura dos fonemas /o/ (o pechado) e /ε/ (e aberto) propios do galego en xeral. Cando na onomástica indíxena, aínda que sexa no contexto dun *code-switching*, atopamos por tanto fenómenos fonéticos que tamén están no latín vulgar, non podemos estar seguros de que sexan realmente comúns ás dúas linguas, así que en realidade só lle imos poder atribuir con confianza á lingua indíxena aqueles fenómenos que sexan diverxentes e que con certeza non poidan ser atribuídos ao latín (vulgar). Esta limitación mostra xa claramente que o cambio de código só pode suplir dun xeito moi parcial a carencia de textos en lingua indíxena.

Sobre o caso de *Bandu Alanobrigue* con terminación -*ue* (en lugar de -*ui*) alterada probablemente polo contexto (latino) no que se atopa véxase a continuación.

b. Grafías. A presenza de fonemas, fonos ou secuencias deles na lingua indíxena que eran inusuais ou descoñecidos na latina supoñía un problema para a súa representación gráfica. Así ofrece por exemplo unha especial dificultade a representación dos ditongos, dos que o latín andaba máis ben escaso. Os ditongos **ai*, **āi* e **oi*, **ōi* da lingua indíxena adoitan ser representados mediante AE e OE respectivamente, como se pode observar, por exemplo, no caso dos teónimos *Coso Oenaego* de Coristanco, A Coruña, *Lari Circeiebaeco Proeneiaeco* do Pereiro de Aguiar, Ourense, *Reo Parmaeco* de Lugo ou *Caesariciaeco* de Martiago, Salamanca, aínda que as grafías AI e OI tampouco son moi infrecuentes: *Bandi Oilienaico* de Penalva do Castelo, Viseu,

Paisicaico de Vouzela, Viseu, *Bandu Roudaico* de La Madroñera, Cáceres, etc. O mesmo nome reaparece de feito ás veces das dúas maneiras: *Ceceaecis* de Chaves, Vila Real vs. *Cegeaigis* de Cortegada, Ourense; *Bandi Vortaeaeo* de Fundão, Castelo Branco vs. *Band(i) [V]ortiaicio N[.]rbelieco* de Guijo de Santa Bárbara, Cáceres. É moi regular sen embargo a grafía *-ae* para o dat. sg. dos temas en *-ā-*, mesmo naqueles casos nos que na propia palabra se utilizasen previamente as grafías AI e/OI, como se pode observar por exemplo en *Oipainciae* de Idanha-a-Nova, Castelo Branco, *Iunoni Lineaigae* de Castelo Branco e *Munidi Eberobrigae Toudopalandaignae* de Talaván, Cáceres. As grafías AI e OI son en cambio bastante regulares nas formas teonímicas sen latinizar, como se pode ver por exemplo no caso de *Bandi Vordeaicui* de Meda, Guarda, aínda que non sempre sexa así necesariamente (cf. *Broeneiae* na inscrición en lingua indíxena de Arronches).

Tendo isto en conta, non cabe dúbida de que o uso de AE e OE ten moito de costume gráfico, pero hai que ter coidado, pois non sempre estamos necesariamente ante unha pura convención. Así por exemplo na forma *Tongoe Nabiagoi* < **Tongōi Nabiācōi* dat. sg. de Braga o ditongo longo final **-ōi* aparece representado mediante *-oe* e *-oi* sucesivamente. A grafía *-oi* pode estar sen dúbida condicionada pola falta de espazo final, que pode ter levado ao lapicida a substituír a letra E pola máis estreita I (véxase fotografía en *Hispania epigraphica online*). Pero tratándose dun teónimo con terminación en lingua indíxena tamén é posible que aquí non houbera ningunha intención de grafiar os ditongos á latina, senon que *-oe* e *-oi* estean reproducindo dun xeito non incoherente, senon polo contrario moi exacto a súa pronunciación en distintos contextos fonéticos: *-ōi* conservado en posición final absoluta vs. *-ōi* > *-ōe* ante sílaba(s) con vogal moi aberta (**-goi Nabia*-> *-goe Nabia*-). Non sería o único caso que apunta nesta dirección.

No breve texto *Bandu Alanobrigue Aemilius Reburinus* de San Amaro (Ourense) atopamos un epíteto teonímico que remata en *-ue* en lugar das terminacións de dativo singular habituais que son *-oi/oe* ou *-ui*¹²⁷. Podería tratarse dun cambio *-ōi* > *-ūi* > *-ūe* con relaxación do *-i* final tras vogal longa, pero se temos en conta que a vogal inicial da palabra seguinte é un *A-*, o máis probable é que en realidade se trate dunha apertura asimilatoria *-ūi A-* > *-ūe A-*, do mesmo xeito que sucede e se observa con frecuencia en fonética sintáctica interna (por exemplo *Crougeai* < **Crougiai* da inscrición en lingua indíxena de Lamas de Moledo). Este exemplo convértese así non só noutra mostra máis da precisión coa que, polo menos ás veces, se reproduce a foné-

¹²⁷ A lectura de Rivas Fernández 1973: 87: *Bandua Lansbricae* (que nun traballo máis recente segmenta como *Bandu(e) Alansbrica*) conta con moitos seguidores, pero é decididamente incorrecta. Tranoy (*Bandua Lanobrica*) e Rodríguez Colmenero (*Bandu-e Alan-iobrica*) retiran acertadamente a lectura do *-s-* interno, pero non se decatan de que a terminación non é *-ae*, senon un nexo *-ue*.

tica destes nomes, senon tamén nun claro testemuño da importancia de analizar as formas teonímicas no contexto fonético sintáctico latino no que se integran e non en listados de nomes completamente descontextualizados, como adoita ser costume¹²⁸.

Neste caso temos unha variante *-ue* nun teónimo suicheado, pero está condicionada polo contexto latino no que aparece, polo que non pode tomarse como proba de que na variedade local da lingua indíxena se teña producido un cambio **-ōi > -ue*.

c. Morfoloxía. O principal problema que se nos plantea a nivel morfolóxico é que ás veces non está claro se nos atopamos ante terminacións flexivas indíxenas ou latinovulgares, como ocorre por exemplo, e ten unha relevancia moi especial, no dat. sg. dos temas en *-a*. Nun monumento de Mérida do ano 58 dC. dedicado a unha divindade da zona por uns inmigrantes oriundos de *Termes*, h. Montejo de Tiermes, Soria, atopamos o seguinte texto: [... *Nerone*] *Claudio Caesare III co(n)s(ule) Vitulus et Proculus Valeri fratres Tarmest(ini) Lacipaea votum solver(unt) l(ibentes) m(erito)*, onde o teónimo *Lacipaea* aparece cunha terminación en *-a* en función sintáctica de dativo.

Na lingua latina vulgar ou, se se prefire, nas distintas variedades diatópicas, diacráticas e diacrónicas do que en conxunto chamamos latín vulgar, non só se coñece a terminación *-ae > -e* para o dat. sg. dos temas en *-a-*, senon que se usa ás veces tamén unha terminación *-a* común para o dat.-abl. sing., que sen dúbida se xerou por analogía do dat.-abl. sing. dos temas en *-o-* e dat.-abl. plural de tódalas clases flexivas que coinciden en compartir unha única e mesma terminación para estes dous casos. Non cabe dúbida de que se trata dunha terminación moito menos frecuente, pero o certo é que está perfectamente documentada tanto no léxico común coma na onomástica latina e tanto na nosa zona coma noutros lugares do Imperio. Sirvan de exemplos ilustrativos os dativos *Bellona* nun altar de La Madroñera (Cáceres), *Covetina agusta* de Carrawburgh (Northumberland, Inglaterra) ou *sancta Deana* de Geoagiu (Hunedoara, Rumanía)¹²⁹. Pero por outra banda resulta tamén que na inscrición en lingua

¹²⁸ Isto é igualmente importante para calquera outro tipo de nomes. Así por exemplo *Viriatius* aparece nunha ocasión con *B-*, co que teríamos un caso de alternancia *V-/B-* inicial. Trátase, sen embargo, de *Buturra Biriati filia* de Gastiáin, Navarra, de xeito que o *V-* inicial do nome se atopa en realidade en posición intervocálica dentro da frase nominal que conforma o conxunto do nome de persoa e mailo seu patronímico, contexto no que variante gráfica con *B* xa non ten nada de particular.

¹²⁹ O texto *Saturni|nus To|nci Bell|ona | v(oto) l(ibens) p(osuit)* de La Madroñera só presenta ONA na liña 4 a pesar do espazo sobrance (v. Fernández Oxea 1951: 175-176 fig. 8). Non se trata por tanto dunha grafía defectiva condicionada pola falta de espazo nin tampouco me parece probable un despiste, dado que sería un erro facilmente detectable e reparable. No texto de Carrawburgh: *Covetina agusta votu manibus su[is] Saturninus fecit Gabinius* (Hübner 1877: 270-271, RIB 1531), que se pode traducir como “*Saturninus* (que primeiro omite, pero ao final engade *Gabinius*, por tanto: *Gabinius Saturninus*) fixo coas súas propias mans (este recipiente) para a augusta deusa *Coventina* en cumprimento da súa promesa”, temos diferentes fenómenos tipicamente latinovulgares: *agusta* sen ditongo en lugar de *augusta*, *votu* con *-u* hipercorrecto por *votō < vōtō* abl. e

indíxena do Cabeço das Fráguas aparecen unhas formas *Trebopala* e *Icona Loiminna* que pola súa posición sintáctica parecen corresponder a dativos teonímicos.

Se hai por tanto un dativo en *-a* latinovulgar e eventualmente tamén o hai neste texto en lingua prelatina, qué postura debemos adoptar ante as formas teonímicas indíxenas en *-a* dos textos votivos latinos, como sería o caso do anterior monumento emeritense dedicado a *Lacipaea*? Debémolas considerar todas latinovulgares ou non? A resposta que a min me parece adecuada a esta pregunta é que nin temos dereito a considerar que absolutamente todas sexan latinovulgares nin a pensar que calquera delas sexa necesariamente indíxena, opción que en todo caso de momento só tería certa plausibilidade nas inmediacións do Cabeço das Fráguas. Non esquezamos que se *Trebopala* e *Icona Loiminna* fosen realmente dativos singulares, cousa que é posible (ou non imposible), pero incerta, sería de momento unha particularidade deste texto e lugar que se contrapón claramente ao que se observa nas outras inscricións lusitanas (Lamas de Moledo: *Crougeai*, Arronches: *Broeneiae*) e que por tanto de ningún modo debe extrapolarse á lixeira. Precipitarse a clasificar como indíxena todo dat. sing. en *-a*, proceda de onde proceda (lugar, contexto social, contexto lingüístico, etc.), cando en realidade sempre pode ser latino, ten dende logo moi pouco sentido. No caso concreto do monumento erixido a *Lacipaea* por uns inmigrantes termestinos chegados á gran urbe emeritense o máis probable é de feito que se trate dun vulgarismo latino, pois carece de toda lóxica atribuírlles a eles unha alternancia de código cun fenómeno lingüístico propio do Cabeço das Fráguas.

b. Nomes completamente latinizados

O segundo grupo, moito máis voluminoso, está constituído por todos aqueles nomes que documentamos en latín (ás veces en textos gregos como helenizacións do latín) e/ou, tralas posteriores evolucións fonéticas, en forma romance. Todos eles proceden dunha forma latina ou protorromance (eventualmente de máis de unha) que debemos tratar de reconstruír na medida do posible sen esquecer nunca que esa forma xa é o produto dunha adaptación na que se puideron introducir alteracións de todo tipo con respecto á forma orixinal da lingua indíxena.

Fagamos tamén aquí un breve repaso das transformacións que se poden ter producido:

Covetina agusta con dativo en *-a* (máis exemplos británicos en Colin Smith 1983: 931). No texto de Geoagiu: *Nymphi[s] sanctis August(is) simul et tibi sancta Deana fontiq(ue) vestro retulit sua vota libens saluti ter refirmatus aquis Germis(ensibus?) M(arcus) Aur(elius) Theodotus v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito) Imp(eratore) Comm(odo) [Fe]lice c(onsule) VI VIII Kal(endas) Com(modas)* (Piso - Rusu 1990 14 n. 8; AE 1992, 01484) temos por último *sancta Deana*, que en boa lóxica é aposición de *tibi*, e está por tanto en función sintáctica de dativo.

a. Acento. En primeiro lugar pódense ter introducido cambios tanto no tipo como na posición do acento:

– Tipo de acento. A lingua protoindoeuropea tardía tiña un acento tonal, que se conservou por exemplo no grego antigo (de aí que, como é sabido, a nosa terminoloxía que é de tradición grega sexa a propia dunha lingua con acento tonal: acento *agudo*, acento *grave*, etc.). En latín en cambio xa se transformara en época prehistórica nun acento de intensidade que pasou ademais por distintas fases (acento inicial → regra da penúltima). Sobre a lingua indíxena do noroeste non temos información a este respecto.

A existencia de debilitacións e síncope de vogais átonas, tan propias por exemplo do latín e impropias do grego antigo, son un claro indicio da presenza dun acento de intensidade, pero, a pesar de que na nosa onomástica temos efectivamente moitas síncope (por exemplo, etn. *Praestamarci* < **Praestamarici*, *Coelerni* < *Coelerni*; teón. *Brobreo* variante de *Berobreo* de Donón, Cangas, Pontevedra; antrop. *Ablecae Dovitri filiae* de Miranda do Douro, Bragança, fronte á forma máis frecuente *Doviterus*, *Burrilus Avelci filius* de Vigo de Sanabria, León, ou *Avelco Ambati filio* de Villalcampo, Zamora vs. *Avelicus* de Belvís de Monroy, Cáceres, etc.), o certo é que todas se dan na onomástica latinizada e poden ser por tanto latinas¹³⁰. Téñase en conta sen embargo que algunhas alternancias vocálicas poden non ser fonéticas, senón variantes apofónicas. Posibles exemplos serían os antrop. *Sit-on-* (base de *Siton(i)o-*) vs. *Sit-n-ia* na epígrafe votiva *Sitnia Q(uinti) filia Victorina ex visu Q(uiti) Sitoni equestris patris sui Endovellico p(onendum) c(uravit)* do Alandroal, Évora; *Tal-ot-* vs. *Tal-t-ico-* en *Ibdoena Talotis filia* e *Taltico Venati nepote* de Lamego, Viseu.

– Posición do acento. Nos nomes suicheados en textos latinos é posible, aínda que non necesario, que se conserve a posición (e eventualmente tamén o tipo) orixinal do acento. Así por exemplo os substantivos **deiuó-*, **deiuá-* “deus, deusa” levaban orixinariamente o acento fixo sobre a vogal final do tema, de xeito que é posible que *Deibābo* de Chaves, Vila Real e *Deibābor igo Deibobor* de Viseu se acentuasen *Deibābo(r)* e *Deibóbor* respectivamente, sempre e cando a propia lingua indíxena non alterara o estado de cousas primitivo. De acordo coas regras latinas a acentuación tería sido en cambio *Deibābo(r)* e *Déibōbor*, dado que nesta lingua, como é sabido, xoga un papel decisivo a cantidade da penúltima sílaba que debe ir acentuada cando é longa (p. ex. Cal.láe.cus) e, se é posible, precedida do acento cando é breve (p. ex. Brá.cã.ra).

¹³⁰ O feito de que se dean con máis frecuencia no material lingüístico de orixe indíxena ca no latino non permite atribuír este fenómeno necesariamente á lingua indíxena, porque os nomes comúns e propios latinos están sometidos a unha tradición ortográfica que impide que as alteracións da lingua vulgar saian á luz con tanta liberdade, mentres que os de orixe indíxena se escriben (case) sempre a partir da súa pronuncia real.

Na onomástica latinizada temos que contar en cambio cunha adaptación sistemática ás regras de posición acentual latinas, mentres que nas fontes literarias gregas a acentuación introducida polos copistas a partir dun determinado momento (tardoantigo ou medieval, dado que os textos orixinais e copias máis antigas se escribían sen acentos) pasa a seguir as regras acentuais e modelos morfolóxicos gregos, ignorándose na maioría dos casos a acentuación latina sobre a que se basea ou tería que basear (p. ex. lat. *Callaecia* → gr. Καλλαικιά; lat. *Ócĕlum*, pl. *Ócĕla* → gr. Ὀκελον Ptol. 2,5,7, Ὀκέλᾱ Strab. 3,4,3), xurdindo así ás veces formas acentuadas dun xeito completamente absurdo, como ocorre por exemplo co lat. **Dĕva* → gr. Δηούᾱ (= **Dĕiṽā* en vez de **Δήουᾱ* = **Dĕiṽā*)¹³¹.

Poden servir de exemplos de latinización con modificación da posición do acento os adxectivos ie. **deiṽó-* “divino, deus” (ind. ant. *devá-*), **(s)kambó-* “torto” (> gr. σκαμβός, celt. **kambo-* > irl. ant. *camp*, galés *cam*), **h₁ish₂ró-* “rápido” (ind. ant. *iṣirá-*) e **t₁mh₂ró-* “escuro” (ind. ant. *timirá-* “escuro”)¹³² documentados na nosa paleohidronimia. É posible que a lingua indíxena aínda conservase a súa primitiva acentuación aguda (**Deiṽā*, **Cambā*, **Isārá* e **Tamārá*), tendo sido retrotraído o acento en *Dĕva*, *Cám̄ba*, *Ísāra* e *Támāra* respectivamente a máis tardar no momento da súa latinización, dado que o latín non admite palabras agudas nin trisílabos con penúltima breve tónica. En caso de ser helenizados, estes nomes podían experimentar aínda outras alteracións adicionais. Así por exemplo o río *Támāra* (tema en *-a-* na documentación medieval, aínda que parece que só excepcionalmente: a. 1120 *inter uliam et tamaram*; tema en *-i-* en Mela 3.1.11: *Tamaris*, de onde en principio a. 818 *riuulo Tamare*, h. *Tambre*) aparece en fontes gregas como gr. Ταμάρᾱ (Ptol. 2.6.2), recaendo agora o acento na penúltima debido a que nesta lingua a sílaba final longa impide que o acento poida estar sobre a antepenúltima que era en cambio onde tiña que ir obrigatoriamente en latín ao ser a penúltima breve. O nome do grupo musical

¹³¹ Δηούᾱ de Ptol. 2,6,8 entre os caristos = río *Deba* (Guipúscoa) era nun primeiro momento unha perfecta helenización dunha forma latinizada **Dĕva* mediante a grafía Δηουᾱ, na que o [u] intervocálico latino se reproduce mediante -ou- (outro exemplo: *Iria Flavia* = Ἰρία Φλαουία de Ptol. 2,6,23), dígrafo que en grego en realidade só se usaba para o /u/ vocálico nuclear. O problema é que os copistas posteriores non eran (necesariamente) conscientes de que este -ou- estivese representando un -u-. Para eles un -ou- era en principio un [u] vocálico, polo que interpretaban a grafía Δηουᾱ como un trisílabo [dĕ.u.ā], por moi estraño que tanto hiato seguramente tamén a eles lles debía resultar. O Δηουᾱ de Ptolomeo (en realidade [dĕ.ɥa]), reinterpretado posteriormente como [dĕ.u.ā], non podía levar o acento sobre a antepenúltima, como sucedía en latín, porque as regras de acentuación grega non permiten o acento nesta posición cando a última é (ou, coma neste caso, se considera) longa, optándose así por Δηούᾱ ([dĕ.ú.ā]), que histórica e etimoloxicamente ven sendo por desgraza a opción máis absurda imaxinable.

¹³² A forma **t₁mh₂ró-* é unha variante de **t₁mh₂ró-* “escuro” (cf. ind. ant. *tāmra-* “vermello escuro”, refección do esperado **tārā-*) xurdida por analogía estrutural doutras formacións da mesma raíz **temh₂-*.

dos *Tamara* presenta por certo no seu nome (conscientemente ou non) a acentuación da forma helenizada.

b. Fonética. Como cabe esperar, houbo tamén unha frecuente adaptación daqueles fonemas, fonos ou secuencias deles que fosen inexistentes ou inusuais en latín, como se pode observar no caso de distintos ditongos e de semivocais e vocais en determinados contextos.

Nos teónimos suicheados *Deibabo(r)* e *Deibobor* vistos anteriormente o primitivo /ei/ indoeuropeo aínda se conserva inalterado, mentres que en posición final, onde o temos na reiterada terminación de dativo atemático, se observa a súa constante monoptongación en (*-ei >) -ē: *Reve*, *Bandue* (nunca **Revei* nin **Banduei*). Entre as formas teonímicas latinizadas temos en cambio por exemplo un teón. *Devaco* < **deiṷā-ko*-¹³³ en León sen ditongo. Na onomástica persoal temos por outra parte variantes como *Veicius* : *Vecius* < **ueik-jo-* “vencedor, victorioso” en León e Lugo ou *Meiduenus* : *Meduenus* < **meidṷ-eno-* “famoso, honroso, orgulloso” (cf. irl. ant. *miad* n. “fama, honra, orgullo” < **meido-*) na Gallaecia meridional e Lusitania¹³⁴. A base deste último nome reaparece nos *Meidubrigenses* a situar ao sur do Douro, que se documentan epigraficamente con esa grafía *Meidu-* (por exemplo en CIL II 760), mentres que nas fontes literarias atopamos *Medu-* ou *Medo-* (*Medubrigenses* en Plin. nat. 4,118, *Medobrigenses* en Bell. Alex. 48,2). Non é verosímil que as frecuentes variantes sen ditongo sexan sempre grafías defectivas, senon que máis ben se debe admitir que o material lingüístico antigo xa coñece a monoptongación do ditongo /ei/ non final, aínda que non estea claro cando nin por onde empezou a producirse este cambio nin se é exclusivamente latino ou se puido dar en parte xa tamén na lingua indíxena, como sen dúbida sucedera en posición final.

Na lingua indíxena existía o grupo consonántico inicial **ul-* que o latín descoñecía dende épocas remotas (cf. lat. *lāna* < protoital. **ulānā* < **h₂ul_hnah₂*- cognato do alem. *Wolle*). Así, por exemplo, son derivados do substantivo **ulati-* “dominio” (irl. ant. *flaith* “dominio, xefe”, galés med. *gwlad* “país”, galo antrop. *Ulattius*) os nomes *Maxum[u]s Vlat[i]ci* de Brozas, Cáceres, *Vlad[-?]* de San Amaro, Ourense,

¹³³ Derivado de **Deiṷā*, do mesmo xeito que o epíteto *Nabiagoi* < **Nabiā-co-* de Braga é un derivado de *Nabia*.

¹³⁴ Como *Catuenus* < **catṷ-eno-* “combativo, guerreiro” (cf. irl. ant. *cath*, galés. *cad* “combate”, galo etn. *Caturiges* e teón. *Marti Caturigi* < celt. **catu-*) ou o seu sinónimo *Celtienus* < **kelti-eno-* (cf. aaa. *hiltia*, sax. ant. *hild(i)*, ing. ant. *hild*, nórd. ant. *hildir* “combate, batalla” < **heldjō* < **keltiā*). *Meiduenus* é un nome diferente de *Medugenus*, que pola súa parte debe ser unha variante sonorizada de *Meducenus*, celtib. **meḏukenos**. Non hai proba da existencia dun primitivo **Meidugenus* nin rastro de ningún **Catugenus* ou **Celtigenus*, de aí que a hipótese máis plausible sexa partir de derivados en *-eno-* nestes tres casos. *Matuenus*, en cambio, que só temos en *Tancinus Matueni f(i)lius* de Badajoz, pode (aínda que non ten que) ser froito da perda dun -g- intervocálico a partir de *Matugenus*.

e con metafonía *Vledico* de Rasillo de Cameros, Logroño. A grafía latina <VL-> non ten, sen embargo, capacidade de revelarnos por si mesma cómo se pronunciaba esta secuencia fonemática nestes nomes latinizados. A representación opcional destes nomes mediante as grafías *Vlat-*, *Vlad-* e *Vled-* pode obedecer e xustificarse baixo un criterio etimoloxicista, pero en realidade vai en contra da lóxica esperable dos acontecementos. Se o latín carece de **ul-*, o mais probable é que a súa latinización fose mediante *ul-* e por tanto os nomes máis ben se deberían transcribir desta maneira, como *Maxum[u]s Ulat[i]ci*, *Ulad[-?]-e Uledico* respectivamente. Que isto foi polo menos en parte así confirmao a grafía do epíteto de *Iov(i) Oladico* da Pobra de Trives, Ourense, onde *Ul-* pasou en lat. vulgar tardío a *Ol-*.

Outro fenómeno interesante en relación co vocalismo é o da adaptación das vogais de unión na composición. O latín tende a ter un *-i-* nesta posición (cf. os nosos cultimos *agricultura - agro*, *aquicultura - auga*, etc.) e introduce ese *-i-* claramente en casos como o de *Baebius Latro Nigri f(i)lius Uxamibarcensis* nunha epígrafe de Astorga, León, orixinario de Οὔξαμα Βάρκα Ptol. 2,6,52, h. *Osma* de Valdego-bía, Árabia; probablemente tamén noutros como por exemplo *Glandimiro* do It. Ant. 424,3 vs. Γλανδόμιρον en Ptol. 2,6,22 no norte de Gallaecia. Pero este problema aparentemente sinxelo e irrelevante complícase moito por culpa de dous fenómenos da lingua latina e indíxena respectivamente. Por un lado temos a neutralización latina dos fonemas /i/ e /u/ ante labial que provoca a súa alternancia gráfica (por exemplo, con regularidade en *Iovi Optimo Maximo / Iovi Optumo Maxumo* e esporadicamente en moitos outros casos: *Matribus / Matrubus*, etc.); por outro, o ocasional peche *-o- > -u-* tamén en contacto con labial na onomástica prelatina (por exemplo, no teónimo en lingua indíxena *Deibabo Nemucelaigabo* “ás deusas de **Nemucelo-*”, probablemente < **Nem-ocelo-* de Chaves, Vila Real), que, ao ser latinizado, pode aparecer con *-u-* ou *-i-*. Isto desencadea a nivel gráfico unha forte variación (por exemplo, *Turobri- / Turubri- / Turibri- / Turiubri-* na nomenclatura do conxunto teonímico que adoitamos reunir baixo a etiqueta de *Ataecina*); tamén a nivel fonético, dado que a neutralización latina dos fonemas /i/ e /u/ ante labial implica que, sexa cal sexa a súa orixe etimolóxica, nas formas latinizadas esa vogal se pode pronunciar indiferentemente como [i] ou [u] (ou calquera fono intermedio), acabando por asentarse en época románica calquera desas posibilidades como /i/ ou /u/ que despois pasarán a /e/ e /o/ respectivamente. Esta é unha das causas polas que na toponimia moderna atopamos variantes como *Boebre* (Santiago de *Boebre*, Pontedeume, A Coruña) < a. 922 *Uolebre* < **Volibri-* vs. Οὐολόβριγα de Ptol. 2,6,40 dos nemetates galaicos, etc.¹³⁵

¹³⁵ Noutros casos trátase dunha alteración recente, por exemplo *Coebre* vs. a. 935 *Colobre*, de Santo Estevo de Loureda, Cesuras, A Coruña. É posible que aquí a inestabilidade vocálica se teña importado do derivado en -és: **Co(l)obrés / *Co(l)ebrés*, onde a asimilación á vogal tónica é perfectamente comprensible.

Non podo entrar aquí a analizar o que ocorre no resto do sistema vocálico e fonolóxico no seu conxunto. Pero quero suliñar en todo caso que non podemos atribuír á lixeira á lingua indíxena cambios fonéticos que só coñecemos a partir da onomástica latinizada: variacións gráficas de todo tipo; as metafonías tan frecuentes e relevantes; algunhas posibles (pero inseguras) epénteses ou metáteses de *-i-* (por exemplo, *-Vri-* > *-V̄ir(i)-*), deslabializacións e palatalizacións (por exemplo, do *qu* e do *g* ante vogal palatal respectivamente), etc. Estes e outros moitos fenómenos, que por suposto primeiro deben ser establecidos con plena seguridade e non só a remolque de simples especulacións etimolóxicas ou sobre a base de posibles exemplos moi illados, poden ser latinovulgares ou protorrománicos (“itálicos”, como algúns *din*, pero só na medida en que o latín é unha lingua itálica e sempre que non se extrapolen e atribúan á lixeira á lingua indíxena que pola súa parte non ten nada de itálica). O feito de que a onomástica de orixe prelatina ou, dito doutra maneira, o constituinte de orixe prelatina da onomástica romana estea máis apegado á realidade fonética pola ausencia dunha norma gráfica que o condicione fai que se constituía nunha fonte de especial relevancia para o coñecemento da fonética do latín vulgar.

c. Morfoloxía. Tamén son frecuentes as adaptacións morfolóxicas.

O tema flexivo que presenta calquera nome na súa forma latina, que case sempre é a única que coñecemos, pode ser froito dunha remodelación ou reclasificación flexiva. Este fenómeno é especialmente frecuente e coñecido entre os temas toponímicos en *-n-* (tipo *Olisipo -onis* → *Olisipona*, h. Lisboa). Vímolos anteriormente no caso do topónimo *Clūnia* (> *C(o)ruña*) a partir dun étimo céltico en *-i-* (irl. ant. *clúain* m., galés *clun* < celt. **klouni-* “prado, campo”). Tamén os compostos en *-brig-* se transforman en *-brig-a*: o nome antigo de Setúbal aparece como *Καϊτόβριξ* en Ptol. 2,5,2 e máis tarde como *Cetobricca* (= **Cetobriga* < **Caetobriga*) no Rav. 306,18, neste testemuño co problema da frecuente representación gráfica hipercorrecta de *-briga* mediante *-brica*¹³⁶ e co erro engadido da repetición do *-c-* posiblemente por despiste dalgún copista. Hai que ter en conta sen embargo que non tódolos topónimos en *-briga* son necesariamente refeccións. As linguas célticas coñecen tanto **brig-* (> irl. *brí*) como **brigā-* (> galés *bre*) e por tanto calquera topónimo en *-briga* podería ser en realidade un tema en *-a* orixinal. Na maioría dos casos non hai xeito de determinalo. Os híbridos tipo *Augustobriga*, *Flaviobriga*, etc. son todos recentes (creacións latinas de época romana) e todos en *-a* dende un primeiro momento.

No noroeste temos ademais topónimos en *-bri-*. Ecuacións como por exemplo med. *Arcobre* (h. *Alcobre*) < **Arcobri-* = *Arcobriga* favorecen a hipótese de que procedan de antigos topónimos en *-brig-*, transformación que puido ter a súa orixe na

¹³⁶ Cf. *Nemetobrica* no propio Rav. 320,7 fronte a *Nemetobriga* do It. Ant. 428,6 e *Νεμετόβριγα* de Ptol. 2,6,36.

simplificación *-brix* > *-bris* do nominativo con extensión secundaria do alomorfo *-bri-* a todo o paradigma. O que non se sabe é en calquera caso se ese paso de tema en consoante a tema en *-i-*, que tamén se coñece dunha forma moi semellante noutras linguas¹³⁷, xa é un proceso concluído na lingua indíxena ou un produto da latinización.

Tamén hai problemas entre os temas en *-ia*, que poden ser de dous tipos. Por unha parte están os temas en *-iā-* invariables, que en principio se adaptan directamente e sen ningunha anomalía, como, por exemplo, no caso de **segeu-iā-* “victoriosa” > *Segovia* de Plinio nat. 3,27 entre os arévacos, forma feminina do adxectivo **segeu-īo-* “victorioso”, derivado de ie. **seġ^hu-* “victoria” (alem. ant. *sigu* > alem. mod. *Sieg*, da raíz ie. **seġ^h* “apoderarse de algo”: gr. ἔχω “ter”). Pero por outra están os temas alternantes en *-ī-/iā-* (por exemplo, **brigantī-/iā-* “alta, elevada” con acus. **brigantī-m*, xen. **brigantīā-s*), que adoitan ser latinizados por xeralización do alomorfo *-iā-* (tipo **brigantī-/iā-* → *Brigantia*), pero non se descarta que ás veces o sexan como temas en *-i-* a partir da outra variante temática. Así, por exemplo, os hidrónimos *Arante* (en San Pedro de Arante, Ribadeo)¹³⁸ e *Aranza* (afl. do Verdugo, Soutomaior, Pontevedra) poderían proceder dun mesmo paradigma (< **Arantī-/iā-*), aínda que lamentablemente non hai xeito de sabelo con seguridade, dado que *Arante* tamén pode ser simplemente un tema **Arant-*.

Ás veces atopamos variantes en *-a* e *-i-*, tipo *Tamara* / *Tamari-* (Ταμάρρα en Ptol. 2.6.2, a. 1120 *inter uliam et tamaram* vs. *Tamaris* en Mela 3.1.11, a. 818 *riuulo Tamare*, a. 1107 *inter Uliam et Tamar*, h. *Tambre*), sendo na maioría dos casos o presunto tema en *-i-* só unha opción interpretativa para as variantes medievais e/ou modernas en *-ar(e)*, cf. *Esar*, nome medieval do actual Xallas, con top. moderno *Ézaro* /*-s-*/, fronte á forma máis común deste hidrónimo, *Isara*, ou a. 1002 *Cambar*, que reaparece como *Cambara* no a. 1570, h. Alfusqueiro, que flúe pola freg. de *Cambra*, Vouzela, Viseu, con top *Cambarinho*. O mesmo fenómeno parece darse con outras terminacións, por exemplo no caso de **(m)īna* / **(m)ēna* en formas como *Sajambre* < a. 973 *Saliarne*, a. 999 *Saliarne*, Oseja de Sajambre, León, aparentemente < **Saliarne-*, sexa un derivado en **-eni-* de **Saliarne* ou **-meni-* de **Saliarne*, fronte a formas en *-a* como *Loentia* < a. 1031 *Luentena*, Castro de Rei, Lugo, *Tórdea* < **Tórdena*, afluente do Neira (→ Miño), Castroverde, Lugo, ou *Irimia* na fonte

¹³⁷ Lémbrense as interferencias entre temas en *-id/-t-* e temas en *-i-* do grego antigo pola súa confluencia fonética no nom. sg. e dat. pl. (p. ex., subs. ἐλπίς “esperanza”, acus. sg. ἐλπίδα, xen. sg. ἐλπίδος, dat. pl. ἐλπίσι [tema en *-id-*] vs. adx. εὐελπίς -ι “benesperanzado”, acus. masc.-fem. εὐέλπιν [tema en *-i-*!], xen. εὐέλπίδος [tema en *-id-*]).

¹³⁸ Tamén existe *Arantón* (parr. San Vicente de Arantón, Santa Comba, A Coruña) que fai parella con *Arante* dun xeito similar a tantas outras parellas hidrónimicas constituídas por unha base e mailo seu derivado en *-on-* (*Avia* - *Avión*, *Arganza* - *Arganzón*, etc.), o que favorece a hipótese dunha orixe hidrónimica.

Miño, Meira, Lugo (cf. top. galaico Ταλαμίνη transmitido por Ptol. 2.6.27 a situar posiblemente por Baralla, Lugo; e formas en *-o* como *O Aramio* < a. 1380 *Arameo* < **Arameno* de Santiago de Compostela, *Serramo* < a. 1334 *Sarrameo* < **Sarrameno* de Vimianzo, A Coruña). Esta alternancia *-a* / (presuntamente) *-i-* é máis difícil que poida ser froito dunha escisión na latinización dun mesmo paradigma prelatino, aínda que non imposible, dado que non sabemos como era a flexión orixinal deses temas. No suposto dunha contaminación flexiva entre os temas en *-ā-* e *-ī-/iā-*, como se coñece por exemplo en galo¹³⁹, sería de feito perfectamente imaxinable. Pode tratarse, sen embargo, de alteracións de época latino-románica e por causas moi diversas (fonéticas [debilitación, apócope] e/ou morfolóxicas [xenitivos fosilizados]).

Outras variantes como *Limia* (Mela, Plinio) vs. *Limaea* / Λιμαία (Plinio, Estrabón) coas que se designa o mesmo río, h. *Limia* (port. *Lima*), non poden explicarse como escisións dun mesmo paradigma. Neste caso son sen dúbida nomes distintos, probablemente nomes de distintos tramos, coa mesma alternancia sufixal que documentamos en hidrónimos modernos como por exemplo *Neira* < a. 1110 *Naria* (afl. do Miño, Lugo) vs. *Naraia* (afl. do Cúa → Sil → Miño, Bierzo, León).

Por outra parte, nalgúns casos prodúcese unha alteración do xénero gramatical, con ou sen modificación do tema, o que naturalmente ten consecuencias sintácticas e derivacionais. Celt. **klouni-* “prado, campo”, por exemplo, era masculino (irl. ant. *chlúain* m.), latinizándose como *Clūnia* fem.; **brigantī-/iā-* “erguida, alta” era feminina, pero non só se latinizou como *Brigantia*, senon tamén como *Brigantium* neu. (cf. *rāti-* fem. “(lugar con) sistema defensivo consistente en muro de terra e foxo” nos topónimos galos latinizados *Argentorate*, *Argentoratum*). O hidrónimo *Nabia* foi primeiro sen dúbida feminino, como tódolos hidrónimos en *-a*, pero ao latinizarse acabaron todos eles convertidos en masculinos, como segue sendo regra en galego (o *Navia*).

O xénero feminino parece manterse en cambio en casos como o top. *Val da Louriña*, onde *Louriña* é en orixe sen dúbida hidrónimo derivado de *Louro*, afluente do Miño na prov. Pontevedra, pero o artigo pode estar aquí condicionado polo seu uso secundario como nome da comarca (cf. A Ulloa, A Limia, etc.). Outros moitos derivados en *-a* son en principio masculinos como o *Sarela*, afluente do *Sar*, sendo escuras a motivación e cronoloxía destas formacións formalmente femininas e que con frecuencia son ou parecen románicas. Lémbrese en calquera caso que cambios de terminación (e xénero) tamén se dan con relativa frecuencia nos diminutivos do léxico común (cf. *rabo* m. → dim. *rabela* f., *porta* f. → dim. *portelo* m.).

¹³⁹ *Severa Tertionica* “Severa Tertionis filia” presenta o acus. sing. *Severim Tertioninim* na lámina de chumbo de Larzac.

A masculinización latina dos nomes dos ríos femeninos debeu ser un fenómeno progresivo no que os temas en *-a-* ofreceron probablemente especial resistencia. Pero as nosas fontes máis antigas son incapaces de informarnos adecuada e claramente desta interesante problemática por dous motivos: primeiro e de entrada porque o xénero masc. ou fem. non tiña ningún efecto sobre a flexión dos temas en *-a-*, polo que só resultaría perceptible e determinable no caso de que o hidrónimo fose acompañado dun adxectivo concertado de tres terminacións, cousa que raramente sucede¹⁴⁰; pero tamén debido a que, en calquera caso, as fontes que mencionan hidrónimos son na súa maioría literarias e por tanto non reflicten as particularidades da lingua oral popular do noroeste hispánico (como sí podería suceder en testemuños epigráficos).

Os hidrónimos tamén poden cambiar de forma e xénero pola substitución do nome por un dos seus derivados. No ámbito hidronímico ocorre con frecuencia por exemplo que o nome do curso alto, que adoita ser un derivado do nome do curso principal, pase a usarse como sinónimo deste e acabe por impoñerse: o *Mondego* en Portugal é un derivado en *-ego* < *-aecum* do seu nome antigo *Munda*, do mesmo xeito que por exemplo o *Arnego* (afl. do Ulla) se contrapón á forma **Arno-* que probablemente se conserva no topónimo adxacente a. 1122 *Arnobre* (cf. río *Arnos*, afl. do Limia, que pode ser unha pluralización)¹⁴¹; o río asturiano *Nalón* < med. *Nelón* (a. 1078 *Nalonis*, a. 1070 *Nelonis*, *Nilonis*) é un derivado en *-on-* do seu nome antigo **Nailā* ou **Nailo-*, atendendo a *Ναίλου ποταμοῦ ἐκβολαί* “desembocadura do río N.” de Ptol. 2,6,5 (aínda que outras formas emparentadas ou emparentables apuntan á posibilidade de que a forma ptolemaica con *-αι-* non sexa etimolóxica, cf. río *Nela*, afl. do Ebro en Burgos, que non presenta ditongación e por tanto pode vir de **Nila*, **Nēla* ou **Noela*, opcións de entre as que **Nēla* < prelat. **Neilā* recibe soporte da *Nelo*, río que Plinio 4.111 sitúa no *promunturium Celticum*, ao que aínda se pode engadir o top. *Neaño* < a. 1019 *Nelanio* na parr. Santo Estevo de Cesullas, Cabana de Bergantiños, A Coruña), do mesmo xeito ca o actual *Nervión* (por Burgos e Biscaia) deriva dunha variante **Nervia* do antigo **Nerva*, transmitido como *Νερούα* en Ptol. 2,6,7 (cf. med. *Nervia*, afl. do Avia → Miño).

¹⁴⁰ O xénero das formas helenizadas pode deducirse en cambio da súa propia forma, dado que a lingua grega declina dun xeito parcialmente diferente os temas en *-ā-* femeninos e masculinos. O río *Nabia* aparece adaptado ao grego por exemplo como **Ναβιάς* masc., ao que lle corresponde un xenitivo *Ναβίου*, tal como aparece por exemplo en *Ναβίου ποταμοῦ ἐκβολαί* “desembocadura do río Nabia” de Ptol. 2,6,4 (se fora feminino, teríamos nom. ***Ναβιά*, xen. ***Ναβιάς*). Pero lamentablemente o xénero masculino das fontes gregas é irrelevante, dado que estas se basean en fontes latinas nas que os nomes se presupoñían masculinos, habendo nesto ademais unha gran coincidencia entre as dúas linguas, dado que os ríos tamén adoitan ser masculinos en grego.

¹⁴¹ Cf. *Illobre* (< **Ullobre*) - río *Ulla* en Vedra e mais en Ledesma, Boqueixón, A Coruña; *Landrove* < **Landrobre* - río *Landro* en Viveiro, Lugo.

En principio esperaríase que nestes casos o derivado presente a forma correspondente ao xénero gramatical da base, tal como efectivamente sucede por exemplo no caso de ant. *Tagus* → afl. *Tagonius* ou do med. *Naura* → afl. *Naurenia* en Asturias. Pero esto non sempre é así. Por unha parte, hai sufixos que están ligados a un determinado xénero, como ocorre, por exemplo, cos diminutivos en *-chen* e *-lein* do alemán, que son sempre neutros (alem. *Magd* f. “moza”, *Frau* f. “señora” → dim. *Mädchen* n., *Fräulein* n.), cousa que tamén parece suceder no caso de *-aeco-* > *-ego-*: hidr. *Munda* → **Mundaecum* > *Mondego*, *Navia* → **Naviaecum* > *Naviego*; top. *Lama* → **Lamaecum* > a. 569 *Lamecum* > *Lamego* “Lamela”, **(m)brig(a)-* → **(m)brigae-cum* > *Pombriego*, **Aiobrigio/a-* → *⊃ Aiobrigiaeco*¹⁴². Outras alteracións do xénero poden ter que ver en cambio coa individualización ou desambiguación de homónimos, especialmente no ámbito hidronímico, onde a homonimia é especialmente frecuente. Así por exemplo na ribeira do río Ponga preto da súa confluencia co *Sella*, en Ponga, Asturias, atopamos o top. *Sellaño*. Se, como parece, é unha formación prelatina, esperaríamos ***Sellaña*, e se cadra había un ***Sellaña* no momento en que, para evitar confusións, se creou un *Sellaño* desambiguado (lémbrense os hidr. *Beseña* e *Beseño* na cunca do Ulla). Pero, por suposto, aínda que isto teña sucedido así con relativa frecuencia, nunca poderemos estar seguros de que tamén pasase no caso concreto ao que nos enfrontamos. Seguindo o modelo doutros hidrónimos e mailos seus derivados sempre é igualmente posible que se producise unha derivación directa e incondicionada *Sella* → *Sellaño*.

Ao ámbito morfolóxico corresponde tamén o feito de que algunhas formas latinas e románicas teñan a súa orixe nun caso oblicuo fosilizado da lingua indíxena ou latina. Ese podería ser o caso de *Tui* < *Tude* (Itin. Ant. 429,7, Rav. 307,17), que á primeira vista parece un caso semellante por exemplo ao do topónimo británico *Brige* no Itin. Ant. 483.3, 486.12 (Jackson 1970 69, Rivet - Smith 1979 277-78), pero non o é. Os dous comparten a súa segura ou moi probable relación cun tema en *-a-*: *Tude* aparece en Ptol. 2,6,44 como *Toũδαι*, o que leva a pensar que se trata da palabra **toutā* “pobo, comunidade, territorio” (a. irl. *túath* “pobo, tribu”, galés *tud*, bret. med. *tut*, *tud* “país, xente” < ie. **teutah₂*; got. *þiuda* “pobo”, etc.), con sonorización previa á súa latinización; *Brige* está pola súa parte sen dúbida relacionado con **brigā* que se conserva no galés *bre*. Pero o certo é que a identificación do caso gramatical deste nome é menos problemática, porque admite sen problemas a posibilidade de

¹⁴² Non vexo formas correspondentes en *-ega*. Se as hai, serán en todo caso excepcións e daquela se cadra a explicar doutra maneira. Debe haber sen embargo tamén un alomorfo *-aecium*: por exemplo posiblemente en **Brig(a)-* → *Βριγαίκιον* de Ptol. 2,6,29, *Brigecio* na tab. Astorg. 3,3, h. Dehesa de Morales, Fuentes de Ropel, Zamora. A indicación de orixe *Alterniaicinus* nunha inscrición de Viana do Bolo, Ourense, é pola súa parte un derivado dun topónimo **Alterniaecum* ou **-aecium*, derivado de *Ἀλτέρνια* (Ptol 2.6.56) entre os carpetanos.

que se trate dun nom. pl. latinovulgar co significado de “montes, outeiros”, como temos por exemplo no noso top. ourensán *Coles* < lat. *colles*. No caso de **Toutāi* resulta en cambio semanticamente moi pouco verosímil que poida tratarse dun plural, polo que só resta a posibilidade de que se trate dun caso do singular fosilizado, posiblemente un locativo, da lingua indíxena.

Outro nome problemático é *Cale* (Hyd 168, 190), que aparece como *Calem* no Itin. Ant. 421,8. Este nome tamén podería asociarse a un tema en *-a-*, o frecuente **kalā* (cf. top. *Caaveiro* < a. 914 *Calavario* da Capela, A Coruña, etc.), pero o acus. *Calem* faíno incompatible con el. Debe tratarse máis ben dun tema **Cali-*, que tamén pode estar no primeiro membro do composto **Calubriga* (temos un *Gigurrus Calubrigen(sis)* nunha inscrición da Rúa, Ourense, e mais uns *artifices Calubrigenses* nunha estatua de guerreiro de Santa Comba, Cabeceiras de Basto, Braga; cf. ademais o monte *Calobro* de Ribamontán al Monte, Cantabria, e *Coulobres* < a. 881 *in villa Calobrice* no dép. de l’Hérault, Francia), onde a grafía con *-u-* podería deberse á alternancia gráfica latina *-i/-u-* ante labial (*lubens/libens*, etc.). En irl. med. temos *cáil* f. “lanza” < **kāli-*, que orixinalmente puido significar “punta”, semántica adecuada para un uso toponímico (cf. Koch 2006: 1468).

Topónimos modernos como *Llugones* (Siero, Asturias; cf. etn. *Luggoni Arganticaeni* nunha epígrafe de Villaviciosa), *Trives* (Ourense; < a. 1150 *Tibres, Tibris*; no Parr. Suev. *Teporos* con *-p-* hipercorrecto, dado que en Ptol. 2,6,36 temos o xen. plur. *Τειβούρων* con *-b-*; cf. *Senapria* por *Senabria* en moedas suevas), *Valdeorras* (Ourense; forma hipercorrecta a partir de *Valdeorres* < **Val de Eorres*, a. 1092 *territorio de Valle de Iurres*, en moedas visigodas *Georres, Giorres*, territorio dos gigueros, ben documentados en fontes antigas) ou *Cuntis* (Pontevedra; < a. 1116 *Contines*, no Parr. Suev. *Contenos*) mostran en cambio a fosilización de ablativos latinos: *Luggonis, Tiburis, Gigurris, Cuntinis*. O mesmo pode ocorrer no caso de *Borreis* (Bierzo, León) < a. 1084 *Borrenes* < **Burraenis*, posible abl. duns **Burraenos* (deriv. do antrop. *Burrus*, como o etn. *Lubaeni* bracarense de *Lubo-*); igualmente *Tuenes* (Santuyanu, Bimenes, Asturias) pode vir de **Tudenes* < **Toutaenis*, abl. duns **Toutaenos* (deriv. dun antrop. **Touto-*); *Entíns* (Outes, A Coruña) < a. 1177 *Intinis*, a. 1110 *Gentines* < **Gentinis*, posible abl. duns **Gentīnos* (**gentīno-* pode interpretarse como “xefes dun grupo humano que son ou se consideran descendentes dun ancestro común” < **genti-* + sufixo de autoridade ou liderado ie. **-h₃no-*; o *g-* ante vocal palatal en sílaba inicial átona pérdese como en **Eorres*, manténdose por tradición gráfica en *Gentines* e *Georres*). Co sufixo átono *-ano-* temos o posible caso de San Vicente de *Marantes* < ca. 1207 *Marantanes* < **Marantanis* (Santiago de Compostela, A Coruña), ablativo de **Marántanos* (cf. a. 1115 *montem Marantis*, h. serra do Marão entre Douro Litoral e Alto Douro, Portugal). Outros posibles exemplos de distinto tipo serían: *Ames* < a. 1228 *Oiames* (A Coruña), *Berrimes* < a. 1166 *Verrimes*

(Lousame, A Coruña), *Brans* < med. *Ueranes* (Brión, A Coruña), *Brens* (Cee, A Coruña) < a. 1242 *Verees* < a. 1152 *Verenes*, *Meirás* < a. 1192 *Merianes* (Valdoviño, A Coruña), *Olás de Vilariño* < a. 1069 *Ollanes* (A Merca, Ourense), *Covés* < med. *Covenes* (Pontedeume, A Coruña), *Iris* < med. *Herenes* (Cabanas, A Coruña), *Temes* < a. 1189 *Temees*, a. 964 *Temanes* (Carballedo, Lugo), *Melias* < a. 1434 *Mellees* (Pereiro de Aguiar, Ourense), *Ordes* < 1061 *Ordines* (Rairiz de Veiga, Ourense), etc., pero esta opción interpretativa non sempre é a única nin necesariamente a mellor. Naqueles casos nos que o tema e maila terminación flexiva permitan igualmente a súa interpretación como nom.-acus. ou abl. e non se dispoña de formas medievais que resolvan esta ambivalencia a opción do ablativo fosilizado debe considerarse en principio a menos probable, sen que iso signifique que deba descartarse. Por exemplo, *Teáns* (Salvaterra de Miño, Pontevedra, cf. o próximo río *Tea* < a. 893 *fluuium Tena*) < *-anos ou, menos probable, *-anis; mentres que por exemplo *Brantuas* < a. 1391 *Brantões* < **Brántones* (Ponteceso, A Coruña), *Camos* < med. *Camões*, *Camonnes* (Nigrán, Pontevedra), *Canduas* < a. 1199 *Candonnes* (Cabana de Bergantiños, A Coruña) e San Xiao de Mos < a. 906 *Mallones* [= **Málonnes* ou **Malones*, en calquera caso con reduplicación puramente gráfica do -l-] (Castro de Rei, Lugo), etc. tanto poderían ser nom.-acus. pl. de temas en *-n- como dat.-abl. pl. de temas en *-no-. Con frecuencia entra ademais en consideración a posibilidade de que se trate dun xen. sg. Por exemplo, no caso de *Cerponzóns* < a. 1438 *Serpencões*, a. 1019 *Serpenciones* (Pontevedra), probablemente prelatino, pero eventualmente xenitivo **Serpentionis* dun antrop. **Serpentio*.

Nalgúns hidrónimos produciuse sen dúbida a substitución do nome do río pola forma do seu xenitivo que presenta e se extrae dun topónimo adxacente tipo *fons*, *ripa* ou *pons* + hidrónimo (cf. *Ponte Neviae* [variante de **Ponte Naviae*] no It. Ant. 430,10; *Fontibre* < *fonte Iberi* e *Valderredible* < a. 967 *Val de ripa Hibre* < **ripa Iberi* en Cantabria, onde nace e pasa o Ebro). Así por exemplo o actual río *Ul* de Oliveira de Azeméis, Aveiro, documéntase en fontes medievais como a. 1220 *Urio* e a. 1041 *Ure* (con apócope a. 1088 *Ur*) e presenta un topónimo *Riba-Ul* que é precisamente onde a terminación de xenitivo atopa a súa plena xustificación: **Ripa Uri* > **Riba Ur(e)* e por disimilación > *Riba-Ul*. O río *Sor*, que desauga na ría do Barqueiro, documéntase en fontes medievais como a. 1228 *flumen Saurium* e a. 747 *ripa Saure*, procedendo o nome moderno desta forma en xenitivo. O río *Lor* < a. 853 *Laure*, afl. do Sil co que se xunta no concello de Quiroga, Lugo, nace en *Fonlor* < **fonte Lauri* na parr. de San Martiño de Zanfoga, Pedrafita do Cebreiro, de onde se extrae probablemente a súa forma, fronte ao que ocorre por exemplo no caso do río homónimo *Louro*, afl. do Miño, no que desauga no concello de Tui, Pontevedra. O río *Eo* aparece en fontes medievais como *Éovo* > *Euvo* e sobre todo *Éove* > *Euve* (con múltiples variantes gráficas: *Eou-*, *Euu-*, *Euv-*, *Eub-*, *Iub-*), variante que puido ser extraída dos

topónimos **Riba Euve* (a. 1182 *Ripa Euue*, a. 1202 *Ripaeuue*, a. 1373 *Ripaeuui*) e a. 1188 *Fonte Euve* (h. *Fonte*, Baleira, Lugo) < **Ripa* / *Fonte Eovi* respectivamente. **Riba Euve* foi despois refeito en **Riba de Euve* / **Ribadeuve* (a. 1271 *Ribadeuue*), con apócope a. 1270 *Ribadeu*, a. 1372 *Ribadeo*, de onde o nome actual do río¹⁴³. O río *Lérez* < a. 1165 *Lerice* de Pontevedra, con topónimo *Lerce* (parr. Santa Mariña de Castrelos, Forcarei, Pontevedra) no seu curso alto, ten aspecto de vir tamén dun xenitivo (nese caso trataríase dunha formación en *-īco- como por exemplo *Órbigo* [→ *Esla* → *Douro*] en León), pero hai outro *Lérez*, afluente do Barbanza, na Pobra do Caramiñal, A Coruña, ao que aínda hai que engadir a. 857 *territorio Sauti de Lerce* xunto ao río Nalón en Asturias, resultando pouco plausible que tódolos testemuños deste nome, no caso de que se trate realmente de un e o mesmo hidrónimo, coincidan en presentar a forma do xenitivo.

Na toponimia e hidronimia dos cursos altos dos ríos atopamos ás veces pluralizacións que se deben á acumulación de ríos ou regatos, ás veces lagos ou lagoas, e nomes de predios e lugares inmediatos que levan o mesmo nome ou nomes moi similares¹⁴⁴, como ocorre por exemplo no caso do concello leonés de *Las Omañas* por onde conflúen distintas correntes que forman o *Omaña*, tamén chamado *Omañas*, que despois se xunta ao Luna para conformar o *Órbigo* → *Esla* → *Douro* e ten afluentes como *Omañón* e *Omañuela*; no caso dos pequenos lagos que constitúen as chamadas *Fuentes Carrionas* das que se forma o *Carrión*, afl. do *Pisuerga* → *Douro*, en *Velilla del Río Carrión*, Palencia; nos topónimos *Las Huernias*, *Las Güernias* e *Las Buernias* da zona de Destriana de Valduerna, León, ribeiregos do río *Duerna*, afl. do *Órbigo* → *Esla* → *Douro*, que pola súa parte foi refeito por falso corte a partir do topónimo *Valduerna* < **Val de Uerna* (cf. río *Güerna* < a. 905 *flumen Orna*, afl. do *Llena* + *Aller* → *Caudal* → *Nalón*, en *Llena*, Asturias); ou no hidrónimo *Arroyo de las Tolibias* que recibe o seu plural por pasar polos núcleos de poboación próximos de *Tolibia de Arriba* e *Tolibia de Abajo* en *Valdelugeros*, León. Ás veces a pluralización ten unha función desambiguadora, como ocorre no caso dos top. *A Meiroá* e *As Meiroás* na parr. de Santa María de Esgos (Esgos, Ourense). Outros exemplos de pluralizacións son *As Anzas* (Vegadeo, Lugo), deglutinación de **Asanzas*, pluralización do hidrón. a. 969 *Asanza* (< a. 775 *Alesancia*), h. Río Grande afl. do *Eo*; *Tamicelas* preto de onde nace o

¹⁴³ No nome da parroquia *San Xoán de Ove* temos en cambio un falso corte con previo cambio na posición do acento (anterior á tautosilabización das vogais iniciais *Éovo* > *Euvo*): **de Éove* → **d'Éove* → *de Ove*. Cf. o mesmo fenómeno nas variantes *Puente d-Ume* e *Riba de Ume* dos séc. XIV-XV de *Pontedeume* e *Ribadeume*.

¹⁴⁴ En *Corrigatos*, *Moraña*, Pontevedra, hay dous agros contiguos chamados *Sabadín de Arriba* e *Sabadín de Abaixo*, é dicir, un microtopónimo orixinal *Sabadín* secundariamente escindido en dous, pero os veciños adoitamos referirnos a ese lugar como *Os Sabadíns*.

Támea en Laza, Ourense; *Termes* fronte á forma conservada no topónimo *Ribar-teme* < **Ribaterme* nas Neves, Pontevedra; *Dobres* (< *Dobras*) na zona na que nace o río *Dobra*, que tamén chaman *Dobres*, afl. do Sella, en Oseja de Sajambre, León; *Ibias*, afl. do Navia, fronte á súa forma medieval a. 1076 *flumen Ibiām*; *Mieres* < a. 857 *territorio Meres* con *riuulo qui dicitur Mera*, Asturias; *Miruelos* ou *Meruelo* afl. do Boeza → Sil → Miño no Bierzo; *Las Guareñas*, comarca ribeirega do río *Guareña*, afl. do Douro, en Salamanca; *Carabantes*, localidade onde nace o río *Carabante* afl. do Manubles → Jalón → Ebro en Soria; *Ebrillos* ou *Ebrillo* afl. do Douro en Soria, etc. Con frecuencia xa só temos a forma pluralizada: por exemplo, río *Maroñas*, afl. do Xallas en Mazaricos, A Coruña; río *Neiras* < a. 891 *ribolum Neires*, afl. do Cabe → Sil → Miño, en Sober, Lugo; río *Arnos*, afl. do Limia, en Xinzo de Limia, Ourense; río *Talegones*, afl. do Douro, en Torrevicente, Soria (cf. río *Táliga* → Guadiana con top. *Talegón* en Olivenza, Badajoz), etc.

Nos nomes que non son temas en *-o* ou *-a* atopamos o problema engadido de que en principio non podemos estar seguros de se se trata dunha pluralización ou dun xenitivo. Por exemplo, no caso do *Barbantes* (hoxe *Barbantiño* afl. do Miño, con top. *Barbantes* nos concellos de Vilamarín, Punxín e Cenlle) ou do *Agadón* ou *Agadones* (coa comarca coñecida como *Los Agadones*, *Campo de Agadones* ou *Campo del Agadón*, Salamanca), curso alto do río *Águeda* < a. 1434 *Agada*. Na súa maioría deben ser máis ben plurais.

Topónimos como *Bemantes* < a. 1167 *Vemantes* (en Miño, A Coruña), *Cervantes* (en Lugo e mais en Robleda-Cervantes, Zamora), *Cesantes* < *Celesantes* no Parr. Suev. (Redondela, Pontevedra), *Colantres* < a. 978 *Collantes* (Coirós, A Coruña), *Ourantes* (Punxín, Ourense) ou o frecuentísimo *Serantes* < *Sarantes* deben ser en cambio etnónimos como *Abruciños* < a. 985 *Ablocinos* (Amoeiro, Ourense), *Albeos* < a. 1071 *Eluenos* (Crecente, Pontevedra), a. 1033 *Bedulcos* / a. 1133 *Bedurgos* (sen identificar), *Bezoucos* (arciprestado coruñés), *Cadabarcos* (Mañón, A Coruña), *Labacengos* (Moeche, A Coruña), *Nemancos* (Muxía, A Coruña), *Nendos* < a. 978 *Nemdos* < a. 842 *Nemitos* (arcedianado coruñés), *Prismos* (Fene, A Coruña), *Samos* < a. 811 *Samanos* (Lugo), *Seganhos* < **Os Seganhos* < a. 1258 *Ussaganios* (Ribafeita, Viseu, Portugal), *Tamagos* < a. 985 *Tamaganos* (Verín, Ourense), etc., moitos deles posiblemente antigos *castellani* e entre eles mesmo se cadra tamén algunha *civitas* da que non se teña coñecemento por outras fontes (cf. os casos ben coñecidos e documentados de *Bergantiños*, *Céltigos*, *Lemos* < *Lémaos* < *Lémavos*, a. 896 *territorio Pesgos* [en Asturias], *Posmarcos*, etc.). A súa recollida exhaustiva e estudo, incluíndo por suposto tamén os que aparecen en ablativo fosilizado vistos anteriormente, sería importantísima. Hai que ter coidado non obstante con posibles pluralizacións secundarias como *Brosmos* (Sober, Ourense) < a. 1431 *terra de Berosmos*, a. 841 *territorio Verossimo*.

Nos casos nos que o mesmo nome teña uso toponímico e hidronímico pode non haber ningún motivo para preferir ningunha das dúas opcións. Por exemplo, no caso de *Curantes* top. e afluente do Liñares → Ulla na Estrada, Pontevedra. E por suposto tampouco se exclúe que un mesmo nome se usase simultaneamente como topónimo e hidrónimo. Así por exemplo o frecuente *Serantes* é maioritariamente nome de lugar, pero tamén aparece polo menos en dous casos como nome de río: en Tapia, Asturias, e mais en Outes, A Coruña. Nestes casos, se cadra, o uso hidronímico é primario.

d. Alteracións pseudoetimolóxicas. Os nomes tamén poden ser alterados por interpretacións, case sempre pseudoetimolóxicas, latinas ou gregas. Así, por exemplo, *Callaecia* transformouse en *Gallaecia* por asociación cos galos (lat. *Galli*); o etn. e antrop. *Elenus* presenta ás veces a grafía *Hel(l)enus* por asociación co nome grego dos gregos (gr. Ἕλληνες, lat. *Hellēnes*) e cos antropónimos tamén de orixe grega *Helenus* e *Helena* (gr. Ἑλένος, Ἑλένη, dous personaxes da Guerra de Troia), como podemos observar en *Amainius Elenus* (de Sasamón, Burgos, CIL II 5812) vs. *Helenus Talavi* (de Braga, CIL II 2442) ou no feito de que o pobo bracarense dos *Elenos* apareza como *Helleni* en Plinio nat. 4,112 que os considera *Graecorum subolis* “da raza dos gregos” (v. Untermann 2007, Moralejo Álvarez 2008 53-88); *Aquis Originis* da Tab. Ast. e *Aquis Oreginis* do Int. Ant. 428.1 son refeccións pseudoetimolóxicas a partir dunha forma escrita seguramente abreviada **Aquis Ogerens(ibus)* que temos transmitida dun xeito máis correcto, aínda que tamén imperfecto, en *Aquis Ocerensis* do Rav. 320,2 e se conserva no orónimo actual da zona *O Gerês* < **Ogerense*; *Ocelodorum* (Rav. 4,45), h. Zamora, aparece refeito en *Ocelum Duri* “*Ocelum* do Douro” no It. Ant. 434,6 e 439,10 debido a que o Douro pasa por esta cidade. No caso de que Ὀκτωδοῦρον en Ptol. 2,6,49 sexa o mesmo lugar ou o mesmo nome, teríamos unha reinterpretación do primeiro elemento sincopado **Oclo-* a través do lat. *octō*, gr. ὀκτώ.

Durante a longa historia románica destes nomes seguiron facéndose interpretacións e reanálises de diverso tipo, cultas e populares. A máis famosa explicación pseudoetimolóxica en circulación posiblemente sexa a medieval da *Lavacolla*, San Paio de Sabugueira, Santiago de Compostela, a través de *lava colea*, que vai na liña do que se observa noutros acuíferos (cf. *Fuente Lavacoños* en Sedano, Valle de Sedano, Burgos; *Fuente Lavaculos* en Quintanarraya, Huerta de Rey, e Torresandino, Burgos, etc.). Fisicamente menos hixiénico, pero non menos interesante é o caso de *Celaguantas* < a. 1178 *Celaguantas*, a. 1175 *Cellagoantes* na Peroxa, Ourense, que aparece en fontes máis antigas como a. 872 *Cellahicorantes*, a. 854 *Cella Hic Orantes*, unha interpretación culta de hixiene máis espiritual que invita a pensar que a forma oral nun determinado momento debeu ser algo así como **Cellegorantes*, asimilada despois en **Cellagolantes*, que podería ser un nome total ou parcialmente prelatino, dado que non vexo posibilidade de interpretalo total ou parcialmente como

antropónimo en xenitivo, como temos por exemplo no caso de *Celavente* < a. 1029 *Cella Valenti* do Bolo, Ourense. De orixe popular é, por exemplo, a sistemática interpretación do hidrónimo *Ome* como *Home* (cf. río *Ome* / *Home*, afl. do Verdugo, Pontevedra; río *Valdohome* (a partir de top. *Val do Ome* / *Home*) afl. do Parada → Oitavén → Verdugo en Fornelos de Montes, Pontevedra) ou o caso da reinterpretación do río **Dabria* < a. 1165 *Doauria*, a. 1177 *Donabriam* como río *da Brea* en Boiro, A Coruña, sendo neste caso insegura a posición do acento na forma orixinal do hidrónimo (**Donabria* > **Dabria* ou **Donábria* > **Dábria*?).

Ás veces atopamos oralizacións ou introduccións secundarias na lingua oral de formas conservadas e transmitidas pola lingua escrita. Así, por exemplo, o río *Porma*, afl. do Esla (→ Douro), Cofiñal, León, presenta e mantén a grafía arcaizante medieval, mentres que a súa forma románica máis recente caeu en desuso e só se conserva no top. *Zampuerma* < **Fuanpuerma* < *Fuente Puerma*, onde nace o río; ou *Puronia*, afl. do Eo, en Vegadeo, Asturias, documentado así en fontes medievais e que aparece en substitución da forma románica esperada **Puroña*. Estas oralizacións son (polo menos en parte) pseudoetimolóxicas cando as formas gráficas tradicionais se malinterpretan. Así puido suceder por exemplo no caso de *A Maía* < a. 854 *Amaea*, comarca na cunca do Sar na zona de Bertamiráns, Ames, A Coruña, onde a acentuación moderna fronte á esperada *Maia* se puido orixinar por falsa pronunciación da grafía latina *Amaea* (léase *Amáea*) como *Amaéa*, que despois se pechou en *Amaía*.

Tamén pertencen a este capítulo das reinterpretacións e reanálises as frecuentes deglutinacións e aglutinacións nas sílabas iniciais. Ben coñecida é a reinterpretación de *O(s)-* e *A(s)-* como artigo: *O Grove* ← a. 912 *Ogobre* < a. 899 *insula Ocobre* (Pontevedra), hidrón. *O Mao* ← a. 854 *rivulum Omano* (afluente do Cabe → Sil → Miño por O Incio, Bóveda e Monforte de Lemos, Lugo), orón. *O Xurés* / port. *O Gerês* ← a. 1100 *Ogeres*; *A Maía* vs. a. 854 *Amaea*, A Coruña; *As Anzas* ← *Asanzas* pluralización do nome documentado no a. 1124 como *Asanza*, topónimo adxacente ao río a. 775 *ribulum Alesancia ... per illum arogium que dicitur Alesantiam* < **Alisantia*, h. río Grande (afluente do Eo, en Ribadeo, Lugo); *As Maus* reiteradamente nos concellos veciños ou próximos de Bande, Muíños (< a. 1096 *Asmanos*), Rairiz de Veiga, Vilar de Barrio e Baltar (Ourense) e *Mãos* de Ponte de Lima ← *Asmanos* (orixinarios do val do río Asma, Chantada, Lugo), *Seganhos* < **Os Seganhos* ← a. 1258 *Ussaganios* (Ribafeita, Viseu, Portugal), visto anteriormente; con reinterpretación pseudoetimolóxica *O Eixo* ← a. 1087 *Olegio* (lugar e parroquia de Santiago de Compostela, A Coruña), *O Baño* ← a. 1257 *Ouana* [= *Ovaña*] (Mugardos, A Coruña), *Vinha* ← a. 569 *Ovinia* (Santa Maria de Areosa, Viana do Castelo, Portugal). Cf. casos de deglutinación e aglutinación do artigo fóra do ámbito galego como *La Milla del Río* < *Lamilla* = gal. *Lamela* (Carrizo, León), *Ahigal* < *El Ahigal* < *L' Ahigal* < *La Higal* “a figueira” (Cáceres) ou a problemática de *La Bañeza* (León), que se adoitaba escribir

como *Lavañeza*, pero non é froito dunha deglutinación, como mostra a documentación medieval (a. 1262 *Vanieza*, a. 932 *Vanieça*), senon que polo contrario a (recente) variante con artigo aglutinado se debe a unha asociación popular co verbo *lavar*. As preposicións, sobre todo *de* e en menor medida *en*, tamén provocan tanto deglutinacións como aglutinacións: o río *Eva*, tamén chamado río de *Riodeva*, afl. do Guadalaviar, en Riodeva, Teruel, xurdiu por reanálise e falso corte de *Riodeva* como *Río d' Eva*; na parroquia *San Xoán de Ove* temos a variante antiga *Éove* do actual *Eo*, que a pesar da súa primitiva tonicidade acabou perdendo o seu *E-* inicial: **de Éove* → **d' Éove* → *de Ove*; *Arzón* (Negreira, A Coruña) era a. 1172 *Derzon*, a. 1161 *Derzione*; noutros casos incorporouse en cambio o *D-* da preposición, como ocorreu no río *Dão*, afl. do Mondego, < a. 981 *rio d' Om*, homónimo do noso río *Ome*, afl. do Verdugo, Pontevedra, e no río *Duerna*, afl. do Órbigo → *Esla* → *Douro*, extraído do nome da comarca de *Valduerna* < **Val de Uerna*, León, pola que flúe, con topónimos ribeiregos pluralizados como *Las Huernias*, *Las Güernias* e *Las Buernias* que aínda conservan o nome sen o *D-* secundario; castelanizado como *Haciadama* por terse interpretado como “hacia dama”, por moi pouco sentido que isto tivese, foi *Acea de Ama* (Culleredo, A Coruña); o top. antigo *Interamnium*, que probablemente é un nome latino, se cadra adaptación ou traducción dun prelatino precedente, sobrevive probablemente nalgún dos topónimos modernos noroccidentais *Taraño*, xurdido por reinterpretación de **Entaraño* como **en Taraño* (cf. na toponimia románica o seu sinónimo *Tramborríos* en Moraña < *entre ambos ríos*). Fóra dos artigos e preposicións esta problemática dáse con menos frecuencia. Un exemplo sería o caso de a. 997 *Osello* (probablemente < **Uxello-*) xunto ao que xurdiu unha *villa* que inicialmente debeu recibir o nome de **villa Osello* > **Villaosello*, pero por falso corte e asociación ao antropónimo *Auxilio* / *Ausilio* / *Auselio* (v. Becker 2009b: 236), que temos por exemplo en *Ousille* de Santiago de Gundivós, Sober, Lugo, se refixo en *villa Ausellio* (a. 1037), h. *Ouselle* (Becerreá, Lugo; v. Bascuas 2002: 187-188).

Das interpretacións pseudoetimolóxicas por último tampouco se libra a nosa literatura científica moderna. Así por exemplo para o teónimo *Bandu Alanobrigue* do Castro de San Cibrao de Las, San Amaro, Ourense, propúxose unha lectura ***Bandua Lansbricae*, que aínda goza de moitos seguidores incondicionais, que non parecen estar dispostos a renunciar á ecuación dese *Lans-* co actual (*San Cibrao de*) *Las*, cando en realidade nin a lectura *Lansbricae* é correcta (ten a súa xustificación, pero é incorrecta) nin o topónimo actual podería ter nada que ver en calquera caso con ese presunto *Lans-* antigo, dado que se trata moi probablemente dun *nomen possessoris* de orixe xermánico *Ella -anis* (a. 1221 *Sancti Cipriani Ellanis*) que máis tarde por certo foi refeito por pseudoetimoloxía popular en *San Cibrao das Láas* (a. 1401) ou, como atopo castelanizado nunha páxina da Xunta de Galicia, *San Cibrao de Lanas*.

e. Alteracións semánticas. O significado dos nomes é o obxecto que designan e ese obxecto pode experimentar cambios ao longo do tempo. Os topónimos e corónimos de época romana (e posterior) poden designar lugares, territorios e tipos de comunidades diferentes das que designaban en época prerromana (as actuais *Coimbra* e *Palencia* non están no solar das antigas *Conimbriga* [próxima á actual Condeixa-a-Nova] e *Palantia* [h. Palenzuela]; o territorio ocupado polos *Celtici* en época prerromana non é só o das *civitates* que levan o calificativo de *Celtici* nin dos territorios medievais e eclesiásticos e lugares modernos chamados *Céltigos*, sendo por suposto tamén diferentes o tipo e carácter desas organizacións humanas [prepolítico → político → eclesiástico]). Na hidronimia designacións de partes de río, especialmente cursos altos, poden estenderse a todo o río, como xa vimos anteriormente (*Mondego* < **Mundaeco* substitúe a *Munda*, *Barbantiño* a *Barbantes*, etc.). Na toponimia a coexistencia e interacción cos demais deuses da relixión romana poden alterar en maior ou menor medida a estrutura, función e esencia dos deuses de orixe prerromana. Na antroponimia nomes que probablemente se aplicaban con plena consciencia do seu significado etimolóxico (cf. por exemplo *Virono Segisami f.* de Villapadierna, León: **uirono-* “gran home, heroe” [> galés *gwron* “heroe”] fillo de **segisamo-* “moi victorioso, gran vencedor”, xunto aos que non existen ***Virona* nin ***Segisama* como nome de muller) poden pasar a ser modificados e empregados sen esas primitivas restricións de orixe semántica. Así, por exemplo, nomes como *Caturus* ou *Cloutius* que etimoloxicamente teñen que ver coas fazañas bélicas (celt. **catu-* “combate, loita”) e a fama por elas adquirida (celt. **cloutā-* “fama, sona”) seguen sendo predominantemente masculinos en época romana, pero xa presentan tamén á súa beira as variantes femininas *Cloutia* e *Catura*.

f. Nomes novos. Hai que ter en conta por último que moitos nomes son creacións latinas (ou románicas), a pesar de que algúns ou tódolos seus compoñentes sexan prelatinos. No ámbito da toponimia esa creación consiste ás veces na simple adición dun complemento a un nome preexistente, como ocorre por exemplo no caso de *Iria Flavia*. Outros moitos nomes son sen embargo formacións completamente novas levadas a cabo mediante tódolos recursos e procedementos morfolóxicos imaxinables: con prefixo por exemplo o condado medieval de *Trastámar* “alén do río Tambré” na Coruña, a parr. de Santiago de *Trasparga* < med. *Trasparriga* “alén do río Parga” en Guitiriz, Lugo, ou o arciprestado de *Trasdeza* “alén do Deza” en Silleda, Pontevedra; con sufixo *Pezobrés* preto de *Pezobre* (Santiso, A Coruña), *O Xurés* < a. 1100 *Ogeres* < **Ogaerense* “terra/monte de *Ogaera*” (nome documentado en epigrafa antiga do lugar) ou o semiculto *Ourense* < *Auriense* “sé de *Auria*” (cf. barrio de *Oira* na cidade); con circunfixo os *Transcudāni* “os que viven alén do río *Côa* (< **Cuda*, afl. do Douro, Portugal)”; compostos: top. *Iuliobriga*, *Portucale*; compostos sintagmáticos: top. *Bracara Augusta*, *Asturica Augusta*, etc.

Son especialmente problemáticos aqueles híbridos nos que temos léxico e morfemas de substrato que foron adoptados polo latín. Así por exemplo o epíteto do teónimo *Reo Paramaeco* está formado polo substantivo *páramo* e mailo sufixo *-aeco-* que tamén están en galego e de feito pode galeguizarse directamente como “paramego” (é dicir, “do *Páramo*”) sen máis cambios ca os esixidos pola fonética histórica da nosa lingua. Nestes casos non está claro se se trata dunha formación prelatina ou latina.

No caso dos *Celtici Supertamarci*, que son probablemente os célticos que vivían no curso “superior” (é dicir, medio-alto) do Tambre, o adxectivo *Supertamarcus* < **Supertamaricus* non parece unha creación latina, dado que unha derivación toponímica mediante o circunfixo *super-...-ico-* carece de paralelos nesta lingua (esperaríase máis ben *trans-...-ensi-* ou *trans-...-ano-*), pero tamén resulta estraña como formación indíxena, dado que se esperaríase máis ben **uper-*. Pode tratarse dunha latinización dunha forma orixinal **Uper-tamar-ico-* na que **uper-* foi substituído (traducido) polo lat. *super-* ou dunha creación latina híbrida na que morfemas latinos se combinan segundo os modelos formacionais da lingua prelatina.

Sobre a especial problemática da antroponimia e teonimia tratarei nos dous seguintes excursos.

c. *Excursus: antroponimia*

A antroponimia constitúe seguramente o conxunto onomástico máis complexo en canto á súa latinización e merece ser tratada á parte, aínda que sexa brevemente. Empecemos por unha obviedade: a chamada “antroponimia indíxena” documéntase fundamentalmente en epígrafes latinos, sendo a epigrafía latina un produto xerado e consumido por unha heteroxénea e mixta parte da sociedade romana que sabe ler e escribir en latín. Non se trata por tanto dos nomes dunha parte da sociedade que vive nunha especie de reserva ou gueto illado dos demais, senon polo contrario dun dos múltiples constituintes da onomástica persoal dunha moi variopinta sociedade galai-co-romana, onde individuos de ascendencia indíxena se mesturan cos de ascendencia itálica, grega, etc. e na que por suposto non se debe presupoñer unha relación necesaria entre orixe etimolóxica do nome e orixe social, xenética ou lingüística do seu portador. Do mesmo xeito que non todas as mulleres nadas ou residentes en Galicia que se chamen *Sabela*, *Ainoa* ou *Shakira* son necesariamente de pais e lingua galegos, vascos e árabes respectivamente, tampouco calquera individuo que na antiga Gallaecia se chamase *Camalus*, *Rufus* ou *Pothinus* pertencía necesariamente a unha familia de orixe indíxena, itálica ou grega nin era falante das respectivas linguas. Obsérvese por exemplo que na inscrición votiva de Viseu *Deibabor igo Deibobor Vissaieigobor Albinus Chaereae filius votum solvit libens merito* temos un apartado teonímico en lingua indíxena e un dedicante que leva nome latino, fillo dunha per-

soa con nome grego¹⁴⁵. Os lingüistas podemos extraer do conxunto da antroponimia galaico-romana e colocar nunha cubeta de laboratorio os nomes de orixe ou presunta orixe lingüística indíxena, pero non debemos caer no engano de crer que ese cúmulo de nomes así extraído e acumulado, procedente de moi diferentes épocas, lugares e contextos sociais e familiares, existe autonomamente como onomástica dunha determinada lingua e comunidade lingüística propia e independente. Hai que estudar os nomes no seu contexto familiar, cousa que por certo non adoita facerse, para poder observar así como evolucionan e interactúan entre si tódolos nomes da sociedade á que pertencen, sexa cal sexa a súa orixe etimolóxica, como tratarei de mostrar a continuación con algúns exemplos. Paréceme un erro de expresión e posiblemente tamén de pensamento cando ás veces se fala da “lingua dos antropónimos galaicos”, da “lingua dos antropónimos ástures” ou da “lingua dos antropónimos lusitanos”. A lingua destes antropónimos non é outra ca a dos seus portadores. E dos textos nos que estes se documentan normalmente só pode deducirse en todo caso que esta sexa a latina (vulgar), por moito que sexa perfectamente imaxinable que moitos deles fosen bilingües. Mesmo se nos estivesemos referindo á orixe etimolóxica (inmediata ou última) deses nomes, non ten moito sentido falar da “súa lingua”, dado que sería un erro pensar que todos existiron e se crearon nun contexto lingüístico puramente indíxena. A antroponimia é unha onomástica extraordinariamente dinámica. Está inmersa nun continuo proceso de interacción e renovación. Todos queremos poñerlle aos nosos fillos o “mellor” nome que se nos ocorre e nada hai máis mudable e variopinto que ese concepto do que é mellor ou peor. A este respecto paréceme moi significativo o feito de que os poucos nomes de orixe prelatina que pasan á Idade Media non adoitán ser dos máis frecuentes na época anterior, senon máis ben todo o contrario: *Asturius*, *Brittus*, *Elanius*, *Ocobius*, *Turantius*, etc. (Boullón 1999: 84-86, Becker 2009b: 263), de entre os que só *Elanius* presenta en época romana unha notable extensión. *Tancinus* está testemuñado na Galicia medieval (Boullón 1999: 425), mentres que na Antigüidade era característico de Lusitania e faltaba precisamente no noroeste. O top. *Taín* (en Friol, Lalín, A Cañiza, Coles e Allariz) é probablemente designación da propiedade dun *Taginus* que na antroponimia antiga só sae moi esporadicamente en Salamanca e Cáceres. *Eburinus*, que tamén se documenta na Idade Media e pode (polo menos en parte) ser de orixe prelatina (v. Piel 1947b: 288: s. XI *Evorino*, a. 1220 *villa de Vorim*; Piel - Kremer 1976: 114 n. 69, Boullón 1999: 206, do que pode ser variante *Oborinus*, Boullón 1999: 335), tampouco se pode considerar un nome de grande tradición antiga no noroeste (v. Vallejo 2005: 313-314). Tendo esto en conta,

¹⁴⁵ O mesmo se observa na epigrafía das matronas renanas. *Matronis Vatvims T(itus) Iulius Vitalis v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito)* (CIL XIII 7892) presenta termiación de dat. pl. xermánica *-ms* (fronte á forma latinizada que temos por exemplo en *Matronis Vatviabus* de CIL XIII 7891) ao mesmo tempo que unha onomástica persoal completamente roman(izad)a.

non cabe dúbida de que tampouco os máis frecuentes en época romana son necesariamente os máis representativos da época prerromana. Nin os menos recorrentes foron sempre necesariamente tan infrecuentes. Pensemos por exemplo en *Viriatius*, que en toda a nosa documentación epigráfica non aparece nin sequera unha ducia de veces. É posible que poñerlle este nome a un fillo en época romana resultase un pouco provocativo e problemático, dado que era inevitable asocialo ao grande guerrilleiro lusitano. Pero cántos nenos non se chamarían *Viriato* na época en que este era o maior orgullo de todo o seu pobo? Seguramente había moreas deles e por todas partes. E se a título puramente ilustrativo admitimos que esto teña sido realmente así, este exemplo permite visualizar moi claramente como algúns nomes, por circunstancias que na súa inmensa maioría ignoramos por completo, puideron poñerse e pasar de moda en pouco tempo, incharse e desincharse coma un globo ou abrirse e cerrarse como un acordeón pola superficie do territorio hispánico e deixarnos despois uns restos que en absoluto permiten sospeitar o que houbo detrás deles.

Vexamos a continuación algúns exemplos tomados de distintos lugares do occidente hispánico que nos permiten observar algunhas das tendencias coas que se van usando, combinando e mesturando os nomes de distinta orixe lingüística nunha mesma familia:

a. No texto *Modesto Proculi f(ilio) Dutiae Puci f(iliae) Rufina Rufi Tongetami f(ili) marito et matri. Modestina Modest[i f(ilia)] e[x] t(estamento) [f(aciendum) c(uravit)]* da Idanha (Castelo Branco) temos unha muller *Modestina* que mandou facer por disposición testamentaria da súa nai *Rufina* o monumento que a esta lle gustaría ter erixido a dous dos seus familiares máis próximos e queridos: ao seu marido *Modestus* e á súa nai *Dutia*. Como a mención destas catro persoas vai acompañada da indicación dos seus respectivos pais temos unha información onomástica que se estende dende a protagonista do texto ata os seus bisavós: primeiro temos a *Modestina*, despois veñen *Modestus* e mais *Rufina* que son os seus pais, *Proculus* é o avó paterno, *Rufus* e mais *Dutia* son os avós maternos e *Tongetamus* (pai de *Rufus*) e *Pucius* (pai de *Dutia*) son por último os bisavós maternos. Como podemos observar, a onomástica dos bisavós é de orixe indíxena (*Tongetamus*, *Pucius*). Na xeración seguinte a avoa segue tendo un nome indíxena (*Dutia*), mentres que os avós xa o presentan latino (*Proculus*, *Rufus*), o que nos dá mostra da latinización máis rápida da onomástica masculina ca da feminina. Despois xa todos teñen nomes latinos (home: *Modestus*; as mulleres, derivados en *-ina* dos nomes dos seus respectivos pais: *Rufina* filla de *Rufus*, *Modestina* filla de *Modestus*).

b. Tamén en *Flacco Tongi(i) f(ilio) et Avitae Tongi(i) f(iliae) Cilura Tongi(i) f(ilia) filio et filiae Gracilis Vari f(ilius) matri et avunculo f(aciendum) curaverunt* da Idanha (Castelo Branco), podemos observar claramente a progresiva latinización da onomástica cun avance máis rápido no ámbito masculino. Os dedicantes

deste texto son *Gracilis* fillo de *Varus* e maila súa avoa *Cilura* filla de *Tongius*: o neto ten unha onomástica completamente latina, mentres que a súa avoa a ten plenamente indíxena. O texto presenta catro xeracións: as persoas máis vellas teñen nomes indíxenas (bisavó: *Tongius*, avoa: *Cilura*, que é filla de *Tongius* e casa con *Tongius*, co que pai e marido teñen casualmente o mesmo nome); na xeración seguinte *Cilura* e mais *Tongius* pónenlle á súa filla un nome indíxena: *Avita*, pero ao seu fillo un nome latino: *Flaccus*; *Avita* casa despois cun home que ten nome latino: *Varus*; na xeración seguinte *Varus* e *Avita* pónenlle ao seu fillo un nome latino: *Gracilis*.

c. O cambio aos nomes latinos para os homes pode verse noutras moitas epígrafes, por exemplo en *Reburro Treucati f(ilio) Cileae Crassi f(iliae) Marcus patri matri f(aciendum) c(uravit)* da Idanha, Castelo Branco, onde temos un *Marcus* que erixe un monumento funerario ao seu pai *Reburrus*, fillo de *Treucatius*, e á súa nai *Cilea*, filla de *Crass(i)us*. A menor intensidade e velocidade na latinización dos nomes femininos está ou pode estar pola súa parte detrás da diferente orixe lingüística dos nomes en casos como por exemplo en *d(is) M(anibus) s(acrum) Victor Vitalis Boutie Camire uxori uxori sue pientissime q(ue) v(ixit) a(nnis) XXVIII* de Malpartida de Cáceres, onde o marido e mailo seu pai levan nomes latinos, *Victor* fillo de *Vitalis*, mentres que a muller o leva indíxena, *Boutia Camira*.

d. A tendencia á adopción de nomes latinos non implica sen embargo necesariamente unha futura renuncia a voltar a usar nomes indíxenas, mesmo no ámbito masculino. No texto *Band(...) Oge(...) votum Camali Ulpini f(ili) Celtius filius solvit* de São Pedro do Sul, Viseu, temos un dedicante *Celtius* que erixe un altar ao deus *Band(...) Oge(...)* en cumprimento da promesa feita polo seu pai *Camalus*. Aquí aparecen tres xeracións: o avó *Ulpinus* presenta nome latino, mentres que o pai *Camalus* e mailo fillo *Celtius* o teñen indíxena.

e. No texto *Silo Legiri f(ilio) Coelea Maelonis f(ilia) Amoena Maelonis (filia) h(ic) s(iti) s(unt), s(it) v(obis) t(erra) l(evis). Sila Silonis f(ilia) patri matri et materterae f(aciendum) c(uravit)* da Idanha (Castelo Branco) temos unha muller chamada *Sila* que erixe un monumento funerario para o seu pai *Silo*, para a súa nai *Coelea* e mais para a súa tía materna *Amoena*. Tamén se mencionan os nomes dos dous avós: o paterno *Legirus* e mailo materno *Maelo*. Temos así unha familia na que todos os nomes, tanto masculinos como femininos, son de tradición indíxena, coa única excepción de que o avó *Legirus* escolleu e repartiu entre as súas fillas o nome indíxena *Coelea* e mailo latino *Amoena*, dado que non parece moi probable que este último sexa un nome indíxena en *-oena* (moi pouco frecuentes, cf. *Ibdoena*, *Lapoena*, Vallejo 2005 632-633) casualmente idéntico ao latino.

f. No texto *Caeleo Cadroiolonis f(ilius) Cilenus (castello) Berisamo an(norum) LX et Caesarus Caeleonis f(ilius) an(norum) XV h(ic) s(iti) s(unt)* de Santa Comba, A Coruña, temos a estela funeraria dun mozo de 15 anos chamado *Caesarus* e mais

do seu pai chamado *Caeleo* que morreu aos 60. O avó leva un nome que só se coñece neste testemuño: *Cadroiolo* e que parece un composto de *Cadro-* (sexa de **kadro-* “fermoso” > bret. ant. *cadr*, bret. med. *kazr*, bret. mod. *kaer*, galo teón. *deo Marti Belatucadro*; ou sonorización de **katro-* “forte” > galés *cadr*, galo antrop. *Catroni Allonis* en CIL III 11568) ou eventualmente *Cadaro-* con síncope vocálica (cf. o antrop. *Cadarus* frecuente por Cáceres e Badajoz) e mais un descoñecido *-iolon-* (motivo polo que non pode descartarse a posibilidade de que en realidade se trate dun derivado **Cadroviolon-* ou **Cadaroviolon-* [suf. *-ovio-* + *-olo-* + *-on-*] con perda do *-v-* intervocálico). Toda a onomástica parece inmaculadamente indíxena, pero aquí aparece (ou parece reaparecer) un fenómeno característico da antroponimia indíxeno-romana: os poucos compostos que saen á luz adoitan corresponderlles ás xeracións máis vellas, pais ou avós dos protagonistas dos nosos textos, de aí que moitos deles só se coñezan en xenitivo. Por exemplo, *Amoena Antubeli filia* de San Martín de Trevejo, Cáceres; *Cumelius Corobulti filius* do Sabugal, Guarda; *Calaetus Coropoti filius* de Torrejón el Rubio, Cáceres; *Caburena Enimari filia* de Ibahernando, Cáceres; *Cara Vesucloti filia* de Lugo¹⁴⁶, etc.

Tendo en conta que os individuos que só aparecen mencionados no xenitivo patronímico son pais ou avós, non os protagonistas dos nosos textos e por tanto non participan activos da cultura epigráfica, que é sinal inequívoco de maior romanización, a composición móstrasenos como algo máis propio da onomástica das persoas ou xeracións menos romanizadas, dando a impresión por tanto de que o seu abandono ten algo de moda xeracional e de fenómeno de época romana. Por outra parte, tamén se debe sinalar que o fillo de *Cadroiolo* tamén leva un nome indíxena, pero o certo é que *Caesarus* é un dos nomes indíxenas que mellor encaixan e se camuflan entre a onomástica latina. A pesar de que neste texto non teñamos por tanto ningún nome latino, temos sen embargo unha latinización da onomástica máis profunda do que parece á primeira vista.

Especialmente interesantes e problemáticos son os ás veces indiscriminadamente malchamados “falsos *nomina*” ou “pseudoxentilicios”, que en parte son neoxentilicios, é dicir, creacións novas que por ese motivo non son máis “pseudo-” nin máis “falsas” ca as preexistentes, pero en parte poden ser tamén outra cousa. Neste complexo e heteroxéneo conxunto onomástico temos nomes en *-io-* que se usan claramente como *nomina gentilia* e foron creados a partir da antroponimia indíxena imitando ou polo

¹⁴⁶ Posibles etimoloxías destes nomes son: **Anctubel(i)o-* “que golpea/mata cun golpe mortal” (celt. **anktu-* > irl. ant. *écht* “golpe mortal, asesinato”, ie. **g^welH* “atormentar, golpear”: galés med. *vel* < **g^weleti* “golpea”); **Corobolt(i)o-* “valente na guerra” e **Coropotio-* “señor da guerra”, vistos anteriormente; **Enimāro-* “moi grande/famoso, magnífico” (ie. **eni-* pref. Intensivo, ie. **-moh₁ro-* > **-mōro-* > celt. **-māro-* “grande, famoso”); **Vesucloutio-* “que ten boa fama” (ie. **yesu-* “bo”, celt. **kloutā-* “fama”).

menos coincidindo co modelo derivativo propio do latín. Por exemplo (*Reburrus* →) *Reburrius*, (*Maelo* →) *Maelonius* ou (**Talano-* →) *Talanus* que documentamos nos seguintes casos: *M(arcus) Reburrius Philippus* (Cádiz), *Reburrius Tertius* (Vilasantar, A Coruña); *L(ucius) Maelonius Aper*, *L(ucius) Maelonius Primitivos*, *Maelonia Caesiola* e *Maelonia Maelia* (todos nunha mesma inscrición de Mérida, Badajoz); *Tal(a)nia Paterna*, *L(ucio) Talanio Reburrius* (Monte Cildá, Palencia).

Estas formacións atopan ás veces correspondencias entre os nomes familiares indíxenas en *-ico-*, polo que en parte poden ter xurdido por remodelación deses nomes familiares preexistentes mediante a substitución do sufixo indíxena polo latino. Entre os exemplos que citarei a continuación *Alionius*, *Caburius* e *Meduttius* son asociables aos nomes familiares en xenitivo plural *Alionicum* de Talavera de la Reina, Toledo, *Caburiq(um)* de Ávila ou **kaburikum** de Botorrita, Zaragoza, e *Medutticorum / Medutticum* de Burgo de Osma, Soria, respectivamente. Os demais tamén poden ser do mesmo tipo, aínda que de momento non teñamos documentadas as formas en *-ico-* correspondentes: *C(aius) Alionius Severinus* (Moraleja, Cáceres), *M(arcus) Meduttius Fuscus* (Vilches, Jaén); *Caburius Lupus* (Talamanca del Jarama, Madrid), *Talavius Cloutius Cloutai* (El Repilado, Huelva); nomes de muller: *Aunia Brocina Arconis f(ilia)* (Santiago do Cacém, Setúbal), *Ciliae Caenonis f(iliae) Amitae* (Idanha-a-Velha, Castelo Branco).

Pero ás veces tamén sucede que os propios nomes en *-ico-* son usados en posición e función de *nomina gentilia* sen adaptación nin alteración formal de ningún tipo: *Q(uintus) Apanicus Capito* (Sarreaus, Ourense), *Q(uintus) Apilicus Seve{ve}rus* (Sarreaus, Ourense), *Pagusicae L(uci) f(iliae) Fundanae* e *C(aius) Pagusicus Lucianus* que son irmáns (Santiago do Cacém, Setúbal), *Calaetica Luci f(ilia) Severa* (Elvas, Portalegre); *Ammonicus Maurus*, *Ammonik(a) Maura* que son pai e filla (Mérida, Badajoz). De entre estes exemplos *Calaetica* e *Ammonicus -a* están documentados como nomes familiares en xen. plur.: *Calaetiq(um)* de Ávila e *Amonicum* de Segovia.

Ás veces temos a orde inversa dos elementos, tamén coa filiación interposta: *Caeno Aleonicus* (Moura, Beja), *Atta Altica Auniae f(ilia)* (Lara de los Infantes, Burgos); *Celtius Maelonius* (Lamego, Viseu), *Talaus Caesarius Ambati f(ilius)* (Hontoria de la Cantera, Burgos); *Rufinus Rufi f(ilius) Aelatus* (Viseu), *Taurus Arci f(ilius) Ammicus* (Villar del Rey, Badajoz). De entre eles *Aleonicus* e *Altica* coñécense como nomes familiares en xen. plur.: *Alionicum* de Talavera de la Reina, Toledo e *Alticon* de Lara de los Infantes, Burgos. No caso de *Celtius Maelonius* temos o mesmo *Maelonius -ia* visto anteriormente.

Ás veces faltan os patrónimos, polo que cabe preguntarse tamén se os sufixos *-ico-* e/ou *-io-* non poderán ter tamén a función de expresar a filiación, cousa en realidade dificilmente determinable con seguridade: *Antubelliscus Priscus* (Alandroal, Évora), *Caturicae Primae* (Faro), *Docquiricus Vitalio* (Mérida, Badajoz), *Elanicus*

Taurinus (Vinhais, Bragança), *C(aius) Norbanus Tancinus Ablicus* (Salvatierra de Santiago, Cáceres); *Aitanius Paternus* (Lugo), *Amainius Elenus* (Sasamón, Burgos), *Boelius Rufus* (Baños de Bande, Ourense), *Urocus Dovilus Doviliq(um)* (Azután, Toledo), *Albinia Albina* (Vila Real, Portugal), *Boutie Camire* (Malpartida de Cáceres, Cáceres), *Amma Aunia* (Palencia), *Auca Aunia* (Palencia). A relación co patronimo é incontestable nos casos de *Aebutiae Attuae Aebuti fil(iae)* e *Aebutiae Att(a)e Aebuti* de León ou *Capia Albonia Alboni f(ilia)* de San Vicente de Alcántara, Badajoz, que dan a impresión de seren unha mestura de sistemas onomásticos con información patronímica redundante.

Pero non todo nome en *-ico-* ou *-io-* que acompaña a outro nome ten necesariamente algunha das funcións anteriores. Casos como os de *Boelius Rufus*, *Boutie Camire* ou *Aunia Brocina* de entre os anteriores poden non ser outra cousa ca nomes persoais dobres, como sen dúbida o son tamén *Aiae Quemiae Boddi f(iliae) Celtigun* e *Aiae Caravancae Boddi f(iliae) Celtigun* de Monte Cildá, Palencia, onde temos dúas irmás chamadas *Aia Coemia* e *Aia Caravanca*, fillas de *Boddu*, [da familia] dos *Celtici* (é dicir, dos descendentes dun *Celtius*). Outros exemplos con outros sufixos son *Madicenus Calaetus Ambati f(ilius)* (Lara de los Infantes, Burgos), *Tureo Arantonus* (Nuñomoral, Cáceres), etc., tamén en combinación con nomes latinos: *Boelius Rufus* (Baños de Bande, Ourense), *Rufus Apilus* (Valongo, Porto), etc.

Especialmente interesante paréceme o caso de *Ambati Pentovieci Ambatiq(um) Pentovi f(ili)* de Luriezo, Santander, que probablemente se debe entender como “(monumento funerario) de *Ambatus Pentoviecus*, da familia dos *Ambatici*, fillo de *Pentovius*”, quedando clara a motivación do nome dobre: *Ambatus* é como se chamaba o antecesor que lle deu nome á familia e *Pentoviecus* é un derivado do nome do pai.

Parece claro pois que na antroponimia de época romana (pero non necesariamente na prerromana) se desenvolveu a posibilidade de ter nomes dobres, dun xeito semellante aos nosos *Xosé Luis* ou *María Luisa*, o que lamentablemente complica a análise de tódolos fenómenos sinalados anteriormente ao non poderen interpretarse dun xeito unívoco.

Tanto os frecuentes *tria nomina* con cognome de orixe lingüística prelatina tipo *C(aius) Sempronius Avitus* de Salvatierra de Santiago, Cáceres, coma tódalas outras mesturas que acabamos de ver mostran claramente que a antroponimia de orixe lingüística prelatina que coñecemos vive fusionada coa latina e que non estamos por tanto ante ningunha “antroponimia indíxena”, senon ante un moi complexo e vivo componente “indíxena” da antroponimia romana. Parte deses nomes son sen dúbida herdados da antroponimia prerromana, pero debemos ser moi conscientes de que moitos fenómenos desta onomástica poden ser específicos da súa época e contexto.

Vexamos aínda dous aspectos que me parecen especialmente relevantes ou interesantes:

a. Fenómenos relacionables co progresivo abandono da composición.

a1. De moitos compostos xeráronse e conserváronse os seus acortamentos hipocorísticos que lamentablemente non son doados de determinar con seguridade. Así por exemplo de **Vesucloutio-* poden ter saído tanto *Vesucius* [← **Vesuc[lout]ius*] (temos un *Visucius* de Agoncillo, La Rioja) como o frecuente *Cloutius* [← **[Vesu]cloutius*]; de **Coropotio-* ou calquera outro composto en *-potio-*: *Potius* [← **[Coro]potius*] documentado en *Potio Alioni f(ilio)* de Rabanales, Zamora; dun posible **Maropotio-* en cambio: *Maropus* [← **Maropo[tius]*] que temos en *Maropo Alluni* de Aguilar de Campoo-Olleros de Pisuerga, Palencia. A forma curta pode estar formada por unha parte do nome orixinal á que se lle engade un sufixo. Así por exemplo dun posible composto de **Antu-* e **-turo-* (cf. **Antubel(i)o-* en *Amoena Antubeli f(ilia)* de San Martín de Trevejo, Cáceres, e *Arcoturus Pisiri f(ilius)* de Puebla de Azaba, Salamanca) pode terse formado *Antutius* [← **Antut[urus]* + *-io-*] que temos nos dist./prov. de Salamanca e Castelo Branco; a partir de **Caenobio-*¹⁴⁷, que temos por exemplo en *Caenobius Ebureini f.* de Berzocana, Cáceres, e *Apana Caenobi f.* de Logrosán, Cáceres, pode terse xerado *Caeno* [← *Cain[obius]* + *-on-*], etc. Moitos nomes poderían explicarse así a partir de compostos documentados noutros territorios: *Caturo* [← *Catur[īx]* ou *Catu[mā]r[us]* + *-on-*], *Ambatus* [← *Amb[iorīx]* ou sim. + *-ato-*], etc. O problema é que na maioría dos casos non podemos estar seguros de que esa sexa realmente a orixe das presuntas formas curtas.

a2. A redución do uso de nomes compostos foi compensado pola potenciación do recurso da derivación e a vella tradición indoeuropea de pasar de pais a fillos nomes compostos vinculados por un mesmo componente hereditario e que ademais podían rimar ou aliterar (tipo alem. ant. *Hadubrant*, fillo de *Hildebrant*, neto de *Heribrant* no Cantar de Hildebrando que comparten o mesmo segundo elemento de composto *-brant* e ademais aliteran en *H-*) aparece substituída por un sistema no que se pode herdar a base (raíz ou segmento inicial) e mudar os sufixos ou simplemente se busca que os nomes aliteren ou rimen entre si.

Son moitos os exemplos nos que se pode observar que o nome do fillo ou filla é derivado do do seu pai: *Andamionius Andami f.* (eq. coh. I Lucens(ium), Dalmacia), *Araica Arai f.* (Contrasta, Vitoria), *Callaecioni* (dat.) fillo de *Lucretius Callaecus* (Cadaval, Lisboa), *Caricus Cari f.* (Contrasta, Vitoria), etc. Casos aparentemente

¹⁴⁷ **Cainobio-* posiblemente “que peta ou pica nas pedras, pedreiro” (para **kaino-*, cf. ing. ant. *hān* [ing. mod. *hone*], isl. ant. *hein* < xerm. **hainō-* “pedra”; celta *-bio-* “que peta, pica, corta, mata”, da raíz ie. **b^heiH* “petar” é frecuente na antroponimia céltica, p. ex. irl. *Fail-be* < **wailo-bio-* “matalobos”; cf. tamén o instrumento irl. *fidbae*, galés *gwyddyf* / *gwddyf* < **widu-bio-*, fr. *vouge* < lat. *vidubium* “fouciña, pica/corta paus”).

contrarios como *Bov[i]o Bovi[a]n[i] fl.* (Castro de Dornes, Ferreira do Zêzere, Santarém) ou *Segontius Seg[o]ntieci f.* (Ocáriz, Áraba) onde o pai presenta un nome derivado do do seu fillo, débese seguramente a que o fillo leva o nome do seu avó.

O carácter de tradición familiar dun nome tamén se observa claramente naqueles casos nos que coincide co do antepasado que serviu de base precisamente ao nome familiar: *Caurunius Ambati Caurunicum* de Yecla de Yeltes, Salamanca; *Urocus Divilus Diviliq(um)* de Azután, Toledo; *Matugeno Matugen[i]q(um) Tancini f(ilio)* de Ávila; *Ammiae Pistiricum Pistiri f(iliae)* de Talavera de la Reina, Toledo; *Polturi Caenonis* (“de **Poltur(i)us*, fillo de *Caeno*”) da *gentilitas Polturiciorum* de Castelo Branco; *Turenno Boddegun Boddi f(ilio)* de Argovejo, León, etc.

Noutros casos pais e fillos comparten a mesma base ou bases etimoloxicamente emparentadas sen que sexan realmente derivados un do outro: *Albin[us] Albur[i]* de Santa Colomba de Somoza, León [temas *Alb-ino-* : *Alb-uro-*], *Albinus Albi f(ilius)* de Mérida [temas *Alb-ino-* : *Alb-uo-*], Badajoz, *Amaenea* filla de *Ammiae Pistiricum Pistiri f(iliae)* de Talavera de la Reina, Toledo [temas *Am-ainia-* : *Amm-ia-*]; *Ara[v]o Aronis f(ilio)* de Bragança [temas *Ar-avo-* : *Ar-on-*]; *Caneas Canovi f(ilius)* de Galisteo, Cáceres [temas *Can-iat-* : *Can-ovio-*]; *Cloutius Clutami f(ilius)*, un susarro documentado en Solin, Croacia [temas *Clout-io-* : *Clut-amo-*]; *Talavius Cloutius Cloutai* dos límicos [temas *Clout-io-* : *Clout-aio-*]; *Macani Magilonis f(ili)* de Yecla de Yeltes, Salamanca [temas *Mag-ano-* : *Mag-ilon-*]; *Meducea Medueni f(ilia)* de Ponta da Barca, Viana do Castelo [temas *Medu-cia-* : *Medu-eno-*]; *Tongius Toncetami f(ilius) Icaedit(anus) milis* da Idanha, Castelo Branco [temas *Tong-io-* : *Tong-etamo-*]; *Turesica Turesami f(ilia)*, dúas veces en Alaiza, Vitoria [temas *Tures-ica-* : *Tures-amo-*], etc.

Nalgunha ocasión parece que se herdán ou comparten simplemente segmentos iniciais ou finais dos nomes, aínda que por suposto aquí non é posible determinar cando se trata dalgo premeditado ou dunha pura coincidencia: *Arcissus Arenteri f(ilius)* de Aliseda, Cáceres, *Aro Aronis* de Yecla de Yeltes, Salamanca, *Caesarus Caeleonis f(ilius)* e mailo seu pai *Caeleo Cadroiolonis* (os tres con *Ca(e)-* inicial) de Santa Comba, A Coruña, *Calaito Caveli* de Figueira da Foz, Coimbra, *Caturo Camali* de Guimarães, Braga, *Qulatia Cumi* do Castro da Mogueira, Resende, Viseu (lido como ***Quiatia*, pero cf. en Resende mesmo *Verus Culati f(ilius)*), *Dobiteina Doquiri f(ilia)* de Covilhã, Castelo Branco, *Dudamus Duati* de Guarda, *Lubaec[o] Loucin[i]* de El Bodón, Salamanca, *Mearus Meidueni f(ilius)* de Malpartida de Plasencia, Cáceres, *Pitilici Pintovi* de Mogadouro, Bragança, *Tuqtuae Tongi f(iliae)* da Idanha, Castelo Branco (lido como *Tuoutae*, suposta variante de *Tout-* [v. Vallejo 2005 430], pero que en realidade pertence a *Toc-* con asimilación vocálica [Vallejo 2005 428]), *Turaesio Turcaudi f(ilio)* de Abertura, Cáceres; *Adronus Caturoni f(ilius)* de Braga, *Bodero Bodivesc(um) Dorideri f(ilio)* de Sorribas, León, *Caburo Ciluri f(ilio)* de Pozuelo de Zarzón, Cáceres, *Celtiatus Veniati* de Alcollarín, Cáceres, *Cloutio*

Bouti f(ilio) de Bragança, *Docquiri Cuntiri f(ili)* da Idanha, Castelo Branco, *Ligirus Dobiteri f(iilius)* de Zorita, Cáceres, *Mearus Con[t]ari* de Valpaços, Vila Real, *Segumarus Talabari* de Aroche, Huelva, *Vironus Toutoni f(iilius)* de Yecla de Yeltes, Salamanca, *Virono Turoni f(ilio)* de Villardiega de la Ribera, Zamora, co frecuente sufixo *-ino-*: *Albinus Balesini* de Chaves, Vila Real, *Albino Tangini f(ilio)* da Idanha, Castelo Branco, *[T]anginu[s] Loucin[i]* de El Bodón, Salamanca. Con similar inicio e fin, por exemplo, *[Ca]elica [Ce]ltici* de Braga, *Casinae Catueni* de Castelo Branco, *Tonginus Tanginae f(iilius)* de Conimbriga. As coincidencias iniciais parecen na maioría dos casos máis ben casuais. Nas terminacións podería haber en cambio maior intencionalidade.

A reiteración dalgunhas destas parellas aliterantes mostra que tamén nesto se daban seguramente algunhas tendencias e preferencias: *Celtius Clouti* (Medina del Campo, Valladolid), *Celtius Clouti* (Hinojosa de Duero, Salamanca), *Celtius patri suo Cloutio* (Villamesías, Cáceres); *Tongio Tancini f(ilio)* (Hoyos, Cáceres), *Tongius Tangini f(iilius)* (Idanha, Castelo Branco), *Tongeta Tancini fil(ia)* (Belvís de Monroy, Cáceres), *Tanginus Tonginae f.* (Condeixa-a-Velha, Coimbra); etc. *Reburrus* aparece varias veces combinado con *Rufus* e derivados: *Rebur[rus] Rufi[ni]*, *Reburrus Rufini f(iilius)*, *Rufus Reburri*, *Rufinae Reburri f(iiliae)*, todos en Idanha, Castelo Branco.

Dos exemplos anteriores dedúcese que determinados sufixos eran productivos en época romana na creación de nomes derivados dos nomes paternos, o que obriga a admitir a posibilidade de que parte desas (neo)formacións non teñan existido nunca en época prerromana. Isto é sen dúbida así cando se trata de nomes ampliados mediante sufixos latinos, como sucede por exemplo probablemente no caso de *Reburrinus Reburri filius*, do que temos varios testemuños (v. Vallejo 2005: 382-388), *Coporinus Copori f(iilius)* de Astorga, León, etc. onde os nomes dos fillos en *-inus* se crearon seguramente segundo o productivísimo modelo latino tipo *Rufinus Rufi* (cf. arriba *Modestina Modesti* e *Rufina Rufi*, v. Leumann 1943, Niedermann 1954: 332-333).

a3. Ás veces observamos como certos nomes se van alternando nas tradicións onomásticas familiares, pasando sobre todo de avós a netos:

En *[T]angino Talavi fannorum LXX patri et Tangino Talavi fannorum XX Talavius Tangini f(aciendum) c(uravit)* do Sabugal (Guarda) temos un home chamado *Talavius* que erixe un monumento funerario para o seu pai falecido á idade de 70 anos e para o seu fillo de 20. O texto danos os nomes de catro xeracións: o fillo chámase *Tanginus*, o pai e dedicante *Talavius*, o avó *Tanginus* e o bisavó por último *Talavius*. Pais e fillos desta familia usan por tanto dous únicos nomes aliterantes en *Ta-* que se van alternando sucesivamente e pasando de avós a netos.

En *[L]ovio Caenonis f(ilio) patri Boudicae Tongi f matri Cilio Tabaesi f(ilio) socro Cileae Cili f(iiliae) uxori Caeno Lovi f(iilius)* do Fundão (Castelo Branco) temos un home chamado *Caeno* que dedica un monumento aos seus pais *Lovius* e *Boudica*,

ao seu sogro *Cilius* e mais á súa muller *Cilia*. Pola liña paterna da familia de *Caeno* temos tres xeracións: o fillo chámase *Caeno*, o pai *Lovius* e o avó *Caeno*, así que nos atopamos outra vez un nome que pasa de avó a neto. Pola parte da súa muller tamén temos tres xeracións: a filla *Cilia*, o seu pai *Cilius* e mailo seu avó *Tabaes(i)us*. Pai e filla comparten o mesmo nome (coa moción correspondente por ser femenino), feito relativamente frecuente (cf. por exemplo tamén *Albonia Alboni f(ilia)* de San Vicente de Alcántara, Badajoz, dúas *Ambata* filla de *Ambatus* en Lara de los Infantes Burgos [*Ambata Betuca Ambati f(ilia)* e *Ambata Paesica Argamonica Ambati f(ilia)*], varias *Avita Aviti* nas provincias de Cáceres e Badajoz, varias *Boutia Bouti(i)* moi dispersas, nas prov./distr. de Burgos, Bragança, Salamanca e Cáceres, *Camala Camali* de Braga, *Lobesa Lovesi f(ilia)* de Avis, Portalegre, *Pictelancea Pictelanci filia* de Chaves, *Taganae Tagani f(iliae)* da Idanha, Castelo Branco, *Tancina T[an]c[in]ji f(ilia)* de Coria, Cáceres, *Visaliae Visali f(iliae)* de Astorga, León, etc.), mentres que entre pais e fillos é algo infrecuente (por exemplo, *Cloutius Clouti* de Miranda do Douro, Bragança). Pola parte da nai de *Caeno* só temos dúas xeracións: *Boudica* filla de *Tongius*.

En *Maeloni Tongi f(ilio) Arantonio Talabi f(ilio) Tongius Melonis f(ilius) patri Talabus f(ilio)* do Fundão (Castelo Branco) temos unha dedicatoria de *Tongius* ao seu pai *M(a)elo* fillo de *Tongius* e de *Talabus* ao seu fillo *Arantonius*. No primeiro caso temos tres xeracións: o fillo chámase *Tongius*, o seu pai *M(a)elo* e o seu avó *Tongius*, así que tamén aquí se pasou o nome de avó a neto. En *Cornelio Dahae Ai Alioni f(ilio) an(norum) LX h(ic) s(itus) e(st) Aius Alionus et Annia Sentica patri f(aciendum) c(uraverunt)* de Villahoz, Burgos, avó e neto chámanse *Aius Alionus*.

A transmisión do nome de avós a netos tamén se dá por liña materna, aínda que parece que con menos frecuencia. En *Catueno Tancini f(ilio) Apana Catueni mater f(aciendum) c(uravit) de Coria* (Cáceres) o fillo *Catuenus* leva o mesmo nome ca o pai da súa nai *Apana*. *Catuenus* → *Apana* → *Catuenus*, pai, filla e neto respectivamente, comparten unha mesma terminación en *-(V)no* *-(V)na*. En *[I]ulia Pintami f(ilia) Peicanae Pintami f(iliae) aviae suae post mortem* de Felgueiras (Porto) temos unha muller chamada *Iulia* filla de *Pintamus* que dedica un monumento á súa finada avoa *Peicana* filla tamén dun *Pintamus*. Trátase probablemente da avoa paterna, de xeito que *Pintamus* (pai de *Iulia*) tamén tería o mesmo nome ca o pai da súa nai *Peicana*. En *Pintamus* → *Peicana* → *Pintamus* temos unha aliteración en *P(e)i-* que na seguinte xeneración se interrompe coa latinización (*Iulia*).

Este fenómeno tamén se dá por certo entre as mulleres. En *Ciliae Lubaeci filiae suae et Sunuae Elavi nepti suae Sunua Pisiri f(ilia) d(e) s(uo) f(aciendum) c(uravit)* de Castelo Branco unha muller chamada *Sunua* (filla de *Pisirus* e casada con *Lubaecus*) dedicou un monumento á súa filla *Cilia* (casada con *Elav(i)us*) e mais á súa neta que se chama *Sunua* coma ela. En *D(is) M(anibus) s(acrum) Apana Triti an(norum) LX Apana Clouti f(ilia) an(norum) V Amaenea matri et filiae f(aciendum) c(uravit) h(ic) s(ita) e(st) s(it) t(ibi) t(erra) l(evis)* de Villar de la Yegua, Salamanca, *Amaenea*

erixiu unha estela funeraria á súa nai e mais á suá filla, chamadas as dúas *Apana*. No caso de *Apana Apanonis f(ilia)* de Torres Vedras, Lisboa, é posible, aínda que por suposto completamente inseguro, que a neta tomase o seu nome do seu avó paterno, no suposto de que *Apano* fose fillo dun *Apanus*.

Ás veces introdúcese nesas reiteracións alternantes algún elemento distintivo. En *Tancinus Ambati f(ilius) Aun(...)* *an(norum) IV h(ic) s(itus) e(st) Ambatus Tancinili f(ilius) fil(i)o* de San Martín del Castañar, Salamanca, temos tres xeracións: o difunto *Tancinus*, o seu pai *Ambatus* e mailo avó *Tancinilus*. Tamén hai aquí por tanto un nome que se vai pasando de avós a netos, pero na cadea desas reiteracións un dos elos aparece marcado dun xeito especial mediante o engado dun sufixo probablemente diminutivo *-ilo-*. *Mutatis mutandis* sería como se nunha familia actual houbera a tradición de pasar o nome de *Pepe* de avós a netos, pero algún membro desa cadea familiar fose coñecido como *Pepiño*. En *Cadus Laroni f(ilius) Amoena Cae[siae] matri s(uae) an(norum) LX et Tongetae Aluqui f(iliae) uxori s(uae) an(norum) L et Caseleae Cae[siae] f(iliae) s(uae) an(norum) VII et sibi f(aciendum) c(uravit)* de Lamego, Viseu, *Cadus* menciona a súa nai *Amoena Cae[sia]* e maila súa filla *Caselea Cae[siae]* que comparten o segundo elemento dos seus respectivos nomes dobres e se distinguen polo primeiro.

a4. A frecuencia de certos nomes parece ter provocado ás veces a necesidade ou o gusto por unha distinción gráfica entre eles. Así por exemplo en *Coelie Materne Quoeli f(iliae)* de Poza de la Sal, Burgos, está claro que *Coelia* recibiu o nome do seu pai que sen dúbida se chamaba *Coelius*, pero este nome aparece aquí escrito coa grafía *Quoelius* (con <qu> = /k/), seguramente non por capricho de quen redactou o texto nin do gravador (cousa que resultaría bastante estraña), senon posiblemente porque esa era a grafía que usaba o propio individuo convertida en marca distintiva ou sinal de identidade. No caso de *Lobesa Lovesi f(ilia)* de Avis, Portalegre, tamén resulta dificilmente crible que a alterancia gráfica *-b-* : *-v-* se introduciuse dun xeito inconsciente ou por puro amor á diversidade¹⁴⁸. Son moitos os nomes que aparecen baixo distintas grafías (*Arqui*us aparece por exemplo como *Arcui*us en Barcelos, Braga; *Caucirus* [cf. celtib. **kaukirino** xen.] que temos por exemplo en *Tancinus Cauciri* de Santa Cruz de la Sierra aparece como *Tancinus Cauquiri* nun completo homónimo de Villamesías, Cáceres, etc.), moitas veces seguramente por pura casualidade¹⁴⁹, pero se observamos a rica paleta de variantes que ofrecen algúns deles, como por exemplo

¹⁴⁸ Cf. tamén *Segontius Talavi f(ilius) Talabonicum* de Yecla de Yeltes, Salamanca, onde o nome do pai *Talavus* é o mesmo que está na base do nome familiar *Talabonici* “descendentes de **Talabon(io)-*”. O contexto fonético é sen embargo diferente, sendo posible que en *Talavi* o *-v-* estea representando unha deslabialización ou labiodentalización do *-β-* intervocálico en contacto con *-i*.

¹⁴⁹ *Docquirus Celti* é autor de catro altares conservados no concello de Nelas, Viseu, nos que utiliza tres veces a grafía *Docquirus* e unha vez *Doquirus*; *Maelo* aparece no mesmo texto do Fundão, Castelo Branco, visto anteriormente, baixo as grafías *Maeloni* dat. e *Melonis* xen.

Alluquius, Alluquius, Aluquius, Alluquius, Aluccius, Alucius (Vallejo 2005: 125-126), dá a impresión realmente de que non só estamos ante unha simple inseguridade á hora de poñer por escrito unha determinada realidade oral, senon en parte tamén ante un alografismo intencionado.

a5. O desenvolvemento do uso de nomes dobres, dos que se tratou máis arriba.

b. Presencia ou ausencia de determinados nomes. Antropónimos na toponimia e teonimia.

A ausencia ou presenza dun determinado nome ou dun determinado derivado nunha determinada área pode deberse a modas e tendencias da onomástica de época romana, como xa comentei anteriormente. Dar por seguro que un determinado nome non existise en época prerromana alí onde non se documenta en época romana ten os seus riscos. Así, por exemplo, o antropónimo *Albonius* que temos en Viseu, Guarda, Leiria, Cáceres e Badajoz reaparece ben lonxe como base dos topónimos *Albonica*, mansión no It. Ant. 447,6 a situar por Guadalajara, e Albóniga / Almike < a. 1093 *Albonica*, Bermeo, Biscaia, onde necesariamente tivo que existir. E viceversa o antropónimo **Culierio-* ou o seu derivado **Culierico-* de Soria (temos un *M(arco) Culierico Gustuni f(ilio)* en Trévago e tamén un *Maternus Culeric(um) Aionis [f(ilius)]* de Vilviestre de los Nabos, El Royo) reaparece como primeiro elemento constitutivo do topónimo *Cullergondo* < med. *Coliargondo*, Abegondo, A Coruña. Tampouco o nome *Avelius / Avilius* se documenta no noroeste, mentres que é relativamente abundante na Lusitania romana (Vallejo 2005: 197-198) e tamén está documentado indirectamente na antroponimia doutras zonas (*Avelcus* < **Auelico-* en Zamora e Bragança; nomes familiares *Auelicum* en Saelices, Cuenca, e *Avilio-c(um)* en Canales de la Sierra, Logroño), pero o topónimo *Avilobris* de Ponteceso, A Coruña, móstranos que polo menos en época prerromana, que é cando probablemente xurdiu este topónimo, tamén existía no noroeste. O mesmo se pode observar no caso de *Coelius, Coelo -onis* e formas emparentadas que aparecen arredor de Galicia (Vallejo 2005: 287), pero non noso territorio, onde temos en cambio o topónimo Κοιλιόβριγα de Ptol. 2,6,41, capital dos coelernos calaicos, h. Castromao (Celanova, Ourense), que tamén nos dá testemuño indirecto da súa existencia en época prerromana. Se o *∫ Iureobriga* dunha inscr. funeraria perdida de Chaves (Vila Real, *CIL* II 2480) fose unha mala lectura de **Tureobriga*, sería outro caso máis de conservación dun antropónimo que posteriormente abunda en Lusitania e falta no noroeste (Vallejo 2005: 441). E viceversa: o derivado **Caili-on-* só aparece polo norte (*Caeleo* en Santa Comba, A Coruña, *Caelio* Liegos, León e Herrera del Pisuerga, Palencia, o seu derivado *Caelionicae* en Parres, Asturias), pero o topónimo *Caelionico* (con *-cc-* hipercorrecto) do It. Ant. 434,1, entre Cáparra e Salmántica, mostra que nalgún momento tamén foi usado máis ao sur.

Por outra parte, creo que tamén se recorre con excesiva frecuencia e lixeireza á interpretación da baixa densidade ou esporadicidade de certos nomes en determi-

nadas áreas como “extensións”, é dicir, como presuntas propagacións secundarias a partir das zonas nas que son máis abundantes. Non cabe dúbida de que isto pode ser verdade nalgún caso, pero aplicar esta idea por sistema paréceme un exceso evidente. Ás veces serán extensións e outras conservacións, e non vexo por qué han de ser máis frecuentes e normais as primeiras ca as segundas. O lóxico e máis prudente é partir da realidade dada polos propios feitos. Se un nome aparece nun determinado lugar e nada obriga ou invita a pensar decididamente que o nome ou a persoa que o leva sexa foránea, haberá que partir da hipótese de traballo de que é un nome local, sexa frecuente ou non.

Ás veces determinados nomes faltan como antropónimos, pero documéntanse noutros ámbitos. Así por exemplo *Argant-* falta na antroponimia occidental (cf. *Arganto* nom. de Riba de Saelices, Guadalajara, *Flaccus Arganton(i) Magilanicum Mirobri-gensis* de Garrovillas de Alconétar, Cáceres; nome familiar de *[T]outoni Argantio-q(um) Ambati f(ilio)*, de Palencia), pero *Argantia* está ben presente na hidronimia: *Arganzo*, afluente do Sor (Mañón, A Coruña), *Argança* (Porto). O antrop. *Mearus* só aparece esporadicamente en Cáceres, Viseu e Vila Real, pero reaparece tamén como hidrónimo no extremo noroeste (Μεάρου ποταμοῦ ἐκβολαί de Ptol. 2.6.4), a identificar posiblemente co *Mero*, entre os concellos de Betanzos e Abegondo, A Coruña.

No estudio da antroponimia prelatina é por suposto complicado, pero aínda así imprescindible ter en conta a súa documentación indirecta na toponimia e na epí- clesis teonímica que na súa maioría probablemente é herdada da época prerromana.

Na toponimia son especialmente relevantes os nomes en *-brig(a)-* ou *-bri-*, como por exemplo os casos de *Aviliobris*, Κοιλιόβριγα ou o posible **Tureobriga* (transmitido *Iureobriga*) que acabamos de ver, aos que se poden sumar outros moitos exemplos antigos e modernos (por exemplo, *Caesarobriga* - antrop. *Caesarus*, **Elaneobriga* - antrop. *Elanius*, Κοτταιόβριγα dos vetóns - antrop. **Cutaio-* do que se deriva o documentado *Cutaecus*, *Boidobra* do concello de Covilhã, Castelo Branco, posiblemente < **Boudeto-* ou **Boveto-briga*; *Anzobre* < a. 966 *Anezoure* de Arteixo, A Coruña, probablemente **Anicio-bri(g)-* - antrop. *Anicius*, etc.), pero tamén tódolos demais compostos, como por exemplo *Balatucelo* abl. nunha epígrafe de Sabugal, Guarda, probablemente < **Balat-ocelo-* (con cambio *-ocelo* > *-ucelo* ou simple variante gráfica?¹⁵⁰), cun primeiro elemento antroponímico **Balato-* que reaparece como base do nome familiar de *Maternus Balatuscun Molmani* en Alcubilla de Avelaneda, Soria, CIL II 2795; *Andamollo* da parr. de San Tirso de Manduas, Silleda, < **Andam-ocelo-* - antrop. *Andamo-*, etc.; os nomes en *-aca*, como por exemplo o

¹⁵⁰ O top. *Oudoyu*, castellanizado como *Odollo*, Encinedo, León, < a. 1138 *Abodolio*, a. 1154 *Abadolio*, non presenta a ditongación esperable na variedade cabreiresa local, de xeito que tamén neste caso se debe partir dunha forma primitiva en *-ucelo*, se, como parece, se trata dun composto deste tipo.

O *Cariaca* dos albións nunha inscrición da Veiga (Asturias), **Coruniaca* dos Susarros (*Cloutius Clutami f. ... Susarru(s) domo Curunniace(nsis)*) ou *Tabalaca*, como indicación da orixe dun hispano nunha inscrición de León, formados a partir dos antropónimos **Carius* (cf. *Carus*, *Caricus*, etc. en Vallejo 2005 259-261), *Corunius* (Vallejo 2005 293) e *Tabalus* (cf. *Caesaroni Tabali f(ilio)*) de Uviéu, Asturias) respectivamente; na toponimia moderna *Orzonaga* < a. 1002 *Orzenaga* < **Urtienaca* (Matallana de Torío, León), formado sobre o antropónimo *Urtienus*, documentado no epitafio dun límico de Jabugo, Huelva (e probablemente tamén en *Boetela Urt-ieni* con nexo de Coria, Cáceres, que adoita lerse como *Urieni*); en *-ico* resultan especialmente interesantes *Caelionicco* do It. Ant. 434,1, entre Cáparra e Salmántica, que presenta exactamente a mesma estrutura morfolóxica ca o antropónimo *Ammiae Caelionicae* nunha epígrafe de Parres, Asturias, os dous derivados de *Caeleo*, e *Caranico* do It. Ant. 424,6 entre *Brigantium* e *Lucus Augusti* ao que hai que sumar a. 974 *castro Carango*, a situar non moi lonxe de Partovia (Carballiño) e Osmo (Celle, Ourense), plenamente coincidente co nome de familia de *Lougesteri Caranicum* documentado en Pozalmuro, Soria, e que presupoñen un antropónimo **Caran(i)* o- por agora non documentado,; na toponimia moderna *Triangu* (Cangues d'Onís, Asturias) < a. 926 *Triungo*, a. 942 *Triunico*, probablemente **Tridonico*, derivado dun antropónimo **Tridonius* a partir do que se formou o nome familiar *Tridoniecu(m)* de Sasamón, Burgos. E por último tamén os nomes de distintos tipos de grupos humanos, entre os que destacan os derivamos en *-ino*¹⁵¹: os *Cilini*, no Parr. Suev. *Celenos* [pronúnciese *Célenos!*] (a situar en Caldas de Reis, Pontevedra), toman o seu nome do antropónimo *Cilius*; os *Colarni* de Plin. nat. 4,118 < **Colarini* de **Colaro-*, só documentado nunha ocasión como *Cularus* en Alosno, Huelva (Vallejo 2005 297); os **Cuntini*, no Parr. Suev. *Contenos* [pronúnciese *Cóntenos!*] (h. *Cuntis*, Pontevedra), de *Cuntius*, tamén só unha vez en Badajoz (Vallejo 2005 298-299), habendo tamén unha [---] *Cundenae f.* en Braga; os *Coelerni* < *Coelerini* (cf. Κοιλερινῶν xen. pl. en Ptol. 2,6,41) de **Coilero-*, non documentado, a pesar de que no nome da súa capital Κοιλιόβριγα aparece **Coilio-*, como vimos anteriormente (dúas persoas da mesma familia que nalgún momento, se cadra sucesivamente [pai e fillo], lideraron o grupo?); os *Namarini* de Plin. nat. 4,111 atopan unha posible conexión no antropónimo galo *Namarius*, documentado en Centrès (dép. Aveyron, Francia; AE 2000 936), pero neste caso, que contrasta con *Colarni* e *Coelerni* pola ausencia de síncope, podería tratarse en realidade do sufixo tónico *-ino*- e ser por tanto un derivado doutro tipo (cf. top. *Namara*, h. Melk, Austria). En *-ico*- temos *Cabarcos*, parroquia do con-

¹⁵¹ A cantidade breve do sufixo dedúcese da súa evolución posterior *-ino* > *-eno* e da acentuación moderna: *Cuntis* < abl. *Cuntinīs* (non ***Cuntīns* como se esperaría a partir de ***Cuntīnīs*). Non debe confundirse por tanto co sufixo latino *-ino*- que temos por exemplo en *Bergantiños* < **Brigantīnos*.

cello de Barreiros, Lugo, e *Cabarcos*, Sobrado, León, a calquera das que corresponde *Cavarcos* no Parr. Suev. e maila antiga *civitas* dos *Cabarci* (cf. *Flaus Auledi f(i)lius Cabarcus* \circ *Beriso* de Salas, Asturias) < **Cabarici*, derivado do antropónimo *Cabarus* documentado en Penamacor, Castelo Branco; *Alongos* < a. 952 *villa de Allonicos* en Toén, Ourense, de **Allon(o)io*- (cf. *Maropo Alluni* de Aguilar de Campoo-Olleros de Pisuerga, Palencia).

Os teónimos adoitan ir acompañados de epítetos derivados na súa maioría de distintos tipos de nomes e que relacionan por tanto a divindade con distintas realidades. Moitas veces son derivados de topónimos que con frecuencia corresponden a lugares menores que non teñen grandes posibilidades de saír á luz doutro xeito, polo que a teonimia se converte indirectamente nunha das poucas fontes (xunto cos *castella* galaicos e a documentación medieval e moderna) para o seu coñecemento¹⁵². Así os compostos con segundo elemento *-ocelo-* que por agora coñecemos e que, como os seus equivalentes románicos tipo *Outeiro de X*¹⁵³, son máis propios da toponimia menor ca da maior, saen á luz precisamente grazas á teonimia (por exemplo, *Genio Viriocelensi* de Amares, Braga, derivado de **Viri-ocelo-*; *Deibabo Nemucelaigabo* de Chaves, Vila Real, derivado de **Nem-ocelo-*), á onomástica dos *castella* (por exemplo, \circ *Louciocelo* abl. dos interámicos, nunha inscrición de Cacabelos, León; *castellanis Araocelensibus* nunha inscrición de Mangualde, Viseu) e á toponimia moderna (por exemplo, *Andamollo* en Silleda, Pontevedra; *Bendollo* en Quiroga, Lugo, etc., onde *-ollo* probablemente ven de **-oclo* < **-ocelo*). Outros exemplos son: *deo Durbedico* de Guimarães, Braga - *castell[o] Durbede* entre os brácaros; *Soe Meobrigo* dun lugar descoñecido de Galicia - \circ *Miobri* dos célticos supertamarcos; *Bandue Veigebraeago* de Rairiz de Veiga, Ourense - **Veigebri-*, etc.

Moitos dos topónimos documentados indirectamente na teonimia son compostos cun primeiro elemento antroponímico (teón. *Bandu Alanobrigue* - top. **Alanobri-* - antrop. **Alano-*, cf. os numerosos nomes con segmento inicial *Al-* en Vallejo 114-120 [onde falta **Alano-*, polo que se debe ter en conta a posibilidade de que en realidade se trate dunha variante do ben documentado *Elano-* con asimilación vocálica]; teón. *Dee Sancte Burrulobr[ig]ensi* de Elvas, Portalegre - top. **Burrilobriga* (con asimilación do *-i-* átono ao contexto no derivado anterior) - antrop. *Burrilo-*, ben documentado por Cáceres, Salamanca e Zamora (Vallejo 2005: 227-228); teón. *Bandue Veigebraeago* - top. **Veigebri-* - antrop. < **Veicio-* en Lugo e León; teón. *Genio*

¹⁵² Fóra destes ámbitos a epigrafía e mailas fontes literarias só excepcionalmente nos informan sobre a microtoponimia dun lugar, como por exemplo o bronce de Fuentes de Ropel (compostos en *-benda*, *Burriligiam*, etc.) ou a obra literaria de Marcial cos nomes da súa Bilbilis natal (*Boterdum*, *Burado*, *Caium*, *Dercenna*, *Rixama*, etc.).

¹⁵³ Cf. por exemplo *Outeiro do Castro*, *Outeiro da Cruz*, *Outeiro da Pena* e un longo etcétera na toponimia menor da Estrada que recollo de Folgar 2008.

Viriocelensi - top. **Viri-ocelo-* - antrop. **Virio-*, Vallejo 2005: 450-451, etc.) ou derivados de antropónimos. Neste último caso hai que distinguir seguramente entre distintos tipos de epítetos difíciles de analizar e clasificar. O caso de *Asidia Poltu[r]ceae* < **Polturiceae* de Castelo Branco móstranos claramente que algúns epítetos son nomes de grupos humanos, neste caso da *gentilitas Polturiciorum* que aparece noutro monumento dedicado a *Asidia* do mesmo lugar, poñendo de manifesto unha relación entre o culto local dunha divindade e unha determinada familia. Outros epítetos en *-ice(i)o-* claramente relacionables con antropónimos son *Araco Arantoniceo* de Cascais, Lisboa - *Aranton(i)o-* e *Mermandiceio* de Sintra, Lisboa - *Mermando-*, aos que se poden engadir outros casos nos que o presunto antropónimo de momento non está documentado, como por exemplo *Arpaniceo* de La Codosera, Badajoz - **Arpan(i)o-*. O teónimo *Vaelico* de Postoloboso, La Candeleda, Ávila, coincide formalmente co nome familiar que sae á luz en *Madicenus Vailico(m) Acconis f(i)lius* de Gumiel, Aranda de Duero, Burgos, e que pola súa parte presupón un antropónimo **Vail(i)o-*, do que se coñecen derivados como *Vaelonis* xen. e *Vailcio* dat. < **Vailicio-* (Vallejo 2005 479-480). Outras formas teonímicas en *-ico-* que tamén son ou poden ser derivados de antropónimos son: *Iov(i) Oladico* < **Ulatico-* da Pobra de Trives, Ourense, coincidente co antropónimo de *Maxum[us] Ulat[i]ci* de Brozas, Cáceres, e co nome (de persoa ou familia) *Uledico* de Rasillo de Cameros, Logroño (con sonorización consonántica e metafonía vocálica); *Peinticis* de Tondela, Viseu - *Pent(i)us*, Vallejo 2005 370-373); *Larib(us) Turolic(is)* de Vila Nova de Foz Côa, Guarda - *Turolus* (Vallejo 2005 443); *deo Tetae[co]* de Villamiel, Cáceres, e *Arantia Aren[t(io) T]edaicis* de Cilleros, Cáceres - *Titaio-* que temos en *Aepelgius Titai f(i)lius* de Coria, Cáceres, Vallejo 2005 426 (cf. tamén *Tedi vicani Vadiniensis Doideri f(i)lii* de Riaño, León); e probablemente tamén *Corobelicobo* en *Ara(n)bo Corobelicobo Talusicobo* [o *Palusicobo* ?] de Arroyomolinos de la Vera, Cáceres, e mais *Endovellico* de Alandroal, Évora, a partir de **Corobel(i)o-* e **Endovell(i)o-* respectivamente, que non están documentados (cf. outros compostos cos os mesmos elementos constitutivos como *Calaetus Coropoti f(i)lius* de Torrejón el Rubio, Cáceres, *Amoena Antubeli f(i)lia* de San Martín de Trevejo, Cáceres, *Doutia Endosilli* de Leiria e mais *Vellicus* en Mértola, Beja)¹⁵⁴. O sufixo *-ico-* pode experimentar unha síncope vocálica. Así p. ex. *Albucelainco* de Viseu procede probablemente de **Albucelain-ico-*, derivado dunha base **Albucelaino-*, que se pode interpretar como derivado antropónimoico (cf. antrop. *Albuc(i)us*) ou toponímico (cf. top. *Albocela* do It. Ant. 434,7 entre os

¹⁵⁴ Como pode observarse no caso de *Vaelico* ou *Endovellico*, estes cultos locais que nun momento inicial estaban relacionados (do xeito que fose) cunha determinada persoa ou familia poden acadar co tempo unhas dimensións extraordinarias. Cf. Vasconcelos 1905: 78: “Da existência de gentilitates, agrupamentos especiais, que, ao que parece, tinham por base a família, e que possuíam cultos próprios, falam várias inscrições da época romana”.

vaccos). Máis problemático é o caso do epíteto de *Bandue Bolecco* de Palas de Rei, Lugo. O *-cc-* dobre permite someter a consideración a posibilidade de que se trate dunha forma sincopada de **Bolecico* ou **Bolaecico*, pero na miña opinión é máis plausible que se trate dunha simple variante gráfica de **Bolico* ou **Bolaeco*. Cf. un problema gráfico semellante no nome familiar *Bodeccun* de Velilla de Valdoré, León.

Ás veces a sufixación típica dos nomes familiares (sobre todo *-ico-*) dá a impresión de ter sido substituída polo sufixo *-aico-* que pola súa parte é típico dos epítetos teonímicos occidentais. [*N]abiae Elaesurraega[e]* de Castro Caldelas, Ourense, é asociable a un antrop. **Elaesuro-*, derivado do frecuente *Elaesus*, Vallejo 2005 315-316; *B(...)* *Cantunaeco* de Fuenteguinaldo, Salamanca, ao antrop. **Canton-* que temos en *Arco Antoni f.* de Alcántara, Cáceres, Vallejo 2005: 258, etc. Estas formas poderían ser, sen embargo, (polo menos en parte) derivados en *-ico-* de antropónimos en *-aio-* (**Elaesuraio-*, **Cantunaio-* ?, cf. os nomes familiares *Arcaicum* e *Sailcieicon* de Yecla de Yeltes, Salamanca, derivados de **Arcaio-* e **Sailcieio-* ou **Sailciaio-*) e de feito derivados deste tipo son os que, ao concidir formalmente co sufixo *-aico-* tan frecuente no occidente, poderían ter favorecido a substitución de *-ico-* por *-aico-* neste tipo de formacións. As formas rematadas en *-ego-* como por exemplo *Vestio Aloniego* de Pontevedra (cf. nome familiar **Alonicum* que temos sincopado en *Tridio Alongun Bode(ri) f(ilio)* de León, derivado dun antrop. **Alon-* que temos en celtib. **alu** e no xen. *Alonis* de Covarrubias, Toledo, Vallejo 2005: 114-120) ou *Marti Cairiogiego* de Tui, Pontevedra (derivado de **Cairiocio-* que se asemella moito, pero non é idéntico ao antropónimo **Cairicio-* subxacente ao nome familiar *Caericioco[n]* xen. pl. de Munilla, La Rioja) poden vir de *-aico-* (> *-ēgo-*) ou en parte eventualmente tamén de *-ēco-* que se documenta como un dos alomorfos de *-īco-* especialmente con bases en *-ījo-* (cf. nome familiar *Boutiecum* de Yecla de Yeltes, Salamanca - antrop. *Boutius*).

Noutros casos o epíteto teonímico é un derivado dun nome en *-ic(i)o-* de base segura ou posiblemente antroponímica: *Caesariciaego* de Martiago, Salamanca - **Caisar-ic(i)o/a-* - antrop. *Caesarus*, *Arantio Tanginiciaeco* da Idanha, Castelo Branco - **Tancin-ic(i)o/a-* - antrop. *Tancinus*, *Quangeio Turicaeco* de Borba, Évora - **Tur-ico/a-* - antrop. *Turius*. Tamén de posible base antroponímica con síncope no suf. *-ic(i)o-*: *Genio Tauranceaico* (posible erro do lapicida por **Tauranceaico*) de Ponte de Lima, Viana do Castelo, < **T(i)auranciaico-* - **T(i)auran-ico/a-* - antrop. **T(i)aurano-* (cf. nome familiar *Taurico(n)* de Torremocha del Campo, Guadalajara, *Taur[ic]or(um)* de Armada, León). Podemos estar nestes casos ante derivados en *-(i)aico-* de nomes familiares en *-ico-*, pero tamén entra en consideración a posibilidade de que (polo menos en parte) se trate de topónimos formados a partir de *nomina possessoris* (cf. top. *Caelionicco* do It. Ant. 434,1, entre Cáparra e Salmántica, con *-cc-* por erro de transmisión ou hipercorrección, derivado do antrop. **Cailon-*, v. Vallejo

2005: 235-237; *Burriligiam* acus. de **Burrilicia* no bronce de Fuentes de Ropel, Zamora, derivado do antrop. *Burrilus*; ou fóra do noso territorio por exemplo o actual *Zürich* en Suiza < séc. VIII *castrum Turico*, derivado do antrop. **Tur(i)o-*).

Non podo entrar aquí en máis detalles nin tratar doutros sufixos e problemas relacionados tamén con esta cuestión (por exemplo a variación *-aeo/-aeco* en epítetos tamén relacionables con antropónimos como *Bande Velugo Toiraeco* vs. *deo Tueraeo volenti* de Santa Maria da Feira, Aveiro, asociable aos nomes de persoa *Tueriae Rufinae* de Leiría e *Tuairo Frontonis* da Idanha, Castelo Branco, que adoita ser lido como ***Tuatro*, CIL II 450), pero creo que así queda suficientemente ilustrada a relevancia da antroponimia no seo da toponimia e da teonimia e a importancia desta documentación indirecta que ten por suposto a desvantaxe de ter que ser extraída deses outros nomes dun xeito sempre hipotético, pero tamén a irrenunciable vantaxe de que eses antropónimos se sitúan cronoloxicamente no momento da creación deses topónimos e epítetos que na súa maioría é probablemente de época prerromana, converténdose así no noso único túnel do tempo que nos conecta coa onomástica persoal desa época.

A antroponimia de transmisión indirecta non só completa e ás veces contrasta cos datos que ofrece a xeografía da documentación directa, senon que tamén conserva nomes que en época histórica caeron en desuso, o que ten especial relevancia no caso dos compostos. Velaquí algúns posibles exemplos:

- no top. *Ḷ Ercoriobri* abl. dos albións, documentado nunha inscrición de Villanueva de Cangues d’Onís, Asturias, podemos ter un antropónimo composto *Ercorio-* < **Eri-kor̥jo-* “moi/gran guerreiro” (**kor̥jo-* derivado de **koro-* > lit. *kāras* “guerra”) coa mesma estrutura morfolóxica dos nomes galos *Eripoxios* /eribogios/ ou *Eridubnos*, nos que **eri-* pode ser o mesmo prefixo intensivo que temos no gr. ἐρι- (por exemplo no adxectivo ἐρισθενής “moi forte”, frecuente tamén na antroponimia: Ἐπίτιμος, etc.).
- o epíteto *Corobelicobo* do teón. *Ara(n)bo Corobelicobo Talusicobo* [o *Palusicobo* ?] (dat. pl.) de Arroyomolinos de la Vera, Cáceres, ten aspecto de ser un nome familiar *Corobel-ico-*, formado a partir dun primitivo antropónimo composto **Coro-bel(i)o-*, posiblemente “que golpea/mata na guerra”, no que se combinan o relativamente frecuente primeiro elemento *Coro-*, que temos por exemplo en *Calaetus Coropoti f(i)lius* de Torrejón el Rubio, Cáceres, co **-bel(i)o-* que nos aparece en *Amoena Antubeli f(i)lia* de San Martín de Trevejo, Cáceres (**Coropotio-* “señor da guerra” e **Antubel(i)o-* posiblemente < **Anctubel(i)o-* “que golpea/mata cun golpe mortal”, como vimos anteriormente).
- na base do epíteto de *Bandi Tatibeaicui* de Fornos de Algodres, Guarda, temos un posible antropónimo composto **Tatibio-* interpretable como “que mata os ladróns”. Trataríase dun composto en *-bio-*, como *Caenobius* visto

máis arriba (posiblemente “que peta / pica nas pedras, pedreiro”), cun primeiro elemento ie. **tah₂-ti-* > **tāti-* “ladrón” (irl. ant. *táid*, ant. esl. ecl. *tatb*), derivado da raíz ie. **teh₂* “roubar” (heth. *tāyuzzi* “rouba”).

d. *Excursus: teonimia*

A teonimia con material lingüístico prelatino é un conxunto lingüística e culturalmente moi variopinto. Referencias teonímicas como *Crougiai Magareaigoi Petra[.] ioi* de Lamas de Moledo fronte a *Fl(aviae) Conimbricae et Larib(us) eiu[s]* de Conimbriga teñen en común a súa pertenza ao ámbito relixioso e a presenza de polo menos un elemento de orixe lingüística prelatina no seu seo, pero pouco máis. A nivel (socio-) lingüístico son polos opostos: un procede dun texto e contexto rural no que se fala e usa a lingua prelatina, o outro dun texto e falantes latinos dunha gran cidade. Do mesmo xeito que ocorre coa antroponimia, non podemos tampouco aquí meter nun saco todo apartado teonímico que conteña algún elemento lingüístico prelatino e crer que estamos ante fragmentos dunha relixión indíxena prerromana. En realidade son fragmentos da relixiosidade dunha sociedade (de época) romana complexa, multilingüe e multicultural, onde todo o que documentamos coexiste, interactúa e interfere en maior ou menor medida entre si.

Algúns aspectos importantes referentes á teonimia xa foron tratados no excursus anterior, polo que aquí só me gustaría engadir ou insistir en dúas observacións:

a. Reparto desigual dos datos

A teonimia total ou parcialmente prelatina de orixe prerromana ou en parte tamén de orixe romana está representada na área *-brig-* dun xeito moi desigual. O occidente peninsular (Galicia, Portugal e provincias españolas limítrofes) está reboante de aras votivas nas que aparecen mencionados estes téonimos. No resto a densidade de datos é incomparablemente menor.

Se temos pois por exemplo o teónimo *Bandu-* en calquera das súas variantes formais dez veces no distr. de Castelo Branco e unha única vez na provincia de Toledo debemos ter en conta que é posible que non se trate do desprazamento dun individuo occidental ou unha expansión secundaria dun culto occidental, senon dun culto tan propio dese lugar como de calquera outro nos que se documenta, pero que ten a particularidade de saír pouco á luz tanto pola escaseza de teónimos indíxenas como pola escaseza epigráfica en xeral da zona.

b. Alteración da teonimia prelatina

A nosa única fonte de información sobre a teonimia prelatina son os textos epigráficos de época romana, que o que reflicten é a realidade da súa época e por tanto só dun xeito moi parcial e distorsionado a situación primitiva.

Moitos nomes de deuses que coñecemos noutros territorios célticos e manifestan alí unha relevancia moi especial só os temos documentados no noroeste dun xeito

moi esporádico (por exemplo, *Lugubo* na prov. de Lugo), illado (p. ex. *Suleis* en Padrenda, Ourense) ou mesmo só indirecto (**Toutati-* no epíteto de **Crougiae Toutadigoe* < **Toutati-co-* de Xinzo de Limia, Ourense; **Esu-* posiblemente no epíteto de *[d]Jeo Coso Esoaego* < **Esu-aico-* de Portas, Pontevedra).

Outros teónimos carentes de correspondencias na onomástica doutros territorios célticos gozan en cambio de grande veneración a vulgar pola cantidade de epígrafes votivas que deles conservamos, como *Reve*, *Naviae* e *Bandue* coa súas respectivas variantes formais. Lamentablemente sobre a orixe lingüística e significado etimolóxico de calquera destes nomes só se pode especular. Non se descarta a indoeuropeidade nin celticidade de ningún deles, pero calquera deles podería ser tamén de orixe local, precelta. Tampouco sabemos se en época prerromana xa eran tan relevantes ou se trata dunha innovación posterior.

Por outra parte, ao longo do período romano tamén se observa unha tendencia á atomización deses cultos, é dicir, ao desenvolvemento individualizado de santuarios e cultos locais, o que ten o seu reflexo lingüístico no feito de que os primitivos nomes conformados por un teónimo e un ou dous epítetos de referencia local se simplifican ou reducen mediante a elipse do teónimo (por exemplo, *Bandi Vortaeceo* de Fundão, Castelo Branco → *Vortaeccio* de Montehermoso, Cáceres), de aí que moitos cultos só os coñecemos a través dos epítetos teonimizados (por exemplo, *Caesariciaeco* de Martiago, Salamanca; *Castaecis* de Vizela, Braga; *Tameobrico* de Castelo de Paiva, Aveiro, etc.).

c. Epiclesis teonímica

Os teónimos de orixe lingüística prelatina adoitan ir acompañados de un ou dous adxectivos que tradicionalmente chamamos epítetos teonímicos ou mesmo só consistir na teonimización deses epítetos por elipse do primitivo teónimo, como acabamos de ver.

Estamos aínda moi lonxe de comprender perfectamente este fenómeno que sen dúbida é moi complexo e polifacético. Son raros os epítetos que non son parte do nome da divindade, senon que se engaden para resaltar algunha das súas cualidades, recorréndose nese caso polo xeral á lingua latina, como se pode observar en *Albucelainco efficacis* de Viseu, *deo Tueraeo volenti* de Santa Maria da Feira, Aveiro, ou *divo Sigerio stillifero* de Mérida, Badajoz. Algunhas formas de orixe prelatina ás que pola súa posible etimoloxía se lle podería atribuir un significado “descriptivo” da divindade só aparecen, polo menos de momento, usadas como teónimos (soas ou en aposición a un teónimo latino), como por exemplo *Arconi* dat. de Riba de Saelices, Sigüenza, Guadalajara, e Saldaña de Ayllón, Segovia, dativo dun tema **Arc-on-* que pode significar “protector”, da raíz ie. **h₂ark* que entre outras cousas significa “protexer, defender” (cf. lat. *arcēre*); ou *Coluau* de Guijo de Galisteo, Cáceres, asociado a Mercurio na dedicatoria a *Mercurio Coluau* de Salvatierra de Santiago, Cáceres,

que se podería interpretar como un composto **kolu-awo-* “que axuda ou ampara coa súa protección” (celta **kolu-* > irl. med. *cul* “protección”, ie. **h₂awHo-* > **awo-* “que axuda” da raíz ie. **h₂auH* que temos en ind. ant. *ávati* “axuda, protexe”, irl. ant. *con-ói* “protexe”, lat. *iuuāre*).

Unha minoría de epítetos son derivados (directos ou indirectos) teonímicos. Está especialmente claro o caso do monumento dedicado ao **nemetum Asidiacum* “ao santuario de (a deusa) *Asidia*” de Mieres, Asturias (*Nimmedo Aseddiago* de Mieres, Oviedo; teón. *Asidiae* de Castelo Branco). Co complemento en xenitivo temos o (*finis*) *Nimidi Fiduenearum* “(límite) do santuario das árbores (sagradas)” de Paços de Ferreira, Porto, que comentamos máis arriba. Outros exemplos serían: *Tongoe Nabiagoi* de Braga - *Nabia*; *Lari Pemaneieco - Poemanae* de Lugo, etc. *Coso Esoaego* de Portas, Pontevedra pode relacionarse co teón. céltico **Esu-*, **Crougiae Toudadigoe* de Xinzo de Limia, Ourense con **Toutati-*.

Como vimos anteriormente, a maioría dos epítetos son derivados toponímicos (*Bandue Veigebraego*, *Genio Viriocelensi*, etc.) e moitos están relacionados con grupos familiares (*Asidiae Poltu[r]ceae* < **Polturiceae* de Castelo Branco).

Moi escura segue sendo aínda a epiclesis dobre que sen dúbida tamén é un conxunto moi variado, pero lamentablemente non tan abundante e por tanto tamén máis difícil de abordar. Neses epítetos parecen reaparecer tódolos tipos anteriores: derivados teonímicos (*Lari Circeiebaeco Proeneiaeco* do Pereiro de Aguiar, Ourense - *Proinei[...]* de Sarreaus, Ourense, e *Broeneiae* de Arronches, Portalegre), derivados toponímicos (*Munidie Berobrigae Toudopalandaigae* de Talaván, Cáceres - **Berobriga*) e derivados de grupos familiares (*Ara(n)bo Corobelicobo Talusicobo* [ou *Palusicobo* ?] de Arroyomolinos de la Vera, Cáceres - **Corobel-ico-* pode ser un nome familiar derivado dun antrop. **Corobel(i)o-*).

Recomendacións bibliográficas:

Sobre as interferencias lingüísticas é un referente fundamental todo o relacionado coa documentación das Matronas renanas, onde temos moitos fenómenos semellantes aos nosos. Sobre as Matronas: Neumann 1983, 2001 e 2003, Neumann - Bauchhens 1987. Sobre os problemas lingüísticos pertinentes: Untermann 1989.

12. Área brig e os Celtici

a. Consideracións xerais e nomes característicos

Deixando de lado a zona pirenaica na que a lingua gala puido ter penetrado en territorio actualmente español (polo curso alto do Garona chegamos a *Salardú* < a. 1298 *Salarduno* na Val de Arán, probablemente un topónimo galo en *-dūnum*), así como a presenza máis ou menos efímera, esporádica e cuantiosa de galos (mercenarios, comerciantes, etc.) en distintas zonas da Península Ibérica dende o séc. III aC. (v. Beltrán 2005 183-199) e maila problemática da existencia de topónimos que son ou parecen ser de orixe céltica en distintas áreas do territorio aragonés e catalán¹⁵⁵ que en parte poden deberse a propagacións ultrapirenaicas da lingua gala, pero polo menos en parte tamén son sen dúbida réplicas medievais (v. Turull 2011: 1087-1088; Ubieto 1980: 249-259; Moran - Martí 2004: 11) e nalgúns casos seguramente tamén simples coincidencias formais coa onomástica céltica, como se ten sinalado especialmente para os nomes en *-dunum* con segmento inicial de aspecto menos claramente céltico ou en casos soltos como *Bergidum* dos ilergetes coincidente con *Bergidum Flavium* dos ástures (v. Untermann 2001: 197), o territorio lingüístico hispanocéltico ocupa un enorme espazo enmarcado pola costa cantábrica ao norte, a costa atlántica polo occidente e unha liña ondulada polo interior que pasa primeiro deitada cara ao leste por entre o Guadiana e o Guadalquivir e sobe despois dende os extremos orientais destes ríos abranguendo a Serranía de Cuenca cara ao curso medio do Ebro á altura do Jalón, seguindo río arriba o curso do Ebro en dirección noroccidental ata ao límite septentrional de La Rioja, para finalmente saír cara ao norte en dirección ao Golfo de Biscaia a través dos Montes Vascos (véxase por exemplo Untermann 1984 12 mapa 4 ou Díaz Ariño 2008: 32), debendo advertirse naturalmente que esta liña non é máis ca unha referencia orientativa e aproximada de por onde debemos imaxinarnos que iría non unha liña propiamente dita, senon unha complexa faixa de transición lingüística que ademais foi variando ao longo do tempo (v. Gorrochategui 2009).

¹⁵⁵ Por exemplo, outros nomes en *-dunum* como Σεβένδουον con variante Σεβέλδουον de Ptolomeo 2,6,70 que, baixo o suposto de ser corrupción dunha forma orixinal *Βεσέλδουον, podería identificarse coa actual *Besalú* < a. 966 *Bisuldunum* en Girona que pola súa parte parece inseparable dos reiterados topónimos franceses *Bézaudun* < med. *Besalduno*; *Verdú* < a. 1056 *Verduno* en Lleida; *Yebra de Basa* < a. 1036 *Ebora* en Huesca; *Buerba* (arag. *Buarba*) < **Borva* en Fanlo, Huesca, etc.

Son moitos os nomes e elementos constitutivos de nomes que aparecen dispersos no seo deste territorio. O máis frecuente é a forma radical *brig-*, sen dúbida céltica, cognata do véd. *bṛh-*, xerm. *burg-*, etc., que procede dunha forma protoie. **b^{hr}ǵ^h-* que pola súa parte é unha variante en grao cero da raíz indoeuropea **b^herǵ^h-* “erguerse, elevarse” que está por exemplo probablemente tamén no topónimo *Bergido* (It. Ant. 425,4) > *Bergio* en moeda visigótica > *Bierzo*, León (cf. alem. *Berg* “monte”)¹⁵⁶.

Esta forma radical aparece en distintos tipos de formacións:

a. en primeiro e principal lugar temos tanto o nome raíz **brig-* (> irl. *bri* f. = alem. *Burg*) como o tema **brigā-* (> galés *bre*), os dous co significado primario de “elevación”, frecuentemente utilizados como segundo membro de topónimos compostos onde parece adoptar o significado de “outeiro, monte” ou “outeiro fortificado, lugar fortificado sobre un outeiro, castro” (cf. por exemplo celt. oriental *Aliobrix*, cidade situada fronte á tamén céltica *Noviodunum* pouco antes do delta do Danubio, h. Orlovka no óblast de Odesa [antiga Besarabia], Ucraína, v. Gostar 1967, Duridanov 1997 137; galo *Litanobriga* no dép. Oise, Francia; como nome simple aparece por exemplo no topónimo británico *Brige*, probablemente nom. pl., ao que me referín anteriormente; na base do epíteto teonímico de *Mercurio Brigensi* correspondente ao sitio arqueolóxico de Bois l'Abbé, dép. Seine-Maritime, v. Mantel - Dubois - Devillers 2006, e está tamén detrás de distintos topónimos modernos como por exemplo *Brig* < a. 1215 *Briga* no Valais, Suiza.

En Hispania é especialmente frecuente o topónimo *Arcobrig(a)-*:

1. *Arcobriga*, h. Cerro del Villar, Monreal de Ariza, Zaragoza
2. *Arcóbriga* entre os *Celtici* de Lusitania
3. *vicani Arcobrigenses* de Perales del Puerto, Cáceres
4. *Arcobrigensis Ambimogidus* de Braga
5. a. 991 *Arcobre*, h. *Alcobre* de Vila de Cruces, Pontevedra
(**Arcobri-* < **Arcobrig-*)

[Obs. Tamén temos a. 922 *Arcabriam* (así no Tombo A de Santiago, mentres que o Tombo de Sobrado transmite *Artabria*), h. Parada, Castrelo de Minho, Ourense; a. 1153 *Alcabria* a situar polo Incio, Lugo; e mais a. 960 *Alcobria*, h. *Alcarva*, localidade da freg. de Ranhados, Mêda, Guarda, Por-

¹⁵⁶ Hai que ter en conta sen embargo que parte do material toponímico en *-brig-* pode ter a súa orixe en **briko-* “cume” (> galés *brig*) ou **mrig-* “campo” (> irl. ant. *bri* “campo”; da mesma raíz **mrogi-* “territorio” > irl. *mruig*, galés *bro* galo *Brogimarus*). **Briko-* podería estar, por exemplo, no top. *Malobriga* na parr. San Pedro de Triós, O Pereiro de Aguiar, Ourense, e detrás de *Bricia* (a. 1169 *alfoz de Brizia*) con dim. *Brizuela*, Burgos; o nome raíz **mrig-* detrás de moitos nomes en *-mbriga*, mod. en *-mbra* e *-mbre* (p. ex. *Conimbriga* > h. Coimbra, **Calamrig(a)-* > med. *Calambre* e *Calambria*, h. *Cambre* e *Cambra* varias veces en occidente ou **Palamrig(a)-* > med. *Paambra*, *Paambre*, h. *Pambre* en Palas de Rei, Lugo, e Ramirás, Ourense). Na hidronimia e na antroponimia tamén entran en consideración outras raíces.

tugal, que tamén podería vir, aínda que non necesariamente, dun máis antigo **Arcobria*]

O seu primeiro elemento *Arco-* pode poñerse en relación cos substantivos **arc-* ou **arcos/-es-* “cerre, cerco ou protección; lugar cerrado, cercado ou fortificado” que temos no lat. *arx* e no gr. ἄρκος “defensa” respectivamente, da raíz ie. **h₂ark* “cerrar ou rodear con algún tipo de protección ou defensa; protexer, defender; conservar, manter, ter” (cf. lat. *arcēre*). Un posible sinónimo ou cuasisinónimo sería **Colu-bri(g)-* (celta **colu-* “protección” > irl. med. *cul*), que temos no med. *Castrum Colubri*, h. Alange (Badajoz), e *Coebre* < a. 935 *Colobre* (Santo Estevo de Loureda, Cesuras, A Coruña). Tamén **Arco-monio-* que pode estar detrás do epíteto **Arcomoni-aico-* de *Naviae Arcomuniecae* de Guntín, Lugo, se esta é realmente a súa lectura e interpretación correcta, podería interpretarse dun xeito similar (celta **monijo-* “monte” > galés *mynydd*, v. Ares 1976 242-244, Balles 1999 7), pero neste caso tamén hai que ter en conta a posibilidade de que se trate dun derivado de nome familiar ou antroponímico (< **Arcamoniaecae* ?, cf. *Ambata Paesica Argamonica Ambati uxor* de Lara de los Infantes, Burgos).

Na documentación hispánica predominan os nomes en *-briga* (**Caetobriga*, **Eburobriga*, *Nemetobriga*, *Nertobriga*, *Segobriga*, *Turobriga*, etc.) escritos ás veces como *-brica* por hipercorrección ou polivalencia fonética do <C> nos textos epigráficos (por exemplo, Νεμετόβριγα de Ptol. 2,6,36, *Nemetobrica* do It. Ant. 428,6 e Rav. 320,7 entre os tiburios; *v(ico) Nemetobrica* abl. nunha epígrafe funeraria de Codosedo, Sarreaus, Ourense; especialmente interesante o caso de *Bloena Camali f. Valabricsansis* de Braga, onde en lugar da esperada terminación *-ensis* temos *Valabrica-nsis*), pero tamén temos constancia de que algúns deses nomes en *-briga* son refeccións de primitivos nomes *-brig-* (por exemplo, Καυτόβριξ (Ptol. 2,5,2), h. Setúbal → **Caetobriga* [grafía *Cetobricca* no Rav. 4,43,18]; celtib. *sekobirikeð* A.89 = *Segobrigeð*, abl. de *Segobrig-* → *Segobriga*), polo que, como xa sinaléi anteriormente, ante calquera topónimo *-briga* sempre será dubidoso se se trata realmente dun tema orixinal en *-a-* ou non. No noroeste abundan en cambio os topónimos en *-bri-* que, polo menos en parte, tamén proceden de *-brig-*, como ademais de *Arcobre* nos suxiren as seguintes ecuacións ou aproximacións formais:

a. 912 *Alobre*, h. Vilagarcía de Arousa

Cf. a. 857 (en copia do s. XII) *Alobrega* (var. *Caobrega*) no *Libro de la Regla Colorada* da Catedral de Oviedo, a situar por Cantabria.

a. 971 *Anobre*, h. *Ombre*, O Pino, A Coruña, e a. 1114 *Anovre*, h. *Ombre*, Pontedeume, A Coruña

Cf. a. 1127 *Valle de Anebra*, que non puideron localizar (por León ou Palencia)

Monte *Castrove*, próximo a Pontevedra < a. 1025 *Castovre* < **Castobri(g)*-, con elevación menor *Castrovión*

Cf. Καστόβριξ de Marciano Peripl. 2,13.

Cillobre (1. San Martiño de Sésamo, Culleredo, A Coruña; 2. Santiso de Cornado, Touro, A Coruña; 3. Santa María de Torás, Laracha, A Coruña) pode vir de **Coilio-bri(g)*- (aínda que tamén entran en consideración **Cailio*- e *Cilio*-)

Cf. Κοιλίόβριγα de Ptol. 2,6,41 entre os coelernos calaicos.

Montrove < **Montobri(g)*-, Santaia de Liáns, Oleiros, A Coruña

Cf. *Montobrica* do Itin. Ant. 420,4 nunha das vías de Olisipo a Emerita.

parr. de Santa Mariña de *Sillobre* < a. 1044 *Selioure*, a. 830 *Siliobre* de Fene, A Coruña

Cf. a. 907 *Seliobria*, h. São Martinho de Pedrulhais, Sepins, Cantanhede, Portugal, aínda que se este topónimo, como parece, está relacionado co hidrón. *Selho* < med. *Selio*, afl. do Ave, se tratará dunha simple coincidencia formal

parr. Santo André de *Trobe* < a. 914 *Talobre* < **Talobri(g)*-, Vedra, A Coruña

Cf. Ταλάβριξ* (acus. Ταλάβριγα πόλιν en Apiano *Hisp.* 73 no contexto das loitas de D. Iunius Brutus contra os brácaros) e *Limicus* ⊃ *Talabriga* de El Repilado, Huelva

a. 922 *Uolebre*, h. Santiago de *Boebre*, Pontedeume, A Coruña

Cf. Ουολόβριγα de Ptol. 2,6,40 entre os nemetates galaicos.

Monte *Xiabre* < **Senabri(g)*- entre os concellos de Vilagarcía, Caldas de Reis e Catoira, Pontevedra

Cf. *Sanabria*, Zamora < med. *Senabria*

Temos ademais algúns testemuños da existencia de nomes en *-*brigo*- que poderían ser latinizacións excepcionais de *-*brig*- mediante lat. -*brigum* e/ou ser adxectivos en *-*brig-o*- derivados de topónimos en *-*brig*-:

a. 569 *Aliobrio* no Parr. Suv. (a. 922 *Aliourio*) a situar nas proximidades de Peso da Régua, Vila Real; un homónimo documentado como a. 921 *Aliobrio* estaba próximo á cidade de Braga (Russell 1953 167-170)

Cf. *Aliobrix*, cidade céltica no delta do Danubio.

a. 569 *Merobrio* (var. *Melobrio*) no Parr. Suv., diócesis bracarense

Cf. *Merobrica* Plin. nat. 4,116 en Lusitania.

Tiobre de Betanzos, A Coruña, adoita aparecer na documentación medieval coa terminación en *-bre* (a. 1373 *San Martino de Teoure*, a. 1240 *ecclesiam sancti Martini de Toovre*, a. 1178 *Toiobre*), pero tamén temos a. 1094 *Sancto Pelagio de Teobrio*. É posible por tanto que algún dos topónimos medievais e modernos en *-bre* sexan antigos en *-brigo-* (xenitivos fosilizados?).

No caso de que *Tiobre* proceda de **Tilo-bri/brigo-*, cf. a. 905 *Tilobrica*, h. *Pena Tolóbriga*, Llena, Asturias.

Os nomes medievais ou modernos en *-brega / -briga* (con variantes gráficas *-breca / -brica* na documentación medieval) poden ter conservado o *-g-* intervocálico ou ser adxectivos en **-bri-co-* derivados de topónimos en **-bri-*:

a. 909 *Senabreca* > *Xábrega*, Sober, Lugo.

a. 905 *sub portu Tilobrica secus flumen Orna*, h. *Pena Tolóbriga*, no límite do Puerto la Cubiella, Llena, Asturias.

a. 1220 *Annovrega*, h. Castelo de Nóbrega na freg. de Sampriz, Ponte da Barca, Viana do Castelo, med. *Terra da Nóbrega*, freg. Aboim da Nóbrega, Vila Verde, Braga (v. Silveira 1914 121-125).

Garganta de Salóbriga ou *Solóbriga*, Navalvillar de Ibor, Cáceres.

Alpuébrega < med. *Alpobrega*, *Alpuébraga* en Polán, Toledo (v. Menéndez Pidal 1953 219-220).

Tamén temos algúns (posibles) derivados en *-brig-aico-* e *-brig-aic-io-*:

Pombriego < a. 1092 *Pombriego*, a. 1094 *Pembriego*, a. 1088 *Pinbriego* en Benuza, León (v. Pensado 1999 293) na marxe dereita do río Cabrera onde fai unha curva moi grande.¹⁵⁷

Βρυγαίκιον de Ptol. 2,6,29, *Brigecio* na tab. Astorg. 3,3, h. Dehesa de Morales, Fuentes de Ropel, Zamora.

Como nome simple é difícil de identificar, dado que no caso de ter dado *Brea* na toponimia moderna resultaría indiferenciable do abundantísimo *Brea* < *verea* < *vereda* “camiño”. Un bo candidato sería *Bría* (Mondoñedo, Lugo), a. 747 *Ual de Bria*, pero neste caso temos o problema engadido de que non só entra en conside-

¹⁵⁷ Para a opción de partir de **-brig-aico-* hai que admitir unha síncope vocálica (*Pembriego* < **Pembriego*, **PenVbriego* ou mesmo **PentVbriego*), pero tamén entra en consideración a posibilidade dun composto en **-mrig(a)-*.

ración **Briga*, senon tamén **Brigia* (v. a continuación). *Bregua* (parr. San Silvestre de Veiga, Culleredo, A Coruña, podería ser un antigo diminutivo **Brigula*, pero cf. tamén *A Bérgoa* (parr. de Santa Mariña de Xinzo, Ponteareas, Pontevedra) que pola súa parte apunta a un antigo **Bergula*.

Algúns dos compostos en *-bri(g)-*, *-bri(g)a* presentan un primeiro elemento rematado en *-a-* e algúns deses primeiros elementos teñen aspecto de seren adxectivos concertados, por exemplo no caso do frecuente **Senabri(a)-* ou do medieval a. 887 *Uendabre* (a situar por Betanzos, A Coruña), asociables aos adxectivos célticos **seno-* “vello” (irl. ant. *sen* “vello”, galo etn. *Senones* e top. *Senomagus* “campo vello” vs. *Noviomagus* “campo novo”) e **uindo-* “branco” (irl. ant. *find*, galés *gwynn* “branco”, galo top. *Vindobona* ou *Vindomagus* “campo branco”) respectivamente. Entra así en consideración a posibilidade de que tales nomes non fosen orixinalmente compostos, senon sintagmas nominais **Senā Brig(ā)* “monte/castro vello”, **Uindā Brig(ā)* “monte branco/albo”. O máis probable é, sen embargo, que esta aparencia sexa puramente casual. *Sena-* e *Venda-* poden ser substantivos femininos, como parece moi probable no caso do monte *Calabre* de Vila Nova de Foz Coa, Guarda, onde temos o elemento *Cala-* tan reiterado no occidente peninsular, e moi plausible tamén no caso de *Langrave* en Bual, Asturias, que, se, como parece, ven de **Langa-bre*, pode ter como primeiro elemento o frecuente **Langa* da toponimia centro-septentrional hispánica (*Langa del Castillo* en Zaragoza, *Langa de Duero* en Soria, *Langa* en Ávila, etc.). De feito ao pé do *Xiabre* en Vilagarcía, Pontevedra, flúe o río do Con, que antes era río de *Cea* < med. *Sena*, segundo Moralejo 2009a 76. Se isto é así, non cabe dúbida de que pode haber unha relación entre este *Sena* e mailo inmediato **Senabre* > *Xiabre*, pero hai moitas *Senabrig(a)-* e non pode ser que todas tivesen un hidrónimo *Sena* á súa beira. Podería tratarse dun apelativo **sena*, eventualmente relacionado co noso *senra* < **senara*, que pode ter designado algo que adoita haber no monte ou, se cadra, un tipo de monte, susceptible de aparecer como topónimo (cf. tamén o teón. *Senaico* de Braga) e secundariamente como hidrónimo. En canto a *Venda-* o único que podo dicir é que existen varios topónimos que comparten esta mesma base (*Bendaña* de Touro, A Coruña, e mailo pluralizado *Bendueños* < a. 905 *Uendonios* de Llena, Asturias; *Bendia* < a. 1037 *Vendena* de Castro de Rei, Lugo; *Bendoiro* < a. 959 *Vendurio* de Lalín, Pontevedra, etc.) e que polo menos nada obsta para que tamén poida tratarse dun substantivo.

b. Rematan en *-brigio-* o topónimo antigo **Aiiobrigio-* que está na base do nome de *castellum* **Aiiobrigiaecum* (*Tillegus Ambati f(i)lius*) *Susarrus* \supset *Aiobrigiaeco* na táboa de hospitalidade do Caurel do a. 28 dC., *castellanos Aiiobrigiaecinos* no bronce de Bembibre do a. 15 aC.) e mailo medieval *Senabregio* (en Galicia, sen localizar) que, xunto co moderno *Sabrexo* < a. 1499 *Seabrejo* de Vila de Cruces, Pontevedra, proceden dun primitivo **Senabrigio-* (v. Moralejo 2010b 478). Tamén

Calabreo de Negueira de Muñiz, Lugo, podería vir de **Calabrigium* e *Santa Baia de Dumbria* < ca. 868 *sancta Eolalia in Donobria* de *-*brigia*, se admitimos nestes casos a perda do -g- intervocálico¹⁵⁸. No hidrónimo *Río da Brea* < a. 1165 *aqua de Doauria*, a. 1177 *fluuium Donabriam* de Boiro, A Coruña, parece que temos un cambio **Donabria* > **Doabria* > **Dabria* → *da Brea* por etimoloxía popular. Trátase do mesmo tipo de formación que temos por exemplo en *Arebrigium* nos Alpes Graios preto de Aosta, Italia, ou no topónimo suízo *Vouvry* < c. 1018 *Wovregium*, *Wubregium* < **Vobrigio*- visto anteriormente.

Pero tamén existe un tema **brigiā-* ou **brigio-* fóra dos compostos que serve de base ao epíteto teonímico de *Matribus Brigeacis*, de Peñalba de Castro, Burgos (CIL II 63381), que sen embargo non necesariamente é toponímico, dado que estes temas se documentan en tódolos ámbitos onomásticos. Temos un top. **Brigia* por exemplo no corónimo francés *La Brie*, comarca no leste da Illa de Francia cunha enorme fraga (*Forêt de (la) Brie*) que na documentación medieval aparece como *Brigia sylva*, *Brigiensis silva* (Holder 1896 542). Pero *Brigia* (e outros derivados de *Brig-*) tamén aparece tanto na hidronimia (por exemplo, *Braye* < *Brigia*, afl. do Loir → Loire, Holder 1896 542) como na antroponimia (por exemplo *Brigia Brigi filia*) de Estiria, Austria, CIL III 5408, v. Holder 1896: 543, Untermann 1959: 100), onde entran en consideración outras opcións etimolóxicas¹⁵⁹. O etnónimo alpino *Brigiani* (Plin. nat. 3 136-137) é un derivado de calquera destes diferentes tipos de nome.

c. o adxectivo verbal **brigantiā* < **b^hrg^h-nt-iah₂*- “erguida, alta” (alem. *Burgund*, etc.) ben coñecido noutras áreas extrapirenaicas, só aparece no noroeste: *Brigantia* (tamén *Brigantium*), de onde toman o seu nome os **Brigantīni*, h. *Bergantiños*, A Coruña; e *Bregança* > *Bragança* no noreste de Portugal.

d. En Crémenes, León, documéntase un antropónimo *Amparamo Brigetino* dat., onde non está claro se o segundo elemento é un derivado antroponímico ou toponímico (cf. top. *Brigetio* en Komárom, Hungría).

e. Na toponimia moderna temos outros nomes máis dubidosos que tamén poderían ser derivados de **brig-*, do que sen embargo só poderá haber seguridade cando dispoñamos de documentación medieval ou antiga que nos certifique que a consoante intervocálica perdida era efectivamente un -g-¹⁶⁰. Por exemplo:

¹⁵⁸ A terminación -*bría* tamén fai pensar no celta **brīva* “ponte”.

¹⁵⁹ Segundo Wodtko - Irlsinger - Schneider 2008 33 n. 12 tamén poderían estar relacionados co irl. ant. *bríg* “forza, poder, valor”, cf. *Brigomarus* posiblemente “grande en forza/poder”. Tamén se coñece un tema *Brig-on-*: *Samotalus Brigonis f(i)lius Augustodune(n)sis* (AE 2000 1847, de orixe descoñecida).

¹⁶⁰ Lémbrese o caso do monte *Breamo* (Pontedeume, A Coruña) etimoloxizado ás veces a partir de ***Brigāmo*, pero aparece no ano 922 como *Bredamu*.

- **Brigon-* (?) podería estar detrás do top. *Brión* de Vilouchada (Trazo, A Coruña) que era o nome dun castro, segundo unha noticia do ano 818: *uilla que ab antiquis uocitabatur Lentrobe, et nunc uocitatur Ostulata, subtus castro Brione, territorio Montanus iuxta riuulo Tamare*¹⁶¹. Cf. *Brion* < a. 1269 *Villa de Brions*, a. 1090 *Castrum Brionis* (dép. Ain, Francia).
- **Briganca* (?) podería estar detrás de *Breanca* < a. 1114 *Briancha*, a. 1147 *Brianca* (Santa María de Doroña, Vilarmaior, A Coruña) e *Breanca* de Carantoña (San Xulián de Carantoña, Miño, A Coruña). A terminación *-anca* reaparece en moitos nomes (presuntamente) prelatinos (*Aveanca*, *Bardanca*, *Maianca*, etc.), non só en Galicia (cf. *Avanca* < a. 1046 *Avanca*, freg. de Estarreja, Aveiro; a. 954 *Couianca*, a situar na veiga do Esla, León, e mailo seu homónimo moderno *Cantu Coyanca*, Carreño, Asturias; *Talamanca* del Jarama, Madrid, e *Talamanca* e *Talamanquilla* á beira do Arlanza, Torrepadre, Burgos [aos que aínda hai que engadir a *Talamanca* de Barcelona, réplica medieval], etc.). Lémbrese sen embargo a existencia dun adx. *anco* “curvado” e dun sufixo *-anco* aumentativo/diminutivo-peiorativo románicos (*focha* → *fochanca*, cast. *hoyo* → *hoyanco*).

Debe terse en conta por suposto que non todo o que na toponimia medieval e moderna remata en *-bre*, *-bra*, *-brega*, etc. pertence necesariamente ao radical céltico *-brig-*. Hai nomes que, aínda sendo probablemente prelatinos, teñen ou poden ter outra orixe, como vimos na nota 154, aos que podemos engadir por exemplo *Dubra* < a. 1110 *Dubria* probablemente derivado dehidronímico de **Dubra* que temos en *Dobra* (afl. do Sella, en Amieva, Asturias) < celt. **dubrā*- “agua” ou “profunda, escura”; *Tambre* < **Tamre* < *Tamari*- ten pola súa parte un *-b-* epentético introducido trala síncope da vogal intermedia postónica. Outros casos son ou poden ser nomes latino-románicos ou xermánicos, como por exemplo *Vilachambre* < **Villa Flammulae* (Baralla, Lugo); *Bedrove* (San Xián de Cabaleiros, Tordoia, A Coruña) que pode vir de *(*villa*) *Vitruvi*, *Deixebre* (Oroso, A Coruña) que pode vir de *(*villa*) *Deiservi*; *Lobrigos* (Santa Marta de Penaguião, Portugal) que Vasconcelos 1931 321 interpretaba como *(*villa de*) *Loverigos*, co nome xermánico *Leobericus* en nominativo, pero que se cadra é unha pluralización secundaria de *(*villa de*) *Loverigo*.

Tanto a súa frecuencia como a ausencia noutras áreas dalgo moi similar e confundible converten a forma radical *-brig-* no elemento toponímico ideal para marcar cartograficamente o territorio céltico, como mostrou Untermann reiteradamente

¹⁶¹ Os demais testemuños deste mesmo nome que na nosa toponimia é relativamente abundante poderían ter a mesma orixe: *Santa María de Brión* (Ferrol, A Coruña) < a. 830 *Sancta Maria in Brion*, *San Fins de Brión* (A Coruña), *Brión* (Santa María de Leiloio, Malpica de Bergantiños, A Coruña), *Brión de Baixo / de Cima* (San Xoán de Roo, Outes), *Brión* (Santa María de Leiro, Rianxo, A Coruña), *Brión* (Boiro, A Coruña). V. Bascuas 2001: 450-451.

nos seus coñecidos mapas (v. Untermann 1961 e 1962, mapas 4 e precedentes). Pero non esquezamos que *brig-* está aquí en representación de tódolos demais elementos comúns a todo este territorio, que son moitos, pero menos frecuentes e por tanto tamén máis desigualmente representados no seo desta gran área. Vexamos algúns exemplos sen a menor pretensión de exhaustividade:

a. Toponimia:

Amaia

1. *Amaia* Itin. de barro I, *Amaya* e *Maya* en Berceo *Vida de San Millán* 469, 137, h. *Amaya*, Burgos
2. *A Maía*, San Pedro de Cambás, Aranga, A Coruña.
3. *A Maía* < a. 854 *Amaea*, comarca na cunca do Sar ao seu paso por Bertamiráns, Ames, A Coruña, presenta, como no caso anterior, unha inesperada acentuación do *-í-*. A grafía a. 1117 *Ameyia* (con asimilación *-aía* > *-eía*) xa delata a posición actual do acento. Véxase Boullón 2011: 15.
4. *Terra da Maia* ou *d' Amaia* designaba no séc. XII unha estensa rexión entre Miño e Limia (Vasconcelos 1931: 187-188)
5. *Maia* < med. *Amaea*, Porto
6. *civitas Amaiensis*, São Salvador de Aramenha, Marvão, Portalegre [Obs. Na prov. de León temos *Amíu* < a. 867 *Ameo*, concello de *Soto y Amío*. *Maianca* de Oleiros, A Coruña, podería ser un derivado desta base con aférese, pero tamén temos *Maiobre* < a. 830 *Magobre* de Ares, A Coruña]

Ambrona < *Amb(e)rona*

1. *Ambrona*, Miño de Medinaceli, Soria
2. *A Fonte de Ambroa* na parroquia de *San Tirso de Ambroa* < a. 747 *Ambrona*, Irixoa, A Coruña
3. *Ambroa*, San Román de Cabovilaño, A Laracha, A Coruña
4. *Ambroa* < a. 1122 *Ambrona* < a. 955 *Amberonam*, San Mamede de Andoio, Tordoia, A Coruña
5. *Dehesa la Ambrona*, Toril, Cáceres
[Obs. Poden estar relacionados con este nome: *Hambrón*, despoblado que Madoz atribúe ao partido xudicial de Sequeros, Salamanca; med. *Ambroes* a situar por Ourense e *Ambrões* en Marco de Canaveses, Porto, Portugal; *A Ambrués*, labradío na parr. Santa María de Riós, Riós, Ourense; tamén distintos topónimos e hidrónimos *Hambre*, que sen embargo poden ser de moi distinta orixe. V. Terés 1992: 11-12 para unha posible orixe árabe]

Cantonia e derivados

1. *Cerro de la Cantueña*, Parla, Madrid
 2. *Cantañuela* < **Cantoñuela*, Fuenlabrada, Madrid, diminutivo do anterior
 3. *Cantoña* e parr. *San Mamede de Cantoña*, Paderne de Allariz, Ourense
 4. parr. *San Mamede de Cantoña*, Baños de Molgas, Ourense
 5. *Cantoña*, Santa María de Luou, Teo, A Coruña
 6. *A Cantoña*, Santiago de Pontellas, O Porriño, Pontevedra
 7. *Quinta da Cantonha*, A Costa, Guimarães, Braga
 8. *Barroca da Cantonha*, Abrantes, Santarém
- [Obs. Cf. teón. *B(...)* *Cantunaeco* de Fuenteguinaldo, Salamanca]

Complouto-

1. celtib. **konbouto** xen. sing, *Conplutum* do It. Ant. 436,2, h. Alcalá de Henares, Madrid, onde conflúen os ríos Henares e Camarmilla.
 2. *Compludo* (*Espinoso de Compludo*, [*Herrería de*] *Compludo*), León, onde conflúen os ríos Miera e Miruelos
 3. Κομπλούτικα por Ptolomeo 2,6,38 e como *Compleutica* no It. Ant. 423,1 entre os brácaros.
- [Obs. O hidrónimo *Complongo*, afl. do Esla → Douro, debe vir dun top. *Campo Longo*, cf. top. *Camplengo*, Santillana del Mar, Cantabria < *Campo Luengo* < a. 1111 *campolongo*]

Eburo-, Eburá

1. *Ebora* preto de Zaragoza
2. *Yebra*, Guadalajara
3. *Yebra*, Benuza, León < a. 1080 *Evra*, a. 1092 *Ebra*
4. *Ebora* (Mela 3,11) na desembocadura do Tambre
5. *Évora*, Alcobaça, Leiria, Portugal
6. *Ebora Liberalitas Iulia* (Plinio nat. 4,117), Ἐβούρα (Ptol. 2,5,6), h. Évora, Portugal
7. **Eburonanto-*: med. *predio que nuncupatur Ebronanto* propiedade dun nobre godo chamado Ricimiro (Bierzo) (s. VII, en San Valerio del Bierzo, *Ordo Querimoniae* 6.1-6). Véxase Pensado 1999: 263, Valverde 2011: 289-290.
8. *Eburobritium* (Plinio nat. 4,113), h. Abobriz/Aboboriz, Óbidos, Leiria.
9. *Eburobrig(a)-*: no epíteto teonímico de [*A*]rantiae et Arantio *Eburo[b]ricis* de Castelejo, Fundão, distr. Castelo Branco. Véxase Salvado - Rosa - Guerra 2004: 217-236.
10. teón. *Eburo* no texto *Titus Irrico Rufi f(ilius) Eburo v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito)* de Las Cuevas de Soria, Soria

[Obs. O *castellum Ebora* (Mela 3,4), h. Cortijo de *Ébora*, Sanlúcar de Barrameda, Cádiz e a *Ebora Cerialis*, cidade da parte da Bastetania orientada ao mar (Plinio nat. 3,3,10), poden ser simples homofonías]

Lama

1. **Λάμα** de Ptol. 2,5,7, á que se asocian os individuos que na epigrafía romana indican a súa orixe como *Lamensis*, localidade vetona a situar pola provincia de Cáceres
2. **lamatigom** no texto lusitano de Lamas de Moledo pode ser un derivado en *-co-* dunha base **Lamati-* ou en *-ico-* de **Lamat(i)a* ou **Lamat(i)o-*, opcións que todas elas e de distintas maneiras imaxinables poden ser derivadas dun topónimo *Lama* ou do apelativo *lama*.
3. **Lamego** < s. XIII *Castro de Lameco*, a. 569 *Lamecum* < ant. **Lamaecum* (Viseu)
- 4a. **Λαμίτιον** de Ptol 2,6,56, h. Alhambra, Ciudad Real
- 4b. O castro de **Lamiño**, na parroquia e concello de Brión, A Coruña
[Obs. Dado que a palabra *lama* se incorporou ás linguas románicas, onde foi enormemente productiva na toponimia, limitome a citar aquí algúns exemplos máis antigos e derivados que pola súa morfoloxía non deben ser latino-románicos. *Lamego* reaparece varias veces polo noroeste. É posible que o segmento inicial do topónimo antigo *Flavia Lambris* estea relacionado con esta base, pero tamén pode ser unha simple coincidencia formal. A palabra ast.-leon. *llambria* “laxe inclinada ou (case) vertical e escorregadiza que impide o paso ou pola que é difícil pasar” non ten nada que ver con esto, senon que procede indirectamente do lat. *lamina*.]

Ocelo-, Ocela

1. **okelakum** (xen. plur.), moeda celtibérica; **okelaka kar**, tésera celtibérica
2. **Ὀκέλα** (Strab. 3,4,3) en Cantabria
3. **Ὀκελον** (Ptol. 2,5,7) entre os vetóns
4. **Ὀκελον** (Ptol. 2,6,22) entre os calaicos lucenses
5. **Lari Ocaelaeco** de Sarraus, Ourense
6. **Arant[i]a Ocelaf[ea]**, **Arantio [O]celaeco**, Covilhã, Castelo Branco
7. **Ocelodorum** (Rav. 4,45), h. Zamora. Ὀκτωδοῦρον de Ptol. 2,6,49, no caso de ser o mesmo lugar ou nome, sería unha corrupción pseudoetimolóxica da forma sincopada **Oclodurum*; *Ocelum Duri* do It. Ant. 434,6 e 439,10 presenta unha tmese xurdida probablemente tamén por etimoloxía popular, debido a que o Douro pasa pola cidade. Véxase Curchin 1996: 46-47.
8. **Albocela** (It. Ant. 434,7), **Ἀλβόκελα** (Ptol. 2,6,49) entre os vacceos
9. **Aebosocelensis** de Coria, Cáceres

10. **Louciocelo** (abl.) entre os interámicos, Cacabelos, León
11. **Albocelo** (abl.) de Chaves, Vila Real
12. **Genio Viriocelensi** de Amares, Braga
13. **Deibabo Nemucelaigabo**, Chaves, Vila Real
14. **castellanis Araocelensibus** de Mangualde, Viseu
15. topónimos galegos modernos en **-ollo** que poden proceder de ***-ocelum**: **Andamollo** (Silleda, Pontevedra), **Bendollo** (con dim. *Bendilló*, Quiroga, Lugo), **O Tiollo** (Amoeiro, Ourense), **Sambollo** (Miño, A Coruña), etc. Véxase Búa 2007.

[Obs. O antropónimo *Ocelaecus*, documentado en *Max[i]mus Ocelaeci* de Redondo, Évora, pode ser un derivado deste topónimo, pero tamén podería pertencer á pequena serie antroponímica con base *Uc-*: *Uceleto* de Soria, *Boutia Uqulanca Segilia filia* de Belorado, Burgos, etc. A terminación *-ocelo-* podería eventualmente ser tamén un sufixo diminutivo, o que fai que a interpretación destas formas non sexa unívoca.]

Oronia

1. **Urueña**, Valladolid < a. 1155 *Oronna*
 2. **Urueñas**, Segovia
 3. (*Castro*) **Irueña**, Fuenteguinaldo, Salamanca < a. 1168 *Oronia*
 4. **Oroña**, Outes, A Coruña < a. 1161 *Oronia*
 5. a. 1516 **Oronha** (no Foral de Segadães), Aveiro
- [Obs. Cf. a. 857 *in valle Uronia*, a. 1233 *in Uren*, cantón Uri, Suíza. *Oruña* de Piélagos, Cantabria, e *La Oruña* de Vera de Moncayo, Zaragoza, diverxen no seu vocalismo. *Uruñuela*, La Rioja < a. 945 *Eroniola* xa pertence claramente ao grupo do vasc. *Iruña*.]

Toleto-, Toleta

1. **Toledillo**, no concello de Soria, Soria
 2. **Toletum**, h. Toledo
 3. **Toleo**, Bual, Asturias
 4. **Toleo**, Uviéu, Asturias
 5. **Soto Toledo**, Villaverde de Arcayos, León
 6. **Toleda**, Badajoz
 7. **castellanis Toletensibus** na Tabula do Caurel, entre os lougeios
 8. **Toedo**, A Estrada, Pontevedra
 9. **Montoedo** (< *monte Toedo*), A Teixeira, Ourense
 10. **Toledo**, Lourinhã, Vila Nova de Famalicão (con *-l-* mozárabe conservada)
 11. **Toledo**, Lisboa (tamén con *-l-* mozárabe conservada)
- [Obs. Algúns nomes poden ser réplicas medievais]

Tamén hai nomes con /p/ moi estendidos pola área *brig*, pero que precisamente pola presenza deste fonema non poden pertencer á lingua e área lingüística celtibérica *stricto sensu*:

Palant-, Palantia e derivados

1. **Palantenses** documentados nunha tégula de Alconétar, Garrovillas, Cáceres.
2. ***Touto-palant-**, a partir do que se formou o derivado ***Toutopalant-aico-**, que temos como segundo epíteto do teón. *Munidie Berobrigae Toudopalandagae* de Talaván, Cáceres.
3. **Palantucio**, que o Parr. Suev. 1,27 sitúa na diocese de Braga, con documentación numismática visigoda. Véxase Pliego - Correa 2006: 497.
4. ***Palantia** documentada como *Civitate Palantina* (CIL II 5763), *Palantini* (Plinio nat. 3,26), h. *Palenzuela*, antes *Palencia del Conde*, Palencia. Παλλαντία de Ptol. 2,6,49 con reduplicación por erro de copista, dado que os demais testemuños e maila forma moderna mostran claramente que o nome tiña un *-l-* simple. A forma románica con *-e-* que tamén se dá nalgúns dos nomes seguintes é froito dunha palatalización tardolatina ou románica moi antiga.
5. **Palantia** do It. Ant. 449,1, *Palentia* do Rav. 313,4 localizada con dúbidas en El Quintanal, Santas Martas, León
6. **Palentiaca**, que o Parr. Suev. 2,25 sitúa na diocese de Portocale, con documentación numismática visigoda. Véxase Pliego - Correa 2006: 505.
7. teón. **Palantico** de Perales del Puerto, Cáceres

Paramo-

1. Σεγοντία Παράμικα de Ptol. 2,6,65 entre os várdulos, h. *Cigüenza del Páramo*, Villarcayo, Burgos
2. comarca de *El Páramo*, León, que se estende entre os ríos Esla e Órbigo, coa que probablemente está relacionada a inscrición poética de León CIL II 2660 na que se describe entre outras fazañas cinexéticas a captura duns cervos *in parami aequore* (“na chaira do páramo”).
3. teón. (?) **Parameco** nunha epígrafe de Riosa, Asturias, de difícil interpretación. O topónimo *Páramo* máis próximo coñecido é *Parmu* (Teberga) a uns 25 km, co que non necesariamente está directamente relacionado
4. teón. *Reo Paramaeco* de Lugo, é un derivado claro dun antigo topónimo *Páramo* inmediato a Lugo, posiblemente o que sobrevive como actual concello do *Páramo*.
5. teón. *[De]o Pafra]maeco* do Sabugal, Guarda, derivado dun *Páramo* local

[Obs. Por suposto son moitos os topónimos modernos *Páramo* que se poden reunir, pero a maioría deles son probablemente románicos, polo que convén limitarse aos de documentación antiga.]

b. Na **hidronimia** obsérvase que moitos nomes máis ou menos frecuentes polo norte escasean ou faltan na parte meridional do territorio *brig* (véxase máis abaixo). Na miña opinión este fenómeno pode compararse co da posterior hidronimia de orixe árabe que, como é sabido, é máis abundante no sur da Península Ibérica, onde a presenza da lingua árabe foi máis antiga, profunda e duradeira, e vai escaseando progresivamente cara ao norte. A maior abundancia de hidrónimos prelatinos propios da área *brig* na súa zona septentrional tamén pode deberse a que a zona de presenza máis antiga, profunda e duradeira da lingua que os creou ou introduciu estaba precisamente da cunca do Douro para ao norte.

Como exemplos de hidrónimos moi dispersos por toda a área *brig* pódense destacar os seguintes:

Aranza, Arante e derivados

1. r. *Arancilla*, afl. do curso alto do Texo
2. top. *Aranza* < a. 1058 *Aranza*, Santiago de Aranza, Baralla, Lugo
3. r. *Aranza*, afl. do Verdugo, Soutomaior, Pontevedra, con top. *Aranza* e *Aranciña*
4. top. med. *Arança* a. 1199, Guarda, Portugal
5. r. *Arante* en San Pedro de Arante, Ribadeo, Lugo. Documentábase reiteradamente como *Arante* dende o ano 1305, pero sorprendentemente como *ecclesia Santi Petri de Alanti* no ano 935. É difícil crer que esta única variante con *-l-* sexa a etimolóxica, por moito que sexa a máis antiga. Se non é un erro de escritura, poderá ser froito dunha disimilación *r-r > r-l* (*San Pedro d' Arante > San Pedro d' Alante*). Véxase Bascuas 2002: 30.
6. top. *Os Arantes*, Santa María Madalena de Fanoi, Abadín, Lugo.
7. top. San Vicente de *Arantón* < a. 830 *Aranton*, Santa Comba, A Coruña.

[Obs. Existe unha parella de teónimos *Arantia*, *Arantio* (var. *Arentia*, *Arentio*) nos distr./prov. de Castelo Branco e Cáceres que poden estar relacionados con esta hidronima. Hai un top. *Arantiones* en Valderredible, Cantabria, que aparece como *Arançiones* no *Becerro de las Behetrías* de 1352. Os top. *Aranga* < a. 966 *Aranga*, A Coruña, *Aranga*, Ponga, Asturias, San Martín de *Arango*, Pravia, Oviedo, poderían vir de **Arantica/o-*. O río *Aranzuelo*, subafl. do Douro < a. 1251 *Arauzuelo*, é en cambio un diminutivo do ben documentado med. *Arauzo*, que pola súa parte é inseparable do *Arouce* < a. 943 *Arauz*, afl. do Ceira → Mondego, e da nosa ría de *Arousa* < a. 911 *Arauz*].

Navia e derivados

1. top. **Sonabia**, na desembocadura do río Agüeria, Castro Urdiales, Santander
 2. r. **Navia**, desemboca en *Navia*, Asturias
 3. top. **Fuente Navia**, Lluarca, Valdés, Asturias
 4. rego de **Navia**, afl. do Lagares, San Paio de Navia, Vigo, Pontevedra
 5. r. **Neiva** con topónimos **Navió** (*Navió*, Cossourado, Barcelos; freg. *Navió*, Ponte de Lima) e afl. **Nevoinho**
 6. r. **Naviegu**, afl. do Narcea, Cangas del Narcea, Asturias
 7. **Navea**, afl. do Bibei (→ Sil → Miño), flúe entre Laza e A Pobra de Trives, Ourense (< **Naviena*?, cf. *Armea* < a. 977 *amnis Armena*, afl. do Neira → Miño, Lánara, Lugo; *Leiria* < med. *Leirena* en Portugal de posible orixe hidronímica: a. 1142 *in villa* (sc. *Leirena*) *aut inter Leirenam et Heirenam rivulos*, Vasconcelos 1931: 424-425)
- [Obs. Existe o teónimo *Navia* / *Nabia* por todo o occidente peninsular]

c. Antroponimia

A antroponimia da área *brig* conforma unha rede na que ningunha subárea está completamente illada ou desligada con respecto a calquera outra mediata ou inmediata, senon que polo contrario todas son interdependentes e comparten non só un mesmo fondo onomástico, senon tamén unha mesma gramática (formación de palabras).

Entre os nomes máis frecuentes e estendidos por este territorio en época romana destacan *Reburrus* e *Boutius* con tódalas súas variantes e derivados. Outros tamén están moi espallados, pero tenden a ser máis ou menos frecuentes en distintas zonas (cando tenden a acumularse ou a faltar podemos falar [con precaución] de focos e lagoas), como por exemplo *Balaesus*, que gustaba moito entre os ástures meridionais, e *Calaetus*, que (polo menos de momento) está ausente no noroeste. Outros por fin están moi dispersos e non son especialmente frecuentes en ningures, como por exemplo *Caesaro(n)*¹⁶². Resulta así que ás veces as bases e mailos seus derivados aparecen por aquí e por alá dun xeito aparentemente arbitrario, como sucede por exemplo no caso de *Aet(i)o-*: *Valens Aeti* no Sabugal, Guarda, e *Domitius Fronto Aiti f.* en Tudela de Duero, Valladolid, cos nomes familiares *Aitiocum* en Riaño, León, e *Aeticum* en Segovia. Entre os seus derivados temos **Aitan(i)o-*: *L(ucius) Norbanus Tancinus Aidani f.* de Santa Ana, Cáceres e *Aitanius Paternus* de Lugo; **Aitayo-* do que se deriva o nome familiar *Aidaug(um)* < **Aitayokōm* en Ruesca, Palencia, etc. Ou no caso do aínda máis infrecuente *Cabaro-*: *Cabarus* está documentado nunha

¹⁶² Temos Καίσαρος en Ap. Iber. 56, predecesor de Viriato; *Caesarus Caeleonis f(ilius)* de Santa Comba, A Coruña; *Caesaroni Tabali f(ilio)* de Oviedo; *Caisaros Cecciq(um)* de Paredes de Nava, Palencia, etc.

única ocasión en Penamacor, Castelo Branco, serviu de base para o nome da *civitas* noroccidental dos *Cabarci* (cf. *Cabarcus* \circ *Beriso* de Salas, Asturias) e presenta un único derivado en celtib. *kabarinus* (Peñalba de Castro, Burgos).

Hai nomes que só aparecen en determinadas zonas, como por exemplo *Clutamus* ou *Bloena* no noroeste, sen que de entrada poidamos saber se esa particularidade xeográfica é circunstancial (unha moda de época romana, un efecto casual da nosa documentación ...) ou esencial, é dicir, se se trata de nomes que efectivamente son e sempre foron propios e característicos desa área. Exemplos como o de *Avelius*, visto anteriormente, dan boa mostra de que as cousas poden non ser tan sinxelas como parecen. En época romana é un nome típico de Castelo Branco e Cáceres, pero temos unha documentación indirecta moi dispersa que nos indica que antes debeu estar tamén presente en zonas moito máis distantes (top. *Aviliobris* < **Auelio-brig-* en Ponteceso, A Coruña; antrop. *Avelcus* < **Auelico-* en Zamora e Bragança e nomes familiares *Auelicum* de Saelices, Cuenca, *Avilioc(um)* de Canales de la Sierra, Logroño).

Para ilustrar cun exemplo a afirmación de que na antroponimia da zona *-brig-* se comparte unha mesma gramática podemos tomar o caso do sufixo *-ajo-* e maillos seus conglomerados. Non hai motivo para pensar que sexa herdado da morfoloxía antroponímica protoindoeuropea, senon que se trata máis ben dunha innovación posterior a nivel de lingua individual, xurdido por falso corte nos nomes que etimoloxicamente eran en realidade derivados en *-jo-* de temas (nominais e/ou verbais) en *-ā-*. Non é posible determinar en qué nome(s) ou grupo de nomes concretos se iniciou este proceso de reinterpretación ou reanálise morfolóxica, así que co único fin de ilustralo vou tomar como exemplos, por unha parte, o adxectivo **caro-* “amigo” (< ie. **kh₂ró-*) que temos por exemplo en *Caricus Cari f(i)lius* de Contrasta, Vitoria, e *Cara Vesucloti f(ilia)* de Lugo e serviu de base a nomes familiares como *Cariqo(m)* de Coca, Segovia, e *Caroqum* de Peñalba de Villastar, Teruel. A partir del formouse un verbo **car-ā-* “amigar, amar”¹⁶³ (un factitivo similar aos nosos *seco* \rightarrow *secar* ou *quente* \rightarrow *quentar*), que temos no irl. *caraim*, galés *caraf* < **carā-mi* “eu amo”, e a partir del ou da súa base adxectival puido crearse despois un abstracto **carā-* “amor” ou “amizade” respectivamente (como no caso dos nosos *seco* \rightarrow *seca* “secura, sequidade”, *quentar* \rightarrow *quenta* “quentamento”). A continuación, e a partir de calquera destes temas en *-ā-*, puido xerarse un novo adxectivo **carā-jo-* que viría a significar algo así como “amigable, amable” se fose deverbais ou “relativo á amizade, amistoso; relativo ao amor, amoroso” se fose denominal, adxectivo que, como **caro-* “amigo” do que todo este proceso derivativo arrinca, podía pasar a usarse como antropónimo. Cf. *Capito Carai* “*Capito* fillo de *Caraius*” de Montalegre, Vila Real, Portugal. Pois

¹⁶³ En caso de ser unha formación moi antiga, habería que reconstruír un primitivo ie. **kh₂ra-h₂-*.

ben, unha vez introducido no léxico antroponímico, este novo nome *Caraio-* pasaba a facer grupo con *Caro-*, *Carico-*, *Carant-* e outras formacións que compartían un mesmo segmento inicial *Car-*, polo que o que etimoloxicamente era *Cara-io-* pasaba a ser reanalizado como *Car-ai-*. Outro candidato con destino semellante puido ser o noroccidental *Cloutaius* (**cloutā-io-* “famoso” ← **cloutā-* “fama”¹⁶⁴) coexistente con *Cloutius*, *Clutamus*, etc. Estes e/ou outros nomes coma estes serviron despois de modelo para a formación de derivados en *-ai-*, procedemento que acabou sendo bastante productivo en todo o territorio *brig*. Así temos por exemplo *Cloutaius* no noroeste, *Dovaius* en Lusitania, *Turaius* disperso polo territorio restante e outros moitos casos máis illados como *Alaius* na prov. de Salamanca, *Allucquaius* en Viseu, *Ambaius* na de Vitoria, *Caucaius* na de Ávila, *Pintaius* (CIL XIII 8098, *Astur Transmontanus castelo Intercatia*), **Petraio-* na base de *Petraioici* xen. de Lara de los Infantes, Burgos, etc.

Pero aínda hai moito máis. Como vimos anteriormente, o retroceso da composición supuxo unha redución do léxico antroponímico que automaticamente foi compensada coa potenciación da derivación mediante a libre combinación e aglomeración dos máis variados sufixos. Así da secuencia de *-ai-* e *-co-* que temos por exemplo no caso de *Araica Arai f(ilia)* da prov. de Vitoria (pai *Araio-* → filla *Arai-ca*), xurdiu un novo sufixo complexo *-aico-* que seguramente se usou en moitos daqueles casos nos que non se documenta a posible base intermedia en *-ai-*: *Arquius* (→ **Arquaius* ?) → *Arquiaecus* na prov. de Badajoz, *Ammia* (→ **Ammiaia* ?) → *Ammiaeca* no distr. de Bragança, etc. O novo sufixo *-aico-* combinado con *-i-* xerou despois un novo conglomerado *-aiç-*, que temos por exemplo en **Caraiço-* (en *Capito Carai* de Montalegre) → **Caraiço-* (na base do nome familiar *Caraeci(um)*) da prov. de Ávila → **Caraiço-* (en *Caraegius* na prov. de Palencia). Ás veces temos *-aiç-* e falta a hipotética base intermedia en *-aico-*, como por exemplo no caso de *Dovaius* en Lusitania (→ **Dovaius -a* ?) → *Dovaecia* na prov. de Ourense, sexa por casualidade, sexa porque tamén neste caso se crearon nomes directamente mediante este último complexo sufixal. Pero o sufixo *-ai-* tamén se combinou con outros segmentos, xerando distintos novos conglomerados semellantes aos anteriores. Da súa combinación con *-no-* xurdiu *-aino-*: *Alaius* → *Alainus* en Salamanca, *Turaius* → *Turainus* en Burgos, *Caucaius* → *Caucainus* nome dun líder lusitano; co engadido de *-i-* xerouse *-aini-*: *Amaius* (→ **Amainus* ?) → *Amainius*, *Amaenia* en Burgos e Salamanca. Da súa combinación con *-so-* xurdiu *-aiso-*: *Alaius* → *Alaisus* en Zamora, Salamanca e Cáceres; **Balaiço-* (en *Balai* xen. de Évora) → *Balaesus* especialmente

¹⁶⁴ < Ie. **k̑leu-tah₂-* “fama, sona”, abstracto da raíz verbal **k̑leu* “escoitar” coa mesma estrutura morfolóxica que temos por exemplo en gal. *cheda* < lat. *clēta* ← celt. *cleitā* “arrimo” < ie. **k̑lei-tah₂-* da raíz **k̑lei* “arrimarse” visto anteriormente ou por exemplo no gr. γενετή “nacemento” < ie. **g̑enh₁-tah₂-* da raíz **g̑enh₁* “enxendar”.

en Bragança; con *-io-* → *-ai̯s̯io-*: *Turaius* → *Turaesus* → *Turaesius* en Cáceres, etc. Ao final temos un cúmulo de innovacións morfolóxicas (*-ai̯o-*; *-ai̯co-*, *-ai̯no-*, *-ai̯so-*; *-ai̯cio-*, *-ai̯ñio-*, *-ai̯s̯io-*, etc.) que non son propias nin improprias de ningunha subárea, senon propias e comúns no seu conxunto a toda a área *-brig-*.

Esto por suposto non impide nin é contradictorio co feito de que dentro deste gran territorio poidan existir especificidades rexionais ou locais ou que entre os nomes de áreas veciñas haxa, como cabe esperar, máis coincidencias ca entre as máis alonxadas. Así por exemplo os nomes *Camalus* *-a* son moi frecuentes nas áreas veciñas galaica e lusitana e só aparecen esporadicamente noutros lugares. Non faltan sen embargo tamén nomes que establecen pontes entre áreas que non son limítrofes: *Lubaecus* e *Merlandus* son por exemplo nomes típicos de Lusitania, mentres que a base do primeiro só se documenta (polo menos de momento) en celtib. **lubos** e o segundo (con rotacismo) só atopa correspondencia no celtib. **melmandōs**, *Melmandus*.

Non cabe dúbida de que se poden establecer subáreas antroponímicas no seo da área *brig*, pero son espazos nos que aparecen indisolublemente entrelazados elementos non compartidos e compartidos, sen que o distintivo exista de forma independente nin pese máis ca o común. Con frecuencia só se buscan e teñen en conta os elementos opoñibles que poden pasar así a ser sobrevalorados e en consecuencia malinterpretados.¹⁶⁵

O fenómeno rexional máis rechamente é o da ausencia en occidente do nome familiar na formulación completa do nome persoal que, como vimos anteriormente, alí onde se usa adoita presentar a terminación indíxena de xenitivo plural (por exemplo *Erguena Bouti f(ilia) Ammaricum* [= lat. *Ammaricorum*] “*Erguena*, filla de *Boutius*, da familia dos *Ammarici* [≈ dos descendentes de **Ammar(i)o-*]” ou *Magilo Elaesi f(ilius) Toutoniquum* [= lat. *Toutonicorum*] “*Magilo*, fillo de *Elaesus*, da familia dos *Toutonici* [≈ dos descendentes de **Toutono-*]” de Yecla de Yeltes, Salamanca). Pero estes nomes familiares tamén se usan como epítetos ou complementos teonímicos e neste ámbito non faltan por occidente. En Castelo Branco temos dous altares: un dedicado a *Asidiae* pola *gentilitas Polturiciorum* “pola familia dos *Polturicii*” con motivo da promesa efectuada por *Polturus Caenonis*, sen dúbida algún familiar que segue a tradición de usar o nome do antepasado que lle deu nome á súa fami-

¹⁶⁵ Untermann 1984: 14: “*Cloutius* y *Clutamus* predominan en Galicia, *Cloutius* se da también en la Lusitania central; *Doviderus* y *Dovidena* reúnen la Lusitania central con León y Asturias; la distribución de *Ambatus* abarca la misma parte de la Lusitania y el norte de la Celtiberia; *Boutius* está concentrada en la Lusitania central y muestra estribaciones hacia oeste y norte; el elemento *Sego-* predomina en la Celtiberia, pero no falta en Asturias y en la zona oriental de la Lusitania. En resumen: los antropónimos aducidos y muchos otros más, aunque siendo nombres típicos de ciertas regiones, se enlazan y mezclan con sus vecinos de manera muy variada y no respetan ningún límite fijo salvo el que separa la Hispania céltica de la ibérica”.

lia; outro dedicado a *Asidiae Poltu[ri]ceae* “Asidia protectora dos *Polturicii*”. E resulta que polo resto do occidente son relativamente frecuentes os epítetos teonímicos relacionables con antropónimos e interpretables desta mesma maneira: con suf. *-ico-*: *Peinticis* de Tondela, Viseu, cf. antrop. *Pent(i)us*; *Larib(us) Turolic(is)* de Vila Nova de Foz Côa, Guarda, cf. antrop. *Turolus*; con suf. *-aico-* (aínda que en parte se cadra é *-ico-* a partir de nomes en *-aio-*): *Diis Cegeaigis* de Cortegada, Ourense, cf. antrop. **Cec(i)us* e mailo nome familiar de *Caisaros Cecciq(um)* na tésera de Paredes de Nava, Palencia; *Vestio Aloniego* de Pontevedra, cf. antrop. **Alon-* e mailo nome familiar **Alonicum* que aparece sincopado en *Tridio Alongun Bode(ri) f(ilio)* de León). Non se trata por tanto necesariamente dunha oposición entre dúas zonas nas que hai ou non esas realidades familiares e mailos seus nomes, senon posiblemente entre zonas nas que eses nomes se usan e/ou saen á luz en contextos diferentes.

d. Teonimia

A teonimia é o ámbito no que a desigual cantidade de información de que dispoñemos máis distorsiona a nosa mirada. A maioría dos monumentos dedicados a divindades indíxenas da Península Ibérica procede da zona galaico-lusitana e territorios adxacentes, polo que é misión imposible atopar teónimos dispersos dunha forma homoxénea por todo o territorio *brig*.

Un dos teónimos de maior dispersión (aínda que non o máis frecuente) e dos que menos se adoita falar é *Aiio*. É posible que o teñamos en Lugo como **L(ari) Aiio Paraliomego* (ou eventualmente **Par(amaeco) Aliomego*), opción de lectura e interpretación preferible ou polo menos sen dúbida tan sostible como **Laiio* ou **Laho* (ou as progresivamente menos plausibles **Iaiio*, **Iaho*, **Iano*), segundo me parece tras unha nova autopsia do monumento. Xa coñecidos, aínda que case todos tamén mal interpretados eran: *Aiio Adf.[]cino* de Baños de Montemayor, Cáceres; *Aeio Dai-cino* de Hontangas, Burgos (Abásolo 1973: 443-444); *Aio deo* de Villafranca, Montes de Oca, Burgos (*AE* 1984 § 569) e *Aiio Ragato* de Clunia, Burgos (CIL II 2772). O mesmo nome aparece usado como antropónimo (*Aio* [abl.] *Temari* de Folgoso do Courel, Lugo), aínda que neste ámbito é máis frecuente o seu derivado **Aii-on-* (celtib. *aiu*; *C. Calvisio Aiionis f.*, *Segio Lougesterico(n) Aionis f.* na prov. de Burgos, etc.). Tamén aparece como primeiro elemento de composto toponímico (⊃ *Aiobrigiaeco* dos susarros na táboa de hospitalidade do Courel, *castellanos Aiiobrigiaecinos* dos gigurros no edicto do Bierzo, *Bandue Aeiobrigo* de Sarreaus, Ourense), onde non se pode determinar se é teónimo ou, máis probablemente, antropónimo.

A continuación podemos destacar, por unha parte, a *Lugubo* dat. pl. na prov. de Lugo, *Lugovibus* dat. pl. en Soria e mailo celtib. *Luguei* dat. sg., ao que posiblemente haxa que engadir un *Luggui Arqu[-----]* de Lugo, que González Fernández - Rodríguez Colmenero 2001: 245-247 editaron como *Luc(ovis) Gudarovis*, e, por outra, as

dedicatorias ás *Matres* que tamén temos en occidente baixo a forma *Matrabo* dat. pl. de Granadilla, Cáceres, que foi mal lido e interpretado como *Miraro* (v. Búa 2011). *Lumeis*¹⁶⁶ dat. pl. de Longroiva, Meda (Portugal), correspóndese con *Lumiis* dat. pl. de Saelices, Cuenca (CIL II 3098).¹⁶⁷

Entre os numerosos teónimos e léxico do ámbito relixioso que son exclusivos ou máis frecuentes en occidente atopamos algúns incuestionablemente célticos (*nemeto-*, *Suleis*, *Toudadi-*, posiblemente *Esu-*, etc.), pero esto por suposto non significa que o occidente ou o noroeste sexa máis céltico ca calquera outra subárea do territorio *brig*, como se cría no século XIX e moitos en Galicia parece que aínda cren. É só que aquí, como dicía ao comezo, temos máis documentación teonímica e por tanto tamén máis datos.

b. Excursos: antrop. *Celtius*, etn. *Celtici*

a. O nome *Celtius*

O nome *Celtius* é típico da Lusitania romana e merece unha atención especial. O feito de que a onomástica dos pais e fillos das persoas chamadas *Celtius* tamén sexa tipicamente lusitana (*Celti(us) Arantoni*, *Celtius Tongi*, *Docquirus Celti*, *Tanginus Celti*, Vallejo (2005: 274-275) e algúns mesmo teñan *p-* (Κέλτιος Πελλίου υἱός, *C. Sulpicio Pelio Celti f(ilio)*, Vallejo (2005: 274, 276) fai supoñer que se trata de familias e dun nome tan lusitano coma outro calquera ou polo menos non invita a sospeitar o contrario. Pero, por outra parte, tal como vimos anteriormente no caso de *Avelius*, tamén aquí hai claros indicios de que a distribución deste nome non se cinguía orixinalmente á Lusitania: o nome familiar *Celtigun* de Monte Cildá, Palencia, esixe a preexistencia do antropónimo *Celtius* nesta zona. E de feito tamén temos algúns *Celtius* fóra de Lusitania (por exemplo, *Celtius Clouti f(ilius)* de Medina del Campo, Valladolid) que non necesariamente se teñen que deber a unha extensión ou exportación secundaria dende occidente.

A especial problemática e interese deste nome reside no feito de que algúns investigadores parecen dar por seguro que *Celtius* significa “celta” e que ademais os pais lles poñían ese nome aos seus fillos con toda a intención e plena consciencia de que ese era o seu significado, de onde se pretende extraer un argumento en apoio da teoría de que na Lusitania romana había falantes de dúas linguas indíxenas prelatinas: os lusitanos e mais eses outros que presuntamente queren marcar a súa non-lu-

¹⁶⁶ Os editores, Sá Coixão – Encarnação 2014, len *Lumbis*, pero sinalan que o B está nun descunchado e é de lectura insegura.

¹⁶⁷ *Ariounis Mincosegaeigis* da Porqueira, Ourense, podería aproximarse a *Aironi* de Uclés, Cuenca, se admitimos un cambio **Arioni* > *Aironi* (cambio que pode ser latino vulgar), pero a posibilidade dun tema orixinal *Air-on-* atopa apoio en *Aerno* de Bragança.

sitaneidade poñéndolle aos seus fillos o nome de “Celta”. A min a idea paréceme de entrada bastante absurda, dado que no mundo actual onde os conflitos de identidade lingüística e cultural son constantes e se viven con gran paixón e intensidade, vexo por exemplo que moitos galegos escollen nomes galegos para os seus fillos, pero non coñezo a ninguén que se lle ocorrese mostrar a súa galegitude chamándolle a un fillo *Galego*. Pero non é só unha cuestión de impresiões e pareceres. Tamén hai argumentos obxectivos e de peso en contra desta idea.

Prescindindo do problema de cál é ou deixa de ser o seu significado etimolóxico deste nome, o que está claro é que o feito de que *Celtius* estea tan ben documentado e sempre como nome masculino indica máis ben que polo menos na época da nosa documentación non se usaba con valor étnico ou lingüístico, salvo que alguén estea disposto a admitir que os celtas de Lusitania fosen unha etnia ou unha comunidade lingüística carente de mulleres, o que non parece moi verosímil (cf. *Callaecus-Callaeca*, *Celtiber-Celtibera*, *Paesicus-Paesica*, etc., onde está clara ou é moi probable a orixe étnica e, tal como en boa lóxica se espera, aparecen os dous xéneros). Contra a posibilidade de que se trate dun nome étnico apuntan ademais as formacións *Arceltius* e *Conceltius* que temos por exemplo en *Abrunus Arcelti f.* de Coria, Cáceres, e *Boudelus Concelti f.* de Belver, Gavião, Portalegre, e que parecen derivados ou compostos de *Celtius*, dado que non existen outras formacións semellantes con outros nomes de indiscutible ou moi probable orixe étnica (non hai ***Arcallaecus/Concallaecus*, ***Arceltiber/Conceltiber* ou ***Arpaesicus/Compaesicus*, por exemplo).

E dito esto, que é o esencial, postos a entrar en especulacións sobre o seu significado etimolóxico, o primeiro que debemos ter en conta é a obviedade de que non todo o que empeza por *celt-* ten que significar “celta” en celta, do mesmo xeito que nin en galego nin en castelán todo o que empeza por *gal-* ou *cast-* significa “galego” e “castelán” respectivamente, como ben saben as *galiñas* e mailas *castañas*. O antropónimo irlandés *Celtchar* < **Celto-car-* (cf. *Bou-car-* “amigo das vacas” en *Boucarus Duati* de Coria, Cáceres), que é o nome dun belicoso e sanguinario heroe do ciclo do Ulster dificilmente se pode interpretar como “amigo dos celtas”, entre outros motivos porque de entrada nin sequera nos consta que os celtas insulares coñecesen nin usasen nunca esta palabra para designar a súa “celticidade”¹⁶⁸. Tendo en conta o carácter literario da fonte na que se documenta e a natureza do personaxe alí deseñado e así designado, paréceme moi plausible a idea de que se trate dun nome parlante que pode interpretarse etimoloxicamente como “amigo/amante do combate/

¹⁶⁸ Untermann 2001: 205: “En la Galia aparecen unos pocos testimonios de un antropónimo *Celtillus*, siendo el más famoso el del padre de Vercingetorix, mencionado por César b.g. 7,4,1. Ninguno de estos nombres ofrece el mínimo indicio de que tenga que ver algo con una entidad étnica, ni tampoco la distribución geográfica se justifica mediante un significado, que aluda a un grupo humano de naturaleza particular o de procedencia celta en el sentido etnológico”.

guerra”, onde **celto-* estaría emparentado etimoloxicamente co alem. ant. *hiltia*, sax. ant. *hild(i)*, ing. ant. *hild*, nórd. ant. *hildir* “combate” < xerm. **heldjō-* < **kel-tjā-*, que tanta relevancia ten no ámbito da antroponimia xermánica (lémbrese por exemplo o *Hildebrant* da épica medieval alemá)¹⁶⁹. Moveríámonos así nunha semántica do ámbito do heroe guerreiro, o que explicaría que *Celtius* (adx. **celt-io-* “relacionado co combate/guerra, guerreiro” ou acortamento hipocorístico dun primitivo composto) fose un nome tipicamente masculino e permitiría entender tamén sen grandes problemas os seus derivados *Arceltius* e *Conceltius* como formacións intensivas “gran guerreiro” mediante os prefixos ou primeiros elementos de composto *Ar-* e *Con-* (< **eri-* ?, **com-*)¹⁷⁰.

Pero esta proposta etimolóxica non deixa de ser por suposto puramente especulativa e non pretendo convencer a ninguén dela. O que importa é que sexa cal sexa a súa orixe e sexa cal sexa o motivo polo que se usase como nome exclusivamente masculino, a súa presenza na onomástica lusitana romana non ten a máis mínima capacidade de probar ou dar sostemento á idea de que algúns habitantes de Lusitania quixeran manifestar desta maneira a súa celticidade étnica e/ou lingüística fronte a outros lusitanos, como algúns parecen estar plenamente convencidos.

b. O etnónimo *Celtici*

Segundo aseguran distintos autores antigos os *Celtici* que aparecen na costa galega proceden dos *Celtici* do suroeste e estes pola súa parte serían froito dunha anterior penetración celtibérica a través do territorio da posterior provincia romana Lusitania (v. Untermann 2004). Estrabón 3,3,5 di que “os que viven máis lonxe son os ártabos, na rexión do cabo que chaman Nerio, que separan os flancos occidental e norte. Nela viven tamén célticos, emparentados cos da cunca do Anas [= Guadiana]”. Segundo Plinio nat. 3,13, “a rexión que [...] vai do Betis [= Guadalquivir] ó río Anas [= Guadiana] chámase Beturia e divídese en dúas partes e outros tantos pobos: os célticos [...] e os túrdulos [...]. Que os célticos chegaran dos celtiberos desde Lusitania é manifesto nos ritos relixiosos, lingua e nome dos *oppida*, que na Bética se distinguen con sobrenomes” (traducción de Moralejo Álvarez 2008: 324-325).

¹⁶⁹ Meyer 1912: 797, no parágrafo “16. *celt* in irischen Eigennamen”, pensaba en irl. ant. *celt* n. “cobertura, manto, roupa”, opción que me parece semanticamente menos convincente.

¹⁷⁰ Non habería necesidade de postular un prefixo **ari-* distinto de **eri-*, como temos no grego antigo (v. García Ramón 2012). En *Arceltius* < **Erceltius* poderíamos ter a mesma apertura vocálica *er* > *ar* que se observa por exemplo en *Entaramico* < *Interamico* da Idanha, Castelo Branco, Portugal, ou *Tarmest(ini)* < *Termistini* de Mérida, Badajoz, e a mesma estrutura e semántica de **Ercorio-* (v. máis arriba) a partir dunhas formas primitivas **Eri-celtio-* e **Eri-corio-* respectivamente, coa frecuente síncope do *-i-* átono entre *r-c* que vimos e comentamos anteriormente por exemplo no caso dos *Supertamarci* < **Supertamarici*.

Entre os nomes das *civitates* romanas noroccidentais seguiron levando o nome de célticos os *Celtici Praestamarci* e os *Celtici Supertamarci*. O primeiro conservou-se ata a actualidade, reducido ao seu segundo membro, como nome do arci-prestado de *Posmarcos* (< **Pesmarcos* < **Presmarcos* < *Praestamarcos*) que se estende pola comarca da Barbanza ao sur do curso baixo do Tambre. O segundo, reducido ao seu primeiro elemento, consérvase como nome do arci-prestado de *Céltigos*, que ocupa un territorio interior dende o curso medio-alto do Xallas ao medio do Tambre con Santa Comba na súa parte central. A este concello pertencen os nomes de parroquia medievais *Santa Coonba de Celtigos* (h. San Pedro de Santa Comba) e *Sancti Christofori de Celtigos* (h. San Cristovo de Mallón) e mailo topónimo moderno *Vilar de Céltigos*.

Os nomes *Praestamarci* e *Supertamarci* interprétanse tradicionalmente como referencia aos que viven aquén e alén do río Tambre respectivamente, pero hai argumentos de peso en contra desta hipótese. De entrada xa sorprende a insólita formación mediante o prefixo *Super-*, cando, de ser latina, se esperaría máis ben *Trans-*, que é o habitual na nomenclatura dos pobos ou das *civitates* que dende a perspectiva xeográfica romana se atopan alén de calquera río (cf. os *Transcudani* “os de alén do río *Côa* < **Cuda* [afl. do Douro en Portugal]”, os *Seurri Transminienses*, etc.), e, de ser indíxena, algo semanticamente correspondente. Pero ademais debe terse en conta que, por unha parte, tódolos *castella* que coñecemos dos *Supertamarci* son en *-bri-*, nomes que baixo a súa forma actual *-bre* abundan no curso medio-alto do Tambre e faltan en cambio ao outro lado do seu curso baixo; e que, por outra, o actual corónimo *Céltigos*, herdeiro dos *Celticos Supertamarcos*, designa un territorio interior entre o Xallas e o curso medio do Tambre, ao que se pode engadir a parroquia de *San Xulián de Céltigos* (mun. Frades, A Coruña) que nos indica que a antiga (preeclesiástica) extensión deste territorio abranguía seguramente tamén o curso superior do río. De todo isto parece poder deducirse que os *Celtici Supertamarci* eran en realidade os que vivían no curso superior (é dicir, medio e alto) do Tambre (Búa 2004, Untermann 2009: 188), mentres que os *Praestamarci* debían ser os do curso baixo, tanto sen dúbida da parte meridional correspondente ao arci-prestado de *Posmarcos* que herdou o nome como en orixe eventualmente tamén a septentrional correspondente ao de *Entíns*.¹⁷¹ Para a formación cf. o etn. galo *Mediomatrici*, habitantes do curso medio

¹⁷¹ Segundo as fontes literarias antigas os *Celtici* non só vivían na cunca do Tambre, senon ao longo de case toda a costa galega (Rías Baixas superiores, Medias e Altas occidentais), co que se compecede o feito de que no mun. Ortigueira (A Coruña) tamén aparece un topónimo *Céltigos* (parr. *San Xulián de Céltigos*). Tamén existe un *Céltigos* (Santiago da Veiga, Sarria) no centro-sur da provincia de Lugo que invita a tomar en consideración a posibilidade de que algúns célticos se instalaran tamén polo interior, pero o máis probable é que neste caso se trate dunha repoboación medieval da que de feito hai constancia para a zona.

do *Matra*, h. *Moder* (afl. do curso alto do Rin en Drusenheim, Alsacia, Francia, con top. *Niedermodern* e *Obermodern* “Moder inferior” e “superior”).

A existencia no noroeste destes *Celtici* que os autores antigos relacionan indirectamente cos celtiberos obriga a preguntarnos en primeiro lugar se todo o material lingüístico céltico de Galicia se pode atribuír exclusivamente a eles e, en caso contrario, se hai indicios de que falasen unha variedade céltica (posiblemente celtibérico) diferente da dos outros eventuais falantes célticos veciños. A resposta á primeira pregunta é claramente negativa, dado que no interior de Galicia, nas terras veciñas orientais e no noreste de Portugal, lonxe do territorio atribuído aos *Celtici* seguimos atopando nomes claramente célticos como os teón. *Lugubo Arquienobo* de Sober, Lugo; *Suleis* [.]*antugaicis* de Padrenda, Ourense; **Crougeai Toudadigoe* de Xinzo de Limia, Ourense; os top. *v(ico) Nemetobrica* de Sarreaus, Ourense; *Bragança* < a. 954 *Bregantia* en Portugal; med. *Ebronanto* < **Eburonanto*- no Bierzo, León, etc. En canto á segunda pouco se pode dicir, dado que non temos ningún texto na súa lingua, pero o certo e innegable é que os *Celtici Praestamarci* presentan no seu nome un **p*- conservado que contrasta coa súa perda en celtibérico; a súa onomástica non desentona do contexto occidental no que se atopa: a teonimia é a típica (nor)occidental (*Cosu*-, *Bandu*-, *Reu*-, *Navia*); hai topónimos tipicamente célticos, pero que non presentan un especial paralelismo cos de Celtiberia, senon que polo contrario son compartidos polos seus veciños do interior e do norte de Portugal, como por exemplo *Brigantium -ia* na zona da Coruña que reaparece como *Bragança* no noreste de Portugal ou **nemeto*- > **nemedo*- “santuario” que temos por exemplo no top. *Nemetobrica* de Sarreaus e probablemente na súa versión latinizada *Monte Neme* (a. 864 *ad montem qui vocatur Nemi*) < **monte nemidi* “monte do santuario” de Malpica de Bergantiños, A Coruña¹⁷², ao que se pode engadir aínda o topónimo *Nimo* < a. 1224 *Nimio* < **nemedum* da parr. de Santa Maria de Roo, Noia. Faltan en cambio topónimos como *Segobriga* ou *Contrebia*, antropónimos como *Elandus*, *Melmandus* ou *Letondo*, etc. que mostren claramente unha especial proximidade á onomástica celtibérica. Tamén é moi chamativo o caso de *Corticata*. Temos unha Κορτίκατα (Ptol. 2,4,12) entre os célticos da Beturia, pero o topónimo moderno *Cortegada* tan abundante no noroeste desaparece precisamente ao chegar á área dos célticos. O teste-

¹⁷² Os académicos da RAG Marcial de la Iglesia e Florencio Vaamonde descubriron a principios do séc. XX un circo de pedras (*cromlech*) neste monte, coñecido como *Eira das Meigas*, que lamentablemente se acabou de destruír en 1960 coa construción dunha pista forestal (v. Monteagudo 2003: 46), xurdindo así un caso máis no que a microtoponimia se converte en resto arqueolóxico e último depositario dunha herdanza milenaria. É posible que o “santuario” ao que fai referencia o nome do monte corresponda a este lugar de cuxa sacralidade a tradición folclórica e a onomástica soubo gardar memoria ata a actualidade.

muño máis septentrional dos que coñezo atópase na parroquia de Santa María de Ameixenda, Ames, A Coruña.

No caso por tanto de que a información que achegan os autores antigos teña un fundamento real e sexa algo máis ca unhas simples suposicións a partir das coincidencias onomásticas (lémbrese que con igual rotundidade se nos asegura a chegada de xentes e heroes gregos ás nosas terras sobre a base de evidentes elucubracións onomásticas), o certo é que estes *Celtici* non presentan ningún indicio de que fosen falantes de celtibérico ou dun celta diferente do dos seus veciños, polo que dá a impresión de que, se esa era realmente a súa orixe última, se deberon ir adaptando lingüisticamente aos seus distintos contextos a medida que se foron desprazando pola Península.

Recomendacións bibliográficas:

Sobre *brig(a)* e área *brig*: Untermann 1961, 1962, 1984, 1985-1986, 2004, 2004b, 2007b: 65-67 e 2009; Albertos 1990, Búa 2004, Búa - Lois 1994-1995, de Hoz 1994; Greule 2007. Fronteiras e contacto: Gorrochategui 1985 e 2009, Untermann 1996, de Hoz 2005. Sobre a raíz *ie. *b^herǵ^h* e os seus derivados nominais: Wodtko - Irlinger - Schneider 2008: 30-34.

Sobre a onomástica da área *brig*. Antroponimia: Untermann 1965, Albertos 1966, 1976 e 1977 (sobre antropónimos compostos Vallejo 2005b, sobre *Celtius*: de Bernardo Stempel 2002 92, Untermann 2004 e 2994b). Nomes familiares: González Rodríguez 1986 e 1994, González Rodríguez - Ramírez 2011. Toponimia: Tovar 1974-1989, Untermann 1992, 2001 e moi especialmente 2018. Hidronimia: de Hoz 1963 e 1965, Untermann 1999, 2009b, 2009c. Teonimia: Olivares 2002.

13. Etimoloxía

Moitos dos nomes que aparecen no noroeste e/ou no restante territorio *brig* son claramente célticos ou admisibles como tales (é dicir, interpretables como indoeuropeos e non clasificables necesariamente como non celtas). Velaquí algúns exemplos:

a. Hidronimia:

- *Avia*, afl. do Miño, Ourense, < **aujā* “corrente”. Cf. galés *aw* “corrente” asociable á raíz ie. **h₂auh₁*, “correr” conservada no het. *huwai*— / *hū(i)ya*— (v. Melchert 2015: 48).
- *Berbia*, afl. do r. Grande de Baio, en Zas, A Coruña e mailo med. *Beruia*, afl. do Deza → Ulla, < **b^herujā* “fervenza”, relacionable cos ríos irl. ant *Berb(h)a*, ing. River Barrow, en Irlanda, ou picto **Berva* subxacente ao top. *Inverbervie* (a. 1290 *Haberberui* con substitución do pict. *Aber-* “desembocadura” polo seu equivalente esc. *inbhear*, *inbhir*, v. Nicolaisen 1996: 18). *Borba* < med. *Borva* (afl. do Támega → Douro) e *Borbón* (afl. do Arnego → Ulla) son inseparables do top. celtibérico **Borvodurum* da tésera de Uxama e do teón. galo *Borvoni* dat. de Bourbonne-les-Bains, Francia.
- *Camba* (1. afl. do Rodeiro → Arnego → Ulla; 2. afl. do Bibei → Sil → Miño, Viana do Bolo, Ourense, etc.) = varios ríos *Cam* nas Illas Británicas, *Kamp* afl. do Danubio na Baixa-Austria < a. 1072 *Chamba*, etc. < **kambā* “(auga/corrente) torta”, forma feminina do adx. celt. **kambo*— “torto” (irl. ant. *camp*, galés córn. *cam*, galo *Cambo*— en distintos topónimos) < ie. *(*s*)*kambó*— “torto” (gr. *σκამβός*).
- *Deva* (1. afl. do Miño, Arbo, Pontevedra; 2. desemboca na ría de Vigo, Pontevedra, etc.) = varios ríos *Dee* en Gales (Ptol. 2,3,2 *Δηούα*), Escocia (Ptol. 2,34 *Δηούα*) e Irlanda < **deijū* “deusa”. Cf. teón. *Deibabo* de Chaves, Vila Real e *Deibabor* de Viseu “para as deusas”; moción feminina de ie. **deijú*— “celestial, deus” (irl. ant. *día* “deus”, lat. *deus*, ind. ant. *devá*— “celestial; deus”, etc.).
- *Dobra* (afl. do Sella que flúe polo Valle de Angón, Amieva, Asturias) < **dubrā*, co seu derivado en *-iā*, probablemente dehidronímico, *Dubra* < a. 1110 *Dubria* (afl. do Tambre, Val do Dubra, A Coruña). Pode interpretarse como subst. “río”, para o que habería que explicar o cambio de tema e xénero **dubro*— → **dubrā* (cf. celt. **dubro*— “río”: irl. med. *dobur*, galés *dwfr*, galo hidrón. *Vernodubrum* en Plinio

- nat. 3,4)¹⁷³ ou como adxectivo “(auga/corrente) profunda”, fem. de **dubro*— < ie. **dʰubrós* “alto, profundo” (> **tuprós* > toc. B *tapre*, A *tpär* “alto”).¹⁷⁴ Tamén temos un antropónimo feminino *Dubra* en Sintra, Lisboa (CIL II 5019) para o que serían admisibles os significados etimolóxicos de “alta” ou “escura, morena”.
- a. 931 *Vernesica*, a. 1017 *Uernesca* > h. *Bernesga* (afl. do Esla → Duero, León) e a. 1078 *Vernesga*, hoxe río de *Perros* (subafluente lucense do Miño) < **Ƿernisicā* “(auga/corrente) dos amieiros”, cf. celt. **uernā* “amieiro” (corn. ant., bret. *gwern*, ir. med. *fern*, galo hidrón. *Vernodubron*; léxico románico tomado do substrato celta: prov. *verna*, fr. *verne*). Do seu sinónimo **alisā* puido terse xerado o hidrónimo **Alisicā* “(auga/corrente) dos amieiros” (> a. 1331 *Alesga*, h. *San Salvador d’Alesga* en Valdesampedo, Teberga, Asturias). O nome **Ƿernisicā* pode ser un hidrónimo en *-isicā* derivado de **uernā* seguindo o modelo de **Alisicā* por falso corte ou un derivado en *-icā* idéntico a **Alis-icā*. Neste caso habería que admitir que **uernā* se refixo en **uernisā* no léxico común por contaminación con **alisā*.

b. Toponimia:

- *Brigantium -ia*, *civitas* á que pertencía a actual A Coruña, e *Bragança* < a. 954 *Bregantia* en Portugal = *Bregenz* < Βριγάντιον en Strabón 4,206, *Brigantia* no Itin. Ant. (Vorarlberg, Austria), *Brianza* en Como (Lombardía, Italia), *Breganze* < a. 1091 *Brigantia* (Véneto, Italia), etc. < **brigantiā* < ie. **bʰr̥ǵʰ-nt-iáh₂-* “erguida, alta” (antrop. ir. ant. *Brigit* = alem. ant. *Purgunt*) e numerosísimos topónimos en *-brig(a)* “monte, castro” (ie. **bʰr̥ǵʰ-* > celt. **brig-* > ir. *brí* f. = alem. *Burg* e **brigā-* > galés *bre*) como por exemplo: Καττόβριξ en Ptol. 2,5,2, h. Setúbal, con primeiro elemento **kaito-* “bosque” (galés *coit*); *Biobra* < a. 1252 *Viobra* (Rubiá, Ourense) < **Vidu-briga* con **uidu-* < ie. **uidʰu-* “arboreda, bosque” (ir. ant. *fid*, galés *gwydd*, bret. *gwez*); **Eburobriga* do que se deriva o epíteto teonónimo de *[A]rantiae et Arantio Eburo[b]ricis* de Castelejo, Fundão, Castelo Branco, con primeiro elemento *eburo-* “teixo” (a. ir. *ibar* “teixo”; galés *efwr*, bret. *evor* “branca ursina”; galo top. *Eburobriga*, *Eburodunum*, etc.) que reaparece no top. med. *Ebronanto* < **Eburonanto* do Bierzo, León (**nantu-* “valga, val”: galés *nant*, galo etn. *Nantuates*), e *Eburobrittium* (Plin. nat. 4,113), h. Abobriz/Aboboriz, Óbidos, Leiria; *Nemetobriga* (Νεμετόβριγα de Ptol. 2,6,36 entre os tiburios, Trives, Ourense), con primeiro elemento **nemeto-* “[adx.] respe-

¹⁷³ Podería ser unha refección analóxica, seguindo o modelo doutros sinónimos en *-ā*— como **akʷā* ou **aiiā*.

¹⁷⁴ Á mesma raíz pertence **dʰubʰu-* “profundo” (lit. *dubūs* “profundo”) que en celta adopta o significado de “escuro, negro”: ir. ant. *dub* (cf. *Dublín* ← ir. *Duibhlinn* “poza negra” ou *Douglas* ← ir. *Dubhghlais* “río negro”), galés *du*. Cf. o hidrónimo *Dubia*, afl. do Gueña → Sella en Onís, Asturias. O top. *Duio* < s. XII *valle Dugia* (Fisterra, A Coruña) podería vir dun antigo **Dubio-*.

table; [subs.] santuario, lugar sagrado” (irl. ant. *nemed*, galo νεμητον) que temos tamén na base dos **Nemetates* galaicos (Νεμετατῶν xen. pl. de Ptol. 2,6,40), no territorio de *Nendos* < a. 978 *Nemdos* < a. 842 *in territorio Nemitos* na prov. da Coruña, etc.

- *Clunia* > *Cruña* > *A Coruña* que tamén temos na *Cruña* correspondente ao xacemento da antiga *Contrebia Léucada* en Inestrillas (Aguilar del Río Alhama, La Rioja) e en *Coruña del Conde*, antes *Cruña del Conde* (Burgos) < lat. *Clūnia* (celtib. **kolounioku** A67, *Clounioq(um)* xen. pl. “dos Clunienses” en letreiros monetais) que reaparece por exemplo na antiga *Clunia*, h. Feldkirch (Austria). Son formas latinizadas do celta **klouni-* “prado, campo” (irl. ant. *chlúain* m., galés *clun*).
- **Condāto-* en distintos nomes modernos nos que non se trata de ningún territorio condal, senon do lugar no que conflúen dous ríos: *Condado* en Pontevedra (confl. Tea - Miño); *Vegas del Condado* na prov. de León (con top. *Ambasaguas*, confl. Curueño - Porma); *El Condáu* en Llaviana, Asturias (confl. Xerra - Nalón), etc.; cf. galo top. *Condatomagos*, h. La Graufesenque, na confluencia dos ríos Tarn e Dourbie < **condāto-* “confluencia” (posiblemente < **kom-dah₂-to-* da raíz **dah₂* “fluir” que se extrae de nomes como avést. *dānu-* “río” ou tal vez de **kom-doh₃-to-* da raíz **deh₃* “dar” no sentido de “lugar no que un caudal se entrega ao outro”).
- *Dumia* < séc. XI *hereditas de Guntrode Citiz in Dumia*, nome dunha aldea e tamén da *Serra de Dumia* na parr. de San Tomé de Cancelada, Cervantes, Lugo, e maila antiga parroquia de *Dume*, med. *Dumium*, en Braga, Portugal (o nome moderno procede do xenitivo) poden relacionarse co celta **dumjō-* “monte” (irl. ant. *dumae* m. “monte, outeiro”, galo teón. *deo Mercuri(o) Dumiat* “ao deus Mercurio de Dumio” no Puy de Dôme, onde *Dôme* conserva o nome primitivo e *Puy* < *podium* “outeiro” non é mais ca unha redundancia románica, preto Clermont-Ferrand, Francia).¹⁷⁵
- *Ledesma* (1. *Ledesma*, Boqueixón, A Coruña; 2. *Ledesma*, Lousada, Porto; 3. *Bletisam(am)* h. *Ledesma*, Salamanca, etc.) = *Louesme* < a. 1101 *Leesma* < **Letisama* no dép. Côte d’Or, Francia < **pletisamā* “moi espaciosa”, superlativo de celt. *(p)*litano-* “ancho, amplo” (irl. ant. *lethan*, galés med. *litan*, bret. med. *ledan*) < ie. **p_lth₂-nó-*.
- *Ocelum* (1. Ὀκελον de Ptol. 2,6,22 entre os calaicos lucenses; 2. *Lari Ocaelaeco* de Sarraus, Ourense; 3. *Ocelodorum* de Rav. 4,45, h. Zamora; 4. *Genio Virio-*

¹⁷⁵ En Alcalá la Real, Jaén, documéntase uns posibles *Dumienses* (CIL II/2 218, López Melero - Stylow 1995 250-251), pero do texto epigráfico só se conserva unha copia manuscrita, onde o D- inicial non é completamente seguro. Cf. tamén o posible derivado *Domaio*, parroquia co destacadísimo Monte Faro de Domaio en Moaña, Pontevedra.

celensi de Amares, Braga, etc.) = *Ocelum* na Galia Cisalpina (César BG 1,10), *Okélou ákron* (Ptol. 2,3,4) en Britania, etc. < celt. **ocelo-*, posiblemente un diminutivo “cume, pico” < “piquiño, puntiña” dun tema **ok(o/e)-* “pico, punta” que temos posiblemente en *O Grove* (Pontevedra) < a. 899 *Ocobre*, *Ogrobe* (Pontedeume, A Coruña, e Mondoñedo, Lugo) < **Oco-bri(g)-*.

- a. 997 *Osello* (Becerreá, Lugo), a. 922 *Osella* (h. freg. São Pedro de *Ossela*, Oliveira de Azeméis, Aveiro), posiblemente *Monte Xelo* < **Oxelo* (Santiso de Cornado, Touro, A Coruña), *Monte Selo* < **Oselo* (Laza, Ourense) < **uxello-*, -a “alto” (cf. top. galo *Uxellodunum*, brit. *Uxella* que se poñen en relación co galés *uchel*, irl. ant. *úasal* < **oukselo-* < **oupselo-*). En *Fontexelo* de Domaio, Moaña, temos en cambio unha simple variante de *Fonteselo* < *Fontecelo*, dim. de *fonte*.
- cabo e castro de *Udra* “exterior, de fóra, situado nun saínte” (Bueu, Pontevedra) < **Ūderā* (cf. a. 932 *Udera*, h. Oudrenne, dép. Moselle, Francia; e cf. xerm. **ūtara-* > nórd. ant. *útar*, ing. ant. *ūtor* [ing. *outer*], fris. ant. *ūter*, altoalem. ant. *ūzar* [alem. *außer* “deixando fóra, exceptuando”], cf. top. fris. *Uterdeel* “predio de fóra”, derivado do adv. ie. **ūd* > xerm. **ūt* > ing. *out*, alem. *aus*). *Leroño* < med. *Nederonio* (Rois) podería ser un derivado de **nitero-* “inferior, de baixo” (cf. ind. ant. *nitarām* “para baixo”, xerm. **nīpra-* > alem. *nieder*).
- topónimos en -*vario-*, -*ā* (*Aveiro* < a. 959 *Alauario*, Portugal; 2. San Xoán de *Caaveiro* < a. 914 *Calavario* de A Capela, A Coruña; 3. *Taveiro* < a. 980 *Talaueiro* de Coimbra; 4. *Tabeira* < a. 1126 *Talaueyra* de Gondollín, Melide, A Coruña, etc. Cf. galo *Argentovaria*, h. Ödenburg, Biesheim, Alsacia, Francia; brit. *Durnovaria* = galés *Durngueir* h. Dorchester, *Vibantavarium* entre os celtas orientais, etc., posiblemente < **urīā* “defensa, lugar protexido por un muro” (ie. **uer* “protexer”: gr. ἔρυσαι < **uer-u-*, alem. *wehren* < **warja-* < **uor-ejo-*).

c. Teonimia:

- Os teón. *Deibabo Nemucelaigabo* “para as deusas de **Nemocelum*” de Avelelas, Chaves, Vila Real, *Deibabor igo Deibobor Vissaieigobor* de Viseu “para as deusas e deuses de Viseu” < **deiūā^ho(s)*.
- *Ariounis Mincosegaeigis* da Porqueira, Ourense, presenta unha notable similitude co segundo elemento do teón. lepóntico *Uvltiauiopos Ariuonepos* (en principio = **Ariūonebos*) dat. pl. de Prestino, Como, Lombardía, Italia. Cabe pensar por exemplo nun tema orixinal **Ariouon-*.
- *Bandi Malumrico* “para *Bandu-* de **Malumrig(a)-*”, un topónimo que se pode interpretar como “campo/terreo de maceiras/mazás, maceda”. Cf. lat. *mālus*, *mālum* e formas emparentadas da área mediterránea e celta **mrig-* “campo, terreo” < ie. **mrg-* (irl. ant. brí “campo, veiga”, parente de **mrogi-* “territorio” en irl. ant. *mruig*, galés *bro*).

- *Reo Bormanico* de Vizela, Braga, coincide cos teónimos galos *Borman[ō] et Borman[ae]*, *Bormanae Aug(ustae)*, todos eles relacionados coas augas termiais.
- *Crougeai* de Lamas de Moledo < **kroukiā* que temos nos top. británico *Crutch* < a. 1285 *Cruchia* (Worcestershire, Inglaterra) e galo Κρουκιάτωννυνν de Ptol. 2,8,2 (con variante *Crouciaconnum* na Táboa de Peutinger), h. Saint-Côme-du-Mont ou Carentan, Manche, Francia, relacionado con celt. **kroukā* “morea, monte” (irl. *crúach*, galés *crug*).
- *Erbine Iaedi Cantibidone* da Idanha, Castelo Branco, cf. celt. **erbin-* “cabra, cervá” (irl. ant. *eirp*, v. Wodtko 2008 234 n. 2).
- *Cosu Esoaego* de Portas, Pontevedra, con epíteto que pode ser un derivado directo ou indirecto do teónimo céltico **Esu-* (posiblemente < **h₁esu-* “bo”: avest. *ahu-*).
- (*finis*) *nimidi Fiduenearum* “(límite) do santuario das árbores” < **uidu-iniā-* “árbore” (galés *gwydden*, córn. ant. *guiden*, bret. *gwezenn*), singulativo de **uidu-* “arboreda, bosque” (irl. ant. *fid*, galés *gwydd*, bret. *gwez*).
- *Lugubo Arquienobo* de Liñarán, Sober, Lugo, que temos no nominativo *Lugoves* de Avenches, Neuchâtel, Suíza, e nos dativos *Lucubus* de Nîmes, Francia, e *Lugovibus* de Osma, Soria.
- *Matrabo* “para as *Matres*” de Granadilla, Cáceres, das que temos numerosos testemuños en ámbito galo (lat. *Matrabus, dis Matrabus, Deabus Matrabus*, etc.).
- *Moetio Mordo[...]*iego de Amoeiro, Ourense, con problemas de lectura. De ser correcta esta opción, resulta moi atractiva a posibilidade de partir de **Mogetio* que temos por exemplo en *Marti Mogetio* de Bourges, dép. du Cher, Francia.
- *Suleis [.]antugaicis* Padrenda, Ourense, documentadas en distintos territorios célticos como *Sulevis, Sulevis Sororibus, Sule(v)is domest(i)cis suis, Sulevis Iunonibus, Matr(ibus) et Sul(evis), Suleviabus, Suleis, Suleis suis*, etc.
- *Crougiae Toudadigoe*, con epíteto derivado do coñecido teónimo céltico **Toutati-*.
- *Iov(i) Oladico* da Pobra de Trives, Ourense, < **Ulatico-* (cf. na antroponimia *Maxum[us] Ulat[i]ci* de Brozas, Cáceres, *Ulad[-?]* de San Amaro, Ourense; con metafonía *Uledico* de Rasillo de Cameros, Logroño). Cf. galo teón. [ματρεβου]λατιαβ[ο] “ás matres dóninas” de Collorgues, Nîmes (RIG G-184), se esta opción interpretativa deste pequeno fragmento é correcta (celt. **ulati-* “dominio” > irl. ant. *flaith* “dominio, xefe”, galés med. *gwlad* “país”; galo antrop. *Ulatius*). *Iov(i) Oladico* non debe entenderse, sen embargo, como “*Iovi domino*”, senon que o epíteto máis ben fai referencia á familia duns *Ulatici*.

d. Antroponimia:

- **Bou-io-* (por exemplo, *Bov[i]o Bovi[a]ni fil(io)* de Ferreira do Zêzere, Santarém; *Doquirus Bovi* de Castelo Branco). Celt. **boiio-* “vaqueiro, gandeiro” < ie. **g^wou-io-* (de onde tamén viría irl. ant. *buae* “nativo”, segundo proposta de McCone 1991: 41).

- *Burro-, Burr-ilo- (por exemplo, *Burro Magilonis f(ilio)* de Ávila; *Burrilus Avelci f(ilius) exs gente Arnicio[r]um* de Vigo de Sanabria, León, *Burrilo Celti f(ilio)* de Casas del Monte, Cáceres) do celt. *burro- “forte, corpulento, grande” (galés *bwr*).
- *Caro-, -ā (por exemplo, *Cara Vesucloti* de Lugo, *Caricus Cari f(ilius)* de Contrasta, Vitoria). Celt. *caro- “querido” < ie. *kh₂ro- (cf. lat. *cārus*). En *Boucarus Duati* de Coria, Cáceres, temos un composto *Bou-caro-* “amigo das vacas”.
- *Coil-on-, *Coil-iā (por exemplo, *Elaesus Coelonis f. eques ala Asturum* de Sagunto, Valencia; *Coelea Maelonis f(ilia)* da Idanha, Castelo Branco). Celt. *koilo- “delgado, fino” (irl. ant. *cóil*, galés *cul*).
- *Coimā, *Coim-iā (por exemplo, *Coema* de Guijo de Granadilla, Cáceres; *Labe-ria M(arci) f(ilia) Coimia* de Aljustrel, Beja). Celt. *koimo- “querido, amado” (irl. ant. *cóim* “fermoso, encantador”, galés *cum* “querido”).
- *Dou-ilo-, *Douil-on- (por exemplo, *Urocus Dovelus Doveliqu(um)* de Azután, Toledo, *Malceino Dovelonis f(ilio)* de Vila Verde, Braga). Celt. *douio- “lento” (irl. ant. *doe*).
- *Equāl-io- (*Equalius Pecuni* de Robledillo de Trujillo, Cáceres). Celt. *ekūālo- “poldro” (> protobrit. *epālo- > galés med. *ebawl*), deriv. de *ekyo- “cabalo”. Aínda que tamén poderíamos estar ante un sufixo antroponímico -alo- que entre outros posible usos pode ter servido para a formación de hipocorísticos a partir de antigos compostos. Cf. *Cor-alo- (p. ex. *Medamus Corali f.* do Rosal, Pontevedra), *Boy-alo-* (p. ex. *Bovalus Tangini f(ilius)* de Santa Cruz de la Sierra, Cáceres, *Condisa Bovali f(ilia)* de Chaves), etc.
- *Turo-, *Turo-no- (por exemplo, celtib. **turos**, *Cileae Turi* da Idanha, Castelo Branco; *Virono Turoni f(ilio)* de Villardiega de la Ribera, Zamora). Celt. *turo- < ie. *turo- “forte” (ind. ant. *turá-* “forte, poderoso; rápido”; galo etn. *Turoni*, h. Tours e comarca da Touraine, Francia).
- *Uiriā-to-: *Viriatus* (unhas 10 veces en Callaecia e Lusitania) < *viriā-to- “que ten *viriae*”, un tipo de brazaletes metálicos. Segundo Plinio nat 33,3, *viriolae celtice dicuntur, viriae celtiberice*.
- *Uiro-no-: (por exemplo, *Virono Turoni f(ilio)* de Villardiega de la Ribera, Zamora, *Bloenae Vironi* do Castro de Avelãs, Bragança). Celta *uirono- “gran home, heroe” (> galés *gwron* “heroe”), derivado de *uio- “home”.
- Superlativos en -amo-: *Clutamo- (*Vecius Clutami f(ilius)* de Lugo; *Cloutius Clutami*, un susarro documentado en Solin, Croacia) de *kluto- “escoitado, famoso”; *Turamo- (*Boutius Turami* de Águeda, Aveiro, Portugal; *Turamus Coerobri Moeniccii f(ilius)* de Toledo) de *turo- “forte”. Na toponimia moderna -(is)amo- conserva ou perde o -a- postónico (*Sésamo* < *Segisamo de Culleredo, A Coruña; *Osmo* < a. 928 *Osamo* de Cenlle, Ourense), pero tamén presenta variantes en -e/

omo- (hidr. *Masma* < med. *Masoma*, *Maseme* en Lugo) que nalgúns casos parecen terse imposto e conservado (cf. os topónimos modernos *Éntoma*, *Nétoma*, etc. que polo menos en parte poden ser antigas formas en *-ama*, cf. Burgo de *Osmá*, Soria, < med. *Osoma*, *Oxoma* < ant. *Uxama Argaela*).

- **Vesucloutio-* “que ten boa fama” (*Cara Vesucloti ffilia*) de Lugo). Ie. **uesu-* “bo” (ind. ant. *vasu-*) + celt. **kloutā-* “fama”.
- Compostos con primeiro membro **coro-* como por exemplo **Coropotio-* “señor da guerra” (*Calaetus Coropoti ffilius*) de Torrejón el Rubio, Cáceres) fronte a *Potio Alioni ffilio*) de Rabanales, Zamora. Ie. **koro-* “guerra” (lit. *kāras*) e **poti-* “señor, xefe” (lat. *potis*). Cf. antrop. galos *Corolamus*, *Corobilla* e *Corobillio*, *Coromara*, etc.
- Compostos con segundo membro **-māro-*: **Enimāro-* “moi grande/famoso, magnífico” (*Caburena Enimari ffilia*) de Ibahernando, Cáceres), **Segumāro-* “famoso pola(s) súa(s) victoria(s)” (*Segumarus Talabari ffilius*) de Aroche, Huelva). Ie. **eni-* pref. intensivo, ie. **seġ^{hu}-* “victoria” (alem. ant. *sigu* > alem. mod. *Sieg*) + ie. **-moh₁ro-* > **-mōro-* > celt. **-māro-* “grande, famoso”.

A lista podería incrementarse facilmente, pero tamén é verdade que pouco a pouco se empezarían a ir acumulando os casos de etimoloxía máis hipotética e/ou dubidosa.

Os traballos sobre a onomástica prelatina tenden a centrarse cada vez máis na interpretación etimolóxica ou mesmo parten xa dun criterio etimolóxico (o típico é dunha raíz) para a súa recollida e estudo (por exemplo, Villar “El topónimo indoeuropeo *Turoqua*: Análisis etimológico y dialectal” ou “Los topónimos de la serie *Tur-*” en Villar 1995: 191-197 e 199-244 respectivamente), dándosenos “explicación” a todo canto alí se reúne, a pesar de que en boa lóxica só cabe esperar que sexan explicables dun xeito fidedigno un número moi limitado de casos especialmente claros. Isto sen embargo raramente frea a vontade e convicción “esclarecedora” dos estudiosos. O típico é “lanzar unha hipótese” (e presentala non como tal hipótese, senon como explicación demostrada e *causa finita*) e/ou falar das “hipóteses lanzadas” por outros, normalmente para rexeitalas ou mesmo descalificalas, co que ao final en realidade non se está a falar do material propiamente dito, senon do que menos ou nada importa.

A etimoloxía é unha ciencia e actividade científica que se basea en dous piares básicos: o coñecemento da forma e significado dunha determinada palabra e mais o coñecemento da lingua á que esta palabra pertence. Isto é o que permite que poidamos determinar con plena seguridade o étimo por exemplo da palabra *filloa*, pois coñecemos tanto a forma como o seu significado e tamén sabemos que é unha palabra galega: *filloa* < *folloa* < **foliola* “folliña” (= cast. *hojuela*). Calquera outra palabra da que saibamos o significado, pero non a lingua á que pertence ou viceversa tamén pode ser obxecto dun estudio etimolóxico científico, pero as posibilidades de chegar

a adquirir un coñecemento seguro do seu étimo redúcense moitísimo. As conclusións ás que se vai chegar van ser sempre máis ou menos hipotéticas, dependendo da cantidade e calidade de argumentos cos que se conte. Se en cambio non souberemos nin o significado nin a lingua á que pertence esa palabra non habería de entrada ciencia etimolóxica ningunha que practicar.

Tendo isto en conta, debemos ser conscientes e partir da idea de que toda proposta etimolóxica para un nome prelatino do noso territorio é por natureza hipotética e por tanto nunca completamente segura, sen que eso signifique que non poidamos depositar a nosa confianza en ningunha delas. A grandes riscos e a efectos prácticos podemos facer unha distinción entre as que de entrada son inaceptables (o que, aínda que pareza contradición, non significa que sexan necesariamente falsas), as que non son inaceptables (o que non significa que sexan necesariamente certas) e, de entre estas, as que merecen unha especial atención ou mesmo unha boa dose de confianza (que son dúas cousas ben distintas).

Unha hipótese inaceptable é a que presupón algo que no noso estado actual de coñecementos resulta completamente infundado e/ou contrario ao máis elemental sentido común ou que se basea en evolucións formais ou semánticas excesivamente rebuscadas e/ou inverosímiles. É inaceptable, por exemplo, admitir que en calquera momento da historia ou prehistoria de Galicia houbera unha comunidade lingüística etrusca, aínda que non falta quen traballe nesta liña de investigación. É inaceptable que os topónimos *Mendoia* ou *Bembibre* procedan dun étimo *Nemetobriga* e *Paemeiobriga* respectivamente, como se ten proposto algunha vez, dado que a súa evolución tería sido extremadamente irregular. Tamén son inaceptables as hipóteses que ignoran ou descartan unha etimoloxía latina ou románica perfectamente satisfactoria, substituíndoa por unha hipótese alternativa prelatina, ou por suposto todas aquelas que desatenden e son incompatibles cos datos da documentación medieval. Así é inaceptable por exemplo interpretar os numerosos topónimos *Brea* a partir de **Briga* e non do lat. *verēda* ou *Cadaveira* como un antigo composto **Cata-varia* (a pesar de que *Cadabarcos* na parr. Santa María de Bares, Mañón, A Coruña, sexa sen dúbida prelatino) e non como unha formación románica “*cadaval*, lugar queimado no que quedan *cádavos*” semellante a *Cadavedo* ou *Cadavosa*; que *Breamo* veña de **Brigamo* cando no ano 922 aparece como *Bredamu* ou que *Boebre* proceda de **Boudi-bri(g)*- cando o temos no ano 1064 como *Bulebre*¹⁷⁶. Non cabe dúbida de que hai nomes que poderían

¹⁷⁶ Outros nomes fantasma de distintos traballos onomásticos nos que se ignora a documentación medieval son o hidrón. *Aranzuelo*, subafl. do Douro < a. 1251 *Arauzuelo*, que nada ten que ver con *Aranza*; o top. *Belonciu* < a. 926 *Uenonzo* en Piloña, Asturias, que nada ten que ver con *Paelontium*, capital dos luggonos; o río *Dão*, afl. do Mondego < a. 981 *rio d' Om*, que nada ten que ver coa base nominal do *Danubio*, etc.; o top. *Eslonza* de Gradefes, León < a. 1050 *Alisonza*, que nada ten que ver co *Esla*; o río *Omecillo*, afl. do Ebro < **Fumeciello* < **Flumeciello* < a. 911 *flu-*

ter tras de si unha evolución completamente irregular e nomes con aspecto románico que poderían ser en realidade prelatinos, pero sen unha documentación clara e firme que nolo demostre contundentemente (como ocorre por exemplo no caso do río *da Brea* < **Dabria* < a. 1165 *Doauria*, a. 1177 *Donabriam* en Boiro, A Coruña) estas posibles verdades quedan e deben quedar ocultas á nosa mirada. O que nunca podemos pretender é ver ou crer estar vendo o que para nós polas circunstancias nas que nos encontramos resulta completamente imposible de ver.

As demais hipóteses non serían de entrada inaceptables e entrarían así na vaga categoría do que “pode ser”. Pero entre que unha hipótese poida ser certa e teña que ser certa hai unha longa distancia. Por eso é interesante tratar de recorrer a criterios cos que establecer unha escala no seu grao de fiabilidade, cousa que requiriría un estudo e unhas reflexións máis profundas das que eu aquí lles podoo dedicar. Sirvan só de posible orientación as seguintes consideracións.

Para empezar debemos ser conscientes e consecuentes co feito de que a onomástica de orixe prelatina se documenta case por completo na súa forma latinizada. A etimoloxía dos nomes ten por tanto aquí dous niveis que corresponden ademais a dúas ámbitos científicos diferentes. Por unha parte, trátase de reconstruír a protoforma románica ou latina a partir dos testemuños antigos, medievais e modernos de que se dispón. Desta reconstrucción e historia latino-románica da palabra debe ocuparse a lingüística románica, particularmente os investigadores especializados nas linguas iberorrománicas e no noso caso moi especialmente na historia da lingua galega. Por outra parte, trátase de reconstruír a súa protoforma céltica e/ou indoeuropea a partir das formas latinas documentadas ou reconstruídas. Desta historia prelatina da palabra ocúpase a lingüística indoeuropea, especialmente os investigadores especializados nas linguas prelatinas indoeuropeas da Península Ibérica. Tanto o labor do romanista como o do indoeuropeísta é moi especializado e raras son as persoas que se moven con soltura nos dous campos, entre as que quero destacar a Juan José Moralejo Álvarez que sin ser romanista nin indoeuropeísta de profesión era de facto o prototipo de investigador ideal neste campo. Ante a nosa case completa carencia de tales investigadores a investigación no ámbito da onomástica prelatina require a colaboración de distintos especialistas. O normal é, sen embargo, que teñamos romanistas que non dubidan en facer todo tipo de elucubracións etimolóxicas tanto indoeuropeas como preindoeuropeas e indoeuropeístas que non dubidan en manexar o material románico cunha lixeireza, superficialidade e descoñecemento máis ca abraiante. E non estou

menciello tras diversas disimilacións consonánticas, que nada ten que ver con *Umia* e demais; o top. *Salmantón* < a. 1114 *Salbantone* de Áraha, que nada ten que ver con *Salmantica*; o río *Ul* (ou Antuã), que conflúe co Ínsua (tamén coñecido como Antuã) para formar o Antuã → ría de Aveiro < a. 1109 *ribulo Ur* < a. 1088 *rivulo Ure* non ten nada que ver co *Ulla*, etc.

falando só de afeccionados, senon tamén e moi especialmente de doutores/as e catedráticos universitarios.

Como dicía anteriormente, fronte ao que ocorre co léxico común dunha lingua perfectamente coñecida, como é o caso do galego, toda proposta etimolóxica dun nome prelatino é hipotética. Na reconstrucción da súa protoforma latina podemos distinguir catro casos básicos de maior a menor fiabilidade:

a. Reconstructos internos. O étimo latino dedúcese da(s) forma(s) románica(s) a partir de si mesma e da maneira máis sinxela imaxinable, con nulo ou escaso espazo para opcións alternativas e de acordo coas regras evolutivas da lingua galega. Por exemplo, o hidr. *Bermaña* < a. 1229 *Vermania* < lat. vulg. **Vermañja* ou o top. *Moraña* < séc. XI-XII *Moranim* < lat. vulg. **Morañja*, onde só quedaría por determinar o primitivo grao de apertura das vogais pretónicas. A documentación medieval é aquí coma sempre por suposto fundamental.

b. Reconstructo por asociación externa próxima. O étimo latino proposto só é unha opción entre outras foneticamente imaxinables e viables, pero apóiase na segura existencia de formas idénticas ou semellantes na mesma área lingüística. Por exemplo, o topónimo *Dodro* < a. 1136 *Daodro* < a. 1114 *Dalodro* (concello da prov. Coruña) pode ser un composto en *-durum* que atopamos en *Ocelodurum*, h. Zamora, ou no celtib. **Borvodurum* na tésera de Uxama, descuberto trala súa limpeza e mellora da anterior lectura karuotureka en boruotureka. Cf. tamén *Cualedro* (Ourense), *Vivedro* (Cuaña, Asturias), e mailas formas próximas *Basadre* < a. 1380 *Vasadre*, a. 1368 *Vasadrea*, a. 1185 *Vasadra*, a. 1120 *Vasadria* (Agolada, Pontevedra), *Limodre* (Fene, A Coruña). Fóra da Península Ibérica é un tipo onomástico moi frecuente (galo *Nemetodurum* [h. Nanterre, Francia], *Augustodurum* [h. Bayeux, dép. do Calvados, Francia] etc.), sendo incerto non obstante o significado concreto desta palabra: “fortificación”, “praza”, “entrada, acceso”... ? (v. Pitz - Puhl 2008: 66-70).

c. Reconstructo por asociación externa distante, pero ao material lingüístico dunha lingua estreitamente emparentada. O étimo latino proposto só é unha opción entre varias foneticamente imaxinables e viables, pero apóiase na segura existencia de formas idénticas ou moi semellantes no léxico común ou onomástica dunha ou varias linguas que pertencen ao mesmo grupo que algunha das prelatinas indíxenas faladas no noroeste peninsular, o que por agora só se pode afirmar con seguridade das linguas célticas. Por exemplo, o topónimo *Baiordo* < a. 1481 *Boordo* (San Paio de Coristanco, Coristanco, A Coruña) (Aira 2004: 466-467) pode ser composto en *-ritum* abundantemente documentado nos territorios célticos extrapeninsulares (galo *Augustoritum* [h. Limoges, Francia], etc.; celta *(p)*ritu-* “porto, acceso, paso” > irl. ant. *rith*, galés *rhyd*, etc.).

d. Reconstructo por libre asociación a calquera nome propio, lexema ou morfema idéntico ou semellante de calquera lingua indoeuropea ou non indoeuropea,

real ou (peor aínda) hipotética, da que non se ten firme constancia de que fose falada no noroeste da Península Ibérica. Corominas 1976: 138 propón por exemplo para o nome da cidade portuguesa de *Caminha* < a. 1068 *Caminia* situada na marxe meridional do curso baixo do Miño un étimo **Cat-minia* ao que lle atribúe un significado etimolóxico de “(poboación situada) Miño abaixo”, onde o primeiro elemento **cat(a)*- se fai vir do ie. **kmta*, étimo que efectivamente se reconstrúe para o celta **kanta* “con” (irl. ant. *cét-*, galés ant. *cant*) pola súa posible relación co lat. *cum* < **kom*. A forma e semántica atribuída a **cat(a)*- en **Cat-minia* é sen embargo a propia do gr. *κατα*- “abaixo, debaixo” que dende o século XIX se adoita considerar cognato da palabra celta, a pesar da súa notable diverxencia semántica. En vista da forma e significado atribuídos ao presunto componente inicial (idéntico ao grego, pero diferente do celta), Corominas vese na obriga de descartar que **Cat-minia* poida ser céltico e na necesidade de atribuílo así á lingua sorotáptica (lingua “[da cultura] dos enterramentos en urnas”), que é como el denomina a unha lingua indíxena indoeuropea non céltica que pensa que existía entre as prelatinas da Península Ibérica (v. Moralejo Laso 1978: 15-16).

Non cabe dúbida de que, se para un determinado topónimo prelatino postulamos un étimo cunha semántica que describe ou se acomoda perfectamente ás características e/ou circunstancias dese lugar, como podería ser este caso, esa proposta etimolóxica gaña moito en atractivo, pois ninguén pode opoñer nada a que un río se chame “Río”, un monte se chame “Monte” e, sendo un pouco xenerosos con Corominas, un lugar que está no curso baixo de Miño se chame “Miño abaixo”. Pero, o certo é que o fundamental e primario en toda proposta non é que a semántica lle veña como anel ao dedo ao obxecto designado (cousa que por suposto é moi positivo e desexable), senon que se parta dunha base operativa con plenas garantías. A proposta de Corominas non pode ser tomada en consideración e debe ser por tanto rexeitada, non porque un a considere subxectivamente pouco convincente, senon pola plena obxectividade de que o autor non parte da previa demostración e por tanto da previa seguridade de que existise esa lingua que el chama sorotáptica nin por suposto tampouco do coñecemento demostrable e demostrado dos cambios fonéticos propios desa lingua cos que el opera á vontade e conveniencia¹⁷⁷.

¹⁷⁷ Deixo de lado que Corominas sexa exemplo prototípico de romanista que tece etimoloxías prelatinas sobre a base do Pokorny ou outros dicionarios etimolóxicos e pouco máis, sen un coñecemento realmente profundo da lingüística indoeuropea e dos moitos problemas que están detrás do material aí reunido. Neste caso por exemplo sería importante entrar na problemática e discusión da relación do het. *katta* “embaixo, abaixo, debaixo” (tamén “ao pé de”, “á beira de”, “xunto a”, “xunto con”) coas formas gregas e célticas aducidas, onde xa a propia falta de consenso entre os especialistas pon de manifesto que en realidade nos movemos sobre áreas bastante movedizas á hora de determinar quen é cognato de quen e qué étimo(s) se pode(n) ou debe(n) reconstruír para o protoindoeuropeo (v. por exemplo Melchert 1994: 126).

Cando chegamos a este terreo das especulacións puras as propostas etimolóxicas deixan de ter a máis mínima validez e interese, e por tanto tampouco deberían ter cabida nas publicacións científicas. Unha proposta inútil, por inaceptable ou por puramente especulativa, non é mellor ca recoñecer que non sabemos nada, senon máis ben todo o contrario. Por un dobre motivo: porque pode levar a un lector sen a formación necesaria na materia a crer que é seguro ou probable o que moi convencida e eventualmente tamén moi convincentemente se presenta como tal, cando en realidade está moi lonxe de selo, e porque o alegre lanzamento de hipóteses incrementa inutilmente o traballo dos futuros investigadores que se ven na obriga de lelas e recollelas sistematicamente. Con esto estou facendo crítica aos demais, pero tamén autocrítica.

Unha vez establecida a protoforma latina naqueles casos que sexa posible, podemos pasar a reflexionar sobre o seu posible étimo prelatino. Dado que en Galicia temos nomes de indudable orixe céltica, debemos empezar por buscar posibles etimoloxías neste ámbito. As mellores propostas serán naturalmente aquelas que atopen unha correspondencia exacta no léxico común coñecido das linguas célticas, como ocorre en boa parte dos casos vistos ao comezo deste parágrafo.

Atopar unha correspondencia céltica non é sen embargo garantía de que a proposta avanzada sexa necesariamente correcta. Esta non vai deixar de conservar nunca o seu carácter hipotético, pero será máis ou menos convincente e fidedigna segundo as circunstancias e argumentos adicionais que se manexen. Así por exemplo no caso de *Dodro* < *Dalodro* resulta moi atractiva e convincente a posibilidade de que trate dun antigo nome en *-durum*, debido a que o remate en *-dro* nun topónimo se explica mellor a través dese tipo de compostos tan frecuentes na toponimia céltica (con *Ocelodurum* no noroeste e **Borvodurum* en celtibérico) ca a través de calquera outra alternativa (dificilmente) imaxinable. O primeiro elemento atopa un *aequabile* no ir. ant. *dál*, galés med. *dawl* “parte” (< **dālo-* < **dah₂-lo-* da raíz ie. **dah₂* “(re)partir”, véd. *dáyate* “reparte”) que en irlandés ten tamén un uso moi antigo como “grupo social (gran familia, tribu) que comparte un mesmo (real ou presunto) antepasado común” e “territorio propio dese grupo” (cf. por exemplo *Dál Riata* “o *dál* de [antrop.] Reuda”, latinizado en Beda *Hist. Eccl.* 1 como etn. *Dalreudini* “os dalreudinos”, quen nos aclara ademais que na “*lingua eorum daal partem significat*”). Atribuírle ao noso *Dalo-* o significado de “grupo étnico” ou “comarca” fai sentido ou, se se prefire, non fai un sentido inadmisibile, pero para poder chegar a tomalo realmente como unha opción especialmente plausible e favorecible serían necesarios outros testemuños interpretables na mesma dirección¹⁷⁸.

¹⁷⁸ En canto a *Baiordo* < *Boordo* non vai ser posible ofrecer ningunha hipótese etimolóxica cun mínimo de garantías, mentres non teñamos testemuños máis antigos que nos permitan facernos unha idea máis clara e firme da súa protoforma románica. En caso de tratarse dun primitivo **Bolordo*, cf. top. *Bouloire* < s. VII *Bolodro* (dép. de la Sarthe, Francia; Pitz – Puhl 2008: 68, Nègre 1990: 175).

No caso de que se trate dun étimo que non aparece no léxico común coñecido de ningunha lingua céltica, as propostas máis interesantes son, por un lado, aquelas nas que ese hipotético étimo céltico atopa cognatos noutras linguas indoeuropeas co que polo menos se pode partir da base de que esa palabra teña existido na lingua protoindoeuropea e en razón da nosa marxinalidade se poidese ter conservado no noso territorio, aínda que noutras áreas célticas se perdese. Así por exemplo o hidrónimo *Isara* pode poñerse en relación co ind. ant. *iširá-* “forte, potente, rápido” < **h₁iš₂ró-*, como vimos máis arriba, e atribuírle por tanto o significado etimolóxico de “corrente” ou “(auga/corrente) rápida”, aínda que neste caso, como tamén xa suñiñei antes, tamén hai que ter en conta que se podería tratar dun derivado dehidronímico en *-ara*.

Pero, por outra parte, tamén son especialmente valiosas as propostas etimolóxicas que, aínda que non partan dun étimo documentado noutra lingua céltica ou indoeuropea, son foneticamente impecables e presentan unha morfoloxía formacional absolutamente regular e acorde coas regras de formación de palabras indoeuropeas e/ou célticas máis comúns e productivas. Así por exemplo o *Barbanza* < med. *Barvanza*, que é un dos pequenos ríos cheos de espectaculares fervenzas da pedregosa península da Barbanza, na que se baixa dende os seus cumes (Iroite 685 m, Barazal 640 m, Barbanza 667 m e Curota 618 m) ao nivel do mar en apenas 6 km¹⁷⁹, pode etimoloxizarse a partir de **b^hru-nt-īah₂-* “fervente (fem.), fervenza” que, por unha parte, presenta a estrutura morfolóxica típica dun antigo adxectivo verbal en *-nt-* indoeuropeo na súa forma feminina (raíz e sufixo *-nt-* en grao cero, seguidos de sufixo de moción *-ih₂-/-īah₂-*) dunha raíz **b^heru* “ferver, burbullear” perfectamente coñecida e documentada (irl. ant. *berb-*, galés *berw-*; lat. *fervere*) e, por outra, a evolución fonética regular que se espera entre as linguas célticas (**b^hru^hntīah₂-* > **baruantiā-*), aínda que lamentablemente tamén neste caso se deba ter en conta a posibilidade de que *Barbanza* sexa eventualmente un derivado dehidronímico en *-īā* ou *-ntīā*, dado que existen os hidrónimos *Barbantes*, h. *Barbantiño*, afl. do Miño, e *Barba*, afl. do Sor no Vicedo, Lugo.

No polo oposto atópanse as propostas que nin parten dunha palabra con cognatos noutras linguas que permitan establecer a súa existencia na lingua protocéltica ou protoindoeuropea nin seguen regras morfolóxicas claras, senon que son propostas nas que as presuntas raíces e presuntos sufixos se combinan libremente e en calquera variante apofónica que *ad hoc* se precise, coma se na formación de palabras indoeuropea todo fose posible e combinable e nada merecese unha explicación minuciosa e plenamente satisfactoria. Os estudos de paleohidronimia europea, tanto os de Krahe

¹⁷⁹ Fotografías en <http://www.adelaleiro.com/v/Catálogo-de-descargas/Rutas/Costa/Adela/Ruta-polas-fervenzas-do-Barbanza/32.aspx>.

como os doutros autores tanto anteriores como posteriores, están rebosantes de semellante lixo etimolóxico.

Fóra do ámbito céltico hai (polo menos de momento) pouco que etimoloxizar seriamente no noroeste. Non está demostrada a existencia (coexistencia ou preexistencia) doutra lingua indoeuropea e o mundo preindoeuropeo atópase por completo fóra do noso alcance. En calquera caso está claro que só a previa profundización no coñecemento da mundo céltico galaico vai permitir que no futuro poidamos penetrar en máis detalles e maiores fonduras do pasado lingüístico da nosa terra.

Recomendacións bibliográficas:

Reflexións sobre os problemas relacionados coa etimoloxización na onomástica:
Meillet 1920: 38-39, Untermann 1983, 1989.

14. Xeolingüística

14.1 Consideracións xerais

Dado que a investigación centrada ou reducida exclusivamente ao estudio etimolóxico da onomástica prelatina ten por natureza unhas limitacións bastante grandes, é lóxico pensar que non é neste ámbito no que hai que perder excesivamente o tempo e machacar monótona e infatigablemente, lanzando hipóteses sobre hipóteses ata a saciedade e sempre dun xeito excesivamente confiado e precipitado. Aínda queda un labor enorme por facer na recollida e publicación (na rede e coas ferramentas propias dos tempos que corren) do material, tanto do antigo, como sobre todo do medieval e moderno, coa restitución na medida do posible do étimo protorrománico e no estudo da distribución espacial deses nomes, que é a base de todo o noso posible coñecemento. Afeccionados, algúns deles moi bos coñecedores do tema, aínda que estean fóra dos círculos científicos universitarios, como por exemplo Miguel Costa (*alias* Cossue) co seu blog *Fror na Area*¹⁸⁰ están contribuíndo hoxe por hoxe tanto ou máis á documentación e coñecemento da nosa onomástica prelatina ca determinados sectores do mundo universitario coas súas longas listas de publicacións de cara ás institucións e á galería.

Vimos anteriormente que hai un número considerable de nomes que son comúns a toda a área *brig*. Pero tamén hai moitos que presentan en cambio áreas de dispersión máis restrinxidas e que, cando coinciden en non saír dunha determinada zona ou territorio menor e esas coincidencias son minimamente reiterativas ou abundantes, poden permitir establecer subáreas onomásticas, que poderán chegar a ser consideradas subáreas lingüísticas (zonas dialectais ou eventualmente territorios de linguas diferentes), se neses nomes se detectan fenómenos lingüísticos (particularidades fonéticas e morfolóxicas) e eventualmente tamén extralingüísticos diverxentes.

O estudo do reparto xeográfico dos nomes non debe partir de ningunha consideración de tipo etimolóxico. Trátase de saber simplemente onde aparecen nomes idénticos e ver se algúns ou moitos deles coinciden en presentar a mesma restricción xeográfica, tendo en conta que canto maiores e máis complexos sexan os nomes máis difícil será que se poida tratar de coincidencias casuais e viceversa. Non se trata por

¹⁸⁰ “Un ninguén, a non ser para a miña familia e amigos”, como el mesmo modestamente se define en <http://fromarea.blogspot.com/>.

tanto, cousa na que quero insistir moi expresamente, de recoller tódolos (presuntos) derivados dunha (presunta) mesma raíz ou por medio dun (presunto) mesmo sufixo, senon de nomes iguais (homónimos) que se reiteran e coinciden en reaparecer nun mesmo espazo xeográfico, por moi diferentes que sexan uns nomes dos outros e por moi clara ou escura que de antemán sexa a súa etimoloxía ou morfoloxía.

Lamentablemente aínda estamos moi lonxe de dispoñer dunha recollida exhaustiva do material existente, pero os datos que actualmente se manexan deixan entrever que o noroeste constituía unha subárea que, sen ser plenamente homoxénea nin radicalmente diferente, tiña unha notable personalidade, mantendo unha relación moi estreita coas súas áreas veciñas oriental e sobre todo meridional, dun xeito por tanto moi similar á situación románica actual.

14.2. O noroeste

a. Nomes do noroeste

O noroeste, que (sen posibilidade nin ánimo de ser moi preciso) tamén comprende a parte occidental do *conventus Asturum* e se estende polo sur ata a cunca do Mondego, presenta numerosos nomes que lle son, polo menos de momento, característicos (pola súa abundancia) ou exclusivos. Ofrezco a continuación unha selección que sen dúbida é tan ampliable como revisable (algúns son propios de posibles subzonas galaicas):

a. Toponimia

Amarante

1. top. *Amarante* < 1228 *Amarante* de Santa María de Cuiña, Oza dos Ríos, A Coruña
2. top. *Amarante* de Santo estevo do Castro de Amarante, Antas de Ulla, Lugo
3. parr. Santa María de *Amarante* < a. 1228 *parrochia Sancte Marie de Amarante*, a. 1188 *Amaranti*, Maside, Ourense
4. top. *Amarante*, Porto
5. top. *Amarante*, freg. Vila Maior, São Pedro do Sul, Viseu
[Obs. A opción de interpretalo como xenitivo dun *nomen possessoris* non parece a máis plausible. V. Bascuas 2002: 216]

Bero- (1), Beriso- (2), Berisamo- (3)

- 1a. *Reburrus Vacisi f(i)lius castello Berensi Limicus* de Calañas, Huelva
- 1b. top. *Berese* no Parr. Suevo.
- 1c. teón. *Berobreo* (var. *Berobrieco*) de Donón, Cangas do Morrazo, Pontevedra
- 1d. teón. *Munidie Berobrigae Toudopalandaigae* de Talaván, Cáceres

- 2a. *Flaus Auledi f(iilius) Cabarcus* ♂ **Beriso** de Salas, Asturias
 2b. teón. *Tuteila Berisi* de Paderne de Allariz, Ourense
 3a. *Caeleo Cadroiolonis f(iilius) Cilenus* ♂ **Berisamo** de Santa Comba, A Coruña
 3b. top. **Beresmo** de Avión, Ourense
 3c. top. **Bresmaus** < **Beresmanos* de Sarreaus, Ourense
 [Obs. O medieval a. 992 *Boresamo*, a situar por Belmonte de Miranda, Asturias, podería ser unha variante de *Berisamo*. Parece que estamos ante un adxectivo en grao normal, comparativo (-iso-) e superlativo (-isamo-) respectivamente. Cf. etn. *Berones*, veciños dos celtiberos. O top. *Berlanga de Duero*, Soria, parece un composto antigo, pero a documentación medieval revela que é outra cousa: *Baralanica*, *Valeránica*, *Baleránicas*, *Baralangas*, etc. A maioría dos topónimos occidentales non latinos cun segmento inicial *Ber-* son de orixe xermánica: *Bermil*, *Bertamil*, etc.]

Buro- (1), Burio- (2)

1. **Boῦρον** de Ptol. 2,6,22 entre os *Callaeci Lucenses*
 2a. **Bourio** de Castropol, Asturias
 2b. *Folgueiras de Boiro* de Ibias, Asturias
 2c. **Buio** < a. 1315 *Boyro* na parr. de Rial, Val do Dubra, A Coruña
 2d. **Boiro** < a. 1201 *Borio* na parr. de Miñortos, Porto do Son, A Coruña
 2e. *Terras de Bouro* < a. 1514 *Terras de Boiro*, distr. Braga. Silveira 1914 118-119 informa de que o actual concello de *Terras de Bouro* era antes máis extenso e se chamaba só *Bouro*. No ano 883 documéntase *mosteiro de Santa Maria de Burio* e ao longo dos séc. XII-XIII aparecen as variantes gráficas *Burio*, *Borio*, *Buio*, *Boiro*. Repiten este topónimo as localidades próximas de *Bouro* (Amares), *Parada do Bouro* (Vieira do Minho) e *Bouro* (Vila Verde). En Amares temos un altar dedicado aos [L]aribus [B]uricis.
 2f. **Boiro** na freg. de São Lourenço de Selho, Guimarães, distr. Braga.
 2g. *Vale de Bouro* de Celorico de Basto, distr. Braga
 2h. *Serra do Bouro*, Caldas da Rainha, distr. Leiria
 [Tamén hai *Boure* en Penafiel, distr. Porto e Castelo de Paiva, distr. Aveiro. Ten en cambio sen dúbida outra orixe *Boiro* < a. 1223 *ecclesiam Sancte Eolalie de Ouorio*, a. 1156 *Sancte Eolalie de Vorio*), concello de Boiro, A Coruña. A parr. Santa Mariña de **Bora** con *Ponte Bora* (Pontevedra) e mailo top. **Borela** con *Ponte Borela*, San Martiño de *Borela* (Cotobade, Pontevedra), poden aproximarse ao topónimo antigo *Boῦρον*, pero *Borela* é tamén o nome do principal afluente do río Almofrei (→ Lérez) que pola súa parte ten claramente un nome secundario detoponímico en substitución do que, atendendo a *Ponte Bora*, debeu ser primitivamente *Bora* (cf río a. 1159

Boronia, afl. do Tambre, con top. próximo *Broño*, Outes, A Coruña). *Burela* (Lugo) con hidrón. que no a. 1096 aparece como *Burelum* e *A Burela* (Santa María de Carballido, A Fonsagrada, Lugo) distínguense polo seu *-u-* e non teñen necesariamente a mesma orixe. Cf. tamén os top. e hidr. *Burón* (a. 1378 *Buroon*) da Fonsagrada, Lugo, e da comarca de Liébana, Cantabria.]

Brigantia, -ium

1. **Brigantium** (It. Ant. 424,5), **Φλαούιον Βριγάντιον** (Ptol. 2,6,4), **Brigantia** (Orosio 1,2,71), *civitas* á que seguramente pertencía a actual A Coruña, dado que o seu faro era denominado *Farum Brigantium* (a. 971 *in valle de Faro Bregancio*). O nome dos habitantes desta *civitas* sobrevive como nome da comarca de *Bergantiños* < a. 924 *Bregantinos*, a. 569 *Brecantinos* (con *-c-* hipercorrecto).
2. **Bragança** < a. 954 *Bregantia* < a. 569 **Brigantia** no Parroquial Suevo, Portugal. Vasconcelos 1931 330-331: “O povo ainda hoje no distrito diz Brègança, como muitas vezes lá ouvi pronunciar”.

[Obs. *Berganzo* e *Cabezo de Berganciños* en Vilariño de Conso, Ourense, pode vir dun antigo *Brig-* ou *Berg-*. Tamén hai *Berganzo* en Áraba. Cf. Moralejo 2010a: 104-105.]

Cala- (especialmente **Calambre** e mailas súas variantes)

1. **Calabreo** (Santa María Madalena de Matentes, Negueira de Muñiz, Lugo); monte **Calabre**, med. *Calabria* (Almendra, Vila Nova de Foz Coa, Guarda)
2. **Calabor** < a. 1145 **Calauor** (Pedralba de la Pradería, Zamora) e río **Calabor**, afl. do Sabor → Douro, que pode ter sido primeiro topónimo ou (máis probablemente) hidrónimo.
3. **Calambre** < a. 1006 *castellum de Calambre* (Serantes, Tapia, Asturias); *Cambre* < med. *Calambre*, *Calambria* (A Coruña); *Castelo de Cambra* (h. Crasto, xunto á vila de Macieira de Cambra, Vale de Cambra, Aveiro) < s. XI *Calambria* (v. Silveira 1914: 121-125). Probablemente < **Cala-mrig(a)*, pero cf. abaixo a base *Calamo-*.
4. mosteiro de San Xoán de **Caaveiro** (A Capela, A Coruña) < a. 914 **Calavario**
5. **Caamaño** < a. 1162 *in ualle Calamano*, a. 1169 *Sancte Marie de Calamano*, top. e freg. de Santa María de Caamaño, Porto do Son, A Coruña
6. par. San Vicente de **Caamouco** < a. 1157-1167 *Calamouco* (Ares, A Coruña); *Camouco* (San Miguel de Berbetouros, Palas de Rei, Lugo); *Serra de Calamouco* (mun. Becerreá, Lugo). Cf. top. en *-ouco -a* < *-auco -a* como *Arouca* < a. 1080 *castro Arauca* (distr. Aveiro, Portugal), *Bezoucos*, *Camoca* < a. 830 *Camauca* (Villaviciosa, Asturias), *Larouco* (serra da fronteira galego-portuguesa con teón. *Reve Larauco* e concello da comarca de Valdeorras, Ourense), *Tarouca* (Viseu, Portugal), etc.

7. **Caladuno** (It. Ant. 422,5), Καλάδουνον (Ptol. 2,6,38), a 18 millas de Chaves. Os habitantes deste lugar denomínanse *Caladunus* e *Caladuna*, o que fai inverosímil que *Caladuno* poida ser un composto en *-dūno-*. Parece máis ben que o topónimo se formou a partir do etnónimo (tipo *Bracari* → *Bracara*). Cf. hidrón. *Celadus* en Mela 3,10 que podería ser unha refección pseudoetimolóxica de **Caladus* por asociación co Κελάδων homérico. Véxase Guerra 2003: 106-108.

[Obs. Todas estas formas teñen en común o segmento inicial *Cala-*, pero son en realidade formacións de moi distinto tipo (bases *Cala-*, *Calamo-*, *Calado-*). Máis ao sur temos o top. **Calantica*, subxacente ao epíteto de *Carneo Calantice(n)si* de Arraiolos, Évora, se o texto transmitido é correcto, e uns *Calontenses* documentados na tella de Alconétar, Garrovillas, Cáceres. Lémbrense ademais os top. antigos *Cale*, posiblemente < **Cali-*, e **Calubriga*, posiblemente < **Cali-briga*, dos guigurros. A relación etimolóxica de todos estes nomes é incerta. O nome da parr. *San Salvador de Camanzo*, Vila de Cruces, Pontevedra, pode vir de **Calamantio-* (cf. os top. *Kellmünz an der Iller* en Baviera und *Kallmünz* en Regensburg, Alemaña, procedentes dun primitivo **Kalamantia* segundo Greule 2010 2; ademais Καλαμαντία de Ptol. 2,11,15 preto de Comárno, Eslovaquia), pero na toponimia prelatina noroccidental tamén hai nomes con *Cam-* orixinal. O apelido portugués e galego *Caminha* / *Camiña* atópase grafiado ás veces como *Caaminha* / *Caa-miña*, pero se, como parece, ten como orixe a vila portuguesa de *Caminha*, a reduplicación gráfica *-aa-* non debe ser etimolóxica. *Camos* < med. *Camões*, *Camones* de Nigrán, Pontevedra, apelido tamén do ilustre literato portugués, non aparece nunca como *Caam-*, como sinala Navaza 2009: 221 (cf. *Camoca* < *Camauca* de Villaviciosa, Asturias co mesmo segmento inicial *Cam-* dos casos anteriores). En San Martiño de *Caboi* (Outeiro de Rei, Lugo) < a. 959 *Calabogii* temos o xentivo do antropónimo *Calapodius*. *Calamonte* (Badajoz) aparece no ano 1350 como *Colomonte*, nome que probablemente hai que relacionar con *Comonte* < med. *Coomonte*, *Coamonte* en Alija del Infantado, León; *Dehesa de Comontes* < med. *Coamontes*, *Codamontes*, *Kolamontes*, *Caudamontes* en Valdespino Cerón, Matanza de los Oteros, León (*cauda montis* / *cauda de monte* “prolongación ou parte final do monte”)]

***Caurio-**, ***Cauria** e derivados

1. h. San Xián de **Coiro** < a. 990 *ecclesiam Sci. Juliani de Ferrarios in accessu Kaurio*, A Laracha, A Coruña
2. **Coiro**, San Xián de Soñeiro, Sada, A Coruña
3. **Coiro**, San Estevo de Paleo, Carral, A Coruña

4. **Coiro** e *Vilar de Coiro*, Santa María de *Coiro*, Mazaricos, A Coruña < a. 1155 **Caurio**, a. 1157 *Sancte Marie de Caurio*, a. 1195 *Sancte Marie de Coirio*
5. *San Salvador de Coiro*, Cangas do Morrazo, Pontevedra
6. **Coria** < ant. **Caurium** (Plinio NH 4.118; Καύριον en Ptol. 2.5.8), Cáceres; *tes(s)era Caurie(n)sis* de Lumbrales, Salamanca; *L(ucius) Vitellius Mantai f(ilius) Tancinus cives Hisp(anus) Caurie(n)sis eq(ues) alae Vettonum c(ivium) R(omanorum)* de Bath, Reino Unido.
7. a. 1088 *Monte Cauriense*, h. montes de Torozos, preto de Tordehumos, Valladolid (Gómez Moreno 1919: 193, Alonso Álvarez 2008: 18-19)
8. **Coira**, San Fiz de Monfero, Monfero, A Coruña
9. **Coira**, San Martiño de Laraño, Santiago de Compostela, A Coruña
10. **Coira**, parr. Santa María de Biduído, Ames, A Coruña
11. **Coira**, parr. Santa María de Nebra, Porto do Son, A Coruña
12. **Coira**, San Cristovo de Reis, Teo, A Coruña
13. **Lendecoira** < **alén de Coira*, San Xiao de Sante, Trabada, Lugo
14. *Monte da Coira*, San Cosme de Barreiros, Barreiros, Lugo
15. *Monte da Coira*, San Xián de Marín, Marín, Pontevedra
16. a. 1880 *Veiga da Coira*, Xuncal, Santa María de Ardán, Marín, Pontevedra
17. *A Coira*, Santiago de Folgozo, Allariz, Ourense
18. **Coura** (hidrónimo, afl. do Miño, e topónimo) e *Paredes de Coura* < a. 1125 **Coyra** (med. *Terras de Coyra*) (xunto cos seus derivados romances *Courela* / *Courelas*, *Courelinha* e *Courinha*)
19. *La Cerra de Coria*, Rábago, Herrerías, Cantabria
20. *Monte Còria*, Cortes d'Arenós, Castellón
21. **Courias** < a. 1004 **Caurias** de Cangas del Narcea, Asturias,
22. *Monte Coirego*, Cotobade, Pontevedra
23. **Coirón**, San Xián de Coiro, A Laracha, A Coruña (obsérvese a proximidade dos top. *Coiro* e *Coirón*)
24. **Coirón**, Santa Eulalia de Dena, Meaño, Pontevedra
25. **Coiroa**, Santa María da Regueira, Oza dos Ríos, A Coruña
 [Obs. Algún dos nomes só documentados nas súas formas modernas podería proceder eventualmente dun primitivo **Cor-* ou **Cur-* diferente de **Caur-*. O topónimo *Coreses* < a. 936 *Caureses*, hoxe en desuso [cf. a. 1753 *Laguna de Cureses*, h. *Laguna Salada* ou *Pequeña*, tamén chamada *Los Secadales*] de Villafáfila, Zamora, considérase topónimo de repoboación. Hai máis formas en plural como *Courias* de Pravia, Asturias, ou *Coiras* de San Xoán de Coiras, Piñor, Ourense, pero poden ser deglutinacións de *Escoiras* > *Ascoiras* > *As Coiras* que temos por exemplo en *Escoiras*, Santo Estevo de Silán, Muras, Lugo. *Coria del Río*, Sevilla, procede dunha antiga *Caura*, documen-

tada en Plin. NH 3,3,11 e nun letreiro numismático. Tamén se formaron a partir dunha base sen *-i-* os derivados *Serra do Caurel* < a. 1103 *Caurellum* de Lugo e *São Martinho de Courel*, Barcelos, Portugal. En portugués temos por outra parte *courela* “parcela de terra cultivada, comprida e estreita”, med. *courella*, *coyrela*, *quayrela* “parcela de terra asignada”, termo parcelario que aparece como *quadriela* no Foro de Cáceres do séc. XIII e *cuadriella* na toponimia asturiana: *Cuadriella de Ambres*, *Cuadriellas de Villaláez*, e que por tanto nada ten que ver coa onomástica prelatina].

Condado

1. *El Condado / El Condáu*, na confluencia do río Xerra co Nalón, Llaviana, Asturias
2. *El Condado / El Condáu*, na confluencia do río Caudal co Nalón, Pereda, Uviéu, Asturias
3. *Vegas del Condado*, preto de Ambasaguas, ambas localidades no ángulo que forma a confluencia dos ríos Porma e Curueño, León
4. *O Condado* na confluencia do río Troncoso co Miño, Padrenda, Ourense
5. comarca do *Condado* na confluencia do río Tea co Miño, no sur da prov. Pontevedra

[Obs. Supoño que estes datos de que dispoño son moi incompletos, pero parece claro que hai unha especial concentración destes nomes no noroeste]

-ipio/a-

1. *Tolivia*, lugar e parr. do concello de Llaviana, Asturias; *Tolivia*, Casielles, Ponga, Asturias; orón. *Collada de Tolibia* (así no *Libro de la montería* de Alfonso XI) con top. *Tolibia de Suso / de Arriba* e *Tolibia de Abajo* (a. 1179 *Tolibia de Iuso*), Valdelugueros, León. Para o segmento inicial cf. por exemplo a serra de *Toloño* en Álava.
2. monte *Oribio* < med. *Eribio*, *Eripio*, Triacastela, Lugo, con hidrónimo *Oribio*, afl. do Lóuzara → Lor → Sil → Miño; monte *Iribo*, parr. Santiago de Reiquiás, Muiños, Ourense; freg. *São Vicente de Irivo* < a. 1758 *São Vicente de Eriva*, a. 1527 *São Vicente de Ryvyo*, a. 1085 *Eribio*, Penafiel, Porto. Poden compartir o mesmo elemento inicial orónimos como a. 1153 monte *Erouio* (próximo a Navia, Asturias), monte *Iroite* < a. 1152 *Irouiti*, a. 1244 *Iroethe* (entre os concellos de Lousame e Porto do Son), etc.
3. a. 1157 castro *Caribio*, a. 1112-1126 monte *Caribio*, a situar na parr. de San Mamede de Laraxe, Cabanas, A Coruña. Para o primeiro elemento pode pensarse en **kario-* “pedra” que temos no cat. *quer* e demais formas emparentadas (cf. *Moncaira* na toponimia mozárabe balear)

4. o nome da parr. de *San Xoán Bautista de Liripio* < 1500 *Leripio*, A Estrada, Pontevedra. Cf. *Tutela Liriensi* nunha epígrafe de Carrazeda de Ansiães, Bragança, que presupón un topónimo local **Lirio/a-*. Sorprende o mantemento (culto?) do *-p-*.
5. *∩ Acripia, castellum* a situar pola zona de Braga, Portugal. O elemento inicial pode ser o ben coñecido **akro/i-* “punta”.
[Obs. Este elemento parece aparecer de forma independente no *Monte Ibio* da Serra do Escudo de Cabuérniga, concello de Mazcuerras, Cantabria. Poderían estar relacionados con estes nomes o teón. *Lacipaea* (var. *Lacibaea[e]* dat.) e mailo top. *Lacipea* do It. Ant. 438,4 a situar na prov. de Cáceres. O epíteto de *Bandi Tatibeaicui* de Fornos de Algodres, Guarda, Portugal, tamén se pode barallar como eventual derivado dun top. **Tatipio/a-*, pero nese caso habería que admitir unha pouco plausible sonorización do *-p-* mentres que *-t-* y *-c-* se conservan inalterados, polo que de momento e sen máis non me parece a hipótese máis plausible. Véxase máis arriba para unha posible interpretación como derivado antroponímico.]

**Lamaecum*

1. *Lamego* de Seira, Rois, A Coruña
2. *Lamego* de Camanzo, Vila de Cruces, Pontevedra
3. *Lamego* de Salamonde, San Amaro, Ourense
4. *Lamego* < s. XIII *Castro de Lameco*, a. 569 *Lamaecum* < ant. **Lamaecum* do dist. de Viseu
[Obs. Neste nome é problemático diferenciar as formacións antigas das románicas. Non todas as anteriores son necesariamente antigas. E son probablemente románicas por exemplo: *Os Lamegos* da Couboeira, Mondoñedo, Lugo; *Rellamiegu* de Tinéu, Asturias, que parece unha aglutinación de *re-* < *rio* e *Llamiegu*; *La Llamiega*, barrio de Tanos, Torrelavega, Cantabria.]

Marant-

1. San Vicente de *Marantes* < ca. 1207 *Marantanes* < **Marantanis*, ablativo de **Marántanos* en Santiago de Compostela, A Coruña
2. a. 1115 *montem Marantis*, h. serra do Marão entre Douro Litoral e Alto Douro, Portugal

Ocobri-

1. *Ogrobe*, Santa María de Vilamaior, Mondoñedo, Lugo
2. *O Grove*, San Xíán da Insua, Taboada, Lugo
3. *Ogrobe*, San Martiño de Andrade, Pontedeume, A Coruña
4. *O Grove* < a. 899 *insula Ocobre*, a. 912 *Ogobre*, a. 1115 *Ogrove*, Pontevedra
5. *O Grove*, Fontoura, Valença do Minho, Portugal

Senabriga, Senabri e derivados

1. a. 1214 portu de **Senabrega**, a situar ao oeste de Ourense
2. **Sanabria** < a. 569 **Senabria** (documentado en portugués como a. 1580 *Seabra*, a. 1758 *Siabra*, *Xiabra*), Zamora
3. a. 1067 *territorio Senabria*, nome da parte occidental do actual concello de Cinfães, Viseu
4. **Sabrexo** < a. 1499 **Seabrejo**, Carbia, Vila de Cruces, Pontevedra
5. a. 950 **Senabregio**, a situar entre Miño e Douro
6. s. X *Sauto de Senabregio* en Galicia
7. Monte **Xiabre**, Vilagarcía, Pontevedra (< **Senabre*). Segundo Monteagudo 1996: 99 habería un testemuño medieval deste lugar como *Senabre*.
8. **Xábrega** < a. 791 **Senabrece**, a. 909 **Senabreca**, Sober, Lugo (< **Senabri-ca* ?)

Tábara e derivados

1. **Tabarilla**, antigo lugar habitado de Castrocalbón, León
2. **Tábara**, Zamora
3. parr. *Santa María de Távora* e *San Vicente de Távora* < a. 991 *villa Tavara*, Arcos de Valdevez, Viana do Castelo, Portugal
4. **Tavarela** na parr. Santa María de Távora, Arcos de Valdevez
5. top. e r. **Távora** < med. **Tavara**, afl. do Douro, Tabuaço, Viseu
6. r. **Tavarela**, afl. do *Távora* → *Douro*
[Obs. Dado que só aparece como hidrónimo nunha ocasión, parece que o seu uso hidronímico é secundario.]

med. ***Osello, -a**

1. a. 997 *Osello*, probablemente orónimo a partir do que se creou **villa Osello* > **Villaosello*, que por falso corte e asociación ao antropónimo *Ausilio* / *Auselio*, variantes de *Auxilio*, se refixo en *villa Ausellio* (a. 1037), h. *Ouselle*, Becerreá, Lugo
2. *Monte Xelo* pode vir de **Oxelo*, Santiso de Cornado, Touro, A Coruña
3. *Monte Selo* pode vir de **Oselo*, Laza, Ourense
4. a. 922 *Osella*, h. freg. São Pedro de *Ossela*, Oliveira de Azeméis, Aveiro; con topónimo diminutivo veciño a. 1117 *Asseloa*, h. *Silhó* ou *Assilhó*, Albergaria-a-Velha, Aveiro.
[Obs. Véxase Bascuas 2002: 187-188 que parte convincentemente de **Uxel-lo-*, -a. No caso de *Ousille* de Santiago de Gundivós, Sober, Lugo, en cambio, non hai motivo para dúbida de que se trate do xenitivo do antropónimo *Ausilio* / *Auselio*, v. Becker 2009b: 236]

b. Hidronimia:*Aliste* e derivados

1. r. *Este* < med. *Aliste*, *Aleste*, afl. do Ave, que pasa pola cidade de Braga
2. med. r. *Alistelio*, h. r. da Morreira, afl. do Este (→ Ave) anterior
3. r. *Aliste* < a. 907 *rivulo Alisti*, afl. do Esla (→ Douro) en Zamora, que dá nome á comarca de Aliste

Barrantes

1. r. *Barrantes*, afluente do Cinsa → Cabe → Sil → Miño, en Santa María de Baamorto, Monforte de Lemos, Lugo
2. r. *Barrantes*, afluente do Umia, con top. *Barrantes* e *Barrantiños*, Santo André de *Barrantes*, Ribadumia, Pontevedra
3. parr. San Vicente de *Barrantes*, Tomiño, Pontevedra
4. top. *Dehesa Barrantes*, no sur da Serra de San Pedro, Cáceres, Cáceres

Cádavo e derivados

1. r. *Cádavo* en Perlío, Fene. Segundo Moralejo 2009a: 62 son dous os ríos *Cádavo* que desaugan na ría de Ferrol
2. top. *Cádavo*, Baleira, Lugo
3. top. *O Cádavo*, Cotobade, Pontevedra
4. monte *Cádebo* entre Moraña e Campo Lameiro, Pontevedra
5. r. *Cádavos*, afl. do Mente (→ Rabazal / Rabaçal → Tua → Douro) na Mezquita, Ourense
6. r. *Cávado* < a. 1071 *Cadavo*, 959 *Katavo*, Portugal
7. med. r. *Cadauon*, *Kadabon*, probablemente afl. do actual Calvelhe, Porto (v. Moralejo 2009a 62)
8. top. *Os Cadavós* < **Cadavones*, Lobeira, Ourense, posible pluralización de **Cadavón*

[Obs.: *Cadabarcos*, lugar da parr. Santa María de Bares, Mañón, A Coruña, pode ser un antigo etn. **Catavar(i)cos*. Pero a base **Catavario-* -a non é necesariamente un derivado do hidrón. *Cátavo-*. Pode ser un composto en -*vario-* -a. Por outra parte, detrás dalgún dos nomes *Cádavo(s)* anteriores pode estar a palabra común gal. *cádavo* -a “pau ou coto (especialmente de toxo) de queima (queimado ou para queimar)”, da que se deriva *cadaval* “lugar queimado no que quedan *cádavos*” e mailos topónimos románicos *Cadavedo*, *Cadaveira*, *Cadavosa*, *Escadavada*]

med. *Iario* e formas asociables

1. r. *Xario* < med. *Iario*, afl. do r. Baxoi → ría de Betanzos, A Coruña
2. r. *Xares* < med. *Iares*, afl. do r. Bibeí → Miño, Ourense

[Obs. Tendo en conta a documentación do teón. *Cohue* (< **Cosue*) en Monfero, A Coruña, entra en consideración a posibilidade de que *Xario* < med. *Iario* proceda de **Ihar-* < **Isar-*. Pero o *Xares*, no noreste da prov. de Ourense, está lonxe da zona de aspiración do -s-, atendendo aos datos de que por agora dispoñemos]

med. **Laragia**

1. río ou rego de **Laraxe** (ou río de Castro) que desauga na ría de Betanzos con parr. San Mamede de **Laraxe** (Cabanas, A Coruña) < a. 1168 *ecclesia de Sancto Mameto de Laragia*
2. a. 909 *in finibus Galletie, territorio Limie, subtus montes Larauco, discurrente ribulo Laragie* con diminutivo **Laragiola** conservado nas parr. San Pedro e Santa María de **Laroá**, Xinzo de Limia, Ourense (a igrexa de San Pedro ía asociada orixinalmente ao nome sen diminutivo: a. 1025-1040 *Sancto Petro de Laraia*)

Loenzo

1. r e top. **Loenzo**, parr. Santa María de Bértoa, Carballo, A Coruña
2. r. e top. **Loenzo**, parr. Santa María Rubiáns, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra
3. parr. Santo Estevo de **Loentia** < a. 1031 *Luentena*, Castro de Rei, Lugo

Louro

1. r. **Louro**, afl. do Ulla co que conflúe no concello de Valga, Pontevedra
2. r. **Louriñas**, parr. Santo André de Lourizán, Pontevedra, no esteiro do Lérez
3. r. **Louro**, afl. do Miño co que conflúe no concello de Tui, Pontevedra, con top. *A Louriña*, parr. Santiago de Pontellas, Porriño, que probablemente conserva o antigo nome do río da Miñoteira, afl. do Louro, e corónimo *Val da Louriña* < a. 1265 *terre de Laurina*, comarca (e arciprestado) que comprende os concellos de Mos e Porriño, Pontevedra, e probablemente designaba o curso alto do río.
4. r. **Lor** < a. 853 **Laure**, afl. do Sil co que conflúe no concello de Quiroga, Lugo

[Obs. Tamén temos *A Louriña* na parr. Santa María de Cuntis, Cuntis, Pontevedra; monte *Louriña* na parr. San Salvador de Mosteiro, Navia de Suarna, Lugo; monte e val de *Louriña* na parr. San Marcos de Paradaseca, Quiroga, Lugo; e por outra parte *O Louriño* nas parr. de Santa Baía de Boiro e San Vicenzo de Cespón, Boiro, A Coruña, e *Louriño* na parr. Santa María de Paradela, Meis, Pontevedra. *Lourinhã* < **Lauriniana* no distr. Lisboa, Portugal, é pola súa parte claramente un derivado de nome de posuidor *Laurinius*]

Luaña

1. a. 936 *ribulo que uocitant Luania*, h. río Pedriña, afl. do Arenteiro → Avia → Miño, en Boborás, Ourense
2. top. **Luaña**, parr. e monte de Brión, A Coruña. O uso oronímico xa no ano 927 *Montis Luaniae*
[Obs. Non é seguro que o uso primario deste nome sexa hidronímico. Existe tamén unha praia de *Luaña* ou *Luaño* en Alfoz de Lloredo, Cantabria]

Miño e derivados

1. top. **Miño**, A Coruña
2. r. **Miñoto**, afl. do r. Gafos, Pontevedra
3. a. 1752 r. **Riomiño**, Marín, Pontevedra, hoxe *Remiñoto*
4. r. **Remiñoto** < a. 1879 r. **Miñoto**, nome contemporáneo do que no ano 1752 aínda era r. *Riomiño*, Marín, Pontevedra, correspondendo daquela probablemente ao seu curso alto
5. r. **Miño**, en fontes antigas *Minius*
6. top. **Miñoto**, aldea xunto á que conflúen os ríos *Miñotelo* e *Miño*, O Salvador de Crecente, A Pastoriza, Lugo
7. r. **Miñotelo** afluente do curso alto do *Miño*
[Obs. Tamén hai un río **Miñouba** en Domaio, Moaña, Pontevedra. San Pedro de *Miñotos*, Oourol, Lugo, podería ser un pluralización secundaria dehidronímica, pero a primeira hipótese debe ser relacionalo con *miñoto* como nome de ave.]

Pígara e derivados

1. top. **Pígara**, Santiago de Goiriz, Vilalba, Lugo
2. a. 1077 r. **Pígara**, hoxe Labrada (→ Ladra → Miño), San Pedro de Pígara, Guitiriz, Lugo
3. top. **A Pígaroa**, á beira dun afluente do r. Labrada, antes r. *Pígara*, San Mamede de Momán, Xermade, Lugo
4. Monte **Pígariños**, San Xoán de Cabanelas, Carballiño, Ourense
5. Fonte da **Peghariña** de Cedeira, A Coruña, por etimoloxía popular *Pagharriña* e *Paxariña*
6. Fonte do **Pegarinho** ou, tamén por deformación popular, da *Pegadinha*, Barcelos, Braga
7. top. **Pegariños**, San Tomé de Ames, Ames, A Coruña
[Obs. *Pigüeña*, afl. do Narcea → Nalón, en Somiedu, Asturias, non comparte o mesmo radical < a. 905 *flumen Pioniam*]

c. Teonimia:

Coso dat. con moitas variantes (*Cossue*, *Cusue*, *Cohue*, *Cuhue*, *Cosei*, *Cusei*, etc.) en Galicia, León e norte de Portugal ata os distr. de Aveiro e Viseu

Crougeai dat. documéntase nas prov./distr. de Ourense, Braga e Viseu

d. Antroponimia:

Bloena (*Bloena Sabini* de Ponteceso, A Coruña; *Bloena* de Amares, Braga; *Bloena Camali f. Valabricansis* de Braga; *Bloenae Vironi* de Bragança; *Blena Salai* de Bragança. As variantes *Ibdoena Talotis f(ilia)* de Lamego, Viseu e *Lboena Alluqui f(ilia)* de Resende, Viseu, que adoita lerse ****Iboena**, indican que se trata dunha forma orixinal ***Bdoena**)

Cloutaius (*Adalus Cloutai* de Caldas de Reis, Pontevedra; *Caesiae Cloutai f.* de Astorga, León; *Talaiius Cloutius Cloutai f.*, un *Limicus* documentado nunha epígrafe de El Repilado, Huelva)

Clutamus e derivados (*Vecius Clutami f.* de Lugo; *Cloutius Clutami*, un *Susarrus* documentado en Solin, Croacia; *Cludamus* de Acebedo, León; *Elaesus Clutami* de Astorga, León; *P(ublio) Clodameo Corocaudi f(ilio)* de Viana do Castelo; *Clutimoni Alluqui f(ilio)* de Valença, Viana do Castelo)

Coral(i)us (*Cambavius Corali f.* de Padrón, A Coruña; *Medamus Corali f.* do Rosal, Pontevedra; *Patricine Corali f(ilie)* de Sabrosa, Vila Real)

Cuntarus e derivados (*Valerius Cuntarioni* de Monfero, A Coruña, non *Cuntabioni* como interpreta Rodríguez Colmenero 2013: 75-78; *Mearus Con[t]ari* de Valpaços, Vila Real), mentres que por Castelo Branco e Cáceres temos *Cuntirus*.

Mebdius (*Mebdi Vagoni f.* de Vila Verde, Braga; *Lanasus Mebdi* de Vila do Conde, Porto; *Trites Mebdii* de Vila Real; *Camalus Mibdi f.* [lectura transmitida MIBOIS] de Valpaços, Vila Real; *Pissirus Mebdi f.* de Resende, Viseu, *Arco Melbi* do Castro de Avelãs, Bragança)

Nantius, -ia (*Nantius* de Castro de Rei, Lugo; *Nantie* de Lugo; *Aureliae Nantiae* de Sarria, Lugo)

Ve(i)c(i)us (*Veci[us]* de Lugo; *Vecius Clutami f.* de Lugo; *Veicius* de Carracedelo, León; ***Veicio-** posiblemente tamén no epíteto de *Bandue Veigebraeago* < ***Veigebraeago** de Rairiz de Veiga, Ourense, derivado dun topónimo ***Veiciobri-**)

Ademais destas particularidades no léxico onomástico temos outros fenómenos lingüísticos propios do noroeste. No ámbito estritamente fonético destaca a aspiración do **-s-** intervocálico só localizado por agora con seguridade nunha área que se estende dende o sur da capital luguesa en dirección a Ferrol a través das variantes *Cohue* (Monfero, A Coruña, e Friol, Lugo) e *Cuhue* (Paradela, Lugo) do teónimo que

noutros lugares aparece como *Cossue* e *Cusue*¹⁸¹. O grupo *-st-* en cambio é moi estable no noroeste, mentres que aparece con frecuencia asimilado en *-s(s)-* en variantes meridionais, sobre todo (ou se cadra exclusivamente?) ante *-i-*, por exemplo nos antropónimos *Pestere C. f(ilie)* de Vigo, Pontevedra, *Pistirae* de Bragança fronte a *Pissirus Mebdi f(ilius)* de Resende, Viseu ou *Pisira Turai f(ilia)* de Plasencia, Cáceres; *Crastena Vitalis* de Herguijuela, Cáceres vs. *Cileae Crassi f(iliae)* da Idanha, Castelo Branco; *Caesia Crusten[i] f(ilia)* vs. *L(ucius) Crusinus Pr[i]migenius* de Trujillo, Cáceres; na teonimia cf. tamén *Castaecis* de Braga vs. *Kassaeco* de Lisboa, pero esta forma non necesita explicarse a partir de *Cast-*, dado que na antroponimia temos unha base *Cas(s)-* moi productiva. Aos ámbitos fonético e morfolóxico pertence o feito de que a primitiva terminación **-ōi* de dativo singular dos temas en *-o-* tenda tamén a conservarse no noroeste, mentres que na área meridional se pecha en *-ūi* (teón. *Tongoe Nabiagoi* < **Tongōi Nabiācōi* de Braga vs. *Reve Marandigui* < **-icōi* de Vila Real); nos temas en *-u-* temos *-uē* < **-u-ei* (*Cossue*, *Bandue*) como terminación principal do noroeste, mentres que na zona meridional temos *-ei* pola parte occidental (*Cosei*, *Bandei*) e *-i* polo interior (*Bandi*); por outra parte, é típico (aínda que non exclusivo) da zona da actual provincia da Coruña a transformación dos nomes en *-brig-* en temas en *-bri-*, aínda que neste caso non saibamos se esta refección temática se iniciou e completou na propia lingua indíxena ou no proceso de latinización.

No ámbito extralingüístico é característico do noroeste a súa fragmentación en pequenas *civitates* que en parte reciben o seu nome a partir dun antropónimo e por tanto dun antepasado (real ou imaxinario) ou antigo líder deses grupos (por exemplo, os *Cilini* en mailos *Cabarci* a partir de *Cilius* e *Cabarus* respectivamente), e sobre todo a subfragmentación destas *civitates* en territorios menores que os romanos denominaron *castella* “aldeas, pequenas comarcas de montaña” coa súa típica representación gráfica mediante un “ce invertido” ∩¹⁸².

Poderíamos tamén tratar de caracterizar o territorio a través das ausencias omo másticas que nel se observan, pero o certo é que toda argumentación *ex negativo* ten

¹⁸¹ A grafía con *-ss-* dobre é moi infrecuente e só indica probablemente que se trata dun *-s-* xordo. O novo texto de Monfero, que Rodríguez Colmenero 2013 76 le como *V-aleri|us · Cu|n-tabio|ni f(ilius) · Coh|ve Probo|nono · l(ibens) v(otum) s(olvit)*, debe lerse como *V-aleri|us · Cu|n-tario|ni · Coh|u-e pro Lo|ng-ino · l(ibens) · v(otum) · s(olvit)*.

¹⁸² Por exemplo, nun altar de Ponteceso, A Coruña: *I(ovi) O(ptimo) M(aximo) ∩ Aviliobris pr(o) s(alute)* “o *castellum Aviliobris* (erixiu este altar) a Xúpiter Ótimo Máximo (en agradecemento) polo seu benestar”; nunha inscrición funeraria de Andiñuela, León: *Eburia Calueni f(ilia) Celtica Sup(ertamarca) ∩ Lubri an(norum) XXVI h(ic) s(ita) e(st)* “*Eburia*, filla de *Caluenus*, (oriúnda) do *castellum Lubris* da *civitas* dos *Celtici Supertamarci*, (falecida á idade) de 26 anos, está aquí enterrada”; ou nun altar de San Andrés de Montejos, León: *Iovi ∩ Quelediani* “os *castellani Quelediani* [é dicir, os habitantes do *castellum *Queledia* ou sim.] (erixiron este altar) para Xúpiter”.

unha validez moi relativa, especialmente se temos en conta que a nosa documentación é moi incompleta e en calquera momento podería aparecer calquera deses elementos dos que por agora se carece. Os hidrónimos adoitan aparecer por todo o norte e en todo caso faltar máis ben pola parte meridional do territorio *brig*, pero tamén hai casos (determinadas bases ou determinados derivados) que, atendendo aos datos de que dispoño, faltan ou penetran pouco no noroeste:

Carabante, Carabanza, Carabanzo e nomes relacionados

1. r. ***Carabante*** ou ***Carabán*** (afl. do Manubles → Jalón → Ebro) en *Carabantes*, Soria
2. top. ***Carabantes***, localidade soriana onde nace o río *Carabante*, do que é pluralización
3. top. ***Carabanza***, lugar non localizado, atribuído a Oviedo
4. r. *Barranco de Carabanzo* (afl do Llena + Aller → Caudal → Nalón) con top. e parr. *Carabanzo* de Llena, Asturias
5. ***Carabanchel*** en Madrid, dim. mozárabe
[Obs. A variante sen *-nt-* que temos en Soria debe ter xurdido por apócope. Tamén debe ter xurdido así a base do *Carabanchel* madrileño. En Galicia temos un *Carabán* en Boqueixón, A Coruña, pero neste caso debe tratarse de **Carabano*; tamén *Carabelos* (< **Carabanelos?*), afl. do Cabe, en Pantón, Lugo. Cf. tamén os top. *Carabaña* en Madrid, localidade famosa polas súas augas, e Piloña, Asturias; *Carabaño* en Cabranes, Asturias, e *Fuente Carabaño* en Camaleño, Cantabria].

Caravia

1. r. ***Caravia*** < a. 1078 *Carabia*, a. 921 *Karauiam* no concello de Caravia, Asturias
2. r. ***Caravia***, tramo superior do río de los Romedos en Caravia, Asturias
3. r. ***Carabias***, afl. do Cubillo → Arlanza → Pisuerga → Douro en Madrigal del Monte, Burgos
4. top. ***Carabias*** en Sigüenza, Guadalajara
5. top. ***Carabias*** en Pradales, Segovia
6. top. ***Carabias*** en Larrodrigo, Salamanca

Carranza, Carranzo

1. r. ***Carranza*** / ***Karrantza*** < ca. 900 *Carrantia*, afl. do Asón, entre Cantabria e Biscaia
2. parr. de Santulalia de ***Carranzo***, Llanes, Asturias
[Obs. En Galicia temos o río *Carrio*, afl. do Deza → Ulla, en Vila de Cruces, Pontevedra, que reaparece como nome dunha parroquia do concello de Llaviana, Asturias, e se debe asociar ao río *Carrión*, afl. do Pisuerga → Douro en Palencia]

Erecia e derivados

1. r. **Erecia**, subafl. do Saja, Cantabria
2. r. **Erizón** < a. 933 *rivulum Erizon*, Toubille, Láncara, Lugo
3. rego de **Orizón** < a. 1032 **Irizon**, Santa Comba de Orizón, Castro de Rei, Lugo

Lena

1. **Llena** < med. **Lena**, xúntase co Aller para formar o Caudal (→ Nalón) e flúe polos concellos de Llena e Mieres, Asturias
2. **Lea**, afl. do Miño co que se xunta en Beloi, Castro de Rei, Lugo
3. **Lena**, afl. do Lis en Leiria, Portugal, con conservación (mozárabe) do *-n-* intervocálico
[Obs. O río guipuscoano **Lea** < med. **Leia** debe ter unha orixe diferente]

Nervia e derivados

1. med. **Nervia**, afl. do Avia → Miño
2. río **Nervión** en Burgos e Biscaia (Νερούα en Ptol. 2,6,7)

Pisuerga e formas relacionadas

1. r. **Pisuerga** < a. 1192 *in ripa fluminis Pisorice*, afl. do Douro en Palencia e Valladolid
2. **La Pisuerga**, predio nos altos de Casares, Conforcos e Uxo no concello de Mieres, Asturias, onde nace un regato moi apreciado pola escaseza de manantiais a tanta altura
3. r. **Pisorgo**, afl. do Navia, Asturias

Purón e derivados

1. r. **Purón**, afl. do Ebro, ao que se une en Bárcina del Barco, Burgos
2. r. **Purón**, desauga no Cantábrico por Llanes, Asturias
3. r. **Puronia**, afl. do Eo, en Vegadeo, Asturias

Na toponimia as ausencias do noroeste adoitan ser ausencias de todo o occidente en xeral. Un posible exemplo de topónimo occidental que non se estende ata o norte podería ser **Salacia**, nome antigo de Alcácer do Sal, Setúbal, e dun lugar próximo a Braga mencionado no It. Ant. 422,3¹⁸³, pero só está documentado en dúas ocasións, o que é insuficiente para establecer ningunha área. Na teonimia pouco se pode

¹⁸³ A *Terra de Seaia* na costa coruñesa documentada nas fontes medievais como a. 1181 *Seaia*, a. 1177 *Seagia*, a. 1169 *terra de Selagia*, a. 1105 *ualle Selagie*, a. 1241 *terra de Salagia*, a. 864 *Salagia* debe ter outra orixe: < **Salaia*. Entre os núcleos de poboación moderna conserva este nome *Seaia* no concello de Malpica de Bergantiños, mentres que *Seavia* < a. 830 *scm. Mametem in Seauia* de Coristanco debe ser un nome diferente.

dicir, dado que fóra da faixa occidental a nosa documentación é (en comparación) escasa. Hai teónimos occidentais como a parella *Arantio* e *Arantiae* (var. *Arentio* e *Arentiae*) que non aparecen no noreste, pero tampouco o facía *Quanceio* ata que apareceu e se leu correctamente un testemuño na capela de San Sebastián, en Vilar, Santa María de Servoi, Castrelo do Val, Ourense. Na antroponimia en cambio é máis doado atopar nomes que efectivamente faltan ou escasean no noroeste, mentres que están ben representados no resto da área *brig*: por exemplo, *Ar(r)e(i)nus*, *Boutius*, *Caburus*, *Calaetus* ou *Tritius*. Tamén faltan algúns nomes que en realidade son máis ben occidentais, como *Tancinus* ou *Sunua*.

b. *Excursus*: Callaecia

Trala conquista e despois da organización administrativa do territorio conquistado os romanos acabaron por chamar *Callaeci* aos habitantes dos conventos bracarense e lucense, recibindo ambos ás veces unha designación común como *Callaecia* ou en plural *Callaeciae*.

Este nome tiña nun primeiro momento un /k-/ inicial, como mostran inconfundiblemente as grafías gregas¹⁸⁴. Así, por exemplo, o *Saturninus Augusti libertus* que documentamos en Lugo nun monumento dedicado entre outros deuses aos *Laribus Callaeciarum* (con C-!) “aos Lares das *Callaeciae*” reaparece nunha epígrafe en lingua grega de Pérgamo datada cara ao ano 200 dC. na que deixa constancia de que antes de chegar a estas terras asiáticas fora entre outras cousas ἐπίτροπον Ἀστυρίας καὶ Καλλιρκίας “procurador de *Astyria* e *Callectia*” (v. Arias - Le Roux - Tranoy 1979 47-48, Le Roux 1985 218-233). Nunha inscrición de Roma de cara ao ano 180 dC. temos en cambio a un *Marcus Bassaeus Rufus* que nos informa de que tamén el tivo o cargo de *proc(urator) Asturiae et Gallaeciae* (CIL VI 1599 = VI 31828 = ILS 1326), utilizando neste caso a variante gráfica con G-, co que podemos así mostrar a coexistencia das formas escritas *Callaecia* e *Gallaecia* a finais do século II dC. A substitución do /k-/ polo /g-/ debeuse sen dúbida a unha asociación pseudoetimolóxica cos galos, lat. *Galli*, na lingua administrativa. A finais da Idade Antiga e comezos da Idade Media o G- xa estaba definitivamente instalado. En árabe atopamos a súa transcrición como *Yalliqiyya* con adaptación do /g/ latino mediante *yīm* como en *Tagus* → *Tayuh*, o río Texo, ou *Turgalium* → *Turyaluh*, h. Trujillo, Cáceres.

¹⁸⁴ Nos textos epigráficos é frecuente o uso indiferenciado de C para /k/ e /g/, uso gráfico antigo do que quedou unha pegada na coñecida abreviación do antrop. *Gaius* mediante C. (por exemplo, *C. Iulius Caesar* = *Gaius Iulius Caesar*), de aí que sempre se poida poñer en dúbida se o C- dos testemuños epigráficos é realmente un /k-/. Nos textos literarios ocorre en cambio máis ben todo o contrario. Sempre é posible que unha forma antiga con C- se modernizase en G- ao longo da transmisión textual e que por tanto calquera testemuño con G- non sexa realmente antigo.

Na análise da historia deste nome xoga un papel importante o feito de que Plinio nat. 3,28 ou, se se prefire, o texto transmitido de Plinio inclúa uns calaicos na breve selección ilustrativa que fai das 24 *civitates* bracaraugustanas: *Simili modo Bracarum XXIII ciuitates CCLXXXV capitum, ex quibus praeter ipsos Bracaros Bibali, Coelerni, Callaeci, Equaesii, Limici, Querquerni citra fastidium nominentur*. Chama a atención que estes *Callaeci* non estean na orde e posición alfabética que lle correspondería, o que leva a que algúns autores propoñan interpretar *Coelerni Callaeci* como nome dunha *civitas*, cousa que en realidade me parece pouco plausible mentres non se teña coñecemento da existencia doutros *Coelerni* fóra de *Callaecia* ou das *Callaeciae*. De momento parece máis prudente pensar que só se trata dun trastocamento da orde introducida nalgún momento na transmisión do texto pliniano (ou polo propio autor) sen maior transcendencia. Creo ademais que Tranoy 1981: 65-66 (tamén Alarcão 1995-1996: 26, Silva 2010: 213-262) pode estar no certo en relacionar o nome desta *civitas* co topónimo *Cale*, pero esta idea obriga a asumir unhas importantes consecuencias lingüísticas. Os nomes *Callaeci* / *Callaecia* e *Cale* tiñan e conservaron os seus respectivos *-l-* dobre e simple perfectamente diferenciados ata a súa tardía transformación románica regular (*Callaecos* > *galegos*, cast. *gallegos*; *Portu Cale* → *Portucalense* > *portugalés* > *portugaés* > *portugués*). Pode pensarse que *Cale* sexa resultado dunha simplificación *-ll-* > *-l-* na variante local da lingua indíxena previa á súa latinización, pero nese caso sería moi estraño que a presunta simplificación só se manifestase no topónimo e non no seu derivado. Se nos atemos aos factos dos que por agora dispoñemos e nos deixamos de especulacións lingüísticas, debemos considerar que *Callaeci* / *Callaecia* e *Cale* son nomes diferentes e independentes. O xentilicio de *Cale* non pode ter sido *Callaecus*, senon en todo caso posiblemente **Caliaecus* (se, como parece, se debe partir dun tema **Cali-*), de xeito que no texto de Plinio, se cadra, non só se tería trocado a orde, senon introducido tamén por un erro máis ca previsible a substitución do máis modesto **Caliaecus* polo máis coñecido *Callaecus*.¹⁸⁵

En calquera caso non ten fundamento nin sentido pensar que *Callaeci* sexa unha xeralización a todo o noroeste do nome dos habitantes de *Cale*. O certo é que desde que saen por primeira vez á escea histórica no ano 139 aC., no contexto do saqueo ao que se dedica Q. Servilius Caepio por terras vetonas e calaicas tras renunciar a dar caza a Viriato, que se fora refuxiar na Carpetania (App. *Ibér.* 70), nada invita a pensar que os calaicos foran algunha vez os habitantes dun núcleo de poboación concreto, senon que polo contrario dende a súa primeira documentación ata actuali-

¹⁸⁵ A pretendida deusa ***Calaicia* de Santa Comba (Pedro de Sobreira, Paredes, Porto), segundo proposta de lectura de Tranoy 1977 30-32, 1981 271, e que conta con moitos seguidores, é unha simple restitución hipotética dun apartado teonímico do que só pode lerse *Cala[.jif.]* (Vasconcelos 1921-1922: 248-249 lía *Calandiae*). Tras facer unha autopsia do monumento parécese que a restitución ***Calaicia* é imposible e por tanto inaceptable.

dade ese nome sempre fai referencia aos habitantes dun máis ou menos amplo espazo xeográfico noroccidental que foi mudando de dimensións ao longo da historia. Descoñecemos o seu uso orixinal. En principio é tan posible que se trate da extensión a un territorio maior dun corónimo menor (imaxinemos por exemplo que os *Callaeci* fosen os habitantes dun territorio máis ou menos pequeno do norte do actual Portugal) como que se trate dunha redución (imaxinemos neste caso que os *Callaeci* fosen por exemplo os habitantes de todo o norte, incluídos ástures e cántabros), do mesmo xeito que por exemplo *Portugal* é unha extensión de *Portucale* e *España* unha redución de *Hispania*. A designación do territorio noroccidental como *Callaecia* (e por suposto tamén a súa pluralización *Callaeciae* en referencia aos dous conventos xurídicos) é en calquera caso moi probablemente latina, formada do mesmo xeito ca *Lusitano-* → *Lusitan-ia*, *Celtibero-* → *Celtiber-ia*, etc.

A base da que se deriva *Callaico-* debeu ser **callo-* ou **callā*, fose un nome propio (como **Paramo-* → **Param-aico-*, **Ocelo-* → **Ocel-aico-*, etc. ou en galego *Foz* → *foc-ego*, *Sarria* → *sarri-ego*, *Lóuzara* → *louzar-ego* [cf. top. *Louzaregos* de Viana do Bolo, Ourense], etc.), fose un nome común (como gal. *braña* → *brañ-ego*, *chaira* → *chair-ego*, *ribeira* → *ribeir-ego*). Este nome está documentado entre os célticos meridionais e pode ter existido tamén entre os celtiberos. Cando Plinio nat. 3,14 nos di que é obvio que os célticos do sur proceden dos celtiberos entre outras cousas polos nomes das súas cidades, que na Bética se distinguen pola adición dalgún tipo de complemento, pón de exemplo aos *Callenses* con sobrenome de *Aeneanici* a situar na zona de El Coronil, Sevilla, de onde se deduce que Plinio sabe da existencia doutros *Callenses* ou do topónimo subxacente (**Callo-* ou **Callā*) entre os celtiberos. Cf. os orónimos e top. *Calo* < **Callo-* da prov. da Coruña. Non hai motivos para dudar de que se trata da mesma base subxacente a *Callaeci*.

Sobre a súa etimoloxía lamentablemente só podemos especular. Estrabón distingue entre a zona montañosa que ocupa a longa faixa septentrional e as terras veciñas meridionais da Península Ibérica. En 3,3,2 di que os Καλλαικοί son “os que ocupan gran parte da zona montañosa” (τῆς ὄρεινῆς ἐπέχοντες πολλήν) e en 3,3,7 que eles e mailos seus veciños ata os Pirineos son “os montañeses” (οἱ ὄρειοι) “que viven no norte da Península Ibérica” (οἱ τὴν βόρειον πλευρὰν ἀφορίζοντες τῆς Ἰβηρίας), atribuíndolle “a todos eles unhas formas de vida moi semellantes” (ὁμοειδεῖς γὰρ ἀπάντων οἱ βίοι). Este xeito de percibir e dividir fisicamente os espazos xeográficos é o que se espera dun modo espontáneo e natural nun territorio coma o noso¹⁸⁶, de aí

¹⁸⁶ Nos territorios nos que unha parte montañosa se contrapón dun xeito moi marcado a outra máis baixa e/ou cha esa dicotomía adoita determinar a percepción (tanto propia como allea) do territorio e maila súa onomástica. Cf. *Highlands* vs. *Lowlands* de Escocia, *Tierras Altas* vs. *Tierras Bajas* de Bolivia, *Montana* [← esp. *montaña*] vs. *Wyoming* [← delaw. *M'cheóming* loc. “at the great plains”] dos Estados Unidos, etc.

que me pareza especialmente atractiva a posibilidade de interpretar o etn. **call-aico*- como “montañ-és” a partir dunha base **callo*- ou **callā*- < **calno*-, -*ā*- (< **k_l(H)*-n- + -*o*-, -*ā*-) que tería por tanto o significado de “monte, montaña” e estaría emparentado etimoloxicamente co gr. κολωνός, κολώνη “monte, outeiro” (**kol(H)*-*ōn* + -*o*-, -*ā*-), lit. *kálnas* e let. *kaļns* “monte” (**kol(H)*-n- + -*o*-), lat. *collis* (< **colni*- < **kol(H)*-n- + -*i*-) e mailo ing. *hill* < ing. ant. *hyll* (< xerm. **hulni*- < **k_l(H)*-n- + -*i*-) (v. Búa 1997: 69, Moralejo 2008 116), conxunto moi variopinto de formas que poderían proceder en última instancia dun mesmo tema en -n- (**kolH*-*ōn*, **kolH*-n-, **k_lH*-n-) da raíz ie. **kelH* “elevar(se)” (LIV² 349: cf. lat. *ex-cello*; posiblemente **kelh₃*)¹⁸⁷.

Francisco Adolfo Coelho 1889: 1-10 xa relacionaba o etn. *Callaecus* co irl. med. *caill* f. (xen. sg. *caille*) < **kallī*-/-*iā*- “bosque, fraga” (irl. *coill*, esc. *coille*, manx *keyll*), do que as linguas britónicas presentan un derivado en -i (Pedersen 1913: 18: antigo colectivo en -i): galés med. *celli* “souto”, córn. ant. *kelli* “nemus”¹⁸⁸, bret. med. *killi* “matogueira, mata” inaugurando así desde o meu punto de vista a liña máis plausible da súa interpretación¹⁸⁹, aínda que fose a través dunha ulterior interpretación etimolóxica de todas estas formas que non me parece a máis plausible¹⁹⁰.

Coelho seguía a Rhys 1882: 279-280 (v. Rivet - Smith 1979: 291-292), que ao tratar do topónimo británico *Calleva*, h. Silchester, Hampshire, poñía en relación ao irl. *caill* coa familia etimolóxica do alem. *Holz* (< germ. **hulta*-) e gr. κλάδος “rama, póla” < ie. **k_ldo*-, o que obriga a postular unha forma céltica primitiva **kaldī*- e por tanto unha forma radical protoindoeuropea **kald*-, hipótese que

¹⁸⁷ Os resultados tan variados que temos nas distintas linguas poderían ser froito de distintos procesos regularizadores, individuais e independentes uns dos outros, a partir dun paradigma orixinal que era especialmente irregular debido a que á variación apofónica que lle era propia se engadía a perda parcial da laringal por culpa do coñecido como efecto de Saussure (**kolH*-n- > **kol*-n-), xerándose así unha antiga alomorfía radical con e sen laringal que dialectalmente se acabou por nivelar en favor dunha ou doutra variante. Así por exemplo lit. *kálnas* ten acento agudo e presúpon por tanto unha protoforma **kolHno*- xurdida por xeralización da variante radical con laringal en lugar da forma regular esperable **kaļnas* < **kolno*- < **kolHno*- polo devandito efecto de Saussure (v. Schrijver 1991: 326, Nussbaum 1997: 195, Yamazaki 2009: 430-461, § 4.1.3, van Beek 2011: 129-175).

¹⁸⁸ Obsérvase que esta palabra non é nin pode ser a mesma ca a irlandesa, dado que **kallī* tería dado en galés **ceill*. En galés *a* aparece como *ei* ante *i* perdido: **natrī* > *neidr* “serpe”, **markoi* > **markī* > *meirch* “cabalos” (plur. de **markos* > *march* “cabalo”); como *e* ante *i*: *cawr* “xigante”, pl. *cewri*, tal como ocorre no caso de *celli*.

¹⁸⁹ Holder 1896 701 s.v. *Callaeci* e 1638 s.v. *Gallaeci* separaba en cambio o *Call*- céltico (reproducindo a análise de Rhys para o brit. *Calleva*) do noso étnico *G/Callaeco* que consideraba ibérico.

¹⁹⁰ Curiosamente García Alonso 2006 78 atribúese a autoría desta proposta, remitindo para a súa tese *La Geografía de Claudio Ptolomeo y la Península Ibérica* presentada en 1993 e publicada en microficha en 1995 s. v. *Caladunum*, cando en realidade xa levaba máis dun século circulando.

resulta problemática polo seu vocalismo¹⁹¹, pero que presenta ademais o obstáculo de que as palabras célticas non aparecen nunca co significado de “pau”, “póla”, “árbore” ou calquera cousa semellante que permita unha identificación etimolóxica clara co gr. κλάδος e demais¹⁹².

Na miña opinión, do mesmo xeito que no ámbito románico *monte* significa tanto “elevación do terreo” como secundariamente tamén “bosque”¹⁹³, creo que a mellor opción etimolóxica é partir aquí dunha forma primitiva **kalnī-/īā-* co significado orixinal de “monte”, o que permitiría asociar sen problemas ao grupo etimolóxico visto anteriormente, cun vocalismo radical e unha evolución tanto fonética como semántica perfectamente regular e admisible¹⁹⁴.

c. *Excursus: subáreas onomásticas dentro de Callaecia*

O territorio noroccidental foi dividido en época romana en numerosas *civitates* que polo menos en parte teñen unha base étnica prerromana, como é o caso dos *Celtici Praestamarci* e *Celtici Supertamarci* que se conformaron a partir daqueles *Celtici* que vivían na cunca do Tambre. Debe terse en conta sen embargo que os espazos e límites concretos dos territorios destas *civitates* poden ter sido establecidos polos romanos dun xeito parcialmente arbitrario ou polo menos non necesariamente baixo o único criterio da territorialidade das etnias prerromanas. É posible por tanto que no seo dunha *civitas* coma a dos *Praestamarci* e *Supertamarci* se inclúan *castella* que en época prerromana non fosen parte dos *Celtici* e, viceversa, que algunha comarca habitada polos célticos apareza en época romana incorporada a unha *civitas* na que maioritariamente non eran tal.

¹⁹¹ Non se gaña moito en credibilidade recorrendo a malabarismos etimolóxicos, como se nos propón por exemplo no Kluge s.v. *Holz*, onde se postula un estraño étimo **kļǣdī* para irl. *caill* e galés *celli*, que ademais se presentan coma se fosen cognatos, cando a palabra britónica só pode ser un derivado en *-i* da que temos en gaélico, como vimos anteriormente.

¹⁹² Non cabe dúbida de que o galés *celli*, se, como se cre, é un colectivo en *-i*, se podería explicar perfectamente a partir de “arboleda”, colectivo de “árbore”, pero nin no irlandés nin en calquera outra lingua céltica se documenta nunca ese significado.

Nunha das hipóteses etimolóxicas célticas de Koch para a forma tartésica **k^aalt^e** considérase que se pode tratar de **kaldei* “na arboleda” (Koch 2013: 550), pero nada garantiza que ese teña que ser o seu significado.

¹⁹³ Así decimos por exemplo que as veigas que xa non se traballan *van a monte*.

¹⁹⁴ Temos unha hipótese diferente, pero formalmente insatisfactoria e co mesmo problema semántico en Zair 2012 182-183, quen parte de **kelnī-* < **kelh₂ni₂-* (da raíz do lit. *kálti* “golpear”, LEIA C-13, LIV 350), véndose na obriga de admitir unha máis ca discutible evolución fonética celt. **kelnī-* > irl. *caill* (esperaríase **kelnī-* > **cill*) ou, como alternativa, aceptar a hipótese atribuída a Dilts de que se trate dun derivado dun presente nasal **kļnh₂-* da mesma raíz, o que ten a vantaxe de limar os problemas fonéticos, pero a desvantaxe de que hai que postular o presente nasal *ad hoc*, dado que ningunha lingua o documenta.

Pero se é perigoso extrapolar fronteiras administrativas romanas á época prerromana, máis o é aínda asocialas a unha determinada lingua ou variedade de lingua. Non podemos partir do prexuízo de que tódolos *castella* dunha determinada *civitas* falen necesariamente o mesmo dialecto nin que dúas *civitates* veciñas como, por exemplo, os *Celtici Praestamarci* e *Celtici Supertamarci* falen necesariamente variedades máis semellantes entre si ca con respecto a calquera outros veciños, por moito que as súas *civitates* se denominen célticas e os outros non. Sobran exemplos actuais para ver e ilustrar este problema con claridade. O concello de Caldas de Reis por exemplo ten parte do seu territorio con seseo implosivo, parte con seseo total, diferenciándose así uns veciños dos outros dun xeito moi marcado na súa fala, por exemplo os da vila fronte aos da parroquia inmediata de Carracedo (ou, como din eles, Carrasedo), e coincidindo en cambio os primeiros coa fala de lugares máis distantes do interior (p. ex. Moraña) e os outros con lugares máis distantes da costa (p. ex. Vilagarcía ou, mellor dito, Vilagharsía). Os territorios lingüísticos e as súas divisións internas deben establecerse por tanto baixo criterios puramente lingüísticos, podendo haber ou non unha coincidencia cos límites dos territorios administrativos romanos e/ou das etnias que os precederon.

A pesar de que non se dispón de toda a información existente, especialmente da toponimia medieval e moderna que aquí resulta fundamental, o certo é que algúns topónimos noroccidentais coinciden en mostrar unha dispersión moi peculiar que nos permite dar uns primeiros pasos aínda moi inseguros no coñecemento da división lingüística prelatina deste territorio. Así podemos observar por exemplo que algúns nomes só aparecen ou se concentran na actual provincia da Coruña, estendéndose en todo caso polas zonas costeiras veciñas superiores ou inferiores, que é precisamente o territorio que os autores antigos atribúen aos célticos:

Brianca (< *Briganca ?)

1. **Breanca** < a. 1114 *Briancha*, a. 1147 *Brianca*, Santa María de Doroña, Vilarmaior, A Coruña.
2. **Breanca** de Carantoña, San Xulián de Carantoña, Miño, A Coruña.

Caliobri-

1. **Callobre**, zona alta da cidade vella de Santiago de Compostela, A Coruña. As rúas das Orfas, Calderería e Preguntoiro eran antes rúa de Callobre
2. **Callobre**, San Xoán de Callobre, Miño, A Coruña
3. **Callobre**, San Xulián de Céltigos, Ortigueira, A Coruña
4. **Callobre** Vello, San Xoán de Espasante, Ortigueira, A Coruña
5. **Callobre**, Santa María de Cuiña, Oza dos Ríos, A Coruña

Calo < *Callo-

1. **Calo**, San Xoán de **Calo**, Vimianzo, A Coruña

2. **Calo**, San Cibrán de Vilastose, Muxía, A Coruña, ao pé do monte que separa *Calo* (Muxía) do Campo de Berdeogas (Dumbría), no seo do que se atopa o predio *Prado de Calo*.
3. monte **Calo** < a. 1247 in *t<er>ra Carnota in villa que uocitant Malou sub-tus monte Calu*, Santa Comba de Carnota, Carnota, A Coruña, co Castro de Mallou (121 m)
4. *O Vilar de Calo*, *San Xoán de Calo*, Teo, A Coruña, ao pé do monte do Castro Mouro (290 m)
5. **Calo**, San Lourenzo de Agrón, Ames, A Coruña, ao pé do monte que separa as parroquias de Agrón e Trasmonte (cumio das Laxes 580 m)
6. **Calo** < a. 1231 *Callo que villa est in filigresia Sancte Marie de Neuar*, Santa María de Nebra, Porto do Son, A Coruña, con cumio das *Penas de Calo* (594 m)

[Obs. Este nome aplícase a montes ou lugares habitados inmediatos a un monte de moi notable desnivel ou elevación na paisaxe circundante. Pode ser a base da que se deriva o etn. *Callaeci*, posiblemente “montañeses”. En Asturias temos os montes *Cayu* e *Cayón*, parr. L’Infestu, Piloña, e mailo top. *El Cayu*, parr. Rales, Villaviciosa, aos que eventualmente habería que engadir *Cao* (Nembra, Ayer), *El Cau* (un en Llangréu, outro na parr. Ruenes, El Valle Altu Peñamellera) e *Valle Caón* (Sobrescobiu), no caso de que aquí se perdera o -y- intervocálico. Pero estes nomes asturianos non teñen como único posible étimo o noso **Callo-*.]

**Carantio*-/-a, **Carantonio*-/-a

1. **Caranza** < a. 1132 *Carancia*, Ferrol, A Coruña
2. a. 1132 **Caranciola**, Ferrol, A Coruña, nome alternativo ao anterior
3. **Canzobre** < a. 1390 *Caançoure*, a. 1399 **Caranzobre**, Santo Estevo de Morás, Arteixo, A Coruña
4. **Carantium** no Rav. 307,15 a situar ao sur de Limia pola faixa costeira.
5. **Carantoña**, San Martiño de Carantoña, Vimianzo, A Coruña (con hidrónimo)
6. **Carantoña**, Santa María de Nebra, Porto do Son, A Coruña
7. **Carantoña** < a. 1157 **Carantonio**, San Pedro de Tállara, Lousame, A Coruña
8. Breanca de **Carantoña**, O Chao de **Carantoña** < a. 1153 **Carantonía**, San Xulián de Carantoña, Miño, A Coruña.

Cariño

1. **Cariño**, San Martolomeu de Cariño, Cariño, A Coruña
2. **Cariño**, San Román de Doniños, Ferrol, A Coruña
3. **Cariño** < a. 1156 *villa Carinio*, Santa María de Castro, Boiro, A Coruña

-condo (ou **-icondo?**) ou **-ondo**

1. **Atricondo** (con var. *Trigundo*, *Trigondo*, *Erigondo*) no It. Ant. 424,4 a situar pola provincia da Coruña
2. parr. de *Santaia de Abegondo* < med. *Auegondo*, *Auigondo*, *Abegondo*, A Coruña
3. parr. *San Tirso de Mabegondo* < a. 868 *Mauegondo*, *Abegondo*, A Coruña
4. parr. *Santa María de Cullergondo* < med. *Coliargondo*, *Colliargundo*, *Abegondo*, A Coruña.
5. parr. *San Cosme de Beigondo* < a. 897 *villa de Veigundo*, 998 *villa Veicondo* no concello de Santiso, A Coruña.

[Obs. Estes topónimos presentan o grave problema de seren asociables á onomástica prelatina, o que é seguro no caso de *Atricondo* (Moralejo 2009b: 197-198 lembra a existencia de celta **kondo*- “bulto, cabeza”: irl. ant. *conn*, galo antrop. *Sencondus*), pero por suposto tamén á xermánica. O que os diferencia doutros nomes xermánicos semellantes é que son formas únicas, que non presentan terminación de xenitivo e que teñen unha limitación espacial moi concreta. É posible por outra parte que se teñan influido (asimilado) mutuamente e oculten así unha primitiva realidade máis diverxente. Para o concello de *Bergondo* < a. 1218 *Bergondo*, 1138 *Burgundio*, a. 897 *Uergundio* e *Bergondo* en Noia, A Coruña, partir dun primitivo *-condo* prelatino non parece mellor opción ca a súa interpretación como nome latino *Verecund(i)us* e/ou xermánico con primeiro elemento *Ber-* ou *Berg-/Burg-*. Cf. tamén *Berguñu* < med. *Bergundio* de Cangas del Narcea, Asturias.]

Lubre

1. **Lubre** < a. 830 **Lubre**, San Xosé de Ares, Ares, A Coruña
2. San Xoán de **Lubre** < a. 1178 *Luvre*, a. 1086 **Lubre**, Bergondo, A Coruña
3. \oslash **Lubri** dos célticos supertamarcos nunha epígrafe de Santa Colomba de Somoza, León

Tarago-, Trago-

1. parr. San Salvador de **Taragoña** < a. 1457 **Taragoño**, a. 1139 **Taragonio**, Rianxo, A Coruña
2. **Tragove** < **Tragobre*, San Amedio de Corvillón, Cambados, Pontevedra
[Obs. Estes dous nomes na costa norte e sur da ría de Arousa son relacionables se se admite unha síncope ou epéntese vocálica]

Visantoña

1. **Visantoña** < a. 747 **Besantonía**, San Xoán de Visantoña, Santiso, A Coruña
2. San Martiño de **Visantoña**, Mesía, A Coruña

Tamén na hidronimia se atopan algúns nomes propios da costa occidental galega. Por exemplo:

Ulla e derivados

1. r. **Ulloa**, afl. do Carboeiro (→ Tambre) no concello de Oroso, A Coruña
2. r. **Ulla**, nace en Antas de Ulla (comarca da Ulloa, Lugo), separa as prov. da Coruña e Pontevedra e desauga na ría de Arousa
3. med. r. **Ulliola**, h. r. Pambre, afl. do Ulla; comarca da Ulloa
4. r. **Ulló** < **Ulloa*, desauga na ría de Vigo pola parroquia de Santa María de Ponte Sampaio, Pontevedra.

Xora

1. r. **Xora** < a. 1316 **Iora**, afl. do Mandeo, con top. na parr. de Santa María de Ois, Coirós, A Coruña
2. r. **Xora**, afl. do Torrente (→ de Baio → Grande), con top. na parr. de San Miguel de Treos, Vimianzo, A Coruña

É problemático engadir datos antroponímicos, teonímicos e toponímicos antigos debido a que o *corpus* epigráfico de época romana da actual provincia da Coruña é extremadamente pobre. Hai nomes que só aparecen aquí, pero están illados ou son tan infrecuentes que non permiten establecer ningún espazo xeográfico. Así por exemplo en *Apana Ambolli f(ilia) Celtica Supertam(arca) [D] Miobri* de Crecente, San Pedro de Mera, Lugo, temos un antropónimo *Amboll(i)us* que só sae á luz neste texto e un topónimo *Miobri* abl. que só reaparece como base do epíteto de *Soe Meobri* (dat.) nun altar galego de procedencia descoñecida e que posiblemente corresponde ao mesmo lugar, aínda que *Meobri-* non estaría tan illado no caso de proceder de **Medo-/Medubri-* con perda do *-d-* intervocálico, o que é tan posible como incerto. O teónimo *Soe* (dat.) está en cambio de momento completamente só.

En calquera caso a reiteración dalgúns topónimos, a altísima frecuencia de topónimos en *-bre*, que tamén se pode tomar como un elemento característico, e en menor medida tamén algúns hidrónimos, con toda a precaución que a escaseza de datos aquí reunidos impón necesariamente, ao que se pode sumar a ausencia de determinados nomes presentes noutras áreas do noroeste, levan a pensar que pode haber unha área onomástica circunscrible aos célticos noroccidentais ou, se cadra mellor, unha faixa costeira que ten o territorio dos célticos como zona nuclear.

Outra faixa esténdese verticalmente aos dous lados da actual fronteira oriental galega, onde tamén aparecen nomes propios e característicos da zona, como por exemplo os seguintes: *Cervantes* de Lugo reaparece en Robleda-Cervantes, Zamora; *Alesga*, lugar e parroquia de Teberga, Asturias, é inseparable do nome do concello de *Esgos*, Ourense, na cunca do río *Esgos* < a. 1007 *rivulo Alesgos*, afl. do Loña → Miño; o río *Bibei* < a. 1088 *Vivey*, afl. do Sil → Miño en Zamora e Galicia, aparece

tamén como antigo nome do actual Cabreira, afl. do Sil → Miño en León, a. 1082 *Vivey*, a. 1093 *Yvei*; o hidrónimo *Luna* que reaparece por Lugo, Asturias e León: *Lúa* < med. *Luna*, afl. do Eo co que se xunta en Santa Comba, Ribeira de Piquín, Lugo; *Luna* < a. 993 *Luna*, que se xunta co Omaña para formar o Órbigo → Esla → Douro en León, e mailo derivado *Luíña*, afl. do Ibias → Navia en Cangas del Narcea, Asturias; ou o *Tuíza* que temos en Llena, Asturias, onde se xunta co Foz para formar o Güerna → Llena + Aller → Caudal → Nalón, e en Lubián, Zamora, afl. do Tuela → Tua → Douro. Estamos neste caso ante unha faixa de transición cara á zona de Cantabria e Castela, pero que tamén ten unha forte personalidade propia.

Algúns deses nomes orientais son máis septentrionais, outros máis meridionais. Os ríos *Suarna*, afl. do Navia, e *Suarón*, que desauga na ría do Eo por Vegadeo, Asturias, flúen polo límite entre a prov. de Lugo e Asturias. O top. *Cabarcos* aparece en Barreiros, Lugo, e Sobrado, León, habendo que asociara a calquera deles a. 569 *Cavarcos* do Parr. Suev. e maila antiga *civitas* dos *Cabarci* (cf. *Flaus Auledi f(i)lius Cabarcus* o *Beriso* de Salas, Asturias). O etn. *Gigurri* (Plin. nat. 3,28), que se conserva moi transformado no nome da comarca de *Valdeorras* (a partir de *Valdeorres* < **Val de Eorres*, a. 1092 *territorio de Valle de Iurres* < *Georres*, *Giorres* en moedas visigodas < **Gigurris* abl.), Ourense, presenta un segmento inicial *Gig-* que é moi pouco común e reaparece como base do topónimo antigo Γίγνα de Ptol 2,6,28 entre os ástures do interior, lonxe da costa (que algúns queren identificar con *Cea*, pola que pasa o río *Cea*, afl. do Esla → Douro, < a. 974 *Cegia* en León, pero este nome ten C-) e mailo moderno *Xixón* (a. 857 *Gigione*, a. 905 *civitatem Gegionem*, a. 1174 *Giion*, a. 1270 *Puebla de Gigion*) na costa asturiana¹⁹⁵. O hidrónimo *Búbal* tamén é un nome moi particular que só atopo, en cambio, no norte e sur da prov. de Ourense: o *Búbal* < a. 572 *flumen Bubale*, a. 747 *in valle Bubalis* (pero a. 569 *flumenem Bubari*), afl. do Miño, deulle nome ao a. 944 *territorio Bubalo* que comprendía as terras de Carballedo, Temes, Vilamarín e A Peroxa (cf. parr. San Salvador de *Búbal*, Carballedo, e a. 1247 *ecclesia S. Genesii de Bubalo*, h. San Xes da Peroxa, A Peroxa), con afl. *Bubaiño* en Carballedo; o *Búbal* ou *Buble*, afluente do Támeiga → Douro, flúe por Cualedro, Monterrei e Verín. Tamén é meridional o orónimo *Larouco* que aparece na fronteira galego-portuguesa entre Baltar e Montalegre (con teón. *Reve Larauco*) e mais no concello nororiental da provincia (cf. tamén top. *Larouce* na parr. Santa Ouxea de Lobás, O Carballiño, Ourense).

A abundante documentación de **Senabrig(a)* esténdese en cambio por unha ampla área de transición cara ás terras meridionais dende todo o sur de Galicia ata

¹⁹⁵ Outros topónimos ou petrónimos asturianos, como por exemplo *Xeixón* e *Xixón* en Valdés, son ou poden ser en cambio formacións equivalentes ao gal. *Seixón*, derivados por tanto de *saxum* “seixo”.

Zamora ata o distrito de Viseu, onde temos o medieval *territorio Senabria*, nome da parte occidental do actual concello de Cinfães; practicamente o mesmo espazo é o que ocupa o teónimo *Croucia* que se documenta dende Xinzo de Limia, Ourense, e Barcelos, Braga, ata o distrito de Viseu.

Outros nomes aparecen pola Galicia central. Por exemplo, *Pambre* de Ramirás, Ourense, e *Pambre* < a. 1009 *Palambre* de Palas de Rei, Lugo; *Ludro* < a. 1086 *Lutrio* de Rairiz de Veiga, Ourense (con hidrónimo: a. 962 *in ripa Lutrii*) e *Ludrio* < a. 1120 *Ludrio* de Castro de Rei, Lugo; ou río *Támega* < a. 931 *riuulo Tamega*, afl. do Douro, con top. *Tamagos* < a. 985 *Tamaganos* (Verín, Ourense) e mais *Támoga* < a. 934 *Tamega* de Cospeito, Lugo.

Pero todo isto non son máis ca uns poucos indicios aproximativos. Hai que reunir tódolos datos e só cando dispoñamos da maior cantidade posible deles poderemos ir comprobando se estas e outras apariencias, que nos poden e deben servir de orientación inicial, se van confirmando e concretando ou non. Lamentablemente (ou afortunadamente, segundo se mire) aínda está todo por facer.

14.3 Especial relación do noroeste co sur e co leste

Do mesmo xeito que o galego ten unha relación máis estreita coas variedades románicas veciñas inmediatas (portuguesa e asturiano-leonesa) ca co castelán e de entre estas especialmente co portugués, tamén a onomástica prelatina do noroeste presenta máis elementos comúns coa zonas inmediatas, especialmente co territorio veciño meridional, ca coas máis alonxadas, como a Celtiberia.

a. Nomes occidentais

Vexamos primeiro algúns nomes que se estenden por toda a faixa occidental:

a. Toponimia:

**Colubri(g)*-

1. med. *Castrum Colubri quod nunc a Caldeis Alhanze nominatur*, interpretado como “castro da serpe” por etimoloxía popular, foi arabizado como *ḥiṣn al-Ḥanaš* “castro da serpe”, de onde o seu nome actual Alange, Badajoz
2. *Coebre* < a. 935 *Colobre*, Santo Estevo de Loureda, Cesuras, A Coruña
3. *Cobres* < a. 1435 *Coobres*, 1431 *Coobre*, Vilaboa, Pontevedra

Corticata, **Corticatia*

1. *Cortegada*, parr. de Santa María de Ameixenda, Ames, A Coruña
2. *Cortegada*, parr. de San Mamede de Loño, Vila de Cruces, Pontevedra

3. *Santa María de Cortegada* < a. 1123 *villa que dicent Cortegata*, parr. de Silleda, Pontevedra, con topónimo *Cortegadela*
4. *Cortegada*, Santo André de Souto, A Estrada, Pontevedra
5. *Cortegada*, parr. de San Martiño de Verducido, A Lama, Pontevedra
6. *Cortegada* < Plin. nat. 4,111 *Corticata*, illa na ría de Arousa, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra
7. *Cortegada*, lugar, parr. e concello da prov. de Ourense
8. *Cortegada*, lugar e parr. de Sarreaus, Ourense
9. *Cortegada*, parr. Santo Estevo de Trasestrada, Riós, Ourense
10. *Cortegada*, freg. Parada do Monte, Melgaço, distr. Viana do Castelo
11. a. 922 *villa de Corthegada*, h. São Miguel, freg. Olival, Vila Nova de Gaia, distr. Porto
12. *Cortegada*, freg. Salzedas, Tarouca, distr. Viseu
13. *Cortegada*, freg. Alvarenga, Arouca, distr. Aveiro
14. *Cortegada*, freg. Baraçal, Celorico da Beira, distr. Guarda
15. **Κορτίκατα** de Ptol. 2,4,12 a situar na Beturia Celtica
 [Obs. Listaxe incompleta. O testemuño ptolemaico mostra que se trata dun nome prelatino. Máis complicado resulta defender a prelatinidade de *Cortegaza* (San Xurxo do Cadramón, Valadouro, Lugo), *Cortegazas* (lugar e parr. de Avión, Ourense), *Cortegaça* (Ovar, Aveiro), *Cortegaça* (Mortágua, Viseu), etc. Podería tratarse dun nome prelatino en *-catia* (cf. *Intercatia* entre os ástures trasmontanos CIL XIII 8098 e entre os vacceos CIL II 4233, 6093; **Loucocatia* en *dom(o) Lucocadiacus* CIL III 4227; na antroponimia ademais *Treucatius*, non sempre ben lido nin interpretado [*Treu[c]at(ius) Allucquai* e [*T]reucatius Turo[l]i fi(lius)* de São Pedro do Sul, Viseu; *Reburro Treucati f(ilio)* da Idanha, Castelo Branco]), pero tamén pode ser unha formación románica en *-azo -a* abundancial “sobreiral”, como *Xinistaza* (Tinéu, Asturias) *Genestacio de la Vega* (Quintana del Marco, León), *Gestaçô* (dim., Baião, Porto) “xesteira” ou que fai referencia ao material de construción “de cortiza”, como *Tabuaço* “de táboas” (Viseu), *Losacio* “de lousa” (Aliste, Salamanca), *Fuente Pedraza* “de pedra” (Salamanca), etc., debendo tomarse a opción románica como prioritaria. Un segmento *Cata-* inicial aparece en *Cadabarcos* < **Catavar(i)cos* (con síncope previa á sonorización como en *Cabarcos* e *Posmarcos*). lugar da parr. Santa María de Bares, Mañón, A Coruña, e nos hidrónimos *Cátavo-* (r. *Cádavo* en Perlío, Fene; r. *Cávado* < a. 1071 *Cadavo*, 959 *Katavo*, Portugal, etc.). Tamén temos unha posible forma *Cadabrii* nun texto epigráfico de segmentación e interpretación difícil de Riosa, Asturias. O primeiro elemento de *Cortegada* reaparece en *Cortobe* < **Cortobre* de Arzúa, A Coruña]

***Meidubriga**, var. ***Medubriga**, **Medobriga**

1. **Meidubrigenses** en CIL II 760, *Medubrigenses qui Plumbari* en Plin. nat. 4,118 in *Lusitania Medobrigam oppidum* no Bell. Alex. 48,2.
2. **Meobra** (en asturiano *Miobra*) < a. 1164 *Meobra*, a. 1045 *uilla Medobra*, Asturias.

[Obs. A semellanza co *castellum Miobri-* dos *Celtici Supertamarci*, con variante *Meobri-* na base do epíteto de *Soe Meobrigo* é moi notable, pero habería que admitir unha perda moi antiga do *-d-* intervocálico, para o que faltan paralelos claros. Non sería desacorde coas esporádicas perdas de *-b-* (antrop. *Eorini* < **Eborini* de Oia, Pontevedra) e *-g-* (teón. *Moetio* < **Mogetio* ? de Amoeiro, Ourense)]

***-mbri(g)-**, ***-mbriga**

1. ***Cala-mrig(a)-**: < a. 1006 *castellum de Calambre* (Serantes, Tapia, Asturias); *Cambre* < a. 971 *Calambre*, *Calambria* (A Coruña); *Castelo de Cambra* (h. Crasto, Vale de Cambra, Aveiro) < s. XI *Calambria*. Diminutivo a. 1395-1396 *Caambrelo*, h. *Cambrele*, San Martiño de Razo, Carballo, A Coruña.
2. ***Pala-mrig(a)-**: a. 1009 *Palambre*, a. 1185 *Paambra*, a. 1215 *Paambre*, h. *Pambre* en Palas de Rei, Lugo; *Pambre* en Ramirás, Ourense.
3. ***Oli-mrig(a)-**: a. 953 *Olimbria*, h. *Oímbra*, Ourense
4. ***Coni-mrig(a)-**, ***Conu-mrig(a)-**: *Conimbriga*, h. Condeixa-a-Velha (mun. Condeixa-a-Nova, Coimbra), con ampla documentación antiga, medieval e moderna; **Conumbriga* > a. 1273 *Columbria* (documentado no contexto dunha disputa entre Numão e Santa Cruz da Vilariça pola Veiga de Santa Maria), con teón. *Dis Deabusq(ue) Coniumbric(ensibus)* de Vila Nova de Foz Côa, Guarda, onde o dígrafo *-iu-* é un recurso gráfico para representar a neutralización latina de *-i-/u-* ante labial (cf. *Turibri-* / *Turubri-* / *Turiubri-* entre as variantes dos distintos nomes relacionados co teónimo que a literatura científica adoita denominar *Ataecina* de Cáceres). A forma primitiva puido ser **Cono-mrig(a)-* con peche *-o-* > *-u-* ante labial na lingua indíxena e posterior latinización do así resultante **Conu-mrig(a)-* mediante *Coni-/Conu-*. Cf. galego *con* “pena, roca”, se é palabra de substrato.
5. ***Malu-mrig(a)-**: base do epíteto do teónimo *Bandi Malumrico* (ás veces lido como ***Malunaico*, considerando que o *-r-* é en realidade un *-a-* mal feito, a pesar de non ser necesario forzar a súa lectura) dun lugar descoñecido da provincia de Badajoz. Este teónimo en lingua indíxena, salvo na terminación flexiva en *-o* do epíteto, mostra que na lingua indíxena o grupo *-mr-* se conservaba inalterado e que por tanto o *-b-* epentético é froito da súa latinización (**Bandi Malumricui* dat. aparecerá nunha variante plenamente latinizada moi probablemente como **Malumbrico*)

6. ***Saisi-mrig(a)-**: med. *Sesimbria*, *Sisimbria* > *Sesimbra* no distr. Setúbal, Portugal. A restitución do segmento inicial como **Saisi-* é inseguro, cf. teon. *Bandi Saisabro* de Avis, Portalegre.
[Obs. Véxanse outros posibles nomes en Moralejo 2008: 171-184]

***miro-/-a, *mirio-**

1. a. 905 **Entromerio** > *Antromero*, Bocines, Gozón, Asturias
2. **Κλαυδιομέριον** en Ptol. 2,6,21 dos ártabros na zona costeira coruñesa. O nome pode ter sufrido unha alteración pseudoetimolóxica por asociación co lat. *Claudius*. Pode ter sido en realidade **Cloutio-* ou tratarse dun derivado do mesmo nome que temos a continuación
3. **Γλανδόμιρον** en Ptol. 2,6,22, **Glandimiro** no It. Ant. 424,3 no norte de Gallaecia
4. a. 569 **Rodomiro** no Parr. Suev. da sede de Viseu¹⁹⁶
5. ***[.]reumiro/a-**, base do epíteto de *Revve [.]reumira[i]go*, Vilardevós, Ourense, posiblemente **[T]reu-*. Cf. antrop. *Treucat(i)us* nos distr. de Viseu e Castelo Branco
6. teón. **Ocrimirae** (dat.), São Salvador de Aramenha, Marvão, Portalegre. Pode tratarse dun nome de lugar divinizado
7. a. 569 **Merobrio** no Parr. Suev. da sede bracarense
8. **Mirobriga**, h. Ciudad Rodrigo, Salamanca (CIL II 857, 858 *Mirobrig(am)*)
9. **Mirobrigenses qui Celtici** (Plin. nat. 4,118), h. Santiago do Cacém, Setúbal [Obs. Non está claro se *Merobrica* de Plin. nat. 4,116 e/ou *Μερίβριγα* de Ptol. 2,5,5 corresponden a unha cidade diferente á anterior. Estes nomes adoitan ser agrupados indiferenciadamente cos hidrónimos *Mira*, *Mera*, etc., pero polo menos como segundo membro de composto está claro que a súa orixe debe ser diferente. A súa semellanza cos antropónimos xermánicos en *-mirus* e *-merus* frecuentísimos na nosa toponimia complica a posibilidade de identificar os nomes antigos]

***pala-** e derivados

1. ***Pala-mrig(a)-** > a. 1009 *Palambre*, a. 1185 *Paambra*, a. 1215 *Paambre*, h. *Pambre* en Palas de Rei, Lugo; *Pambre* en Ramirás, Ourense¹⁹⁷

¹⁹⁶ Nesta data tan recuada é inverosímil que se poida tratar dun topónimo tipo ***vila de Rodomiro* con *nomen possessoris* xermánico e elisión do substantivo determinado. Para o primeiro elemento cf. galo *Rotomagus*, h. Rouen.

¹⁹⁷ Riesco Chueca 2011: 163-164 asocia os topónimos galegos *Pambre* ás palabras *palambrio* e *palambreira* “roca(s) ou lousa en forma de saínte ou teito debaixo do que é posible protexerse” de Sayago, Zamora, ás que hai que engadir o top. *Palambrias* de Picuote, Miranda do Douro. Pero, a pesar da súa similitude, estas formas sayaguesas e mirandesa deben estar relacionadas máis ben

2. a. 1177 **Sespalona**, a. 1140 *Sespaone*, a. 1165 *Sispooa*, a. 1220 *Sespooa*, h. *Cespón* de Boiro, A Coruña
3. **Trebopala**, nome que no texto lusitano do Cabeço das Fráguas, Sabugal, Guarda, está en posición de teónimo, pero carece dunha terminación clara de dativo
[Obs. Unha formación moi similar a *Trebo-pala* é **Touto-palant-*, a partir do que se formou o derivado **Toutopalant-aico-*, que temos como segundo epíteto do teón. *Munidie Berobrigae Toudopalandaigae* de Talaván, Cáceres. No léxico románico noroccidental temos as palabras de orixe prelatina *lapa* e mais gal.-port. *pala* / ast.-leon. *palla* que designan distintos tipos e formas de pedras, pero as dúas son diferentes deste **pala-* con *-l-* simple.]

Sais(i)-

1. a. 1177 **Sespalona**, a. 1140 *Sespaone*, a. 1165 *Sispooa*, a. 1220 *Sespooa*, h. *Cespón* de Boiro, A Coruña
- 2a. **Suspiazo**, Santa María de Paredes, Montederramo, Ourense
- 2b. a. 572 (?) **Sispiatio** (Liber Fidei doc. 15), a. 1154 *montem qui dicitur Sispacium*, a. 1734 *Sospacio*, h. monte Suspiazo, comarca de Sanabria, Zamora
3. ***Saisi-mrīga** > med. *Sesimbria*, *Sisimbria* > *Sesimbra* no distr. Setúbal, Portugal. A forma orixinal pode ter sido **Saiso-mrīga* con peche > **Saisumrīga* e posterior latinización cos efectos da neutralización latina de *-u/-i-* ante labial.
4. teón. *Bandi Saisabro* de Avis, Portalegre
[Obs. *Seseña* (Toledo) pode ser un derivado desta mesma base, mentres que o antigo \mathcal{O} *Sesm[a]* de CIL II 2601 do que se deriva o epíteto de *Naviae*

co noso *paramio* -a (co sufixo colectivo-aumentativo *-ame* / *-amio* / *-amia*, como en *raigame*, *raigamia*), sinónimo de *paraño* (co sufixo colectivo-aumentativo *-año*, *-aña*, como en *raigano*, *montaña*), que deberon ser utilizados orixinalmente para designar unha lousa grande sobresaínte que en distintos contextos e construcións se especializou en distintas funcións (cuberta, soporte, protección) e deben ser derivados do lat. *petra* “pedra”. No mirandés a forma medieval (**pe(i) ramena* >) **paramena* (de onde o gal. *paramia*) debeu pasar primeiro por síncope a **paramna*, transformándose despois por interferencia (asimilatoria) do *-r-* en **paramra* > **parambra* (coincidindo así excepcionalmente coa solución castelá do grupo secundario *-mn-*, en vez da simplificación en **parama* esperada en leonés) e finalmente por unha ulterior disimilación en *palambra*. En sayagués teríamos o mesmo proceso a partir do masculino **parameno* (de onde o gal. *paramio*) > **palambro* que co engadido dun iode epentético pasou finalmente a *palambrio*. A solución leonesa regular atopámola por exemplo en *Paramio*, Robleda-Cervantes, Zamora, onde se produciron os cambios **parameno* > **paramno* > **paramo* e finalmente co iode epentético *paramio*, acabando así por coincidir por distinto camiño co resultado galego. O salmantino *plambra* “chaeira” con top. *Plambro* / *Prambro* en Palacios del Arzobispo, Salamanca, está próximo pola forma, pero lonxe pola súa semántica. Podería ser unha (hiper)leonesización do castelán *paramera*, deriv. de *páramo* (→ leon. *pramera* / *prambra*).

Sesmacae de CIL II 2602 se pode interpretar de distintas maneiras. As formas coincidentes nun *Sesp-/Sisp-* inicial poderían ter unha orixe diferente. A maioría dos nosos topónimos con *Ses-/Sis-* veñen sen embargo de antropónimos xermánicos: *Sesmil*, *Sesmonde*, *Sisalde*, etc. Os top. modernos *Seixabre* de Mos, Pontevedra, e *Xeixabre* de Ortoño, Ames, A Coruña, máis ben parte deben partir de **Saxa-*.]

Talabrig-, Talabriga, Talobri-

1. **Ταλάβριγα** (acus. de **Talabrig-**) en Apiano *Hisp.* 73 no contexto das loitas de Bruto contra os brácaros. Cf. teón. *Iovi D(eo) Talabrigo [.]erbec[e??]* de Braga.
2. **⊔ Talabriga**, *castellum* dos límicos, eventualmente a identificar coa anterior, nunha inscrición de El Repilado, Huelva
3. **Talabriga** (It. Ant. 421,6), *oppidum Talabriga* (Plin. nat. 4,113), **Ταλάβριγα** (Ptol. 2,5,6) en Lusitania
4. **Trobe** < a. 914, 1107 *Talobre* < **Talobri(g)-*, Vedra, A Coruña

Talavaria e derivados

1. **Tabeira** < a. 1126 **Talaueyra**, Gondollín, Melide, A Coruña
2. **A Tabeira**, Golmar, A Laracha, A Coruña
3. **Taveira** en Condeixa-a-Nova, Coimbra
4. **Taveira**, Tomar, Santarém
5. **Taveira**, Oeiras, Lisboa
6. **Monte da Talaveira**, **Monte da Talaveirinha**, Alandroal, Évora
7. **Talavera** la Vieja, Cáceres
8. **Talaveruela** de la Vera, Cáceres
9. **Talavera** de la Reina < a. 1150 **Talaueira**, Toledo
10. **Talavera** la Real, Badajoz
11. **Talaveru**, Onís, Asturias
12. **Taveiro** < a. 1183 **Talaveiro**, a. 1087, 1142 **Talaveir**, a. 980 **Talaveiro**, a. 980 **villa Talabario**, Coimbra
13. **Taveiro**, Alcobaça, Leiria
[Obs. *O Taboeiro* de Castro de Rei e A Fonsagrada, Lugo, e *Taboeiros* de Ribadumia, Pontevedra, son derivados de lat. *tabula*]

Turobrig(a)-, var. **Turu-/Turi-**

1. **Torebria** no Parr. Suevo, que Alarcão 2001 40-41 propón identificar co castro de Alvarelhos, Santo Tirso, Porto
2. teón. **Turibri Ataecinae** en Alcuéscar, Cáceres (con nomes e lugares de culto secundarios: *Ataecinae Turobrigae*, etc.)

3. **Turobriga** (Plinio *NH* 3,14), cidade betúrica próxima a Aroche, Huelva [Obs. *Truebe* de Santa Comba, A Coruña, aseméllase moito a **Turibri-*, pero a partir deste étimo esperaríase máis ben **Torebe*. Se admitimos a posibilidade dun cambio disimilatorio *r-r* > *l-r*, a evolución podería ter sido **Torebre* > **Tolebre* > **Toebre* > **Troebe*. O río *Trueba* < a. 1104 *Trioua*, afl. do Nela → Ebro, en Burgos, ten outra orixe. Tamén se asemella ao segmento inicial de *Truebe*, a praia e castro *Troenzo* de Llanes, Asturias]

-vario/-a:

1. **Aveiro** < a. 1050 *Alaueiro*, a. 959 *Alauario*, Portugal; **Aveiras** < a. 1027 *Aaveiras* (Azambuja, Lisboa)
2. mosteiro de San Xoán de **Caaveiro** (A Capela, A Coruña) < a. 914 *Calavario*
3. **Talavaria** e derivados (v. arriba)
[Obs. Detrás de *Cadabarcos*, lugar da parr. Santa María de Bares, Mañón, A Coruña, pode estar un antigo etn. < **Catavar(i)cos* (con síncope previa á sonorización como en *Cabarcos* e *Posmarcos*) derivado dun top. **Cata-vario*- *-a*. Pero cf. tamén o hidrón. *Cátavo-* (r. *Cádavo* en Perlío, Fene; r. *Cávado* < a. 1071 *Cadavo*, 959 *Katavo*, Portugal, etc.).]

b. Hidronimia:

Arnoia

1. **Arnoia**, afl. do Miño, co que se xunta no concello da Arnoia, Ourense
2. **Arnóia**, desauga na lagoa de Óbidos, Óbidos, Leiria, Portugal

med. **Azuma-** / **Azoma-** e derivados

1. **Azúmara**, afl. do Miño, con parr. San Xoán de *Azúmara* < a. 969 *Azumara*, Castro de Rei, Lugo
2. Ribeira de **Asmes**, afl. do Leça, ao que se une na punta da Bela, Ermisende, Valongo, distr. Porto, coa antiga parr. São Lourenço de *Asmes* < a. 1258 *Azomes*. Pluralización secundaria con cambio *-as* > *-es* coñecido noutros casos no norte de Portugal (cf. *Arcas* > *Arques*, *Cheiras* > *Cheires*, etc.)
3. a. 2164 *villa mea de Azoma*, *ecclesie sancte Marie de Azoma* nun documento de Afonso III, h. *Assumar*, Monforte, distr. Portalegre
4. **Assumar**, Monforte, distr. Portalegre, toma o seu nome da ribeira de *Assumar* que alí nace e se une despois á ribeira de Coutada para formar a ribeira Grande (→ Sor + río da Raia → Sorraia → Texo). Mentres que o medieval *Azoma* debe conservar o nome primario do río, o topónimo moderno continúa probablemente o derivado co que se designaba o seu curso inicial. A súa forma primitiva debeu ser **Azúmara* que despois se reinterpretou en árabe como **al-sumār* “xuncos, xunqueira”, de onde a forma moderna

[Obs. O río *Asma*, afl. do Miño por Chantada, Lugo, é sempre *Asma* na documentación medieval, polo que non parece que deba identificarse cos anteriores. Cf. top. *Asenso* < a. 1154 *Asenzo* (con var. medieval *Azonço*), Santa Baia de Chacín, Mazaricos, A Coruña.]

Borva, Borvón

1. **Borbón**, afl. do Arnego → Ulla, Rodeiro, Pontevedra
2. **Borba** < med. **Borva**, afl. do Támeiga → Douro, cos top. *Borba da Montanha*, freg. de Celorico de Basto, Braga, e *Borba de Godim*, freg. de Felgueiras, Porto
3. **Borba** < a. 1302 **Borva**, Évora
4. *Rivera de Huelva* < a. 1634 *Buerba* / a. 1552 *Buelba*, 1517 *rrrio dicho guerba* < a. 1253 **Buerua**, afl. do Guadalquivir, nas prov. de Huelva e Sevilla [Obs. Cf. top. celtibérico **Borvodurum* da tésera de Uxama e do teón. galo *Borvoni* dat. de Bourbonne-les-Bains, Francia]

Umia, Ome

1. r. **Jungumia** < **hun Umia*, afl. do *Dobra* → Sella, en Cangues d'Onís, Asturias, con primeiro elemento *hun* por redución átona de *huent(e)* < *fuenta* (cf. *Junseya* “fonte do Sella” en Oseja de Sajambre, León) e -g- epentética tras nasal velar, coma no gal. *engadir*
2. r. **Umia** < a. 1156 *Umia*, regato en Ames, A Coruña
3. r. **Umia** < a. 1165 *ad focem Humie*, Pontevedra
4. r. **Uma**, afl. do Tea → Miño, que pasa polos concellos de Pontearreas e Salvaterra de Miño, Pontevedra
5. r. **Uima** (pronunciado como *Uima*, *Uíma* e mesmo *O Ima*) < a. 1097 **Umia**, afl. do Douro, Santa Maria da Feira, Aveiro. Véxase Moreira 2002 14
6. r. **Ome** (ou *Home* coa frecuente reinterpretaçión pseudoetimolóxica deste hidrónimo), afl. do Verdugo, Pontevedra
7. r. **Valdohome** (a partir de top. *Val do Ome* / *Home*) afl. do Parada → Oitavén → Verdugo en Fornelos de Montes, Pontevedra
8. r. a. 1225 **Homínis** gen. (Toxosoutos, latinización do hidrónimo como *homo -inis*), afl. do Tambre, A Coruña
9. r. **Homem**, afl. do Cávado co que se xunta no concello de Amares, Braga
10. r. **Homem**, afl. do Támeiga → Douro
11. r. **Dão** < a. 981 *rio d' Om*, afl. do Mondego, co que se xunta no encoro da Aguieira entre os concellos de Mortágua, Viseu, e Penacova, Coimbra [Obs. O río *Homino*, afl. do Oca → Ebro en Burgos (con top. *Hontomín* < a. 945 *Fonte Omini*, a. 978 *Fonte Homine*) pode ser un dim. románico en -ino deste mesmo nome. O río *Omecillo*, afl. do Ebro en Árabá, non ten en

cambio nada que ver estes hidrónimos prelatinos, dado que na documentación medieval aparece como a. 911 *flumenciello*, a. 864 *flumecielo* (v. Ruiz de Loizaga 1994: 265)]

c. Teonimia:

Asidia

1. *Asidiae* e *Asidiae Poltu[r]ceae* de Alcains, Castelo Branco, Portugal
2. *Nimmredo Aseddiago* de Mieres, Oviedo < **nemeto-Asidiaco*- “santuario de Asidia”
[Obs. O desaparecido recipiente de prata de Pinhal de Alvarinho, Alenquer, Lisboa, que contiña 1000 denarios republicanos datado cara ao 100 aC. co letreiro *Sucnin(us) Asedi f(i)lius*) podería estar dedicado a *Asidia*, se *Asedi f* fose en realidade unha mala lectura de **Asedie* dat., v. Barbosa 1998-2002: 21, Ruivo 2005: 138].

Bandue: moi estendido por todo o occidente con numerosas variantes formais. Por exemplo, *Bandue Veigebreaego* de Rairiz de Veiga Ourense; *Bandi Oilienaico* de Penalva do Castelo, Viseu; *Bande Velugo Toiraeco* de Santa Maria da Feira, Aveiro; *Bandei Brialeacui* de Covilhã, Castelo Branco; *Bandi Isibraiegui* de Penamacor, Castelo Branco; *Bandu Roudaico* de Madroñera, Cáceres.

Cantibedoni

1. *I(ovi) O(ptimo) M(aximo) Candiedoni* dun lugar descoñecido de Galicia < **Cantibedoni*
2. *Erbine Iaidi Cantibidone*, *Erbine Iaedi Cantibidone* da Idanha, Castelo Branco
3. *Borea Cantibedonie(n)si* nunha plaquiña de bronce procedente da zona de Moguer e Niebla, Huelva
[Obs. *Candeberonio Caeduradio* de Amares, Braga pode vir de **Cantibedon-io-*. Cf. por outra parte o top. medieval a. 923 *Ibidonia*, h. Andiñuela de Somoza, Santa Colomba de Somoza, León]

Navia, Nabia: moi estendido por todo o occidente. Por exemplo, *Naviae* de Lousame, A Coruña; *Navie* de Guntín, Lugo; *Nabiae* de Sarreaus, Ourense; *Nabiae* de Braga; *Nabiae Coronae* de Penafiel, Porto; *Nabiae* de Sertã, Castelo Branco; *Nabiae* de Cáceres, etc.

Proeneia

1. *Proinei[.]* de Sarreaus, Ourense
2. *Lari Circeiebaeco Proeneiaeco* de O Pereiro de Aguiar, Ourense
3. *Broeneiae* de Arronches, Portalegre

Quangeio: aparece sobre todo polos distr./prov. de Castelo Branco e Cáceres, pero tamén o temos en Ourense: *Quangeio* Castrelo do Val, Ourense; *Quangeiu* de Sabugal, Guarda; *deo Quangeio* de Penamacor, Castelo Branco; *d(eo) Quanceio* Malpartida de Plasencia, Cáceres, etc.

Reve: moi estendido por todo o occidente con numerosas variantes formais. Por exemplo, *Reve Anabaraego* de Ourense; *Reve Marandigui* de Vila Real; *Reve Langanidaiegui* da Idanha, Castelo Branco, etc.

d. Antroponimia:

Ance(i)tus (*Rufus Angeti f(i)lius mil(es) coh(ortis) I Luce(nsium)* de Ljubuški, Bosnia-Herzegovina; *Anceitus Vaccei f. Limicus* \supset *Talabriga*; *Anceitus Celti* de Idanha, Castelo Branco; *Lovesio Anceiti* de Marvão, Portalegre; *Cuntirus Angeti f(i)lius* de Coria, Cáceres)

Andamus (*Andamionius Andami f(i)lius eq(ues) coh(ortis) I Lucens(ium)* de Ljubuški, Bosnia-Herzegovina; *Priscus Flavianus Andami f(i)lius* de Freixo de Espada à Cinta, Bragança; *Meiduenus Andami* de Abertura, Cáceres)

Apanus -a (*Apanus e Apana Ambolli f(illia) Celtica Supertam(arca) [C]* *Miobri*; *Apanae Reburri f(iliae)* de Trancoso, Guarda; *Apana Bouti f(ilia)* de Hinojosa de Duero, Salamanca; *Apana Pissiri* de Idanha, Castelo Branco; *Apana Caenobi f(ilia)* de Logrosán, Cáceres, etc.)

-belo- en compostos: *[------]ius Verobli f(i)lius* de Lugo (con síncope vocálica); *Amoena Antubeli f(ilia)* de San Martín de Trevejo, Cáceres; *Boutius Antubel(i) f(i)lius* de Alcántara, Cáceres; *Antubellius Priscus* de Alandroal, Évora; **Corobel(i)o-* detrás do primeiro epíteto do teón. *Ara(n)bo Corobelicobo Talusicobo* [ou *Palusicobo* ?] (dat. pl.) de Arroyomolinos de la Vera, Cáceres. *Caribelo* de Cañaveruelas, Cuenca, carece de todo contexto e por tanto non está claro se é antropónimo.

Camalus -a (*Procula Camali f(ilia) Crovia* de Santiago de Compostela, A Coruña; *Niger Camali* de A Gudiña, Ourense; *Camala Camali* de Braga; *Camala Bouti f(ilia)* de Villalazán, Zamora; *Camala Pisiri f(ilia)* de Lamas de Moledo, Castro Daire, Viseu; *Camala Tai f(ilia)* de Idanha, Castelo Branco; *Arco Camali* de Villar del Pedroso, Cáceres)

Coro- en compostos: *Reburus Coroturetis f(i)lius mil(es) c(o)ho(rtis) Lucensiu(m) Hispanorum* de Maguncia, Alemaña; *P(ublio) Clodameo Corocaudi f(ilio)* de Viana do Castelo; *Coroneri Camali* de Guimarães, Braga; *Tri[...]* *Corogeni f.* de Bragança; *Cumelius Corobulti f(i)lius* do Sabugal, Guarda; *Calaetus Coropoti f(i)lius* de Torrejón el Rubio, Cáceres; **Corobel(i)o-* detrás do primeiro epíteto do teón. *Ara(n)bo Corobelicobo Talusicobo* [o *Palusicobo* ?] (dat. pl.) de Arroyomolinos de la Vera, Cáceres

Mearus (*Mearus Con[t]ari* de Valpaços, Vila Real; *Sunua Meari f(ilia)* de Mangualde, Viseu; *Mearus Meidueni f(ilius)* de Malpartida de Plasencia, Cáceres; reaparece como hidrónimo no extremo noroeste (Μεάρου ποταμοῦ ἐκβολαί de Ptol. 2.6.4), a identificar posiblemente co *Mero*, entre os concellos de Betanzos e Abegondo, A Coruña)

Pistirus -a e variante fonética lusitana **Pis(s)irus -a** (*Pestere C. f(ilia)* de Vigo, Pontevedra; *Pistirae* de Bragança; *Pistirae Magilonis* de Villalcampo, Zamora, *Ammiae Pistiricum Pistiri f(iliae)* (Talavera de la Reina, Toledo); *Pissirus Mebdi f(ilius)* de Resende, Viseu; *Camala Pisiri* de Lamas de Moledo, Castro Daire, Viseu; *Apana Pissiri* de Idanha, Castelo Branco; *Pisira Turai f(ilia)* de Plasencia, Cáceres).

A existencia dunha onomástica personal común á faixa occidental leva a Untermann 1965: 19-21 a establecer unha “área II-III lusitano-gallega”. A maioría dos nomes occidentais que aparecen a norte do Douro son sen embargo propios da *Callaecia* meridional (aprox. o norte do actual Portugal): *Andercius*, *Caturo*, *Dutia*, *Loves(s)ius* e *Lov/bes(s)a*, *Medamus*, *Me(i)duenus -a*, *Paugenda*, *Pentamus* (var. de *Pintamus*), *Pinar(i)a*, *Pucius*, *Viriatus*, etc.

Ademais das particularidades no léxico onomástico tamén se observan outros fenómenos lingüísticos típicos do occidente, aínda que non necesariamente xerais nin exclusivos. No ámbito fonético destaca a conservación do *p* (*porcom*, *porgom* acus. sing. “porco” do Cabeço das Fráguas e Lamas de Moledo; *Palantucio* do Parr. Suev. 1,27 na diocese de Braga; top. modernos *Pantiñobre*, *Pezobre*; teón. *Reo Paramaeco*; antrop. *Paugenda*, *Peico*, *Peidurtia*, *Peinuca*, *Pellus*, *Pentius*, *Pistirus*, *Pucius*, etc.) e maila súa debilitación e mesmo perda en contacto con líquida (teón. *Proeneia-* de Sarreus, Ourense vs. *Broeneiae* de Arronches, Portalegre, top. *Bletisama*, *Ledesma* < *pletisamā); o betacismo e labiodentalización que especialmente en contacto con vogal palatal provoca a grafía con F (*ifadem*, *ifate* no Cabeço das Fráguas e Arronches respectivamente; teón. *Reffe*, *Fiduenaarum*; antrop. *Tafi*, *Afelea*); a aspiración do *s* que vimos nunha área que se estende dende o sur da capital luguesa en dirección a Ferrol en posición intervocálica (teón. *Cohue*, *Cuhue* vs. *Cossue*, *Cusue*) podería darse en posición final na inscrición de Arronches (*oila X* = “10 *oilas*” con terminación *-ā [< *-āh?] < *-ās?), onde lamentablemente atopamos un uso moi estraño do H que impide chegar a conclusións claras; o rotacismo que afecta ao -s final na zona de Viseu (*Deibabor igo Deibobor*), ao -s- ante consoante sonora nalgún caso illado como o antrop. *Cormertonis* xen. de Alpedrinha, Fundão, Castelo Branco < *Co-smert-on- (cf. en galo antrop. *Smertus*, *Smertorix*, *Smertulitani* xen., *Smertomara*; teón. *Atesmerta*, *Cantismerta*, *Rosmerta*, etc.), ao -l- antecónsonántico en Lusitania (antrop. *Mermando-* < *Melmando-*, por exemplo *Iulia Mermandi f(ilia) Brocina* de Ourique,

Beja vs. *Letondo Segossoq(um) Melmandi f(ilius)* de Buenafuente, Guadalajara ou *Arburae Tancini* de Plasencia, Cáceres vs. *Albura Caturonis* de Braga) e nalgún caso illado posiblemente tamén ao *-d-* intervocálico (teón. *Candeberonio* < **Can-tibedonio-* de Braga), sendo incerto se *Reve* procede realmente de **Zevē* < **D̥ie̯uei* (dat. de **d̥ie̯u-* correspondente ao Xúpiter latino e Zeus grego), como propuxen en Búa 1997 79-82 (v. tamén 2009 108); a presenza de grupo *-bd-* de orixe escura e con variantes *-bl-* / *-lb-* (*Pissirus Mebdi f(ilius)* de Resende, Viseu vs. *Arco Melbi* do Castro de Avelãs, Bragança; *Pintami Bobdaeni* de Braga, *Maela Boblaeni f(ilia)* de Conimbriga, *Arbura Bolbi* de Lagos, Faro, onde a ausencia de rotacismo no grupo *-lb-* [fronte a *Arb-* < *Alb-*] se debe á súa orixe secundaria), que en posición inicial aparece baixo as variantes *Ibd-* (con vocal protética) / *Bl-* / *Lb-* (*Ibdoena Talotis f(ilia)* de Lamego, Viseu vs. *Bloenae Vironi* de Bragança vs. *Lboena Alluqui f(ilia)* de Resende, Viseu, que adoita lerse ***Iboena*); a asimilación *-nd-* > *-nn-* (top. *Vinnium montem* en Oros *hist.* 6,21,5 vs. *Vindium montem* en Flor. *epit.* 2,33,49, *Aranni* en It. Ant. 426,3 y *Arani* en Rav. 306,13 vs. Ἀρανῶς en Ptol. 2,5,5, *Aranditani* en Plinio 4,118; teón. *Enobolico* vs. *Endovollico* de Alandroal, Évora); a asimilación *-st-* > *-ss-*, principal ou exclusivamente ante *-i-*, da que parece librarse o noroeste (*Pistirae* de Bragança vs. *Pissirus Mebdi f(ilius)* de Resende, Viseu, *Pisira Turai f(ilia)* de Plasencia, Cáceres; *Crastena Vitalis* de Herguijuela, Cáceres vs. *Cileae Crassi f(iliae)* da Idanha, Castelo Branco; *Caesia Crusten[i] f(ilia)* vs. *L(ucius) Crusinus Pr[i]migenius* de Trujillo, Cáceres); a perda do *ġ-* inicial no contexto *ġe-* > *e-* observable no antrop. *Emuria*, documentado de Bragança e Zamora cara á Cáceres, fronte á forma *Iemuria* (cunha variante *Iumuria* por asimilación vocálica) máis septentrional de Bragança e Zamora cara á León (v. Vallejo 2005: 320); o peche **-ent-* > *-int-*, que dende Lusitania non rebase excesivamente o límite aproximado norte e nororiental de Portugal (antrop. *Pentamus* : *Pintamus*, *Pentovius* : *Pintovius*, *Pentil(i)us* : *Pintil(i)us*), salvo ante iode (**-entġ-* > **-intġ-*), como nos mostra o top. **Pentia* (Quintanilla, Bárcena e Revilla de *Pienza*, Burgos) que aparece como *Pintia* entre os calaicos, vacceos e Santa María de *Pinza*, Viana do Bolo, Ourense. Ao ámbito morfolóxico pertencen distintas terminacións de dativo indíxenas occidentais que aparecen baixo diferentes variantes locais, entre as que cobran especial importancia as do dativo plural: dat. pl. *-bo* e *-bor*, xunto ás que na miña opinión en Mangualde (Viseu) probablemente tamén temos *-so* e en Galende (Zamora) *-isu* para os temas consonánticos (teón. *Deibabo Nemucelaigabo* de Avelas, Chaves, Vila Real; *Ara(n)bo Corobelicobo* [.] *Jalusicobo* de Arroyomolinos de la Vera, Cáceres [temas *Arant-* e en *-ico-*]; *Matrabo* de Grandailla, Cáceres [tema *Matr-* ou *Matrā*-¹⁹⁸], lectura e interpretación presentada en Búa

¹⁹⁸ O tema *Matr-* pode ter formado o seu dat. pl. en *-ābo* por influencia analóxica dos temas en *-ā-*, pero tamén pode ter existido un tema *Matrā-* que se documenta por exemplo na hidronimia: *Moder*

2011, congreso do que lamentablemente aínda non se editaron as actas; *Deibabor igo Deibobor Vissaieigobor* de Viseu [temas *Deivā-*, *Deivo-* e en *-aico-*]; *Icoveoso Toncina[i]coso* de Mangualde, Viseu, probablemente < **Icoviosu Tonginaicosu* [temas *Icovio-* e en *-aico-*] “para os *Icovios Tonginaicos*”; *Madarissu Soelagau* de Vigo de Sanabria, Galende, Zamora, posiblemente **Madarissu Zoilacabo* [temas *Matr-* e *Zoila-cā-*] “para as Matres dos zoelas” (interpretación en Búa 2011)¹⁹⁹. No ámbito da formación de palabras hai que destacar o frecuente recurso ao sufixo *-aico-*, especialmente nos derivados de topónimos (*Callaecus*; *Lari Ocaelaeco* de Sarraus, Ourense; *Bandue Veigebreaego* de Rairiz de Veiga, Ourense, etc.), mentres que entre os veciños orientais se observa unha especial produtividade do sufixo *-aino-* (etn. *Luggoni Arganticaeni* “de **Argantica*” ou “dos relacionados cunha persoa chamada **Argantico-*” entre os ástures; nome familiar *Aemili Semproni Elesigainum* “dos (procedentes) de **Elaesica*” ou “dos familiares/descendentes de **Elaesico-*” de Sobrelapeña, Santander). No léxico ten especial relevancia a conxunción copulativa *indi* (cf. alem. *und*) nas inscricións lusitanas, mentres que en *Deibabor igo Deibobor Vissaieigobor* de Viseu nos aparece *igo* e na inscrición de Lamas de Moledo podería actuar na mesma ou semellante función *tadom* (de lectura insegura). Por último tamén é característico do occidente peninsular o *code-switching* teonímico en altares votivos.

En canto ás ausencias destaca o feito de que na onomástica persoal non se usan nomes familiares, aínda que noutros ámbitos onomásticos, especialmente na epiclesis teonímica, aparecen indicios da súa existencia como realidade social (v. máis arriba). En canto á toponimia non se estenden ou penetran pouco por occidente por exemplo *Aranda* (*Aranda de Duero* e *Arandilla* en Burgos, *Aranda de Moncayo* en Zaragoza,

< a. 702 *fluvius Matra* (afl. do curso alto do Rin en Drusenheim, Alsacia, Francia), onde “nai” se usa no sentido de “corrente principal” e ao mesmo tempo tamén de “deusa nai” (cf. tamén o *Marne* < *Matrona* “gran río, gran nai”, afl. do Sena, Francia).

¹⁹⁹ Proponho ler e interpretar este texto editado por Gomes - Tavares 1985 do seguinte xeito: ICOVI·ICIVI · | ICOVIIOSO · | TONC·INA[i]·COSO · MA[!]|GEINVS · | LEVRI · I' | ARBVENSI|S · V·A·L·S, *Icoveciui Icoveoso Tongina[i]coso Malgeimus Leuri f(i)lius Arbuensis v(otum) a(nimo) l(ibens) s(olvit)*. Trataríase dunha dedicatoria a distintas divindades en secuencia asindética, como se coñece noutros casos: a un deus *Icovecio-* que aparece con terminación de dativo singular indixena *-ui* < **-ōi* e a uns deuses *Icovios Tonginaicos* con terminación de dativo plural *-so* < *-su*, é dicir, con substitución de *-bo* pola desinencia que en orixe era de locativo, como *mutatis mutandis* ben se coñece en grego.

En *Madarissu Soelagau* de Vigo de Sanabria podemos observar que os temas en *-r-* (*Matr-*) presentan o alomorfo *-isu* extraído dos temas en *-i-*, mentres que os temas en *-ā-* (*Zoilacā-*) conservan a primitiva terminación de dativo **-ā-bo* transformada en **-aβo* > **-ao* > *-au* por betacismo, pérdida do *-β-* intervocálico e tautosilabización e diptongación final do hiato resultante. Menos plausible é que *-au* proceda de *-asu*, cando o *-s-* se conserva en *-isu* ou, por razóns semánticas, que *-au* sexa unha terminación de xenitivo plural < **-a-om*. Nese caso teríamos un adxectivo **zoilā-co-* “relativo aos zoelas” substantivado en forma feminina, resultando enigmático qué poderían ser tales ***zoelacas*, sendo ademais o dedicante do altar un home, *Burrilus Avelci f(i)lius*).

Arandilla del Arroyo en Cuenca, *Arándiga* en Zaragoza, etc.); *Arganda* (*Arganda del Rey* en Madrid, *Argandoña* en Áraha e no concello de Iniesta, Cuenca; *Argandenes* en Piloña, Asturias); *Contrebia* (*Contrebia Belaisca* en Botorrita, Zaragoza; *Contrebia Leucada* en Aguilar del Río Alhama, La Rioja; *Contrebia Carbica* en Huete, Cuenca); *Deobriga* (unha dos vetóns, outra dos autrigóns e mais unha *Deobrigula* entre os murbogos); *Ercavica* (unha pola Rioxa navarra, outra h. Castro de Santaver, Cañaveruelas, Cuenca); *Intercatia* (*Pintaius Pedilici f. Astur Transmontanus castello Intercatia* CIL XIII 8098); *L(ucio) Anto[n]jio Paterni filio Quir(ina) Modesto Intercatiensi ex gen[te] Vaccaeorum Cluniensi* CIL II 6093, *L(ucius) Antonius Modestus Intercat(iensis) ex gente Vaccaeor(um)* CIL II 4233); *Langa* (*Langa del Castillo* en Zaragoza, *Langa de Duero* en Soria, *La Langa* en Huete, Cuenca, *Langa* en Ávila; *Languilla* en Segovia; *Langrave*, posiblemente < **Langa-bre* en Bual, Asturias); *Saldania* (hai *Saldaña de Ayllón* en Segovia; *Saldaña* en Burgos; *Saldaña* en Palencia; *Saldanha* en Bragança; en León temos un *L. Lollius Materni f(ilius) Lolliano Saldanie(n)sis* e unha muller referida como *Dureta Saldanica*; podería estar relacionado con este nome San Miguel de *Saldanxe* < a. 1133 *uilla pernominata Saldanni*, séc. XI *Saldangi*, A Pastoriza, Lugo); *Segobriga*, *Segontia*, *Segovia* ou *Segida* (cf. *Segobriga*, h. Cabeza del Griego, Saelices, Cuenca; Σεγοβρία Παράμικα de Ptol. 2,6,65 entre os várdulos, h. Cigüenza del Páramo; *Segovia* entre os arévacos; *Segida Restituta Iulia* entre os célticos da Beturia); *Taranco* en Valle de Mena, Burgos, *Tarancón* en Cuenca e *Tarancueña* en Soria; *Tritium* (por exemplo, Τρίτιον Τουβόρικον de Ptol. 2,6,65 entre os várdulos), etc. Tamén na antroponimia hai nomes de distinta dispersión, pero que teñen en común a tendencia a escasear ou non aparecer por occidente como *Ambatus*, *Argent-*, *Doviterus -tena*, *Elaesus* ou *Vironus*.

Na hidronimia xa vimos anteriormente que os que faltan no noroeste adoitan faltar por todo occidente e mais pola parte meridional.

b. Nomes compartidos cos veciños orientais

Outros nomes atopan en cambio correspondencias entre os veciños orientais, destacando moi especialmente a hidronimia que, como xa sinalei en repetidas ocasións, en xeral penetra menos cara ás terras máis meridionais:

a. Toponimia:

Alobrig(a)-

1. a. 857 (en copia do s. XII) *Alobrega* (var. *Caobrega*) a situar por Cantabria, documentado no *Libro de la Regla Colorada* da Catedral de Oviedo.
2. a. 912 *Alobre*, h. Vilagarcía de Arousa.

[Obs. Tamén existe *Alobras*, concello na prov. de Teruel]

Burbida

1. **Burbida** do It. Ant. 430,1 entre Tude e Turoqua, posiblemente Vigo, Pontevedra (sendo Turoqua posiblemente o Castro da Peneda na parr. Santa María do Viso, Redondela)
2. **Burbia** < a. 895 **Buruia** no concello da Veiga de Espiñareda, no Bierzo, León, con río **Burbia**, afl. do Cúa → Sil → Douro
3. a. 1120 villa **Burbia** que alio nomine nuncupatur *Villafranca*, Vilafranca do Bierzo, León, próximo ao anterior, onde o río Valcarce desauga no **Burbia**, que presenta aquí un afluente *Barboriña* que podería ser un derivado seu (< **Borvoriña*?), pero tamén aparece noutros lugares sen proximidade de ningún **Burbia** constatable, polo que se pode ou debe tratar de outra cousa (cf. *Barboriña* en Lourenzá, Lugo, Monte *Barburiña* en Xeve, Pontevedra, *A Barburiña* en Moaña, Pontevedra)
[Obs. Non é seguro que o antigo **Burbida** e mailo moderno **Burbia** sexan o mesmo nome (**Burbia** < **Burbida* ou **Borvia* con peche metafónico?) nin se en calquera dos dous casos se trata realmente dun topónimo ou hidrónimo primario]

Clūnia

1. **Coruña del Conde**, antes *Cruña del Conde* < ant. **Clunia** (cf. **kolounioku** A67, *Clounioq(um)* xen. pl. “dos Clunienses” en letreiros monetais celtibéricos, Burgos.
2. **Cruña** nome do lugar onde se atopa o xacemento da antiga *Contrebia Léucada* en Inestrillas, Aguilar del Río Alhama, La Rioja.
3. **A Coruña** < a. 1208 *Crunia*, a. 1228 *Clunia*.
[Obs. *A Coruña* (Val do Dubra, documentado dende 1603, ausente na documentación anterior) e mailo microtopónimo *O Campo da Coruña* (Lousame) son segundo Navaza 2016: 139-140 nomes recentes. *Peña Coruña* en Llanes, Asturias, é un saínte rocoso da *Sierra de Cuera*, da que debe ser un derivado en *-uña*, semellante por exemplo ao caso de *Tajo - Tajuña* na hidronimia. Tamén hai *Coruño* en Llanera, Asturias]

Ledesma

1. celtib. *letaisama*. Cf. apelido moderno **Lediesma**.
2. **Ledesma de la Cogolla**, Logroño
3. **Ledesma de Soria**, Gómara, Soria
4. **Bletisam(am)**, h. **Ledesma**, Salamanca
5. **Ledesma**, Boqueixón, A Coruña
6. **Ledesma**, Lousada, Porto

Moraña

- 1a. **Moraña** < séc. XI-XII *Moraniam* no Cronicón Iriense, Pontevedra
- 1b. **Moraño** < **Morañoa* < **Morañola*, San Miguel do Campo, Campo Lameiro, Pontevedra, diminutivo e veciño do anterior
2. *As Morañas*, predio no lugar de Piñeiro, San Mamede da Portela, Barro, Pontevedra
- 3a. **Moraña**, comarca do norte da provincia de Ávila
- 3b. **Morañuela**, San Pedro del Arroyo, Ávila, na comarca anterior
[Obs. Parecen designar zonas chas e fértiles á beira de zonas montañosas. O concello de *Moraña* é antesala dos montes que separan o suave val do Umia do abrupto val do Lérez. *Moraño* está nunha pequena chaeira no alto destes montes. A *Moraña* de Ávila designa a parte cha do norte da provincia anteposta á Serra de Gredos que pasa polo sur. Cf. τὸν Μόρωνα de Strab. 3.3.1, a base de operacións de Decimus Iunius Brutus na cunca do Texo. Os topónimos asturianos *Morana* de Grau e *Moriana* de Corvera deben ser en cambio formacións latinas en *-ana* derivadas dos antrop. *Maurus* e *Maurius* respectivamente, como *Semproñana* de *Sempronius*, *Oreyana* de *Aurelius*, *Xuyana* de *Iulius*, etc.]

Olca

1. **Octaviolca** no *It. de Barro*, Ὀτταουιόλκα en Ptol 2,6,50. Sen localizar; se cadra na zona de Camesa e Rebolledo, Valdeolea, Cantabria. A forma do *It. de Barro* podería ser unha deformación pseudoetimolóxica por asociación ao nome *Octavius*.
2. *castellum Olca* no texto epigráfico *D(is) M(anibus) Lucila Vitalis ∩ Olca an(norum) XI* de Rodeiro, Pontevedra

***Pentia, Pintia**

1. **Pienza** designa unha zona entre o río Trueba e o monte El Castillo no sur do concello de Quintanilla de Pienza, e da nome tamén ás poboacións veciñas de Bárcena e Revilla de Pienza, Burgos.
2. Πιντία (Ptol. 2,6,49), *Pintiam* (LA 440,4) entre os vacceos
3. Πιντία (Ptol. 2,6,22) entre os calaicos
4. a. 569 **Pincia** no Parr. Suev., sede auriense, h. *Santa María de Pinza*, Viana do Bolo, Ourense
[Obs. O peche *-ent- > -int-, ben documentado na onomástica persoal ata aproximadamente o límite norte e nororiental de Portugal (*Pentamus* : *Pin-tamus*, *Pentovius* : *Pintovius*, *Pentil(i)us* : *Pintil(i)us*), ten maior extensión xeográfica ante iode (*-entj- > *-intj-) como mostran estes topónimos. O teón. *Peinticis* dat. pl. de Tondela, Viseu, pode ser un derivado dun top.

**Pentia*, pero tamén dun antrop. **Pent(i)o-*. Cf. tamén *Pienzu*, o pico máis alto da serra do Sueve, Parres, Asturias].

Segisama, Segisamo-, Segisam-on-

1. ***Segisama Brasaca*** (CIL II 4157) non identificada
2. ***Segisama Iulia*** entre os vacceos
3. ***sekisamos*** (A.69), moeda celtib.
4. **Σεγισαμών** (Ptol. 2,6,51), ***Segisamonenses*** (Plin. nat. 3,26), ***Segisamonensium*** (CIL II 2915), h. Sasamón, Burgos
5. **Σεγισαμόνκουλον** (Ptol. 2,6,52), h. Cerezo de Rio Tirón, Burgos
6. ***Sisamón***, Zaragoza
7. ***Sésamo***, Veiga de Espiñareda, Bierzo, León
8. ***Sésamo***, Culleredo, A Coruña
9. ***Sísamo***, Carballo, A Coruña

[Obs. O mesmo superlativo reaparece na antroponimia: *Oculatio Cangili f(ilio) Segisamo* de Piloña, Asturias, *Cangilus Virono Segisami f(ilius)* de Villapadierna, León). Téñase en conta sen embargo que, aínda que non pareza probable, dado que nunca aparece entre as formas antigas, en teoría as formas modernas *Sésamo*, *Sísamo* poderían vir dun primitivo **sēsamo-* (irl. ant. *síam*) “longuísimo” (v. Cowgill 2006: 204-205)]

Sarantes

1. ***Serantes*** < a. 1474 *San Pedro de Sarantes*, a. 1574 *Cueto de Sarantes*, a. 1610 *Pico de Sarantes*, monte de Biscaia, entre os concellos de Santurce e Ciérvana
2. caserío ***Serantes***, Aldea del Fresno, Madrid
3. parr. *San Andrés de Sarantes* < a. 1093 *In monasterio Sancti Andree apostoli de Sarantes*, Tapia, Asturias, con río ***Serantes*** que desauga na praia de ***Sarello***
4. ***Serantes*** < med. ***Sarantes***, ***Salantes***, San Salvador de Deva, Xixón, Asturias. A variante con *-l-* desperta unha sombra de dúbida sobre a verdadeira orixe deste nome
5. ***Serantes***, Santa María da Pedra, Cariño, A Coruña
6. parr. *San Salvador de Sarantes* < a. 1114 *sancti Saluatoris de Sarantes*; a. 1291 *San Saluador de Sarantes*; a. 1488 *Sarantes*, a. 1430 *Sarâtes* (inscr. dunha lápida sepulcral no interior da capela do cemiterio parroquial); a variante con *-e-* xa en a. 1132 *sancti Saluatoris de Serantes*, a. 1284 *San Saluador de Serantes*; concello de Serantes ata 1940; con río de *Serantes* < a. 1087 *aqua de Sarantes*, Ferrol, A Coruña, con top. ***Serantellos***

7. parr. *San Xián de Serantes* < a. 978 *Sarantes*, a. 1527 San Gíao de *Sarantes*, Oleiros, A Coruña
8. bosque *Serantes* en Vilouzás, Paderne, A Coruña
9. parr. Santa María de Serantes < a. 1232 Ste. Marie de *Sarantes*, Laxe, A Coruña
10. *Serantes*, Santaia de *Serantes*, Santiso, A Coruña
11. *A Cruz de Serantes* e *Serantes de Arriba*, Santa Uxía de Fao, Touro
12. *Serantes*, San Tomé de *Serantes* < a. 1290 *San Thome de Sarantes*, a. 1417 *san Tome de Serantes*, Leiro, Ourense
13. a. 1261 *filigresia sancti Iohanne de Sarantes*
14. *Serantes* (de Abaixo, do Medio e de Arriba), San Breixo de Oza, Carballo, A Coruña
15. *Serantes* < a. 1030 *Sarantes*, San Cosme de Outeiro, Outes, A Coruña, con río *Serantes*
16. *Serantes*, San Xulián de Moraima, Muxía, A Coruña
17. *Serantes*, Santo Adrao da Veiga, Ortigueira, A Coruña
18. *Serantes*, Santo Estevo do Vicedo, O Vicedo, Lugo
19. *Serantes*, San Xoán de Baión, Vilanova de Arousa, Pontevedra
20. *Serantellos* < a. 934 *Sarantelios*, Santa Cruz de Castrelo, Cambados, Pontevedra, próxima ao anterior do que se distingue por medio dun diminutivo desambiguador, como máis arriba no Ferrol
[Obs. Con todos estes nomes en *-es* contrasta o \supset *Serante* abl. dos seirros transmiñenses, documentado no seguinte texto de Torre de Moncorvo, Bragança: *Tridiae Modesti f(iliae) Seurr[a]e Transm(iniensi) exs \supset Serante an(norum) XXV Valerius u(xori) f(ecit)*. A existencia de nomes con uso hidronímico leva a ter en consideración a posibilidade de que algún *Serantes* fose en realidade primeiro hidrónimo]

Turonio-

1. monte *Toroño*, Culleredo, A Coruña
2. *Terra de Toroño* < a. 569 *Turonio*, Hidacio séc. V *Vandali navibus Turonio in litore Gallaeciae repente advecti familias capiunt plurimorum*, no suroeste da actual Galicia (noroeste do antigo convento bracarense)
3. *Turueño*, Villaviciosa, Asturias
[Obs. A palabra andaluza *toruño* “montículo” con forte presenza na toponimia de Andalucía e Extremadura e mailo seu diminutivo *turuñuelo*, *tiriñuelo*, *teriñuelo* moi presente tamén na toponimia de Salamanca e arredores (con outras variantes formais por contaminación con *torre* e *terra*) designan con frecuencia túmulos e dólmenes. Nin estas palabras nin o seu frecuente uso

topónimo (románico) están directamente relacionados cos nosos topónimos anteriores, aínda que, como palabra probablemente de substrato, podería ter con eles algunha relación etimolóxica indirecta. V. Riesco 2013: 146-148]

Uxamo-, Uxama

1. *usamuō* (abl.), moeda celtibérica
2. *Osmo* < a. 928 *Osamo*, San Miguel de Osmo, Cenlle, Ourense
3. *Osmo*, praia e furna, Corme, Ponteceso, A Coruña
4. *Osma*, Mallabia, Biscaia
5. *Uxama Argaela* (CIL II 2907), *Uxamensis Argailorum* (CIL II 696), Οὔξαμα Ἀργαῖλα (Ptol. 2,6,55), a. 1136 *Oxoma*, a. 1478 *Osoma*, h. Cerro del Castro, Burgo de *Osma*, Soria
6. Οὔξαμα Βάρκα (Ptol. 2,6,52), *Uxamibarcensis* (IRPLe 100), h. *Osma* de Valdegobía, Áraba
7. *Uxamens(is) Ambirodacus* (CIL II 4306)
8. a. 1145 *uillam Ozmam* por León
9. dim. a. 1073 *Oxemella*, a. 1049 *Usmella*, h. San Salvador de *Osmilla*, Cerezo de Río Tirón, Burgos.

[Obs. *Utzama* < a. 1268 *Hutçama*, a. 1154 *Vtçama*, pola que flúe o río *Utzama*, afl. do Arga → Aragón → Ebro, está situada na Montaña Navarra e debe ser por tanto unha coincidencia formal casual cos nomes anteriores. *Duxame* < a. 1138 *castrum de Usiame*, Vila de Cruces, Pontevedra, garda certa similitude formal con estes nomes, pero en calquera caso non sería exactamente a mesma formación]

Veleia

1. *Vea* < a. 912 *Velegia*, A Estrada, Pontevedra
 2. *Villegia* no Itin. de barro I,4, a cinco millas de *Amaia* (h. Amaya, Burgos)
 3. Οὐέλεια (Ptol. II 6, 64), *Veleia* (Notit. dign. occ. XLII 32), a. 732 *Uelegiam Alabensem* localizada xunto a Trespuentes, Iruña Oka/Iruña de Oca, Áraba
- [Obs. As diverxencias formais nos testemuños medievais e antigos poden ser puramente gráficas. Neste e noutros casos é problemático determinar se *-gi-* procede dun *-gi-* ou *-i-* antigo. Cf. *Burriligiam* no bronce de Fuentes de Ropel, Zamora; *Torea* < a. 1158 *Toregia*, a. 1153 *Toreia* de Muros, A Coruña; *Vallegia* en moeda visigótica; o territorio medieval *Bavegio*, a situar na prov. da Coruña, próximo a Sobrado; *Teo* < a. 914 *Talegio*, A Coruña; *Berbeo* < a. 1012 *Verbegio*, a. 916 *Veruegio*, Siero, Asturias; *Tineo* < a. 899 *Tinegio*, Asturias, etc.]

b. Hidronimia:*Arganza -o* e derivados

1. r. *Arganza*, afl. do Navaleno (→ Ucero → Lobos → Douro), con top. *Arganza*, San Leonardo de Yagüe, Soria
2. r. *Arganza* < a. 1085 *Argancia*, afl. do Narcea, Asturias, cos topónimos *Arganza*, Santa María de Arganza, Tineo; *Argancinas*, San Juan de Parajas/Paraxes, Allande; *Argancia* na desembocadura do Arganza no Narcea e *Arganzúa*, Santiago de Linares/Llinares, Allande (v. García Arias 2011: 15-19)
3. r. *Arganza*, afl. do Cúa (→ Sil → Miño) con top. *Arganza*, concello da comarca do Bierzo, León < med. *terra de Argança*; con *reguera Argancia*, afl. do Cúa (entre o Argancia e o Cúa atópase o xacemento arqueolóxico de La Edrada, ao norte de Cacabelos, correspondente ao antigo *Bergidum Flavium*)
4. r. *Arganza*, afl. do Maniel, Villalba de los Llanos, Salamanca
5. r. *Arganza*, afl. do Huebra, con top. *Arganza*, Las Veguillas, Salamanca
6. r. *Argança*, Porto.
7. top. *Dehesa de la Arganzuela*, cedida a Madrid polos Reis Católicos en 1492, hoxe *Arganzuela*, distrito de Madrid, e *Parque de la Arganzuela*. Este topónimo na beira do Manzanares, antes chamado Guadarrama (Guadarrama de Maydrit fronte a outros ríos Guadarrama próximos), conserva probablemente o nome prelatino do río.
8. r. *Arganzo*, afl. do Sor, con top. *Arganzo*, San Mamede das Grañas do Sor, Mañón, A Coruña
9. top. *Dehesa de Argance* e *Casa de Argance*, Villamiel de Toledo, Toledo < **Arganzo* con apócope mozárabe. Véxase Menéndez Pidal 1953: 219.
10. top. *Puebla de Arganzón*, Burgos.
[Obs. *Argant-* tamén está presente na antroponimia, pero neste ámbito non aparece por occidente: *Arganto* (nom.) de Riba de Saelices, Guadalajara, *Flaccus Arganton(i) Magilanicum Mirobrigensis* de Garrovillas de Alconétar, Cáceres; nome familiar de *[T]outoni Argantioq(um) Ambati f(ilio)*, de Palencia; etn. *Luggoni Arganticaeni* nunha epígrafe de Villaviciosa, Asturias.]

Avia, Ave e derivados

1. r. *Avión*, afl. do Ucero → Douro, Soria, con top. *Avioncillo*.
2. r. *Valdavia* (← top. **Val de Avia*), afl. do Pisuerga → Douro, Palencia, con top. *Abia de las Torres* < a. 1174 *in alfoz de Auia* e *Ayuela* < a. 1079 *Aviola*, a identificar posiblemente co Ἀοῖα de Ptol. 2,6,49.

3. r. *Avión*, afl. do *Valdavia* (→ Pisuerga → Douro), Palencia
4. top. *Ribadavia*, Cuideiru, Asturias, á beira do Nalón
5. r. *Avia* < a. 1393 *Rio de Auya*, afl. do Miño, Ourense con top. *Ribadavia* < a. 1228 *Ripam Auie*
6. top. *Avión* no curso alto do r. *Avia*, Ourense
7. top. *Ribadavia*, parr. de Castrelos (entre o Monte Castrelos e a marxe esquerda do río Lagares), e barrio *Ribadavia* do centro de Vigo (á dereita do Lagares), Pontevedra, no que se conserva o antigo nome do curso medio/baixo do Lagares, que no seu curso medio/alto se chamaba Sárdoma.
8. r. *Ave* en Portugal con afl. *Vizela* < *Avizela*. No a. 926 *inter ambas aves*, en referencia ao *Ave* e mailo *Avizela*; a. 1115 *a fauce Auiae fluminis ... usque in Auicellam fluuium*. Véxase Moreira 2002: 14
[Obs. O r. *Rubionzo* < **Río Abionzo*, afl. do Llerana → Pisuña → Pas, pasa por *Abionzo* en Villacarriego, Cantabria. O r. Deza → Ulla ten un subafl. *Abialla* en Vila de Cruces, Pontevedra. Hai un top. *Abeanca*, Negreira, A Coruña, na confluencia dos ríos Tambre e Barcala. O río *Aviouga* (afl. do Ibias → Navia), ten un subafluente homónimo (regueiro de *Aviouga* [con top. Folgueiras de *Aviouga*] → r. da Forna → *Aviouga*) e recibe o nome de *Biouga* no seu curso alto. *Abia* de la Obispalía, Cuenca, aparece como *Ovia* na *División de Wamba* de ca. 1100 e non debe ter por tanto ningunha relación con estes nomes]

-bor, -br-

1. *Calabor*, afl. do Sabor → Douro, e topónimo < a. 1145 *Calabor inter Senabriam et Breganciam*, a. 1168 *Calauor* (Pedralba de la Pradería, Zamora).
2. a. 1103 *Cantabor*, afl. do Cádavo (sen identificar). Moralejo 2009a 40 recolle outras variantes medievais: *Cantabro*, *Cantebron*, etc. O diminutivo en *-on-* formouse probablemente a partir da variante metatetizada *Cantabro* e non necesariamente por síncope de **-borón* > *-brón*.
3. a. 897 *Neebron*, a. 1027 *Nerebron*, a. 1078 *Nelebron*, afl. do Miño (Moralejo 2009a 41). Diminutivo en *-on-*.
4. *Sabor*, afl. do Douro < med. *Saauor*, *Salauor* (Moralejo 2009a 41, 56)
[Obs. Nomes bisilábicos como o hidr. *Ibor* (afl. do Texo, Cáceres) ou o top. *Arbor* (Sobreira, Vilamarín, Ourense) teñen probablemente outra orixe. En *Fontabor*, *Penabor* e *Vilabor* (Barreiros, Lugo) debemos ter un xenitivo antroponímico. Os hidrónimos *Calabres* nos concellos de Llanes (→ ría de Niembro) e Cabrales (afl. do Casaño → Cares → Deva), co derivado *Calabrez* (Llinares, Ribesella, Asturias), topónimo e parece que tamén nome

alternativo do *Arroyo del Acebo*, afl. do Vega (-brez de *-brezo por apócope ou do seu xenitivo, con suf. diminutivo -ezo?), poderían estar relacionados con *Calabor*, pero máis ben deben ser plurais dun nome común *calabra* do que se derivan ast.-leon. *calabrina*, *calabrón*, etc. cos que se designa distintos tipos de néboas.]

Camba e derivados

1. r. **Cambilla**, afl. do Saja, Cantabria
2. r. **Riocamba**, afl. do Cea (→ Esla → Douro), Villaverde de Arcayos, Almanza, León, con top. *Riocamba*, localidade actualmente deshabitada pertencente a Canalejas, Almanza
3. r. **Camba**, afl. do Bibei (→ Sil → Miño), Viana do Bolo, Ourense, con top. *Camba*, Laza, Ourense no seu nacemento
4. r. **Camba** (+ Alboldrón → Rodeiro → Arnego → Ulla), nace entre Lamas e Vilanova, San Xoán de Camba, Rodeiro, Pontevedra
5. r. **Cambela**, afl. do Rabagão (→ Cávado), Montalegre, Portugal
6. top. **Camba** de Pampilhosa da Serra, Coimbra, nunha curva pronunciadísima do tramo inicial do río Ceira.
7. a. 1002 rivulo **Cambar**, a. 1570 **Cambara**, h. Alfusqueiro (→ Águeda → Vouga → ría de Aveiro), pasa pola freg. **Cambra**, Vouzela, Viseu; con top. **Cambarinho**, onde nace o Alfusqueiro, freg. Ventosa, Vouzela.

[Obs. Hai outros moitos topónimos *Camba* e *Cambela*: *Veigas de Camba* de Vilariño de Conso, Ourense; *San Xoán de Camba* de Castro Caldelas, Ourense; *Portocamba* de Castrelo do Val, Ourense, etc.; *Cambela* de San Martiño de Tabeaio, Carral, A Coruña; *Cambela* de Santa María de Vilardá, San Xoán de Río, Ourense; *Cambela* de Santa María de Cambela, O Bolo, Ourense, etc. Tamén existe o apelido asturiano *Cambiella*. A listaxe de hidrónimos *Camba* e derivados debe ser por tanto moi ampla. Tamén temos algúns outros *Cámbara* (por exemplo, *A Cámbara*, Bual, Asturias) e varios *Cambra*, pero estes nomes poden ter moi distintas orixes non hidronímicas. *Cambres*, Lamego, Viseu, documéntase na Idade Media como *Cambares*, que pode ser unha pluralización. Tamén temos lugar e parr. *Cambeo*, Coles, Ourense, e *Camboño* < a. 1211 *Cambonio* no curso alto do río Ornanda, Lousame, A Coruña]

Deva

1. r. **Δηούα** entre os caristos (Ptol. 2,6,8) = r. **Deba**, Guipúscoa.
2. r. **Eva** ou río de **Riodeva**, afl. do Guadalaviar, en Riodeva, Teruel, extraído por reanálise e falso corte de *Riodeva* como *Río d' Eva*

3. r. **Deva**, fai de límite entre Asturias e Santander, nace en *Juentedé* < *fonte *Devae*
4. r. **Deva**, afl. do Piles, Xixón, Asturias, nace en *Güeyo de Deva*
5. r. **Deva** [ou Reinazu], afl. do Güeña → Sella, Covadonga, Cangues d'Onís, Asturias
6. r. **Deva**, ría de Vigo, Pontevedra
7. r. **Deva**, afl. do Miño, co nome do concello Pontedeva, Ourense, e top. A Ponte Deva, parr. San Xián de Petán, A Cañiza, Pontevedra, por onde pasa.
8. r. **Deva** < a. 1175 *rivulo nomine Deva*, a. 1343 *rio de Deua*, afl. do Miño, Arbo, Pontevedra
9. top. a. 1059 *Portella de Deva*, Braga
 [Obs. O teón. *Devaco* nun monumento procedente dun lugar descoñecido de León é probablemente un derivado en -co- de *Deva*, do mesmo xeito que *Nabiagoi* < **Nabiaco*- de Braga deriva de *Nabia* ou o etn. *Arevaci* deriva do hidrón. *Areva*. No hidrónimo medieval sen identificar a. 1247 *flumen Eve* a situar pola parr. de San Mamede de Laraxe, Cabanas, A Coruña, poderíamos ter un *Eva* deglutinado dun **riío Deva*, pero non necesariamente, cf. o top. asturiano *Evia* < séc. IX *uilla que dicitur Euia*, Siero]

Mera, Miera e derivados

1. r. **Miera**, Cantabria, con afluente **Merilla**.
2. r. **Miera**, afl. do Boeza (→ Sil → Miño), Ponferrada, León
3. r. **Meruelo** ou **Miruelos**, conflúe co anterior, Compludo, Ponferrada, León
4. r. **Mera**, afl. do Miño, nace en Fondemera, Friol, Lugo
5. r. **Mera**, desauga na ría de Ortigueira, A Coruña
6. r. **Mera**, afl. do Ulla en Arzúa, A Coruña
7. r. **Mera**, afl. do Tambre; outro afluente é o **Maruzo** (med. *Maruzu*, segundo Moralejo 2009a 78), posiblemente < **Meruzo*.
 [Obs. O río *Mero*, entre os concellos de Betanzos e Abegondo, A Coruña, sorprende polo cambio de terminación e xénero e podería ter eventualmente outra orixe (< **Méaro*?, cf. Μεάρου ποταμοῦ ἐκβολαί de Ptol. 2.6.4). O top. asturiano *Mieres* pode ser unha pluralización hidronímica. Nun documento do a. 857 aparece como *territorio Meres*, mencionándose un *riuulo qui dicitur Mera*]

Orbe e derivados

1. a. 1118 *rivulo Orbi*, afl. do Limia, en Lobeira, Ourense
2. r. **Urbión**, lagoa e afl. do Najerilla → Ebro, La Rioja
3. r. **Orbón**, afl. do Candalega → Raíces → ría de Avilés, Orbón, Castrillón, Asturias

4. r. **Herbón** < a. 1158 **Orvon**, nome de lugar e parr. e mais dun regato, afl. do Ulla, no concello de Padrón, A Coruña.
5. r. **Órbigo**, afl. do Douro en León

Porma, Puerma e derivados

1. r. **Puerma**, afl. do Cabra, Tresgrandas, Llanes, Asturias
2. r. **Puerma**, afl. do Paladín (→ *Nalón*), con topónimos *Puerma* < s. XII *Porma*, Cogollo na parr. de Trasmonte, e *Puerma* na parr. de Valduno, Les Regueres, Asturias. Este top. atópase onde Paladín se xunta co *Nalón*, de xeito que *Porma* tamén debeu designar antigamente o tramo do río que agora se chama *Paladín*.
3. r. **Porma** < s. X *Porma* (cunha única variante medieval *Borma*), afl. do Esla (→ Douro), Cofiñal, León. Nace en *Zampuerta* < **Fuanpuerma* que en documentos máis antigos aparece como *Fuente Puerma*, segundo Madoz. V. Sevilla 1981: 689-693.
4. r. **Pormaio**, afl. do río do Bao (→ río do Ouro), Santa Cruz do Valadouro, O Valadouro, Lugo con top. *Pormaio*
5. top. **Pormaio**, San Mamede das Grañas do Sor, Mañón, A Coruña
6. hodón. *Rúa do Pormaio*, Canadelo, Moreira do Lima, Ponte de Lima, Viana do Castelo, Portugal

Saramba e derivados

1. r. **Saramillo**, afl. do Pas, San Vicente de Toranzo, Cantabria
2. r. **Seramilla**, afl. do Pisueña → Pas, Saro, Cantabria (segundo o dicionario de Madoz), onde o vocalismo radical debe ser secundario
3. r. **Jaramillo**, afl. do San Marcos (→ Arlanza → Pisuega → Douro), Jaramillo de la Fuente, Burgos; e mais **Jaramillo Quemado**, antes *Jaramillo de los Caballeros*, Burgos. As dúas localidades pertencentes ao Alfoz de Lara, Burgos, a. 1175 *Xaramello medianum, in alfoz de Lara*.
4. r. **Jaramiel**, afl. do Douro, Valladolid, flúe entre Piñel de Arriba e Tudela de Duero, con top. *Los Jaramieles*, Valbuena de Duero.
5. r. **Jarama** < med. **Saramba**, afl. do Texo, Madrid
6. r. **Jaramilla**, curso alto do *Jarama*, Madrid
7. r. **Jarambiel**, afl. do Bernesga (→ Esla → Douro) San Andrés del Rabanedo, León
8. r. a. 1422 **Saramba**, Pereiro de Aguiar, Ourense
9. r. a. 978 **fluvio Sarambello**, Sarria, Lugo
10. top. **El Jaramillo**, Iznájar, Córdoba

Tamara e derivados:

1. top. *Támara de Campos*, Palencia.
2. *Tamaris* (Mela 3.1.11), **Ταμάρια** (Ptol. 2.6.2), *riuulo Tamare* a. 818, *inter Uliam et Tamar* a. 1107, *inter uliam et tamaram* a. 1120, h. r. **Tambre**, que deu nome ao condado medieval de *Trastámar* ao norte do río: cf. *Comes Gomez dominans in Trastamar* a. 1170).
3. *Tamarella* a. 941, *fluuiio Tamarella* a. 1040, afl. do **Tambre**.
4. *Tamarici fontes* (Plin. nat. 3,1,23) entre os cántabros
5. top. **Tamargo** < **Tamarico-*, Les Regueres, Oviedo
6. top. **Tamarón** < séc. XII *uallem Tamaron*, Burgos
7. top. **Baltamarón** < **val (do río) Tamarón*, Padrenda, Ourense
8. top. **Tameiro** < **Tamario-* e **Tameirón**, A Gudiña, Ourense
9. apelido castelán **Tamaruelo**
[Obs. Cf. top. brit. *Tamaris*, h. Plymouth, Devon, na desembocadura do río *Tamar* (ing. [teimar]) < lat. *Tamarus* que fai fronteira entre Devon e Cornualles]

Toranzo, Torante

1. *Valle de Toranzo*, comarca cos concellos de *Corvera de Toranzo* e *Santiurde de Toranzo*, Cantabria
2. monte **Toranzo** en Soria
3. top. **Toranzo** (*Mio Cid* 545, 1547) e **Toranz** (*Mio Cid* 1492), h. *Taranz* con *-a-* dende o Catastro do Marqués de la Ensenada, entre Guadalajara e Teruel
4. arroyo **Toranzo**, afl. do Barranco de Villanueva → Barcia → Agüeira → Navia, en Samartín d'Ozcos, Asturias
5. top. **Torante** na parr. de San Pedro da Porta, Sobrado, A Coruña, se non é antroponimo xermánico (v. Piel - Kremer 1976 § 271.23).
[Obs. O uso primario deste nome como hidrónimo non é seguro. Tamén existe *Turancias* en Llanes, Asturias, e na prov. de León; río *Turienzo* (afl. do Tuerto → Órbigo → Esla → Douro) preto de Astorga, con top. *Turienzo de los Caballeros* en Santa Coloma de Somoza e *Turienzo Castañero* en Castropodame, León]

Noutros moitos casos só atopo parellas ás que seguramente se poderán engadir máis testemuños cun rastrexo máis profundo e máis información da que eu de momento dispoño. Por exemplo:

1. a. 1153 **Avania** > río da *Baña* < (+ Suevos → Albariña → Tambre, A Baña, A Coruña); top. *La Baña* < **La Avaña* < **Avania** a. 1149, Encinedo, León. *La Bañeza*, antes frecuentemente escrito *Lavañeza* < a. 1262 *Vanieza*, a. 932 *Vanieça*, León, non está relacionado con estes nomes.

2. río **Carrío**, afl. do Deza → Ulla, Vila de Cruces, Pontevedra; río **Carrión**, afl. do Pisuega → Douro en Palencia. *Carrío* tamén é nome dunha parroquia do concello de Llaviana, Asturias. Cf. río *Carranza*, afl. do Asón, entre Cantabria e Biscaia.
3. río **Coroño**, Boiro, A Coruña; río **Curueño**, afl. do Porma (→ Esla → Douro), co que se xunta en Ambasaguas de Curueño, Santa Colomba de Curueño, León. Na zona de Vegarada, onde nace o *Curueño*, tomos a *Vega'l Coroñón*. Cf. rego de *Corenza*, afl. do Tambre, con antiga parr. San Martiño de *Corenza* < med. *Corentia*.
4. top. med. ***Eletes** (a. 887 *in Nemitos ... Heletes cognomento Limenioni*), h. parr. Limiñón, mun. Abegondo, A Coruña; río **Yeltes** < a. 1184 *in ripa fluminis Eltes* (*Aquis Elete(n)sibus* nun altar romano de Retortillo, Salamanca).

c. Teonimia. Na teonimia temos o problema xa mencionado da desigual documentación entre o occidente e o resto da Península. Non vexo ningunha particularidade exclusiva do noroeste e mailos seus veciños orientais especialmente destacable. A palabra **nemeto*- “santuario” aparece frecuentemente no noroeste (por exemplo, (*finis*) *nimidi Fiduenearum* de Paços de Ferreira, Porto; *Cusu Nemedeco* de Santo Tirso, Porto) e reaparece en *Nimmedo Aseddiago* de Mieres, Oviedo e *Nem[e]do augusto* da Cueva de la Griega, Pedraza, Segovia, pero a ausencia en zonas máis meridionais pode ser casual.

d. Antroponimia. Son escasos os nomes de persoa do noroeste compartidos exclusivamente polos seus veciños orientais, o que pode deberse á escaseza xeral da documentación na Gallaecia septentrional. Sirva de exemplo *Pusinca*, *Pusincina* que se estende de Galicia a Burgos e Soria (v. Vallejo 2005: 380-381). *Nantius -ia* que é exclusivo do noroeste atopa un derivado da mesma base en *Nantovius* de Peña Amaya, Burgos. Ás veces hai unha coincidencia no uso de determinados derivados como por exemplo no caso de **Caili-on-* que documentamos como *Caeleo* en Santa Comba, A Coruña, *Caelio* Liegos, León e Herrera del Pisuega, Palencia, e mailo derivado *Caelionicae* en Parres, Asturias, mentres que a súa base *Caelius* ten unha distribución xeográfica completamente diferente.

Ademais das coincidencias no léxico onomástico tamén se observan outros fenómenos compartidos polo noroeste e os seus veciños orientais. Tamén nesta zona se conserva amplamente o *p* (top. *Paramo-*, *Palantia*, *Pintia*, os *castellanos Paemeio-brigenses* do bronce de Bembibre, León; top. mod. *Pombriego* en León; hidrón. *Porma/Puerma*, *Pisorgo/Pisuega*; antrop. *Pento-/Pinto-* e derivados, *Pusinca -ina*, etc.), mentres que **pletisama* perde o seu **p-* inicial (*Ledesma*, Boqueixón, A Coruña; *Ledesma de la Cogolla*, Logroño, etc.). Por todo o norte son en xeral máis frecuentes

as sonorizacións de oclusivas xordas entre fonemas sonoros. Cf. top. mod. como *Tui* < *Tude* ou *Nimo* < a. 1224 *Nimio* < **nemedum* que parten dun étimo latino con previa (prelatina) sonorización. Tamén temos perdas esporádicas antigas de sonoras intervocálicas, especialmente do -β- (antrop. *Eorini* < **Eborini* de Oia, Pontevedra; teón. *I O M Candiedoni* < **Cantibedoni* dun lugar descoñecido de Galicia; teón. *Madarissu Soelagau* < **Zoilacabo* dat. pl. de Vigo de Sanabria, Galende, Zamora; tamén en material lingüístico latino, cf. *deaus* < *deabus* e *dius* < *dibus* en *Di(s) et deaus conven(tus) deoru(m)* de Valdeolea, Cantabria, *Dius M-a-n(ibus) s(acrum)* de Araño, Rianxo, A Coruña, *Dius Manibus* de Presqueira, Baños de Molgas, Ourense, e *Dius Manibus* de Olleros de Pisuerga, Palencia), probablemente tamén do -γ- (top. *ᾠ Lubri* dos célticos supertamarcos < *Lugubri* ?, teón. *Moetio* de Amoeiro, Ourense < *Mogetio* ?) e posiblemente do -δ- (top. *[ᾠ] Miobri* dos célticos supertamarcos < *Meidu*-?).

Entre os fenómenos que non penetran ou polo menos non o fan de momento claramente no noroeste eu destacaría na fonética o fonema /dʒ/ ou /z/ representado mediante <Z>, <S> (etn. *Zoelae*; *Soelagau* < **Zoilacabo*) ou <SD> (antrop. *Bodero Sdublegino* de Pedrosa del Rey, Riaño, León, etimoloxizable como **dyu-bleg(y)o*- “brillante como a luz do día” ou, se ao primeiro elemento lle damos un valor puramente intensificativo, “moi brillante”²⁰⁰), que eu sen embargo propuxen como cambio previo necesario para poder explicar o teónimo occidental *Reve* a partir de **Zevē* < **Djēuei* (dat. de **djēu-* = Xúpiter / Zeus con grao pleno radical secundario como lat. *Iovī*); na morfoloxía flexiva a terminación de dat. pl. *-isu* en *Madarissu Soelagau* “Matribus Zoelacis”, que de momento só é relacionable con *Icoveoso Toncina[i]coso* de Mangualde, Viseu; na morfoloxía derivativa o especial recurso ao sufixo *-aino-* (etn. *Luggoni Arganticaeni* “de **Argantica* [top.]” ou “de **Argantico-* [antrop.]”, nome familiar *Elesigainum* “de **Elaesica* [top.]” ou “de **Elaesico-* [antrop.]” de Sobrelapeña, Santander, etc.). No ámbito extralingüístico a fórmula *ex gente* na identificación persoal (por exemplo en *Madarissu Soelagau Burrilus Avelci f(i)lius exs gent(e) Abaniciorum exs v(oto)*). Dá a impresión de debuxarse unha certa “fronteira” lingüística (dialectal) máis clara entre os galaicos e os seus veciños orientais ca cara ao sur²⁰¹.

²⁰⁰ O primeiro elemento sería ie. **dyu-* “día, ceo” (cf. ind. ant. *dyu-pati-* “señor do ceo”, etc.) e o segundo un derivado da raíz ie. **bʰleg* “brillar” (gr. φλέγω, lat. *fulgō, fulgeō*). Cf. antrop. lat. *Fulgentius*, gr. Φλέγων -οντος.

²⁰¹ Untermann 1984: 26 dicía o seguinte: “Volviendo a los dialectos del oeste hispánico, me parece admisible -aunque de ninguna manera seguro- que la diferencia de la organización social que se manifiesta en el límite occidental de las gentilidades corresponda a una diferencia dialectal entre dos lenguas celtas. No se puede dar una respuesta definitiva sin testimonios escritos, y como los Astures, Vetones, Gallegos no empezaron a aprender a escribir antes de que perdieran su lengua indígena, me temo que nunca vamos a solucionar el problema”.

Recomendacións bibliográficas:

Sobre a onomástica occidental en xeral ou especificamente do noroeste. En conxunto: Untermann 1988, 1997, 2007b e 2009, de Hoz 1997, 2009 e 2010, Moralejo 2008. Antroponimia: Albertos 1984, 1985-1986 e 1986, Lois Silva 2007 e 2007b, Vallejo 2009. Toponimia: Guerra 1998, 2005 e 2007, Díaz Martínez 2009, Navaza 2009, Moralejo 2010a, Untermann 2018, García Arias (web). Hidronimia: Bascuas 2002, 2006 e 2014, Moralejo 2009a. Teonimia: Búa 2000, Olivares 2000, Untermann 1986. Ademais sobre a onomástica especificamente lusitana. Antroponimia: Navarro - Ramírez 2003, Vallejo 2005, 2009b. Teonimia: Encarnação 2015, Garcia 1991, Monteiro Teixeira 2014, Olivares 2000-2001.

15. Consideracións finais

Gustáriame ter dado ao longo dos capítulos anteriores unha idea ampla e comprensible da riqueza de datos de que dispoñemos sobre o mundo lingüístico prelatino de Galicia, a súa complexidade e todo o que queda aínda por facer, esperando que a selección inevitablemente subxectiva de temas e sobre todo de exemplos e o enfoque da súa análise dende a postura e perspectiva que me parece máis razoable, que nalgúns aspectos moi concretos pode ser moi persoal, pero en xeral é a marcada por Jürgen Untermann, non impida que o lector se poida facer a súa propia idea dos problemas e das súas posibles solucións.

Para rematar só quero insistir en que o estudo da onomástica prelatina non pode reducirse á etimoloxía e perderse na pura especulación etimolóxica nin ser motivo nin vítima de grandes teorías especulativas (antigoeuropea, sorotáptica, paracéltica, iliria, ligur, vascoiberista, vascosemítica, euroafricana, etrusca, celtopaleolítica, paleomediterránea, hispanocaucásica...), como con excesiva frecuencia se ten feito ata agora. Falta aínda moito traballo de base por facer e é aí dende logo onde de momento aínda debemos centrar os nosos esforzos: a recollida exhaustiva e crítica de todo o material antigo e de todo o material hidronímico e toponímico medieval e moderno, coa restitución na medida do posible da súa protoforma románica ou latina. Para isto non fai falta ser indoeuropeísta. Tódolos romanistas interesados na onomástica poden facer aquí un gran contributo. Antes de entrar en maiores fonduras etimolóxicas hai que cartografiar tódolos nomes idénticos que vaian aparecendo por aquí e por alá e tratar de establecer así áreas e subáreas onomásticas coa axuda daqueles que claramente compartan uns mesmos espazos xeográficos, vendo en qué medida estes territorios se deixan asociar aos dos pobos antigos dos que conservamos algunha noticia histórica. Algúns deses nomes serán facilmente etimoloxizables, outros serán completamente opacos e outros, probablemente a maioría, atoparanse nunha zona gris entre eses dous extremos, na que só se vai poder penetrar coa luz que poidamos achegar se estamos dispostos a ter paciencia e ir con sumo coidado dende o coñecido cara ao descoñecido e sen pretender empezala casa polo tellado. Nese proceso non cabe dúbida de que primeiro hai que exprimir ao máximo a indiscutible celticidade que se atopa nese material, despois xa se irá vendo.

Bibliografía

- Adams, J. N. (2003): *Bilingualism and the Latin Language*. Cambridge: Cambridge Univ. Press. <<https://doi.org/10.1017/CBO9780511482960>>
- Adiego Lajara, I. X. (2002): “Indoeuropeïtzació al paleolític? Algunes reflexions sobre la “teoria della continuità” de Mario Alinei”, *Estudis Romànics* 24, 7-29.
- Aira González, R. (2004): “Notas sobre onomástica medieval da Terra de Bergantiños”, en R. Álvarez Blanco - F. Fernández Rei - A. Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade. Actas do I congreso internacional III*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega – Instituto da Lingua Galega, 459-473.
- Alarcão, J. de (1995-1996): “As civitates do norte de Portugal”, *Cadernos de Arqueologia II* 12-13, 25-30.
- Alarcão, J. de (2001): “As paróquias suévicas do território actualmente português”, en F. Villar Liébana - M. P. Fernández González (eds.), *Religión, lengua y cultura prerromanas de Hispania*. Salamanca: USAL, 29-59.
- Albertos Firmat, M. L. (1966): *La onomástica personal primitiva de Hispania: Tarraconense y Bética*. Salamanca: CSIC.
- Albertos Firmat, M. L. (1977): “Correcciones a los trabajos sobre onomástica personal indígena de M. Palomar Lapesa y María Lourdes Albertos Firmat”, *Emerita* 45, 33-54. <<https://doi.org/10.3989/emerita.1977.v45.i1.916>>
- Albertos Firmat, M. L. (1976): “La antroponimia prerromana en la Península Ibérica”, en F. Jordá - J. de Hoz - L. Michelena (eds.), *Actas del I Coloquio sobre lenguas y culturas prerromanas de la Península Ibérica*. Salamanca: USAL, 57-86.
- Albertos Firmat, M. L. (1984): “La onomástica personal en las inscripciones romanas de Asturias”, *Lletres asturianas* 12, 37-54.
- Albertos Firmat, M. L. (1985-1986): “La onomástica personal indígena de la región septentrional”, *Veleia* 2-3, 155-194
- Albertos Firmat, M. L. (1985-1986b): “Las aspiradas de las lenguas paleohispánicas: la F y la H”, *Veleia* 2-3, 139-143.
- Albertos Firmat, M. L. (1986): “La onomástica personal indígena del noroeste peninsular (astures y galaicos)”, J. de Hoz (ed.), *Actas del III Coloquio sobre Lenguas y Culturas Paleohispánicas*, Salamanca, 255-310

- Albertos Firmat, M. L. (1990): “Los topónimos en “-briga” en Hispania”, *Veleia* 7, 131-146.
- Alemany, A. (2000): *Sources on the Alans*. Leiden: Brill.
- Alinei, M. (2006): “Unha nova visión da preistoria lingüística de Europa”, *A Trabe de Ouro* 17, 199-217.
- Alinei, M. (2008): *A Teoria da Continuidade Paleolítica das Origens Indo-Europeias: Uma Introdução*. Lisboa: Apenas Livros.
- Alinei, M. - Benozzo, F. (2008): *Alguns aspectos da Teoria da Continuidade Paleolítica aplicada à região galega*. Lisboa: Apenas Livros.
- Almagro-Gorbea, M. (2003): *Epigrafía prerromana: Catálogo del gabinete de antiqüedades*. Madrid: RAH.
- Almagro-Gorbea, M. - Ortega Blanco, J. - Villar Liébana, F. (1999): “Una nueva inscripción lusitana: Arroyo de la Luz III”, *Complutum* 10, 167-173.
- Alonso Álvarez, R. (2008): “Hornija, Bamba, Pampliega.; las elecciones funerarias de los reyes hispanovisigodos”, *Territorio, Sociedad y Poder* 3, 13-27.
- Alvar, M. e. a. (dir.) (1960): *Enciclopedia lingüística hispánica* I, Madrid: CSIC.
- Arenas Esteban, J. A. (2010): “Sobre la identificación de entornos religiosos en el horizonte prerromano celtibérico”, en F. Burillo (ed.), *VI Simposio sobre los celtiberos. Ritos y mitos*. Zaragoza: Fundación Segeda - Centro de Estudios Celtibéricos, 87-102.
- Ares Vázquez, N. (1976): “Ex-votos lucenses a la diosa Navia”, *BCPMHAL* 9, 237-244.
- Ares Vázquez, N. (2001): “Toponimia do concello da Fonsagrada”, *Lucensia* 23, 317-336.
- Arias Vilas, F. - Le Roux, P. - Tranoy, A. (1979): *Inscriptions romaines de la province de Lugo*. París: De Boccard.
- Baldi, Ph. – Page, B. R. (2006): “Review: Europa Vasconica-Europa Semitica Theo Vennemann”, *Lingua* 116, 2183-2220. <<https://doi.org/10.1016/j.lingua.2005.03.011>>
- Baldinger, K. (1963): *La formación de los dominios lingüísticos en la Península Ibérica*. Madrid: Gredos.
- Ball, M. J. - Müller, N. (2009): *The Celtic Languages*. Londres - Nova York: Routledge.
- Balles, I. (1999): “Zu den britannischen *jo-Stämmen und ihren idg. Quellen”, en St. Zimmer - R. Ködderitzsch - A. Wigger (eds.), *Akten des zweiten deutschen keltologen -Symposiums*. Tübingen: Niemeyer, 4-22.

- Barbosa, M. B. (1998-2002): “Tesouros monetários romanos en Portugal: da República ao reinado de Augustus”, *Nummus* 21-25, 7-144.
- Bascuas López, E. (2001): “Mondoñedo y Valoria”, *Estudios Mindonienses* 17, 423-490.
- Bascuas López, E. (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Santiago de Compostela: USC.
- Bascuas López, E. (2006): *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada - A Coruña: Edicións do Castro.
- Bascuas López, E. (2014): *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Becker, L. (2009a): *Hispano-romanisches Namenbuch*, Tübingen: Niemeyer.
- Becker, L. (2009b): “Belasco y Didaco: Non Latini ergo prae-Romani sunt?”, en D. Kremer, *Onomástica galega II. Onimia e onomástica romana e a situación do noroeste peninsular*, Santiago de Compostela: USC, 262-281.
- Beekes, R.S.P. (1992): “Widow”, *Historische Sprachforschung* 105, 171-87.
- Beltrán Llorís, F. (2005): “Galos en Hispania”, *Acta Archaeologica Academiae Scientiarum Hungaricae* 57, 183-199. <<https://doi.org/10.1556/AArch.57.2006.1-3.13>>
- Benincà, P. (1995): “Friaulisch/Il friulano”, *Lexikon der Romanistischen Linguistik* II,2. Tübingen: Niemeyer, 42-61.
- Bertoldi, V. (1928): “Keltische Wortprobleme: Irisch find-choll = gallisch *alisa”, *Zeitschrift für celtische Philologie* 17, 177-192.
- Binsfeld, W. (1972): “Eine Bierverlegerin aus Trier. Zu CIL XIII 450*”, *Germania* 50, 256-258.
- Botelho Ribeiro Pereira, M. (1630): *Diálogos moraes e políticos* (editado en Viseu: Junta Distrital de Viseu, 1960, con introducción de Alexandre de Lucena e Vale).
- Boullón Agrelo, A. I. (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XIII)*. Tübingen: Niemeyer.
- Boullón Agrelo, A. I. (2011): “O artigo na toponimia galega: aspectos da estandarización”, *Revista Galega de Filoloxía* 12, 11-35.
- Brea, M. (1994): “Galego: Evolución lingüística externa”, en G. Holtus *et al.* (eds.), *Lexikon der romanistischen Linguistik* VI,2. Tübingen: Niemeyer, 80-97.
- Búa Carballo, C. (1997): “Dialectos indoeuropeos na franxa occidental hispánica”, en G. Pereira Menaut (ed.), *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego* I. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 51-98.
- Búa Carballo, C. (2000): *Estudio lingüístico de la teonimia lusitano-galaica*, Tese de doutoramento, Univ. Salamanca, inédita.
- Búa Carballo, C. (2003): “Cosus. Un exemplo da epigrafía e relixión”, *Boletín Auriense* 33, 147-184.

- Búa Carballo, C. (2004): “Tres cuestións relacionadas coa toponimia antiga en -bris, modena en -bre”, en A. Boullón Agrelo (ed.), *Novi te ex nomine. Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. D. Kremer*. A Coruña: Barrié, 382-399.
- Búa Carballo, C. (2007): “Topónimos galegos en -ollo de probable orixe prerromana”, en: L. Méndez - G. Navaza (ed.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega “Frei Martín Sarmiento”*, Santiago de Compostela, AGOn, 391-412.
- Búa Carballo, C. (2007b): “O Thesaurus Palaeocallaecus, un proxecto que quere botar a andar”, en D. Kremer (ed.), *Onomástica galega*. Santiago de Compostela: USC, 15-40.
- Búa Carballo, C. (2009): “Teonimia e hidronimia”, en D. Kremer *Onomástica galega II. Onimia e onomástica romana e a situación do noroeste peninsular*. Santiago de Compostela: USC, 91-155.
- Búa Carballo, C. (2011): “Novedades en la teonimia galaico-lusitana”, en *III congreso internacional sobre a cultura celta (Narón, 15-17.04.2011)* [en prensa].
- Búa Carballo, C. (2016): *Veigha: léxico e fonética da Galicia prelatina?* en A.I. Boullón Agrelo (2017): *Estudar toponimia: aproximacións metodolóxicas e interpretativas*, Anexo 75 de Verba, 57-79.
- Búa Carballo, C. - Lois Silva, S. (1994-1995): “Los topónimos gallegos en -bre de origen prerromano”, *BzNf* 29-30, 13-41.
- Campanile, E. (1999): “Ricostruzione linguistica e ricostruzione culturale”, en E. Campanile, *Saggi di linguistica comparativa e ricostruzione culturale*. Pisa - Roma: Istituti editoriali e poligrafici internazionali, 29-31
- Campanile, E. (1999b): “Indo-European and Non-Indo-European Elements in the Celtic Dialects”, en E. Campanile, *Saggi di linguistica comparativa e ricostruzione culturale*. Pisa - Roma: Istituti editoriali e poligrafici internazionali, 283-287.
- Campbell, L. (2006): “Why Sir William Jones got it all wrong, or Jones’ role in how to establish language families”, *ASJU* 40, 245-264
- Cardim Ribeiro, J. (2010): “Algumas considerações sobre a inscrição em “Lusitano” descoberta em Arronches”, *Palaeohispanica* 10, 41-62.
- Cheung, J. (2007): *Etymological dictionary of the Iranian verb*. Leiden: Brill.
- Clackson, J. (ed.) (2011): *A Companion to the Latin Language*. Chichester: Blackwell. <<https://doi.org/10.1002/9781444343397>>
- Coelho, F. A. (1889): “Antigos nomes hispánicos”, *Revista Archeologica* 3, 1-16.
- Corominas, J. (1976): “Elementos prelatinos en las lenguas romances hispánicas”, en F. Jordá - J. de Hoz - L. Michelena (eds.), *Actas del I Coloquio sobre lenguas y culturas prerromanas de la Península Ibérica*. Salamanca: USAL, 87-164.

- Correia Santos, M. J. - Schattner, Th. G. (2010) “O Santuário do Cabeço das Fráguas através da arqueologia”, *Iberografias* 6, 89-108.
- Cowgill, W. (2006) “Italic and Celtic Superlatives and the Dialects of Indo-European”, en J. S. Klein (ed.), *The Collected Writings of Warren Cowgill*. Ann Arbor: Beech Stave Press, 191-226.
- Curchin, L. A. (1996): “Five celtic town names in central Spain”, *Habis* 27, 45-47.
- de Bernardo Stempel, P. (2002): “Centro y áreas laterales: la formación del celtibérico sobre el fondo del celta peninsular hispano”, *Palaeohispanica* 2, 89-132.
- de Hoz, J. (1963): “Hidronimia antigua europea en la Península Ibérica”, *Emerita* 31, 227-242.
- de Hoz, J. (1965): “La hidronimia antigua europea: origen y sentido”, *Emerita* 33, 15-22
- de Hoz, J. (1991): “Las lenguas célticas peninsulares”, en M. Almagro Gorbea - G. Ruiz Zapatero (eds), *Los Celtas en la Península Ibérica*. Madrid: Zugarto, 36-41.
- de Hoz, J. (1992): “The Celts of the Iberian Peninsula”, *Zeitschrift für celtische Philologie* 45, 1-37. <<https://doi.org/10.1515/zcph.1992.45.1.1>>
- de Hoz, J. (1993): “La lengua y la escritura ibéricas, y la lengua de los iberos”, en J. Untermann - F. Villar (eds.), *Lengua y cultura en la Hispania prerromana. Actas del V coloquio de lenguas y culturas prerromanas de la Península Ibérica*. Salamanca: USAL, 635-666.
- de Hoz, J. (1994): “Castellum Aviliobris. Los celtas del extremo occidente continental”, en R. Bielmeier y R. Stempel (eds.), *Indogermanica et Caucasica. Festschrift für K. H. Schmidt*. Berlin - New York: de Gruyter, 348-362. <<https://doi.org/10.1515/9783110872200.348>>
- de Hoz, J. (1995) “El poblamiento antiguo de los Pirineos desde el punto de vista lingüístico”, en J. Bertranpetit – E. Vives (eds.), *Muntanyes i Població. El passat dels Pirineus des d'una perspectiva multidisciplinària*. Andorra Vella: Govern d' Andorra, 271-299.
- de Hoz, J. (1997): “Lingua e etnicidade na Galicia antiga”, en G. Pereira Menaut, *Galicia fai dous mil anos. O feito diferenca galego I*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 101-140.
- de Hoz, J. (2005): “Epigrafías y lenguas en contacto en la Hispania antigua”, *Palaeohispanica* 5, 2005, 57-98
- de Hoz, J. (2009): “La indoeuropeización del noroeste”, en D. Kremer, *Onomástica galega II. Onimia e onomástica romana e a situación do noroeste peninsular*. Santiago de Compostela: USC, 7-35.

- de Hoz, J. (2009b): “El problema de los límites de la lengua ibérica como lengua vernácula”, *Palaeohispanica* 9, 413-433.
- de Hoz, J. (2010) “Las lenguas del Noroeste peninsular y la relación entre astures y galaicos”, *Larouco* 5, 17-38.
- de Hoz, J. (2010b): *Historia lingüística de la Península Ibérica en la antigüedad: I. Preliminares y mundo meridional prerromano*. Madrid: CSIC.
- de Hoz, J. (2011), *Historia lingüística de la Península Ibérica en la antigüedad: II. El mundo ibérico prerromano y la indoeuropeización*. Madrid: CSIC.
- de Hoz, J. (2013): “La epigrafía lusitana y la intersección de religión y lengua como marcador identitario”, *Revista da Faculdade de Letras Ciências e técnicas do Património* 12, 87-98.
- Demandt, A. (2002): “Der Baumkult der Kelten”, en Ternes Ch. M. – Zinser, H. (eds.), *Dieux des Celtes – Götter der Kelten – Gods of the Celts*. Luxemburg: EurAssoc, 1-18.
- de Vaan, M. (2008): *Etymological Dictionary of Latin and the other Italic languages*. Leiden: Brill.
- Díaz Ariño, B. (2008): *Epigrafía latina republicana de Hispania*. Barcelona: UB.
- Díaz Martínez, P. C. (2009), “Continuidad de las civitates romanas del noroeste hispánico en época germánica” en D. Kremer (ed.), *Onomástica galega II. Onimia e onomástica romana e a situación do noroeste peninsular*. Santiago de Compostela: USC, 199-213.
- Díaz y Díaz, M. (1960): “El latín de la Península ibérica: rasgos lingüísticos”, en Alvar, M. e. a. (dir.) (1960): *Enciclopedia lingüística hispánica I*. Madrid: CSIC, 153-197
- Díaz y Díaz, M. (1983): “Sobre la implantación del latín en la sociedad galaico-romana”, en G. Pereira Menaut (ed.), *Estudos de cultura castrexa e de historia antiga de Galicia*. Santiago de Compostela: USC, 283-293.
- Duridanov, I. (1997): “Keltische Sprachspuren in Trakien und Mösien”, *Zeitschrift für celtische Philologie* 49-50, 130-142. <<https://doi.org/10.1515/zcph.1997.49-50.1.130>>
- Encarnação, J. de (1984): *Inscrições romanas do Conventus Pacensis*. Coimbra: Inst. Arq. da Fac. de Letras.
- Encarnação, J. de (1986): “Inscrições romanas do Conventus Pacensis. Aditamento”, *Trabalhos de Arqueologia do Sul* 1, 99-109.
- Encarnação, J. de (2015): *Divindades Indígenas sob o Domínio Romano em Portugal (Subsídios para o seu Estudo)*, Lisboa (2. ed.).

- Encarnação, J. de - Oliveira, J. de - Carneiro, A. - Teixeira, C. (2008): “Inscrição votiva em língua lusitana (Arronches, Portalegre)”, *Conimbriga* 47, 85-102. <http://dx.doi.org/10.14195/1647-8657_47_4>
- Encarnação, J. de - Oliveira, J. de - Teixeira, C. (2008): “Uma inscrição votiva em língua lusitana”, *Palaeohispanica* 8, 167-178.
- Ernout, A. - Meillet, A. (1959-1960): *Dictionnaire étymologique de la langue latine. Histoire des mots*. Paris: Klincksieck.
- Eska, J. F. (2009): “The Emergence of the Celtic Languages”, en M. J. Ball - N. Müller, *The Celtic Languages*, 22-27.
- Eska, J. F. (2013): “In defense of Celtic /φ/”, en A. I. Cooper - J. Rau - M. Weiss (eds.), *Multi nominis grammaticus*. Ann Arbor: Beachstave Press, 32-43.
- Fernández Oxea, J. R. (1951): “De epigrafía cacereña”, *BRAH* 128, 165-196.
- Fita, F. (1905): “Nuevas inscripciones romanas”, *BRAH* 46, 76-81.
- Folgar Brea, M. J. (2008): “A toponimia menor do concello da estrada. I. Agar – Loimil”, *A Estrada: Miscelánea histórica e cultural* 11, 279-326.
- Froehner, W. (1958): *Inscriptiones terrae coctae vasorum intra Alpes Tissam Tamesim repertas*. Göttingen: Dieterich.
- Gaidoz, H. (1876-1878): “Reseña de H. d’Arbois de Jubainville, Les premiers habitants de l’Europe”, *Revue celtique* 3, 458-463.
- Galmés de Fuentes, A. (2000): *Los topónimos: sus blasones y trofeos (la toponimia mítica)*. Madrid: RAH.
- Gamallo Barranco, J. L. - Gimeno Pascual, H. (1990): “Inscripciones del norte y sudoeste de la provincia de Cáceres”, *CuPAUAM* 17, 277-306. <<https://doi.org/10.15366/cupauam1990.17.015>>
- Gamillscheg, E. (1938): “Reseña a Elise Richter, Beiträge zur Geschichte der Romanismen. I. Chronologische Phonetik des Französischen bis zum Ende des 8. Jahrhunderts”, *Zeitschrift für französische Sprache und Literatur* 61, 89-106.
- García, J. M. (1991): *Religiões antigas de Portugal*. Lisboa: INCM.
- García Alonso, J. L. (1995): *La Geografía de Claudio Ptolomeo y la Península Ibérica*. Salamanca: USAL.
- García Alonso, J. L. (2006): “Vettones y Layetanos. La etnonimia antigua de Hispania”, *Palaeohispanica* 6, 59-116.
- García Alonso, J. L. (2009): “Lenguas indoeuropeas prerromanas en el noroeste peninsular”, *Palaeohispanica* 9, 163-174.
- García Arias, X. L. (1991): “De toponimia tebergana (XIV): Las elevaciones”, *Lletres asturianas* 41, 53-74.
- García Arias, X. L. (1997): “Un riu de nome Salia”, *Lletres Asturianas* 65, 33-39.

- García Arias, X. L. (1997b): “Discusiones etimológicas asturianas”, *Revista de Filología Románica* 13, 328-344.
- García Arias, X. L. (2004): “Averamiento al Dictionariu Etimolóxicu de la Llingua Asturiana (2). Dellos celtismos”, *Lletres Asturianes* 87, 11-35.
- García Arias, X. L. (2011): “Terminaciones asturianas en -uga, -úa”, *Lletres asturianas* 105, 15-19.
- García Arias, X. L. (web): *Toponimia asturiana*, <<http://mas.lne.es/toponimia>>.
- García y Bellido, A. (1967): “La latinización de Hispania”, *AEA* 40, 3-29.
- García y Bellido, A. (1975): “El llamado «Itinerario de Barro»”, *BRAH* 172, 547-563.
- García Leal, A. (2003): “Aportaciones del análisis lingüístico a la datación del diploma del rey Silo y a la determinación de su procedencia”, *Signo. Revista de Historia de la Cultura Escrita* 11, 127-172.
- García Ramón, J. L. (1992): “Griechisch ἱερός (und Varianten), vedisch iṣirá-”, en R. Beekes – A. Lubotsky – J. Weitenberg (eds.), *Akten der VIII. Fachtagung der Indogermanischen Gesellschaft*. Innsbruck: Institut für Sprachwissenschaft der Univ. Innsbruck, 183-205.
- García Ramón, J. L. (2012): “Anthroponymica Mycenaea 7: Los nombres con primer elemento e-ri^o (: `Epi^o) y a-ri^o (: `Ari^o)*”, en C. Varias García (ed.), *Faventia Supplementa I. Actas del Simposio Internacional: 55 Años de Micenología (1952-2007)*. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona, 107-125
- García Trabazo, J. V. (2014): “Zum indogermanischen und anatolischen Wortschatz der ‘materiellen Kultur’ und seine Relevanz zur Chronologie der ‘nachanatolischen’ dialektalen Spaltungen”, *14. Fachtagung der Indogermanischen Gesellschaft (17.-22.09.2014)*, Univ. de Copenhague [en prensa].
- García Trabazo, J. V. (2016): “Toponimia prelatina de Asturias: una revisión crítica en perspectiva histórico-comparativa”, *Lletres Asturianes* 115, 51-71.
- Geiger, Th. (1964): “Die ältesten Gewässernamenschichten im Gebiet des Hoch- und Oberrheins”, *BzNf* 15, 123-124.
- Gibson, C. - Wodtko, D. S (2014): “The background of the Celtic languages: theories from archaeology and linguistics”, en H. Hettrich - S. Ziegler (eds.), *Die Ausbreitung des Indogermanischen. Thesen aus Sprachwissenschaft und Archäologie. Akten der Tagung der Indogermanischen Gesellschaft vom 24. bis 26. September 2009 in Würzburg* (en prensa).
- Gomes, L. F. C.- Tavares, A. M. M. (1985): “Ara votiva de Casais (*Conventus Scalabitanus*)”, *FE* 13, n. 55.
- Gómez-Moreno Martínez, M. (1919): *Iglesias Mozárabes*. Madrid: Centro de Estudios Históricos.

- Gómez-Moreno Martínez, M. (1949): *Misceláneas. Historia - Arte - Arqueología*. Madrid: CSIC.
- Gonçalves Miguel, A. M. (2013): *As epígrafes em língua lusitana. Memórias escritas da língua e da religião indígena*. Universidade do Porto, dissertação inédita.
- González Fernández, E. - Rodríguez Colmenero, A. (2001): “Dos hallazgos singulares en las recientes excavaciones de Lugo: un edículo sacro y un alfabeto latino de época romana”, *Larouco* 3, 243-251.
- González Rodríguez, M. C. (1986): *Las unidades organizativas indígenas del área indoeuropea de Hispania*. Vitoria-Gasteiz: UPV.
- González Rodríguez, M. C. (1994): “Las unidades organizativas indígenas II : *Addenda et corrigenda*”, *Veleia* 11, 169-175.
- González Rodríguez, M. C. - Ramírez Sánchez, M. (2011): “Unidades organizativas indígenas del área indoeuropea de Hispania III : *Addenda*”, *Veleia* 28, 253-267.
- González Ruibal, A. - Rodríguez Martínez, R. - Ayán Vila, X. (2010): “Buscando a los púnicos en el noroeste”, *Mainake* 32, 577-600.
- Gorrochategui Churruca, J. (1985): “Historia de las ideas acerca de los límites geográficos del vasco antiguo”, *ASJU* 19, 571-594.
- Gorrochategui Churruca, J. (1987): “En torno a la clasificación del lusitano”, *Veleia* 2-3, 77-91.
- Gorrochategui Churruca, J. (2000): “La romanización del País Vasco: Aspectos lingüísticos”, *Bitarte* 22, 87-101.
- Gorrochategui Churruca, J. (2009): “Vasco antiguo: algunas cuestiones de geografía e historia lingüísticas”, *Palaeohispanica* 9, 539-555.
- Gostar, N. (1967): “Aliobrix”, *Latomus* 26, 987-995.
- Guerra, A. (1998): *Nomes pré-romanos de povos e lugares do ocidente peninsular*. Lisboa, tese de doutoramento inédita.
- Guerra, A. (2003): “Algumas questões de toponímia pré-romana do ocidente peninsular”, *Palaeohispanica* 3, 101-112.
- Guerra, A. (2005): “Povos, cultura e língua no Ocidente Peninsular: uma perspectiva, a partir da toponomástica”, *Palaeohispanica* 5, 793-822.
- Guerra, A. (2007): “Reflexões em torno de alguns elementos da toponomástica do extremo ocidente peninsular” en D. Kremer (ed.), *Onomástica galega*. Santiago de Compostela: USC, 113-134,
- Greule, A. (2007): “Keltisch *Brig- in der Toponymie Mitteleuropas. Beiträge zu einem Wörterbuch der keltischen Etyma in der Toponymie Mitteleuropas”, en W. Janka - M. Prinz (eds.) *A. Greule. Etymologische Studien zu geographischen Namen in Europa*. Regensburg: Univ. Regensburg, 203-210.

- Greule, A. (2010): “Die historischen Horizonte der geographischen Namen in Bayern”, *Ober-viechtacher Heimatblätter* 8, 9-19.
- Häusler, A. (2003): *Nomaden, Indogermanen, Invasionen. Zur Entstehung eines Mythos*. Halle - Saale: OWZ.
- Hernando Balmori, C. (1935): “Sobre la inscripción bilingüe de Lamas de Moledo”, *Emerita* 3, 77-119.
- Hernando Sobrino, M. del R. (2005): *Epigrafía romana de Ávila*. Burdeos - Madrid: Ausonius Éditions.
- Hervés Reigosa, F. - Rodríguez Colmenero, A. (2007): “4. Dos nuevos altares, uno de ellos a los Lucubi, de un *lararium* de Lucus Augusti”, *Larauco* 4, 223-224.
- Hofeneder, A. (2010): “Späte Zeugnisse zum keltischen Eichenkult”, en J. A. Arenas Esteban (ed.), *Celtic Religion across space and time: fontes epigraphici religionum celticarum antiquarum*. Molina de Aragón - Toledo: Junta de Comunidades de Castilla - La Mancha, 283-298.
- Holder, A. (1896): *Altceltischer Sprachschatz* I. Leipzig: Teubner.
- Holder, A. (1904): *Altceltischer Sprachschatz* II. Leipzig: Teubner.
- Holder, A. (1907): *Altceltischer Sprachschatz* III. Leipzig: Teubner.
- Hübner, E. W. E. (1868): “Über eine in der portugisischen Provinz Beira Baixa vorhandene Inschrift”, *Monatsbericht der Königlich Preussischen Akademie der Wissenschaften zu Berlin*, 6-11.
- Hübner, E. W. E. (1869): *Inscriptiones Hispaniae Latinae (Corpus Inscriptionum Latinarum II)*, Berlín.
- Hübner, E. W. E. (1877): “Der Fund von Procolitia”, *Hermes* 12, 257-271.
- Hübner, E. W. E. (1893): *Monumenta linguae ibericae*. Berlín: Reimer.
- Hubschmid, J. (1947-1948): “Zur Erforschung des Mittellateinischen Wortschatzes”, *Archivum latinitatis medii aevi* 20, 255-272.
- Jackson, K. H. (1970): “Appendix II. Romano-British Names in the Antonine Itinerary”, en A. L. F. Rivet - K. H. Jackson, “The British Section of the Antonine Itinerary”, *Britannia* 1, 68-82.
- Janda, M. (2000): *Eleusis: Das Indogermanische Erbe der Mysterien*. Innsbruck: Institut für Sprachwissenschaft der Uni Innsbruck.
- Jones, W. (1798): “The third anniversary discourse, delivered 2d February, 1786: on the Hindus”, *Asiatick Researches* 1, 415-431.
- Jungemann, F. H. (1955): *La teoría del sustrato y los dialectos hispanoromances y gascones*, Madrid: Gredos.
- Koch, J. T. (1992): “Gallo-Brittonic Tasc(i)ouanos “Badger-slayer” and the Reflex of Indo-European *gwh”, *Journal of Celtic Linguistics* 1, 101-18.

- Koch, J. T. (ed.) (2006): *Celtic culture. A historical Encyclopedia*. Santa Barbara - Oxford: ABC-Clio.
- Koch, J. T. (2007): *An Atlas for Celtic Studies: Archaeology and Names in Ancient Europe and Early Medieval Ireland, Britain, and Brittany*. Oxford: Oxbow.
- Koch, J. T. (2009): *Tartessian: Celtic in the South-west at the Dawn of History*. Aberystwyth: Centre for advanced Welsh and Celtic studies.
- Koch, J. T. (2009b): “A Case for Tartessian as a Celtic Language”, *Palaeohispanica* 9, 339-351.
- Koch, J. T. (2013): “Las inscripciones del suroeste y el Tarteso de la arqueología y de la historia”, en J. M. Campos - J. Alvar (eds.), *Tarteso. El emporio del metal*. Córdoba: Almuzara, 541-558.
- Krahe, H. (1946): “Beiträge zur alteuropäischen Flussnamenforschung”, *Würzburger Jahrbücher für die Altertumswissenschaft* 1, 79-97.
- Krahe, H. (1962): “Die Struktur der alteuropäischen Hydronymie”, *Abhandlungen der Akademie der Wissenschaften und der Literatur zu Mainz* 5, 286-348.
- Krahe, H. (1964): *Unsere ältesten Flussnamen*. Wiesbaden: Harrassowitz.
- Krahe, H. (1964b): “Vom Illyrischen zum Alteuropäischen”, *IF* 69, 201-212.
- Krahe, H. (1970): *Einleitung in das vergleichende Sprachstudium*. Innsbruck: Institut für Sprachwissenschaft der Uni Innsbruck (edición posthuma de W. Meid).
- Kramer, J. (1997): “Bier in der Antike und in der Romania”, en A. Bollée - J. Kramer (eds.), *Latinitas et romanitas. FS H. D. Bork*. Bonn: Romanistischer Verlag, 195-214.
- Kremer, D. (2009): “Substratos prerromanos no léxico do noroeste peninsular”, *Onomástica galega II. Onimia e onomástica romana e a situación do noroeste peninsular*. Santiago de Compostela: USC, 283-297.
- Kümmel, M. J. (2016): “Addenda und Corrigenda zu LIV²”, <<http://www.martinkuemmel.de/liv2add.html>> (última consulta: 23.12.2018).
- Lakarra Andrinua, J. (1996): “Sobre el europeo antiguo y la reconstrucción del protovasco”, *ASJU* 30, 1-70.
- Lakarra Andrinua, J. (2013): “On Ancient European and the reconstruction of Proto-Basque”, en J. Udolph (ed.), *Europa Vasconica – Europa Semitica? Kristische Beiträge zur Frage nach dem baskischen und semitischen Substrat in Europa. Beiträge zur Lexikographie und Namenforschung*. Hamburg: Baar, 65-150.
- Lebel, M. P. (1933-1935): “Origines de quelques noms de rivières du Département de la Côte-D’or”, *Mémoires de la Comission des Antiquités de la Côte-D’or* 20, 396-421.

- Le Men, J. (2002): *Léxico del leonés actual*. León: Centro de Estudios e Investigación San Isidoro.
- Le Roux, P. (1985): “Procurateur affranchi in Hispania: Saturninus et l’activité minière”, *MM* 26, 218-233.
- Leumann, M. (1943): “Lateinische Cognomina auf -inus und -illa”, en *Sache, Ort und Wort. FS Jakob Jud.*. Xinebra: Droz - Zürich-Erlenbach: Rentsch, 150-172.
- Lewis, H. - Pedersen, H. (1974): *A Concise Comparative Celtic Grammar*. Göttingen: Vandenhoeck & Ruprecht.
- Lois Silva, S. (2007): “A antroponimia galaica: addenda et corrigenda”, en L. Méndez - G. Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega “Frei Martín Sarmiento”*. Santiago de Compostela: AGOn, 199-209.
- Lois Silva, S. (2007b): “Algunhas ideas a partir dun antropónimo de ara recentemente descuberta en Vigo”, en D. Kremer, *Onomástica galega*. Santiago de Compostela: USC, 75-98
- López Alsina, F. (2009): “Da protoparroquia ou parroquia antiga altomedieval á parroquia clásica en Galicia”, en F. García Pazos (coord.), *A parroquia en Galicia. Pasado, presente e futuro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 57-76.
- López Melero, R. - Stylow, A. U. (1995): “Una pena sepulcral en favor de la *res publica Aiungitanorum*”, *Espacio, Tiempo y Forma, Serie II, H. Antigua* 8, 219-253.
- Lorenzo, R. (2009): “Fenómenos fonéticos relacionados co substrato”, en D. Kremer (ed.), *Onomástica galega II. Onimia e onomástica romana e a situación do noroeste peninsular*. Santiago de Compostela: USC, 299-317.
- Lüdtke, H. (1986): “Explicación del doble resultado de los grupos CL-/PL-/FL- en la Península Ibérica”, *Lletres Asturianas* 21, 7-16.
- Mallory, J. - Adams, D. Q. (1997): *Encyclopedia of Indo-European culture*. London - Chicago: Fitzroy Dearborn Publishers.
- Mallory, J. - Adams, D. Q. (2006): *The Oxford Introduction to Proto-Indo-European and the Proto-Indo-European World*. Oxford: Oxford University Press.
- Mantel, E. - Dubois, St. - Devillers, S. (2006): “Une agglomération antique sort de l’anonymat (Eu, “Bois L’Abbé”, Seine- Maritime): Briga ressuscité”, *Revue archéologique de Picardie* 3-4, 31-50.
- Mariner Bigorra, S. (1989): “La romanización lingüística en Hispania”, en J. Martínez Pinna (ed.), *Estudios sobre la antigüedad en homenaje al Profesor Santiago Montero Diaz*. Madrid: Univ. Complutense, 333-343.
- Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

- Mariño Paz, R. (2008): *Historia de la lengua gallega*. Múnic: LINCOM Europa.
- Martínez Lema, P. (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soaneira e Xallas na documentación do tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Universidade de Santiago de Compostela, tese de doutoramento inédita.
- Matasović, R. (2009): *Etymological Dictionary of Proto-Celtic*. Leiden: Brill.
- McCone, K. (1991): “The inflection of OIr. *bó* ‘cow’ and the etymology of *buchet*”, *Ériu* 42, 37-44.
- McCone, K. (1996): *Towards a Relative Chronology of Ancient and Medieval Celtic Sound Change*. Maynooth: Department of Old Irish, St. Patrick’s College.
- Meid, W. (1989): *Archäologie und Sprachwissenschaft. Kritisches zu neueren Hypothesen der Ausbreitung der Indogermanen*. Innsbruck: Institut für Sprachwissenschaft der Uni Innsbruck.
- Meier-Brügger, M. (2012): *Indo-European Linguistics*. Berlín: de Gruyter.
- Meillet, A. (1920): *Aperçu d’une histoire de la langue grecque*. París: Hachette.
- Meiser, G. (1998): *Historische Laut- und Formenlehre der lateinischen Sprache*. Darmstadt: Wissenschaftliche Buchgesellschaft.
- Melchert, H. C. (1994): *Anatolian Historical Phonology*. Amsterdam - Atlanta: Rodopi.
- Melchert, H. C. (2015): “The Position of Anatolian”, en Garrett, A. - Weiss, M (eds.) *The Oxford Handbook of Indo-European Studies*. Oxford: Oxford University Press (en prensa)
- Menéndez Pidal, R. (1953): *Toponimia prerrománica hispana*. Madrid: Gredos.
- Meyer, K. (1912): “Zur keltischen Wortkunde 1”, *Sitzungsberichte der Preussischen Akademie der Wissenschaften zu Berlin*, 790-803.
- Monteagudo García, L. (1996): “La religiosidad callaica: estela funeraria romana de Mazarelas (Oza dos Ríos, A Coruña), cultos astrales, priscilianismo y outeiros”, *Anuario Brigantino* 19, 11-118
- Monteagudo García, L. (2003): “Menhires y marcos de Portugal y Galicia”, *Anuario Brigantino* 23, 25-50.
- Monteiro Teixeira, S. (2014): *Cultos e cultuantes no Sul do território actualmente português em época romana (sécs. I a. C. – III d. C.)*. Universidade de Lisboa, tese de doutoramento inédita.
- Moralejo Álvarez, J. J. (1999): “Lenguas paleohispánicas”, en *Os Celtas da Europa Atlántica. Actas do Iº Congreso Galego sobre a Cultura Celta*. Ferrol: Concello de Ferrol, 17-45.
- Moralejo Álvarez, J. J. (2005): “Hidrónimos galaicos con sufixo *-antia*”, *Palaeohispanica* 5, 837-860.

- Moralejo Álvarez, J. J. (2008): *Callaica Nomina. Estudios de onomástica gallega*. A Coruña: Barrié.
- Moralejo Álvarez, J. J. (2009a): “Hidronimia prerromana de Gallaecia”, en D. Kremer (ed.), *Onomástica galega II. Onimia e onomástica romana e a situación do noroeste peninsular*. Santiago de Compostela: USC, 37-90.
- Moralejo Álvarez, J. J. (2009b): “Toponimia de las vías romanas de Galicia”, *Palaeohispanica* 9, 189-202
- Moralejo Álvarez, J. J. (2010a): “Topónimos célticos en Galicia”, *Palaeohispanica* 10, 99-111.
- Moralejo Álvarez, J. J. (2010b): “Documentación medieval galaica: topónimos en -bre”, en F. Cortés Gabaudan - J.V. Méndez Dosuna (eds.), *Dic mihi, musa, virum: homenaje al profesor Antonio López Eire*. Salamanca: USAL, 473-480.
- Moralejo Laso, A. (1977): *Toponimia Gallega y Leonesa*. Santiago: Pico Sacro.
- Moralejo Laso, A. (1978): “Ojeada a los topónimos hispánicos y especialmente a los gallegos de origen prelatino de J. Corominas”, *Verba* 5, 13-24.
- Moran, J. - Martí i Castell, J. (2004): *Estudis d'història de la llengua catalana*. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat.
- Moreira, D. A. (2002): “Alguns aspectos metodológicos no estudo da hidronimia portuguesa”, en *I Congresso sobre a Diocese do Porto. Tempo, lugares de memória: Homenagem a D. Domingos de Pinho Brandão*. Porto: Faculdade de Letras da Univ. Porto.
- Müller, W. (2001): “Le toponym bas-valaisan Vouvry”, en *Vallesia: Bulletin Annuel de la Bibliothèque et des Archives Cantonales du Valais, des Musées de Valère et de la Majorie*, 343-389.
- Navarro Caballero, M. - Ramírez Sádaba, J. L. (2003): *Atlas antroponímico de la Lusitania romana*. Mérida - Burdeos: Fundación de Estudios Romanos – Ausonius.
- Navaza Blanco, G. (2009): “Toponimia prelatina na documentación medieval de Galicia” en D. Kremer (ed.), *Onomástica galega II. Onimia e onomástica romana e a situación do noroeste peninsular*. Santiago de Compostela: USC, 215-226.
- Navaza Blanco, G. (2009b): “Parroquias e toponimia”, en F. García Pazos (coord.), *A parroquia en Galicia. Pasado, presente e futuro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 180-201.
- Navaza Blanco, G. (2016): “A orixe literaria do nome da Coruña”, *Revista Galega de Filoloxía* 17, 119-164.
- Nègre, E. (1990): *Toponymie générale de la France*. Ginebra, Droz.
- Nelson, M. (2001): *Beer in Greco-Roman Antiquity*. Univ. de British Columbia.

- Neumann, G. (1983): “Die Sprachverhältnisse in den germanischen Provinzen des Römischen Reiches”, *ANRW* 29.2., 1061-1088.
- Neumann, G. (2001): “Matronen”, *Reallexikon der Germanischen Altertumskunde* 19. Berlin - Nova York: de Gruyter, 438-440.
- Neumann, G. (2003): “Germanische Göttinnen in lateinischen Texten”, *Namenkundliche Informationen* 83/84, 41-54.
- Neumann, G. - Bauchhens, G. (1987): *Matronen und verwandte Gottheiten*. Colonia: Rheinland-Verlag.
- Nicolaisen, W. F. H. (1990): “Aberdeen: a toponymic key to the region”, *Northern studies* 27, 50-63
- Nicolaisen, W. F. H. (1996): *The Picts and their place names*. Rosemarkie: Groam House Museum.
- Niedermann, M. (1954): “-īnus als Diminutivsuffix im späteren Volkslatein”, en *Sprachgeschichte und Wortbedeutung. FS Albert Debrunner*. Berna: Francke, 329-342.
- Nussbaum, A. (1997): “The ‘Saussure effect’ in latin and italic”, en A. Lubotsky (ed.), *Sound Law and Analogy. Papers in honor of Robert S.P. Beekes on the occasion of his 60th birthday*. Amsterdam – Atlanta: Rodopi, 181-203.
- Olivares Pedreño, J. C. (2000): “Los dioses indígenas en el Noroeste de Portugal”, *Conimbriga* 39, 53-84.
- Olivares Pedreño, J. C. (2000-2001): “Teónimos y fronteras étnicas: los Lusitani”, *Lucentum* 19-20, 245-256.
- Olivares Pedreño, J. C. (2002): *Los dioses de la Hispania céltica*. Madrid: RAH - Univ. De Alicante.
- Oliveira Berardo, J. de (1857): *Memórias sobre algumas inscrições encontradas no distrito de Viseu*. Lisboa.
- Pensado Tomé, J. L. (1999): *Estudios asturianos*. Oviedo: Academia de la Llingua Asturiana.
- Pereira Menaut, G. (2005): “Nuevas perspectivas sobre la vida en los castros galai-co-romanos”, *Veleia* 22, 121-128.
- Pereira Menaut, G. (2015): “La revolución del paisaje de Gallaecia en presencia del catalizador romano”, en G. Pereira Menaut – E. Portela Silva (eds.), *El territorio en la historia de Galicia. Organización y control. Siglos I-XXI*. Santiago de Compostela: USC, 15-35.
- Piel, J. M. (1931): “Da evolução dos grupos consonânticos com L em português e espanhol, a propósito de duas etimologias <cocha> e <cascho>”, *Biblos* 7, 512-521.

- Piel, J. M. (1947): “Nomes de lugar referentes ao relevo e ao aspecto geral do solo”, *Revista Portuguesa de Filologia* 1, 153-198.
- Piel, J. M. (1947b): “Nomes de “possessores” latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa”, *Biblos* 23 283-407.
- Piel, J. M. - Kremer, D. (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.
- Pirson, J. (1901): *La langue des inscriptions latines de la Gaule*. Bruselas: Publications de la Faculté de Philosophie et Lettres de l'Université de Liège.
- Piso, I. - Rusu, A. (1990): “Nymphaeum-ul de la Germisara”, *Revista monumentelor istorice* 59, 9-17.
- Pitz, M. - Puhl, R. (2008): “Trisgodros = Triguères (Loiret)? Pour une nouvelle localisation d'une villa publica énigmatique mentionnée dans une charte de Pépin le Bref”, *Nouvelle revue d'onomastique* 49-50, 55-81.
- Pliego, R. - Correa, J. A. (2006): “Aportación al estudio de varias cecas visigodas”, *Numisma* 250, 489-505.
- Ploneis, J.-M. (2013): *Noms de lieux celtiques de Bretagne et d'ailleurs*. Paris: Éd. du Felin.
- Pokorny, J. (1950): “Reseña a J. U. Hubschmied, Bezeichnungen von Göttern und Dämonen als Flußnamen”, *Zeitschrift für romanische Philologie* 66, 430-446.
- Pokorny, J. (1959-1969): *Indogermanisches etymologisches Wörterbuch*. Berna: Francke.
- Prósper, B. (2004): “Varia palaeohispanica occidentalia. I. Lusitano TAVROM IFA-DEM. II. Origen del topónimo galaico Glandómiron. III. Indoeuropeo *kor-(y) o- ‘ejército’ en Hispania. IV. Un superlativo hispano-celta *kintúsamos y una cuestión de acento”, *Palaeohispanica* 4, 169-94.
- Raulwing, P. (2000): *Horses, Chariots and Indo-Europeans*. Budapest: Archaeolingua.
- Redentor, A. (2002): *Epigrafia Romana da região de Bragança*. Lisboa: Instituto Português de Arqueologia.
- Rhys, J. (1882): *Celtic Britain*. Londres: Society for Promoting Christian Knowledge.
- Rhys, G. (2015) *Approaching the Pictish language: historiography, early evidence and the question of Pritenic*. Universidade de Glasgow, tesis doctoral inédita.
- Riesco Chueca, P. (2013): “Testimonios toponímicos del léxico arcaico de las provincias leonesas”, *Anuario del Instituto de Estudios Zamoranos Florian de Ocampo* 28, 135-216.

- Rivas Fernández, J.C. (1973): “Nuevas aras orensanas y rectificaciones interpretativas en torno a otros epígrafes galaico-romanos ya conocidos”, *BAur.* 3, 57-96.
- Rivas Quintas, E. (1982): *Toponimia de Marín*. Santiago: USC.
- Rivas Quintas, E. (1994): *Lingua galega, nivéis primitivos*. Santiago: Laivento.
- Rivet, A.L.F. - Smith, C. (1979): *The place-names of roman Britain*. Nova Jersey: Princeton University.
- Rix, H. (ed.) (2001): *Lexikon der indogermanischen Verben*. Wiesbaden: Ludwig Reichert.
- Rodríguez Colmenero, A. (2013): “Una dedicatoria a COHVE PROBONONO en Alto Xestoso (Monfero, A Coruña)”, *Anuario Brigantino* 36, pp. 75-78.
- Rodríguez Colmenero, A. - Cunha, A. (2010): “Ara de Vila Verde (Braga)”, *Larouco* 5, 231.
- Ruivo, J. (2005): “A presença romana na região Oeste na perspectiva dos tesouros monetários”, *Actas do Congresso A presença romana na região Oeste*. Bombarral: Câmara municipal, 135-147
- Ruiz de Loizaga, S. (1994): “Toponimia mayor y menor del occidente de Álava en la Alta Edad Media”, *Sancho el Sabio* 4, 247-284.
- Russell Cortez, F. (1953): “A localização da cunhagem de Aliobrio”, *Nummus* 1, 167-170.
- Sá Coixão, A. N - Encarnação, J. de (2014): “Inscrição votiva de Longroiva (*Conventus Scallabitanus*)”, *FE* 489.
- Salvado, P. - Rosa, J. M. - Guerra, A. (2004): “Um monumento votivo a Arância e Arâncio, proveniente de Castelejo (concelho do Fundão)”, *Revista portuguesa de arqueologia* 7, 217-236.
- Santos Yanguas, J. (2009): “De nuevo sobre los castella: naturaleza, territorio e integración en la civitas”, en D. Kremer (ed.), *Onomástica galega II. Onimia e onomástica romana e a situación do noroeste peninsular*. Santiago de Compostela: USC, 169-184.
- Sayas Abengoechea, J. J. (1985): “Algunas consideraciones sobre la cristianización de los vascones”, *Príncipe de Viana* 46, 34-55.
- Schmid, W. P. (1972): “Baltische Gewässernamen und das vorgeschichtliche Europa”, *IF* 77 1-18.
- Schmid, W. P. (1977): “Reseña de A. Tovar, Krahes alteuropäische Hydronymie und die westindogermanischen Sprachen”, *IF* 82, 314-317.
- Schmid, W. P. (1981): “Die alteuropäische Hydronymie. Stand und Aufgaben ihrer Forschung”, *BzNf* 16, 1-12.

- Schmitt, R. (1977): *Einführung in die griechischen Dialekte*. Darmstadt: Wissenschaftliche Buchgesellschaft.
- Schrijver, P. (1991): *The Reflexes of the Proto-Indo-European Laryngeals in Latin*. Amsterdam - Atlanta, Rodopi.
- Schrijver, P. (1995): *Studies in British Celtic Historical Phonology*. Amsterdam - Atlanta: Rodopi.
- Schuermans, H. (1867): *Sigles figulins (époque romaine)*. Bruselas: Muquardt.
- Schulze, W. (1904): *Zur Geschichte lateinischer Eigennamen*. Göttingen: Vandenhoeck & Ruprecht.
- Schwyzler, E. (1939): *Griechische Grammatik*. Munich: Beck.
- Sevilla Rodríguez, M. (1981): “Los hidrónimos Porma / Puerma”, *Archivum* 31-32, 689-693
- Sevilla Rodríguez, M. (1984): *La toponimia asturiana de origen indoeuropeo prelatino*. Oviedo: Principado de Asturias Consejería de Educación y Cultura.
- Sihler, A. L. (1995): *New Comparative Grammar of Greek and Latin*. Oxford: Oxford University Press.
- Silva, A. M. (2010): “Ocupação da época romana na cidade do Porto. Ponto de situação e perspectivas de pesquisa”, *Gallaecia* 29, 213-262.
- Silveira, J. da (1914): “Toponimia portuguesa”, *Revista Lusitana* 17, 114-134.
- Smith, C. (1983): “Vulgar Latin in Roman Britain: Epigraphic and other Evidence”, *ANRW* 2.29.2, 893-948.
- Snyder, W. H. (1965): “Zur ältesten Namensschicht der rechten Nebenflüsse der Donau (von der Quelle bis zur Einmündung des Inns)”, *BzNf* 16, 176-203.
- Stotz, P. (1996): *Handbuch zur lateinischen Sprache des Mittelalters: Lautlehre III*. Munich: Beck.
- Strobel, K. (2007): “Die Galater und Galatien: Historische Identität und ethnische Tradition im Imperium Romanum”, *Klio* 89, 356-402. <<https://doi.org/10.1524/klio.2007.89.2.356>>
- Terés, E. (1992): “Antroponimia Hispanoárabe (reflejada por las fuentes latino-romances) (Parte final)”, *Anaquel de Estudios Árabes* 3, 11-35.
- Thomas, A. (1893): “Les noms de rivières et la déclinaison féminine d’origine germanique”, *Romania* 22, 489-503.
- Tichy, E. (2006): *A Survey of Proto-Indo-European*. Bremen: Hempen.
- Tovar, A. (1966-1967): “L’inscription du Cabeço das Fraguas et la langue des Lusitaniens”, *Études Celtiques* 11, 237-268.
- Tovar, A. (1972): “Un obispo con nombre británico y los orígenes de la diócesis de Mondoñedo”, *Habis* 3, 155-158.

- Tovar, A. (1974-1989): *Iberische Landeskunde. Zweiter Teil. Die Völker und die Städte des antiken Hispanien*, 3 vols.: *Bética* (1974), *Lusitania* (1976), *Tarracoenense* (1989, póstuma). Baden-Baden: Koerner.
- Tovar, A. (1985): “La inscripción del Cabeço das Fráguas y la lengua de los lusitanos”, en: J. de Hoz (ed.), *Actas del III Coloquio sobre Lenguas y culturas paleohispánicas*. Salamanca; USAL, 227-253.
- Tranoy, A. (1977): “À propos des Gallaeci de Pline. Epigraphie et peuplement”, *BA* 31, 225-233.
- Tranoy, A. (1981): *La Galice romaine. Recherches sur le nord-ouest de la péninsule ibérique dans l'Antiquité*. Paris: De Boccard.
- Turull, A. (2011): “Una caracterización de la toponimia pirenaica catalana”, en A. Sagarra - J. Lakarra - P. Salaberri (eds.), *Pirinioetako hizkuntzak: lehena eta oraina*. Bilbao: Euskaltzaindia, 1073-1106.
- Ubieto Arteta, A. (1980): “Inmigración medieval de lusitanos al Altoaragón”, *Argensola* 90, 249-259.
- Uhlich, J. (1999): “Zur sprachlichen Einordnung des Lepontischen”, en St. Zimmer *et al.* (eds.) *Akten des zweiten deutschen Keltologensymposiums*. Tübingen: Niemeyer, 277-304.
- Uhlich, J. (2007): “More on the linguistic classification of Lepontic”, en P.-Y. Lambert - G.-J. Pinault (eds.), *Gaulois et celtique continental*. Ginebra: Droz, 373-411.
- Untermann, J. (1959): “Namenlandschaften im alten Oberitalien”, *BzNf* 10, 74-108, 121-159.
- Untermann, J. (1961): *Sprachräume und Sprachbewegungen im vorrömischen Hispanien*, Wiesbaden: Otto Harrassowitz.
- Untermann, J. (1962): “Áreas e movimentos linguísticos na Hispânia pré-romana”, *Revista de Guimarães* 72, 5-61.
- Untermann, J. (1965): *Elementos de un atlas antroponímico de la Hispania antigua*. Madrid: CSIC.
- Untermann, J. (1983): “Die althispanischen Sprachen”, en W. Haase (ed.), *ANRW* 29.2, 791-818.
- Untermann, J. (1983b): “Indogermanische Restsprachen als Gegenstand der Indogermanistik”, en E. Vineis (ed.), *Le lingue indoeuropee di frammentaria attestazione. Die indogermanischen Restsprachen. Atti del Convegno della Società Italiana di Glottologia e della Indogermanische Gesellschaft*, Pisa, 11-28.
- Untermann, J. (1984): “Los celtiberos y sus vecinos occidentales”, *Lletres Asturianas* 13, 6-26.

- Untermann, J. (1985): “Ursprache und historische Realität. Der Beitrag der Indogermanistik zu Fragen der Ethnogenese”, en *Studien zur Ethnogenese*. Opladen: Westdeutscher Verlag, 133-164.
- Untermann, J. (1985-1986): “Lusitanisch, Keltiberisch, Keltisch”, *Veleia* 2-3, 57-76.
- Untermann, J. (1986): “Los teónimos de la región lusitano-gallega como fuente de las lenguas indígenas”, en J. de Hoz (ed), *Actas del III Coloquio sobre Lenguas y Culturas Paleohispánicas*. Salamanca: USAL, 343-364.
- Untermann, J. (1989): “Sprachvergleichung und Sprachidentität: methodische Fragen im Zwischenfeld von Keltisch und Germanisch” en Heinrich Beck (ed.), *Germanische Rest- und Trümmersprachen*. Berlin-Nova York: de Gruyter, 211-239.
- Untermann, J. (1989b): “Zu den Begriffen Restsprache und Trümmersprache”, en Heinrich Beck (ed.), *Germanische Rest- und Trümmersprachen*. Berlin-Nova York: de Gruyter, 15-19.
- Untermann, J. (1992): “Los etnónimos de la Hispania Antigua y las lenguas prerromanas de la Península Ibérica”, *Complutum* 2-3, 19-34.
- Untermann, J. (1993): “Anotaciones al estudio de las lenguas prerromanas del Noroeste de la Península Ibérica”, en *Galicia: da romanidade á xermanización*. Santiago de Compostela: USC, 367-397.
- Untermann, J. (1995): “Zum Stand der Deutung der ‘tartessischen’ Inschriften”, en: J. F. Eska et al. (eds.), *Hispano-Gallo-Brittonica: Essays in Honour of Professor D. Ellis Evans on the Occasion of his Sixty-Fifth Birthday*. Cardiff: University of Wales, 244-259.
- Untermann, J. (1996): “La frontera entre las lenguas ibérica y celtibérica en las provincias actuales de Zaragoza y Teruel”, en *Homenaje a Purificación Atrián*. Teruel: IET- Museo Provincial de Teruel, 177-190.
- Untermann, J. (1997): *Monumenta linguarum Hispanicarum IV. Die tartessischen, keltiberischen und lusitanischen Inschriften*. Wiesbaden: Reichert.
- Untermann, J. (1999): “Alteuropäisch in Hispanien”, en J. Becker et al. (eds.) *Flori-legium linguisticum. FS für W. P. Schmid*. Frankfurt/Main: Peter Lang, 509-518.
- Untermann, J. (2001): “La toponimia antigua como fuente de las lenguas hispano-celtas”, *Palaeohispanica* 1, 187-218.
- Untermann, J. (2003): “Los vecinos de la lengua ibérica: galos, ligures, tartesios, vascones”, *Memoria de los Seminarios de Filología e Historia*. Madrid: CSIC, 9-45.
- Untermann, J. (2004): “Célticos y Túrdulos”, *Palaeohispanica* 4, 199-214.

- Untermann, J. (2004b): “Kelten und Celtici in Hispanien: Alte und neue Missverständnisse” en A. I. Boullón Agrelo (ed.), *Novi te ex nomine. Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 475-485
- Untermann, J. (2007): “Griegos, romanos y ‘bárbaros’ en la toponimia paleohispánica”, en L. Méndez - G. Navaza (ed.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega Frei Martín Sarmiento*. Santiago de Compostela: AGOn, 815-830.
- Untermann, J. (2007b): “Topónimos y apelativos de la lengua lusitano-galaica”, en D. Kremer (ed.), *Onomástica galega*. Santiago de Compostela: USAL, 57-73
- Untermann, J. (2009): “Galicia y Celtiberia. Rasgos comunes y diferentes”, en D. Kremer (ed.), *Onomástica galega II. Onimia e onomástica romana e a situación do noroeste peninsular*. Santiago de Compostela: USC, 185-198.
- Untermann, J. (2009b): “Antiguo europeo en Hispania”, *Estudios de lenguas y epigrafía antiguas* 9, 461-474.
- Untermann, J. (2009c): “Zur Problematik der alteuropäischen Hydronymie: Hispanien und Italien”, *BzNf* 44, 1-34.
- Untermann, J. (2010): “Las divinidades del Cabeço das Fráguas y la gramática de la lengua lusitana”, *Iberografías* 6, 81-88.
- Untermann, J. (2010b): “La aportación de la toponimia a la defición de las lenguas ibérica y tartesia”, en G. Carrasco Serrano – J. C. Oliva Mompeán (ed.), *El Mediterráneo antiguo, lenguas y escrituras*. Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 333-360.
- Untermann, J. (2018): *Die vorrömische einheimische Toponymie des antiken Hispanien. Monumenta Linguarum Hispanicarum. Band VI*. Wiesbaden: Reichert.
- Vallejo Ruiz, J. M. (2005): *Antroponimia indígena de la Lusitania romana*. Vitoria: UPV.
- Vallejo Ruiz, J. M. (2005b): “La composición en la antroponimia antigua de la Península Ibérica”, *Palaeohispanica* 5, 99-136.
- Vallejo Ruiz, J. M. (2006): “Reseña a M.^a del Rosario Hernando Sobrino, *Epigrafía romana de Ávila*”, *Veleia* 23, 440-442.
- Vallejo Ruiz, J. M. (2009): “Intentos de definición de un área antroponímica galai-ca”, en D. Kremer (ed.), *Onomástica galega II. Onimia e onomástica romana e a situación do noroeste peninsular*. Santiago de Compostela: USC, 227-262.
- Vallejo Ruiz, J. M. (2009b): Viejas y nuevas cuestiones de lengua en el occidente peninsular.: el lusitano y la onomástica, *Palaeohispanica* 9, 271-289.

- Valverde Castro, M. del R. (2011): “La Monarquía visigoda en Valerio del Bierzo”, *Edad Media. Rev. Hist.* 12, 281-300.
- van Beek, L. (2011): “The ‘Saussure effect’ in greek: a reinterpretation of the evidence”, *JIES* 39, 129-175.
- Vasconcelos, J. L. de (1905): *Religiões da Lusitânia II*. Lisboa: Imprensa Nacional.
- Vasconcelos, J. L. de (1921-1922): “Inscrição romana de Santa Comba (Paredes)”, *AP* 25, 248-249.
- Vasconcelos, J. L. de (1926): *Lições de filologia portuguesa*. Lisboa: Biblioteca Nacional.
- Vasconcelos, J. L. de (1931): “Miudezas toponímicas”, *Opusculos III. Onomatologia*. Coimbra: Imprensa da Universidade, 311-471.
- Vaz, J. L. I. (1989): “Divindades indígenas na inscrição de Lamas de Moledo (Castro Daire-Portugal)”, *Beira Alta* 47, 345-358.
- Velaza, J. (2006): “Lengua vs. Cultura material: el (viejo) problema de la lengua indígena de Catalunya”, *Arqueo Mediterrània* 9, 273-287
- Vendryes, J. (desde 1959): *Lexique étymologique de l'irlandais ancien*, Dublin - Paris: Dublin Institut for Advanced Studies – Centre National de la Recherche Scientifique.
- Vipard, P. (1990): “Le millière de Sainte-Mère-Eglise et lo problème de la localisation de Crouciatonnum”, *Annales de Normandie* 40, 247-262.
- Villar Liébana, F. (1995): *Estudios de celtibérico y de toponimia prerromana*. Salamanca: USAL.
- Villar Liébana, F. - Pedrero, R. (2001): “La nueva inscripción lusitana: Arroyo de la Luz III”, en F. Villar - P. Fernández (eds.), *Religión, lengua y cultura prerromanas de Hispania*. Salamanca: USAL, 663-698.
- Villar Liébana, F. - Pedrero, R. (2001b): “Arroyo de la Luz III”, *Palaeohispanica* 1, 235-274.
- Walde, A. - Hofmann, J. B. (1938-1954): *Lateinisches etymologisches Wörterbuch*. Heidelberg: Winter.
- Weiss, M. (2009): *Outline of the Historical and Comparative Grammar of Latin*. <<http://ohcgl.blogspot.com>>
- Wodtko, D. S. (2003): *An Outline of Celtiberian Grammar*. <<https://www.freidok.uni-freiburg.de/fedora/objects/freidok:747/datastreams/FILE1/content>>
- Wodtko, D. S. (2009): “Language contact in Lusitania”, *International Journal of Diachronic Linguistics and Linguistic Reconstruction* 6, 1-48.
- Wodtko, D. S. (2010): “The Problem of Lusitanian” en B. Cunliffe – J. T. Koch, *Celtic from the West*. Oxford: Oxbow Books, 335-367.

- Wodtko, D. S. (2017): *Lusitanian. Language, Writing, Epigraphy*. Zaragoza: Univ. de Zaragoza.
- Wodtko, D. S. - Irslinger, B. - Schneider, C. (2008): *Nomina im indogermanischen Lexikon*. Heidelberg: Winter.
- Yamazaki, Y. (2009): “The Saussure Effect in Lithuanian”, *JIES* 37, 430-461.
- Zair, N. (2012): *The Reflexes of the Proto-Indo-European Laryngeals in Celtic*. Leiden- Boston: Brill.
- Zamora Vicente, A. (1952): “La frontera de la geada”, en *Homenaje a Fritz Krüger* I. Mendoza: Universidad de Cuyo, 56-72.
- Ziegler, S. (1994): *Die Sprache der altirischen Ogam-Inschriften*. Göttingen, Vandenhoeck & Ruprecht.

